

**Pablo Sánchez Vidal**

***Os idiomas do  
estado español***

***Un enfoque  
sociolingüístico***

***Verba***  
***Anexo 77***

**2018**

PABLO SÁNCHEZ VIDAL

# Os idiomas do estado español

Un enfoque sociolingüístico

**Verba**  
Anexo 77

2018  
Universidade de Santiago de Compostela



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2018

**Edita**

Servizo de Publicacións  
e Intercambio Científico  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[www.usc.es/publicacions](http://www.usc.es/publicacions)

**DOI** <https://dx.doi.org/10.15304/9788416954834>

**ISSN** 2341-1198

**ISBN** 978-84-16954-83-4

*IN MEMORIAM*  
*Óscar Sánchez Vidal*



# ÍNDICE

<b>1. Introducción</b> .....	7
1.1. Obxectivo do traballo, estrutura e límites cronolóxicos .....	7
1.2. O marco teórico e metodolóxico .....	10
1.3. A emerxencia do enfoque «crítico»: nota historiográfica .....	22
1.4. A sociolingüística crítica .....	40
<b>2. Unha primeira achega aos criterios lingüísticos tradicionais</b> .....	57
<b>3. Os criterios primarios</b> .....	69
3.1. O criterio lingüístico-estrutural .....	69
3.2. O criteiro da intelixibilidade mutua .....	105
3.3. O criterio histórico-xenético .....	116
<b>4. Os criterios secundarios</b> .....	174
4.1. O criterio da escritura .....	174
4.2. O criterio normativo .....	189
4.2.1. Os problemas das linguas grandes .....	189
4.2.2. A cohesión e uniformidade lingüística nas variedades lingüísticas vernáculas .....	204
4.2.3. A ecuación «unha lingua, unha variedade estándar» como un enfoque ideolóxico dirixido .....	227
4.3. O criterio da tradición literaria .....	234
<b>5. Os criterios ocasionais</b> .....	239
5.1. O criterio político .....	239
5.2. O criterio demolingüístico .....	268
<b>6. Conclusións</b> .....	280
<b>7. Bibliografía</b> .....	295



# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1 Obxectivo do traballo, estrutura e límites cronolóxicos

Este traballo ten un obxectivo primordial: facer visible o substrato ideolóxico oculto baixo o discurso ((meta)lingüístico)<sup>1</sup> producido por un sector da denominada comunmente escola filolóxica española<sup>2</sup> entre 1961 e a actualidade verbo da cuestión lingua-dialecto no contexto sociopolítico do estado español.

Vaia por diante, pois, a seguinte advertencia. Este estudo non aborda a cuestión do número de linguas e dialectos do estado español. Tampouco intenta determinar se este (p.e. o leonés) ou aqueloutro idioma (p.e. o aragonés) deste mesmo estado é lingua ou dialecto. Malia que unha e outra cuestión xurdan ocasionalmente ao longo desta investigación, en puridade, esta monografía desexa responder esta pregunta: por que a EFE unicamente outorgou a categoría inequívoca de lingua ao seu propio idioma? Por outras palabras, por que a antedita escola da historia da lingüística española puxo en dúbida a condición de lingua de todos os idiomas do estado español agás do castelán? Formulada así ou de calquera outro xeito esta cuestión central, non hai dúbida de que unha resposta cabal esixe unha análise rigorosa tanto das causas de semellante proceder como do discurso académico desenvolvido con tal propósito. Velaí, o obxectivo último deste traballo.

Por súa vez, no que toca a súa estrutura, esta investigación segue un esquema clásico con tres bloques temáticos ben diferenciados: introdución, núcleo e conclusión. No primeiro deles (o capítulo inicial), recollemos os principios teóricos e metodolóxicos en que se enmarca esta monografía. No segundo (os capítulos dous, tres, catro e cinco), exploramos os criterios lingüísticos e extralingüísticos tradicionalmente empregados pola EFE na individualización de linguas conforme á seguinte secuencia expositiva: breve presentación do

---

<sup>1</sup> Dado que o termo *discurso* abrangue significados ben diferentes, de acordo con Cook (2011: 431), Cooke e Simpson (2012: 116), Watts (2012: 587) e Wodak (2011: 51), empregamos aquí este termo no sentido de conxunto de *textos* orais e escritos que, dentro dunha unidade temática (p.e. a lingüística), promoven unha *ideoloxía* (non só lingüística) concreta.

<sup>2</sup> Nesta investigación, este e outros epígrafes equivalentes (cando menos, escola filolóxica madrileña e escola española de filoloxía), inclúen, exclusivamente, ao grupo de lingüistas españois cuxa metodoloxía de traballo e conclusións finais verbo dos idiomas do estado español ficaron subordinados, consciente ou inconscientemente, ao prexuízo ideolóxico do castelanismo lingüístico orixinado na obra do insigne filólogo D. Ramón Menéndez Pidal. Entre os integrantes desta escola, os historiógrafos (p.e. Rodríguez Alonso 2004: 8) adoitan citar nomes como Amado Alonso, Américo Castro, Dámaso Alonso, Rafael Lapesa, etc., e, máis recentemente, Alvar, Gregorio Salvador, Lodaes, Quilis, Alarcos Llorach, Jon Juaristi, etc. En diante, este grupo de lingüistas será designado como EFE.



principio en cuestión, descrición das aporías detectadas nese mesmo criterio pola tradición sociolingüística e revisión crítica do amentado principio. Por último (no capítulo sexto), presentamos as nosas conclusións finais.

Xa que logo, así como as pouco máis de corenta páxinas iniciais presentan o marco teórico e metodolóxico desta obra baixo a forma dunha panorámica de conxunto da revisión interna en que anda inmersa a ciencia sociolingüística nestas últimas décadas, as, aproximadamente, seguintes 170 páxinas previas ás conclusións recollen o groso desta investigación. Precisamente, ao longo desta parte central da obra destapamos tanto a ideoloxía lingüística estándar subxacente ao labor individualización de linguas executado pola EFE sobre o conxunto de idiomas do estado español como o conxunto de estratexias lingüístico-discursivas con que estes mesmos investigadores agocharon o seu enfoque ideolóxico da realidade lingüística de España baixo a aparencia dun discurso ((meta)lingüístico) exclusivamente científico, técnico, obxectivo e neutral.

Agora ben, dada a inabordable amplitude da bibliografía pasiva (*corpus*) relacionada co bloque temático central deste traballo, por obvias razóns de orde práctica, centraremos o noso foco de atención no monte de textos producido pola EFE con vocación explícita de rigor científico e, xa que logo, sobre o discurso académico dado a lume nas chamadas publicacións especializadas (revistas, monografías, dicionarios de lingüística, gramáticas, manuais universitarios, etc.) para consumo de lingüistas e persoas aíns (profesores, editores, académicos, etc.). Deste xeito, agás referencias puntuais de significado interese, ficarán fóra do noso obxecto de estudo os textos de carácter divulgativo dados a coñecer a través dos denominados medios de comunicación de masas (prensa diaria, revistas de divulgación, etc.), fosen estes, ou non, da autoría de especialistas na materia.

Así mesmo, se ben é evidente que o rigor científico esixe que sexamos extraordinariamente escrupulosos na documentación bibliográfica da nosa análise crítica verbo da sempre polémica clasificación da diversidade lingüística do estado español nas categorías tradicionais de lingua e dialecto, co ánimo de construír un texto de ton ensaístico cuxa lectura puidese agradar non só a un lector especializado, optamos por descargar o noso traballo de todas cantas citas e referencias bibliográficas non consideremos estritamente necesarias para os nosos obxectivos. Talmente, por moito que puidésemos acompañar cada unha das nosas referencias bibliográficas respecto da EFE ou da historia da (socio)lingüística con outras moitas indicacións similares, polo xeral, cinguirémonos a aquelas que xulgamos máis ilustrativas verbo do tema en cuestión.

Chegados a este punto da nosa introdución, cómpre que fixemos a seguir os límites cronolóxicos da nosa investigación. A respecto disto, convén aclarar que, se ben os pronunciamentos públicos sobre a antinomia lingua-dialecto no contexto do estado español se remontan, cando menos, á segunda metade do século XIX (p.e. Monteagudo 2013, Villa 2013: 93), esta investigación non recuará no tempo máis alá do ano 1961. Ao noso xuízo, a publicación nesa data do artigo do lingüista español Manuel Alvar (1961): «Hacia los conceptos de lengua, dialecto y hablas»; marcou un «antes» e un «despois» tanto no xeito de argumentar da EFE verbo das chamadas «linguas de España» como na súa actividade taxonómica verbo do conxunto destes idiomas.

Sen entrarmos en máis miudezas, seleccionamos a devandita data como punto de arrinque temporal do noso estudo porque, no noso parecer, o mencionado artigo fixou o canon metodolóxico a seguir tanto á hora de discriminar entre linguas e dialectos no ámbito da EFE como nos argumentos de lexitimación desa mesma actividade taxonómica. Precisamente, en xustificación do rol de «modelo a seguir» que aquí lle estamos a atribuír ao devandito traballo, cómpre que teñamos presentes tres feitos ben significativos.

En primeiro lugar, debemos lembrar que foi o propio Alvar (1990: 13) quen, contra principios da década de 1990, deixou constancia explícita da coincidencia entre os lingüistas da devandita escola e círculos afíns (p.e. os manuais de lingüística, textos escolares, programas universitarios, temarios de oposición, etc.)<sup>3</sup> na autoridade da súa definición orixinal de lingua e dialecto desde había xa algúns anos.

En segundo lugar, non podemos pasar por alto que non poucos dos lingüistas españois, ao reflexionaren sobre o asunto das «linguas de España», de xeito explícito<sup>4</sup> ou implícito<sup>5</sup>, tomaron as definicións de lingua e dialecto de Alvar como punto de partida (ou, se queremos, como «argumento de autoridade») das súas reflexións persoais posteriores<sup>6</sup>.

<sup>3</sup> Estas foron as palabras exactas de Alvar (1990: 13): «Lo que hace muchos años definí como lengua y dialecto, es lo que ha venido aceptándose en muchas partes, incluso en el efímero y anónimo prestigio de los manuales escolares o en los programas de oposición».

<sup>4</sup> Por exemplo, Buesa (1980: 26-50), De Bustos (2013: 25, 37), De Cos (2010: 2), Díez, Morales e Sabin (1977: 28-29), Gimeno (2003/2004: 1278), Lamíquiz (1987: 75), Mendivil (2003/2004: 1444, 2007: 20, 2008), Moreno Fernández (1998: 88), Morgenthaler (2008: 173), Quilis, Hernández e Concha (1971: 184) e Salvador Plans (2014: 133).

<sup>5</sup> Por exemplo, Areta (2008: 229), Bosque, Martínez, Muñoz, Rodríguez, Sarrión e Ynduráin (2004: 193-195), Cerdà, Muñoz, López e Lloret (1986), González Salgado (2009: 350), Martín (1994: 342), Narbona (2013: 147), Seco (1972) e Salvador (1986a, 1986b, 1987: 93).

<sup>6</sup> Para que teñamos constancia de en que medida o pensamento lingüístico de Alvar conserva a súa ascendencia entre os lingüistas actuais, traemos a colación estas palabras tiradas do manual de *Lingua Galega* de Nieto e Troitiño (2016: 29): «Nese sentido, segundo Manuel Alvar, unha lingua debe atender ás seguintes condicións: Diferenciarse claramente doutros sistemas lingüísticos, Ofrecer

Por último, como nos lembra o dialectólogo colombiano Montes Giraldo (1980: 239), non podemos obviar que a visión de Alvar da dicotomía lingua-dialecto (e por extensión, do conxunto dos idiomas periféricos do estado español) chegou a encarnar a quintaesencia do pensamento da EFE tocante a esta controvertida cuestión<sup>7</sup>.

Precisamente, dada a natureza de «punto e á parte» que lle recoñecemos ao traballo inaugural de Alvar, esta investigación centra a súa análise crítica nos *textos* da lingüística española que, consonte coas directrices teóricas deste lingüista (Alvar 1961-2004), entre 1961 e a actualidade<sup>8</sup>, reflexionaron sobre a antinomía lingua-dialecto e clasificaron as variedades lingüísticas do estado español nun destes dous termos taxonómicos.

Daquela, como xa adiantamos nos parágrafos precedentes, este traballo non pretende, en contraste co feito por nós mesmos no pasado (Sánchez 2004-2010), unha descrición pormenorizada, nin da deriva crítica actual da sociolingüística, nin das aporías asociadas á visión canónica da antinomía lingua-dialecto, ou ben tampouco tocante á condición de lingua ou dialecto de todos e cada un dos idiomas periféricos do estado español.

Aínda que ese traballo descritivo estará presente na nosa investigación, este traballo cobiza, en primeiro lugar, explorar como a ideoloxía lingüística do monolingüismo (tamén do monoculturalismo) interferiu na actividade taxonómica da EFE verbo das «linguas de España» e, en segundo lugar, pór de relevo as estratexias lingüístico-discursivas con que estes lingüistas conseguiron agochar esa ideoloxía lingüística baixo a «casca» dun discurso, en aparencia, unicamente lingüístico, obxectivo, científico, técnico, neutral e técnico. En definitiva, interesa moito máis a análise crítica do discurso da EFE verbo da dicotomía lingua-dialecto do que preocupa unha simple particularización historiográfica do mesmo ou a elaboración dun discurso alternativo de resistencia e oposición.

## 1.2 O marco teórico e metodolóxico

Respecto do noso marco teórico e metodolóxico, deberíamos comezar por mencionar que a historiografía actual adoita coincidir no enfoque da vixente

---

un alto grao de estabilidade interna, Posuír unha importante tradición literaria, Desenvolver unha norma culta, Presentar límites xeográficos suficientemente precisos e Resistir a presión doutros sistemas lingüísticos semellantes ou, mesmo, impoñerse a eles».

<sup>7</sup> Por exemplo, lingüistas como Díez, Morales e Sabín (1977: 28-29, 35-36), ademais de asumir explicitamente a definición de lingua e dialecto de Manuel Alvar, reproduciron literalmente os parágrafos en que este lingüista caracterizaba estes dous conceptos.

<sup>8</sup> Entre outros, García Mouton (1994), Martínez (1996), Neira (1986) e Salvador (1986-1992).

revisión conceptual e metodolóxica en que anda inmersa a sociolingüística nas últimas décadas como unha sorte de reactivación do histórico interese dos sociolingüistas pola exploración do potencial crítico inherente ao simple feito de, como ten acontecido desde os primeiros estudos sociolingüísticos (Labov 1963), pór en relación prácticas lingüísticas e contexto social.

Polo común, este interese recente pola investigación dos vínculos entre lingua e desigualdade social despunta entre os sociolingüistas cuxo traballo actual entronca cos estudos sociolingüísticos que entre 1970 e 1990 deran en facer, segundo a etiqueta popularizada polos seus historiógrafos (Blommaert 2005: 9) e polos seus históricos e vixentes protagonistas, *sociolingüística crítica* (Bell 2014: 9, Macías 2015: 588, Singh 1996: 1-5).

De inicio, no que toca a esta liña de investigación de peso crecente nos últimos anos convén lembrar que, así como é certo que non existe un xeito único de facer e de entender a sociolingüística crítica (en diante, SLC), tamén é innegable que todos os sociolingüistas críticos partillan un obxectivo común: explorar en que medida e de que modo a lingua pode perpetuar as relacións sociais desiguais (Mesthrie, Swann, Deumert e Leap. 2000: 310). Xustamente, co propósito de analizar a relación entre lingua e posición social, algúns investigadores (p.e. Duchêne, Moyer e Roberts 2013: 5-6) desenvolveron un modelo teórico e metodolóxico cuxa natureza híbrida, consonte coa noción de *heterose* (Pennycook 2001: 6, 2009: 161), permitiu transcender a simple suma das aspiracións analíticas parciais dos seus tres paradigmas teóricos constituíntes: 1º) a teoría sociolingüística neoclásica ou tradicional (en diante, SLT), 2º) a doutrina social da Teoría Crítica de inspiración neo-marxista e pos-estruturalista (en concreto, a análise lingüística crítica ou, como se denomina máis recentemente, a *análise crítica do discurso*; en diante ACD)<sup>9</sup> e 3º) o enfoque ecolóxico das linguas.

Certamente, no ronsel do interese especial deste enfoque híbrido pola análise dos vínculos entre ciencia lingüística e desigualdade social (Mey 1985: 342), esta investigación asume o reto de destapar a ideoloxía lingüística (estándar)<sup>10</sup> —á derradeira, o enfoque subxectivo, acientífico e político— subxacente á clasificación dos idiomas do estado español, ben como linguas, ben como dialectos. Igualmente, tamén en liña coas preocupacións

<sup>9</sup> Para unha crítica da ACD, podemos ler Blackledge (2012: 617-618) e Van Leeuwen (2009: 169).

<sup>10</sup> En síntese, de acordo con Canagarajah e Ben Said (2011: 389), Cooke e Simpson (2012: 116), Kroskrity (2000, 2001: 1, 2004: 512), Langman (2013: 246), McGroarty (2008: 98), Paffey (2012: 172), Patrick (2001: 2), Schiffman (2006: 112), Watts (2012: 587) e Williams (2012: 175), poderíamos definir *ideoloxía lingüística* como un tipo especial de ideoloxía ou, se queremos, como un sistema compartido de ideas sobre as linguas.

desta visión da SLC, concentraremos a nosa atención na exploración do peso da *ideoloxía lingüística do monolingüismo*, ou, con palabras de Richard J. Watts (2012: 588, 595), do universal, primeiro e dominante *mito da homoxeñidade lingüística*, sobre o labor de individualización de linguas no contexto xeopolítico do estado español.

No parecer da SLC, o sistema preconcebido de ideas, crenzas e valores que configura a devandita ideoloxía prefigura o monolingüismo como estado lingüístico natural do ser humano e, xa que logo, as sociedades monoligües como estruturas organizativas perfectas e superiores (Bobaljik e Pensalfini 1996: 17, Porcel 2011: 623). En opinión deste mesmo grupo de sociolingüistas, o devandito mito lingüístico ou ideoloxía lingüística latexa no imaxinario oculto de todos aqueles lingüistas (Vaughn-Cooke 2007: 268) que argumentan a prol dun monolingüismo, sen fisuras, nunha ou noutra das grandes variedades estándar estatais (Lippi-Green 1997: 64).

Sen dúbida, xa que as propostas contidas nos últimos parágrafos non deixan de ser, con palabras de Richard Watts (2012: 587), un «negocio de risco» por mor do seu implícito exercicio de *deconstrución* do dominante e consolidado discurso tanto da *lingüística tradicional, ortodoxa* ou *autónoma* (Harris 1980) como da SLT (Josep. 2006: 126-127), semella indispensable que afondemos na tradición de pensamento lingüístico *crítico* (isto é, desmitificador) que enmarca esta investigación tocante ao tratamento da EFE á dicotomía lingua-dialecto no contexto xeopolítico do estado español.

Nos últimos anos, a SLC vincula a emerxencia do amentado enfoque crítico co proceso de construción dos modernos estados-nación e, por máis detalle, coa metáfora espacial centro-periferia con que os investigadores sociais adoitan retratar a desigual distribución de poder político, económico e social xerada ao longo deste mesmo proceso. De acordo con esta metáfora, ao igual que os investigadores sociais acostuman representar a desigual distribución de poder orixinado durante o proceso de construción dos modernos estados-nación como un conflito entre un centro (posuidor do poder económico, político e social) e unha periferia (por súa vez, marxinal e dependente), así tamén cada vez máis sociolingüistas críticos describen o discurso (socio)lingüístico como un desacordo entre dous colectivos diferenciados. Neste sentido, o intercambio de pareceres entre estes dous grupos reproduciría o enfrontamento social e político centro-periferia baixo a forma dun conflito ideolóxico e dialéctico entre dúas formacións ideolóxico-lingüísticas antagónicas (Armstrong e Mackenzie 2013: 2): *elitismo* contra *igualitarismo*, ou, por outras palabras, *perspectiva lingüística estándar* contra *perspectiva lingüística alternativa*.

Ao entender da SLC, o conflito político dentro de cada estado-nación entre centro e periferia proxéctase sobre a actividade lingüística discursiva ao xeito dunha tensión dialéctica e ideolóxica entre, por unha banda, un discurso dominante, unha ideoloxía lingüística estándar e uns ideólogos lingüísticos defensores das «linguas grandes», e, pola outra, un discurso alternativo, unha ideoloxía lingüística heteroglósica e uns ideólogos lingüísticos partidarios das «linguas pequenas». Neste sentido, o conflito entre elitismo e igualitarismo sería unha constante esperable porque, mentres o primeiro pensa nas linguas como entidades completamente homoxéneas e perfectamente discretas, *glorifica* as variedades estándar estatais na xerarquía inequívoca de lingua (=centralización) e *minoriza* as respectivas falas periféricas na condición de dialectos (=periferalización), o segundo, entende as linguas como realidades heteroglósicas ou polinómicas, insiste na visión das linguas como prácticas sociais e, por último, combate e resiste o enfoque anterior no tocante á minorización das chamadas «linguas pequenas».

Precisamente, dentro deste marco teórico xeral, estes e outros investigadores da SLC<sup>11</sup> enfocan as argumentacións da lingüística tradicional, autónoma ou ortodoxa<sup>12</sup> e da SLT como un discurso cuxas técnicas ou estratexias lingüístico-discursivas desexan, á derradeira, a perpetuación do *statu quo* social e lingüístico ou, dito doutro xeito, o sostemento do poder de cada centro sobre a súa correspondente periferia. Á derradeira, os respectivos grupos estatais dominantes procurarían conservar a súa hexemonía en todas as ordes (social, económica, política, lingüística, cultural, etc.)<sup>13</sup>.

En consonancia coa antedita máxima, o labor desmitificador da SLC<sup>14</sup> adoita comezar coa afirmación de que os lingüistas nunca operaron con plena obxectividade e neutralidade na análise das linguas (mesmo, no caso daquelas investigacións autodenominadas descritivas; Harris 1981, Milroy 2012) pois, como nos advirte Thomas Ricento (2006a: 11-12, 2013: 528), por moito que desexasen que non fose así e por moito que explicitamente se declarasen produtores de ciencia lingüística sen máis, como pouco, sempre iniciaron as súas investigacións cangados coa «mochila» das súas experiencias vitais previas e da súa formación académica e ideolóxica.

<sup>11</sup> Por exemplo, Blommaert (2005, 2010), Cooke e Simpson (2012: 121), Kress (1990-2001b), May (2003, 2006: 255), Paffey (2012: 19), Pennycook (2001), O´Halloran (1995, 2011), Vaughn-Cook (2007) e Wodak (1995-2011).

<sup>12</sup> Polo xeral, falaremos de lingüística tradicional.

<sup>13</sup> Para unha visión radicalmente diferente dos procesos de estandarización, léase, por exemplo, López e Méndez (2011).

<sup>14</sup> Por exemplo, Canagarajah (2006: 156), Fishman (2006: 317), Kroskrity (2000-2004), Pennycook (2001: 39), Shiffman (2006: 112) e Shohamy (2006).

Así e todo, con ser innegable que todas as análises (meta)lingüísticas carrexan un pouso ideolóxico implícito (Irvine e Gaul 2000: 36), tamén é certo que as ideoloxías (lingüísticas), de non se dar algún tipo de conflito de intereses entre grupos de poder, adoitan pasar desapercibidas. De seguro, na práctica (Pietikäinen e Kelly-Holmes 2013: 2), fóra dos chamados contextos periféricos (p.e. Quebec), rara vez, as ideas, crenzas ou valores preconcebidos sobre os feitos lingüísticos, sobre esta ou aquela lingua concreta ou sobre as linguas en xeral aboiarán visibles á superficie do discurso lingüístico (Cooke e Simpson 2012: 120, McGroarty 2008). Ao cabo, unha ideoloxía lingüística (estándar ou heteroglósica) será tanto máis efectiva canto máis pase inadvertida (Verschueren 2012: 12).

Neste sentido, dado que, segundo os investigadores (García 2011: 667, Schiffman 2006: 112, Schwartz 2011), a ausencia dunha ideoloxía lingüística explícita non significa que non haxa unha ideoloxía lingüística oculta, a SLC entende que as análises da lingüística tradicional e da SLT, aínda que se proclamaron neutrais, asépticas, científicas e apolíticas, sempre operaron desde un fondo político e ideolóxico cuxa exploración sería ineludible de procurarmos unha análise realmente obxectiva dos feitos e discursos lingüísticos.

Por exemplo, como queira que o pouso ideolóxico chauvinista subxacente á afirmación de que o español posúe a «mellor» ortografía do mundo (p.e. Salvador 2007b: 17) aboia con máis claridade á superficie do discurso cando os lingüistas españois contraponen a suposta inigualable coherencia, simplicidade e racionalidade do seu sistema gráfico coa hipotética irracionalidade, complexidade e incoherencia dos sistemas gráficos dos idiomas periféricos do estado español (p.e. do aragonés), cómpre estar moi atentos ás ideoloxías lingüísticas en tanto que estas, en maior ou menor medida, sempre condicionarán a argumentación dos lingüistas.

En xeral, no tocante ao fondo ideolóxico das análises (meta)lingüísticas, insistimos en que, segundo a SLC (Kress 1990: 85, 2001a: 543, Fairclough 1997: 81, 2012), os lingüistas, en tanto que membros (xunto con, por exemplo, economistas, políticos, historiadores, etc.) das elites sociopolíticas e económicas estatais, sempre argumentaron conforme á seguinte axenda política oculta: o mantemento do *statu quo* (social e lingüístico) ou, dito doutro xeito, a conservación do seu dominio (social e lingüístico).

Á marxe dos detalles, fóra do ámbito estritamente lingüístico, as elites estatais, froito do desexo de perpetuación do histórico poder (político e lingüístico) dun centro sobre a súa respectiva periferia (Irvine e Gal 2000: 37-38), produciron un sutil discurso público dominante (lingüístico, legal, económico, político, científico, etc.) de natureza eufemística cuxo

propósito real e último foi a *lexitimación* e a *naturalización* do seu *poder* e *hexemonía*. Sen dúbida, ese dominio (lingüístico, social e político) ficaría lexitimado e naturalizado desde o momento en que os propios grupos humanos dominados chegasen a estar convencidos de que o poder exercido desde un centro non é «artificial» (isto é, histórica e socialmente construído e, daquela, «reversible») senón lexítimo e natural en tanto que emanaba unicamente da dinámica espontánea dos feitos políticos, sociais e lingüísticos e non, como realmente acontecía, do histórico poder político, económico, social e cultural dunhas selectas minorías estatais (é dicir, dun proceso de centralización-periferalización).

Xustamente, no parecer dos sociolingüistas críticos, na procura deste dobre obxectivo da naturalización e lexitimación do seu poder e hexemonía, estas mesmas elites esluíron o fondo ideolóxico (os intereses de grupo) dos seus argumentos económicos, legais, lingüísticos, etc., nun discurso eufemístico cuxa conversión nunha disertación de aparencia exclusivamente científica necesitou da activación, entre outras, destas catro grandes estratexias lingüístico-discursivas: a *metáfora*, o *ocultamento* (ing. *erasure*), a *iconización* (ing. *iconization*) e a *denominación* (isto é, as *exo-etiquetas*).

En concreto, no parecer da SLC, desde o ámbito lingüístico<sup>15</sup>, os lingüistas desempeñaron un papel clave no labor de lexitimación e de naturalización do histórico poder sociolingüístico dos centros sobre as súas respectivas periferias. Desde a súa «atalaia» de voces autorizadas (=poder simbólico; Bourdieu 1982, 1991), ocultaron sistematicamente as razóns políticas, económicas, sociais e históricas que elevaran as falas das elites estatais a unha posición dominante (ao cabo, á xerarquía de lingua) co concurso de toda unha serie de estratexias lingüístico-discursivas que insistían (=iconización) na suposta superioridade destas falas (por seren máis «lóxicas», «expresivas», «coherentes», etc.). Así lograron que os falantes das variedades lingüísticas dominadas desen por sentado que as súas falas eran «inferiores» por motivos exclusivamente lingüísticos e científicos.

Evidentemente, a devandita argumentación tivo éxito na medida en que os lingüistas lograron persuadir os grupos socialmente dominados (=consentimento *manufacturado*; Paffey 2012: 25) de que as súas falas eran, desde un punto de vista estritamente lingüístico, «inferiores» (=periferalización). A seguir, unha vez convencidos os grupos sociais dominados da superioridade lingüística das falas estatais (=centralización), semella comprensible

<sup>15</sup> Como nos advirten, entre outros, Alinei (1981), Garcia (2012: 85), Patrick (2010: 298) e Moreno Cabrera (2012: 66).



que estes colectivos deran o seu beneplácito á conseguinte implementación (en realidade, imposición) das variedades lingüísticas desas selectas minorías (ao cabo, das variedades estándar) en detrimento das súas propias falas.

En opinión dos sociolingüistas críticos, a amentada estratexema discursiva triunfou desde o momento en que conseguiu mudar a *coerción* (isto é, a imposición pola forza) en *consentimento* (é dicir, pola aceptación tácita) e as ideoloxías lingüísticas (á derradeira, o concepto de lingua forxado polas elites estatais desde a súa peculiar cosmovisión), quer en *ideoloxías do sentido común* (é dicir, en ideas populares sobre as linguas), quer en mitos lingüísticos. Certamente, en tanto que uns e outros sempre prexudicaron os intereses do grupos dominados ao afianzaren e contribuíren á marxinação sociolingüística destes colectivos, cabería falar de violencia simbólica.

Precisamente porque, na liña da ACD, a SLC estaba convencida de que as elites ocultaban a orixe real da súa hexemonía (sociolingüística) co obxectivo político de manter o *statu quo* político, social e lingüístico, os sociolingüistas críticos asumiron aberta e conscientemente unha posición política encamiñada, por unha banda, á visualización (isto é, á «desnaturalización» e a «desautorización») das estruturas de poder e dominio (=as ideoloxías lingüísticas) subxacentes ao discurso ((meta)lingüístico) elitista, e, pola outra, á muda desas prácticas discursivas tradicionais co auxilio dun discurso igualitarista.

Consonte con isto, os sociolingüistas críticos (p.e Heller 2011: 6, Paffey 2012: 37) sempre reivindicaron a obxectividade do seu traballo fronte a aqueles que lles acusaron de facer política e non lingüística. Precisamente, co propósito de pór en valor o seu labor, nunca negaron, nin a natureza alegórica da súa descrición do discurso da (socio)lingüística actual como unha confrontación centro-periferia, nin a súa militancia na causa do discurso igualitarista, nin, por último, o seu interese por explicar «por que os textos son como son».

A maiores, dada a pretensión consciente de desenmascaramento das estruturas de poder e dominio contidas no discurso da lingüística tradicional, os investigadores teñen moi claro que a SLC se enmarca na chamada lingüística desmitificadora (Pennycook 2009: 159) ou, dito doutro xeito, forma parte desa corrente da lingüística actual (Graff e Duffy 2008, Harris 1981, Harris e Wolf 1998, Rogers 2008) preocupada pola «purificación» das teorías lingüísticas do primixenio, dominante e subxacente mito da homoxeneidade lingüística así como de todos os mitos lingüísticos que, derivados del (p.e. o mito da pureza lingüística, o mito lingüístico do proxenitor único, etc.) e xunto con el, sobreviviron desde a Idade Media até a actualidade baixo a forma de supostas «verdades científicas incontestables» e de «argumentos ou ideas de sentido común».

Evidentemente, de acordo coa axenda política da SLC (tamén da ACD) que procuraba unha ciencia sociolingüística cuxas prácticas discursivas contribuísen ao proxecto democrático de construción dunha sociedade máis xusta, este estudo proxecta deconstruír a ideoloxía lingüística estándar (isto é, o enfoque subxectivo, parcial e acientífico) agochada por baixo do discurso eufemístico da EFE. Cos seus textos, estes lingüistas, por unha banda, minorizaron os idiomas periféricos do estado español na condición de, con termos de Susan Gal (2006: 15), *case-linguas* (en termos máis tradicionais: dialectos, xergas, argots, *patois*, etc.) e, pola outra, glorificaron o español estándar na xerarquía de único idioma do estado español co estatuto inequívoco de lingua. De certo, segundo a SLC, as estratexias de glorificación e minorización operaron, respectivamente, ao servizo dos procesos de centralización e periferalización e, daquela, contribuíron á delimitación do que nun estado-nación se percibe como centro e como periferia.

Como mostraremos a seguir, a EFE (p.e. Alvar 1979, Salvador 1987), no tocante ao conxunto das variedades lingüísticas presentes no marco xeopolítico do estado español, razoou, máis ou menos, do seguinte xeito: o español é o único idioma que posúe a xerarquía inequívoca de lingua (dito doutro xeito, é o único idioma incontestablemente lingua plena ou «lingua en sentido estrito») porque, á derradeira, primeiro, unicamente esta variedade lingüística posúe todos e cada un dos atributos (p.e. autonomía lingüística elevada) aprioristicamente esixidos á xerarquía lingua, e, segundo, só ela cumpre axeitadamente con todas e con cada unha desas mesmas esixencias.

Correlativamente, segundo a argumentación da EFE (p.e. Salvador 1987), todas as restantes variedades lingüísticas periféricas do estado español ficarían á marxe da categoría incuestionable de lingua porque, ora non posúen todos ou algún dos requisitos previamente esixidos á xerarquía lingua (p.e. o leonés), ora non cumpren satisfactoriamente con todas ou con varias desas esixencias (p.e. o asturiano), ou ben encarnan algún tipo de caso particular entremedias das dúas devanditas opcións extremas (p.e. o catalán).

Sen dúbida, a imaxe final que ofrecen os amentados lingüistas da realidade lingüística de España como unha dicotomía «unha lingua e moitos dialectos» ou calquera outra taxonomía discursiva equivalente (lingua-koinés artificiais, lingua-neolinguas, etc.) reforza as asimetrías sociolingüísticas preexistentes (á derradeira, entre idioma dominante e idiomas periféricos dominados). Alén disto, deixa entrever que, como nos advirte Montes Giraldo (1980: 237-238, 1989: 131-132, 1995: 53-54), a etiquetaxe dun idioma concreto (p.e. do asturiano), ora como lingua, ora como dialecto, ademais dunha decisión de índole técnica, conforma así mesmo un acto de planificación lin-

güística cuxa proxección (en positivo ou en negativo, respectivamente) sobre a planificación do *corpus* e do *status* das variedades lingüísticas implicadas (ao cabo, na súa imaxe e promoción social) debería ser analizada polos sociolingüistas.

Con seguridade, en opinión destes e doutros moitos estudosos (Ricento 2013: 530, Safran 2010: 63), a *denominación* (=taxonomización) dun idioma dado como lingua ou dialecto transcende o plano estritamente científico e lingüístico e, por causa da súa dimensión política, «para ben ou para mal», repercute na promoción social presente e futura dese mesmo idioma.

De primeiras, se os lingüistas lle recoñecesen a un idioma concreto a xerarquía de lingua, esa variedade lingüística adquiriría un maior *prestixio* (Milroy 2012: 572) e, por conseguinte, dado que a súa imaxe social saíría reforzada, medrarían as súas opcións reais de promoción social e política. Pola contra, se a esa mesma fala se lle negase a condición de lingua, dado que a súa imaxe social resultaría prexudicada, o seu prestixio e as súas opcións reais de promoción social diminuirán considerablemente. Velaí, a cerna da cuestión lingua-dialecto desde o punto de vista da SLC pois, de seguro, as tradicionais taxonomías discursivas (p.e. lingua-dialecto) consolidan as disimetrías sociolingüísticas preexistentes dentro de cada nación-estado (ao cabo, entre idioma dominante e idiomas dominados).

Con todo o anterior en mente, se imaxinásemos (Tonkin 2005: 127-128) a planificación lingüística como un continuo que se estende desde o extremo dos axustes mínimos até o polo contrario das accións radicalmente intervencionistas sobre a estrutura e sobre o *status* (p.e. elaborar unha «nova» variedade estándar, prohibir unha lingua, etc.), cabe situar (Bobaljik e Pensalfini 1996) a degradación dun idioma na condición de dialecto (como fixeron, por exemplo, os lingüistas búlgaros, gregos e serbios co macedonio) moito máis cerca do polo das intervencións radicais que das accións minimamente intervencionistas.

Agora ben, chama a atención que, se a (socio)lingüística ten moi claro desde hai anos que a caracterización dun idioma como lingua ou como dialecto non é unha cuestión de calado menor, polo xeral, os lingüistas da EFE ditaminaran sobre o estatuto lingüístico dos idiomas do seu estado como se as súas taxonomías fosen actos exclusivamente técnicos cuxa repercusión sobre a planificación lingüística presente e futura das variedades lingüísticas en cuestión fose nula ou case nula.

Verbo disto último, en tanto que agardamos que os lingüistas actúen coas linguas (sen excepción) como os médicos se comportan cos seus pacientes (estes últimos procuran sempre a «saúde» dos seus «doentes»), este traballo

indaga no proceder dos lingüistas da EFE visto que salta á vista que a denominación dos idiomas periféricos do estado español como dialectos, lonxe de ser un «bálsamo» para os «enfermos», foi máis ben «cegude» para os «doentes».

Pola mesma, dado que non hai proceso de planificación lingüística (García 2011: 671 e Spolsky 2004: 5, 2011b: 148) sen unha ou outra ideoloxía lingüística, este estudo explora o pouso ideolóxico (isto é, a auténtica razón) por cuxa causa os lingüistas da EFE renunciaron ao seu lexítimo rol de «médicos de linguas» (dito doutro xeito, ao seu «código deontolóxico»: a defensa da diversidade lingüística mundial) e, por conseguinte, alén de dificultar a recuperación dos seus «doentes», mesmo, se congratularon coa súa «morte» (Salvador 1987, 2005a)<sup>16</sup>.

Xa que logo, de acordo coas propostas metodolóxicas da SLC, así como se quixeramos chegar ao corazón dunha cebola teríamos que debullar nas súas capas superpostas, este estudo traballará cos textos da EFE como se estes fosen algo semellante a un terreo estratificado. Segundo esta alegoría, os estratos superiores agocharían o discurso arquivo (é dicir, todo o conxunto de mitos lingüísticos herdados do pasado) e, os inferiores, a seguinte axenda política: o desexo de control sobre os idiomas periféricos do estado español e, por extensión, a pretensión de dominio sobre os grupos asociados con estas falas. Deste xeito, de executarmos correctamente o exercicio de debulla no discurso da EFE tocante á taxonomía lingua-dialecto, debería saír á luz, primeiro, o arcano mito medieval segundo o cal «as tribos son monolingües» (Milroy 2012: 578) e, segundo, a dinámica política de centralización e periferalización consubstancial a todo proceso de construción dun estado-nación ((Pietikäinen e Kelly-Holmes 2013).

Xustamente, ao longo desta investigación, intentaremos demostrar que os lingüistas da EFE, mediatizados pola ideoloxía lingüística do monolingüismo (isto é, pola convicción de que o estado-nación «ideal» debía ser unha estrutura social monolingüe na variedade estándar estatal e, ademais, monocultural), argumentaron sempre en beneficio (=glorificación) da variedade estándar do español e en detrimento (=minorización) dos idiomas periféri-

<sup>16</sup> Como noutras ocasións, Salvador (2005a) deixa claro o seu parecer tocante a esta cuestión coas seguintes palabras: «Que si no hubieran ido desapareciendo lenguas en el transcurso de la historia, porque en sus hablantes triunfó la fuerza del intercambio sobre el espíritu de campanario, no habríamos alcanzado el nivel de civilización en que nos hallamos y sólo existirían lenguas mínimas, lenguas de tribu o incluso simplemente familiares. [...]. Que muchas de esas lenguas minúsculas se van extinguiendo es evidente, pero no hay que lamentarse, porque eso quiere decir que sus posibles hablantes, los que las han ido abandonando, se han integrado en una lengua de intercambio, en una lengua más extensa y más poblada que les ha permitido ensanchar su mundo y sus perspectivas de futuro. Añado ahora que una lengua desaparece cuando muere la última persona que la hablaba y lo único triste de ese suceso es la muerte de una persona».

cos do estado español por medio desta dobre vía: a exclusión (=alterización; ing. *othering*)<sup>17</sup> da xerarquía de «linguas en sentido estrito» e o arredamento (=exotificación; ing. *exotification*)<sup>18</sup> do canon das grandes linguas europeas. Consonte a esta premisa, no núcleo central deste traballo, intentaremos probar que, se ben a alterización e a exotificación foron algo así como dous itinerarios complementarios na procura dun mesmo obxectivo: a minorización e, daquela, a periferalización dos idiomas periféricos, comparativamente, a segunda destas dúas rutas alternativas tivo tanta máis presenza no discurso eufemístico da EFE canto máis se argumentou a contracorrente da ideoloxía do sentido común e da propia tradición filolóxica. Evidentemente, a EFE transitou tanto máis o itinerario da exotificación e necesitou tanto máis da estratexia lingüístico-discursiva da denominación (neste caso, das exo-etiquetas) canto máis razoou en contradición coa percepción popular de certos idiomas como linguas de seu así como a contracorrente da tradición filolóxica.

Desde o enfoque da SLC, visto que os anteditos lingüistas españois (p.e. Salvador 1986a), ao abeiro dun ou doutro criterio «científico», sempre puxeron en dúbida a condición de «lingua en sentido estrito» de todas as variedades lingüísticas periféricas do estado español (=periferalización) e ininterrompidamente confirmaron a xerarquía inequívoca de lingua do español (=centralización), cabe afirmar que os seus ditames finais verbo do estatuto lingüístico das «linguas de España» deixan entrever a resiliencia histórica do principio ideolóxico herderiano de «unha lingua, unha nación, un estado» (se queremos, «unha lingua por estado»; Mesthrie 2009: 979).

Dito por outras palabras, este traballo ansía demostrar que Alvar (1961-2004) e os seus discípulos, puxeron en dúbida a condición de lingua de todas as variedades lingüísticas periféricas do estado español por causa dun, con palabras de Susan Gal (2006: 15), trasnoitado nacionalismo etnolingüístico.

Verbo disto último convén ter moi presente que, así como algúns dos investigadores na órbita da lingüística española (p.e. García González 1999, Montes 1970-1999; Moreno Fernández 2009) fixeron un notable esforzo por reformular o enfoque tradicional das nocións de lingua e dialecto co ánimo de outor-

<sup>17</sup> Sen dúbida, en tanto que baixo todo o discurso e todas as exo-etiquetas que mencionaremos ao longo deste estudo se albisca a intención oculta de emprazar todos os idiomas periféricos fóra da xeraquía inequívoca de linguas, desde o punto de vista da SLC (Cooke e Simpson 2012: 122-123), cabe falar de *alterización*.

<sup>18</sup> Con termos de Charity (2013: 813), poderíamos falar de *exotificación* en tanto que estes lingüistas, tácitamente, por medio de exo-etiquetas como lingua cómplex, koiné artificial, etc., colocaron todos estes idiomas moito máis cerca do canon de linguas como o chinés, hindi-urdu, árabe, etc., que das grandes linguas (p.e. francés, español, inglés, etc.) da súa contorna xeográfica e cultural.

garlles a estas dúas categorías dicotómicas validez universal e auténtico rigor científico, pola contra, aquí veremos como outros lingüistas españois asumiron acriticamente a versión máis tradicional, resesa e ortodoxa (e, asemade, máis problemática) dos conceptos de lingua e dialecto porque, evidentemente, ese histórico enfoque casaba moi ben cos seus ocultos intereses ideolóxicos.

Con seguridade, este segundo grupo de lingüistas españois subscribiu acriticamente o principio lingüístico do inmanentismo orixinado no Renacemento (Alinei 1981) porque esa visión das linguas como entidades exclusivamente lingüísticas, asociais, sincrónicas (mellor sería dicir, a-históricas; Kress 1997: 56, May 2003: 123, 2006: 255) e apolíticas permitía lexitimar o empoleirado do español na categoría de prototipo de lingua e, por conseguinte, favorecía a súa axenda política oculta: a construción dun estado-nación monolingüe.

Evidentemente, pois o enfoque das linguas como entidades asociais, apolíticas e a-históricas lexitimaba «cientificamente» tanto o rol do español como único idioma coa categoría inequívoca de lingua como a exclusión desta xerarquía de todos os restantes idiomas do estado español por medio da rebaixa do conxunto das variedades lingüísticas estatais periféricas á condición secular de idiomas normativa e funcionalmente dominados (isto é, de idiomas minorizados; Patrick 2001: 1, 2010: 498), esta visión das linguas era ben útil no labor ideolóxico de delimitación entre centro e periferia.

Precisamente, dado que non houbo mención previa ningunha ao proceso sociopolítico de centralización-periferalización responsable das devanditas asimetrías sociolingüísticas, os lingüistas españois puideron utilizar a estrutura lingüística xerárquica idioma dominante sobre idiomas dominados xerada durante o proceso de construción do seu moderno estado-nación como o *statu quo* lingüístico xustificativo da natureza incuestionable de lingua das variedades lingüísticas estatais fronte ao resto de idiomas periféricos do seu respectivo estado-nación.

A maiores, toda a mistificación lingüístico-científica ligada á lingüística ortodoxa ou autónoma, foi clave na lexitimación do dominio sociolingüístico das falas das elites estatais en tanto que todo ese conxunto de mitos lingüísticos (p.e. as linguas como simples estruturas funcionais; p.e. Mesthrie 2009: 980, Milroy 2012: 572, Ricento 2013: 526)<sup>19</sup> viña validar e reforzar a tradicional imaxe desas falas como entidades lingüísticamente superiores.

<sup>19</sup> Por exemplo, en Marcos-Marín e Miguel (2009: 40) podemos ler: «Recordemos que la lengua es una estructura. Lo que cada individuo habla es una sección de esa lengua, con elementos que pone en común con lo que otros hablantes realizan en común (la norma) y elementos idiosincráticos que constituyen su propia variedad, su dialecto propio o idiolecto. El sistema está ahí, de él los hablantes toman recursos; pero ningún hablante posee el sistema».

Á marxe dos detalles, este traballo desexa probar que a EFE, no ronsel do acontecido no conxunto da lingüística ortodoxa (Josep. 2001, 2004a, 2006), argumentou sempre na liña da denigración das variedades lingüísticas vernáculas (Trudgill 2002: 29-32, 112-117) co propósito político oculto de defender a unidade territorial e idiomática de España e do español contra a suposta ameaza desagregadora encarnada polos idiomas periféricos do estado español.

Abofé que, se, con criterios científicos, lingüísticos, técnicos, neutrais, asépticos, etc., a ciencia lingüística certificaba que o español estándar era a única «lingua en sentido estrito» ou plena (isto é, coa xerarquía inequívoca de lingua) do estado español e que, á vez, todos os restantes idiomas periféricos deste mesmo estado eran, explícita (p.e. o asturiano; Neira 1986)<sup>20</sup> ou implicitamente (p.e. o catalán; Salvador 1987), dialectos (é dicir, idiomas parciais), as comunidades vinculadas con estas últimas falas terían moito máis complicado o seu recoñecemento público como entidades nacionais diferenciadas e, xa que logo, sería moito máis sinxelo o seu control xeopolítico dentro das fronteiras do estado español (Montes 1995: 53).

### 1.3 A emerxencia do enfoque «crítico»: nota historiográfica

A sociolingüística, ademais de ser unha disciplina académica relativamente recente (Paoletti 2011: 1), fóra da asunción explícita da natureza social da lingua (Hernández e Almeida 2005: 10), emerxeu, no seu momento, sen unha fundamentación teórica claramente definida. Xa que logo, na práctica, esta ciencia lingüística tivo que construír toda a súa base teórica aceleradamente pola vía da interdisciplinaridade constante coas ciencias sociais (nomeadamente, coa antropoloxía e coa socioloxía; Bucholtz e Hall 2008: 404 e Shuy 1990: 13-17, 2003: 4-9).

Precisamente, os historiógrafos da sociolingüística insisten nesta traxectoria histórica multidisciplinar a tres bandas entre lingüística, antropoloxía e socioloxía cando tratan de explicar a orixe da multiplicidade de enfoques, métodos e orientacións que conviven no interior desta ciencia desde os seus primordios até a actualidade.

A este respecto, abonda cunha lectura superficial dun dos moitos artigos<sup>21</sup> ou manuais<sup>22</sup> recentemente publicados sobre esta disciplina para decatarse

<sup>20</sup> Así opina Alvar (1978b: 15) sobre leonés e asturiano: «El leonés es un dialecto que ha persistido a pesar de la continua acción aniquiladora del castellano. [...] Sin embargo, y desde un punto de vista estrictamente científico, el asturiano no es, sino una serie de variedades leonesas, como ya demostró Menéndez Pidal en 1905».

<sup>21</sup> Nomeadamente, Llamas (2011), Lynch (2015) e Paoletti (2011).

<sup>22</sup> Entre outros, Bayley, Cameron e Lucas (2013), Bell (2014) e Mesthrie, Swann, Deumert e Leap (2000).

axiña de que a ausencia dunha teoría sociolingüística unificada chamou a atención dos historiógrafos desta ciencia desde ben cedo.

Precisamente, coa intención de que as diferenzas (ás veces, non pequenas) entre sociolingüistas non nos impidan ver o «proxecto común» partillado por todos eles, os estudosos actuais<sup>23</sup> insisten na imaxe da sociolingüística como un continuo cuxos límites se estenden, a través de todo un conxunto de enfoques interpostos, desde o extremo da sociolingüística variacionista (isto é, desde a análise exclusiva da variación lingüística socialmente significativa) até o cabo oposto da SLC (é dicir, até a investigación de como a lingua pode crear, reproducir e perpetuar as desigualdades sociais).

Con independencia de que este continuo sexa, ou non, un reflexo exacto da sociolingüística actual, a devandita imaxe deixa entrever que as posturas sociolingüísticas situadas a un e outro cabo deste gradiente conviven, hoxe por hoxe, con outras moitas posicións emprazadas a medio camiño entre ambos os dous extremos.

Verbo disto último, cómpre ter presente que, se ben é innegable que os sociolingüistas situados a medio camiño entre a versión ortodoxa da teoría variacionista e a SLC non son un grupo monolítico no tocante ao seu interese polos avances teóricos orixenarios das ciencias sociais (nomeadamente, da ACD), non é menos certo que todos eles, ademais de compartir o enfoque da súa disciplina como unha subdivisión interna da lingüística, reivindicando, na procura dunha análise minuciosa da multidimensional relación entre lingua e sociedade, unha ciencia interdisciplinar quen de combinar os últimos avances teóricos en lingüística (especialmente, en dialectoloxía, lingüística histórica e investigacións sobre o bilingüismo e multilingüismo; Koerner 2002: 273) cos recentes progresos das ciencias sociais (Shuy 1990: 24, 2003: 12).

Sen dúbida, os máis dos sociolingüistas concordan na necesidade dunha «concepción ampla» da sociolingüística (Bolton 1992: 13-15) porque, entre outras razóns, de coutármonos aos estreitos límites fixados pola sociolingüística variacionista e pola sociolingüística interaccional, atopariámonos co paradoxo de que esta disciplina ficaría incapacitada metodoloxicamente para tratar con fenómenos lingüísticos tan comúns como o bilingüismo, a planificación lingüística, etc. (en definitiva, coa cuestión de como os falantes se auto-sitúan socialmente por medio dos recursos lingüísticos).

Daquela, pois ao longo de todo este traballo estaremos a operar constantemente cun enfoque da sociolingüística que non poucos dos seus especialis-

<sup>23</sup> Por exemplo, Blommaert (2005: 9-10), Mesthrie, Swann, Deumert e Leap (2000: 310), Paoletti (2011: 1-4), Ricento (2013: 526-527), Spolsky (1998: 5-6) e Tagliamonte (2006: 3-4, 2012: 1-2).



tas cualificarían de heterodoxo e que, asemade, fica emprazado nos antípodas desoutra perspectiva que encarna a ortodoxia desta ciencia: a teoría variacionista laboviana (Coupland e Jaworski 1997: 1, Paoletti 2011: 3, 6), cómpre un mínimo percorrido pola historia desta disciplina para que sexamos conscientes da tradición de pensamento crítico (é dicir, de denuncia social) inherente á sociolingüística desde as súas primeiras orixes e, por conseguinte, do seu interese de vello pola análise dos vínculos entre lingua e desigualdade social.

En síntese, a reflexión sobre o pasado da sociolingüística axudará a comprender o estado da cuestión en que se enmarca esta investigación e, por conseguinte, tamén nos permitirá entender por que entre os sociolingüistas callou devagar a percepción de que un estudo polo miúdo «do que realmente se di e do que realmente se oe» esixe exceder os límites da rigorosa análise estatística das correlacións entre variantes lingüísticas e variables sociais (isto é, da teoría variacionista).

No tocante ás orixes da sociolingüística, os investigadores<sup>24</sup>, adoitan coincidir na idea de que, se ben sempre houbo lingüistas, escritores, editores, etc., dotados dunha certa sensibilidade sociolingüística (p.e. o gramático indio Pānini), as orixes reais desta disciplina non se poden retrotraer moito máis alá da década de 1920.

Como salienta J. K. Chambers (1995: 15), visto que a lingüística ortodoxa ou autónoma sempre tratou a dimensión social da linguaxe como un epifenómeno tanxencial á esencia cognitiva das linguas (Josep. 2006: 2), a sociolingüística propiamente dita apareceu cando as reflexións esporádicas e os comentarios illados sobre os vínculos entre lingua e sociedade deron paso a unha reflexión moito máis consciente e organizada sobre esta cuestión.

En opinión dos historiógrafos, de ollarmos no pasado, houbo dous momentos claves na xénese desta disciplina: 1º) a década de 1930 na antiga Unión Soviética e Francia (Calvet 2003: 17-19) e 2º) a década de 1960 nos Estados Unidos<sup>25</sup>.

No que toca á etiqueta de sociolingüística, algúns investigadores<sup>26</sup>, afirman que Thomas C. Hodson cuñou este termo en 1939 nun artigo titulado

<sup>24</sup> Por exemplo, Bayley (2013: 12), Bell (2007), Blommaert (2005: 6-9), Brandist (2003, 2006, 2011), Brandist e Chow (2011), Chambers (1995: 15, 2002b: 5), Elia (1987: 19), Figueroa (1994: 1), Joseph (2004a: 58-59, 2004b: 354-358, 2006: 64-66), Koerner (2002: 269), Mesthrie (2009: 972), Mesthrie, Swann, Deumert e Leap (2000: 5), Pennycook (2009: 158) e Shuy (1990, 2003).

<sup>25</sup> Véxase, por exemplo, para a Unión Soviética: Bell (2007), Brandist (2003, 2006, 2011), Brandist e Chown (2011), Joseph (2004b: 349) e Montes (1995: 114, 1997: 194), e, para os Estados Unidos: Joseph (2004b: 356), Mesthrie, Swann, Deumert e Leap (2000: 4, 314) e Wodak, Johnstone e Kerswill (2011: 2-4).

<sup>26</sup> Nomeadamente, Bratt e Tucker (2003: 1) e Le Page (1997: 19).

«Sociolinguistics in India» (incluído no volume *Man in India*). Dez anos máis tarde, como nos lembran outros moitos estudosos (p.e. Spolsky 2011a: 25), Eugene Nida (1949: 152) utilizará, por vez primeira, esta etiqueta na segunda edición da súa obra *Morphology*.

Porén, outros investigadores<sup>27</sup> atribuíron esta etiqueta ao poeta e filósofo americano Haver C. Currie; moi probablemente porque este intelectual, ademais de auto-proclamarse o seu «inventor» (Chambers 2002b: 5), en 1952, na revista *Southern Speech Journal*, publicou un artigo titulado: «A projection of socio-linguistics: the relationship of speech to social status».

Con independencia de cal fora a data concreta de aparición da devandita etiqueta, este baile de cifras permite albiscar que, se ben os historiógrafos «tradicionais» adoitan situar o «punto de arranque» real da moderna sociolingüística contra o verán de 1964, ou, como moito, un ano antes (Ferguson 1997: 77), os «pais fundadores» (Spolsky 2011a: 11-19) desta disciplina había xa algúns anos que estaban a traballar na análise sistemática das relacións entre lingua e sociedade.

Con respecto ao bienio en que se adoita situar as «orixes» da sociolingüística, á marxe do encontro anual da Asociación Americana de Antropoloxía (AAA) celebrado en 1963 (Ferguson 1997: 77), cómpre salientar dúas reunións celebradas nos Estados Unidos entre mediados dos meses de maio e agosto de 1964 (Shuy 2003: 11).

Concretamente, en maio de 1964, o *UCLA Center for Research in Language and Linguistics* apadriña un congreso sobre sociolingüística en Lake Arrowhead, California (Shuy 1990: 21, 2003: 10). Nas actas deste congreso, publicadas por William Bright (1966) baixo o título de «Sociolinguistics», aparecen moitos dos considerados «pais» da sociolingüística (p.e. Bright, Ferguson, Labov, etc.).

Meses despois (en concreto, entre o 17 de xuño e o 14 de agosto), o *Committee on Sociolinguistics of the Social Sciences Research Council* (creado en 1963) convoca na Universidade de Indiana, en Bloomington, unha nova reunión (Bright 1997: 55, Spolsky 2011a: 19). Neste segundo encontro están presentes nomes tan senlleiros da sociolingüística daquel entón como Ferguson, Fishman, Gumperz, Hymes e Labov. A maiores, ese mesmo ano, John Gumperz imparte un curso titulado «Language and Society» e Charles Ferguson dirixe un seminario sobre sociolingüística (Shuy 1990: 22, 2003: 11).

<sup>27</sup> Por exemplo, Chambers (1995: 15, 2002b: 5), Coulmas (1997: 1), Mesthrie (2009: 972), Ramírez (1996: 41), Shuy (1990: 21, 2003: 11) e Spolsky (2011a: 12).

Así e todo, con recoñecer a relevancia dos anos 1963 e 1964 na historia da sociolingüística, cómpre lembrar que os historiógrafos (Spolsky 2011a: 18) insisten na idea de que o interese polo estudo dos vínculos entre lingua e sociedade xa viña dalgúns anos atrás (Spolsky 2011b).

A este respecto, debemos recordar tres feitos ben destacados. En primeiro lugar, Joshua Fishman, ademais de que, nunha conversa privada con Roger Brown en 1953, propuxera a posibilidade de cuñar a etiqueta sociolingüística a semellanza do termo psicolingüística (Spolsky 2011a: 18), imparte en 1960 (Spolsky 2011a: 18) un curso titulado «Sociology of Language». En segundo lugar, Charles Ferguson publicou en 1959 o seu clásico artigo titulado ««Diglosia». Por último, William Labov, un ano despois do seu famoso estudo sobre Martha's Vineyard, dá ao prelo «The social motivation of a sound change» (Labov 1963).

Sexa como for, en opinión dos investigadores<sup>28</sup>, cómpre destacar que no devandito traballo de William Labov xa están presentes os principios teóricos esenciais da teoría variacionista: 1º) a correlación entre variantes lingüísticas e variables sociais, 2º) o estudo do cambio lingüístico en progreso e 3º) a análise do estilo (isto é, da variación producida por un individuo na súa propia fala) como variable autónoma.

Agora ben, para non caermos no erro habitual de darmos a impresión de que a sociolingüística emerxeu, case exclusivamente, da man de investigadores de fala inglesa (Calvet 2003: 20), cómpre que, no ronsel dos «novos» historiógrafos, fagamos unha pequena mención á lingüística producida na antiga Unión Soviética entre a Revolución Rusa e a II Guerra Mundial.

Malia que a lingüística soviética desta etapa pasara inadvertida para a maioría dos lingüistas occidentais até hai ben pouco tempo<sup>29</sup>, cómpre mencionar a obra dos seus lingüistas porque, alén de que está a influír cada vez máis na deriva crítica da sociolingüística actual<sup>30</sup>, fala do interese de vello da sociolingüística pola análise dos vínculos entre lingua e desigualdades sociais.

En opinión de non poucos dos historiógrafos actuais<sup>31</sup>, os lingüistas soviéticos daqueles anos (nomeadamente, Bakhtin, Iakubinskii, Larin, Polianov,

<sup>28</sup> Nomeadamente, Chambers (2002b: 5), Bayley (2013: 12-13) e Bell (2007: 90).

<sup>29</sup> Para confirmar esta afirmación véxase, por exemplo, Bell (2007: 92-93), Brandist (2003, 2011: 1-5) e Joseph (2004b: 350). Por outra banda, ademais de que entre os antecedentes europeos da sociolingüística norteamericana, Koerner (2002: 273) non cite un só lingüista soviético, nin no manual de sociolingüística recentemente publicado por Serrano (2011), nin no artigo redactado por Paoletti (2011) sobre esta disciplina, atopamos unha soa mención á sociolingüística soviética deste período.

<sup>30</sup> Desta opinión son, por exemplo, Bell (2007: 97-98, 2014: 8), Blackledge (2012: 617-619), Mesthrie (2009: 976), Mesthrie, Swann, Deumert e Leap (2000: 314-315) e Reisigl (2013: 68-75).

<sup>31</sup> Por exemplo, Bell (2007: 95), Brandist (2003, 2006: 149, 2011: 1), Garner (2004: 103), Jernudd e Nekvapil (2012: 20-21), Joseph (2004b: 349-351), Lähteenmäki (2008: 183), Pietikäinen e Kelly-Holmes (2013: 7).

Shor, Shcherba e Voloshinov) foron, sen dúbida, pioneiros da moderna sociolingüística e da actual planificación lingüística.

De acordo con Mika Lähteenmäki (2008: 188, 2011: 35), os lingüistas soviéticos do período comprendido entre 1917 e 1945 tiñan moi claro que a lingua era un fenómeno social e que os fenómenos lingüísticos tiñan unha explicación de carácter sociolóxico.

Nesta liña, así como Craig Brandist (2011: 5) e Viktoria Gulida (2011: 63), por unha banda, e Allan Bell (2007: 95-98, 2014: 3) e Andrew Lynch (2015: 79), pola outra, viron nos lingüistas Boris Larin e Mikhail Bakhtin, respectivamente, a dous auténticos precursores dos métodos de investigación de William Labov, Vladimir M. Alpatov (2011: 18), John Earl Joseph (2004b: 350-351) e Mika Lähteenmäki (2008: 186, 2011: 35-37) subliñaron o interese deste grupo de lingüistas pola harmonización da doutrina marxista co estudo científico da lingua.

En opinión de todos estes «modernos» estudosos, os lingüistas soviéticos daquela época idearon unha «nova» ciencia lingüística cuxa concepción das linguas como «escenario da loita de clases» ou, no parecer de Mikhail Bakhtin<sup>32</sup>, como un contexto heteroglosico en constante conflito entre forzas centrífugas, conducentes á diversidade, á heteroxeneidade e ao cambio, e forzas centrípetas, conducentes á homoxeneidade, á estandarización e á prescrición, permitiu superar, de vez, os «erros» do, até entón predominante, platónico «enfoque burgués».

En definitiva, visto que, en opinión dos especialistas (Fairclough e Wodak 1997: 368 e Joseph (2004b: 350), os lingüistas soviéticos entenderon os signos lingüísticos como un material ideolóxico e o uso das linguas como un fenómeno ideolóxico (isto é, con potenciais obxectivos políticos), non podemos pasar por alto que (Mesthrie, Swann, Deumert e Leap. 2000: 314), desde as máis remotas orixes da sociolingüística, sempre houbo un certo pouso crítico e, xa que logo, unha innegable preocupación pola investigación dos nexos entre lingua e desigualdades sociais.

Malia que, como estamos a ver, os historiógrafos non se poñan totalmente de acordo verbo das datas e lugares de «arrinque real» da sociolingüística, os investigadores, así e todo, adoitan coincidir na percepción de que as causas que explican a emerxencia deste disciplina son, á vez, endóxenas e esóxenas.

No que toca ás causas internas, moitos estudosos<sup>33</sup> vincularon a emerxencia da sociolingüística coa necesidade de saír da «rúa cega» en que se atopaba a lingüística estruturalista contra finais da década de 1950.

<sup>32</sup> Como poñen de relevo Bailey (2012: 499), Lynch (2015: 79) e O'Neill (2009: 29).

<sup>33</sup> Por exemplo, Bell (2014: 2), Figueroa (1994), Joseph (2004a: 58-59, 2004b: 355-356, 2006: 68), Montes (1983: 336, 1995: 114, 1997: 192-193), Romaine (1995: 489) e Shuy (2003: 12).

Fóra dos detalles, o problema esencial do estruturalismo por aquelas datas podería describirse, máis ou menos, así: mentres algúns dos estudos que se estaban a publicar contra finais da década de 1950 apuntaban cada vez máis á necesidade de profundar na análise dos vínculos entre lingua e sociedade na procura dunha explicación coherente para os dous grandes enigmas históricos dos saber gramatical aínda por resolver: o cambio lingüístico e a heteroxeneidade lingüística, ao tempo, a concepción inmanentista das linguas (isto é, como puros sistemas de oposicións funcionais autocontidos semellantes ás máquinas) imposibilitaba, teórica e metodoloxicamente, calquera opción de pór en relación lingua e sociedade

Sen dúbida, conforme medraba o interese dos lingüistas estruturalistas por entender o cambio lingüístico e a heteroxeneidade lingüística e, por conseguinte, canto máis insistían estes investigadores na exploración dos vínculos entre lingua e sociedade na procura dunha explicación plausible para estes dous fenómenos, por forza, tanto máis se afondaba na «crítica implícita» (Josep. 2004b: 356) ao enfoque das linguas como unha sorte de gramática mental externa que se lle impuña ao individuo desde o seu nacemento<sup>34</sup>.

Con todo, se ben podemos ver a emerxencia da sociolingüística como unha sorte de «posta ao día» ou primeira fase na revisión da lingüística estruturalista<sup>35</sup>, tamén é innegable que, como matiza Esther Figueroa (1994: 17-27, 74-75), a entrada en escena desta disciplina representou, no seu momento, unha «auténtica revolución» nos estudos lingüísticos.

En síntese, como salientan Allan Bell (2007: 95) e Lesley Milroy (1987: 76-77), a sociolingüística trocou o «vello» xeito de facer lingüística por unha «nova» forma de facer ciencia da linguaxe. En liñas xerais, fronte á histórica «lingüística do meu dialecto» baseada, case exclusivamente, nos datos lingüísticos extraídos da competencia do investigador (método introspectivo), os lingüistas comezaron a reflexionar sobre as linguas con datos lingüísticos tirados de situacións comunicativas reais (método experimental).

No parecer de Esther Figueroa (1994: 27-33), a sociolingüística foi un primeiro paso decisivo no proceso de «secularización» da ciencia lingüística en tanto que axudou á substitución da parcial e elitista visión platónica das

<sup>34</sup> Así e todo, como xa vimos (Marcos-Marín e Miguel 2009: 40), na lingüística española posterior, seguimos atopando lingüistas que, malia auto-denominárense sociolingüistas, afirman: «el código es externo al individuo, que lo recibe y lo emplea» (Alvar 1982: 13). Consonte con Preston e Robinson (2005: 147-148), cabe afirmar que estes lingüistas coinciden coa visión popular das linguas como entidades abstractas e perfectas que están «aí fóra, nalgún lugar» e verbo das cales calquera «desvío» sería, sen máis, un erro. Estamos, pois, ante un deses casos onde lingüística popular e lingüística «científica» coinciden.

<sup>35</sup> Como comentan Del Valle (2013: 9), Hazen (2007: 71) e Hernández-Campoy e Schilling (2012: 64).

linguas (Milroy 2012: 573) por unha perspectiva moito máis realista das linguas como entidades, asemade, psicolóxicas, sociais e lingüísticas.

Por súa vez, no tocante ás causas externas responsables da emerxencia da sociolingüística, os especialistas coinciden na percepción de que os profundos cambios sociais, políticos, económicos, etc., operados no mundo desde comezos dos século XX tiveron moito que dicir na emersión desta «nova» disciplina académica.

En concreto, mentres algúns estudosos (p.e. Brandist 2003, Brandist e Chown 2011), como xa mencionamos, vinculan a orixe da sociolingüística soviética coas profundas transformacións políticas e socioeconómicas derivadas da Revolución, outros<sup>36</sup>, no tocante á sociolingüística anglosaxona, puxeron o acento no intenso e rápido proceso de industrialización e urbanización experimentado pola sociedade occidental a partir da segunda metade do século pasado. Sexa como for, os historiógrafos concordan en que os intensos cambios socioeconómicos a nivel mundial estimularon a curiosidade dos intelectuais polas conexións entre marxinação social e lingua e, xa que logo, polos estudos sociolóxicos en xeral.

En opinión de Roger W. Shuy (1990: 18, 2003: 9), no contexto dun clima intelectual cada vez máis preocupado por acadar unha sociedade máis xusta e democrática quen de contrarrestar as bolsas de exclusión social que se estaban a xerar na periferia dos grandes núcleos urbanos, semellaba cuestión de tempo que os lingüistas e os sociólogos comezasen a unir os seus esforzos na investigación de asuntos de tanto calado como a conexión entre lingua e sexo, lingua e raza, lingua e inmigración, etc., (ao cabo, o nexo entre lingua e sociedade).

Así pois, do mesmo xeito que os máis dos historiógrafos da sociolingüística están de acordo coa afirmación de que esta ciencia non emerxe como disciplina de seu, nin nun único contexto xeográfico, nin nunha única data, nin por unha única causa, tamén case todos os investigadores coinciden na visión da sociolingüística como unha subdivisión da lingüística centrada na análise da multidimensionalidade dos vínculos entre lingua e sociedade (Tagliamonte 2012: 1).

Chegados a este punto, sería conveniente resumir todo o dito até o momento ao redor de dúas «ideas forza»: 1<sup>a</sup>) a sociolingüística foi sempre, desde as súas orixes, unha «disciplina híbrida» (en parte lingüística e en parte sociolóxica) e 2<sup>a</sup>) non hai (nin houbo) un xeito único de entender a sociolingüística.

<sup>36</sup> Por exemplo, Bolton (1997: 9), Koerner (2002: 269) e Shuy (1990: 21, 2003: 10).

No tocante ao primeiro punto, é evidente que esta natureza híbrida explica que, xunto ao mencionado enfoque maioritario da sociolingüística como unha subdivisión autónoma (p.e. Labov 1972) ou interdisciplinar (Mesthrie 2008: 66) da ciencia lingüística, non falte quen sitúe esta disciplina dentro da dialectoloxía (Montes 1983: 338), da antropoloxía (Sánchez-Marco 1976: 139), da socioloxía, das ciencias políticas, etc.

Con respecto á segunda cuestión, cómpre mencionar primeiramente que os historiógrafos da sociolingüística (p.e. Figueroa 1994: 2) sempre chamaron a atención sobre o notable nivel de inconcreción teórica en que, como se constata na inmensa maioría de definicións desta ciencia (p.e. Trudgill 2003: 123, Tagliamonte 2012: 1), se moveu esta disciplina desde as súas orixes.

En opinión dos especialistas (Coulmas 2001: 575-577 e Figueroa 1994: 2-25), este notable grao de indefinición teórica non responde a unha suposta incapacidade dos sociolingüistas para seren máis concretos na caracterización da súa propia disciplina senón, máis ben, á necesidade de xerar definicións cuxa escasa concreción permite acubillar a totalidade de temas, enfoques e metodoloxías que, hoxe por hoxe, se consideran parte da sociolingüística.

Precisamente, por causa da multiplicidade de puntos de vista, temas e intereses que abarca a sociolingüística actual, algúns manuais de sociolingüística (p.e. Mesthrie, Swann, Deumert e Leap. 2000: 309-310) adoitan discriminar dous grandes enfoques no interior desta ciencia segundo se acepte, ou non, o axioma de que a «lingua reflicte a sociedade».

De acordo co pensamento dun nutrido grupo de investigadores, os sociolingüistas partidarios do devandito principio conciben a lingua e a sociedade como dúas realidades completamente independentes entre si e, por conseguinte, alén de enfocar a (socio)lingüística e as ciencias sociais como disciplinas mutuamente autónomas, asumen o marco filosófico cartesiano, o paradigma teórico formalista e o enfoque lingüístico segregacionista herdado da lingüística autónoma ou ortodoxa.

Pola contra, os sociolingüistas contrarios, dun ou doutro xeito, ao principio de que «a lingua reflicte a sociedade», pois entenden que a relación mutua entre lingua e sociedade é tan estreita que non ten sentido ningún xebrar a lingua das circunstancias sociais en que esta actúa como medio de comunicación (Garner 2004: 191), á parte de que conciben a (socio)lingüística como unha ciencia de natureza interdisciplinar e interdependente coas ciencias sociais, operan dentro do marco filosófico hegeliano, do paradigma teórico funcionalista e do enfoque lingüístico integracionista (Figueroa 1994: 21, Harris 1998a: 1, 1998d: 15).

Evidentemente, por pouco que reflexionemos verbo da devandita segmentación metodolóxica da sociolingüística, decatámonos de que esta, con ter puntos en común con aquelas outras que recollen habitualmente os manuais de sociolingüística, á vez, transcende segmentacións do tipo de microsociolingüística contra macrosociolingüística, sociolingüística propiamente dita contra socioloxía da linguaxe, sociolingüística cuantitativa contra sociolingüística cualitativa, etc.

En liñas xerais, cómpre reseñar que os sociolingüistas partidarios do axioma «a lingua como práctica social» (isto é, contrarios ao principio de que a «lingua reflicte a sociedade») acostuman facer crítica dos estudos sociolingüísticos etiquetados como SLT, sociolingüística estruturalista liberal (Pennycook 2001: 54, 2009: 162) ou sociolingüística neoclásica (Tollefson 1991: 28) por mor do seu quietismo político (Pennycook 2009: 161).

No parecer destes e doutros tantos investigadores (p.e. Pedro 1997: 20), a SLT (e denominacións semellantes) abranguería todos os estudos sociolingüísticos puramente descritivos da variabilidade lingüística e do cambio lingüístico. Para os sociolingüistas críticos, a SLT, en tanto que pasa por alto as relacións sociais asimétricas entre falantes cando explora os fenómenos sociolingüísticos e, por conseguinte, na medida en que se limita, case exclusivamente, á descrición dunha parte da realidade lingüística, ofrece unha imaxe abondo inxenua dos vínculos entre lingua e sociedade e cae na pasividade ante as desigualdades sociais.

Segundo os sociolingüistas partidarios do principio de que «a lingua é unha práctica social», a SLT abarcaría, cando menos, a teoría variacionista, o modelo de redes sociais e non pouco da sociolingüística interaccional. No parecer da SLC (Duchêne, Moyer e Roberts 2013: 4), estas subdivisións da sociolingüística, vistas en conxunto, deron unha imaxe excesivamente edulcorada das relacións entre lingua e sociedade porque, ao centrárense en exceso nos intercambios lingüísticos entre «iguais» (en realidade, dentro do «grupo de iguais»), descoidaron os encontros lingüísticos entre «diferentes» e, xa que logo, obviaron os efectos do poder e da hexemonía nos actos lingüísticos cotiás (p.e. na alternancia estilística entre *ti* e *vostede*).

Sen dúbida, visto que a EFE declarou abertamente a súa débeda coa SLT (p.e. Alvar 1982: 68, Salvador 1987: 38) e co maxisterio de Labov (p.e. Alvar 1982: 40), semella comprensible que estes lingüistas, consonte co principio de que «a lingua reflicte a sociedade», nunca se amosasen moi interesados na análise dos vínculos entre poder e fenómenos lingüísticos tanto no nivel micro (p.e. na alternancia estilística entre *ti* e *vostede*) como macro (p.e. no devalo da diversidade lingüística no marco político do estado español).



Precisamente, para comprendermos por que a EFE nunca sentiu a obriga de explorar os vínculos entre poder e lingua (ou dito doutro xeito, a necesidade de investigar como a lingua pode perpetuar as desigualdades sociais), convén ter presente que, como puxeron de relevo varios investigadores<sup>37</sup>, se ben é indiscutible que a SLT involucrou, de vez, á lingüística no estudo sistemático dos vínculos entre lingua e sociedade, non é menos certo que, tras a entrada en escena desta disciplina, o interese de non poucos lingüistas (non só españois) pola dimensión social da lingua pasou a ser unha preocupación máis nominal que real (p.e. en Salvador 1986a, 1986b, 1987).

Á marxe dos detalles, unha vez consolidada a sociolingüística como unha das pólas máis avanzadas e produtivas da ciencia lingüística (Paoletti 2011) e unha vez que as explicacións psicolóxicas e sociais *ad hoc* (Tuten e Tejedo-Herrero 2011: 285) e as chamadas disciplinas híbridas (p.e. a sociolingüística, psicolingüística, etc.), por súa vez, emprazadas na periferia da ciencia lingüística baixo o epígrafe de lingüística externa (Pennycook 2001: 32), monopolizaron a exploración da dimensión social das linguas, os lingüistas puideron aparentar unha ruptura «radical» co seu pasado a-social. A maiores, lograron preservar tanto a «vella» concepción das linguas como entidades cognitivas como a idea de que a «lingüística seria», a «lingüística propiamente dita», a «lingüística en sentido estrito», etc., seguía a ser a lingüística interna (isto é, a fonoloxía, semántica, morfoloxía e sintaxe).

Certamente, neste «clima intelectual» que pensaba na sociolingüística como unha sorte de disciplina auxiliar emprazada na periferia da lingüística (interna), non é de estrañar que a tradicional axenda de traballo da EFE pasase por alto a necesidade de explorar os vínculos entre lingua e desigualdade social en tanto que, ao cabo, os seus lingüistas seguían a operar coa convicción de que unicamente o estudo da estrutura interna das linguas era «lingüística seria».

Con todo, se ben é certo que esa sociolingüística despreocupada pola análise dos vínculos entre lingua e desigualdade social sempre foi unha orientación claramente dominante entre os sociolingüistas, tamén é verdade que, como matizan algúns investigadores<sup>38</sup>, sempre houbo sociolingüistas coevos de Labov (p.e. Gumperz e Hymes 1972) cuxa práctica investigadora traspasou os límites rigorosos da teoría variacionista laboviana en tanto que se interesaron moito máis polas prácticas discursivas dos falantes que polos sistemas lingüísticos.

<sup>37</sup> Nomeadamente, Duchêne, Moyer e Roberts (2013: 4), Harris (1998b: 7, 1998c, 1998d: 17) e Pennycook (2001: 32).

<sup>38</sup> Por exemplo, Duchêne, Moyer e Roberts (2013: 4-5) e Lynch (2015: 78-80).

Esquemáticamente, conforme os sociolingüistas entre os anos setenta e noventa do século pasado foron percibindo que unha lectura ao pé da letra dos principios labovianos dificultaba un enfoque multidisciplinar (Harris 1998b: 7, Mesthrie, Swann, Deumert e Leap. 2000: 311-315) e, xa que logo, a análise global de fenómenos lingüísticos de tanto calado como a alternancia estilística entre *ti* e *vostede*, as opinións dos falantes verbo das falas propias e alleas, etc., medrou paseniño o interese pola metodoloxía e os avances teóricos das ciencias sociais e, por conseguinte, pola exploración das denominadas ideoloxías lingüísticas.

Polo xeral, os sociolingüistas partidarios dunha «concepción ampla» da súa disciplina que fose máis alá dos estreitos límites da teoría variacionista laboviana discriminaron, con propósitos metodolóxicos, dúas grandes pólas no interior da súa ciencia: a microsociolingüística e a macrosociolingüística.

Con independencia do sentido concreto que un ou outro investigador lle dese a este par terminolóxico<sup>39</sup>, os máis dos especialistas concordan no enfoque deste binomio como unha segmentación exclusivamente metodolóxica cuxo obxectivo sería discriminar entre investigacións sociolingüísticas centradas na compoñente lingüística (= microsociolingüística) ou na dimensión social (= macrosociolingüística).

Na práctica (Elia 1987: 21), dado que a macrosociolingüística pon a súa lupa sobre a sociedade e, daquela, sobre os efectos da lingua sobre a estrutura social, esta subdivisión da sociolingüística analizaría os aspectos sociais, etnográficos e comunicativos vinculados coas linguas.

Correlativamente, no parecer de Florian Coulmas (1997, 2001: 567), visto que a microsociolingüística coloca o foco sobre a lingua para investigar como a sociedade pode incidir na estrutura das linguas por medio de rigorosas técnicas de análise estatística, este enfoque investiga a correlación entre variantes lingüísticas e variables sociais (p.e. clase socioeconómica, xénero, idade e estilo).

Desde esta perspectiva (Swann, Deumert, Lillis e Mesthrie 2004: 205), a microsociolingüística e a macrosociolingüística serían unha sorte de *alter egos* cuxo mutuo auxilio permitiría unha análise pormenorizada dos vínculos entre lingua e sociedade pois é evidente que, se desexamos un estudo polo

<sup>39</sup> En síntese, dous son os significados asociados cos termos «macro» e «micro». Por unha banda, na liña de Coulmas (1997: 2, 2001: 566) e Romaine (1995: 489), os termos «macro» e «micro» implicarían complementación gradativa de tal xeito que os estudos máis explicativos e máis causais do enfoque «macro» necesitarían, previamente, dos estudos máis descritivos e analíticos da perspectiva «micro». Pola outra banda, no ronsel das opinións de Berruto (1974: 61, 83; 1995: 27-28) e Trudgill (1992: 51-52), mentres que o termo «macro» implicaría grupos de falantes comparativamente grandes (p.e. unha cidade), o epígrafe «micro» falaría de grupos relativamente pequenos (p.e. dous falantes nunha conversa).

miúdo dos fenómenos sociolingüísticos (p.e. da obsolescencia das «pequenas» variedades lingüísticas vernáculas), necesitamos dunha simbiose entre as análises macro e micro.

Como nos comentan Thomas Ricento (2000a: 23) e Martin Reisigl (2013: 74), se, por exemplo, intentásemos comprender as razóns polas cales un individuo escolle, ou desbota, unha variedade lingüística concreta (p.e. o galego) nun dominio funcional concreto (p.e. nos usos xurídicos), necesitamos combinar os enfoques micro e macro porque, de non termos en conta os factores sociopolíticos, económicos, históricos e culturais que enmarcan as escollas lingüísticas individuais (Pennycook 2001: 57), no mellor dos casos, poderíamos caer no erro dunha análise ben «naif» da realidade lingüística<sup>40</sup>.

Precisamente, dada a convicción cada vez máis xeneralizada de que cumpría unha «concepción ampla» da sociolingüística, pasado un certo tempo, algúns dos sociolingüistas partícipes desta tradición de revisión implícita da SLT (se queremos, dentro dunha primeira fase de revisión da SLT) abandonaron a visión da lingua como un simple reflexo da sociedade e asumiron, abertamente, un enfoque das linguas como unha «práctica social» (Lynch 2015: 78).

Verbo disto último, en opinión dalgúns especialistas<sup>41</sup>, os sociolingüistas deberían ter presente que, do mesmo xeito que as mudanzas sociais inflúen nas variedades lingüísticas, así tamén os cambios lingüísticos (en realidade, o conxunto de usos lingüísticos dos falantes) carrexan transformacións sociais (p.e. as prácticas lingüísticas axudan na construción das identidades de xénero).

De feito, como matiza G. Williams (1992: 39), se a lingua fose soamente un reflexo da sociedade, implicitamente, estaríamos a afirmar que as linguas só poden funcionar como entidades «dependentes» da sociedade e, xa que logo, sen capacidade ningunha para inducir cambios na sociedade.

A maiores<sup>42</sup>, se aceptásemos que as linguas son só un «espello» da sociedade, de xeito implícito, alén de que estaríamos a admitir tamén que os falantes actúan como unha sorte de «autómatas (socio)lingüísticos» sen outras capacidades alén da reprodución das normas de comportamento lingüístico ditadas polo seu «grupo de iguais», retornaríamos a aquela «antiga» imaxe das linguas como organismos naturais cuxo progreso (non se sabe moi ben como) obedecería unicamente á obriga de satisfacer as necesidades comunicativas dos seus falantes e da sociedade (así pensan, por exemplo, Alvar 1982, Mariner 1981 e Salvador 1987).

<sup>40</sup> Como, por exemplo, Alvar (1978a: 18-19, 1982), Marcos-Marín e Miguel (2009: 50), Neira (1982: 79) e Salvador (1986b: 36, 1987: 139, 1992).

<sup>41</sup> Por exemplo, Bell (2014: 2), Cameron (1990: 64, 1995: 15-16), Joseph (2010: 9) e Pennycook (2009: 164)

<sup>42</sup> Consonte con Cameron (1990, 1995), Harris (1998a: 2) e Villena Ponsoda (2013: 176, 192-193).

Pola mesma (Pennycook 2001: 32), se as variedades lingüísticas fosen unicamente un reflexo da sociedade, non tería ningún sentido que argumen-tásemos en prol das «pequenas» variedades lingüísticas vernáculas por-que, ao cabo, con independencia das accións e dos argumentos en positivo dos sociolingüistas (así como da sociolingüística no seu conxunto), o porvir destas falas ficaría completamente supeditado ao contexto socioeconómico, político e cultural circundante (como opinan, entre outros, Lodares 2000 e Salvador 1987).

En resumo, froito da revisión oculta e constante da SLT, a maioría dos sociolingüistas (p.e. Blommaert 2005: 9-10, 2010: 4-6; Spolsky 1998: 5-6) abrazou tanto a imaxe da sociolingüística como un continuo que se estende desde a microsociolingüística até a macrosociolingüística como a necesidade de estudarmos os efectos do poder sobre a fala cotiá (isto é, da conveniencia de investigarmos os encontros lingüísticos entre «diferentes»).

Agora ben, dentro desta posición claramente maioritaria nos últimos tempos (Paoletti 2011: 7), algúns dos sociolingüistas actuais adoptaron unha postura que, eles mesmos e os seus historiógrafos (p.e. Mesthrie, Swann, Deumert e Leap. 2000: 309, Pennycook 2001), deron en chamar crítica por mor do seu interese nas ideoloxías lingüísticas.

En síntese, o enfoque crítico da sociolingüística asume, explícita e cons-cientemente, un proxecto de revisión teórica e metodolóxica (isto é, de *deconstrución*) do discurso da lingüística autónoma e da SLT como paso pre-vio á construción dunha (socio)lingüística máis obxectiva e dotada dun maior nivel de compromiso social (Mesthrie 2009: 977, Pennycook 2001: 36-37).

En opinión dos sociolingüistas críticos, a incipiente sociolingüística da década de 1960, malia a súa insistencia formal na necesidade de ter en conta a compoñente social no estudo das linguas (May 2006: 255), visto que seguiu a traballar cos mitos lingüísticos (Harris 1998a: 4, Pennycook 2001: 18, Rogers 2008) e ficcións (Kress 2001a: 542) herdados da tradición lingüística posi-tivista de ascendencia platónica, na práctica, non rompeu coa visión das lin-guas como entidades totalmente autónomas da sociedade e, por conseguinte, co enfoque desta ciencia como unha disciplina académica radicalmente inde-pendente das ciencias sociais e indiferente ás desigualdades sociais (Kress 2001a: 542-543).

De feito, como adiantabamos en parágrafos precedentes, o lema vito-rioso da sociolingüística dos anos sesenta: «a lingua reflicte a sociedade», no parecer de Rajend Mesthrie, Joan Swann, Ana Deumert e William L. Leap (2000: 309), deixa entrever que os sociolingüistas, consciente ou inconscien-temente, sempre intentaron eliminar a compoñente «social» das súas análi-ses tanto como lles fose posible.

Ao xuízo de non poucos investigadores, ao longo da década de 1960, de xeito ben similar ao acontecido anteriormente na lingüística histórico-comparativa decimonónica, estruturalismo e xenerativismo (Janda e Josep. 2003: 7-8, Lightfoot 1999: 34-35, Morpurgo 1998: 13-15), a sociolingüística peneirou a compoñente «social» dos seus estudos tanto como puido por un prurito de, con palabras de Mark Garner (2004: 18, 36-38) e Thomas Ricento (2000b: 5, 2006a: 12), «obxectividade científica».

Con seguridade, a ansia dos sociolingüistas por seren recoñecidos como científicos de pleno dereito (e, por suposto, o anhelado de que a súa disciplina acadase a categoría de ciencia canónica) explica a excesiva cautela con que estes investigadores incorporaron a metodoloxía e as hipóteses teóricas das ciencias sociais.

Con todo, como matiza John Earl Joseph (2004a: 60-61), en descargo do comportamento da sociolingüística daqueles anos, cómpre lembrar que o «clima intelectual» daquela entón esixía dos científicos (por suposto, tamén dos lingüistas) a criba do «lastre» de subxectividade con que hipoteticamente estaban «contaminadas» as ciencias sociais.

Na práctica, o desenvolvemento terminolóxico e teórico da sociolingüística con vistas a aparentar «rigor científico» ou, dito con palabras de José Del Valle (2013: 4-5), a *cientificización* da investigación lingüística, orixinaron unha nacente sociolingüística centrada, en exceso, na análise estatística das correlacións entre variantes lingüísticas e variables sociais.

Deste xeito, así como é incuestionable que a sociolingüística debe moito do seu recoñecemento público como ciencia de pleno dereito á capacidade de ofrecer unha explicación plausible á variación lingüística e ao cambio lingüístico (Josep. 2004a: 60), tamén é verdade que os sociolingüistas, por medo a que se puxera en cuestión a categoría de ciencia da súa disciplina, relegaron a un segundo plano o contexto sociopolítico, económico, histórico e cultural circundante aos fenómenos lingüísticos.

Á parte disto, no parecer dos historiógrafos (p.e Williams 1992), no contexto dun «clima intelectual» que entendía as democracias occidentais como sistemas sociais case perfectos cuxa excelencia só precisaba da localización, descrición e corrección dos seus contados «erros» ou «disfuncións», semella comprensible que as primeiras fornadas de sociolingüistas non se mostrasen moi interesadas en destacar as causas sociopolíticas, económicas, históricas e culturais responsables das asimetrías lingüísticas. Ao cabo, esas disimetrías, no caso de seren detectadas, pasaban por «erros» illados e, daquela, facilmente corrixibles (Ricento 2000a: 20).

Sen dúbida, o esaxerado afán da primeira sociolingüística polo desenvolvemento teórico e terminolóxico e pola descrición «obxectiva» e «neutral» da realidade lingüística, provocou que esa incipiente sociolingüística non rompese de vez co enfoque sincrónico (se queremos, ahistórico) e apolítico (dito doutro xeito, a-social) dominante na ciencia lingüística desde as súas máis remotas orixes.

Neste sentido, así como a lingüística tradicional traballou ao servizo dos intereses das elites sociopolíticas estatais cando ocultou, baixo a aparencia dun discurso exclusivamente científico, as auténticas razóns sociopolíticas, económicas, culturais e históricas responsables da elevación das falas destas selectas minorías á categoría de linguas (Bourdieu 1982, 1991), tamén a SLT operou ao ditado deses mesmos intereses cando marxinou o contexto sociopolítico, económico, cultural e histórico en que se enmarcaban fenómenos lingüísticos como o cambio lingüístico e a variación lingüística (por extensión, a «morte das linguas»; May 2003, 2006, 2012; Pennycook 2001: 56-59).

Precisamente por isto, como poñen de manifesto unha ampla nómina de investigadores (Skutnabb-Kangas e Phillipson 1999: 2, Tovey e Share 2000: 333), cando os sociolingüistas (p.e. Milroy 2002: 558-565, Milroy e Gordon 2003: 120-133) describen a variación lingüística e o cambio lingüístico dentro do marco da versión máis ortodoxa da metodoloxía cuantitativo-correlativa (é dicir, con contadas referencias ao contexto sociopolítico, económico, cultural e histórico), semella moi complicado abstraerse á percepción de que a obsolescencia dos idiomas dominados conforma unha sorte de proceso «natural» cuxa infalibilidade obedece, sen máis, ao «signo dos tempos».

Agora ben, se esta era a situación da sociolingüística na década de 1960, no parecer dos sociolingüistas críticos, o panorama xeral desta disciplina deu en mudar amodiño ao longo das dúas décadas seguintes.

Precisamente, ao longo da seguinte etapa da sociolingüística, ao pé das voces<sup>43</sup> críticas co mito das linguas como «códigos autónomos» e da lingüística como unha disciplina completamente autónoma das ciencias sociais, outros (socio)lingüistas<sup>44</sup> comezaron a reclamar unha análise (socio)lingüística interdisciplinar quen de abordar a complexa natureza multidimensional dos vínculos entre lingua e sociedade (Josep. 2004b: 355-356, Wodak 1995: 206, 2006: 188).

Deste xeito, mentres os máis dos sociolingüistas permaneceron dentro da versión máis ortodoxa da SLT (p.e. Alvar 1982, Salvador 1986b), uns poucos

<sup>43</sup> Por exemplo, Harris (1980, 1981), Hymes (1974: 5), Joseph (1987) e Le Page e Tabouret-Keller (1987).

<sup>44</sup> Nomeadamente, Fowler, Hodge, Kress e Trew (1979) e Hodge e Kress (1979).

especialistas (p. e. Wolfson e Manes 1985: IX e Mey 1985: 342, Montes 1980) demandaron unha (socio)lingüística atenta á relación entre a valoración social das variantes lingüísticas (por extensión, das variedades lingüísticas) e o estatuto sociopolítico, económico, histórico e cultural dos seus usuarios.

Así pois, segundo informan os historiógrafos, entre 1970 e 1990, uns cantos sociolingüistas abriron unha porta á análise multidisciplinar dos vínculos entre lingua e sociedade ou, dito doutro xeito, á exploración da incidencia do contexto sociopolítico, económico e histórico no prestixio das variantes e variedades lingüísticas.

En esencia, bótase de ver que este novo enfoque sociolingüístico entroncou con ese proxecto global de modernización da ciencia lingüística encamiñado á troca do orixinal *enfoque segregacionista* (isto é, da visión das linguas e das sociedades como realidades mutuamente independentes) polo *enfoque integracionista* (isto é, por unha visión das linguas e das sociedades como unha mesma realidade).

Precisamente, no ronsel do interese teórico crecente polo contexto sociopolítico, económico, histórico e cultural en que emerxen as variedades lingüísticas, na década de 1980, algúns sociolingüistas anticiparon a visión das linguas como construcións políticas (p.e. Alinei 1981, Josep. 1985, 1987). Segundo estes investigadores, as modernas linguas occidentais eran consecuencia das asimétricas relacións de poder xeradas ao longo dos procesos de construción dos modernos estados-nación europeos.

Agora ben, por moito que esta visión das linguas como construcións políticas xa se insinuara durante a xa mencionada primeira fase de revisión da SLT (Ricento 2006a: 13-15, 2013: 525), non será até finais da década de 1990 (isto é, na segunda etapa de reformulación desta disciplina; Pietikäinen e Holmes 2013: 7) cando este enfoque se faga moito máis explícito, evidente e xeneralizado.

En síntese, de acordo con algúns estudosos, a SLC trocou o «vello» enfoque neoclásico (se queremos, o enfoque positivista e tecnicista; Ricento 2000a: 23, 2006a: 13) da SLT por un «novo» *enfoque histórico-estrutural* (dito doutro xeito, por un enfoque posmoderno e crítico; Pennycook 2006: 62).

En consonancia con este enfoque histórico-estrutural, a SLC asume conscientemente o ideario da lingüística desmitificadora e, xa que logo, a necesidade dunha deconstrución dos mitos lingüísticos, da ideoloxía do sentido común e, daquela, do concepto tradicional de lingua herdado da filosofía platónica a través dos paradigmas teóricos interpostos da lingüística xenerativa, estruturalista, decimonónica, racionalista, renacentista e modista medieval.

En opinión destes e doutros moitos estudiosos<sup>45</sup>, o estruturalismo e o xenerativismo participaron na defensa dos intereses sociopolíticos das elites estatais dominantes porque lexitimaron cientificamente cara ao século XXI a elevación das falas desas escolleitas minorías á categoría inequívoca de lingua.

En esencia, estes dous paradigmas teóricos, ao presentaren as linguas, ben como puros sistemas de oposicións funcionais, ben como unha sorte de gramáticas mentais impostas aos falantes desde o momento do seu nacemento (p.e. Alvar 1982: 13, 1996a: 17-19), puideron omitir así calquera referencia aos factores extralingüísticos (sociopolíticos, económicos, culturais e históricos) que, en detrimento das falas dos grupos periféricos dominados, elevaron as abstraccións mentais construídas polos lingüistas a partir das falas das elites estatais ao estatuto indubidable de linguas (isto é, de modelos lingüísticos a seguir).

En resumo, hoxe en día, desde o punto de vista da SLC, conviven no interior da (socio)lingüística dúas grandes visións do concepto de lingua. Segundo o discurso elitista (o enfoque lingüístico segregacionista e a SLT) ligado aos centros de poder das diferentes nacións-estado, as linguas son entidades internamente homoxéneas, perfectamente discretas e cunha relación de tipo «natural» ou «esencial» cun determinado grupo humano e territorio. Pola contra, de acordo co discurso igualitarista (o enfoque lingüístico integracionista e a SLC) vinculado ás periferias desas mesmas nacións-estado, as linguas son, asemade, unha práctica e un recurso social cuxo valor é tanto simbólico como económico na medida en que estas permiten un mellor ou peor acceso ao traballo, recursos e servizos públicos e privados.

Neste sentido, na liña de Thomas Ricento (2013: 526-527), poderíamos imaxinar as teorías actuais sobre as linguas como un continuo cuxas extremas serían a abstracción e a concreción absolutas. De seguro, nesta cadea, mentres a lingüística tradicional ficaría ben cerca da primeira das dúas amentadas extremas por mor da súa concepción das linguas como sistemas autocontidos de partes interdependentes e por causa da súa visión da ciencia lingüística («seria», «estrita», etc.) como unha disciplina académica completamente autónoma e centrada no estudo da estrutura (fonética, fonoloxía, morfoloxía e sintaxe) das linguas, a SLC habitaría comparativamente moito máis cerca do cabo contrario por mor da súa concepción das linguas como construtos políticos, pola incorporación dos avances teóricos da ACD e polo proxecto de deconstrución das teorías lingüísticas tradicionais.

<sup>45</sup> Por exemplo, Bourdieu (1982: 17-39, 1991: 31-50), Ferguson (2006: 3), Joseph (2004a, 2004b), Milroy (2012: 572), Pennycook (2001: 56), Ricento (2013: 527) e Skutnabb-Kangas e Phillipson (1999: 4).



Así pois, a EFE, tanto pola súa concepción das linguas como unha sorte de gramáticas mentais que se lle impoñen ao individuo no momento do seu nacemento como pola súa visión da lingüística como unha disciplina completamente autónoma das ciencias sociais, habitaría moito máis cerca do primeiro extremo que do segundo. Neste sentido, segundo o enfoque da SLC, cómpre explorar en que medida a devandita concepción das linguas e da ciencia lingüística lexitimou as taxonomías discursivas (p.e. lingua-dialecto) creadas en reforzo das disimetrías sociolingüísticas xeradas durante o proceso de construción da nación-estado española (ao cabo, un idioma dominante sobre varios idiomas dominados) e, daquela, co desexo oculto de delimitar un centro e unha periferia.

#### 1.4 A sociolingüística crítica

Como vimos de ver no apartado anterior, malia que o interese polo estudo dos vínculos entre lingua e desigualdade social estivese presente na sociolingüística desde as súas máis remotas orixes (alá por 1920) e a pesar de que esta mesma preocupación fose para máis durante a primeira fase de revisión desta disciplina académica (isto é, desde os anos setenta até finais dos noventa), non hai dúbida de que a emerxencia da sociolingüística crítica (contra finais dos noventa) deu a este empeño un singular protagonismo.

Precisamente, de matizarmos a noción de heterose (Pennycook 2001: 9, 2009: 163) xa presentada na nosa introdución coas achegas teóricas doutros sociolingüistas (Ricento 2000a: 20, 2006b: 6; Jernudd e Nekvapil 2012: 30 e Hornberger 2006: 34), podemos asegurar que o amentado enfoque híbrido da SLC asenta sobre tres grandes principios programáticos: *ecoloxía*, *ideoloxía* e *acción*<sup>46</sup>.

Segundo James W. Tollefson (2002: 4-5, 2006: 42-43), desde o momento en que combinamos as palabras *sociolingüística* e *crítica*, o enunciado resultante adquire tres matices específicos: 1º) interese consciente pola revisión da SLT (e, xa que logo, pola censura do seu subxacente enfoque liberal, neoclásico, antigo, positivista, técnico, sincrónico ou presentista), 2º) preocupación polo cambio social e pola conservación das variedades lingüísticas vernáculos e 3º) interdependencia coa Teoría Crítica (se queremos, coa ACD).

En síntese, este modelo ecléctico da SLC é o resultado de conxugar o enfoque ecolóxico das linguas coa ACD e coa acción (isto é, co estudo da repercu-

<sup>46</sup> O termo en inglés utilizado por este sociolingüista crítico é *agency*. Dadas as dúbidas que formularía a tradución literal ao galego (axencia), optamos pola substitución do termo *agency* polo vocábulo *acción*.

sión das decisións individuais e colectivas sobre as linguas). Vexamos, pois, cal foi a achega concreta de cada un destes tres paradigmas constitutivos no total do noso enfoque híbrido da SLC.

Segundo diferentes estudosos, o enfoque ecolóxico (tamén chamado ecoloxismo lingüístico, ecoloxía lingüística ou ecolingüística) principiou con Einar Haugen (1972) e, se ben na súa vertente máis política explorou o impacto negativo da globalización e do capitalismo sobre a diversidade lingüística e biolóxica a nivel local, supralocal e mundial (Austin e Sallabank 2011: 8), na súa versión máis común, acostuma analizar as conexións entre lingua e contexto socioeconómico, político, histórico e cultural (Garner 2004: 63, 69, Grenoble 2011: 30).

Por extensión, o enfoque ecolóxico, ao pé da defensa das («pequenas») variedades lingüísticas vernáculas e da diversidade lingüística (Grenoble 2011: 31), rexeita a ideoloxía do monolingüismo (Ricento 2006a: 14) e propugna a ideoloxía lingüística heteroglósica ou polinómica (é dicir, avoga polo plurilingüismo como horizonte de futuro; Skutnabb-Kangas e Phillipson 1999: 12)<sup>47</sup>.

Á luz dos «fríos» datos demolingüísticos, a chamada ecoloxía lingüística compara a alarmante mingua actual da diversidade lingüística mundial co drama da perda da biodiversidade no noso planeta.

En principio, dado que os máis recentes datos demolingüísticos amosan que os cerca de 7000 millóns de habitantes do planeta se reparten preto de 7105 linguas (Lewis, Simons e Fennig 2013), de distribuírmos equitativamente a totalidade de habitantes do planeta entre o total de linguas do mundo, obteríamos unha media de, aproximadamente, algo menos dun millón de falantes por lingua (Harrison 2007: 14, Romaine 2013: 776)<sup>48</sup>.

Agora ben, esas mesmas estatísticas demolingüísticas amosan que a distribución real de falantes por lingua non encaixa con esa «idílica» proporción (Austin e Sallabank 2011: 1, Grenoble 2009: 240, 2011: 27) dado que, mentres as cen linguas máis faladas do mundo supoñen o 90 % da poboación mundial, os 7005 idiomas restantes representan só o 10 % dos habitantes do planeta<sup>49</sup>.

<sup>47</sup> A ecolingüística tamén combate, como afirman Grenoble (2011: 30) e Hornberger (2006: 34), o *darwinismo lingüístico* (p.e. Lodaes 2005: 58, Marcos-Marín e Miguel 2009: 84, 101) que considera inútiles todas as accións humanas (individuais ou colectivas) encamiñadas á defensa das pequenas variedades lingüísticas vernáculas porque, segundo a versión forte ou tradicional da ecoloxía lingüística (Grenoble 2011: 30), unicamente as linguas máis fortes e mellor adaptadas ao seu nicho ecolóxico sobrevivirán ao paso dos anos.

<sup>48</sup> Suzanne Romaine (2013: 776) dá a cifra concreta de 860000 falantes.

<sup>49</sup> Como salientan Boran (2003: 191), Grenoble (2011: 28) e Nettle e Romaine (2000: 8).

A actual tendencia mundial cara á concentración demolingüística semella aínda máis evidente se pensamos que, así como as 393 linguas con, cando menos, un millón de falantes (isto é, ao redor do 6 % do total de linguas) abranguen case o 94 % da poboación mundial, os 6712 idiomas sobrantes non superan o 6 % da poboación mundial (Grenoble 2011: 28).

Alén disto, no tocante á concentración demolingüística, cómpre ter presente que, pois pouco máis de 8 millóns de falantes (é dicir, menos do 0, 2 % da poboación mundial) se reparten 3986 das linguas do mundo, máis da metade das linguas do mundo non chegan aos 2500 falantes (en realidade, estaríamos a falar dunha media de 2340 falantes por lingua; Lewis, Simons e Fennig 2013).

Por se isto fose pouco, non deberíamos esquecer que a desigual distribución demolingüística garda unha estreita relación coa irregular disposición xeográfica das linguas no mundo (Romaine 2013: 782) xa que, fronte ás 284 linguas do continente europeo (un 4 % das linguas do mundo; Lewis, Simons e Fennig 2013), os restantes continentes<sup>50</sup> suman un total de 6821 idiomas (isto é, o 96 % das linguas do mundo; Lewis, Simons e Fennig 2013)<sup>51</sup>.

Xa que logo, se, como observan varios estudosos (p.e. Omoniyi 2012: 349, Skutnabb-Kangas e Phillipson 1999: 2), un continente (ou un país) é tanto máis homoxéneo lingüísticamente canto maior sexa a media de falantes por lingua, non hai dúbida de que, en atención aos datos de que nos fornecen os investigadores (Lewis, Simons e Fennig 2013), Europa é, con moito, o continente lingüísticamente menos diverso<sup>52</sup>.

Abofé que, como salientan varios especialistas<sup>53</sup>, a «vella» teima dos estados-nación europeos e neo-europeos (p.e. Estados Unidos e Canadá) por seren territorios monolingües e monoculturais provocou que Europa e a súa área histórica de influencia estean moito máis homoxeneizadas lingüísticamente do que está o resto do mundo. Velaquí, unha das observacións máis relevantes e atinadas do enfoque ecolóxico.

Agora ben, se o histórico e actual devalo da diversidade lingüística mundial cara á proporción de «unha lingua por estado» semella unha tendencia

<sup>50</sup> América, con 1060 linguas; Asia, con 2304 linguas; África, con 2146 linguas e Oceanía, con 1311 linguas.

<sup>51</sup> Segundo esta mesma investigadora (Romaine 2013: 782), o 70 % das linguas do mundo abrangue tan só o 24 % da superficie terrestre.

<sup>52</sup> Como afirman, por exemplo, Austin e Sallabank (2011: 4-5), Grenoble (2009: 240), Grin (2013: 629), Omoniyi (2012: 349), Romaine (2013: 783) e Sallabank (2012: 109).

<sup>53</sup> Por exemplo, Grenoble (2011: 30), May (2003, 2006, 2012), Skutnabb-Kangas e Phillipson (1999) e Wright (2012: 67).

preocupante, cómpre lembrar que as estimacións de futuro son aínda moito máis inquietantes.

En primeiro lugar, visto que, hoxe por hoxe, un total de 472 idiomas non chegan aos cen falantes (delas, 457 son *linguas case-extintas*; Lewis, Simons e Fennig 2013, Lewis 2009), os sociolingüistas (p.e. Crystal 2000, Ferguson 2006: 72) barruntan que, no tempo dunha ou dúas xeracións, pois os «contados» usuarios destas falas envellecen e morrerán, «desaparecerá» cerca do 22 % da actual diversidade lingüística mundial.

Con seguridade, estes «fríos» prognósticos redundan na idea de que, nos anos vindeiros, o histórico ritmo de perda progresiva da diversidade lingüística se acelerará notablemente. Verbo disto, os especialistas vaticinan que, así como nos últimos anos «morreron» a metade das linguas coñecidas do mundo (Sasse 1992: 7), deica o ano 2100, no mellor dos casos, outras tantas das linguas actuais serán historia<sup>54</sup>.

No ronsel destas estimacións, algúns sociolingüistas (p.e. Krauss 1992, May 2006: 260-261, 2012: 132) auguran que, a longo prazo, non sobrevivirán moito máis de 600 ou, no peor dos casos, 300 linguas (ao cabo, aproximadamente, «unha lingua por estado»). Precisamente, na liña destas últimas predicións, estes mesmos sociolingüistas anuncian que, dentro de 100 anos, unicamente perdurará o 10 % da diversidade lingüística mundial actual.

Así e todo, outros investigadores<sup>55</sup> retrucan que, mesmo no caso de que se chegaran a cumprir estes negativos augurios, non nos deberíamos indignar ou aflixir por isto porque, alén de que ao longo da historia sempre «morreron» (p.e. o latín), «resucitaron» (p.e. o hebreo) e «naceron» linguas (p.e. o montenegrino, o serbio, o croata, os «ingleses do mundo», etc.), unha comunidade pode conservar a súa identidade e cultura primordiais sen a súa lingua ancestral, os pobos teñen dereito a elixir en función dos seus intereses e, por último, habería menos atrancos para a comunicación entre todas as nacións e cidadáns do mundo. Como asegura Kenan Malik (2000: 16): «What if half the world's languages are on the verge of extinction? Let them die in peace».

Fóra de que, como poñen de relevo Peter K. Austin e Julia Sallabank (2011: 7) e Julia Sallabank (2012: 108), chame poderosamente a atención que estes lingüistas, malia seren as linguas o seu «material de traballo», non se alarmen (e, mesmo, se alegren) pola potencial perda do 90 % do seu obxecto de estudo, o enfoque ecolóxico contraataca co argumento de que a

<sup>54</sup> De acordo con Austin e Sallabank (2011: 2), Krauss (1992: 79), May (2012: 132), Romaine (2013: 775, 2015: 31-32), Skutnabb-Kangas e Phillipson (1999: 11) e Sallabank (2012: 103).

<sup>55</sup> Por exemplo, Alvar (1978e: 15), Lodaes (2005: 126, 147-158), Marcos-Marín e Miguel (2009: 84), Neira (1982: 54) e Salvador (1986a, 1986b, 1987: 28, 2005a, 2005b, 2007a: 208-209).

actual perda da diversidade lingüística mundial leva un ritmo tan acelerado que, alén de que o número de linguas «nadas» non é quen de compensar o total de linguas «mortas», mesmo se está a superar o ritmo de devalo da biodiversidade.

Por outra banda, aínda que os obxectivos xerais deste traballo nos obriguen a pasar por alto as graves consecuencias da perda da diversidade lingüística para o saber humano (non só lingüístico)<sup>56</sup>, no tocante ás súas causas, cómpre pór de relevo que, se ben os sociolingüistas non se poñen totalmente de acordo verbo desta cuestión, os máis deles<sup>57</sup> adoitan coincidir ao redor destas dúas ideas-forza: 1<sup>a</sup>) as causas son múltiples e diversas e 2<sup>a</sup>) o dominio político, económico, social e cultural duns grupos humanos sobre outros é determinante.

En concreto, mentres uns especialistas poñen o acento sobre a axenda política dos modernos estados-nación como causa esencial da erosión da diversidade lingüística a nivel mundial (p.e. Ferguson 2006: 73-76 e May 2003, 2006, 2012) e outros investigadores no intenso proceso de industrialización, modernización e urbanización en que anda inmerso o mundo desde comezos do século XIX (p.e. Grenoble 2009: 247, 2011: 33-35), outros tantos lingüistas subliñan a innegable realidade de que todo mudou para o conxunto das variedades lingüísticas desde o século XVI (isto é, desde o pos-feudalismo; p.e. Alinei 1981, Gorter 2009, Skutnabb-Kangas e Phillipson 1999).

Sexa como for, a SLC insiste unha e outra vez na evidencia de que, así como os grupos humanos con poder político, económico, social e cultural (case?) nunca abandonaron os seus idiomas propios, pola contra, os colectivos que «escolleron» unha lingua dominante sempre foron grupos humanos sociopolítica, económica, cultural e historicamente marxinados (isto é, social e culturalmente dislocados; Grenoble 2009: 247, 2011: 34). En esencia, segundo Julia Sallabank (2012: 104, 116) e Suzanne Romaine (2015: 32), o dominio social, económico, político e cultural duns grupos humanos sobre outros explica a erosión da diversidade lingüística a nivel mundial (ao cabo, a «morte das linguas»).

<sup>56</sup> Unha panorámica das graves consecuencias da perda da diversidade lingüística para o saber humano pódese consultar en Austin e Sallabank (2011: 6-7), Bobaljik e Pensalfini (1996: 17-18), Garner (2004: 237-238), Ferguson (2006: 77-81), Harrison (2007: 16-19), Boran (2003: 195-197), Romaine (2015: 36-42) e Sallabank (2012: 108-111).

<sup>57</sup> Con todo, os chamados «internacionalistas» ou «ideólogos de las lenguas grandes» (p.e. Lodaes 2000, 2005; Marcos-Marín e Miguel 2009: 82, Salvador 2005a, 2005b) presentan a «morte» das linguas como unha máis das consecuencias inevitables do progreso e modernización da sociedade.

Con palabras doutros estudosos<sup>58</sup>, podemos asegurar que, cando un individuo «escolle» unha lingua dominante nun contexto de marxinação sociopolítica, económica, cultural e histórica, por moito que esa «elección» procure unha potencial mobilidade social «cara arriba», nunca se trata, realmente, dunha «escolla libre».

Por exemplo, cando os indios amazónicos trocan os seus idiomas propios polo español, en contra da opinión dalgúns lingüistas españois<sup>59</sup>, non se trata de «escollas en liberdade» dado que esa «selección» se produce nun contexto sociopolítico, económico, cultural e histórico de intensa marxinação das comunidades indíxenas<sup>60</sup>.

Precisamente, o enfoque ecolóxico das linguas pon o acento sobre os condicionamentos (ás veces, ben evidentes) sociopolíticos, económicos, históricos e culturais que enmarcan a capacidade real de escolla dos falantes entre dous ou máis idiomas (p.e. entre o español e os diferentes idiomas periféricos de España). Velaí, a segunda observación ben interesante e asisada do enfoque ecolóxico.

No tocante a esta última cuestión, como salientan Alastair Pennycook (2001: 56, 60) e Suzanne Romaine (2008: 9, 14), a ecolingüística denuncia a naif actitude liberal e o espírito de *laissez-faire* subxacente ás argumentacións lingüísticas<sup>61</sup> que xustifican o devalo da diversidade lingüística a nivel mundial en favor das grandes variedades estándar como consecuencia exclusiva de centos, miles, millóns, etc., de decisións individuais cuxa coincidencia sempre na dirección das grandes linguas sería unicamente atribuíble a un «certero instinto lingüístico» (Salvador 1986a: 29, 1987: 135) na escolla da «lengua que les va a servir de modo más amplio y eficaz» (Salvador 1986a: 29, 1987: 135)<sup>62</sup>.

Pola súa banda, a *ecolingüística*, fronte á insistencia da lingüística tradicional e da SLT na capacidade individual de selección entre idiomas en

<sup>58</sup> Entre outros, Bucholtz (2009: 989), Ferguson (2006: 79, 124, 2012: 479) e Anderson (2004: 2).

<sup>59</sup> Por exemplo, Alvar (1978e: 15, 1990: 22, 1996a: 19, 2000: 29), Lodares (2005: 10), Marcos-Marín e Miguel (2009: 50) e Salvador (2007b: 22).

<sup>60</sup> Como afirman Coronel-Molina e Solon (2011: 687), Escobar (2011: 327), Gynan (2011: 353) e Mosonyi (1997: 598).

<sup>61</sup> En, por exemplo, Alvar (1978e, 1982), Lodares (2000, 2002, 2005), Marcos-Marín e Miguel (2009) e Salvador (1986a, 1986b, 1987, 2005a, 2005b).

<sup>62</sup> A este respecto, así falan Marcos-Marín e Miguel (2009: 42): «En las sociedades libres, los hablantes que son los contribuyentes, deciden». Nunha liña semellante, Malik (2000: 16) opina: «But most languages die out, not because they are suppressed, but because native speakers yearn for a better life. Speaking a language such as English, French or Spanish, and discarding traditional habits, can open up new worlds and is often a ticket to modernity». Por último, Muñoz Licerias (Marín 2015), nunha entrevista, afirma sobre o devalo das linguas periféricas no estado español: «Para ser más eficiente te comunicas en la lengua en la que te sientes más cómodo».

función dos intereses persoais, procura analizar as condicións sociopolíticas, económicas, históricas e culturais en que se producen esas escollas individuais (Pennycook 2001, 2006).

Como comentan Tove Skutnabb-Kangas e Robert Phillipson (1999: 3), visto que os medios de comunicación de masas, o sistema educativo, a macro e micro-economía reais e as accións políticas condicionan a capacidade real dos falantes de «selección» entre linguas, cando explicamos a obsolescencia dunha lingua periférica como a consecuencia lóxica de centos, miles, millóns, etc., de seleccións libres e estritamente individuais na procura dunha suposta maior mobilidade social «cara arriba», non hai dúbida de que estamos a formular unha hipótese de traballo, cando menos, interesada e perigosa. Velaí, a terceira conclusión relevante do *enfoque ecolóxico*.

Á marxe doutras cuestións, bótase de ver que a devandita argumentación omite calquera referencia ao contexto sociopolítico de intensa marxinação en que se producen determinadas escollas entre idiomas<sup>63</sup> coa finalidade de lexitimar a expansión xeográfica e demográfica das grandes linguas baixo a aparencia dun proceso derivado exclusivamente dun exercicio de liberdade individual na busca dunha léxítima mobilidade social «cara arriba» (é dicir, na busca de igualdade social e do progreso individual e social).

Evidentemente, segundo denuncia a SLC, grazas a este hábil discurso eufemístico, a apoloxía da desigualdade muda en loa da igualdade de oportunidades, da democracia e dos dereitos individuais (isto é, nun suposto *liberalismo igualitario*; Blackledge 2008: 304, 310)<sup>64</sup>. Á parte de que se afirma protexer a liberdade do individuo para escoller en beneficio dos seus intereses persoais, tamén se asegura que son os individuos, e non as linguas (por extensión, as colectividades), os auténticos posuidores dos dereitos lingüísticos<sup>65</sup>.

Sen dúbida, desde o punto de vista da SLC, por medio desta sagaz estratexia lingüístico-discursiva, alén de que os ideólogos lingüísticos das «lin-

<sup>63</sup> Así acontece en Alvar (1978e), Lodaes (2000, 2002, 2005), Marcos-Marín e Miguel (2009) e Salvador (1986a, 1986b, 1987, 2005a, 2005b, 2007a, 2007b).

<sup>64</sup> Unha boa síntese deste ideario son estas palabras de Marcos-Marín e Miguel (2009: 82): «Tras la independencia [de la América hispana] el ideal que se impone es el de la igualdad, para el que la lengua común, que garantiza el mejor acceso de todos a la cultura, es un bien que se refuerza con toda energía».

<sup>65</sup> Así, por exemplo, en Mendivil (2003/2004: 1442, 2007: 19), podemos ler: «Los derechos lingüísticos se refieren siempre a los hablantes o a comunidades lingüísticas, no a las lenguas en sí». Con máis vehemencia, este mesmo lingüista (Mendivil 2008: 3) exclama: «ya que los sujetos de derecho son las personas, si acaso las comunidades de hablantes, pero no las lenguas. Decir que una lengua tiene derechos es algo tan absurdo como decir que la fabada asturiana tiene derechos». Por último, Marcos-Marín e Miguel (2009: 38) afirman: «Frente a la idea de la mente colectiva o de propiedad de la comunidad de hablantes, puede valer la propuesta de Hermann Paul de que se debe estudiar la lengua como propiedad individual».

guas grandes» mudan en ideólogos lingüísticos partidarios das liberdades individuais e do progreso, consecuentemente, os seus antagonistas (é dicir, os ideólogos lingüísticos das «linguas pequenas»; p.e. do catalán) trocan en partidarios do atraso, escurantismo, autoritarismo, etc. A maiores, se consonte con Melanie Cooke e James Simpson (2012: 118-119), cabe afirmar que estes lingüistas lograron transformar o orixinal discurso dominante, discriminatorio e intolerante nunha alocución finxidamente igualitaria e liberal (isto é, en discurso igualitarista) e viceversa, por outra banda, de acordo con Darren Paffey (2012: 20-25), bótase de ver que os correspondentes textos mudaron en contextos de debate entre dous tipos de discurso: elitismo contra igualitarismo.

Agora ben, no tocante ás devanditas prácticas discursivas dos lingüistas, é mester lembrar que algúns sociolingüistas agrupan todas as ideas, crenzas e prexuízos que promoven as grandes variedades estándar con decenas de millóns de falantes en menoscabo das variedades lingüísticas periféricas baixo os epígrafes de lingüicismo (Skutnabb-Kangas e Phillipson 1999: 6, Canagarajah e Said 2011: 390) e de imperialismo lingüístico.

A seguir, no tocante ao segundo piar da sociolingüística crítica: a ideoloxía, debemos comezar por lembrar que os sociolingüistas críticos, de acordo coa doutrina da ACD, asumen unha posición política consciente coa intención de, tras unha análise rigorosa dos textos (Blackledge 2008: 299, 2012: 617; Martin-Jones, Blackledge e Creese 2012, Watts 2012: 587), primeiro, facer visibles as estruturas de poder e dominio (isto é, as ideoloxías lingüísticas ou mitos lingüísticos) subxacentes ao discurso arquivo da lingüística tradicional e, segundo, mudar esas prácticas discursivas con miras á construción dunha sociedade máis xusta e democrática.

Con este obxectivo, a SLC<sup>66</sup> denuncia, unha e outra vez, que o discurso dominante na lingüística tradicional e na SLT nunca foi, en puridade, neutral, obxectivo, científico, técnico e aséptico.

En primeiro lugar, para a SLC, o mito das linguas como sistemas autocontidos de partes interdependentes (ao cabo, o mito da «lingua en sentido estrito»; Watts 2012: 597) sen conexión ningunha coa sociedade (Garner 2004, Harris 1998a) permitiu que a tradición lingüística de ascendencia platónica omitise calquera referencia ao contexto sociopolítico, económico, histórico e cultural particular en que opera cada unha das distintas variedades lingüísticas. Froito desta hábil operación, os (socio)lingüistas lograron proxectar a imaxe de que a artificial (en tanto que histórica e socialmente

<sup>66</sup> Por exemplo, Bell (2014: 4), Ferguson (2006: 3), Hornberger (2006: 34), Mar-Molinero e Paffey (2011: 748), Pennycook (2001: 56) e Skutnabb-Kangas e Phillipson (1999: 4).



construída; Alinei 1981, Patrick 2001: 2) hexemonía sociolingüística das falas das elites estatais (isto é, dun centro) sobre todas as restantes variedades lingüísticas da súa periferia era un dominio exclusivamente lingüístico (Dirven, Frank e Pütz 2003: 10, Mininni 2001: 501).

Ao entender da SLC, o enfoque apolítico das asimetrías entre variedades lingüísticas ao xeito de xerarquías só lingüísticas (p.e. Alvar 1978a) beneficiou notablemente ás elites estatais. Desde o momento en que a orixe sociopolítica, económica, histórica e cultural da hexemonía das falas estatais mudou nun dominio exclusivamente lingüístico xerado espontaneamente (isto é, sen intervención humana) polas propias linguas e aceptado «libremente» polas sucesivas xeracións de falantes interpostas entre o «pasado» e «presente»<sup>67</sup>, esa selecta minoría gozou do privilexio da posesión e uso dunha variedade lingüística cuxa hexemonía derivaba, non do seu histórico poder político, senón da propia evolución espontánea dos feitos lingüísticos «en liberdade» e, daquela, consagrado pola «tenaz voluntad de todos» (Alvar 1982: 54).

Xa que logo, se a natureza dominante das falas das elites estatais adquiría a aparencia dun «feito espontaneamente consumado» (isto é, dun feito «democrático» en tanto que construído e aceptado por todos ao longo das sucesivas xeracións interpostas entre «pasado» e «presente»; Alvar 1979: 23-24) até o extremo de que «el desplazamiento antiguo ha marcado los hechos como irreversibles» (Alvar 1982: 55), de certo, calquera acto crítico contra a devandita hexemonía lingüística sería un ataque á «orde valores» (Alvar 1982: 55, Salvador 1987: 27) na procura da «anarquía» (Alvar 1982: 55).

A maiores, a SLC censura que algúns (socio)lingüistas<sup>68</sup> insinúen que, dado que as asimetrías entre variedades lingüísticas derivan de procesos históricos aceptados polo conxunto das sucesivas comunidades lingüísticas no eixe diacrónico, os (socio)lingüistas nunca se deberían exceder no exercicio das súas lexítimas funcións (ao cabo, exclusivamente, a descrición «obxectiva» da realidade lingüística). Precisamente, Suzanne Romaine (2008: 9) ataca esa idea de que a política debería ficar fóra da ciencia.

Fronte a esta visión, a SLC entende que, pois as ideoloxías lingüísticas, de non ser en casos de conflito entre grupos de poder, «dormen» implícitas e ocultas baixo a «pátina» dun discurso aparentemente científico, técnico, obxectivo e neutral, os (socio)lingüistas, de acordo co proxecto político da ACD (Cooke e Simpson 2012: 120, Paffey 2012: 33), deberían abandonar esa actitude pasiva (isto é, o quietismo político) e transcender a simple descrición

<sup>67</sup> Como opinan González Ollé (1995), Lodaes (2002: 110, 2005: 52) e Salvador (1986a: 29, 1987: 135).

<sup>68</sup> Como dan a entender Alvar (1982: 13, 41-42, 51, 55, 71, 89, 93, 95), Neira (1982: 54, 81) e Salvador (1987: 23, 26, 108, 138-139).

da realidade lingüística para deconstruír (isto é, para facer visibles e explícitas) as estruturas de poder e dominio subxacentes aos procesos de produción e lectura do discurso elitista.

Para a SLC, os textos ((meta)lingüísticos) da lingüística tradicional e da SLT responden a unha axenda política oculta: manter o *statu quo*. Segundo a SLC, a lingüística tradicional pretende perpetuar os privilexios políticos, económicos, sociais e culturais historicamente adquiridos por un centro político, económico e lingüístico (á derradeira, por unhas elites estatais) sobre a súa respectiva periferia.

Desde esta perspectiva, a SLC enfoca o discurso ((meta)lingüístico) da lingüística ortodoxa e da SLT (tamén, verbo da cuestión lingua-dialecto) como unha estratexia lingüístico-discursiva encamiñada á naturalización e á lexitimación (científica) da categoría de lingua unicamente para as falas das elites estatais.

En opinión da SLC (Cook e Simpson 2012: 117), o discurso ((meta)lingüístico) académico logrou disociar o enfoque das linguas como puros sistemas de oposicións funcionais do seu grupo social produtor (isto é, das elites estatais). Deste xeito, esa imaxe das linguas xerada desde a cosmovisión do mundo das elites estatais ao servizo dos seus intereses deveu en patrimonio do conxunto da sociedade baixo a aparencia dunha «verdade (científica) incontestable» (=lexitimación) ou dunha «idea, opinión, argumento, etc., de sentido común» (=naturalización). Evidentemente, desde o momento en que o enfoque das linguas (p.e. como un puro sistema de oposicións funcionais) xerado desde a cosmovisión das elites estatais en apoio dos seus intereses chegou a ser unha idea naturalizada, esas elites tiveron moito terreo adiantado no tocante á perpetuación do seu poder e hexemonía.

En xeral, este discurso dominante actuou nun dobre sentido. Por unha banda, ocultou os procesos de centralización e periferalización responsables, respectivamente, da glorificación das falas das elites estatais dos diferentes estados-nación na categoría inequívoca de lingua e da minorización do resto de variedades lingüísticas periféricas dese mesmo estado-nación na condición, explícita ou implícita, de dialectos. Pola outra, insistiu no argumento de que, desde un punto de vista estritamente científico e lingüístico, as falas das elites estatais gozaban da xerarquía inequívoca de lingua porque, por mor dos seus atributos estruturais e extralingüísticos (p.e. plena capacidade expresiva), eran lingüísticamente superiores.

Pola contra, a SLC<sup>69</sup> afirma que unha variedade lingüística concreta será lingua ou dialecto, maioritaria ou minoritaria (mellor sería dicir minorizada),

<sup>69</sup> Entre outros, Blommaert (2006: 247), Ferguson (2006: 73-77), Gorter (2009: 639), May (2006: 262, 2012: 133), Moustaqi (2007) e Patrick (2001).

dominante ou dominada, nacional ou rexional, lingua ou *patois*, etc. (ao cabo, idioma pleno ou parcial), non por motivos de orde lingüística, senón por factores de natureza extralingüística (nomeadamente, por mor dos procesos políticos de centralización-periferalización xerados durante a construción dun estado-nación).

Sen dúbida, a racionalización das asimetrías sociolingüísticas entre idiomas por medio dun discurso centrado na glorificación das variedades lingüísticas das elites estatais (lingua da razón, da lóxica, do progreso, etc.) e, á vez, na estigmatización-minorización das variedades lingüísticas periféricas das correspondentes nacións-estado foi outra das pancas ao servizo do obxectivo ideolóxico central dos nacionalismos europeos: a construción de estados-nación monolingües e monoculturais<sup>70</sup>.

Por outra banda, a SLC entende que este discurso dominante e elitista, en tanto que, implicitamente, consagraba o «vello» axioma herderiano de «unha lingua, unha nación, un estado» como «modelo» para a diversidade lingüística a nivel mundial, tamén axudou á erosión da pluralidade lingüística a nivel local, translocal e mundial (Baines 2009: 642, Patrick 2010: 298, Ricento 2006c: 232).

Polo xeral, así como a hexemonía sociolingüística das falas das elites estatais se xustificou como un dominio só lingüístico consagrado polo decorrer histórico e pola aceptación de todos os falantes das comunidades lingüísticas respectivas, así tamén o devalo da diversidade lingüística a nivel mundial intentou lexitimarse (Skutnabb-Kangas e Phillipson 1999: 4), ben como un proceso irreversible e inherente aos procesos de modernización e urbanización das sociedades actuais, ben como un proceso de «selección natural» no sentido de que só sobreviven as linguas máis «útiles», máis «fortes» e mellor «dotadas» para a loita polos escasos recursos (p.e. Salvador 1986a: 29-30).

Precisamente, segundo a metáfora do cárcere (Alvar 1982: 11, 13), a EFE<sup>71</sup> argumentou que, nun mundo que camiña de xeito irreversible cara á homoxeneización lingüística ao redor das grandes «linguas nacionais» (p.e. Alvar 1982: 51, Salvador 1987: 19)<sup>72</sup>, unicamente podemos escoller unha des-

<sup>70</sup> Así opinan Ferguson (2006: 74-75), Hernández-Campoy (2011: 705), Patrick (2001: 9-11) e Phillipson (2006, 2012: 206).

<sup>71</sup> En realidade, Buesa (1980: 30), Salvador (1986b: 35, 1987: 25, 2005a, 2007a: 208-209, 2007b: 28) e Menéndez (2011b: 8) falan da confrontación entre espírito de «universalidade» e do «campanario». Por súa vez, mentres Lodaes (2005: 31) fala da tensión entre «entendimiento e identidade» e Martín Zorraquino (2003: 27-28) contrapón o «planteamiento de la modernidad» ao «discurso de las minorías», Marcos-Marín e Miguel (2009: 82) designan os defensores das grandes linguas do mundo como «internacionalistas» ou «ideólogos de las lenguas grandes».

<sup>72</sup> Sobre esta cuestión escribe Lodaes (2002: 85): «En tal sentido, cuando la comunicación se hace más fluida, la liberalización económica y comercial se deja notar, las ciudades adelantan, se agiliza

tas dúas opcións, ben a prisión das «minúsculas linguas moribundas» (Salvador 1987: 26), dun «idioma comarcano» (Salvador 1987: 26) ou «vecinal» (Salvador 1987: 25), das «linguas non extendidas, pequenas, tribales» (Salvador 2005a, 2007a: 208, 2007b: 182), dos «fueros lingüísticos» (Lodares 2002: 34, 199, 202) ou das «variedades terruñeras» (Alvar 1982: 71, Buesa 1980: 40), ben a «liberdade» das grandes variedades estándar con decenas de millóns de falantes<sup>73</sup>.

En síntese, segundo Gregorio Salvador (1987: 26):

Una cosa parece clara, no ya para cualquier lingüista, sino para toda persona con la adecuada dosis de sentido común: la fuerza del intercambio, [...], es la fuerza progresiva; el espíritu de campanario, que establece fronteras, que cierra puertas, que disgrega comunidades, que atomiza los grupos, es la fuerza regresiva.

Sen dúbida, de acordo co punto de vista da SLC (p.e. Verschueren 2012: 178), esta e outras (p.e. a metáfora do coitelo; Salvador 1987: 65) recreacións alegóricas da realidade lingüística axudaron na construción do discurso eufemístico con que a EFE enmascarou o seu exercicio constante de congruencia ideolóxica baixo a simulación dunha vontade inquebrantable de coherencia científica. De seguro, a estratexia lingüístico-discursiva da metáfora, combinada, ou non, coas outras dúas grandes estratexemas discursivas: a iconización e o ocultamento, ocultou a fidelidade permanente da EFE á ideoloxía lingüística do monolingüismo baixo a aparencia dun sometemento tenaz aos principios teóricos da ciencia lingüística.

Ao cabo, esta e outras metáforas transmitían unha imaxe manipulada da realidade lingüística en tanto que a súa natureza parcial (só recollían unha parte da realidade lingüística) e asimétrica (unicamente aquela parte de interese para o grupo produtor e manipulada desde o seu punto de vista) se ocultaba baixo a fasquía dun relato alegórico, inocente e de carácter formativo. Neste sentido, a metáfora foi unha das tres grandes estratexias lingüísti-

---

la navegación o se reforma la enseñanza, ninguna lengua puede competir en tales terrenos con la común; el propio desarrollo social la impone y la legislación garantiza el proceso». Posteriormente, este mesmo lingüista (Lodares 2005: 52), asegura que: «Las lenguas amerindias han ido desapareciendo desde hace doscientos años a esta parte porque sus hablantes se han visto envueltos, de mejor o peor grado, en un proceso inevitable de abandono de las antiguas formas de producción agraria e inmersos en la industrialización, la emigración a las ciudades y una acomodación laboral y social que pasaba por el español. Esta lengua la han adquirido por espontaneidad en la mayoría de los casos, por simple contacto y sin apoyo de planes escolares».

<sup>73</sup> Así pensan Alvar (1979, 1982), González Ollé (1995: 52), Lodares (2000: 209, 2002: 32, 69, 125, 199), Marcos-Marín e Miguel (2009: 43, 82-84) e Salvador (1986a, 1986b, 1987, 1992, 2005a, 2007a: 208-209, 2007b: 22).

co-discursivas con que se promoveu subrepticamente o enfoque das linguas forxado desde a cosmovisión das elites estatais (ao cabo, o mito da homoxeneidade lingüística) e, por conseguinte, con que se traballou na consecución do consentimento manufacturado.

No caso concreto da metáfora do cárcere, alén de que esta alegoría daba por sentado a imposibilidade de progreso social, económico e cultural sen unha das grandes linguas, bótase de ver que a insistencia na suposta relación de «sentido común» que existiría entre atraso e «linguas pequenas», por unha banda, e progreso e «linguas grandes», pola outra, procuraba o consentimento manufacturado co mito da homoxeneidade lingüística. Á derradeira, buscaba a participación activa dos propios grupos dominados na substitución dos seus «pequenos» idiomas periféricos pola súa correspondente variedade estándar estatal ou «lingua común».

Moi crítica con toda esta argumentación e coas amentadas estratexias lingüístico-discursivas, a ACD e a SLC entenden que as ideoloxías do monolingüismo e do monoculturalismo gobernan todo o discurso da lingüística tradicional e da SLT.

En concreto, a SLC subliña que a ideoloxía do monolingüismo enfoca a racionalización lingüística (isto é, a consecución dunha estrutura social monolingüe na variedade estándar estatal) como un requisito previo indispensable para a consecución de nacións-estado modernas, eficientes e organizadas e, por conseguinte, como un punto de partida necesario para o progreso material e cultural deses mesmos estados-nación (é dicir, para a racionalización estatal).

Ademais, en opinión dos sociolingüistas críticos (p.e. Schmidt 2006: 98), as ideoloxías do monolingüismo e do monoculturalismo: 1º enfocan o multilingüismo e o multiculturalismo como «ameazas» para a unidade política, cultural e idiomática dos diferentes estados-nación<sup>74</sup>, 2º asumen que as opcións reais de mobilidade social (individual e colectiva) esixen unha única «lingua nacional» (p.e. Alvar 1979, 1982; Buesa 1980: 41, Lodaes 2002: 55) e 3º enfocan a xerarquización entre variedades lingüísticas como un proceso exclusivamente lingüístico e natural (no sentido de historicamente aceptado por todos)<sup>75</sup>.

Fronte o discurso dominante da lingüística tradicional e da SLT, o discurso igualitarista da SLC afirma que as asimetrías entre variedades lingüísticas (p.e. lingua contra dialecto) non obedecen, única ou nomeadamente, a

<sup>74</sup> Así opinan Buesa (1980: 38-39), Lodaes (2002: 12), Menéndez (2011a, 2011b), Neira (1986: 62) e Salvador (1987: 103, 2007b: 16).

<sup>75</sup> Por exemplo, Alvar (1982), Buesa (1980: 43), Lodaes (2002: 55), Neira (1986), Salvador (2007a, 2007b).

razóns lingüísticas en tanto que se orixinan nun contexto sociopolítico moi concreto: durante os procesos de centralización-periferalización ligados á construción dos modernos estados-nación.

De acordo coa SLC, as argumentacións da lingüística tradicional e da SLT sobre a dicotomía lingua-dialecto deixan entrever a concepción das linguas inherente ao chamado modelo nacionalista (Geeraerts 2003: 41-55, 2008: 56-71) así como ese enfoque dos nacionalismos e das nacións-estado que os investigadores adoitan denominar como clásico (Blommaert 2006: 239).

Precisamente, consonte cos devanditos sociolingüistas e Donna Patrick (2001: 5), o devandito enfoque clásico das linguas e dos nacionalismos de ascendencia decimonónica sintetiza dúas das ideoloxías dominantes no século XVIII: o modelo romántico e o modelo racionalista ilustrado.

En liñas xerais, o nacionalismo clásico decimonónico fusionou a visión romántica das linguas como a expresión máis conspicua da esencia dun pobo (en realidade, da identidade individual) coa concepción racionalista e ilustrada das linguas como ferramentas de comunicación consagradas á procura da mutua comprensión e á superación das fronteiras xeográficas e sociais (velaí a razón do gusto pola homoxeneización lingüística)<sup>76</sup>.

Dado que estes dous xeitos de pensar poderían derivar en posturas maximalistas do tipo de «unha lingua por persoa» (froito do interese romántico pola diversidade lingüística) e «unha lingua universal» (como consecuencia da reivindicación ilustrada dunha lingua supranacional)<sup>77</sup>, os intelectuais decimonónicos condensaron esas dúas opcións nun nacionalismo identitario de inspiración romántica.

Na práctica, este nacionalismo identitario de inspiración romántica permitiu que os intelectuais decimonónicos conxugasen a idea romántica das linguas como máxima expresión da identidade diferenciada dun pobo coa restrición do ámbito de aplicación efectiva do ideal racionalista dunha «lingua universal» ao interior das fronteiras xeopolíticas dos seus respectivos

<sup>76</sup> Verbo disto, escribe Lodaes (2002: 95): «Aunque se haya extendido la tesis del atropello de lenguas por parte de los ilustrados, lo cierto es que su política lingüística a favor del español no puede desligarse de las reformas de la administración, en las finanzas, en el comercio, en las comunicaciones; de la consideración, novedosa, entonces, de la enseñanza como un servicio público y de la pugna en el terreno con las órdenes religiosas; igualmente, hay que relacionar el hecho con el denodado combate contra el paisanismo que inauguran los ilustrados y todo el proceso, en fin, con el cambio general por el que un caduco imperio humano e lingüísticamente variopinto se instala en los terrenos de la modernidad».

<sup>77</sup> Así fala Salvador (1987: 19) ao respecto: «esa idea de una sencilla lengua común universal, que permita entenderse a todos los hombres, es una hermosa utopía».

estados-nación<sup>78</sup>. Froito desta asociación decimonónica, o nacionalismo clásico sempre operou coa certeza de que unha comunidade internamente monolingüe e monocultural sería a configuración «ideal» para os «vellos» (p.e. España), «novos» (p.e. Noruega) e «novísimos» (p.e. Montenegro) estados-nación (Stevenson e Mar-Molinero 2006: 3-4).

Agora ben, pois é innegable que nunca houbo estados-nación (ou nacións-estado; p.e. Alemaña) completamente monolingües e monoculturais porque, en todos eles, sempre houbo un certo grao de pluralidade lingüística e cultural (Gal 2006: 15, 2010: 33, Spolsky 2009: 455, Watts 2012), bótase de ver que os intelectuais decimonónicos describiron a realidade lingüística, non como esta era en realidade, senón como eles quixeran que fose ou como eles pensaban que era. Dito doutro xeito (Spolsky 2009: 455), os intelectuais decimonónicos transformaron os territorios lingüísticamente heteroxéneos en estados ideoloxicamente monolingües e, a seguir, desde a ideoloxía lingüística do monolingüismo, deseñaron todo o seu proxecto de planificación lingüística.

Certamente, os intelectuais decimonónicos, por mor da ideoloxía lingüística do monolingüismo (p.e. Ricento 2006a: 14) e da aparelhada ideoloxía do monoculturalismo (Blommaert e Verschueren 1998: 117-147), sempre razoaron desde o convencemento de que a diversidade lingüística a nivel mundial unicamente era tolerable baixo a fórmula de «unha lingua por Estado» e de que, por conseguinte, a planificación lingüística debería procurar sempre a correspondencia «un-a-un» entre as variables pobo, lingua e territorio ao xeito de tributo previo indispensable ao inicio de calquera proxecto ideolóxico de construción nacional. Velaí, a razón última do ataque contra os idiomas periféricos.

Por suposto, estes intelectuais sempre pensaron que o monolingüismo e o monoculturalismo eran requisitos previos indispensables para a construción de estados-nación modernos e eficaces dado que, na súa ausencia, nin o progreso social, económico e cultural, nin a consecución dunha estrutura administrativa, política, militar, etc., eficiente e organizada, serían posibles.

En resumo, como recoñece abertamente Alvar (1978a, 1979), as xerarquías entre variedades lingüísticas non xorden por causa de procesos naturais (exclusiva ou nomeadamente lingüísticos) senón que derivan, en realidade,

<sup>78</sup> Precisamente por isto, Salvador (1987: 28) exclama: «Por eso lo molesto y dramático no es que los núcleos de habitantes filipinos, chicanos y puertorriqueños hayan trocado o puedan trocar el español por el inglés, lo verdaderamente indignante es que a grupos de hablantes españoles se les pretenda confinar a lenguas minoritarias y con frecuencia artificiales o se les quiera hacer oficiar en la farsa ridícula de la sayaguesización de su propia variedad dialectal». Sen dúbida, a restrición, na práctica, do ideal racionalista de «unha lingua universal» ao interior dos diferentes estados-nación explica o furibundo ataque contra calquera vestixio de diversidade lingüística no interior do estado español.

do proceso histórico de construción dos modernos estados-nación. Neste contexto, a ideoloxía do monolingüismo implementa as falas das elites estatais a todos os cidadáns do seu respectivo estado-nación co obxectivo de que, unha vez conseguida a racionalización lingüística, sexa factible a racionalización estatal (Laitin 2001: 652).

Por último, no tocante ao terceiro pilar formador da SLC: a acción, os sociolingüistas críticos puxeron o acento na relevancia das accións humanas (por acción ou omisión) na preservación ou erosión da diversidade lingüística dentro e fóra dos diferentes estados-nación (Villa e Valle 2015: 571 ).

A este respecto, a SLC (Ricento 2013: 521) entende que as accións dos lingüistas non son irrelevantes. Con seguridade, dado o poder simbólico dos (socio)lingüistas (Bourdieu 1982), se estes glorifican a expansión das linguas centrais (p.e. o italiano), supercentrais (p.e. o español) e hipercentrais (o inglés) con argumentos utilitaristas e instrumentalistas e se, asemade, estigmatizan os idiomas periféricos (p.e. coa metáfora do coitelo) con razoamentos de idéntica natureza en sentido contrario (o valor dunha lingua diminúe en proporción directa á mingua no número de falantes e do espazo xeográfico ocupado; p.e. Salvador 1992), isto repercutirá negativamente no prestixio deste segundo grupo de idiomas e, por conseguinte, na actitude dos falantes (proprios e alleos) ante estas últimas variedades lingüísticas<sup>79</sup>.

Igualmente, se os lingüistas glorifican unha determinada variedade lingüística na xerarquía inequívoca de lingua e se, asemade, minorizan-estigmatizan todas as restantes variedades lingüísticas periféricas do seu respectivo estado-nación na condición de dialectos, sen dúbida, isto tamén repercutirá no prestixio do segundo grupo de idiomas.

No fondo, os lingüistas poden comportarse como ideólogos lingüísticos das «linguas pequenas» se defenden o discurso igualitarista ou poden actuar como ideólogos lingüísticos das «linguas grandes» cando impulsan o discurso elitista. Como observa Stephen May (2003: 125-135), se os (socio)lingüistas optan (ás veces, conscientemente; p.e. Lodares 2002, 2005) pola ideoloxía lingüística do monolingüismo, estes investigadores asumen así mesmo a seguinte axenda política oculta: 1º) o proxecto de denigración das variedades lingüísticas periféricas, 2º) o desinterese polo pasado das variedades lingüísticas periféricas (p.e. Salvador 2007b: 22), 3º) a simplificación e o saneamento do pasado das variedades lingüísticas (a ocultación dos acontecementos históricos contrarios ás súas teses; p.e. Alvar 1978a, 1979)

<sup>79</sup> O enfoque das linguas como unha ferramenta tanto máis operativa e válida cantos máis falantes posúe fica ben claro coa metáfora do coitelo pois, segundo Salvador (1987: 65): «Non son iguales todas las lenguas, ni muchísimo menos, como no todos los cuchillos cortan igual».



e 4º) a presentación dos sucesivos estados lingüísticos sincrónicos como un conxunto de feitos lingüísticos consumados segundo o lema de que «O feito, feito está» (Alvar 1982)<sup>80</sup>.

Pola contra, en opinión de Julia Sallabank (2012: 104), se os lingüistas fan seu o discurso igualitarista e, por conseguinte, o desenmascaramento da ideoloxía lingüística do monolingüismo oculta baixo o discurso arquivo, estes mesmos investigadores optarán pola defensa da xerarquía de lingua dos idiomas periféricos. Por suposto, dado o poder simbólico da súa crítica, no caso de que os usuarios dos idiomas dominados chegasen a ser conscientes da presión exercida desde un centro sobre as súas variedades lingüísticas periféricas na liña prospectiva da súa denigración cara á condición de dialectos, xergas, *patois*, etc., é posible que eses mesmos falantes se decantasen por unha postura moito máis activa na defensa das súas propias falas.

Con seguridade, no caso de que os (socio)lingüistas se comprometesen coa defensa das variedades lingüísticas vernáculos propias ou alleas, estes serían unha variable fundamental na saliencia, desenvolvemento e resolución da problemática lingua-dialecto.

En xeral, desde o momento en que os lingüistas lograsen transformar os textos en contextos de debate sobre o estatuto lingüístico deste ou daqueloutro idioma concreto (p.e. do asturiano), así como os partidarios das grandes linguas argumentarán no sentido de que ese idioma é un dialecto (polo xeral, da súa propia lingua), pola contra, os partidarios das variedades lingüísticas vernáculos defenderán que estes idiomas son linguas de seu. De seguro, o feito de que a posesión dunha lingua propia sexa un dos símbolos máis conspicuos dunha identidade nacional diferenciada ten moito que ver cos pronunciamentos públicos a favor ou en contra do recoñecemento público da xerarquía de lingua para os idiomas periféricos. Velaí a razón final da relevancia da acción dos lingüistas.

En definitiva, a sociolingüística crítica, froito da combinación dos seus tres grandes principios programáticos (ecoloxía, ideoloxía e acción), ademais de que denuncia a erosión da diversidade lingüística a nivel mundial sempre en favor dos centros políticos, económicos e sociais, milita activamente na causa da defensa do plurilingüismo.

---

<sup>80</sup> Precisamente, como exemplo deste xeito de argumentar, poderíamos citar estas palabras de José Neira (1982: 67) tocante ao asturiano: «El fue quien definió el bable como dialecto de los asturianos. [...]. La historia pudo ser otra, naturalmente, porque todo es posible. Pero el pasado es inmodificable. Las cosas son como son, non como quisiésemos que hubiesen sido».

## 2. UNHA PRIMEIRA ACHEGA AOS CRITERIOS LINGÜÍSTICOS TRADICIONAIS

Hoxe en día, entre os sociolingüistas, é xa un «lugar común» falar das linguas como institucións sociais (Cameron 1990: 66), artefactos sociais (Baron 1981: xii), construtos sociais (Ramírez 1996: 38, Trudgill 1974: 43), tradicións culturais (Josep. 2004a: 34), sistemas culturais (Spolsky 2004: 7), construtos históricos (Josep. 2006: 145), construtos culturais (Bobaljik e Pensalfini 1996: 3, Mesthrie 2009: 973) e, mesmo, como construcións políticas (Ferguson 2006: 4).

Con independencia de que poidamos estar máis ou menos en desacordo con algún destes epígrafes e á marxe dos detalles conceptuais e terminolóxicos subxacentes a cada un deles, todo este conxunto de denominacións deixa entrever dúas ideas-forza: 1<sup>a</sup>) a noción de lingua como unha realidade, asemade, lingüística e social e 2<sup>a</sup>) a relevancia da consciencia lingüística ou consciencia idiomática como criterio individualizador de linguas.

En relación con este último parágrafo, cómpre pór de relevo que a sociolingüística, no tocante ao seu enfoque das linguas, sempre se desmarcou da tradición lingüística precedente non tanto pola súa visión das linguas como entidades, a un tempo, lingüísticas e sociais como polo feito de que esta disciplina, tras facer dos falantes (isto e, da dimensión social) o centro da súa argumentación teórica (p.e. Bailey 2012, Lynch 2015), primou claramente os criterios extralingüísticos (en concreto, a presenza/ausencia dunha consciencia idiomática e a presenza/ausencia de subordinación funcional e normativa) sobre os criterios lingüísticos no labor de individualización de linguas.

Como podemos comprobar en Ulrich Hoinkes (1995) e Montes Giraldo (p. e. 1986: 32, 1989: 130, 133), en opinión da SLT, a lingüística tradicional estaba trabucada no tocante á súa concepción das linguas como entidades exclusivamente lingüísticas e, por conseguinte, erraba cando individualizaba linguas con criterios, exclusiva ou preferentemente, lingüísticos (p.e. co criterio da autonomía lingüística).

Entre outros moitos, nos traballos do dialectólogo colombiano Montes Giraldo (1970-1999), dos lingüistas asturianos Ramón de Andrés (1997, 2002, 2012), Berta Piñán (1991) e Milio Rodríguez Cueto (1994) e do lingüista valenciano Chimo Lanuza Ortuño (2001) podemos comprobar que a

SLT enfocaba todas as aporías derivadas do enfoque tradicional da dicotomía lingua-dialecto como unha problemática de natureza nomeadamente técnica cuxa solución definitiva esixía, primeiro, a incorporación de novos criterios ao labor de individualización de linguas (p.e. o criterio da consciencia idiomática) e, segundo, unha axeitada correlación de forzas entre criterios lingüísticos e extralingüísticos.

En xeral<sup>81</sup>, a SLT (Muljačić 1980-2004, Martín 2003) estaba convencida de que, desde o momento en que os (socio)lingüistas primasen os criterios extralingüísticos (isto é, sociais) sobre os estritamente lingüísticos na discriminación de linguas, os investigadores terían a capacidade de responder, satisfactoriamente, á cuestión de que é lingua e que é dialecto.

Agora ben, dentro deste grupo, mentres uns sociolingüistas entenderon que a presenza dunha consciencia idiomática era condición suficiente para que un idioma fose lingua<sup>82</sup>, outros, investigadores esixiron, a maiores, ausencia de subordinación funcional e normativa<sup>83</sup> verbo dunha lingua dominadora (este último, por súa vez, un idioma con autonomía normativa e plenitude funcional).

Na práctica, así como o primeiro grupo de investigadores deu por sentado que abundaba con que os falantes (cando menos, unha selecta minoría no seu interior) dun determinado idioma pensasen na súa fala como lingua de seu para que esa variedade lingüística gozase de semellante xerarquía<sup>84</sup>, no entanto, os partidarios do *modelo relativístico* (p.e. Josep. 1982-2010, Montes 1970-1999 e Muljačić 1990-2004) defenderon que, nun plano estritamente científico (Montes 1986: 26), ademais da consciencia idiomática, cumpría que esa variedade lingüística fose *plenifuncional* (é dicir, apta para todas as funcións comunicativas), *autonormativa* (isto é, que se ditase a si mesma

<sup>81</sup> Nótese a excepcionalidade que encarna o filólogo asturiano De Andres (1997, 2002, 2012) no conxunto da SLT no sentido de que segue a defender a primacía dos criterios exclusivamente lingüísticos (en concreto, da autonomía lingüística; p.e. De Andrés 2012: 17, 22) sobre os extralingüísticos á hora de discriminar entre linguas e dialectos. Velaí a «longa sombra» do pensamento lingüístico de Alvar. Unha opinión semellante semella manter Moreno Fernández (2009: 46).

<sup>82</sup> O seguinte parágrafo (García González 1999: 355) podería sintetizar o pensamento destes (socio)lingüistas: «Los idiomas tienen límites espaciales, temporales y de contexto social. Como en otros casos, este límite contextual viene determinado por el sentir y actuar de las gentes».

<sup>83</sup> A este respecto Montes Giraldo (1995: 51) escribe: «la subordinación, es el criterio básico para determinar el carácter dialectal de un idioma en el plano sincrónico. Subordinación en este caso es subordinación normativa y funcional a un conjunto de mayor alcance y prestigio». Quince anos antes (Montes 1980: 249), este mesmo lingüista afirmara: «el criterio de subordinación como el esencial para definir dialecto y para determinar a qué lengua pertenece». Entre 1983 e 1999, Montes Giraldo (1983: 334-335, 1986: 36-39, 1989: 132, 1999: 537) insiste nesta mesma idea.

<sup>84</sup> Entre outros, Coral e Pérez (2004: 19), García González (1999: 349-356), Garrido (2007: 143), López García (2010b: 31-41), Piñán (1991: 47) e Rodríguez (1994: 9).

as normas de corrección lingüística) e *polisistemática* (é dicir, un sistema de sistemas dominado por unha variedade modelo) para ser lingua.

Segundo o parecer deste segundo grupo de sociolingüistas, por moi evidente e indiscutible que nos puidese parecer a xerarquía de lingua de determinados idiomas (p.e. do catalán), en puridade, mentres houberse máis (p.e. andaluz, leonés, aragonés e asturiano) ou menos (p.e. aranés, galego, vasco e catalán) subordinación funcional e normativa a unha lingua dominante (p.e. ao español estándar), dado que a fala en cuestión permanecería nun estadio (semi) dialectal (Montes 1989: 133) ou de semi-independencia funcional e normativa (Montes 1996), cómpre recoñecer que esa variedade lingüística será «non só ... (lingua/dialecto) senón tamén ... (dialecto/lingua)» (Muljačić 1989b: 50).

Segundo os partidarios do modelo relativístico, visto que a súa postura daba conta dos feitos lingüísticos «tal e como estes eran» e non «como se desexaría que estes fosen», así ficariamos protexidos contra esa actitude idealista que toma por «realidad actual y efectiva lo que es solo un ideal o aspiración» (Montes 1986: 26).

Sexa como for, cómpre por de vulto que ambas as dúas posturas deron un «paso de xigante» na análise *sine ira et studio* das variedades lingüísticas en tanto que trocaron o tradicional enfoque das linguas como entidades estáticas por unha anovadora visión das variedades lingüísticas como realidades dinámicas cuxo estatuto lingüístico podería mudar (en termos tradicionais, de dialecto a lingua e viceversa) en función da circunstancias sociais, políticas, económicas e culturais circundantes.

Neste sentido, segundo a SLT, un idioma dado, por moi interferido que estivese nun momento dado por outra variedade lingüística (p.e. un crioulo) ou por ben longa que fose a súa historia como dialecto (p.e. o leonés), sempre conservaría a súa capacidade potencial de devir en lingua sempre e cando as circunstancias sociolingüísticas ao seu redor lle fosen favorables. Igualmente, un idioma calquera, por moi elevado que fose o seu prestixio (literario) e/ou por moi consolidado que estivese o seu recoñecemento histórico como lingua (p.e. o occitano) nun determinado momento, sempre podería descender da xerarquía de lingua á condición de dialecto se as circunstancias sociolingüísticas en derredor lle fosen desfavorables.

De primeiras, vistas en conxunto estas dúas propostas de mellora da tradicional dicotomía lingua-dialecto, sorprende que, se ben o modelo relativístico contaba coa vantaxe da súa vontade explícita de obxectividade e de validez universal (p.e. Montes 1970-1999), os máis dos defensores das «linguas pequenas» optasen polo criterio da presenza/ausencia dunha consciencia idiomática autónoma.

En descargo destes últimos sociolingüistas cómpre lembrar que estamos a tratar con idiomas, á vez, linguas, en atención ao proceso de estandarización, e dialectos, por mor da súa maior ou menor subordinación funcional e normativa a unha lingua dominante. Dada esta realidade obxectiva, con ser innegable unha certa perda de obxectividade, non nos debería estrañar que os defensores destes idiomas se decantasen maioritariamente polo amentado criterio. Ao cabo, ao mesmo tempo que colocaba o foco sobre a dimensión de lingua destes idiomas desde o punto de vista dos seus falantes, permitía eludir a realidade de que estes mesmos usuarios debían executar (*volentes nolentes*) unha parte maior (p.e. o asturiano) ou menor (p.e. o catalán) dos seus actos lingüísticos cotiás (orais e escritos) na correspondente lingua dominadora estatal (dito doutro xeito, acochaba a súa dimensión dialectal).

Sexa como for, así como é certo que a SLT, polo xeral, ofreceu unha imaxe abondo inxenua dos vínculos entre, por unha banda, lingua e poder e, pola outra, entre poder e coñecemento científico<sup>85</sup>, tamén é innegable que a SLT sempre contou con sociolingüistas máis (p.e. Montes 1970: 23) ou menos (p.e. Muljačić 1990-2006) preocupados pola exploración dos conflitos sociopolíticos subxacentes á taxonomía lingua-dialecto. Tamén é incontestable que sempre houbo na SLT mencións máis ou menos explícitas á antedita relación tanto desde dentro (Josep. 1987-2006) como desde fóra (De Andrés 1997-2012, Moreno Fernández 2009: 44) do chamado modelo relativístico.

Con todo isto en mente, podemos afirmar que, en certo sentido, a SLC veu sistematizar o interese de vello dunha parte dos sociolingüistas pola análise dos conflitos políticos subxacentes á taxonomía lingua-dialecto así como pola investigación do discurso elitista encamiñado á naturalización e á lexitimación das asimetrías sociolingüísticas creadas durante os procesos de centralización-periferalización inherentes á construción dos modernos estados-nación.

Vistas así as cousas, bótase de ver que a SLC non estaría tan interesada na mellora dos criterios tradicionalmente empregados na individualización de linguas con vistas a unha análise máis obxectiva do grupo de idiomas (p.e. o asturiano) a medio camiño entre os prototipos de linguas (p.e. o español) e de dialectos (p.e. o murciano) como, primeiro, na exploración da conxuntura política subxacente á taxonomía lingua-dialecto e, segundo, no destape da manipulación ideolóxica oculta baixo os amentados principios co obxectivo de glorificar as diferentes variedades estándar estatais e de minorizar os seus correspondentes idiomas periféricos.

<sup>85</sup> Como comentan Blackledge (2012: 617), Patrick (2001: 4), Pennycook (2001: 29-33) e Van Dijk (2012).

Desde este punto de vista, no caso dos idiomas periféricos máis (p.e. o asturiano) ou menos (p.e. o catalán) subordinados a unha lingua dominante estatal, a SLC non se centraría tanto na cuestión técnica de se estes idiomas son linguas ou dialectos (que tamén) como na realidade de que a controversia tocante ao estatuto lingüístico destes idiomas (isto é, a cuestión de se son linguas ou dialectos) non emerxe en tanto en canto os colectivos humanos implicados non adquiren unha certa consciencia de si mesmos como identidades nacionais diferenciadas (p.e. os cataláns) e, por conseguinte, en canto eses grupos humanos non dean en reivindicar a xerarquía de lingua para o seu propio idioma. Dito por outras palabras, mentres dean por boa a denominación (=exo-etiqueta) de dialecto, ou calquera outro epígrafe equivalente, imposta desde o respectivo grupo humano dominante.

A partir deste momento, visto que a posesión dunha lingua autónoma é un dos trazos simbólicos máis conspicuos dunha entidade nacional diferenciada, así como os apoloxistas dos idiomas socialmente dominados reivindicarán a xerarquía de lingua para o seu propio idioma e traballarán na lexitimación científica desa xerarquía (por suposto, desde o punto de vista dos seus detractores, por medio da manipulación ideolóxica da realidade lingüística), así tamén aqueloutros individuos (lingüistas, profesores, editores, xornalistas, etc.) interesados no control xeopolítico deses mesmos grupos humanos argumentarán no sentido exactamente contrario: a fala en cuestión é un dialecto (ou outra etiqueta equivalente) da súa lingua porque así o ditamina a lingüística cos seus criterios científicos (p.e. co criterio da intelixibilidade).

Evidentemente, desde o momento en que xorde o conflito de intereses entre partidarios e detractores da xerarquía de lingua dun idioma periférico dado, os partisanos desa fala, desde unha periferia, ocultarán nos seus textos o seu estado (semi)dialectal e iconizarán tanto a consciencia idiomática autónoma dos seus falantes como o proceso de estandarización máis (p.e. no galego) ou menos (p.e. no leonés) desenvolvido do seu idioma. Pola contra, os seus antagonistas, desde un centro, argumentarán no seu discurso na liña da denigración desa mesma fala pola dobre vía da alterización (isto é, da exclusión do grupo de «linguas en sentido estrito») e da exotificación dese idioma por medio dunha ou doutra exo-etiqueta (lingua cómplex, koiné artificial, etc.) *ad hoc*.

No parecer da SLC, o problema lingua-dialecto non será tanto lingüístico e técnico como político no sentido de que, canto máis próximo estea o recoñecemento público dun grupo humano como unha entidade nacional diferenciada (p.e. dos cataláns), tanto máis cerca estará a resolución definitiva da amentada desavinza. Postas así as cousas, do mesmo xeito que

agardamos que un idioma permaneza nun estado máis ou menos (semi) dialectal (entre os prototipos de dialecto e lingua) entrementes o correspondente conflito político de fondo entre centro e periferia non estea completamente resolto, igualmente, durante todo ese tempo, esperamos que os textos actúen como foro de debate oculto entre dous discursos (elitista contra igualitarista), entre dúas ideoloxías lingüísticas (estándar contra heteroglósica) e entre dous grupos de ideólogos lingüísticos rivais (defensores das «linguas grandes» contra partidarios das linguas pequenas»). Ao noso xuízo, a intensidade no debate non será indiferente á tensión no debate político subxacente entre centro e periferia.

De volvermos agora á SLT, convencidos os seus sociolingüistas de que a tradicional taxonomía lingua-dialecto era esencialmente válida sempre e cando se superasen os seus atrancos de carácter metodolóxico e teórico pola vía da incorporación de novos criterios e da reorganización xerárquica dos mesmos, a revisión (p.e. De Andrés 1997, García González 1999, Martín 2003 e Neira 1982) do enfoque tradicional desta antinomía seguiu, polo xeral, estes tres pasos: 1º) enumeración dos criterios técnicos empregados na individualización de linguas, 2º) visualización das aporías vinculadas a cada un dos diferentes criterios e 3º) proposta de mellora por medio da incorporación de novos criterios extralingüísticos (p.e. a consciencia idiomática) e da superposición destes sobre os «vellos» principios estritamente lingüísticos (p.e. á autonomía lingüística).

No tocante ao primeiro punto, en opinión da SLT (Bartsch 1985, 1987: 234, Ammon 1987: 320), os criterios tradicionalmente máis usados no labor de individualización de linguas (ordenados de maior a menor frecuencia de uso) foron estes tres: 1º) a *estrutura lingüística*, 2º) a *intelixibilidade mutua* e 3º) a *ascendencia común*.

Sen dúbida, como, entre outros moitos, podemos comprobar nos traballos de Alvar (1961-2004) e Gregorio Salvador (1986-2007), pois estes tres principios atenden nomeadamente á estrutura interna das linguas e, por conseguinte, foron determinantes no labor de individualización de linguas mentres a ortodoxia do pensamento lingüístico español non fixo súas as hipóteses teóricas da SLT até ben entrada a década de 1990, poderíamos agrupar estes tres criterios baixo a etiqueta de *criterios primarios*.

Alén destes tres criterios primarios ou, na terminoloxía de Ulrich Ammon (1987: 320), á beira do *criterio da distancia* (lingüística, de intelixibilidade mutua e xenética), como informa Renate Bartsch (1987: 234), os lingüistas utilizaron estoutros tres principios para discriminar entre linguas e dialectos: 1º) a *actividade gráfica*, 2º) a *variedade estándar* e 3º) a *tra-*

*dición literaria*<sup>86</sup>. Certamente, porque estes principios non atenden preferentemente á estrutura interna das linguas e, xa que logo, presentan unha frecuencia de uso comparativamente menor, poderíamos falar, agora, de *criterios secundarios*

Con todo, conforme a revisión da SLT dos criterios primarios deixou de ser heterodoxia da ciencia lingüística e deveu aos poucos en pensamento lingüístico ortodoxo, os criterios secundarios<sup>87</sup>, como se verá ao longo deste traballo, acadaron cada vez máis presenza na argumentación da EFE verbo das chamadas «linguas de España».

En liñas xerais, mentres os lingüistas adoitaban falar de distancia (lingüística, xenética e de intelixibilidade mutua) máxima-elevada fronte a pequena-mínima, no tocante aos criterios secundarios, os investigadores declararon adoito que un idioma era lingua se posuía (algún d)estes tres atributos, e, na súa ausencia, dialecto.

A maiores, os lingüistas, de xeito cada vez menos ocasional, tamén discriminaron entre linguas e dialectos en atención a estoutros tres criterios: 1º) o *número de falantes*, 2º) o *recoñecemento oficial* e 3º) a *vitalidade*<sup>88</sup>.

No ronsel das argumentacións habituais na lingüística española desde Alvar (1961) até os seus discípulos (conscientes ou inconscientes) máis recentes (p.e. Nieto e Troitiño 2016: 29)<sup>89</sup>, cabe afirmar que unha variedade lingüística calquera sería unha lingua (prototípica) se gozase dunha elevada autonomía lingüística, do recoñecemento histórico de lingua, dun sistema gráfico (propio e consolidado), dunha variedade estándar autónoma (focalizada), dunha tradición literaria (respectada), dun elevado número de falantes, de recoñecemento oficial, de vitalidade e, por último, se fose inintelixible con outras linguas. Pola contra, unha variedade lingüística sería un dialecto (prototípico) se carecese dunha elevada distancia lingüística, do recoñecemento histórico de lingua, dun sistema gráfico (propio e consolidado), dunha

<sup>86</sup> Estes tres criterios secundarios tamén foron etiquetados como criterio da escritura/do sistema gráfico único, criterio da estandarización/criterio normativo/criterio da nivelación e criterio literario/criterio do cultivo literario, respectivamente.

<sup>87</sup> En, nomeadamente, Arnal (2010a, 2010b), Turrión (2010) e Mendivil (2003/2004, 2007, 2008).

<sup>88</sup> Mentres o primeiro destes tres criterios ocasionais tamén foi coñecido como criterio demográfico ou demolingüístico, o segundo deles foi etiquetado como criterio político.

<sup>89</sup> Sen dúbida, a «longa sombra» do pensamento lingüístico de Alvar chega, mesmo, até os «defensores das linguas pequenas»; p.e. De Andrés (1997: 82-83, 2002: 65, 2012: 15, 17, 20-21), De Miguel Aparicio (2006: 11) e Lleal (2006). Precisamente, pois De Miguel Aparicio e Lleal clasifican o aragonés e o asturiano como dialectos histórico-xenéticos do latín nun volume (De Miguel 2006) editado polo Ministerio de Educación e Ciencia do Goberno de España para a formación do profesorado da materia de Lingua e Literatura Española dos niveis de ESO e Bacharelato, semella evidente que o discurso canónico da lingüística española, no século XXI, segue a negar a condición de «linguas en sentido estrito» de, cando menos, estes dous idiomas.



variedade estándar autónoma (focalizada), dunha tradición literaria (asentada), dun número elevado de falantes, de recoñecemento oficial, de vitalidade e, para rematar, se fose intelixible con algunha outra lingua.

Dada a relevancia cuantitativa e cualitativa que se lle concede na bibliografía activa consultada, ao criterio da distancia comezaremos a nosa revisión crítica polos criterios que, por súa vez, Montes Giraldo (1995: 62-63) etiquetou, respectivamente, como lingüístico-estrutural, histórico-xenético e da intercomprensión<sup>90</sup>.

A seguir, unha vez analizada criticamente o criterio da distancia nas súas tres versións (lingüística, xenética e da intelixibilidade mutua), abriremos o noso estudo aos tres criterios secundarios coa pretensión de evidenciar que, tanto desde a perspectiva da SLT como da SLC, estoutros principios son, cando menos, tan problemáticos como os tres primeiros. Por último, exploraremos dous dos criterios que aquí designamos como ocasionais; en concreto, aqueles dous que se recollen na definición de Alvar de lingua: a natureza dominante das linguas e o criterio demolingüístico.

Visto que, no parecer de Montes Giraldo (1980: 239), os traballos de Alvar representan a quintaesencia de como a EFE operou co criterio da distancia (lingüística, xenética e da intelixibilidade mutua), cremos que poderíamos tomar as súas definicións de lingua e dialecto como punto de partida para a nosa revisión crítica do enfoque dado por esta escola da lingüística española ao devandito principio.

Alvar (1961: 55, 1978a: 15, 1982: 60-61, 1996b: 12)<sup>91</sup> define unha lingua do seguinte xeito:

Lengua es, en la acepción que aquí nos ocupa, el «sistema lingüístico del que se vale una comunidad hablante y que se caracteriza por estar fuertemente diferenciado, por poseer un alto grado de nivelación, por ser vehículo de una importante tradición literaria y, en ocasiones, por haberse impuesto a sistemas lingüísticos de su mismo origen».

Se debullamos esta definición<sup>92</sup> observamos que, agás a frase «se caracteriza por estar fuertemente diferenciado», o resto de enunciados («sistema

<sup>90</sup> Os dous primeiros criterios tamén recibiron as denominacións de criterio da distancia lingüística/criterio da autonomía lingüística e criterio histórico/criterio da historicidade/criterio xenealóxico/criterio evolutivo, respectivamente. Por súa vez, García González (1999: 357) fala de criterio tipolóxico e criterio xenético.

<sup>91</sup> As definicións do termo de lingua de Alvar entre os anos 1961 e 1996 coinciden integramente, agás na primeira liña das versións de 1978 e 1996 (Alvar 1978a: 15, 1996b: 12) cuxos textos comezan do seguinte xeito: «un sistema lingüístico caracterizado por su fuerte diferenciación».

<sup>92</sup> Moi semellante é a definición de lingua de Salvador (1987: 93): «Sencillamente me atengo a lo que un lingüista debe entender sincrónicamente por lengua: cualquier sistema lingüístico lo bastante

lingüístico de que se vale una comunidad hablante», «por poseer un alto grado de nivelación», «por ser vehículo de una importante tradición literaria» e «por haberse impuesto a sistemas lingüísticos de su mismo origen») aluden a atributos de natureza, palmariamente, extralingüística.

De feito, de confrontarmos o número de trazos estritamente lingüísticos (un) fronte á suma de riscos extralingüísticos (catro), poderíamos tirar a conclusión de que, tal e como asegurou o propio Alvar (1961: 60)<sup>93</sup> en varias ocasións, as linguas son entidades máis sociais que lingüísticas.

Agora ben, abonda con ler as liñas seguintes á definición do concepto de lingua para decatármonos de que a dimensión lingüística das linguas prima claramente sobre a súa vertente social en tanto que (Alvar 1961: 55, 1978a: 15, 1996b: 12): «La enumeración de las condiciones se ha hecho siguiendo un orden de valor: la fuerte diferenciación es un factor decisivo».

Con certeza, segundo as propias palabras de Alvar (1961, 1982, 1996b), o criterio da distancia lingüística (apoiado, de cerca, polos criterios da distancia xenética e da intelixibilidade mutua) será determinante á hora de asignar unha determinada variedade lingüística, ben á xerarquía de lingua, ben á condición de dialecto. Así pois, á derradeira, como observamos en Alvar (1961-2004), a posesión dunha estrutura lingüística ben diferenciada (ou, por outras palabras, dunha distancia/autonomía lingüística elevada) outorga inequivocamente a xerarquía de lingua a un idioma.

Desde este punto de vista (insistimos, paradigma do pensamento da EFE), unha variedade lingüística concreta acadaría a categoría de lingua se posuise un elevado número de riscos lingüístico-sistémicos particulares ou, dito doutro xeito, se gozase dun nivel elevado de distancia lingüística/autonomía lingüística verbo doutras variedades lingüísticas.

En liñas posteriores, Alvar (1961: 57, 1978a: 16, 1982: 62, 1996b: 13, 2004: 33) define un dialecto do seguinte xeito:

---

diferenciado con respecto a otro u otros del mismo o de distinto origen como para impedir la intercomunicación, sin otros medios, entre sus respectivos hablantes».

<sup>93</sup> De feito, nun artigo publicado posteriormente por Alvar (1979: 7), podemos ler: «Lo que sí es cierto es que lengua y dialecto son realidades idénticas desde un punto de vista filosófico (como diría Vossler) o desde un punto de vista lingüístico (historicistas, estructuralistas). Hemos de afrontar los hechos paralingüísticos que han incidido, y condicionado, los puramente lingüísticos. Por ese me parece justo decir que en lingüística hay resultados que dependen estrechamente de la historia». En páxinas posteriores deste mesmo artigo, Alvar (1979: 28) escribe: «Los dos primeros tienen que ver con el concepto de lengua, puesto que —en puridad— non hay manera de diferenciar lengua de dialecto, a no ser por procedimientos extralingüísticos». Verbo desta mesma cuestión, Buesa (1980: 46) opinaba que: «Desde un punto de vista filosófico, según el idealista Karl Vossler, o desde un punto de vista lingüístico, según los historicistas y estructuralistas, lengua y dialecto son realidades idénticas».

Dialecto es, de acuerdo a lo que hemos dicho, «un sistema de signos desgajado de una lengua común, viva o desaparecida; normalmente, con una concreta limitación geográfica, pero sin una fuerte diferenciación frente a otros de origen común».

Alén disto, Alvar (1961: 57, 1996b: 13)<sup>94</sup> asegura que: «es condición del dialecto su débil diferenciación con respecto a otros de su mismo origen».

Bótase de ver que, de acordo con estoutras palabras de Alvar, unha variedade lingüística sería dialecto se carecese dunha elevada distancia lingüística/autonomía lingüística ou, dito doutro xeito, se non posuise un número elevado de trazos lingüísticos peculiares e exclusivos verbo doutras variedades lingüísticas.

Xa que logo, consonte co parecer deste e doutros lingüistas (p.e. Buesa 1980, Martínez 1996: 119 e Neira 1982, 1986), un idioma *X* podería ser etiquetado como dialecto dunha variedade lingüística *Y* (por súa vez, aprioristicamente, caracterizada como lingua) se *X* estivese estruturalmente moi próximo a *Y*.

Deste xeito, e por poñermos exemplos concretos, segundo Josefina Martínez Álvarez (1996: 119), o asturiano sería, desde o punto de vista do criterio da distancia lingüística, un dialecto do castelán estándar porque, ademais de que carece de «rasgos diferenciales suficientes en cantidad y calidad, para establecer con ellos una modalidad románica totalmente autónoma do español», non é máis «que una variedad local del español, una desviación válida sólo para relaciones de corto alcance, para andar por casa» (Martínez 1996: 119)<sup>95</sup>.

Así pois, ao cabo, desde o punto de vista do criterio da distancia lingüística, un idioma dado sería unha lingua se posuise unha «forte diferenciación» e, pola contra, sería un dialecto se presentase unha «débil diferenciación» verbo doutros idiomas.

<sup>94</sup> Curiosamente, Alvar (1961: 55, 1978a: 10, 1996b: 10), semella entrar en contradición consigo mesmo cando afirma que: «dialecto significa, desde un punto de vista estritamente lingüístico, diferenciación». No ronsel destas últimas afirmacións, outros lingüistas españois como Neira (1982: 23) aseguran que: «Estas variedades, cuando están muy acusadas, constituyen lo que se llama dialectos».

<sup>95</sup> Nunha liña ben semellante, tras insistir na escasa autonomía lingüística das falas asturianas fronte ao castelán (Neira 1982: 25-26, 78) e galego (Neira 1982: 78), Neira (1982: 48) afirma: «Las hablas de Asturias y León nunca tuvieron una personalidad bien definida frente al castellano, o al menos, no nos consta. Esta similitud entre las hablas astur-leonesas y las castellanas es consecuencia natural de la misma historia de Asturias ligada a la de las regiones centrales desde el comienzo mismo de la nacionalidad hispánica. El grado de afinidad de estas hablas estaba quizá ya en potencia en los dialectos del latín aquí hablados, y se acentuó en los siglos en que las gentes estuvieron dentro de la misma comunidad política». Catro anos despois, este mesmo lingüista (Neira 1986: 65) asegura: «El bable, es, pues, en Asturias, desde los orígenes románicos igual a conjunto de bables. Estos, aparte de sus semejanzas o divergencias, difieren mucho entre si en cuanto a la extensión, vitalidad y personalidad lingüística. Los bables de las zonas rurales o aisladas son en general los más vivos y los de mayor personalidad. Los de los grandes núcleos urbanos son, por el contrario, los de menor personalidad lingüística. Predominan los rasgos arcaizantes o vulgares, de modo que en la práctica funcionan como dialectos del castellano».

Correlativamente, segundo a definición clásica de lingua de Alvar, un idioma concreto sería dialecto daqueloutra variedade lingüística (por súa vez, aprioristicamente, caracterizada como lingua) con que compartise un número elevado de trazos lingüístico-sistémicos e, por conseguinte, verbo da cal amosase unha escasa distancia/autonomía lingüística.

Segundo este enfoque, un dialecto sería unha variedade lingüística parcial integrada nun sistema lingüístico pleno e autónomo (por súa vez, previamente caracterizado como lingua) co cal compartiría unha parte (maior ou menor) da súa estrutura lingüística e do cal, asemade, se individualizaría por un número (maior ou menor) de trazos específicos e singulares (Montes 1995: 50).

Evidentemente, se, de acordo, coa visión de Alvar, afirmásemos que, por exemplo, o asturiano é un dialecto doutra unidade idiomática considerada de antemán lingua (p.e. do español) porque o primeiro idioma amosa un grao mínimo de autonomía lingüística verbo do segundo, bótase de ver que estaríamos a traballar co sentido do termo dialecto que Montes Giraldo (1986: 32) denomina sincrónico-estrutural e, daquela, estaríamos a falar de dialectos histórico-estruturais ou homoxéneos (Montes 1986: 39, 1995: 52, 1996: 136).

Agora ben, consonte coa reflexión que desenvolveremos a seguir tocante ao uso intencionado que a lingüística española fixo do criterio da distancia (por extensión, do resto de criterios secundarios e ocasionais) cabería afirmar que a adscripción dun idioma concreto ás categorías de lingua ou dialecto en atención (preferente ou exclusiva) ao seu grao de distancia (lingüística, de intelixibilidade mutua e xenética) non deixa de ser, no fondo, un acto convencional.

De acordo coa SLT (p.e. Bobaljik e Pensalfini 1996: 6, Montes 1989: 130), para que nos fagamos unha primeira idea da natureza convencional dos tres criterios primarios, abonda con que teñamos presente que, segundo nos centrásemos no conxunto de trazos lingüístico-sistémicos particulares (isto é, na autonomía estrutural) ou, pola contra, no grupo de riscos lingüísticos comúns (é dicir, na semellanza estrutural), unha mesma variedade lingüística (p.e. o asturiano), sen mudar, nin o referente comparativo (p.e. o castelán estándar), nin os criterios de análise, podería ser caracterizada, en virtude dos intereses do investigador, ben como lingua, ben como dialecto.

Evidentemente, se isto é posible, non debería haber moitas dúbidas tocante á nosa afirmación de que a clasificación dunha determinada variedade lingüística como lingua ou como dialecto segundo o seu elevado/escaso grao de autonomía lingüística verbo doutra(s) variedades(s) lingüística(s)<sup>96</sup>

<sup>96</sup> Nótese que, no caso do asturiano, cando menos, tamén cabería a opción dunha comparativa co leonés e co mirandés e, xa que logo, a posibilidade de integrar estes tres idiomas dentro dun mesmo complexo ou diasistema lingüístico-sincrónico. Ao cabo, segundo este mesmo criterio, poderíamos

conforma, ao cabo, un acto de natureza convencional interferido, á derradeira, no parecer da SLC, pola ideoloxía lingüística do monolingüismo.

Para a SLT (p.e. García González 1999: 357, Montes 1989: 130), a pouco que nos paremos a reflexionar sobre o criterio lingüístico-estrutural, decatáramonos de que toda a problemática asociada coa posta en práctica deste criterio deriva da realidade innegable de que non podemos fixar un grao mínimo e universal de distancia (lingüística, xenética, de intelixibilidade mutua) que estreme, dun xeito científico, obxectivo, técnico e neutral, a fronteira entre lingua e dialecto.

Así, por exemplo, non é factible fixar un número  $X$  de diferenzas lingüísticas (p.e. vinte) por riba do cal (p.e. vinte e unha) dous idiomas sexan, automaticamente, dúas linguas diferentes e por baixo do cal (p.e. dezanove) sexan, incuestionablemente, unha mesma e única lingua (por suposto, unha delas como dialecto da outra). Correlativamente, non é posible fixar un número  $X$  de similitudes lingüísticas (p.e. vinte) por riba do cal (p.e. vinte e unha) dous idiomas sexan unha mesma e única lingua (unha delas, outra volta, como dialecto da outra) e por baixo do cal (p.e. dezanove) sexan dúas linguas distintas. Conque, cómpre admitir que a caracterización dunha variedade lingüística concreta como lingua ou dialecto en atención ao criterio da distancia (lingüística) será sempre, como advirte a SLT, un acto convencional.

A maiores, a SLC, desexosa de profundar na análise da subxectividade inherente á posta en efecto do criterio da distancia nas súas tres modalidades, desenvolveu unha revisión crítica dos criterios primarios, secundarios e ocasionais coa finalidade de «destapar» tanto a ideoloxía lingüística estándar ou do monolingüismo como o desexo de control xeopolítico dos idiomas periféricos oculto baixo o discurso da lingüística tradicional.

Por último, cómpre advertir que, pois, como veremos, o criterio da vitalidade pode verse como unha vertente do criterio demolingüístico, reduciremos a nómina de argumentos a explorar neste estudo a estes oito criterios (por esta orde e con estas etiquetas): lingüístico-estrutural, da intelixibilidade mutua, histórico-xenético, da escritura, normativo, da tradición literaria, demolingüístico e, por último, político.

---

clasificar este idioma como lingua de seu, dialecto do español, dialecto do galego e dialecto dun dialecto astur-leonés-mirandés (Sánchez 2009: 317).

### 3. OS CRITERIOS PRIMARIOS

#### 3.1 O criterio lingüístico-estrutural

Plenamente conscientes do arriscado das afirmacións contidas nos parágrafos precedentes, sería conveniente que, ao iniciarmos esta nova sección consagrada á análise específica do criterio lingüístico-estrutural, comezásemos pola revisión técnica deste principio e que, a seguir, presentásemos o seu exame crítico.

Segundo a SLT (Downes 1984: 24 e Ammon 1987: 320), dúas variedades lingüísticas calquera, por moi arredadas ou por moi próximas que estivesen unha da outra na dimensión espacial, sempre posuirían un feixe (maior ou menor) de trazos lingüísticos comúns e, á vez, un conxunto (maior ou menor) de riscos estruturais diverxentes.

Deste xeito, fóra de que os lingüistas puidesen centrar a súa atención nos riscos lingüísticos comúns ou diverxentes entre dous idiomas calquera (p.e. entre o galego e o portugués), de certo, o cómputo global de riscos lingüísticos comúns ou diverxentes podería flutuar, nunha escala de máis/menos, segundo as variedades lingüísticas concretas que decidísemos confrontar entre si.

Evidentemente, se o número total de trazos lingüísticos comúns/diverxentes pode variar, nunha escala de máis/menos, en virtude das variedades lingüísticas que comparásemos entre si, haberá que concluír que o nivel de autonomía/distancia lingüística dun idioma é sempre gradual e nunca absoluto.

Así, por exemplo, se comparásemos, primeiro, o portugués padrón coa variedade estándar do español e, a seguir, este segundo idioma co inglés estándar, ineludiblemente, dado que o español estándar partilla moitos máis trazos lingüísticos co portugués padrón que co inglés estándar, teríamos que afirmar que o español estándar está moito máis acaroadado estruturalmente ao portugués padrón do que está ao inglés estándar.

Velaí, temos unha proba ben evidente de que o grao de autonomía/distancia lingüística dun idioma é sempre relativo e nunca absoluto pois, como asegura Ulrich Ammon (1987: 320), a distancia lingüística non é unha relación transitiva: pode ser escasa/elevada entre *a* e *b* e entre *b* e *c*, mais non tan escasa/elevada entre *a* e *c*.

Agora ben, á marxe de que a distancia lingüística poida variar en función do referente comparativo escolleito, se, por exemplo, a partir da constatación empírica de que o español estándar está estruturalmente moito máis próximo

do portugués padrón do que está do inglés estándar, asegurásemos que o español é un dialecto do portugués (ou, ao contrario), cremos que ninguén tomaría moi en serio esa nosa singular ocorrencia.

Malia que, no mellor dos casos, a inmensa maioría dos lingüistas actuais etiquetaría a devandita afirmación como unha «arrotada sen xeito ningún»<sup>97</sup>, abonda con profundar un mínimo no discurso dominante da lingüística tradicional (por suposto, non só española) para advertir que, non en poucas ocasións, os lingüistas caeron en arbitrariedades ben semellantes cando puxeron en dúbida a xerarquía de lingua das variedades lingüísticas periféricas aos grandes centros de poder político estatal co argumento de que estes idiomas non gozaban dunha autonomía lingüística elevada.

Xustamente, no tocante á convencionalidade presente neste tipo de pronunciamentos públicos, deberíamos comezar por mencionar que os propios lingüistas da EFE, de xeito inconsciente, puxeron de manifesto a natureza gradual da distancia lingüística cando, por exemplo, declararon (Alvar 1961: 54, 1982: 59, 1996b: 10) que o español estándar estaba estruturalmente máis afastado do andaluz do que estaba do leonés e do aragonés.

<sup>97</sup> Con todo, se temos presentes estas palabras de Romaine (1995: 490): «The dividing line between the languages we call «Portuguese» and «Spanish» is linguistically arbitrary but politically and culturally relevant», de Auer, Hinskens e Kerswill (2005: 30): «The entire Romance dialect continuum, of which Spain and Portugal form a part, is itself an example of the second constellation. Applying methods from dialectometry, Goebel (2000) describes how a single geographical continuum of Romance dialects is cut across by national boundaries, each of which is associated with its own standard. Each of these standard languages, in turn, is based on dialects which are distant from the ones in the continuum at issue», Pereltsvaig (2012: 6): «for example, Galician, spoken in the northwestern corner of Spain and considered by some to be a dialect of Spanish» e, por último, de Woolhisser (2005: 237): «a region characterised by an exceptionally rich variety of politically segmented dialect continua», cómpre recoñecer que este «desatino», desde un punto de vista estritamente lingüístico, non deixa de ter sentido. De feito, sobre estes mesmos idiomas, Maclagan (2005: 18) escribía: «Swedish and Norwegian or Spanish and Portuguese are different languages, and yet there is a degree of mutual intelligibility between the pairs, especially for speakers who live close to the country borders» e López García (2007a: 56) aseguraba que: «Arriba me he referido a la Gramática de la lengua vulgar de España (1559), curioso texto anónimo en el que se considera al español y al portugués como variantes de un mismo sistema lingüístico. Desde luego, hoy en día nadie se atrevería a sostener esta tesis. Pero ello no obsta para que no se deje de reconocer —como bien sabía Vasconcelos— que el portugués de Brasil y el español de América son variantes románicas mutuamente inteligibles sin demasiada dificultad y que, además, se asientan sobre un espacio cultural homogéneo». Por último, non esquezamos que, pois o humanista Juan de Valdés (1535: 61) asegurara no seu *Dialogo de la lengua* que: «La portuguesa tiene más del castellano que ninguna de las otras, tanto que la principal diferencia que, a mi parecer, se halla entre las dos lenguas es la pronunciación y la ortografía», Joseph (2004: 105) insiste na visión que os intelectuais renacentistas tiñan do español e portugués como unha mesma lingua. De feito, como pon de relevo Montes Giraldo (1989: 130), do mesmo xeito que o polaco podería ser presentado como un dialecto do checo ou do ruso por mor da semellanza estrutural entre estes tres idiomas (Carmichael 2000b: 274), se así o desexásemos (pola razón que fose), «¿No sería posible, escogiendo reglas adecuadas para el caso, probar que también el portugués y el español o el italiano y el portugués son una misma lengua?». En resumo, para Coulmas (2005: 22-23), portugués e español non son diferentes por criterios lingüísticos senón políticos.

Evidentemente, do mesmo xeito que a distancia lingüística do español estándar medraría en comparación co andaluz e diminuiría en cotexo co leonés e aragonés, así tamén a autonomía lingüística destes dous últimos idiomas aumentaría se os comparásemos co andaluz e non, como adoita acontecer, co español estándar (Alvar 1961: 54, 1996b: 10)<sup>98</sup>.

Xa que logo, en estrita coherencia coa liña argumentativa de Alvar (1961-2004), do mesmo xeito que poderíamos rebaixar o leonés e o aragonés á categoría de dialectos do español estándar por causa da súa reducida distancia lingüística verbo deste segundo idioma, igualmente poderíamos elevar os dous devanditos idiomas ao estatuto de linguas por mor da súa (elevada?) distancia lingüística en comparación co andaluz.

De feito, de seguirmos a liña de argumentación de Alvar, cabería afirmar que o aragonés e o leonés son, á vez, linguas, en contraste co andaluz, e, dialectos, en cotexo co castelán estándar.

Bótase de ver que, desde o punto de vista da SLT, o criterio lingüístico-estrutural non pode ser, en contra das afirmacións da EFE, un argumento concluínte. Polo de agora, abonda con pór de relevo que, ora porque o lingüista pode escoller un ou outro idioma como referente comparativo (e, daquela, pode flutuar o grao de distancia lingüística), ora porque o lingüista pode focar sobre os trazos lingüísticos exclusivos (sobre a «elevada» autonomía lingüística) ou comúns (sobre a «escasa» autonomía lingüística) con outros idiomas, unha mesma variedade lingüística podería ser, asemade, lingua e dialecto.

Deste xeito, se os lingüistas estivesen interesados en lexitimar a categoría de lingua dun idioma concreto (p.e. do asturiano), as argumentacións lingüístico-discursivas iconizarían a autonomía lingüística deste idioma (e, asemade, ocultarían a súa semellanza estrutural) verbo de todo o conxunto de variedades lingüísticas xeográfica e lingüisticamente circundantes. Pola contra, se houberse intención (ás veces, explícita) de degradar esa mesma variedade lingüística á condición de dialecto doutro idioma, os investigadores iconizarían os riscos lingüísticos comúns entre ambas as dúas falas (neste caso, co español estándar) e, por conseguinte, ocultarían (p.e. Martínez 1996: 119) tanto os trazos lingüísticos privativos dese idioma como a percepción que deses mesmos riscos puidesen ter os seus falantes como «marcas» de linguas de seu.

<sup>98</sup> A este respecto, en López García (2009: 80-81) lemos: «Las lenguas sólo existen en boca de sus hablantes y, por consiguiente, estos juicios de semejanza y desemejanza dependen de la muestra que utilicemos. Por ejemplo: entre el catalán de Sant Carles de la Ràpita y el valenciano de Vinaròs, localidades situadas a pocos kilómetros, no hay prácticamente diferencias. En cambio, entre el dialecto apitxat de la ciudad de Valencia y el barceloní, las diferencias son considerables y no es de descartar que, sin estar acostumbrados de oído, los hablantes de apitxat extrañen la lengua de los de Barcelona».



De certo, con independencia de que a autonomía lingüística dun idioma concreto, en termos absolutos, puidese ser moi elevada ou moi reducida, ao noso xuízo, os textos da EFE amosan ben ás claras que, á derradeira, a valoración persoal do investigador (a súa ideoloxía lingüística) prima sobre a distancia lingüística obxectiva entre idiomas.

Evidentemente, se até este momento estivemos a tratar cos problemas técnicos inherentes ao criterio da distancia, cómpre agora unha primeira achega crítica (desde a perspectiva da SLC) a este principio teórico.

Como nos comentan Judith T. Irvine e Susan Gal (2000: 68), os lingüistas poden «selecting some linguistic features and ignoring (or explaining away) others» en función da súa ideoloxía lingüística<sup>99</sup>.

Como xa adiantamos, de acordo coa SLC (Errington 2008: 109-116), poderíamos afirmar que a manipulación do criterio lingüístico-estrutural sempre procurou o eloxio (=glorificación) dos idiomas dominantes e o menosprezo (=minorización) dos idiomas dominados pola dobre vía da súa exclusión (=alterización) da xerarquía de «linguas en sentido estrito» e do seu estrañamento (=exotificación) do canon das grandes linguas europeas. Para isto, a EFE activou, entre outras, estas estratexias lingüístico-discursivas: iconización, ocultamento e denominación (as exo-etiquetas).

Á grandes trazos, a EFE, co ánimo de lexitimar cientificamente a degradación das variedades lingüísticas periféricas do seu respectivo estado-nación á condición de dialectos co argumento eufemístico de que estes idiomas carecían dunha autonomía/distancia lingüística elevada (=alterización), en ocasións, ocultaron a autonomía lingüística destes idiomas (por escasa que esta fose), outras veces, iconizaron a semellanza estrutural co español estándar, e, polo xeral, combinaron ambas as dúas amentadas estratexias lingüístico-discursivas.

Precisamente, por mor da activación sistemática destas dúas estratexias lingüístico-discursivas con todos os criterios científicos, os lingüistas españois lograron dar a impresión de que, en concreto, o criterio lingüístico-estrutural confirmaba «cientificamente» a condición de dialecto de, cando menos, tres dos idiomas periféricos do estado español: o aragonés, o asturiano e o leonés.

Agora ben, pois a pretensión de manipulación da realidade lingüística que activa as amentadas estratexias lingüístico-discursivas ficaría facilmente ao descuberto se argumentásemos exactamente do mesmo xeito coas varie-

<sup>99</sup> Aínda que atribuíndo este xeito de actuar, en exclusividade, aos defensores das variedades lingüísticas vernáculos, Lodares (2005: 91) recoñece, implicitamente, a existencia destas estratexias lingüístico-discursivas cando exclama: «Nunca faltan rasgos lingüísticos divergentes sobre los que organizar unha lingua «distinta» si realmente nos convencemos de que lo es».

dades lingüísticas posuidoras dunha autonomía lingüística manifestamente elevada (p.e. co vasco) ou se nos manifestásemos en contra, ben da tradición filolóxica (p.e. en oposición ao recoñecemento histórico do vasco como lingua), ben da ideoloxía do sentido común (isto é, en desacordo coa percepción da «xente do común» de certos idiomas como linguas de seu; p.e. do catalán), a EFE combinou e reforzou estas dúas principais estratexias lingüístico-discursivas con outras argucias manipuladoras da realidade lingüística obxectiva. Outra volta, o seu obxectivo foi a minorización destes idiomas pola vía alternativa da exotificación (isto é, a conversión artificial destes idiomas en falas estrañas e exóticas).

Vaia por diante que, combinadas, ou non, as estratexias da iconización e do ocultamento con outros sofismas manipuladores da realidade lingüística (p.e. coa metáfora), todas estas posibilidades discursivas seguen a responder ao propósito común de aparentar un exercicio de permanente coherencia científica cando, en verdade, a EFE unicamente continuou fiel á práctica da congruencia ideolóxica (dito doutro xeito, á ideoloxía lingüística do monolingüismo). Na praxe, pois a EFE tratou de simular fidelidade constante aos criterios científicos inicialmente formulados, a metáfora, a iconización e o ocultamento xunto coas restantes estratexias lingüístico-discursivas (nomeadamente, as exo-etiquetas) lograron agochar a subordinación do criterio lingüístico-estrutural ao mito da homoxeneidade lingüística baixo a superficie dun discurso permanentemente académico, técnico, obxectivo e neutral (coas súas palabras, unicamente lingüístico).

Con todo, este larvado conflito entre coherencia científica e congruencia ideolóxica (no fondo, entre ciencia e ideoloxía) tivo consecuencias a maiores no discurso da EFE tocante ao criterio lingüístico-estrutural. De primeiras, cun símil deportivo, poderíamos afirmar que a EFE, «no medio do partido», trocou as súas propias «regras» co obxectivo de «amarrar o resultado».

Expliquemos a antedita alegoría. Visto que unha aplicación rigorosa do criterio lingüístico-estrutural non sería do agrado de quen tivese en mente un proceso de planificación lingüística gobernado polo principio de correspondencia un-a-un entre as variables lingua, nación e estado na medida en que esixiría recoñecer a categoría inequívoca de lingua de todos cantos idiomas do estado español posuísen (ou se lles recoñecese tradicionalmente) unha autonomía lingüística elevada (cando menos, do vasco), a EFE subordinou subrepticamente o antedito criterio a algún dos principios decretados inicialmente de rango inferior e, a maiores, tamén ás agachadas, mudou os referentes comparativos a súa comenencia co obxectivo de que unicamente o seu idioma permanecese na categoría inequívoca de lingua.

De certo, se ben os lingüistas da antedita escola afirmaran, inicial e explicitamente, que o criterio lingüístico-estrutural primaba sobre todos os restantes principios (Alvar 1961: 55, 1996b: 12, Salvador 1987: 93) e, en coherencia con esa afirmación primeira, non tiñan outra opción que recoñecer a xerarquía incontestable de lingua de determinados idiomas periféricos do estado español (inescusablemente, do vasco), a seguir, eses mesmos investigadores trocaron as súas propias «regras de xogo» coa intención de «asegurar o resultado final». Ao noso xuízo, así como os lingüistas da EFE trocaron as «regras de xogo» inicialmente fixadas cando subordinaron subrepticamente o criterio lingüístico-estrutural a algún dos restantes principios primarios, secundarios ou ocasionais (nomeadamente, ao criterio normativo) e cando escolleron un ou outro idioma como referente comparativo conforme interesase aparentar máis ou menos autonomía lingüística para o idioma en cuestión (p.e. para o galego), así tamén unha e outra acción estiveron guiadas polo desexo de sancionar exclusivamente ao castelán na categoría inequívoca de lingua.

Xustamente, Alvar (1961: 54, 1982: 59, 1996b: 10), tras afirmar que «la fonética, la fonología la morfología del andaluz están infinitamente más lejos del castellano que la fonética, la fonología o la morfología de los dialectos históricos (leonés, aragonés)» (é dicir, tras recoñecer, implicitamente, a elevada autonomía lingüística desta fala fronte ao español estándar e, daquela, a súa condición de lingua)<sup>100</sup>, a continuación, nega a xerarquía de lingua do andaluz coa coartada de que carece dunha variedade estándar propia (de nivelación, na súa terminoloxía).

Nunha liña semellante, Gregorio Salvador (1987: 20-21, 57, 94-95), con admitir inicialmente, de xeito explícito, que os oito «dialectos-lenguas» vascos (Salvador 1987: 96) posúen un nivel moi elevado de autonomía lin-

<sup>100</sup> O texto completo de Alvar (1961: 54, 1978a: 10) reza deste xeito: «Hoy el leonés y el aragonés difieren del castellano menos —sin duda alguna— que el andaluz. El sistema fonético y la estructura morfológica del andaluz están muy lejos de los castellanos. [...] Insisto, la fonética, la fonología y la morfología del andaluz están infinitamente más lejos del castellano que la fonética, la fonología o la morfología de los dialectos históricos (leonés y aragonés)». En 1975, este mesmo lingüista (Alvar 1975: 96) escribía: «Tenemos, pues, que la conciencia lingüística de los hablantes andaluces manifiesta una fuerte identificación con su dialecto, aunque a veces asomen connotaciones despectivas. Y es que hablas como estas, muy diferenciadas de la lengua común, sirven para acentuar el sentido dialectal de las gentes que las emplean». Anos máis tarde, Alvar (1996b: 10) tempera, coa eliminación do adverbio «infinitamente», as súas palabras primeiras: «Hoy el leonés o el aragonés difieren del castellano menos—sin duda alguna— que el andaluz. El sistema fonético y la estructura morfológica del andaluz están lejos de los castellanos». No ano 2004 (Alvar 2004: 34), asegura sobre o andaluz que: «Para mí, pues, el andaluz está suficientemente diferenciado». Quizabes, receosos das implicacións teóricas da seguinte afirmación de Alvar (1961: 54): «El sistema fonético y la estructura morfológica del andaluz están muy lejos de los castellanos», outros lingüistas españois (p.e. Salvador 1986b: 45-48, 1987: 25, 101, 146-147) non deixaron pasar a oportunidade de insistir nos trazos lingüísticos que o andaluz partilla con outros territorios hispanófonos.

güística, a seguir, nega a xerarquía de lingua deste idioma porque, alén de carecer dunha variedade estándar «natural»: «el vasco no es una lengua sino una familia de ellas, con ocho plenamente diferenciadas e ininteligibles entre sí. Pero así es. No hay tal euskera unitario, hay ocho lenguas vascas» (Salvador 1987: 20)<sup>101</sup>.

Con todo, antes de entrarmos na exploración do discurso eufemístico avanzado nos parágrafos precedentes, cómpre deixar constancia de que a argumentación contida na anterior alínea dificilmente soportaría unha análise científica seria. Con seguridade, desde o punto de vista normateórico (Ammon 1987, Bartsch 1987), en contra das opinións deste (Salvador 1987: 20, 57, 94) e doutros lingüistas españois, un idioma (p.e. o vasco, aragonés, asturiano, leonés, etc.) nunca ficaría fóra da condición de lingua por ser, orixinalmente, un polisistema de variedades lingüísticas sinónomas entre si (isto é, coordinadas e interdependentes unhas das outras) e non unha «constelación» de falas heterónomas (é dicir, exonormativas e dependentes) subordinadas a unha variedade estándar autónoma (por súa vez, endonormativa, independente e supraordinada).

Certamente, se a mencionada condición orixinal fose suficiente para lle furtar a un idioma dado o estatuto de lingua<sup>102</sup>, en estrita coherencia científica con este mesmo argumento, teriamos que etiquetar todas as grandes linguas de cultura actuais (p.e. o español) como dialectos xa que, no seu día, coñeceron unha conxuntura sociolingüística ben semellante á anteriormente descrita (dito doutro xeito, non sempre foron linguas plenifuncionais, autonormativas e polisistemáticas).

Feita esta matización, por pouco que reflexionemos sobre as anteriores afirmacións de Gregorio Salvador decatámonos de que, pois a comparanza entre o vasco e o español estándar poría de vulto a elevadísima distancia lingüística que media entre un e outro idioma e, por conseguinte, a incontestable condición de lingua do vasco, este lingüista, interferido pola ideoloxía lingüística do monolingüismo e, xa que logo, desexoso de que o criterio lingüístico-estrutural ratificase a exclusión (=alterización) deste idioma da xerarquía inequívoca de lingua (=coherencia ideolóxica) activou un hábil discurso eufemístico. O primeiro paso desta astuta disertación consistiu no des-

<sup>101</sup> Tamén Lodaes (2002: 90) alude ao «excepcional» polimorfismo dialectal do vasco e asturiano con frases como: «En cuanto a las variedades eusquéricas, seguían en su medio. Más a occidente, los bables».

<sup>102</sup> Este mesmo argumento está presente na inclusión do leonés entre os dialectos do español cando se afirma: «Estas hablas leonesas ofrecen peculiaridades lingüísticas que no les son exclusivas, sino que comparten con otras hablas vecinas (castellanas o gallegas), y que no son uniformes todo el territorio leonés» (Moreno Fernández 2009: 39).

vío da atención do lector da diverxencia estrutural entre o español e o vasco á distancia lingüística entre as distintas falas locais vascas (velaí a muda do referente comparativo en función dos seus intereses ideolóxicos).

A seguir, unha vez centrada a atención do lector nas «grandes» falas locais vascas («vizcaíno, guipuzcoano, alto navarro meridional, alto navarro septentrional, bajo navarro occidental, bajo navarro oriental, suletino e labortano»; Salvador 1987: 20), este lingüista afirmou que, pois a autonomía lingüística entre estes oito «dialectos-lingua» era semellante á distancia lingüística entre o hindi e o urdu, entre as grandes variedades dialectais chinesas, etc., ese exacerbado polimorfismo dialectal (Salvador 1987: 20) impediu a emerxencia «natural» e «espontánea» dunha variedade modelo. Por conseguinte, dado que o vasco está tan diversificado internamente que «no es una lengua sino una familia de ellas» (Salvador 1987: 20) e visto que os seus «veinticinco dialectos claramente diferenciados» (Salvador 1987: 20) imposibilitaron a emerxencia «natural» e «espontánea» dunha variedade modelo, este idioma non sería unha lingua *síplex* (isto é, unha «lingua en sentido estrito»; Salvador 1987: 50) senón, no mellor dos casos, unha lingua *cóplex* integrada no grupo (=exotificación) de idiomas tan «exóticos» como o chinés, árabe e hindi-urdu (Salvador 1987: 50).

Precisamente, en opinión deste lingüista (Salvador 1986a, 2007b), en tanto que o criterio lingüístico-estrutural (ao cabo, a lingüística e os lingüistas) confirma que non hai, realmente, unha lingua vasca, se un «ciudadano manchego o murciano o canario o andaluz se cree que efectivamente existe una lengua vasca» (Salvador 1987: 20), tal percepción deriva da acción (ao cabo, da manipulación) dos medios de comunicación pois «Los periódicos nos hablan cada día del euskera, de la lengua vasca, de su enseñanza, de su posible cooficialidad, etc., etc.» (Salvador 1987: 20)<sup>103</sup>.

Evidentemente, se ben, en aparencia, Alvar e Salvador discordan no tocante ás estratexias de manipulación da realidade lingüística do estado español, de explorarmos con vagar o seu discurso, detectamos que ambos os dous lingüistas coinciden no recurso da manipulación do grao de autonomía lingüística dos idiomas periféricos do estado español por medio das estratexias da metáfora, da iconización e do ocultamento.

En liñas xerais, con independencia de que a autonomía lingüística dos idiomas periféricos con respecto ao español estándar fose, hipoteticamente,

<sup>103</sup> Bótase de ver que, pois Senz, Minguell e Alberte (2011: 479) contabilizan non menos de sesenta xeolectos no español (deles trinta e un en España) e Moreno Fernández (2009: 9) formula a posibilidade de moitos máis dialectos para esta mesma lingua, de aplicarmos este mesmo razoamento con todos os idiomas, poderíamos asegurar que o español tampouco é unha lingua por mor do seu «acentuado» polimorfismo dialectal.

elevada (p.e. do vasco) ou reducida (p.e. do asturiano), a EFE, por unha banda, ocultou esa distancia estrutural, e, pola outra, iconizou, ben a *semellanza co español estándar* (p.e. no caso do asturiano), ben a *distancia lingüística* entre as diferentes falas locais (p.e. nos casos do vasco e asturiano). A maiores, nos casos en que unha evidente autonomía lingüística deixaría ao descuberto o fondo ideolóxico do discurso anterior, estes lingüistas tamén confluíron na fraudulenta mudanza dos criterios de partida xa que non só someteron o criterio lingüístico-estrutural ao criterio normativo (isto é, á ausencia/presenza dunha variedade estándar) senón que tamén seleccionaron o referente comparativo en función dos seus intereses ideolóxicos.

Con certeza, así como a xustificación do carácter dialectal do aragonés, asturiano, leonés, etc., foi relativamente sinxela en tanto que na ideoloxía do sentido común e nos mapas dialectais mentais (Preston 2002, 2010) dos potenciais destinatarios do discurso da lingüística española todos eses idiomas xa figuraban de entrada entre os «evidentes» dialectos do español estándar (ao cabo, non cumpría xustificar algo que xa se daba por sentado), no caso do vasco, a EFE tivo que empregarse moito máis a fondo na elaboración dun discurso eufemístico que xustificase a exclusión deste idioma do grupo de «linguas en sentido estrito». Ao cabo, tal afirmación contradecía enteiramente tanto a percepción xeneralizada do vasco como lingua de seu (á derradeira, a percepción da lingüística popular) como a propia tradición filolóxica.

De certo, como comprobaremos a seguir, o uso interesado do criterio lingüístico-estrutural foi, en opinión dos sociolingüistas (p.e. Kroskrity 2004: 502 e Errington 2008: 3), unha estratexia habitual na tradición lingüística que estes mesmos investigadores denominaron lingüística colonial e outros (p.e. Josep. 2006: 49, Mar-Molinero e Paffey 2011, Moreno 2000: 55) imperialismo lingüístico ou imperialismo filolóxico.

Precisamente, segundo os estudosos do macedonio (p.e. Tomić 1992: 444, Sériot 1997: 185-186), algo moi semellante aconteceu con esta lingua. En síntese, así como os lingüistas búlgaros iconizaron a *semellanza estrutural* entre macedonio e búlgaro e, asemade, ocultaron os trazos lingüísticos privativos do macedonio, así tamén os lingüistas gregos e serbios, á parte de iconizar a *semellanza estrutural* entre os seus respectivos idiomas e o macedonio, ocultaron os trazos lingüísticos exclusivos deste último idioma. Con seguridade, os lingüistas búlgaros, gregos e serbios coincidiron no proxecto ideolóxico da minorización do idioma macedonio na categoría de dialecto das súas respectivas linguas co argumento falaz da mínima autonomía lingüística verbo das súas correspondentes linguas (Irvine e Gal 2000: 69).

Correlativamente, os lingüistas macedonios, «enchoupados» do incipiente nacionalismo macedonio xurdido tras a II Guerra Mundial, iconizaron

a equidistancia lingüística das falas occidentais do macedonio fronte ás variedades estándar do búlgaro e do serbocroata coa finalidade de lexitimar cientificamente a categoría de lingua para o seu idioma (Irvine e Gaul 2000: 69).

Bótase de ver que, no fondo (Cooke e Simpson 2012: 121), uns (macedonios) e outros (búlgaros, serbios e gregos) coincidiron na manipulación do criterio lingüístico-estrutural desde a ideoloxía lingüística do monolingüismo ou, se queremos, conforme co mito da homoxeneidade lingüística.

Agora ben, mentres os lingüistas macedonios iconizaron a distancia lingüística das súas falas co propósito de elevar o seu idioma á categoría de lingua (Hroch 2010: 277), pola contra, serbios, gregos e búlgaros ocultaron esa mesma autonomía lingüística coa finalidade de degradar esa mesma fala á condición de dialecto das súas respectivas linguas. Precisamente, pois os lingüistas serbios, búlgaros e gregos pretenderon estender os límites xeográficos e demográficos dos seus respectivos idiomas coa intención oculta de lexitimar cientificamente a inclusión dos macedonios dentro dos límites xeopolíticos dos seus propios estados-nación, en casos como estes, os sociolingüistas críticos (p.e. Canagarajah e Said 2011: 388) adoitan falar de ideoloxía lingüística do monolingüismo ou, por outras palabras, de lingüística colonial, imperialismo lingüístico ou imperialismo filolóxico.

Así tamén, no ronsel dos lingüistas serbios, búlgaros e gregos, os lingüistas rusos, segundo Curt Woolhiser (2005: 249), interferidos pola política de «rusificación» herdada da época dos tsares, clasificaron o bielorruso como un dialecto do seu propio idioma coa escusa da mínima autonomía lingüística entre un e outro idioma.

Sen perder de vista estas cuestións, á hora de darmos o seu xusto valor á distancia lingüística entre idiomas, deberíamos ter moi presente que, hoxe por hoxe, a SLT<sup>104</sup>, alén da distancia lingüística obxectiva entre idiomas, atende tamén á valoración que, desa mesma autonomía lingüística, fan os falantes (en realidade, de todos e cada un dos trazos lingüísticos privativos dunha ou doutra fala).

Certamente, de acordo coa visión actual da SLT, cabe asegurar que, se os falantes dun determinado idioma contemplan os riscos lingüísticos exclusivos da súa fala (por contados que estes fosen; p.e. no montenegrino) como «marcas» dunha lingua de seu e non como simples «erros» ou «desvíos» doutra lingua, sería ben complicado que eses falantes aceptasen de bo

---

<sup>104</sup> Por exemplo, Muljačić (2004) e Rowley (2011). Tocante a esta cuestión, Moreno Fernández (2009: 10) asegura que: «La distancia lingüística entre variedades es tan importante como la distancia percibida por los hablantes».

gra a exo-etiqueta de dialecto imposta desde a cosmovisión do respectivo grupo dominante<sup>105</sup>.

En realidade, e de volta agora ás dificultades teórico-prácticas ou técnicas inherentes ao criterio lingüístico-estrutural, cremos que a posibilidade de manipulación ideolóxica deste principio tivo moito que ver co feito de que a lingüística tradicional (nomeadamente a lingüística estruturalista), como nos lembra James Milroy (1992: 53), por mor do seu fondo filosófico cartesiano, estaba completamente convencida de que a multidimensionalidade e a inmensa complexidade da realidade universal das linguas encaixaba, en liñas xerais e sen grandes problemas, en pares taxonómicos do tipo de lingua-dialecto, lingua-fala, lingua-*patois*, etc.

Certamente, como salientan James Milroy e Lesley Milroy (1997a, 1997b), a devandita convicción esixía pensar nas linguas e nos dialectos como entidades reducibles a unha estrutura ou esencia (isto é, a un conxunto de oposicións funcionais) sempre e cando peneirásenos a súa variabilidade e heteroxeneidade superficiais.

Neste marco teórico, unha variedade lingüística dada acadaría o estatuto de lingua se, unha vez cribada a súa variabilidade e a súa heteroxeneidade superficial, atopásenos nela todos os atributos lingüístico-sistémicos que o investigador, aprioristicamente, xulgara indispensables para a xerarquía de lingua. Ao tempo, un idioma sería dialecto desa mesma lingua se, peneirada a súa heteroxeneidade e variabilidade superficial, atopásenos unha estrutura parcialmente diverxente.

Malia que, por suposto, toda variedade lingüística, degradada, ou non, á condición de dialecto, posúa sempre un grupo (maior ou menor) de trazos estruturais específicos (isto é, un certo nivel de autonomía lingüística), bótase de ver que unha variedade lingüística sería dialecto se, como precisou Montes Giraldo (1995: 49-50), carecese dalgún dos atributos lingüístico-sistémicos que, con anterioridade, se determinaron inherentes a unha lingua en concreto.

Evidentemente, como pon de relevo Ulrich Ammon (1987: 322), a argumentación precedente soamente é posible se pensamos nas linguas como entidades monotéticas (isto é, con poucos ou con ningún risco en común) e non, como realmente acontece, como agrupacións politéticas (é dicir, con moitos trazos compartidos con outras variedades lingüísticas).

<sup>105</sup> Como poñen de manifesto Greenberg (2004: 3, 2011: 370-371) e Wright (2012: 74). Outro exemplo ben claro disto sería o luxemburgués verbo do cal Ehrhart e Fehlen (2011: 286) afirman: «The Luxembourgish nation-building process is an ideal example of the invention of a national language».



Certamente, unicamente desde unha concepción das linguas (e non dos dialectos) como entidades monotéticas con escasos, ou nulos, trazos estruturais compartidos entre si ten sentido a negación da condición de lingua do andaluz porque, de acordo coas palabras de Gregorio Salvador (1987: 146-147):

No hay un dialecto andaluz, como hemos visto, sino multitud de dialectos coincidentes en algunas cosas, divergentes en muchas más. No hay absolutamente ningún rasgo dialectal que sea común a toda Andalucía, que no aparezca en otros territorios hispanohablantes.

Evidentemente, de argumentarmos como este e outros lingüistas de renome<sup>106</sup>, tamén poderíamos negar a condición de lingua de calquera outro idioma porque unha variedade lingüística dada (p.e. o español) sempre comparte un número maior (p.e. co portugués padrón) ou menor (p.e. co chinés) de trazos estruturais (ao cabo, de estrutura) con outras variedades lingüísticas.

Xa que logo, consonte ao visto nos parágrafos precedentes, bótase de ver que a dicotomía lingua-dialecto conforma unha simplificadora taxonomía unidimensional centrada na análise da estrutura das variedades lingüísticas.

Desde o punto de vista da SLC, a redución da realidade multidimensional das variedades lingüísticas á dimensión única e exclusiva da súa estrutura interna facilitou tanto a estigmatización das variedades lingüísticas periféricas dos diferentes estados-nación como a glorificación das variedades estándar estatais en tanto que, á derradeira, abondaría con focalizar sobre a ausencia/presenza dun conxunto de atributos lingüístico-sistémicos (mesmo, dun único trazo estrutural) para validar «cientificamente» a minorización/glorificación ideoloxicamente predeterminada dun determinado idioma na condición de dialecto/lingua.

Mais, se profundamos nos problemas técnicos derivados da concepción das linguas como simples estruturas (en realidade, son a unión dunha estrutura e dunha arquitectura), decatámonos de que, como moi ben observou a SLT (Downes 1984: 18-19, Trudgill 2002: 115-116), aínda no suposto de que as linguas fosen estruturas monotéticas e aínda na hipótese de que as accións dos lingüistas (p.e. a opción de focar, ou non, sobre a autonomía lingüística dun idioma) non tivesen repercusión ningunha sobre o estatuto final dos idiomas, o criterio lingüístico-estrutural, por causa, nomeadamente, do seu

<sup>106</sup> Nomeadamente, Alvar (1978a: 18), De Bustos (2013: 23), Moreno Fernández (2009: 39-40), Narbona, Cano e Morillo (2011: 20) e Peñalver (1999: 29).

carácter gradual, presenta unha operatividade práctica moi escasa cando se aplica no contexto dos chamados *continua xeolectais* (p.e. Chambers e Trudgill 1980: 23, Pereltsvaig 2012: 6).

Segundo William Downes (1984: 18-19), se debuxásemos, dun xeito esquemático, un *continua xeolectal* dado (p.e. o *continua xeolectal* románico occidental) mediante unha serie de círculos contiguos (p.e. dez) de tal xeito que cada unha desas circunferencias representase unha variedade lingüística diferente (p.e. o galego estándar, o portugués estándar, o castelán estándar e así sucesivamente) e se, a seguir, numerásemos cada un deses círculos do 1 ao 10 de tal modo que o binomio 1/10 se correspondese coas variedades lingüísticas máis arredadas entre si na dimensión espacial, observaríamos que, conforme ascendésemos na escala numérica desde o número 1 cara ao 10, de xeito gradual, por unha banda, diminuiría o número total de propiedades lingüísticas comúns (isto é, a semellanza estrutural) e, pola outra, aumentaría (por suposto, tamén, progresivamente) o cómputo de riscos lingüísticos diverxentes (é dicir, a distancia/autonomía lingüística).

Deste xeito, mentres os círculos situados ao principio e ao final dese *continua xeolectal* (isto é, 1 e 10), confrontados un co outro (1 fronte a 10 e viceversa), se corresponderían coas dúas variedades lingüísticas xeográfica e estruturalmente máis arredadas unha da outra, pola contra, os círculos contiguos e adxacentes (p.e. 1 e 2, 6 e 7, 4 e 5, 9 e 10, etc.) coincidirían coas variedades lingüísticas máis próximas entre si no plano espacial e lingüístico.

Daquela, se ben os dous círculos situados nos extremos deste esquemático *continua xeolectal* (é dicir, 1 e 10) e os sucesivos círculos mutuamente adxacentes (p.e. 9 e 10) se corresponderían, respectivamente, co grao máximo e mínimo de distancia estrutural posible, é evidente que, entremedias, atoparíamos todo un abano de posibilidades interpostas (p.e. de compararmos 1 con 6, 6 con 2, etc.) cuxo nivel de semellanza/autonomía lingüística sería privativo de cada un destes pares comparativos.

Como salienta William Downes (1984: 19), nesta recreación «ideal» dun *continua xeolectal*, advertimos que o nivel de semellanza/distancia lingüística entre dúas variedades lingüísticas non é alleo ao seu grao de veciñanza/afastamento espacial. De feito, de primeiras, como nos comenta Peter Trudgill (2002: 115), agardamos que, canto maior sexa a veciñanza xeográfica entre dúas variedades lingüísticas dun *continua xeolectal*, tanto maior será o seu nivel de similitude estrutural (e, por suposto, tanto menor o seu grao de distancia lingüística) e ao revés.

Xa que logo, se aplicásemos as caracterizacións de lingua e dialecto de Alvar ao modelo esquemático dun *continua xeolectal* ideado por William

Downes, decatariámonos axiña de que estas terían unha operatividade práctica e descritiva moi limitada.

Na práctica, de tentarmos aplicar a definición de lingua de Alvar ao modelo simplificado dun continua xeolectal calquera (p.e. o continua xeolectal románico en España e Portugal), atoparíamos que a súa definición de lingua, dado que se esixe unha elevada autonomía lingüística para acadar esta xerarquía, unicamente sería útil con variedades lingüísticas moi concretas e baixo unhas condicións moi especiais. En concreto, canto máis nos arredásemos da opción «ideal» de compararmos entre si as variedades lingüísticas situadas a un e outro extremo deste continua xeolectal, tanto menos pertinente sería a etiqueta de lingua.

Dito doutro xeito, de aplicarmos a definición de lingua de Alvar ao modelo esquemático dos círculos adxacentes, axiña caeríamos na conta de que se trata dunha caracterización cunha capacidade operativa ben exigua e limitada porque, á derradeira, a etiqueta de lingua podería xerar tanta máis controversia canto máis nos afastásemos da opción de compararmos, entre si, as variedades lingüísticas 1 e 10.

Correlativamente, aplicada a definición de dialecto de Alvar a este mesmo modelo esquemático, de novo, constataríamos unha capacidade operativa moi limitada. Sen dúbida, con ser aceptable no suposto de que comparásemos dous idiomas contiguos entre si (p.e. 6 con 7 ou 7 con 6), conforme incrementásemos a distancia (xeográfica e estrutural) entre variedades lingüísticas (p.e. 1 con 6), esa caracterización tornaría máis e máis controvertida. Alén disto, cómpre ter moi presente que unha mesma variedade lingüística (p.e. 1) podería ser, á vez, lingua (de comparármola, por exemplo, con 10) e dialecto (de confrontármola, por exemplo, con 2).

En definitiva, de acordo co enfoque da SLT, a definición de lingua e dialecto de Alvar xera controversia cando nos enfrontamos á análise dun conxunto de variedades lingüísticas con escasa distancia interlingüística (isto é, dun continua xeolectal).

Precisamente, coa intención de superar todos os atrancos con que se atoparon os (socio)lingüistas cando pretenderon individualizar linguas nos continua xeolectal con este criterio, os dialectólogos (p.e. Joan Seguí), segundo nos comentan os historiógrafos<sup>107</sup>, desenvolveron, contra a década de 1950, as chamadas técnicas dialectométricas e lexicoestadísticas.

En liñas xerais, a dialectometría e a lexicoestadística pretendían cuantificar, dun modo obxectivo e científico, as diferenzas estruturais entre variedades

<sup>107</sup> Por exemplo, Taupiac (1999: 288) e Trudgill (2003: 37).

des lingüísticas e, así mesmo, fixar, tamén cientificamente, as isoglosas entre variedades lingüísticas.

Malia que estas técnicas acadaron un notable éxito nas décadas de 1960 e 1970 porque, como observa Ulrich Ammon (1987: 318-319), por unha banda, cuantificaron obxectivamente a distancia lingüística entre idiomas e, pola outra, romperon coa dinámica histórica de aplicar o criterio da distancia (lingüística, xenética e da intelixibilidade) dun xeito intuitivo (este foi o proceder habitual da EFE), xa nos anos oitenta, apareceron as primeiras voces (p.e. Ammon 1987, Polanco 1983) que puxeron en tea de xuízo as conclusións tiradas polos lingüistas estruturalistas con estas técnicas.

A grandes trazos, mesmo se obviásemos o detalle de que estas técnicas prestaron escasa atención á morfoloxía e á sintaxe das linguas (Ammon 1987: 23), axiña algúns sociolingüistas (p.e. Polanco 1983: 19) dubidaron da fiabilidade da dialectometría e da lexicoestadística na individualización de linguas porque, por moi precisas que fosen na cuantificación das afinidades léxicas e fonolóxicas entre variedades lingüísticas, como moito, poderían delimitar diasistemas lingüísticos (Auer, Hinskens e Kerswill 2005: 30) cuxa equiparación con linguas reais e efectivas non debería ser, por suposto, automática<sup>108</sup>.

Por exemplo, se ben o inglés e o francés, como nos comentan William O'Grady, Michael Dobrovolsky e Mark Aronoff (1989: 205), partillan máis do 46 % do seu léxico habitual, ningún investigador «serio» afirmaría que estes dous idiomas son unha mesma lingua (daquela, unha dialecto da outra; p.e. o inglés dialecto do francés) porque, ao cabo, calquera lingüista sabe que esa intensa afinidade léxica deriva dunha sorte de «accidente histórico»: o dominio normando de Inglaterra desde 1066 até, aproximadamente, finais do século XIII.

Como observa Ulrich Ammon (1987: 323), dado que é imposible fixar, obxectivamente, un nivel universal de distancia lingüística mínima (p.e. un 19%) por riba do cal unha variedade lingüística concreta pasaría a ser, automaticamente, unha lingua, á derradeira, sempre sería o investigador quen, ben individualmente, ben en grupo, determinaría, dun xeito convencional (se queremos, arbitrario), o número mínimo de peculiaridades lingüísticas que outorgarían a un idioma a xerarquía de lingua<sup>109</sup>.

<sup>108</sup> Implicitamente, Salvador (1987: 148) recoñece os límites das técnicas dialectométricas e lexicoestadísticas na discriminación de linguas cando afirma: «Ya dije que éstas son, en principio, convencionales, y tal vez lo único que queda es clasificar las hablas según los índices de coincidencia o de discrepancia que entre ellas puedan establecerse, comparativamente, y de acuerdo con una escala de mayor a menor proximidad, unha escala de relación entre dialectos que, a partir de estos índices, pudiera construírse».

<sup>109</sup> Así e todo, estas técnicas seguen a ser utilizadas na actualidade (p.e. Asociación Abertal del Eo-Navia 2007: 57-64).

Alén disto, cómpre ter en mente que, mesmo no caso hipotético de que dous lingüistas (p.e. Feldman 1974: 46, Montero 1982: 51, 1986: 45) se puxesen de acordo no límite convencional entre as categorías lingua e dialecto (p.e. un 25% de distancia/autonomía lingüística), estes mesmos investigadores poderían discrepar tanto no cálculo da distancia lingüística entre dous idiomas concretos (p.e. entre galego e portugués)<sup>110</sup> como no ditame final tirado a partir dos datos «fríos» e «obxectivos».

Xa que logo, podería acontecer que unha mesma variedade lingüística (p.e. o galego) fose, unha vez avaliados os datos obxectivos obtidos con estas dúas técnicas, para uns, lingua, e, para outros, dialecto.

Por exemplo, mentres David Feldman (1974: 47) declarou que as técnicas dialectométricas certificaban que o galego e o portugués eran «idiomas independentes», pola contra, José-Martinho Montero Santalha (1982: 51, 1986: 44-45), M<sup>a</sup> Helena M. Mateus (1986: 30) e Adriano da Gama Kury (1994: 98) coincidiron todos eles na conclusión contraria: o galego e o portugués son a mesma lingua.

En definitiva, se incluso tras a aplicación das técnicas dialectométricas e lexicostatísticas, unha mesma variedade lingüística pode ser clasificada como lingua ou como dialecto en función do referente comparativo seleccionado e en virtude da ideoloxía lingüística do investigador, semella obvio que o atributo da autonomía lingüística non permite discriminar entre linguas e dialectos dun xeito obxectivo, técnico, científico e neutral.

En realidade, dado que os investigadores (consciente ou inconscientemente) escollen un ou outro referente comparativo e interpretan a autonomía lingüística dun ou doutro xeito segundo militen no discurso elitista ou igualitarista, con seguridade, o criterio lingüístico-estrutural, desde un punto de vista realmente científico, técnico, obxectivo e neutral, non é determinante na individualización de linguas.

Verbo disto último, temos que ter moi presente que, como nos comentan os sociolingüistas (Irvine e Gal 2000: 35 e May 2012: 133), o contexto político que rodea os lingüistas e as propias variedades lingüísticas condiciona notablemente o enfoque dos primeiros verbo da distancia (lingüística, xenética e de intelixibilidade) entre idiomas e, por conseguinte, o labor de individualización de linguas por medio do criterio lingüístico-estrutural.

Precisamente, para decatarnos de en que medida a visión dos lingüistas verbo da distancia estrutural entre idiomas e, daquela, o criterio lin-

<sup>110</sup> Mentres Feldman (1974: 47) cifra a distancia lingüística entre galego e portugués nun 31%, Montero Santalha (1982: 51, 1986: 45) cuantifica esa distancia lingüística nunha porcentaxe moi inferior ao 25%.

güístico-estrutural pode estar condicionado polo contexto político en que se enmarca cada unha das variedades lingüísticas, sería interesante que trouxeramos a colación o caso dun grupo de idiomas cuxa situación actual testemuña claramente que a realidade global das linguas é moito máis complexa do que dá a entender a simplificadora taxonomía lingua-dialecto segundo a formulación máis común da EFE.

Como vimos en parágrafos precedentes, dado que é esperable que dúas variedades lingüísticas estremeiras dun mesmo continua xeolectal presenten un elevado grao de semellanza estrutural entre elas, de aplicarmos as definicións de lingua e dialecto de Alvar a unha conxuntura dese tipo, non cabería outra opción que etiquetar unha das dúas variedades lingüísticas como dialecto da outra (esta última, por súa vez, lingua).

Porén, como observa a SLT, a realidade dos feitos lingüísticos non sempre se axusta á rixida taxonomía lingua-dialecto tal e como foi formulada por Alvar e os seus discípulos.

Entre os múltiples exemplos reais de variedades lingüísticas que poderían ilustrar a complexidade subxacente á tradicional antinómia lingua-dialecto, sería interesante que trouxeramos a colación o caso de certas variedades lingüísticas limítrofes cuxos falantes, malia a súa intensa afinidade estrutural, as ven como (dialectos de) linguas diferentes por mor da fronteira política que media entre elas.

Malia que, por exemplo, a elevada semellanza estrutural entre as falas dunha e doutra beira da fronteira alemano-holandesa permita afirmar que, desde un punto de vista estritamente lingüístico, estamos ante (dialectos d) unha mesma e única lingua<sup>111</sup>, non esquezamos que, mentres os falantes da extrema holandesa consideran as súas falas dialectos do neerlandés estándar, os habitantes da banda alemá contemplan as súas variedades lingüísticas (denominadas, polo xeral, Baixo Alemán ou *Plattdeutsch*)<sup>112</sup> como dialectos do seu estándar respectivo (isto é, do alemán)<sup>113</sup>.

Neste caso concreto, atopámonos con dúas variedades lingüísticas cuxa elevada semellanza estrutural mutua non é quen de contrarrestar a distancia política que as afasta de tal xeito que os falantes de ambas as dúas variedades lingüísticas non pensan en si mesmos como falantes (de dialectos) da mesma lingua.

<sup>111</sup> Como opinan Barbour (2000b: 156), Coulmas (2005: 22), Pereltsvaig (2012: 6), Romaine (1994: 31-32), Trudgill (1974: 3, 2002: 118-119) e Wardhaugh (1992: 43).

<sup>112</sup> Non esquezamos que, para complicar aínda máis a cuestión, non poucos investigadores (p.e. Barbour 2000b: 156) falan do Baixo Alemán como unha lingua de seu.

<sup>113</sup> Segundo Trudgill (2002: 116), as variedades lingüísticas faladas a unha e outra beira da fronteira alemano-holandesa están lingüísticamente moito máis próximas unhas das outras do que están cada unha desas variedades lingüísticas verbo das restantes falas dos seus respectivos países.

En realidade, desde a perspectiva da SLT, como se verá en múltiples ocasións ao longo deste estudo, o grao de distancia/semellanza lingüística entre variedades lingüísticas depende, á derradeira, do nivel de interacción lingüística real entre falantes. Visto que, con palabras de William Downes (1984: 19), unha persoa adoita comunicarse máis e nunha maior gama de tipos de relación lingüística (familia, traballo, amigos, etc.) con aqueloutros individuos cos cales, xeográfica e socialmente, está máis preto e dado que os individuos se inflúen mutuamente nos actos comunicativos partillados entre eles, é de esperar que o grao de afinidade lingüística entre falantes sexa directamente proporcional ao seu nivel de veciñanza xeográfica e social (familia, traballo, ocio, etc.).

Agora ben, do mesmo xeito que sería posible que dous individuos, xeográfica e socialmente moi distantes entre si (daquela, supoñemos, tamén moi afastados lingüísticamente), pensasen en si mesmos como falantes da mesma lingua, tamén sería factible que dous falantes, xeográfica e socialmente ben acaroados entre si (xa que logo, agardamos, lingüísticamente moi próximos), non se viran como falantes da mesma lingua.

Precisamente, tocante a estes últimos parágrafos, poderíamos clasificar os casos reais que nos ilustran verbo da incidencia das fronteiras políticas sobre o criterio lingüístico-estrutural en dous grandes grupos: 1<sup>o</sup>) dúas (ou máis) variedades lingüísticas son consideradas linguas diferentes (ou partes de linguas distintas) a pesar da intensa afinidade estrutural entre elas e 2<sup>o</sup>) dúas (ou máis) variedades lingüísticas son vistas como (partes d)unha mesma lingua malia a elevada distancia lingüística entre elas.

De centrármonos na primeira opción, de acordo con Curt Woolhiser (2005: 238-239), poderíamos discriminar, por súa vez, estoutras dúas posibilidades reais: 1<sup>a</sup>) dúas variedades lingüísticas estruturalmente moi afíns son consideradas partes (=dialectos) de linguas diferentes e 2<sup>a</sup>) dúas variedades lingüísticas, estruturalmente moi semellantes, conforman dúas linguas de seu.

Dado que o caso das falas da fronteira alemano-holandesa xa exemplificou a primeira possibilidade, trataremos, a seguir, da opción de que dúas (ou máis) variedades lingüísticas estruturalmente moi similares entre si dean noutras tantas linguas de seu.

Segundo unha ampla nómina de sociolingüistas<sup>114</sup>, o conxunto de variedades lingüísticas que se estenden desde a actual República de Eslovenia até Bulgaria a través das modernas nacións de Croacia, Bosnia-Hercegovina, Serbia,

<sup>114</sup> Entre outros, Brozović (1992: 355), Carmichael (2000a: 223), Crystal (1987: 25), Dronjic (2011: 4), Irvine e Gal (2000: 68-70), Greenberg (2001, 2004: 33-39), Suleiman (2006: 56) e Trudgill (1974: 43-45, 2002: 119-120).

Montenegro e Macedonia conforman, debido á intensa afinidade estrutural entre todas elas, un único continua xeolectal que, polo xeral, os especialistas (p.e. Carmichael 2000a: 223, Hroch 2010: 269) denominan eslavo do sur.

Se deixamos fóra o caso de Eslovenia por mor das súas peculiaridades históricas e se nos centramos na análise das variedades lingüísticas faladas no centro do antigo estado iugoslavo (isto é, de Croacia, Bosnia-Hercegovina, Serbia e Montenegro), constatamos unha afinidade estrutural tan intensa entre todas elas que, desde un punto de vista estritamente lingüístico, está totalmente xustificado que falemos dunha única lingua. De feito, os investigadores<sup>115</sup> consideran que, dadas as escasas diferenzas no plano léxico, morfolóxico e sintáctico documentadas nos usos lingüísticos formais e institucionais da ex-Iugoslavia entre 1850 e 1991, as devanditas falas serían unha mesma lingua (policéntrica ou pluricéntrica) cuxa denominación adoitaba ser serbo-croata (para a variedade oriental) e croata-serbia (para a variedade occidental).

Sexa como for, todo mudou coa desintegración política da antiga Iugoslavia pois, como afirma Robert D. Greenberg (2004: 19):

As long as the unified state continued, the unified Serbo-Croatian language could retain its symbolic unifying function, despite the increase in pluricentricity of the language, but once the political structure fractured, the same language acquired new names and definitions.

En síntese<sup>116</sup>, a desintegración política do antigo estado socialista nun conxunto de «novas» nacións (Eslovenia, Serbia, Croacia, Bosnia-Hercegovina, Montenegro e Macedonia) marcou un «antes» e un «despois» no proceso de fragmentación lingüística da variedade estándar unificada serbo-croata e deu lugar a seis linguas «sucesoras» (esloveno, serbio, croata, bosnio, montenegrino e macedonio). Xa que logo, por moi intensa que puidese ser a afinidade estrutural entre todas as variedades lingüísticas que compoñen o continua xeolectal eslavo do sur, na actualidade, de non atendermos, unicamente, ao criterio lingüístico-estrutural e de termos presente o punto de vista dos propios falantes (e, cada vez máis, dos lingüistas), o esloveno, croata, bosnio, serbio, montenegrino, macedonio e búlgaro son, todas elas, linguas de seu<sup>117</sup>.

<sup>115</sup> Nomeadamente, Carmichael (2000a: 223), Greenberg (2001, 2004: 23, 45, 54, 159-164, 2011), Spolsky (2004: 155-156) e Trudgill (1974: 43).

<sup>116</sup> De acordo co parecer dunha ampla nómina de investigadores: Carmichael (2000a: 223-227), Dronjic (2011: 12), Greenberg (2001: 26-33, 2004: 159-167, 2011), Haarmann (1999: 64), Hroch (2010), Joseph (2006: 25-26), Trudgill (1974: 44-45, 2002: 119-120), Spolsky (2004: 155-156), Suleiman (2006: 56) e Wright (2012: 74).

<sup>117</sup> Nótese que, pola vía de insistirmos na afinidade estrutural entre variedades lingüísticas, poderíamos chegar a etiquetar, como así fai Gregorio Salvador (2007b: 23-24), todas as linguas eslavas como dialectos dun «eslavo común» ou dunha «lengua eslava» (Salvador 1987: 51).



De xeito similar, se ben o luxemburgués é, desde un punto de vista estritamente lingüístico, un dialecto do (diasistema lingüístico) alemán (Ehrhart e Fehlen 2011: 286), os luxemburgueses pensan no seu idioma como unha lingua de seu por mor da súa autonomía política.

Analizada a posibilidade de que dúas (ou máis) variedades lingüísticas, malia a súa intensa semellanza estrutural, non se consideren (partes d) unha mesma lingua por causa da fronteira política que media entre elas, trataremos, a seguir, a opción de que dúas (ou máis) variedades lingüísticas, a pesar da súa marcada distancia interlingüística, se vexan como (partes d) unha mesma e única lingua por mor da súa pertenza a unha mesma entidade política (p.e. China).

Segundo Anthony R. Rowley (2011: 301), se ben o bávaro (isto é, as variedades lingüísticas vernáculas de Baviera, Austria e zonas adxacentes) está máis afastado estruturalmente do alemán estándar do que están o dinamarqués do sueco e o checo do eslovaco, respectivamente, nin os bávaros, nin os lingüistas, pensan neste idioma como lingua de seu senón como un dialecto do alemán (estándar).

Tamén, a pesar de que, de acordo con Suzanne Romaine (1994: 32, 1995: 490), entre un falante de *cockney* nos barrios baixos de Londres e dalgunha das variedades lingüísticas locais da zona do río Tyne (isto é, do centro-norte de Inglaterra), haxa tantos trazos lingüísticos diverxentes como para que poidan xurdir problemas de intelixibilidade mutua, estas dúas variedades lingüísticas son, tanto para os seus falantes como para os lingüistas, unha mesma lingua por mor da histórica subordinación funcional e normativa de ambas as dúas falas ao inglés estándar.

Por poñermos un exemplo clásico, con ser a distancia estrutural entre os sete grandes grupos dialectais chineses (mandarín, wu, yue, xiang, min, kejia ou hakka e gan; Zhang 2013: 564) semellante (Coulmas 2005: 23, Josep. 2004a: 133, 2006: 28-29), ou mesmo superior (Safran 2010: 63-64, Bell 2014: 4), á diverxencia lingüístico-sistémica existente entre as grandes variedades estándar da familia lingüística románica, os chineses, segundo nos comentan os sociolingüistas<sup>118</sup>, non teñen dúbidas de que empregan unha mesma e única lingua por mor da tradición gráfica, cultural e política compartida desde hai miles de anos<sup>119</sup>.

<sup>118</sup> Nomeadamente, Ammon (1987: 319), Bartsch (1987: 247), Coulmas (1999: 400-401, 2005: 23), Rogers (2005: 20), Romaine (1995: 490) e Zhang (2013: 564). Segundo Renate Bartsch (1987: 247), desde o punto de vista do criterio lingüístico-estrutural, o mandarín e o cantonés están máis lonxe un do outro do que estan, por exemplo, o francés estándar do español estándar ou o inglés estándar do neerlandés estándar, respectivamente.

<sup>119</sup> Ao cabo, por conviviren dentro dunha mesma nación (Garayzábal e Jianfeng 2006: 241, Safran 2010: 64, Sung 2006: 7-8 e Zhang 2013: 564).

Finalmente, e por facermos agora referencia ao ámbito lingüístico románico, se ben a distancia lingüística que media entre os idiomas coñecidos como siciliano e lombardo (por extensión, entre as variedades lingüísticas meridionais e setentrionais de Italia; Coulmas 2005: 22) supera o distanciamento lingüístico-sistémico que media entre o español estándar e o portugués padrón (Elia 1987: 126, Romaine 1995: 490), estes dous idiomas non se consideran (nin polos lingüistas, nin polos seus falantes) linguas de seu senón, ambos os dous, dialectos do italiano estándar<sup>120</sup>.

Precisamente, no tocante ao marco sociolingüístico italiano, o profesor Antón Santamarina (1981: 7) escribía:

Entre o pullés e o florentino (que é o italiano literario) hai máis distancia que entre o portugués e o castelán; pero eso non quita para que os florentinos e os pulleses teñan a mesma lingua nacional, e que estes falen un dialecto daquela, cousa que está recoñecida polos nativos mesmos e tamén polos lingüistas; mentres que casteláns e portugueses teñen dúas linguas nacionais distintas. Por razóns lingüísticas, e tamén por algunha outra razón, os andaluces teñen a mesma lingua nacional cós casteláns.

Xa que logo, semella que o contexto político (isto é, as fronteiras políticas), nuns casos, contribúe á iconización da distancia lingüística e ao ocultamento da semellanza lingüística entre idiomas (p.e. no caso da ex-Iugoslavia a partir de 1991) e, noutras ocasións, actúa na dirección contraria (isto é, iconiza a semellanza e oculta a autonomía lingüística entre falas; p.e. en Inglaterra, China e Italia).

Ao xeito de sinopse de todo o dito até o momento no tocante ao criterio lingüístico-estrutural, abondaría con lembrar que este argumento non pode, en por si ou de modo preferente, asignar unha variedade lingüística dada á categoría de lingua ou dialecto. A fin de contas, desde un punto de vista estritamente obxectivo e científico, nin unha estrutura lingüística fortemente diferenciada garante a categoría de lingua<sup>121</sup>, nin unha estrutura lingüística escasamente diferenciada implica, automaticamente, a condición de dialecto<sup>122</sup>.

<sup>120</sup> Non por casualidade, como nos comentan Bobaljik e Pensalfini (1996: 6-7), os fascistas italianos traballaron activamente para que estes «dialectos» italianos fosen substituídos polo italiano estándar.

<sup>121</sup> Por exemplo, de acordo con Montes Giraldo (1995: 51, 1996: 140), os idiomas indíxenas americanos, a pesar da súa incuestionable e evidente autonomía lingüística, historicamente, pasaron por dialectos do castelán estándar.

<sup>122</sup> Quizabes, o monegasco sexa un dos exemplos máis claros de que unha mínima distancia interlingüística non carrega, automaticamente, a condición de dialecto dado que os seus falantes, malia a proximidade estrutural deste idioma co italiano estándar e co occitano (Muljačić 1999: 16), teñen

Unha vez analizadas as dificultades técnicas vinculadas ao criterio lingüístico-estrutural e unha vez investigado como o contexto político pode incidir na relevancia que se lle outorga á autonomía lingüística (sexa esta, mínima ou elevada) dun idioma, cómpre retomar o punto de vista crítico para, desde os principios da SLC, profundar na análise do manexo ideolóxico deste criterio pola EFE.

A partir de agora, centrarémonos no desenmascaramento tanto das razóns ocultas do uso interesado do criterio lingüístico-estrutural como dos obxectivos (lingüísticos e políticos) procurados con esta manipulación.

Desde o punto de vista da SLC, o nacionalismo etnolingüístico<sup>123</sup> profesado polos lingüistas partidarios das grandes variedades estándar (tamén, polos españois) subxace á manipulación (ás veces, explícita) do criterio da distancia (lingüística, xenética e da intelixibilidade mutua).

Talmente, en primeiro lugar, entre as consecuencias inadvertidas desta ideoloxía, cómpre colocar o acento agora sobre o feito de que os investigadores da EFE aplicaran o criterio lingüístico-estrutural dun xeito intuitivo (p.e. Alvar 2004: 31)<sup>124</sup>.

---

moi claro a condición de lingua do seu idioma. Igualmente, os falantes de montenegrino, a pesar da intensa afinidade estrutural deste idioma co serbio, pensan no seu idioma como lingua de seu. Precisamente, para ilustrar a mínima autonomía lingüística do montenegrino, Greenberg (2004: 3) relata a seguinte anécdota: «When I visited Montenegro that same summer, I gingerly asked my linguistic colleagues whether or not they took seriously the moves to split off a Montenegrin language [...]. They retorted that supporters of a separate Montenegrin language were extremist Montenegrin nationalists, and that nobody in the community of linguistics took them seriously. One colleague, a dialectologist, went so far as to say that it is impossible to identify a single linguistic for that would identify all Montenegrins. «If there such forms», he chuckled, «they could be counted on one or two fingers».

<sup>123</sup> Polo de agora, como mostra do nacionalismo etnolingüístico profesado por estes lingüistas, abondaría con citar estas palabras, primeiro, de Buesa (1980: 38): «Unamuno, con su fogosa intervención parlamentaria, tocaba el meollo de la cuestión: el problema lingüístico era entonces —como en nuestros días— una amenaza real para la unidad española» e, a seguir, de Salvador (1986b: 34, 1987: 136): «A la pregunta de si él, como etnólogo, veía algún rasgo común, algo que uniera a pueblos tan variados, a gentes de tan distinta procedencia, de costumbres tan diversas, tanta complejidad en una palabra, con esa desganada contundencia que le es característica, contesto que sí, que había un hecho definitivo que nos unía a todos: el idioma español. Llámese español o llámese castellano, dijo, la verdad es que ahí está, que es la lengua que hablamos todos los que hemos nacido en España y, aunque sea con rechazo por parte de algunos, es lo único que nos une, aparte de habitar ese ámbito geográfico tan bien determinado que es la piel de toro. Y hay una cultura común, que es la que se ha producido en esa lengua, la lengua de Cervantes que le dicen».

<sup>124</sup> Estas palabras de Mendivil Giró (2008: 6) dan unha idea do proceder habitual dos lingüistas españois: «De hecho, buena parte de los mas optimistas consideran hablantes de alguna variedad del aragonés, son en realidad hablantes de una variedad del español trufado de rasgos aragoneses. Esa es la cruda realidad y aunque no disponemos de estudios sociolingüísticos fiables, basta para comprobarlo con charlar un rato con hablantes de algunos dialectos aragoneses o con leer con un poco de atención la literatura producida en algunas variedades».

A este respecto, de acordo co enfoque da SLC (p.e. May 2003, 2006: 261-262), deberíamos comezar por chamar a atención sobre o paradoxo de que os anteditos lingüistas, se ben xustificaron a rebaixa dos idiomas periféricos do estado español á condición implícita (ás veces, explícita) de dialectos co argumento de que estas falas carecían dunha elevada autonomía lingüística (ou, simplemente, de autonomía lingüística abondo), até onde nós sabemos, nunca deron noticia ningunha dos tests, métodos e porcentaxes con que se cuantificaba e certificaba esa suposta mínima autonomía lingüística verbo do español estándar ou de calquera outro idioma (p.e. do aranés verbo do gascón)<sup>125</sup>.

Mesmo, aínda na hipótese de que estes tests existisen e de que o seu descoñecemento fose responsabilidade exclusiva de quen está a escribir estas liñas, chama poderosamente a atención que, con ser estes uns datos fundamentais para a validación científica das súas conclusións finais e dada a sólida formación académica destes investigadores, non se puxera moito máis empeño na concreción da base empírica responsable da denigración das variedades lingüísticas periféricas do estado español á condición de dialectos.

Sexa como for, visto que os lingüistas españois foron moito máis tallantes na negación da xerarquía inequívoca de lingua ás variedades lingüísticas periféricas do estado español por mor da súa mínima autonomía lingüística que na concreción da base empírica xustificativa de semellantes conclusións, en primeiro lugar, de acordo coas directrices da SLC, cómpre alertar da relaxación nese punto concreto do seu proceder metodolóxico e, por conseguinte, verbo do seu posible fondo ideolóxico.

Neste sentido, cando, sen facer explícitos os estudos empíricos en que se basean as súas afirmacións, a EFE<sup>126</sup> etiquetou, abertamente, o leonés, o aragonés e, tacitamente, ou non (Alvar 1978b: 31, 41), o asturiano<sup>127</sup> como dialectos do español estándar por mor da súa suposta mínima autonomía lingüística verbo desta segunda lingua, teremos que pensar que estes lingüistas<sup>128</sup> manipularon a realidade lingüística.

<sup>125</sup> Unha panorámica xeral dos métodos historicamente utilizados para medir a distancia e intelixibilidade entre linguas pódese consultar en, por exemplo, Gooskens (2013).

<sup>126</sup> En concreto, Alvar (1961: 54, 1978c: 7, 1979: 7-8, 18, 1982: 51-59, 65, 1990: 22-24, 1996a: 19, 1996b: 10, 1996c) e Quilis, Hernández e De la Concha (1971: 184-185). Outros lingüistas (p.e. Bosque, Martínez, Muñoz, Rodríguez, Sarrión e Ynduráin 2004: 194-195 e López García 2009: 18), denominan a estes idiomas: «dialectos históricos del latín».

<sup>127</sup> Concretamente, Alvar (1979: 9, 24, 1982: 51, 70, 1990: 15).

<sup>128</sup> Explícitamente, De Cos (2010: 2), Gimeno (1990: 24, 2003/2004: 1278), González Salgado (2009: 350-353), Lamíquiz (1987: 74), Martín (1994: 342), Mendivil (2003/2004: 1435-1436, 2007: 16, 2008: 6), Neira (1982: 25, 1986: 65) e Salvador (1986b: 50, 1987).

Evidentemente, como nos advierte a SLC (May 2006: 261 e Pennycook 2001: 63), se o criterio lingüístico-estrutural confirma «científicamente» a condición de dialectos dos idiomas periféricos dun determinado estado-nación (neste caso, do estado español), os defensores destas variedades lingüísticas ficarían deslexitimados para a súa implementación nos chamados dominios formais e institucionais (escola, administración, exército, etc.). Por conseguinte, estes idiomas, unha vez confinados no rol exclusivo de falas privadas (familia, amigos, etc.; p.e. Alvar 1982: 51, Salvador 1987: 21)<sup>129</sup>, deixarían de ser unha ameaza potencial contra a omnímoda presenza pública da variedade estándar estatal e, por extensión, contra a unidade política e territorial do estado correspondente<sup>130</sup>.

Agora ben, no noso parecer, a manipulación da realidade lingüística vai máis alá do simple relaxamento na concreción da base empírica en que se sustentan os ditames tirados do criterio lingüístico-estrutural.

Por unha banda, a EFE, interesada en demostrar «científicamente» que as grandes variedades estándar do mundo son, incuestionablemente, linguas porque posúen unha elevada autonomía lingüística, cando argumenta sobre estas variedades estándar estatais (p.e. verbo do español, francés, italiano, etc.; Alvar 1961: 53, 1982: 58, 2004: 31), foca sobre os trazos lingüísticos privativos de cada un destes idiomas (iconiza a súa autonomía/distancia lingüística)<sup>131</sup> e, á vez, oculta a afinidade lingüística destes idiomas entre si (ás

<sup>129</sup> A este respecto, escribe Alvar (1979: 9): «si uno quiere hablar en bable de Bimenes o en chapurriau de Peñarroya, bien está y que lo dejen hablar en paz. Pero si quiere estudiar física nuclear o dermatología tendrá que utilizar otra cosa. Lo que sería inaceptable es que se imponga al resto de Asturias el habla de Bimenes o al de Aragón el de Peñarroya, por grande que esta sea su personalidad y digna de estudio que la consideremos». Nunha liña similar, Mendivil Giró (2008: 7) afirma: «Con todo mi respeto para los hablantes patrimoniales, mi consejo sería que lucharan por conservar su habla materna en el ámbito familiar y local y que, si tienen talento y afición por escribir en ella, que lo hagan con una ortografía adecuada a cada lengua o variedad. [...]. Los hablantes de lenguas aragonesas minoritarias tienen la suerte de disponer del español como lengua común».

<sup>130</sup> Das palabras que se citan a seguir de Salvador (1987: 28) deducimos que, no parecer dos lingüistas españois, a unidade idiomática e territorial do español non está ameazada fóra de España (isto é, en América) mais si dentro do estado español: «Pero volvamos a nuestra lengua española, también azotada por esas ventoleras, desplazada por falsos esperantos, inundada de nuevos sayagueses. Y que no le alcance la racha a América, porque en la del Norte el inglés es compacto, pero en la latina la hispanización non ha concluido. Volvamos a nuestra lengua española para defenderla, para quebrar una lanza por ella, para aclarar una cuantas ideas confusas y denunciar algunos peligros que la amenazan. [...] Por eso lo molesto y dramático no es que núcleos de habitantes filipinos, chicanos o puertorriqueños hayan trocado o puedan trocar el español por el inglés, lo verdaderamente indignante es que a grupos de hablantes españoles se les pretenda confinar a lenguas minoritarias o con frecuencia artificiales o se les quiera hacer oficiar en la farsa ridícula de la sayaguesización de su propia variedad dialectal».

<sup>131</sup> En Alvar (1961: 53, 1978a: 9), podemos ler en referencia ás grandes variedades estándar do mundo: «Las coincidencias de rasgos lingüísticos son meramente agrupadoras, pero no definidoras. Las lenguas románicas tienen una serie de trazos comunes que las agrupan, pero cada una de ellas tiene unos ‘rasgos pertinentes’ que la individualizan frente a los demás dialectos; lingüísticamente, no se pueden caracterizar por lo que tengan de común; sino por lo que poseen de dispar».

veces, ben intensa; p.e. entre español e portugués). Pola outra, estes mesmos (socio)lingüistas, interesados tamén en confirmar que os idiomas periféricos do estado español, desde un punto de vista estritamente científico (p.e. Mendián 2003/2004, 2007, 2008: 6), carecen da xerarquía de linguas por mor da súa reducida distancia estrutural verbo do castelán estándar, ao razoaren sobre este segundo grupo de variedades lingüísticas (p.e. sobre o aragonés, asturiano e leonés; Alvar 1961: 60, 1982: 65), salientan, no seu discurso académico, as concomitancias estruturais coa variedade estándar do español (Alvar 1961: 54, 1982: 59) e, asemade, ocultan (ás veces, mesmo negan categoricamente; Alvar 1961: 60, 1982: 65) os seus trazos lingüísticos privativos (isto é, minorizan a súa autonomía/distancia lingüística)<sup>132</sup>.

De certo, esta hábil estratexia discursiva consistente en iconizar ou ocultar a distancia/autonomía lingüística dun idioma dado segundo se trate, ou non, dunha das grandes variedades estándar do mundo (p.e. do español), logrou casar coherencia ideolóxica con congruencia científica ou, dito doutro xeito, conseguiu dar a impresión de que a «fría» análise da realidade dos feitos lingüísticos certificaba a xerarquía incontestable de lingua das variedades estándar estatais e, á vez, a condición (implícita ou explícita) de dialecto dos seus respectivos idiomas periféricos.

Agora ben, cando a EFE se confrontou con idiomas periféricos cuxa manifesta autonomía lingüística verbo do español estándar imposibilitaba a manipulación da realidade lingüística no sentido anterior (p.e. co vasco), estes investigadores, interesados en que o criterio lingüístico-estrutural seguise a lexitimar a exclusión destes idiomas da xerarquía inequívoca de lingua, tras matizar que non estabamos ante «linguas en sentido estrito» porque non xeraran de seu unha variedade estándar, insistiron na minorización destes idiomas pola vía alternativa da súa exotificación.

<sup>132</sup> Con todo, en Alvar (1961: 60, 1978a: 18-19), atopamos un recoñecemento implícito da autonomía lingüística destes idiomas cando asegura que: «Sólo en zonas cada vez más constreñidas (Zamora, Asturias, Pirineo) el aragonés o leonés mantienen algo de su primitiva dignidad, pero —a oriente y occidente— con una impronta castellana muy marcada. Por eso, ya, dialectos del castellano, según mi definición». Nunha liña semellante, Borrego Nieto (1996: 139) afirma que: «sólo en la parte más occidental de León y noroeste de Zamora el dialecto mantiene unha certa coherencia de código distinto, al menos en determinados hablantes». Por súa vez, Salvador (1986b: 50), tocante ao aragonés, opina que: «[...] mezclando rasgos y particularidades de la media docena de dialectos románicos arcaicos, cuyos restos aún perviven en algunos valles del Pirineo de Huesca» e que «En Aragón, hay un grupo empeñado en hacer hablar a todos unha mezcla de cheso y ansotano, las dos hablas locales pirenaicas que conservan cierta entidad románica peculiar» (Salvador 1987: 24). Por último, Neira (1982: 26) asegura, verbo do asturiano, que: «Las hablas asturianas con más personalidad, con más rasgos diferenciadores, son las de las zonas apartadas. En las aldeas más remotas es donde mejor puede tenerse la impresión de que aquello no es castellano».

Nesta liña, como xa vimos, a EFE seleccionou o referente comparativo de cada idioma segundo lles interesase aparentar máis (p.e. no caso do vasco, os «dialectos» vascos) ou menos (p.e. no caso do galego, o portugués) autonomía lingüística para o idioma en cuestión. Certamente, mentres no caso do vasco e asturiano, a comparanza entre as súas respectivas falas locais permitiu argumentar que estes dous idiomas non eran «linguas en sentido estrito», no caso do galego, do valenciano e do aranés<sup>133</sup>, a substitución do español como referente comparativo por outro idioma (respectivamente, portugués, catalán e gascón) estruturalmente máis afín serviu de coartada xustificativa da exclusión destes idiomas da xerarquía inequívoca de linguas.

Bótase de ver que, segundo interesase, ou non, rebaixar á condición, explícita ou implícita, de dialecto a un determinado idioma, os lingüistas españois escolleron como referente comparativo, ben o español estándar, ben outro idioma estruturalmente máis achegado.

Agora ben, visto que o vasco figuraba no mapa dialectal mental (é dicir, na ideoloxía do sentido común) dos potenciais lectores do textos da lingüística española na condición de lingua incuestionable, estes investigadores tiveron que empregarse moito máis na manipulación do criterio lingüístico-estrutural.

Así, alén da mencionada negación explícita da xerarquía de lingua a este idioma porque contiña oito «dialectos-linguas» máis distanciados lingüisticamente entre si do que estaban as modernas linguas románicas<sup>134</sup> e porque non tiña unha variedade estándar «natural», estes lingüistas deixaron caer que esta «exótica e estraña» variedade lingüística (lingua cómplex, na súa terminoloxía) non era realmente unha lingua porque, de centrármonos na análise dos falantes de «genuino GLM vasco y nivel escaso de instrucción»

<sup>133</sup> Polo camiño da manipulación da realidade lingüística e da denigración das variedades lingüísticas vernáculas periféricas na procura da coherencia ideolóxica corremos o risco de caer no libelo máis descarnado e carente de rigor científico (p.e. Freire 2009: 3): «Cuando todo empezó no existía el gallego. Lo que había era una suma de variantes lingüísticas galaicas que, por comodidad, llamábamos gallego. Éstas diferían entre sí en cada comarca y estrato social, al tiempo que el castellano penetraba inextricablemente en su léxico y estructura».

<sup>134</sup> Como afirma Salvador (1987: 20-21, 50-51, 94-98, 149). Nótese como, con razóns ben semellantes, Neira negou a condición de lingua ao asturiano. En 1982, escribe (Neira 1982: 25): «Las diferencias entre ciertas hablas asturianas es tan grande que no es sorprendente que se pueda tener la impresión de que no se trata de variedades de la misma lengua». Anos máis tarde (Neira 1986: 64) asegura: «El bable, al igual que el leonés, no funciona hoy ni ha funcionado nunca como una lengua. Los diversos bables o hablas que lo integran coinciden o divergen en formas muy variadas. Pero no han estado entre sí en relación dinámica. No ha surgido espontáneamente una norma supralocal, aceptada implícitamente por todos como la superior, con validez general pero no exclusiva de una zona determinada».

(Salvador 1987: 151), advertimos pouco de realmente distintivo fronte ao castelán estándar (isto é, constatamos unha autonomía lingüística mínima).

Evidentemente, no ronsel desta argumentación, pois a EFE deu a entender que a distancia lingüística do galego con respecto ao portugués (Salvador 1987: 57, 99) e español (Salvador 1987: 133-134), do valenciano verbo do catalán (Salvador 1987: 56, 99), do aranés con respecto ao gascón (Salvador 1987: 94, 98), era moito menor do que insinuaban os seus defensores, semella comprensible que os lectores tirasen a conclusión de que galego, aranés e valenciano, tampouco eran, con palabras de María Luisa Arnal Purroy (2010a: 76), linguas «en sentido estricto».

Chegados a este punto, bótase de ver que a EFE combinou habitualmente varias estratexias lingüístico-discursivas coa intención de que non ficase dúbida ningunha da condición dialectal dos idiomas periféricos. Así, por exemplo, no tocante ao asturiano, os lingüistas españois negaron a condición de lingua deste idioma pola súa mínima distancia lingüística fronte ao español estándar, pola súa hipotética elevada distancia interlingüística entre as súas falas locais e pola diminución da súa autonomía lingüística conforme nos remontabamos no tempo. Por isto, estes estudosos<sup>135</sup> aseguraron, unha e outra vez, que «hay muchos bables, no uno, y que éstos difieren entre sí, tanto en el léxico como en el sistema de sonidos o en el mecanismo gramatical» (Neira 1982: 47).

Xa que logo, o discurso académico construído por estes investigadores conseguiu dar a sensación de que, cando se relegaban as variedades lingüísticas estatais periféricas á condición de dialectos sobre a base do criterio lingüístico-estrutural, os lingüistas se limitaban a actuar como unha sorte de «notarios» que «levantasen acta» da realidade lingüística tal e como esta era<sup>136</sup>.

<sup>135</sup> Por exemplo, Neira (1982: 28, 48, 54, 66, 82, 1986: 64, 65), Marcos-Marín e Miguel (2009: 240) e Slvador (1987: 101).

<sup>136</sup> Así, fala Gregorio Salvador (1987: 91) sobre o proceder dos lingüistas: «Como la escala es muy variada entre ambos extremos, entre la existencia presente de una lengua viva y la ficción de una lengua posible, pasando por la suposición de una lengua pretérita o por la imaginación de una lengua futura, la intervención del lingüista aséptico, con cifras de hablantes, con límites geográficos bien contrastados, con pruebas históricas irrefutables, suele recibirse enconadamente, atribuyéndole intenciones que no tiene y situándolo, sin más, al otro lado de la barricada donde cada cual defiende sus ilusiones lingüísticas. Y como estas barricadas son muy diversas y contradictorias, el lingüista objetivo queda en tierra de nadie, aguándole la fiesta a todo el mundo, convertido aparentemente en una especie de tipo maligno y desconsiderado que se dedica a pinchar globos en una verbena infantil». Nunha liña ben semellante Mendivil Giró (2003/2004: 1429-1430, 2007: 14) asegura que: «Se trata, dice el autor, del precio que se debe pagar por hacer una aproximación rigurosa y honesta al problema de la evolución de las lenguas. [...]. Es muy probable que el presente artículo sea mal interpretado y que ofenda la sensibilidad política de algunas personas. Emulando a Dixon, diré que es el precio que hay que pagar por decir con honestidad y desde la ciencia del lenguaje, tal y como yo la entiendo, qué es la llamada lengua aragonesa (esto es, la lengua aragonesa común o normalizada)».



De certo, o uso interesado do criterio lingüístico-estrutural (e, por extensión, como veremos, do criterio da distancia en xeral) forma parte dunha estratexia de argumentación cuxo obxectivo final sería revestir a visión ideolóxica dos (socio)lingüistas españois da realidade lingüística do seu estado dunha pátina de «verdade científica incontestable» e de argumentación derivada do «sentido común» (Salvador 1987: 26).

Agora ben, chegados a este punto, cómpre lembrar que a ciencia (socio)lingüística non nos obriga a aceptar a exo-etiqueta de dialecto imposta ao conxunto dos idiomas periféricos do estado español mencionados até o momento (p.e. para o galego; Salvador 1987: 20, 57). Sen dúbida, como argumentan os sociolingüistas, o asturiano (Cano González 1999 e De Andrés 1997, 2002, 2012) e o aragonés (p.e. Nagore 1999), de termos presentes criterios extralingüísticos, son linguas.

A pregunta que xorde a seguir é, pois, por que razón Alvar e os seus discípulos, con autodenominárense sociolingüistas (p.e. Alvar 1975: 93, Salvador 1987: 38) e con recoñeceren, aparentemente, a primacía dos criterios extralingüísticos sobre os estritamente lingüísticos (De Cos 2010: 5), manipularon o criterio lingüístico-estrutural co obxectivo de pór en cuestión non só a categoría de lingua destes idiomas senón, incluso, a súa condición de linguas *in spe*<sup>137</sup>.

En xeral, como xa avanzamos, a resposta sería, máis ou menos, esta: a coherencia ideolóxica primou sobre a congruencia científica. Polo miúdo, de acordo coa perspectiva da SLC, o convencemento de que a construción dun estado-nación moderno e eficiente esixe, previamente, o monolingüismo na variedade estándar estatal ou, dito doutro xeito, o desexo de correspondencia un-a-un entre as variables lingua, nación e estado (Lodares 2005: 31-35) guiou todas as argumentacións ligadas co criterio lingüístico-estrutural<sup>138</sup>.

Verbo disto convén ter presente que, pois os lingüistas da EFE interiorizaran na súa práctica social (isto é, coa familia, escola, formación, medios de comunicación, círculo de amizades, traballo, etc.; Watts 2012: 587) que a modernización e racionalización do estado español demandaba, por forza, unha «lingua nacional unificadora» (Alvar 1979: 16, 1982: 76), non sorprende que estes investigadores argumentaran do seguinte xeito: o criterio lingüístico-estrutural só lexítima ao español estándar no rol de «lingua común»

<sup>137</sup> Como aseguran Alvar (1979: 10, 1990: 15), Mendivil (2003/2004: 1437-1441, 2007: 17-19, 2008: 6) e Salvador (1986b: 45-54, 1987: 23-25, 56-59, 94-102).

<sup>138</sup> Lodares (2005: 31) asegura que: «El español moderno es hijo de unha ideología nacionalizadora muy característica del siglo XIX, que buscaba los grandes espacios estatales y favorecía la estrategia de expandir por ellos las lenguas comunes; pero dicha ideología está en entredicho». Pola súa banda, Salvador (1987: 27) afirma que: «Pero las ideas de Grégoire non sólo fueron decisivas para el francés sino también para el español».

(Salvador 1986a: 27, 1987: 17, 107) porque, no contexto político do estado español (Alvar 1979: 18), unicamente este idioma goza da autonomía lingüística suficiente para ser, inequivocamente, lingua.

A maiores, como observa a SLC, desde o momento en que as grandes variedades estándar estatais (por extensión, o monolingüismo) ficaron indubieblemente vinculadas co progreso e modernidade (Marcos-Marín e Miguel 2009: 829) e, consecuentemente, as variedades lingüísticas periféricas coa tradición e co atraso cultural, económico, social e político<sup>139</sup>, moi a miúdo, estes mesmos idiomas periféricos (e, por extensión, o multilingüismo)<sup>140</sup> mudaron en «obstáculos» (e, mesmo, «ameazas») para a unidade política e territorial do estado-nación<sup>141</sup>.

Se, interferidos pola liña ideolóxica habitual dos nacionalismos europeos desde a Revolución Francesa<sup>142</sup>, a EFE enfocou os idiomas periféricos do

<sup>139</sup> Como afirman Alvar (1982: 50-51, 1990: 22, 1996a: 21, 2000: 29), Buesa (1980: 40-41) e Salvador (1987: 27, 66, 87). A este respecto, escribe Alvar (1982: 93): «y los dialectos son considerados hoy como el depósito más rico en el que las costumbres, las tradiciones y las creencias de un pueblo se archivan cuidadosamente». Pola súa banda, Salvador (1987: 27) asegura que: «Si en 1810 no hubieran imperado esas ideas, sino las que ahora se proclaman, América sería un mosaico lingüístico inimaginable, y su aislamiento y miseria se habrían multiplicado».

<sup>140</sup> Verbo desta cuestión, lemos en Salvador (1987: 103): «España es un país con zonas bilingües y el bilingüismo es siempre problemático». Noutro texto, Salvador (2007b: 44), ademais de indignarse «ante el problema del multilingüismo integral adoptado por la Unión, con oficialidad de todas las lenguas de los Estados miembros y los problemas y el gasto que esto significa, se planteó las realidades que amenazan la identidad cultural representada por las lenguas menores, pero que incluso pueden afectar al italiano, al alemán o al francés, porque «hoy —dijo— solo la cultura inglesa o americana y la cultura española están en condiciones de afrontar estos retos» (Salvador 2007b: 190), aseguraba que: «El bilingüismo popular, en los estratos culturalmente bajos de la población, lo que suele producir es un lamentable semilingüismo, una palmaria incapacidad para expresarse coherentemente en ninguno de los dos idiomas». Paradoxalmente, este mesmo lingüista, tras gabar o bilingüismo portorriqueño inglés/español (Salvador 2007a: 65, 2007b: 41), comenta sobre os falantes de sefardí: «Tras cinco siglos de fidelidad de los sefardíes a su lengua española, no podemos decir que no haya salida para el judeoespañol, que no es, por lo demás, sino una variedad de la segunda lengua universal de nuestros días. ¿Por qué no van a seguir siendo bilingües, como lo han sido, en mayor o menor escala, siempre los sefardíes? ¿Por qué no van a poder tener, los de Israel, el hebreo como lengua común y su judesmo como preciada herencia que les sirva, además, como lengua de relación?». Por suposto, aínda que outros lingüistas españois (p.e. De Miguel 2006: 12) teñan unha visión moi positiva do bilingüismo, o enfoque que Salvador dá a este fenómeno retrotraéenos ao mito da pureza lingüística segundo o cal o falante bilingüe, cando pon en contacto dúas linguas, corrompe unha coa outra.

<sup>141</sup> No parecer de Canagarajah e Ben Said (2011: 392), a concepción do multilingüismo/bilingüismo como un problema social entronca, claramente, co *imperialismo lingüístico*.

<sup>142</sup> Por exemplo, Alvar (1979: 10-18), Buesa (1980: 40-43), Marcos-Marín e Miguel (2009: 83-84, 126) e Salvador (1987: 27). Sobre este ideario, escribe Neira (1982: 79): «La unificación política con los Reyes Católicos no supuso es lógico unidad lingüística. Cada reino continuó con sus lenguas con total libertad de hablarlas y escribirlas. Fue en el siglo XVIII, con el ideario centralista de la nueva monarquía francesa cuando de un modo absurdo se pretendió ignorar la realidad lingüística española, es decir, su diversidad. Y se pretendió uniformar lo que sólo es competencia del pueblo soberano: el habla de cada día. Este propósito, como es lógico, fracasó, y las lenguas y dialectos de España han continuado su rumbo con o sin beneplácito de los gobernantes».

seu estado-nación como «pexas» para a modernización e racionalización de España (Alvar 1979: 9-10, Buesa 1980: 41) e, daquela, como «obstáculos» ou «ameazas» para a construción dun estado-nación moderno e eficiente (Alvar 1979: 9-10, Buesa 1980: 41, Lodares 2005: 81), non nos debería estrañar que estes mesmos investigadores reivindicasen, no ronsel da ideoloxía racionalista do XVIII, a destrución desas falas (p.e. Alvar 1979: 11, Buesa 1980: 41). Por suposto, de acordo co chamado enfoque museo (Bobaljik e Pensalfini 1996: 17-18), estas falas deberían ficar previamente perfectamente documentadas (Alvar 1979: 10-11, 1982: 93, Buesa 1980: 41).

No entanto, mentres Alvar e outros lingüistas desta escola<sup>143</sup> semellan representar unha sorte de versión feble» da ideoloxía lingüística do monolingüismo en tanto que a percepción da (re-)emerxencia das variedades lingüísticas periféricas como unha «ameaza» á unidade política, territorial e idiomática do español (e, por conseguinte, do estado español) permanece, polo xeral, máis ou menos, oculta, outros lingüistas conformarían unha «versión forte» desa mesma ideoloxía na medida en que esa mensaxe emerxe moito máis explícita<sup>144</sup>.

Precisamente, este enfoque das variedades lingüísticas periféricas como «pexas» ou, mesmo, como «ameazas» para a unidade territorial e idiomática do español tivo moito que ver co feito de que, como observan Clare Mar-Molinero (2000: 13) e José Del Valle (2006: 41), estes investigadores rebaixasen todos estes idiomas á condición de case-linguas e, ás veces, de xeito explícito, ao estatuto de dialectos. A desculpa, como xa vimos unha e outra vez, foi que, no tocante ao criterio lingüístico-estrutural, desde un punto de vista «científico», carecían de autonomía/distancia lingüística abondo para seren linguas de seu.

Por suposto, a insistencia da EFE nos criterios supostamente obxectivos, científicos, técnicos e neutrais que lexitimaban o español estándar na xerarquía incuestionable de lingua (Salvador 2007b: 23)<sup>145</sup>, desexaba ocultar as auténticas razóns políticas, económicas e históricas que, por unha banda,

<sup>143</sup> Concretamente, Salvador (1986a, 1986b, 1987), Mendivil (2003/2004: 1441, 1443, 2007: 18-19, 2008: 5) e Neira (1982: 23, 1986: 62).

<sup>144</sup> Nomeadamente, Lodares (2000: 12, 2005: 81) e Menéndez (2011a: 1, 2011b: 8, 2011c: 1). Así opina Lodares (2005: 81) sobre esta cuestión: «es lo más probable que, independientemente de su menor número de hablantes o menor peso comercial en relación con el español, el papel de dichos idiomas como «aduna lingüística» de las comunidades se vea reforzado. Y si el nacionalismo sigue en ascenso, es también probable que las lenguas representen un papel de importancia simbólica en el horizonte que señalaba Rafael Lapesa: disolver uno de los lazos de unión entre los españoles, como es la lengua común, que allane a su vez la disolución política».

<sup>145</sup> Segundo Salvador (2007b: 23): «Hablar de español es hablar inequívocamente de una lengua verdadera, de un idioma homogéneo, de un instrumento de comunicación realmente válido para todos sus usuarios».

deran ao español estándar a devandita categoría, e, pola outra, relegaran ao resto de idiomas do estado español a un estrato sociolingüístico inferior (cando, menos de case-linguas).

De acordo coa SLC (p.e. Gal 2006: 15, 2010: 38-39), as intencións ocultas no anterior proceder poderían resumirse, máis ou menos, así: se as fronteiras xeopolíticas do meu estado-nación abranguen canto territorio empregue a miña variedade estándar (Alvar 1979: 9, Salvador 1987: 15-17)<sup>146</sup>, daquela, se vostede fala a miña variedade estándar (ou, cando menos, unha «versión» dela), vostede é cidadán do meu estado-nación<sup>147</sup>.

Precisamente, por mor do desexo da EFE de ocultar o seu trasnoitado nacionalismo identitario de inspiración romántica<sup>148</sup> resultante da combinación da visión romántica das linguas como a expresión máis conspicua da «alma» dun pobo coa restrición do ideal racionalista dunha lingua universal ao interior de cada un dos diferentes estados-nación, estes investigadores<sup>149</sup>, non dubidaron en repudiar abertamente a:

<sup>146</sup> A este respecto, escribe Salvador (1987: 15): «Tengo 50 años, es decir 45 más o menos de vida consciente; nueve de ellos los he pasado en Tenerife, en esta Universidad. Si no se es de donde se nace sino de dónde se padece, creo que tendrán que concederme ustedes, aritméticamente, que en una quinta parte de mi ser soy canario. Pero también les digo que la aritmética del corazón es otra, y que yo siento con evidencia que la dimensión de esa quinta parte pertenece a otra geometría más profunda. Porque además esos nueve años los pasé aquí dedicado a enseñar y a aprender cosas acerca de nuestra común lengua española. Y la patria del hombre es su lengua, como decía Albert Camus. [...] Pienso que no hay para mí otras fronteras que las de la lengua y ni mares ni ríos ni montañas ni aduanas me separan de nadie que conmigo las comparta. [...] Si la patria del hombre es su lengua, ¿cómo es nuestra patria? Por lo pronto ancha y variada». Nótese, neste, e nos textos citados a seguir, a presenza do ideal romántico das linguas como a expresión máis destacada da «alma nacional» dun pobo.

<sup>147</sup> Segundo Hroch (2010: 275), os construtores da «Gran Serbia» defenderon que a nación serbia estaba constituída por todos os falantes do dialecto *neostokavian/ijekavian* (común a serbios, unha parte dos croatas, bosníacos e montenegrinos).

<sup>148</sup> Coido que este parágrafo de Salvador (1987: 19) exemplifica, ben ás claras, o nacionalismo identitario de ascendencia romántica de que estamos a falar: «Una lengua para todo el mundo, esa patria, que dijimos sin fronteras. ¡Qué duda cabe de que toda idea de progreso y libertad a escala mundial tiene que situar en su horizonte la unidad lingüística! Pero uno, más pragmático que utópico, piensa que es preferible cuidar la unidad de las grandes lenguas vivas y poner en ellas la esperanza de ese futuro de mejor entendimiento y comunicación. No acierto a prever, por siglos adelante que eche a volar la imaginación, la humanidad con una sola lengua, pero sí atisbo la posibilidad de que llegará a quedarse sólo media docena, cuando me pongo utópico y soñador». Nunha liña similar, Alzugaray (2004: 170) afirma: «El español es el tejido que ha unido a nuestra nación en el terreno de la cultura, de la administración, de la economía. Nuestros escritores en español proceden de todos los rincones de España y América».

<sup>149</sup> Por exemplo, Buesa (1980: 42-43), Marcos-Marín e Miguel (2009: 38, 84, 113), Mariner (1981: 331), Menéndez (2011a: 3, 2011c: 4) e Salvador (1987: 39, 58, 65). Tamén en Salvador (1987: 58) podemos ler: «No comparto la resurgida idea romántica de la lengua como manifestación del espíritu de un pueblo, que después de haber anidado en la ideología hitleriana, se ha ataviado de progresista y anda por ahí circulando entre intelectuales escasamente reflexivos». Anos máis tarde, escribe (Salvador 2007a: 173): «Llamarle nación a la Nación o, si no, España por su nombre de pila, he de confesar que tranquiliza mi conciencia lingüística y además me sosiega el ánimo político. A estas alturas habrá ya quien me haya definido, despectivamente, como nacionalista español, [...]. Pero no soy nacionalista, Dios me libre, ni de España ni de Granada, que es mi tierra y que en tiempos fue reino y, por lo tanto, nación».

[...] reaparición de un cierto espíritu romántico en los últimos decenios ha llevado, en lo que a la lingüística se refiere, a la sobrevaloración, en el ánimo de muchos especialistas, de la consideración de la lengua como visión del mundo, anteponiéndola a su estimación como instrumento comunicativo y ofreciendo como verdades incontrovertibles, sin demasiada crítica, desde la antigua idea humboldtiana de la «innere Sprachform» hasta la arriesgada hipótesis de Sapir-Whorf y sus derivaciones inmediatas.

Paralelamente, por causa deste devezo de restrición da diversidade lingüística á proporción dunha «lingua por nación», así como a EFE se declarou partidaria da diversidade lingüística sempre e cando esta respectase os límites (implícitos) de «unha lingua sobre varios dialectos»<sup>150</sup>, estes mesmos lingüistas condenaron a pretensión de elaborar unha variedade estándar propia para as variedades lingüísticas periféricas coa coartada de que isto implicaría a «morte dos dialectos»<sup>151</sup> e de que «Cuando se recupere el sentido común, alguien pedirá responsabilidades históricas» (Marcos-Marín e Miguel 2009: 240)<sup>152</sup>.

A estratexia fica clara: mentres os partidarios das grandes variedades estándar con centos millóns de falantes emerxen, agora, como os defensores «reais» da diversidade lingüística, os defensores das pequenas variedades lingüísticas vernáculas mudan en «asasinos» da heteroxeneidade lingüística (dialectal). Habilmente, o primixenio mito da homoxeneidade lingüística troca, desta volta, en defensa da diversidade lingüística

Se temos presente a análise de Michael Billig (2003: 128) verbo do comportamento dos intelectuais (historiadores, sociólogos, lingüistas, etc.) nos procesos de construción dos diferentes estados-nación, non hai dúbida de que a EFE responde, outra volta, ao patrón xeral de conduta das elites culturais neste tipo de procesos históricos.

De acordo con este e outros investigadores (p.e. Ferguson 2006: 19, Josep. 2009: 349 e Wright 2012: 71), desde o momento en que un estado-nación chega a ser visto como unha realidade obxectiva (isto é, como unha nación-estado «natural» e «incontestable»)<sup>153</sup>, os intelectuais dese estado-na-

<sup>150</sup> Por exemplo, Alvar (1982: 52), Neira (1982: 23), Marcos-Marín e Miguel (2009: 84), Salvador (1987: 23) e Salvador Plans (2014: 133).

<sup>151</sup> Como aseguran Arnal (2010a: 78, 82, 2010b), López García (2003: 147, 2010a: 381), Marcos-Marín e Miguel (2009: 84, 91, 240), Mendivil (2003/2004: 1442, 2007:19, 2008: 7), Neira (1982: 85), Salvador (1987: 97) e Turrión (2010: 58).

<sup>152</sup> Por exemplo, en Marcos-Marín e Miguel (2009: 240), lemos: «Es contradictorio que los mismos que piden para el bable el carácter de lengua asturiana, con Academia y todo, ven con buenos ojos la destrucción de las variantes dialectales, de los bables, o de la diferencia del vascuence suletino, el vizcaíno o el gipuzcuano».

<sup>153</sup> Deste xeito, fala Salvador (2007a: 173): «y en cambio recordar que España es una nación desde hace bastantes siglos, histórica y jurídicamente, puede ser estimado como una provocación».

ción (historiadores, sociólogos, lingüistas, etc.) procuran a amnesia colectiva tanto do conflictivo proceso histórico (ás veces, mesmo violento) que deu lugar a esa nación-estado como dos múltiples «actos cotiás» (p.e. camisetas de fútbol; é dicir, do *nacionalismo banal*) con que cada cidadán fica emprazado nun estado-nación concreto<sup>154</sup>.

A maiores, no plano estritamente lingüístico (Josep. 2009: 349), unha vez que unha variedade estándar fica máis ou menos «feita» (p.e a variedade estándar do francés), os lingüistas, editores, profesores, etc., «esquecen» tanto o propio proceso de construción desa variedade modelo como todo o esforzo (consciente e inconsciente) consagrado á elaboración desa mesma variedade de referencia.

En síntese, segundo os sociolingüistas mencionados, para acadar esta amnesia colectiva, así como os historiadores seleccionan (ideoloxicamente) no pasado histórico uns acontecementos e obvian outros moitos, así tamén, os sociólogos e os lingüistas pasan por alto moitos dos actos cotiás que nos sitúan nun estado-nación concreto (p.e. o uso dunha ou doutra variedade estándar).

A seguir, desde o momento en que a «xente do común» esquece as paixóns nacionalistas no pasado do proceso de construción do seu propio estado-nación e así que deixa de ser consciente das situacións da vida cotiá que nos emprazan nun estado-nación concreto, as elites intelectuais deses estados-nación, agora percibidos como «naturais» e «incontestables», dan en caracterizar os «outros» nacionalismos (isto é, das nacións que aínda non pasan por «naturais» e «incontestables») como ideoloxías irracionais, emocionais e perigosas que, facilmente, poden derivar en nacionalismos violentos (p.e. Buesa 1980: 43)<sup>155</sup>.

<sup>154</sup> Implícitamente, Salvador (2007a: 173-174) reconece a existencia deste nacionalismo banal cando afirma: «Comprendo que el adjetivo nacional salió maltrecho de la guerra civil, porque se lo apropiaron Franco y los suyos, [...]. Aquí lo rechazan algunos de los periféricos, porque lo que ponen en tela de juicio es la nación y lo que pretenden es apropiárselo también para su parte de territorio: [...]. Así se producen determinados trastornos de significado, [...]. Un ejemplo típico es el de los vuelos nacionales, frente a los internacionales, que llevan lustros queriendo convertir en domésticos, [...]. En fiesta nacional, lotería nacional, monumento nacional o patrimonio nacional el adjetivo parece mantenerse incólume, pero a los paradores nacionales de turismo, se les mutila con frecuencia y oigo también, de vez en cuando, llamar «parque natural» a alguno de los nacionales. Y leo en alguna columna que a la selección nacional (la de fútbol, que es de la que más se habla) se la ha denominado en algún sitio «el combinado estatal». [...] es que le llaman DOI al DNI, conjeturo que con ánimo de que esa N de nacional no perturbe la delicada sensibilidad de determinados sujetos».

<sup>155</sup> En Buesa (1980: 43) podemos ler: «Ellos saben, con estrategia hábilmente concertada por vientos foráneos, arrastrar aquí y allí (en España, Francia, Italia, Hispanoamérica...) a determinados sectores para que, conscientemente o no, reaviven sus sentimientos lingüísticos terruñeros, entreverados con los ultrarregionales, que pueden desembocar en peligrosos huracanes secesionistas». Así e todo, verbo das semellanzas entre uns e outros nacionalismos, cómpre ler estas palabras de López García (2004: 67-68): «Importa ver claro, ante todo. Desde el nacionalismo «español» parece obvio que,

Por suposto, esta estratexia discursiva xeral consistente en, desde unha auto-proclamada posición «neutral»<sup>156</sup>, atribuír comportamentos emocionais, irracionais<sup>157</sup> e, mesmo, violentos<sup>158</sup> aos nacionalismos non vinculados coa propia nación-estado (en definitiva, aos «outros» nacionalismos)<sup>159</sup>, tivo o seu correlato nas prácticas lingüístico-discursivas dos lingüistas de nacións-estado tan consolidadas como a española, francesa, inglesa, etc.

Así, mentres a EFE<sup>160</sup> denunciou o perfil ideolóxico irracional, sectario, sentimental, reaccionario e nacionalista de todos aqueles que, desde a chamada «realidad lingüística periférica» (Salvador 1987: 104, 2007a: 173) do estado español, en troques de aceptar as supostas vantaxes inherentes á «normalización lingüística liberal» (Marcos-Marín e Miguel 2009: 82) ou, dito doutro xeito, a unha lingua grande (p.e. Buesa 1980: 42), defenderon o seu idioma vernáculo, estes mesmos investigadores argumentaron de xeito ben diferente cando, como acontece en Porto Rico, o español estándar se atopa nunha «situación lingüística conflictiva» (Salvador 2007b: 41) de

---

puesto que España es una nación, en toda ella debe predominar la lengua española, aunque se conceda cierto grado de cultivo coloquial y literario a las lenguas llamadas «regionales». Desde el nacionalismo catalán, vasco o gallego se aplica exactamente el mismo argumento: puesto que Cataluña, el País Vasco o Galicia son naciones, no queda sino asegurar el predominio de sus lenguas «propias» frente al español, al que se le concede un cierto cultivo mercantil». Anos máis tarde, este mesmo lingüista (López García 2007b: 153) escribe: «El español como símbolo de la nación española no llegó a plasmarse ideológicamente hasta las postrimerías del siglo diecinueve porque la misma idea de nación va ligada al surgimiento del Romanticismo. Y lo hizo al tiempo que se alzaban otras ideologías competidoras: la del catalán como símbolo de la nación catalana, la del vasco como símbolo de la nación euskérica y la del gallego como símbolo de la nación gallega».

<sup>156</sup> En Neira (1982: 23), lemos: «Por eso algunos asocian diversidad de lenguas y separatismo, unidad de lenguas y unidad nacional. Esta idea es, indudablemente, una idea muy simplista. Los hechos no son necesariamente así, aunque entre lengua y nación haya conexiones. De hecho, pocas veces la unidad política coincide con unidad de lengua». Nesta mesma liña, a escritora, filóloga e xornalista Irene Lozano (De la Fuente 2008: 81) declara: «Lozano también subraya que quiere desvincular su análisis «de los aspectos políticos, porque a mí la utilización política de las lenguas no me gusta en ninguno de los sentidos» y recalca «cómo en los últimos tiempos se ha cobrado conciencia del valor del español como lengua común después de años de nacionalismo».

<sup>157</sup> Así fala Lodaes (2005: 38) verbo das reivindicacións lingüísticas de cataláns, vascos e galegos: «Y en cuanto a España, es un hecho que los nacionalismos catalán, vasco o gallego niegan al español contemporáneo la condición de lengua comúnmente aceptada».

<sup>158</sup> Por este camiño, hai quen chega (p.e. Lodaes 2002: 184, Salvador 1987: 58) á vinculación destes nacionalismos periféricos coa ideoloxía nazi.

<sup>159</sup> En Marcos-Marín e Miguel (2009: 42), lemos: «La vesania de la situación es todavía más manifiesta cuando se pretende culpar a una supuesta «extrema derecha» (que corresponde en realidad a los liberales), de una persecución de las lenguas más débiles y de poner obstáculos a su desarrollo. Los nacionalistas son, en todo caso, fuerzas que se sitúan más a la derecha de los liberales, de manera que hay una voluntad de engañar a la población haciéndoles ver lo blanco negro, por un estudiado ejercicio de luces y sombras. El retorcimiento llega hasta el punto de que los nacionalistas lingüísticos acusan de «nacionalismo» a los que defienden el bilingüismo».

<sup>160</sup> Concretamente, Buesa (1980: 42-43), Lodaes (2002: 109-125, 2005: 36-59), Marcos-Marín e Miguel (2009: 55-56, 112, 132), Neira (1982: 74) e Salvador (1987: 83).

subordinación funcional e normativa a unha «lengua poderosa en cooficialidad» (Salvador 2007b: 41).

En estrita coherencia científica coas súas propias argumentacións<sup>161</sup>, chama a atención a apoloxía (Salvador 2007b: 41-42) do español a pesar de que, no contexto sociolingüístico dos Estados Unidos, non sexa o idioma dominante, non garanta a promoción social e económica dos seus usuarios, etc.<sup>162</sup>.

Evidentemente, a devandita estratexia lingüístico-discursiva é moi útil se, no ronsel do feito pola EFE, desexamos revestir o noso discurso co «verniz» dunha argumentación «obxectiva», «científica», «neutra» e «técnica» cando, en realidade, estamos a argumentar unicamente con congruencia ideolóxica: o confinamento das opcións reais de diversidade lingüística á fórmula de, no mellor dos casos, «unha lingua por estado».

Para rematar, ao xeito de conclusión de todo este apartado, poderíamos afirmar que a EFE manipulou o criterio lingüístico-estrutural co obxectivo da minorización dos idiomas periféricos do estado español a través da dobre vía da alterización e da exotificación. Polo xeral, cos idiomas periféricos que xa figuraban de entrada na ideoloxía do sentido común entre os dialectos incontestables do español estándar (cando menos, co aragonés, asturiano e leonés), as estratexias lingüístico-discursivas da iconización, metáfora e ocultamento foron suficientes para a alterización destes idiomas e, por extensión, para a súa minorización. A maiores, cos idiomas que non aparecían de entrada na devandita ideoloxía, nin na tradición filolóxica, entre os dialectos do espa-

<sup>161</sup> Moito máis coherentes coas súas argumentacións de partida son estoutras palabras de Salvador (1987: 28): «Si de algún modo fuera factible que amaneciéramos mañana hablando inglés todos los hoy hispanohablantes, yo no tendría inconveniente. Seríamos setecientos millones a hablarlo y doblaríamos con creces nuestra libertad. Digo bien nuestra libertad. Porque la libertad lingüística la da la lengua en que se habla, en función de su amplitud demográfica y de su acervo textual, hechos ambos que, por lo demás, suelen estar íntimamente ligados». Evidentemente, como nos comenta De Miguel (2006: 15), manter a congruencia cos seus principios esixiría «popugnar la cesión del espacio hispanohablante al inglés» e, polo tanto, aceptar «la reducción de todas las lenguas a una sola, y esa sería presumiblemente el inglés».

<sup>162</sup> Así opina Salvador (2007b: 41) sobre as actitudes puristas en Porto Rico: «En una situación lingüística conflictiva como la que ha vivido Puerto Rico durante todo este siglo, con una lengua poderosa en cooficialidad, gravitando e influyendo sobre la materna, la actitud purista, la defensa inteligente de los usos castizos, desde la prensa o desde la radio, ha mantenido alerta la actitud de la gente y ha contribuido notablemente a la cohesión idiomática». Pola contra, verbo do purismo lingüístico en catalán e vasco, Lodaes (2002: 80) asegura que: «Estos reformadores llegaron a hacer en ocasiones ininteligible el catalán incluso para sus propios hablantes. Con propuestas harto caprichosas: como el español no tenía ç (la eliminó de su alfabeto la Academia en 1726), esta letra se transformó en un tesoro con que sustituir en todos los casos a la s: si la palabra *sopa* se escribía igual en catalán y en español, a partir de la reforma se catalanizaría como çopa. Considérese que en el eusquera moderno ha triunfado la k y la tx por razones parecidas. Propuestas similares han tenido eco en el catalán de hoy: la extraña palabra *desenvolupar* fue introducida en el catalán por los «celadores de la autotonomía a ultranza» como los llamaba el profesor Marsá, sólo porque *desarrollar*, que era palabra comúnmente utilizada por los hablantes de catalán de toda la vida, resultaba muy castellana».



ñol estándar (nomeadamente, co vasco), a EFE reforzou as devanditas estratexias lingüístico-discursivas coa exotificación por medio das exo-etiquetas, coa reordenación xerárquica dos criterios e, por último, coa selección do referente comparativo en función dos intereses ideolóxicos.

En realidade, froito do seu sometemento á ideoloxía lingüística do monolingüismo, a EFE manipulou o enfoque máis tradicional da dicotomía lingua-dialecto co obxectivo de que o criterio lingüístico-estrutural actuase como o argumento «científico» central na certificación da degradación das variedades lingüísticas periféricas do estado español á condición de, cando menos, case-linguas.

Deste xeito, así como o aragonés, asturiano e leonés foron rebaixados, explicitamente, á condición de dialectos por mor da súa suposta escasa autonomía lingüística con respecto ao español estándar (=alterización), tácita ou abertamente, o aranés, galego, valenciano e vasco tamén ficaron fóra da categoría inequívoca de lingua «en sentido estrito» (=alterización), ora por causa dunha hipotética «escasa» autonomía lingüística verbo do gascón, portugués/español, catalán e español, respectivamente, ora, no caso do vasco e do asturiano (implicitamente, tamén do galego), por cousa da «excesiva» distancia interlingüística entre os seus varios «dialectos-lingua».

En síntese, os lingüistas españois ocultaron a autonomía lingüística das variedades lingüísticas periféricas do seu estado e, ao tempo, iconizaron a distancia lingüística do español estándar fronte ás restantes grandes variedades estándar europeas (nomeadamente, verbo do portugués padrón)<sup>163</sup> co obxectivo de que unicamente o español gozase da categoría inequívoca de lingua. Alternativamente, estes mesmos lingüistas insistiron no exotismo (=exotificación) dos idiomas tradicionalmente vistos como linguas coa estratexia lingüístico-discursiva da denominación (= exo-etiquetas).

En consecuencia, o enfoque da SLC pon o acento no proxecto ideolóxico de fondo que se oculta baixo a minorización das falas periféricas do estado español e baixo a glorificación da variedade estándar do español: o control xeopolítico dos grupos humanos asociados con estas falas.

Evidentemente, se os idiomas periféricos do estado español carecesen da categoría incontestable de lingua en atención ao criterio lingüístico-estrutural (isto é, co criterio «científico» determinante), estas falas deberían ter vedado o seu acceso aos ámbitos comunicativos formais (escola, administración, etc.) porque, ao cabo, son dialectos e, por conseguinte, pois os grupos humanos res-

<sup>163</sup> De feito, en opinión de Beswick (2007: 110), a elevada semellanza estrutural entre español e portugués pon de vulto a falsidade do *criterio lingüístico-estrutural*.

pectivos serían intelectualmente «inferiores» por non posuíren unha lingua de seu, sería comparativamente moito máis sinxelo o seu control xeopolítico.

### 3.2 O criterio da intelixibilidade mutua

No tocante a este criterio, Alvar (1978a: 11, 1996b: 11) expresaba o seu parecer do seguinte modo:

Lo fundamental, tanto para la tesis historicista como para la estructural, es que el dialecto supone la plena inteligibilidad entre los individuos de una comunidad, sea cual fuere la extensión de ésta, porque si no hay comprensión es que estamos ante otro dialecto.

En liñas xerais, a conclusión que poderíamos tirar da lectura deste parágrafo sería a seguinte: se dous falantes se comprenden mutuamente sen ningún tipo de aprendizaxe previa, estaríamos, de xeito inmediato, ante un mesmo dialecto e, daquela, de modo indirecto, ante unha única e mesma lingua. Correlativamente, se dous falantes non se entenden entre si sen aprendizaxe previa, estaríamos ante dous dialectos distintos e, por conseguinte, ante dúas linguas diferentes. Xa que logo, unha lingua sería un conxunto de variedades lingüísticas (=dialectos) mutuamente intelixibles.

Así pois, consonte coa síntese interpretativa que deste principio ofrecen os especialistas<sup>164</sup>, podemos asegurar que dous falantes empregarían a mesma lingua se se comprendesen mutuamente sen ningún tipo de aprendizaxe previa (isto é, se houbese, de xeito espontáneo, intelixibilidade entre eles) e dous falantes utilizarían linguas diferentes se non se entendesen mutuamente sen aprendizaxe previa (é dicir, se houbese inintelixibilidade entres eles)<sup>165</sup>.

Se ben é verdade que sempre que simplificamos faltamos, en certo sentido, á verdade exacta dos feitos, nos parágrafos seguintes intentaremos demostrar que, por moito que matizásemos, afondásemos ou ampliásemos

<sup>164</sup> En concreto, Ammon (1987: 324-325), Bobaljik e Pensalfini (1996: 3-4), Chambers e Trudgill (1980: 20), Downes (1984: 25), Lewis (2009), Montes (1995: 62), Perltsvaig (2012: 4), Trudgill (1974: 4) e Sallabank (2012: 105).

<sup>165</sup> Verbo disto, Salvador (1987: 57) asegura que: «Pero el vasco ya es otra cosa; si nos atenemos al criterio de la intercomprensión, que es el único científicamente válido, hasta siete GLM [...]. La octava lengua, el suletino, en su dialecto roncalés, existió también hasta no hace mucho». Nesta liña, do mesmo xeito que se afirma que o éuscaro se divide en oito linguas (e vinte e cinco dialectos) porque entre estes oito idiomas non hai intercomprensión mutua, este mesmo investigador (Salvador 1987: 20, 57) afirma que o galego é un dialecto arcaico do portugués estándar porque entre os falantes destas dúas variedades lingüísticas existe intelixibilidade mutua sen aprendizaxe previa. Anos máis tarde, Salvador (2007b: 22-24, 218-219) volverá acudir o criterio da intelixibilidade mutua como criterio individualizador de linguas. Tamén, entre outros, Mariner (1981: 338-339) e Marcos-Marín e Miguel (2009: 29) discriminan entre linguas e dialectos co criterio da intelixibilidade.

esta nosa presentación do criterio da intelixibilidade mutua, de aplicarmos este criterio en determinados contextos lingüísticos, sempre nos atopariámonos con problemas ben complexos de resolver.

Desde o punto de vista da SLT (Chambers e Trudgill 1980: 20-21, Ammon 1987: 324), ao igual que acontecía co criterio lingüístico-estrutural, a principal eiva do criterio da intelixibilidade mutua radica no seu carácter gradual e, por conseguinte, na súa escasa operatividade práctica cando tratamos de discriminar entre linguas e dialectos no contexto dun continua xeolectal con escasa distancia interlingüística entre os seus constituíntes<sup>166</sup>.

Ronald Wardhaugh (1992: 43) e Florian Coulmas (2005: 22) ilustran a natureza gradual deste criterio co clásico exemplo dunha imaxinaria viaxe por un dos continua xeolectais europeos. Por exemplo, se partísemos da costa holandesa con destino á cidade de Viena, decatariámonos de que, mentres os falantes das distintas poboacións que nos fósemos atopando polo camiño entenden con certa facilidade os seus veciños, así e todo, os habitantes da primeira e última das vilas do noso imaxinario periplo non se comprenderían entre si.

Á marxe doutras consideracións, esta suposta viaxe por un continua xeolectal amosa que, do mesmo xeito que agardamos que os falantes de localidades veciñas se entendan uns cos outros con relativa facilidade, tamén esperamos que o grao de intelixibilidade mutua diminúa conforme nos arredamos do punto de partida de tal xeito que, chegados a un determinado punto, a inintelixibilidade podería ser total.

Como nos aseguran os especialistas (Downes 1984: 25-26 e Viaplana 2002: 31), o nivel de intercomprensión mutua entre dous falantes non é alleo ao seu grao de aveciñamento/distanciamento espacial e lingüístico. De primeiras (Montes 1989: 130, 1995: 62), agardamos que, canto máis próximas estean dúas variedades lingüísticas no plano espacial e lingüístico, tanto maior será o seu nivel de intelixibilidade mutua e ao revés.

Deste xeito, se aplicásemos o criterio da intercomprensión ao modelo esquemático dun continua xeolectal ideado por William Downes (1984), decatariámonos de que, de avanzarmos desde a variedade lingüística 1 cara á variedade lingüística 10 (do círculo 1 ao 2, do 2 ao 3 e así sucesivamente), por mor do carácter acumulativo das diferenzas lingüísticas e da inintelixibilidade mutua (Viaplana 2002: 31), chegaríamos a un punto onde xa non sería posi-

<sup>166</sup> Precisamente, Mariner (1981: 339), consciente da problemática derivada do carácter convencional deste principio, facendo súas as palabras do seu mestre Sergio Zanotti, propón o seguinte límite discreto entre lingua e dialecto: «cuando dos personas de cultura media, no especialistas, se entienden suficientemente al cabo de media hora de conversación, cabe decir que hablan dos modalidades distintas de una misma lengua».

ble a comprensión mutua entre falantes. Así e todo, se ben é esperable que os falantes das variedades lingüísticas 1 e 10 non se comprendesen mutuamente, non ten por que acontecer exactamente igual entre usuarios de variedades lingüísticas contiguas e adxacentes (p.e. entre 9 e 10, 1 e 2, 6 e 7, etc.).

Neste sentido, bótase de ver que, ao igual que acontecía coa definición de lingua como un sistema lingüístico fortemente diferenciado, o criterio da intelixibilidade mutua tería, no caso de traballarmos sobre un continua xeolectal, unha capacidade operativa ben reducida.

Fóra dos detalles, dado que este criterio obriga a caracterizar todas as variedades lingüísticas mutuamente intelixibles como partes (=dialectos) dunha mesma e única lingua, podémonos atopar co paradoxo de que unha mesma variedade lingüística, segundo se comparase cunha variedade lingüística mutuamente intelixible (isto é, contigua e adxacente) ou intelixible (isto é, xeográfica e lingüísticamente afastada), podería ser, asemade, lingua ou dialecto.

Incluso, como matiza o filólogo Ramón de Andrés (2002: 71), sería posible que, se unha variedade lingüística concreta (p.e. o asturiano) fose intelixible con máis dunha lingua (nesta ocasión, co galego estándar e co castelán estándar), ese idioma podería ser etiquetado como dialecto de dous ou máis linguas (no caso anterior, do castelán e do galego).

A maiores, e por continuarmos coa análise dos problemas «técnicos» que a SLT advertiu no criterio da intelixibilidade mutua, cómpre pór o acento, agora, por unha banda, naqueles casos de variedades lingüísticas que, con seren mutuamente intelixibles, non son consideradas unha mesma e única lingua polos seus falantes, e, pola outra, naqueles exemplos de variedades lingüísticas que, malia seren intelixibles entre si, son vistas como unha mesma lingua polos seus usuarios.

Evidentemente, con estes casos pretendemos chamar a atención sobre o feito de que os lingüistas, de aplicaren rigorosamente o criterio da intelixibilidade/intellexibilidade mutua sen atender aos condicionantes políticos, ademais de que poderían entrar en contradición aberta coa visión dos falantes sobre as súas propias variedades lingüísticas e, mesmo, coa tradición filolóxica, sempre se atoparían con casos dificilmente clasificables, ben como linguas, ben como dialectos.

Así, e por continuarmos con outro exemplo clásico, con ser innegable que os falantes de dinamarqués, noruegués e sueco se comprenden entre si con relativa facilidade sen aprendizaxe previa porque forman parte do mesmo

continua xeolectal escandinavo<sup>167</sup>, tamén é indubidable que os dinamarqueses, noruegueses e suecos non ven os seus respectivos idiomas como (dialectos d)unha mesma lingua.

Igualmente, por moito que, desde un punto de vista estritamente lingüístico, puidese ter sentido afirmar que o español e o portugués son unha mesma lingua (mesmo español, portugués e catalán) porque, como nos comentan os investigadores (López García 2007a: 23-24 e Beswick 2007: 110), é posible a comprensión mutua entre falantes dos idiomas mencionados en determinados contextos (p.e. nun encontro entre estudantes latinos nunha universidade americana), ninguén dubida da autonomía lingüística das devanditas falas.

Pola mesma, se ben, como poñen de relevo os investigadores (Martín 2003: 20 e Beswick 2007: 110), non sería imposible argumentar que o italiano e o español/francés son unha mesma lingua porque existe un certo nivel de intelixibilidade mutua entre estas tres variedades lingüísticas, semellante afirmación entraría en contradición aberta co punto de vista dos falantes e coa tradición da filoloxía románica.

Tamén, así como a intelixibilidade parcial entre as falas turcas de Acerbaixán, Kazaxhstán, Turkmenistán e Uzbekistán (Sallabank 2012: 106) xustificaría que falásemos dunha soa lingua, os (socio)lingüistas dubidan da identidade lingüística unitaria de todas estas falas en tanto que estamos a tratar con variedades lingüísticas que se reparten tres sistemas gráficos diferentes (alfabeto latino, cirílico e árabe) e que se estenden ao longo de catro nacións independentes.

Pola súa banda, ao contrario do acontecido a unha e outra beira da fronteira política entre Alemaña e Holanda e no continua xeolectal dos países nórdicos (Dinamarca, Noruega e Suecia), as variedades lingüísticas meridionais e setentrionais da Península Itálica (Viaplana 2002: 35), con seren mutuamente inintelixibles, debido á forza centrípeta e unificadora do estado italiano e á secular capacidade de atracción lingüística do italiano estándar, pasan por seren dialectos deste último idioma.

De xeito semellante, os sete grandes grupos dialectais chineses, con seren mutuamente inintelixibles, son vistos polos seus falantes como unha única lingua por causa da, como xa mencionamos, milenaria tradición gráfica e político-cultural compartida por todos os habitantes de China.

Con estes poucos exemplos bótase de ver que, así como un conxunto de variedades lingüísticas mutuamente inintelixibles poden ser consideradas

<sup>167</sup> En opinión, entre outros, de Tove Bull (2011: 433), Andrew Dalby (2002: 13-14), Suzanne Romaine (1994: 28-31), Peter Trudgill (1974: 4), Lars S. Vikør (2000: 128) e Ronald Wardhaugh (1992: 43).

(dialectos d)unha mesma lingua se forman parte dunha mesma nación (p.e. en Italia e China), o contrario tamén é perfectamente posible (p.e. en Dinamarca, Noruega e Suecia).

No fondo, no ronsel do acontecido co criterio lingüístico-estrutural, o criterio da intelixibilidade mutua (Ammon 1987: 324-325), presenta unha dobre problemática: 1º) sempre foi aplicado dun xeito intuitivo e 2º) non é posible fixar un grao mínimo e universal de intelixibilidade/inintelixibilidade mutua que estreme, dun xeito obxectivo, científico, neutral e aséptico, a fronteira entre lingua e dialecto<sup>168</sup>.

De acordo cos especialistas (García González 1999: 357, Montes 1989: 130, 1995: 62 e Moreno Fernández 2009: 49), a intercomprensión mutua entre dous falantes é sempre de carácter gradual xa que se sitúa constantemente nalgún punto intermedio entre a intelixibilidade e a inintelixibilidade absolutas.

Así mesmo, como advirte Ulrich Ammon (1987: 324), cómpre ter presente que o nivel de intercomprensión mutua entre dúas variedades lingüísticas, ao contrario do acontecido co grao distancia lingüística, pode ser asimétrico dado que un falante dun idioma *X* pode comprender mellor a un falante dun idioma *Y* do que pode suceder ao contrario.

A este respecto, Suzanne Romaine (1994: 29-30) comenta, verbo da intelixibilidade mutua entre dinamarqués, noruegués e sueco, que:

Los daneses dicen entender a los noruegos, pero los noruegos afirman entender a los daneses en un grado menor. La comprensión más pobre se da entre daneses y suecos, y la más fluida entre noruegos y suecos. Sin embargo noruegos y daneses afirman entender a los suecos mejor de lo que los suecos dicen entender a los daneses y a los noruegos.

Á marxe da constatación de que o nivel de intercomprensión non sempre é simétrico, interesa pór de relevo que, de acordo coa devandita investigadora, o grao de intelixibilidade mutua entre dúas variedades lingüísticas (en realidade, entre falantes desas variedades lingüísticas) non é alleo ás circunstancias políticas, económicas, culturais e históricas que rodean un e outro idioma.

Certamente, de acordo con esta e outros investigadores (Hagström 2005: 2027), o feito de que os dinamarqueses e os noruegueses digan entender mellor os suecos do que acontece ao contrario ten moito que ver coa rea-

<sup>168</sup> Dun xeito convencional, como nos comenta Ammon (1987: 325), o Summer Institute of Linguistics fixou o límite entre lingua e dialecto nun abano de comprensión mutua que oscilaría entre o 75% e o 85%. Xa que logo, se a intelixibilidade mutua entre dous idiomas non fose inferior ao 85 %, estaríamos a falar da mesma lingua, e, de non ser así, de linguas diferentes.

lidade innegable de que Suecia, por ser a nación máis grande e con maior poder económico, actúa como foco de atracción política, económica, social e cultural dos cidadáns dos outros dous países.

A maiores, no ronsel das opinións da antedita sociolingüista, poderíamos apuntar estoutras variables como posibles factores condicionantes do nivel de intercomprensión entre dúas variedades lingüísticas.

En primeiro lugar, a motivación (Hudson 1980: 46, Ammon 1987: 324, Sallabank 2012: 105) ou vontade (Chambers e Trudgill 1980: 21) do oínte para descodificar a variedade lingüística con que se entra en contacto. Neste sentido, con ser certo que a intelixibilidade entre variedades lingüísticas é tanto máis complicada canto maior sexa a distancia lingüística que media entre elas, de certo, como apunta Gibson Ferguson (2006: 164), se un falante ten a vontade decidida de comprender as mensaxes emitidas por outro falante nun idioma diferente, o seu nivel de comprensión mutua adoita ser comparativamente maior.

Verbo disto último, cómpre ter moi presente que o desexo de comprender outra variedade lingüística tampouco opera á marxe de factores condicionantes de índole persoal (p.e. amizade, familia, etc.) e de natureza sociopolítica, histórica, económica e cultural. Así, por exemplo, pois, dito con palabras ben directas, «os de arriba» adoitan estar menos interesados na comprensión «dos de abaixo» do que acontece ao revés, os falantes de inglés estándar en Estados Unidos (Vaughn-Cooke 2007: 259-260) afirman que: «Ebonics is difficult to understand».

En segundo lugar, non debemos esquecer que o grao de exposición do oínte a outra variedade lingüística (Chambers e Trudgill 1980: 21) tamén pode condicionar o nivel de intelixibilidade mutua. Segundo Suzanne Romaine (1994: 28), visto que os falantes dos idiomas dominados adoitan estar moito máis expostos aos idiomas dominantes do que acontece ao contrario, é lóxico que os primeiros afirmen que comprenden mellor aos falantes dos idiomas dominantes do que sucede ao revés.

En terceiro lugar, debemos ter en conta outros factores como o nivel de educación dos interlocutores (Chambers e Trudgill 1980: 21), o tema de conversación, o tipo de diálogo, etc., como condicionantes do nivel de intelixibilidade mutua entre variedades lingüísticas.

Por último, non podemos pasar por alto a influencia do contexto (Trudgill 1983: 22-28) pois as circunstancias extralingüísticas peculiares en que ten lugar unha conversación concreta entre dúas persoas sempre favorecerán ou dificultarán a comprensión das mensaxes (lémbrese o caso xa mencionado dos estudantes latinos nas universidades de Estados Unidos).

En síntese, visto que o nivel de intelixibilidade mutua entre dúas variedades lingüísticas non é alleo ás circunstancias políticas, económicas, históricas e culturais que rodean esas mesmas variedades lingüísticas, polo xeral, os falantes dos idiomas dominados (p.e. do galego) acostuman comprender mellor aos das variedades lingüísticas dominantes (p.e. do castelán) do que adoita acontecer ao revés.

Xa que logo, desde un punto de vista técnico (Montes 1989; 130, 1995: 62), o criterio da intercomprensión ou intelixibilidade mutua tampouco é un argumento definitivo.

Se non podemos fixar un nivel mínimo de intelixibilidade/inintelixibilidade mutua que estreme, obxectiva e universalmente, a fronteira entre lingua e dialecto e se o nivel de intercomprensión mutua entre variedades lingüísticas é sempre gradual e relativo (de máis a menos en función das variedades lingüísticas que comparemos), a SLT ten claro que a clasificación dunha variedade lingüística concreta como lingua ou dialecto sobre a base, exclusiva ou preferente, deste criterio implica, ao cabo, un acto de carácter convencional e subxectivo (Beswick 2007: 110-111, Moreno Fernández 2009: 48-49).

Tal e como afirma Ulrich Ammon (1987: 325), ao igual que acontecía coa distancia lingüística, este criterio, no mellor dos casos, permitirá evidenciar similitudes entre variedades lingüísticas (xa que logo, como moito, delimitará diasistemas lingüísticos) mais non resolverá, de vez, a cuestión de se unha variedade lingüística é, ou non, lingua.

De centrármonos, agora, nos problemas «técnicos» asociados con este criterio, chama poderosamente a atención que a EFE, pois asegurou abertamente que o criterio da intelixibilidade mutua «es el único científicamente aceptable» (Salvador 1987: 57), até onde nós sabemos, tampouco fixo un esforzo por facer explícitos os tests, a metodoloxía e as porcentaxes de intelixibilidade/inintelixibilidade con que se certificou a condición de dialectos das chamadas «outras linguas de España».

Evidentemente, se a ausencia de datos obxectivos xustificativos da degradación implícita das variedades lingüísticas periféricas do estado español á condición de dialectos, ben por mor dunha suposta intelixibilidade co español estándar (no caso do asturiano, leonés e aragonés; Alvar 1979, 1982; Mariner 1981, Salvador 1987) ou co español/portugués estándar (no caso do galego; Salvador 1986a: 27, 1987: 98, 133-134), ben por seren internamente un conxunto de «dialectos-linguas» hipoteticamente inintelixibles entre si, fose real e non, outra volta, froito do descoñecemento de quen está a escribir estas liñas, por moi atinadas que nos puidesen parecer as conclusións finais tiradas deste criterio á luz das nosas intuicións persoais e dos nosos coñece-



mentos previos, habería que concluír que estamos ante unha análise subxectiva e persoal da realidade lingüística.

Precisamente, a seguir, presentaremos as estratexias lingüístico-discursivas con que os lingüistas españois lograron ocultar a subordinación do criterio da intelixibilidade/inintelixibilidade mutua á ideoloxía lingüística do monolingüismo.

A grandes trazos, neste criterio volvemos dar cunha tensión de fondo entre coherencia científica e congruencia ideolóxica (ao cabo, entre ciencia e ideoloxía). Sen dúbida, pois a aplicación rigorosa, neutral e aséptica do criterio da intelixibilidade mutua á realidade lingüística española esixiría recoñecer a xerarquía de lingua de todos cantos idiomas fosen intelixibles co resto (cando menos, do vasco) e, asemade, visto que ese recoñecemento entraría, outra volta, en confrontación co desexo de correspondencia un-a-un entre lingua, nación e estado, os lingüistas españois recuperaron as estratexias lingüístico-discursivas xa activadas co criterio lingüístico-estrutural coa finalidade de conseguir a minorización destes idiomas pola dobre vía da súa alterización e da súa exotificación.

En concreto, ao trataren o caso da lingua vasca, dado que en estrita coherencia científica co criterio da intelixibilidade mutua non ficaba outra opción que lle recoñecer a este idioma a xerarquía de lingua en atención á evidente intelixibilidade con todas as linguas románicas (por suposto, tamén co español estándar)<sup>169</sup>, estes investigadores comezaron por comentar que: «los lingüistas nos vemos obligados con frecuencia a dar [la explicación], de que el vasco non es una lengua sino una familia de ellas, con ocho plenamente diferenciadas e intelixibles entre si» (Salvador 1987: 20). A seguir, e tras mudar ocultamente a esperada comparativa entre español e vasco polo cotexo entre as diferentes falas locais vascas, deron a entender que o grao de intelixibilidade mutua entre español e vasco medraba conforme nos retrotraíamos no tempo e canto máis focalizabamos sobre as falas populares dun e doutro idioma (Salvador 1987: 151-152).

Subrepticamente, estes lingüistas deixaron caer que, pois o nivel de intelixibilidade mutua entre o vasco e o español medraba (=iconización) conforme retrocediamos no pasado das falas populares de ambos os dous idiomas, desde o punto de vista do principio científico da intelixibilidade mutua, en liña co sucedido co criterio lingüístico-estrutural, non ficaba moi claro que o vasco fose unha «lingua en sentido estrito».

<sup>169</sup> Se cadra, de acordo con Wright (2012: 553), con todas as linguas do mundo.

De certo, a manipulación da realidade lingüística subxacente a este discurso salta á vista se pensamos que, pois, por exemplo, o nivel de intelixibilidade/distancia lingüística mutua entre todas as modernas linguas románicas medra/recúa canto máis retrocedemos na liña temporal, con idénticos argumentos, sería factible pór en dúbida a condición de lingua de todos e cada un destes idiomas (por suposto, tamén do español) porque, evidentemente, houbo un tempo en que todos eles eran mutuamente intelixibles e gozaban de moita menos autonomía lingüística.

Alén disto, tamén co ánimo de aparentar coherencia cos seus principios teóricos de partida (isto é, permanencia nun discurso científico, aséptico, neutral e obxectivo), a EFE, como adiantabamos nos parágrafos precedentes, recuperou a estratexia lingüístico-discursiva da selección do referente comparativo en función dos seus intereses ideolóxicos.

No caso concreto do vasco, a EFE seleccionou o conxunto de falas locais deste idioma como referente comparativo porque isto permitiu argumentar que, desde un punto de vista estritamente científico, pois o vasco estaba conformado por oito variedades lingüísticas mutuamente inintelixibles, este idioma non era unha «lingua en sentido estrito».

Moi habilmente, ao fío deste argumento, a EFE excluíu o vasco do grupo das chamadas «lenguas simplex» (p.e. o español e o inglés; Salvador 1987: 50, 2007b: 32)<sup>170</sup> e colocouno no estraño e exótico colectivo das denominadas «lenguas cómplex»<sup>171</sup>. Ao seu xuízo, o vasco, tal e como sucede co chinés (Salvador 1987: 16, 50), indostano (Salvador 1987: 50) e árabe (Salvador 1987: 51), sería, en verdade, unha familia «de linguas más que linguas unitarias» (Salvador 1987: 50) cuxas variedades lingüísticas están tan «diversificadas que pueden considerarse, con un criterio estricto, linguas diferentes, pues entre sus hablantes o no se produce la intercomunicación o se produce fragmentariamente y con notables dificultades» (Salvador 1987: 50). De certo, explícita (Salvador 1987: 50) ou implicitamente (Salvador 2007b: 24), con esta e outras exo-etiquetas *ad hoc* (p.e. lingua artificial, lingua recreada, etc.) en relación con este ou aqueloutro criterio lingüístico, estes lingüistas procuraron deixar claro que, desde un punto de vista estritamente científico, as «outras linguas de España» (Salvador 1987: 56) fican fóra do grupo das linguas «en sentido estricto».

Precisamente, con idéntico propósito da alterización, a EFE argumentou que, así como os idiomas romances (español, francés, portugués, italiano,

<sup>170</sup> Isto é, «una lengua cuyas variedades dialectales son todas inteligibles entre sí» (Salvador 2007b: 32).

<sup>171</sup> É dicir, no grupo das linguas «[...] cuyos dialectos son ininteligibles entre sí» (Salvador 1987: 94).

etc.,) non son, por moito que si o fosen no pasado baixo a forma de latín, nin en diacronía, nin sincronicamente, unha mesma e única lingua, así o vasco tampouco é, en sentido estrito, unha lingua porque: «Los llamados ocho dialectos del vasco son, con respecto al vasco originario, como las nueve lenguas romances con respecto al latín» (Salvador 1987: 94).

Xa que logo, a teor do visto até o momento, semella comprensible que a SLC entenda que o criterio da inintelixibilidade tamén operou ao servizo da ideoloxía lingüística do monolingüismo.

En liñas xerais, o desexo de outorgar a categoría inequívoca de lingua unicamente ao español estándar xunto coa intención de pór en cuestión a condición de lingua de todas as variedades lingüísticas periféricas do estado español explica a manipulación ideolóxica do criterio da intelixibilidade mutua.

Fóra das miudezas, o desexo de glorificar a variedade estándar do español e, á vez, de minorizar as variedades lingüísticas periféricas do estado español foi a causa de que, sen o aval dunha investigación empírica previa<sup>172</sup>, a EFE dese por válido o elevado e simétrico grao de intelixibilidade mutua bidireccional que, hipoteticamente, mediaba entre a variedade estándar do español e as máis das outras «linguas de España» (p.e. co aragonés; Martín 2003: 20).

Na práctica, tal e como acontecía tamén na percepción da maioría dos seus potenciais lectores (dito doutro xeito, no discurso arquivo), semella que os devanditos lingüistas estaban tan convencidos da elevada intelixibilidade mutua entre a maioría dos idiomas periféricos do estado español (p.e. do aragonés) e o español estándar que nin se formularon a necesidade dunha

<sup>172</sup> Para que nos fagamos unha idea de até que punto os lingüistas españois operaron sobre a base de impresións (persoais e colectivas) e non en función de cuantificacións obxectivas do nivel de comprensión mutua entre variedades lingüísticas sería conveniente citar estas palabras de Salvador (1987: 133-134): «Había alienado el Celta a su guardameta suplente y eso explicaba en parte la amplia derrota, que podía haber sido mucho mayor según los comentaristas. Pero ¿por qué no había jugado el titular, Pereira? ¿Por lesión tal vez, tal vez por sanción? Pues sí, por sanción, pero por sanción del propio club: había sido castigado por desacato a su presidente. ¿Y en qué había consistido el desacato? Al parecer, la semana anterior el presidente había reunido a todos los jugadores para arengarlos y animarlos en vísperas del partido de liga. Y a la mitad del discurso Pereira levantó la mano, interrumpiéndolo, y le hizo unha observación muy pertinente: que, como estaba hablando en gallego, buena parte de la plantilla —dada su natural diversidad de origen— no se estaría enterando y que era mejor que se pasara al castellano, si quería que sirviera para algo la perorata. Acaso Pereira se excedió, porque la verdad es que, si el gallego del presidente del Celta es como el de los políticos autonómicos que discursan en la televisión, con traducción sobreimpresa para más INRI, no creo que los futbolistas andaluces, canarios o extremeños del equipo tuvieran mucha dificultad para entenderlo». En páxinas precedentes deste mesmo estudo (Salvador 1987: 21), este lingüista relata a seguinte anécdota, sobre a suposta inintelixibilidade entre as falas vascas: «Se cuenta la historia de dos pastores vascos, emigrados a los Estados Unidos; vasco-español el uno, hablante de guipuzcuano, vasco-francés el otro, hablante de bajo navarro occidental, que vivían juntos y no lograron entenderse hasta que aprendieron inglés».

demostración empírica dese apriorístico grao de comprensión. Pola mesma, nese «clima intelectual», non sorprende que estes lingüistas nin sequera barruntasen a opción contraria: os máis dos idiomas periféricos do estado español (p.e. o asturiano) son inintelixibles co español estándar e, daquela, todos eles, linguas.

Agora ben, cando, outra volta, a ideoloxía do sentido común non permitía dar por certa esa apriorística comprensión mutua entre o español estándar e algún dos idiomas periféricos do estado español (en concreto, co vasco), estes investigadores, como xa mencionamos, recuncaron nas estratexias lingüístico-discursivas ensaiadas co criterio lingüístico-estrutural co obxectivo de manter a aparencia de fidelidade aos seus principios teóricos de partida.

Deste xeito, así como a EFE escolleu o referente comparativo para o vasco a súa comenencia e deu por sentada a suposta inintelixibilidade entre as falas vascas sen estudos previos<sup>173</sup>, así tamén, os seus lingüistas, primeiro, seleccionaron o portugués como referente comparativo para o galego porque lles acaía mellor os seus intereses, segundo, deron por certo o suposto bilingüismo entre portugués e galego sen os tests correspondentes (p.e. Freire 2009) e, por último, deixaron caer que o galego non era unha «lingua en sentido estrito» por mor desa suposta inintelixibilidade co seu idioma irmán.

Igualmente, como comprobamos en Jesús Neira (1982: 25) e Gregorio Salvador (1987: 101-102), o asturiano ficou fóra da categoría de lingua tanto pola suposta inintelixibilidade co español como pola suposta inintelixibilidade entre as súas falas locais (é dicir, entre os seus «bables»).

En definitiva, a sibilina manipulación do criterio da inintelixibilidade mutua permitiu, de novo, glorificar o castelán estándar e, asemade, minorizar o resto de idiomas periféricos do estado español.

Precisamente, a EFE, co propósito de excluír as variedades lingüísticas periféricas do estado español da xerarquía inequívoca de lingua, iconizaron a suposta inintelixibilidade mutua destas falas, ben co español estándar (p.e. no caso do aragonés), ben con algunha outra lingua (p.e. no caso do galego), e, asemade, ocultaron posibles episodios de inintelixibilidade, ben co español estándar (p.e. no caso do aragonés), ben entre eles mesmos (e, por suposto, tamén ocultaron a posibilidade de inintelixibilidade entre o español e outras linguas románicas; p.e. co portugués, co italiano, etc.).

Como xa mencionamos, ben coa iconización da hipotética inintelixibilidade das variedades lingüísticas periféricas do estado español (agás do vasco) co

<sup>173</sup> Neste sentido, de acordo coas palabras de Salvador (1987: 75), é posible afirmar que, como nos primeiros tempos da lingüística histórico-comparativa decimonónica, se deu: «el hecho como probado, sin plantearse como problema».

español estándar (e, correlativamente, co ocultamento dos posibles espazos de inintelixibilidade mutua), ben coa iconización da suposta inintelixibilidade entre as diversas falas locais dalgún destes idiomas periféricos (p.e. no vasco e no asturiano), estes lingüistas españois lograron aparentar que o criterio da intelixibilidade mutua certificaba a exclusión dos idiomas periféricos do estado español da xerarquía inequívoca de lingua.

A maiores, en tanto que a activación coherente do criterio da inintelixibilidade mutua esixiría a certificación da xerarquía inequívoca de lingua de, cando menos, todo canto idioma fose inintelixible con calquera outra variedade lingüística (cando menos, do vasco), na práctica, a EFE non tivo outra opción fóra da minorización destes idiomas pola vía alternativa da súa exotificación. Precisamente, con tal obxectivo, coa escusa discursiva de que estes idiomas non eran «linguas en sentido estrito» porque estaban integrados por un fato de falas locais inintelixibles unhas coas outras, a EFE denominou estes idiomas coa exo-etiqueta de lingua cómplex. Así pois, indirectamente, este idioma, por unha banda, ficaba fóra do grupo das chamadas linguas simplex (español, francés, inglés, etc.) e, pola outra, entraba no grupo de idiomas tan estraños e exóticos á percepción dun occidental como o chinés, o hindi-urdu e o árabe.

Sen dúbida, a devandita e todas as restantes exo-etiquetas creadas *ad hoc* (linguas recreadas —p.e. o vasco—, linguas imaxinadas —p.e. o andaluz, aragonés e asturiano—, linguas inventadas —p.e. o aragonés— e linguas de ficción; Salvador 1987) pola EFE para tratar con este ou aqueloutro criterio primario, secundario ou ocasional cobraron unha especial relevancia na alterización dos idiomas periféricos do estado español polo camiño da súa exotificación.

### 3.3 O criterio histórico-xenético

No ronsel dos apartados precedentes, este novo epígrafe tamén tentará ir máis alá da simple análise dos problemas «técnicos» asociados coa posta en efecto do criterio histórico-xenético e, por conseguinte, pretende deconstruír o uso interesado que, deste criterio, fixo a EFE co obxectivo de glorificar o español estándar e, á vez, de minorizar as variedades lingüísticas periféricas do estado español.

Vaia por diante que, non só ao noso xuízo (Andrés 1997: 92-96, 2002: 106-108, 2012: 24-27), o criterio histórico-xenético é un dos que amosa, con máis claridade e forza, a interferencia da ideoloxía lingüística do monolingüismo.

En liñas xerais, a ideoloxía lingüística do monolingüismo provocou que a EFE (p.e García Mouton 1994: 16) manipulase o criterio histórico-xenético co obxectivo de que o uso técnico do termo dialecto nun *sentido histórico-estrutural* servise de coartada xustificativa da minorización dos idiomas periféricos do estado español (p.e. do asturiano) na condición de dialectos dos seus correspondentes ascendentes lingüísticos (p. e. do latín) nun *sentido sincrónico-estrutural* ou *lingüístico-estrutural* (é dicir, de dialecto no significado máis tradicional do termo).

En esencia, a ideoloxía do monolingüismo fosilizou os idiomas periféricos do estado español na condición de dialectos (histórico-estruturais ou homoxéneos) dos seus respectivos devanceiros lingüísticos grazas á hábil estratexia lingüístico-discursiva de validar en sincronía o uso técnico do termo dialecto nun sentido histórico-estrutural.

Evidentemente, pois, de acordo co uso estritamente científico do criterio histórico-xenético, calquera idioma podería ser caracterizado como dialecto histórico-estrutural (isto é, como parte) daquel idioma ascendente do cal puidésemos demostrar que deriva historicamente, de clasificarmos deste xeito un idioma en sincronía (con esta ou con calquera outra denominación equivalente: dialecto arcaico, sistema/diasistema histórico, etc.), estaríamos a dar por sentado que este mesmo idioma, no que toca ás relacións idiomáticas actuais e efectivas entre idiomas, segue a funcionar como parte dun todo (por súa vez, unha lingua) ou, dito doutro xeito, como un idioma parcial en sincronía.

A seguir, unha vez terxiversado deste xeito o criterio histórico-xenético, a variedade lingüística en cuestión podería ser asignada a aquel idioma en sincronía, ora co cal compartise o maior número de trazos estruturais (estamos a falar, daquela, de dialecto nun sentido sincrónico-estrutural), ora do cal dependese normativa e funcionalmente (estamos a pensar, desta volta, nun dialecto nun sentido funcional e axiolóxico), ou ben ambas as dúas cousas á vez.

Na práctica, de resultas desta operación discursiva, do mesmo xeito que os pares de idiomas mutuamente clasificados como dialectos (=parte) ou linguas (=todo) de acordo co uso técnico destes dous termos nun sentido histórico-estrutural permanecerían por sempre en semellante condición (p.e. o galego e o latín, un verbo do outro), así tamén os idiomas periféricos clasificados deste xeito no plano sincrónico ficarán para sempre rebaixados á condición de partes (=dialectos) subordinadas normativa e funcionalmente a un todo (agora, tamén, lingua dominadora).

Certamente, este eufemístico discurso histórico-lingüístico discriminou os idiomas periféricos do estado español en tanto que, se ben estas variedades lingüísticas ficaron relegadas á condición perpetua de dialectos dos

seus respectivos devanceiros lingüísticos, non aconteceu o mesmo co español estándar. No que toca a este último idioma, o uso do termo dialecto en sentido histórico-estrutural conservou sempre o seu valor técnico de tal xeito que a clasificación do español como dialecto (histórico-estrutural) do latín nunca implicou a minorización deste idioma na condición permanente de parte (=dialecto) normativa e funcionalmente subordinada a unha lingua dominadora (neste caso, ao latín).

Bótase de ver que, pois os lingüistas españois seguiron a operar, no caso exclusivo dos idiomas periféricos co vello principio de que: «O que unha vez foi dialecto, sempre será dialecto», non estamos a tratar cun cambio de concepto menor en tanto que, á derradeira, as variedades lingüísticas denigradas con este discurso elitista (en esencia, a equiparación de dialecto histórico-estrutural con idioma parcial en sincronía) perderon a súa condición inalienable de linguas *in spe*.

Con seguridade, dada a incoherencia científica dunha argumentación que unicamente discrimina claramente entre diacronía e sincronía no caso do idioma propio, os lingüistas españois deberon reforzar a ocultación da amentada incongruencia na busca da congruencia ideolóxica coa seguinte escusa: pois os propios falantes dos idiomas periféricos escolleron «libremente» a fosilización das súas variedades lingüísticas na condición de dialectos histórico-estruturais dos seus respectivos devanceiros lingüísticos (latín, galego-portugués, gascón, etc.), todos estes idiomas carecen da autonomía lingüística mínima (en diacronía e en sincronía) esixida para a xerarquía lingua.

Certamente, con palabras de Luis Carlos Díaz Salgado (2011: 60), tanto con respecto a este criterio como aos dous xa analizados, cabe afirmar que:

Todo esto es opinable porque todo esto pertenece al ámbito político tanto como al lingüístico, y cada cual es cada quien a la hora de elegir su ideología; pero lo que resulta incongruente en boca de lingüistas y académicos, y esto es lo que merece verdadera censura, es negar en algunos casos lo que se concede a otros. Sobre todo porque este tipo de opiniones seudocientíficas en la que se utilizan dos varas de medir lingüísticas y políticas según convenga, ha servido para sustentar y justificar acciones discriminatorias muy habituales en nuestro país hasta hace unos pocos años.

Con todo, se desexamos analizar polo miúdo as consecuencias da operación discursiva adiantada nos parágrafos anteriores, debemos comezar por lembrar que, de acordo coa formulación técnica do criterio histórico-xenético (Ammon 1987: 321, Wright 2012: 552-553), un idioma será dialecto históri-

co-estrutural ou homoxéneo (Montes 1986: 39, 1995: 52, 1996: 138) daquela variedade lingüística anterior da cal se puidese demostrar que deriva xenética e historicamente<sup>174</sup>.

De acordo coa SLT, neste «sentido puramente técnico» (Montes 1986: 32), así como podemos afirmar que o galego é un dialecto (histórico-xenético) dunha variedade lingüística anterior denominada galego-portugués e do mesmo xeito que podemos asegurar que o galego-portugués, castelán, francés, italiano, romanés, etc., son dialectos (histórico-xenéticos) do latín, así tamén, todas estas variedades lingüísticas (xunto co inglés, alemán, ruso, hindi, etc., e, así, até, cando menos, corenta e nove linguas) poderían ser etiquetadas como dialectos (histórico-xenéticos) dunha protolingua chamada indoeuropeo. Pola mesma, así sucesivamente, poderíamos dar nun ancestro común situado hai, aproximadamente, 200 000 anos a. C. (Wright 2012: 553).

Evidentemente, se decidísemos empregar os termos lingua e dialecto nun sentido histórico-xenético e se, a maiores, determinásemos agrupar as variedades lingüísticas en función da súa orixe lingüística común, non hai dúbida de que todos os idiomas poderían ser etiquetados como dialectos (histórico-xenéticos) dalgunha variedade lingüística anterior (ás veces, dunha hipotética protolingua) e de que todas as falas poderían figurar nun ou noutro diasistema lingüístico histórico (p.e. o galego no diasistema lingüístico histórico galego-portugués, románico, etc.)<sup>175</sup>.

Agora ben, o problema xorde cando negamos categoricamente a xerarquía (mesmo, potencialmente) de lingua dos idiomas periféricos de estado español coa escusa ideolóxica de que esas variedades lingüísticas<sup>176</sup> permanecen hoxe en día nunha suposta condición orixinal de dialectos histórico-estruturais, dialectos arcaicos, diasistemas/sistemas lingüísticos diacrónicos/sincrónicos (Arnal 2010a: 75, Martín 2003: 13 e Enguita e Lagüéns 2000: 65), etc., por causa da súa histórica subordinación funcional e normativa, primeiro, ao latín, logo, ao español estándar e, xa que logo, pola escasa autonomía lingüística verbo dos mencionados devanceiros lingüísticos.

Igualmente, cando damos a entender que o aranés, galego e valenciano (Lázaro 1972: 10, Salvador 1987: 56-57, 98-99, 106) seguen a ser dialectos

<sup>174</sup> Entre os lingüistas españois, Neira (1982: 25) afirma: «Atendiendo a un criterio histórico, un dialecto es una lengua procedente de otra».

<sup>175</sup> De seguro, neste estrito plano teórico, estaríamos completamente de acordo con Lázaro (1972: 9) e con Alvar (1978a: 8), cando afirman que o castelán, galego, catalán, italiano, francés, etc., son todos eles dialectos do latín. Igualmente, neste plano estritamente técnico, poderíamos afirmar que o asturiano, leonés e mirandés modernos son dialectos histórico-xenéticos dun suposto diasistema lingüístico histórico astur-leonés-mirandés.

<sup>176</sup> Concretamente, o asturiano e o aragonés (Alvar 1990: 22, García González 1999: 353-354, 363-364; Onieva 1986: 60, Neira 1982: 23, 25; Martín 2003: 13-14, Mendivil 2008: 6 e Salvador 1987: 99).



(histórico-xenéticos) ou dialectos arcaicos (Salvador 1987: 56) do gascón, (galego-)portugués e catalán, respectivamente, porque, hipoteticamente, durante a Idade Media, foron dialectos (nominalmente, histórico-xenéticos) deses mesmos idiomas e, daquela, non xeraron abondo autonomía estrutural en diacronía, así mesmo estamos a facer unha lectura, cando menos, problemática do criterio histórico-xenético.

Bótase de ver que, se os lingüistas españois souberon ver que a temporal subordinación funcional e normativa do seu idioma ao latín (isto é, a súa condición temporal de dialectos sincrónico-estruturais) e a súa condición técnica de dialecto histórico-estrutural non impediron que o seu idioma dera en lingua de seu, pola mesma, con auténtica coherencia científica, deberíamos aceptar que os idiomas periféricos do estado español, por moito que sexan dialectos históricos-xenéticos dos seus correspondentes ascendentes lingüísticos e por moito que fosen dialectos sincrónicos-estruturais deses mesmos idiomas durante a súa temporal subordinación funcional e normativa a eses mesmos ou a outros idiomas, nunca perderon a capacidade de, se se desen as circunstancias sociopolíticas adecuadas, deviren en linguas de seu.

Sen dúbida, de acordo co enfoque da SLT (p.e. Montes 1986: 31-32), pois a etiqueta dialecto adquire un sentido histórico-estrutural cando se centra na orixe histórica e xenética dun idioma dado (p.e. do español) e un sentido sincrónico-estrutural cando atende nomeadamente á ausencia de autonomía plena no ámbito funcional e normativo, en puridade, un idioma dado (p.e. o asturiano, o español, etc.), en sincronía, con independencia da súa orixe xenética e histórica (ao cabo, un idioma sempre será un dialecto histórico-xenético dunha lingua ou protolingua anterior; Wright 2012: 553), será, ou non, dialecto (sincrónico-estrutural) segundo presente, ou non, subordinación funcional e normativa a un idioma dominador.

Xa que logo, así como a presenza ou ausencia de subordinación funcional e normativa a unha lingua dominante determinará o estatuto de dialecto ou lingua dun idioma en sincronía (isto é, nun momento determinado), así tamén, desde ese mesmo punto temporal discreto, cara ao futuro ou cara ao pasado (isto é, prospectiva ou retrospectivamente) e á marxe de que ese idioma continúe a ser un dialecto histórico-xenético do seu correspondente ascendente lingüístico, sempre caberá a posibilidade da muda do devandito estatuto lingüístico (en termos tradicionais, de dialecto a lingua e viceversa) en función das circunstancias sociolingüísticas.

Desde o enfoque da SLT (p.e. Montes 1970-1999), non hai dúbida de que, pois a etiqueta dialecto recobre dous sentidos ben diferentes: o histórico-estrutural e o sincrónico-estrutural, sempre deberemos ter moi claro

que, así como en diacronía un idioma é sempre dialecto (histórico-estrutural) dunha ou doutra lingua anterior, en sincronía (isto é, nun punto temporal discreto do seu continuum lingüístico histórico), o estatuto idiomático dunha variedade lingüística dependerá da presenza ou ausencia de autonomía funcional e normativa plena. Evidentemente, de non termos en conta esta crucial diferenza entre relacións diacrónicas e sincrónicas, estaremos a facer un uso errado dos conceptos técnicos de dialecto e lingua nun sentido histórico-estrutural.

Así, por exemplo, se ben é correcto que caractericemos o asturiano como un dialecto histórico-xenético do latín ou dun diasistema lingüístico histórico interposto chamado astur-leonés-mirandés porque podemos demostrar que o latín e aquel hipotético diasistema histórico son os seus devanceiros xenéticos, este mesmo idioma, en sincronía, será, ou non, dialecto (sincrónico-estrutural) segundo dependa, ou non, normativa e funcionalmente dunha lingua dominadora (p.e. do español estándar). Desde un punto de vista técnico, así como o asturiano segue a ser un dialecto histórico-estrutural do latín e foi temporal e sucesivamente un dialecto (sincrónico-estrutural) do latín e do español estándar por mor da súa consecutiva subordinación funcional e normativa a un e outro idioma, así e todo, nese mesmo plano técnico, non sería correcto afirmar que o asturiano é, actualmente, un dialecto (sincrónico-estrutural) en atención a eses dous criterios. De seguro, para validarmos o termo dialecto en sincronía, deberíamos ter presente se hai, ou non, consciencia de autonomía lingüística, un glosónimo propio e un incipiente proceso de estandarización.

Nas liñas que seguen, tras demostrar primeiro que o ditame dos lingüistas españois sobre os idiomas periféricos do estado español en atención ao criterio histórico-xenético non se constrúe sobre unha análise obxectiva, científica e neutral da realidade lingüística, a seguir, «desvendaremos» o fondo ideolóxico oculto baixo este criterio.

En principio, no que toca á problemática técnica asociada coa posta en efecto do criterio histórico-xenético, cómpre ter moi claro que, desde o enfoque da SLT (en concreto, desde a perspectiva da sociolingüística histórica), un idioma calquera (p.e. o aragonés, asturiano e leonés), malia que sempre o poidamos clasificar como un dialecto histórico-xenético dunha variedade lingüística xenética ascendente (extinta ou non; neste caso, do latín) e por moito que fose transitoriamente un dialecto sincrónico-estrutural do seu correspondente ascendente lingüístico (p.e. do latín) ou de calquera outra lingua dominadora (p.e. do español estándar), sempre conserva a súa natureza de lingua *in spe*.

Certamente, desde o punto de vista da SLT (Montes 1970-1999, Muljačić 1980-2004), chama a atención que a natureza dinámica das variedades lingüísticas siga a pasar inadvertida para algúns dos lingüistas actuais de tal xeito que estes, ao xeito dos seus colegas medievais, renacentistas, decimonónicos e estruturalistas, continúen a pensar nas linguas como entidades estáticas e inmóbiles cuxo estatuto lingüístico (dialecto ou lingua) permanece inalterado ao longo do tempo con independencia das circunstancias sociolingüísticas circundantes.

Precisamente, en contra desta visión tradicional da lingüística, a SLT insiste en que, así como un idioma dado, por moi desprestixiado (p.e. o galego do século XIX) ou por moi interferido que estivese por outra variedade lingüística nun momento dado (p.e. un pidgin, un crioulo, etc.), sempre conserva a súa capacidade de pasar de dialecto a lingua, igualmente, un idioma, por moi elevado que fose o seu prestixio e por moita que fose a súa autonomía lingüística nun momento dado (p.e. o occitano na Idade Media), sempre pode percorrer o camiño inverso (isto é, de lingua a dialecto).

Así pois, no parecer da SLT, se, por unha ou outra razón, a un idioma concreto non lle recoñecésemos a opción de pasar de dialecto a lingua ou ao revés co paso dos anos e en función das circunstancias sociolingüísticas, no fondo, e velaí outra das aporías da EFE verbo da taxonomía lingua-dialecto, estaríamos a operar co «vello» enfoque das linguas como entidades estáticas que, ao xeito de fósiles lingüísticos, permanecen, a perpetuidade, inmovilizados nun ou noutro estatuto lingüístico.

Pola súa banda, a SLC, así como nos alerta contra a ideoloxía lingüística oculta baixo a visión das variedades lingüísticas periféricas do estado español como entidades petrificadas na condición de dialectos (nominalmente, histórico-xenéticos), tamén nos lembra que a moderna ciencia (socio)lingüística, de utilizarmos palabras de Žarko Muljačić (1989a: 287, 1991a: 186), xa non comparte, nin o principio herdado da lingüística histórico-comparativa decimonónica: «Once a dialect, always a dialect», nin o seu corolario: «Once a language, always a language» (Muljačić 1991a: 186).

Evidentemente, un idioma dado, con independencia de que fose, nun momento concreto, un dialecto (p.e. o aragonés, asturiano e leonés) ou unha lingua (p.e. o occitano), pode mudar ese estatuto lingüístico orixinal, ben de dialecto a lingua ou ao revés, ben cara á condición de dialecto dunha lingua diferente verbo daquela da cal deriva historicamente.

Por exemplo, malia que, como nos comenta Žarko Muljačić (1989a: 287), os chamados «italianistas» afirmen que o curso actual é (e será sempre) un dialecto do italiano estándar porque, historicamente, formou parte da súa

«paisaxe dialectal», a sociolingüística ten moi claro que este idioma nunca perdeu a súa capacidade potencial de devir en lingua e, daquela, recusa a infalibilidade do mencionado ditame.

Correlativamente, se ben os lingüistas ancorados na visión estática das linguas (p.e. Alvar 1982: 25), non dubidan da condición actual de lingua do occitano por mor da súa gloriosa tradición literaria e do seu recoñecemento histórico como tal, abonda cunha ollada superficial aos recentes estudos verbo deste idioma (Pusch e Kabatek 2011: 398, McWhorter 2003: 71, Trudgill 1974: 145, 2002: 118) para decatarse de que a actual subordinación funcional e normativa deste idioma ao francés estándar non nos permite ser tan categóricos no tocante ao estatuto lingüístico presente deste idioma.

Xa que logo, vaia por diante que, se todos os idiomas actuais poden ser clasificados como dialectos (histórico-xenéticos) do seu correspondente ascendente lingüístico e se, historicamente, mentres uns idiomas foron recoñecidos como linguas (p.e. o occitano), outros non conseguiron semellante categoría (p.e. o andaluz), calquera variedade lingüística pode mudar o seu estatuto lingüístico *in melius* ou *in peius* en función das circunstancias sociopolíticas circundantes de cada período.

Ao xuízo da SLT, de clasificarmos, ao xeito dos «italianistas» e de certos lingüistas españois, as variedades lingüísticas actuais como linguas ou dialectos segundo o principio oculto de que «O que unha vez foi dialecto/lingua, sempre será dialecto/lingua» e, daquela, de persistirmos na tradicional concepción das linguas como realidades estáticas e discretas, estaríamos a caer nun erro técnico cuxas conclusións finais non teríamos a obriga de validar como «verdades científicas incontestables», «ciencia sen máis», etc.

Mais, antes de entrarmos na análise da deriva ideolóxica do criterio histórico-xenético, cómpre que insistamos nos problemas técnicos que poderíamos detectar no uso práctico deste principio pola EFE á luz dos coñecementos da SLT (en concreto, da sociolingüística histórica). En liñas xerais, toda esta problemática tivo que ver, primeiro, coa aplicación deste principio dun xeito intuitivo e, segundo, co excesivo apego dos anteditos lingüistas ao pensamento teórico da lingüística histórico-comparativa decimonónica<sup>177</sup>.

No tocante ao primeiro grupo de problemas, deberíamos ter presente que a EFE, ao igual que acontecera no caso do criterio lingüístico-estrutural e da intelixibilidade mutua, nunca empregou métodos de cuantificación obxectiva (p.e. a glotocronoloxía) da distancia histórico-xenética entre idiomas e, por

<sup>177</sup> Para que nos fagamos unha idea da veneración que lle profesaron os lingüistas da EFE á lingüística histórico-comparativa decimonónica, teñamos ben presentes estas palabras de Alvar (1978a: 29): «es el punto terminal y culminante de toda una etapa de la ciencia lingüística».

consequente, tampouco tivo un coñecemento exacto da distancia lingüística entre idiomas no eixe diacrónico (p.e. entre latín e español, latín e galego, etc.). Deste xeito, a natureza subxectiva e relativa que lle afearamos ao criterio lingüístico-estrutural e da intelixibilidade mutua podería estenderse, tamén, á posta en práctica deste terceiro principio.

Así pois, desde o punto de vista da SLT (Milroy 2012: 571-572), se abeirásenos toda a problemática derivada da aplicación intuitiva deste criterio, as máis das restantes dificultades relacionadas coa posta en práctica do criterio histórico-xenético pola EFE entroncarían coa excesiva dependencia desta escola do enfoque decimonónico das linguas (p.e. en Nieto e Troitiño 2016).

En xeral, de analizarmos con vagar a tradición lingüística española desde Menéndez Pidal (Tuten e Tejedo-Herrero 2011: 284) até a actualidade, percibimos que, agás excepcións, estes lingüistas non lograron romper coa reformulación decimonónica da *metáfora organicista* en sentido literal, coa tendencia da lingüística histórico-comparativa á confusión dos construtos teórico-metodolóxicos creados con propósitos analíticos concretos (p.e. o galego-portugués) con linguas reais e efectivas<sup>178</sup> e, por último, coa visión medieval e renacentista das linguas como realidades estáticas.

Con respecto á primeira cuestión, é mester lembrar que, por causa da penuria e do carácter fragmentario dos datos empíricos manexados pola lingüística histórico-comparativa decimonónica<sup>179</sup>, segundo Anna Morpurgo Davies (1998), os neogramáticos da segunda metade do século XIX deron á metáfora organicista formulada polos seus colegas de primeira metade de centuria un sentido literal.

En esencia, se ben os lingüistas da primeira metade do século XIX sempre tiveron claro que a visión das linguas como organismos vivos era unha alegoría xustificativa da pertinencia tanto da lingüística como ciencia de seu como dunha metodoloxía propia para esta disciplina (Morpurgo 1998: 87), os neogramáticos da segunda metade do século XIX revestiron esta metáfora cun sentido literal. Desde ese momento, se as linguas «nacían», «vivían» e «morrían» exactamente igual a como «nacían», «vivían» e «morrían» os seres

<sup>178</sup> Por exemplo, en Neira (1986: 65), lemos: «Esta peculiar situación del dominio lingüístico astur-leonés, este mosaico de hablas no es el resultado de la fragmentación de una unidad románica primitiva. Es una consecuencia directa de la evolución de los dialectos latinos cuando éstos, al perder precisamente su interrelación dinámica, se transformaron en lenguas independientes entre si». Con palabras de Wright (2012: 552) poderíamos afirmar que os lingüistas histórico-comparativos confundiron as reconstrucións lingüísticas con «descubrimientos».

<sup>179</sup> Como nos comentan Almeida (1999: 164), Chambers (2002a: 356), Janda e Joseph (2003: 19-20), Lighfoot (1999: 8), Milroy (1992: 45, 1993b: 148), Schendl (2001: 12-13), Tuten e Tejedo-Herrero (2011: 287-289) e Watt e Smith (2005: 104).

vivos, bótase de ver que as linguas emerxían, cambiaban e desaparecían sempre por causas exclusivamente internas sen inxerencia de axente externo ningún.

Fóra de que o éxito desta metáfora na lingüística posterior sexa perfectamente comprensible en tanto en canto ofreceu unha explicación plausible para dous fenómenos tan enigmáticos e complexos como o cambio lingüístico e a emerxencia/obsolescencia das linguas, non hai dúbida de que a ollos dos investigadores actuais a devandita reformulación en sentido literal tivo tamén consecuencias inesperadas. En substancia, dado que os gramáticos decimonónicos chegaron a estar totalmente convencidos de que os dous amentados fenómenos acaecían sempre do mesmo xeito con independencia do caso concreto que se analizase e do contexto sociopolítico, económico e cultural en que este tivese lugar, resulta comprensible que estes mesmos investigadores desatendesen o estudo dos condicionamentos extralingüísticos e que, por conseguinte, ofrecesen unha imaxe excesivamente simplificada de ambos os dous procesos.

Con máis pormenor, consonte a liña de levar adiante a lingüística pola vía da superación dos efectos imprevistos desta metáfora, é conveniente insistir en que, segundo os coñecementos da sociolingüística actual<sup>180</sup>, os amentados fenómenos pouco (talvez, sería mellor dicir, nada) teñen que ver co ciclo vital dos seres vivos en tanto que, así como a incidencia de axentes externos no nacemento e na morte dun organismo vivo é, por vía de regra, secundaria, no caso das variedades lingüísticas, os condicionamentos externos son, cando menos, tan relevantes como os factores estritamente lingüísticos (McWhorter 2003: 54-84, Milroy 2012, Wright 2012).

Precisamente, no ronsel de todos estes especialistas, James Milroy e Lesley Milroy (1997b: 63) afirmaron que: «The point in history at which one language becomes another may have more to do with political history than with linguistic differentiation»<sup>181</sup>.

<sup>180</sup> Por exemplo, Harbert (2011: 404-405), Mufwene (2000: 40-43, 2001: 148-150, 2008: 30-31, 208-209), O'Shannessy (2011: 93-94), Tuten e Tejedo-Herrero (2011: 292-298) e Wolfram (2002: 767).

<sup>181</sup> A este respecto, Penny (2000: 31-32) puntualiza: «Puesto que el cambio lingüístico evoluciona poco a poco [...], se sigue que no podemos establecer un momento en el pasado a partir del cual podamos decir que ha comenzado una lengua. En un momento determinado, el habla en uso de una comunidad dada difiere ligeramente de la empleada en la generación anterior. Tomando el caso específico del español, no hay un momento identificado objetivamente en el que pueda decirse que el latín cede el paso al español; en el nivel de la comunicación oral, no hay ruptura en la continuidad (excepto las pequeñas modificaciones de cada generación) que nos lleva del momento presente a lo que llamaríamos latín hace dos mil años (o incluso a los antecesores itálicos o indoeuropeos del latín)». En diante, este mesmo investigador (Penny 2000: 33) asegura que: «Por lo tanto, aunque el castellano es una variedad del romance que (al igual que otras variedades) resulta de una serie ininterrumpida de variedades anteriores que se prolongan en el pasado, el hecho de que en un deter-

Velaquí un dos grandes problemas da lingüística histórico-comparativa pois, ao non ter en conta os factores extralingüísticos na emerxencia histórica das linguas e ao atender exclusivamente a factores lingüísticos (en esencia, a ausencia/presenza dunha elevada distancia lingüística diacrónica entre idiomas; Wright 2012: 558), á derradeira, o ditame dos lingüistas sería determinante á hora de confirmar se un idioma segue a ser, ou non, un dialecto histórico-xenético dun idioma anterior ou, dito doutro xeito, se emerxeu, ou non, unha nova lingua en diacronía.

Tocante a este último parágrafo, como nos advirte Herbert Schendl (2001: 5), deberíamos comezar por mencionar que, en contra do que nos pode parecer de «sentido común» por mor da inclinación «natural» do ser humano á organización da realidade en pares taxonómicos, se analizásemos o decorrer temporal dunha mesma variedade lingüística durante un período de tempo relativamente amplo, decatariámonos de que ese periplo transformador camiña sempre pola vía da acumulación constante de pequenos cambios lingüísticos e de que, por conseguinte, por moitos que fosen os anos transcorridos, sempre estaríamos ante un *continuum lingüístico histórico*<sup>182</sup>.

Sen dúbida, a imaxe da progresión temporal das variedades lingüísticas como un *continuum lingüístico histórico* implica que, de xeito semellante a como acontece na dimensión espacial entre falas veciñas (Laks 2008: 161), con ser innegable que cada unha das sucesivas xeracións de falantes dun idioma comprende, sen grandes dificultades, á xeración inmediatamente anterior e posterior do seu mesmo idioma (Tuten e Tejedero-Herrero 2011: 291), así e todo, por causa da acumulación constante e incesante de pequenos cambios lingüísticos ao longo dos anos, é de esperar que, pasado un certo tempo, con independencia de que estivésemos (p.e. no inglés), ou non (p.e. latín e arago-

---

minado momento lograra el estatus de escritura y experimentara una creciente estandarización impuso a sus usuarios, y a otros, la necesidad de un nombre mediante el cual identificarlo y diferenciarlo de otros códigos escritos (latín, catalán, francés, etc.)». Tamén, O´Shannessy (2011: 93-94) escribe: «Just a categorization of a way of speaking as language X or a variety of language X is very much influenced by social and political factors, judgements about when a language has changed too much to be considered the same language as before involve subjective social and political judgements». Por último, García González (1999: 352) entende que: «una variedad lingüística es idioma desde el momento en que es reconocida como tal por la comunidad hablante hasta el momento en que pierde semejante condición».

<sup>182</sup> A este respecto García González (1999: 357) afirma: «la ciencia lingüística llega a demostrar que todo componente de una actualidad es resultado de cambio diacrónico. Compara estados de una misma cadena o de idiomas diferentes, pero nunca puede señalar el límite de las lenguas. Los cambios se suceden gradualmente. No hay ruptura de la continuidad lingüística. Desde esta óptica, es absurdo hablar de lenguas muertas, salvo catástrofes. En este contexto se dice que las lenguas romances representan la lengua latina del año dos mil. Es evidente que el término lengua cobra en este segundo momento otra dimensión, sin principio ni fin».

nés), ante a mesma lingua, a fala dunha xeración concreta de falantes xa non sería intelixible coa das xeracións futuras (e, ao revés).

Dito por outras palabras, se ben un falante dun idioma concreto e nun momento dado entende, sen excesivos problemas, os falantes coetáneos do seu mesmo idioma (isto é, aos seus «novos» e «vellos»), semella lóxico pensar que, por mor da constante e incesante acumulación de pequenos cambios lingüísticos no eixe temporal, antes ou despois, a súa fala sería intelixible coa das xeracións futuras (e, por suposto, a fala destes últimos falantes coa do devandito falante)<sup>183</sup>. Vaia por diante que, vistas así as cousas (*natura non facit saltus*), no eixe diacrónico, nin intelixibilidade, nin unha elevada distancia lingüística, implican, necesariamente, unha nova lingua (p.e. no caso do inglés), nin intelixibilidade, nin proximidade lingüística, presupoñen a mesma lingua (p.e. entre noruegués antigo e islandés moderno).

Xa que logo, en consonancia con esta perspectiva da progresión temporal das variedades lingüísticas como unha transformación continua (Laks 2008: 161), ten sentido a afirmación de que, desde un punto de vista estritamente lingüístico e científico, entre dous idiomas que se suceden no eixo diacrónico (emparentados, ou non, xeneticamente entre si), sempre atopamos, como afirman explicitamente Donald N. Tuten e Fernando Tejedo-Herrero (2011: 291), un *continuum lingüístico histórico* e nunca unha ruptura lingüística (Laks 2008: 161). Pola mesma, como matizan Nils Langer e Agnete Nesse (2012: 610), aínda no suposto de que lográsemos fixar a *Hora Cero* (al. *Stunde Null*) dunha lingua, ese momento sempre sería unha convención que implicaría incuestionablemente unha certa dose de hibridación entre máis ou menos variedades lingüísticas.

Deste xeito, dado que entre, por exemplo, o latín e o francés/aragonés (por extensión, entre o latín e calquera das modernas linguas románicas) atopamos unha continua transformación, se desexásemos facer fincapé no *continuum lingüístico histórico* que media entre estes tres idiomas para ilustrar que francés e aragonés non son tanto «fillos do latín» como un «latín contemporáneo», non estaría fóra de lugar que, na liña das propostas dalgúns lingüistas (Laks 2008: 161, McWhorter 2003: 23), traballásemos cuns díasistemas lingüísticos históricos cuxos nomes ficticios poderían ser, por

<sup>183</sup> Se ben é evidente que estamos a formular unha hipótese en tanto que, nin podemos saber como serán as linguas nun futuro máis ou menos arredado, nin, tampouco, temos testemuños orais de que como eran os idiomas hai, aproximadamente, mil anos, este suposto semella plausible se pensamos nas innegables dificultades de comprensión con que se atopan os modernos falantes europeos de inglés, francés, alemán, etc., cando se enfrontan á lectura dos primeiros textos escritos nos seus respectivos idiomas.



exemplo, *fratín/aratín*. Ora ben, todos somos conscientes de que, por moito que os devanditos termos singularicen unha serie acumulativa e sucesiva de pequenos cambios lingüísticos cun propósito analítico concreto e por moito que estes sexan perfectamente xustificables desde un punto de vista exclusivamente lingüístico, nunca estaríamos ante linguas reais e efectivas. A ciencia certa, de pensarmos en linguas naturais, estaríamos a obviar, entre outros moitos detalles, a consciencia idiomática das sucesivas xeracións de falantes interpostas entre pasado e presente.

Con independencia de que nos parezan ridículas, ou non, as etiquetas anteriores, bótase de ver que esas hipotéticas linguas (o mesmo acontecería con moitas outras; p.e. astur-leonés-mirandés, galego-portugués, etc.), como puntualiza o propio John McWhorter (2003: 35-67), unicamente pretenden que visualicemos o *continuum lingüístico histórico* que media entre estes tres idiomas e, por conseguinte, nunca deberíamos perder de vista que estamos ante construtos teóricos e metodolóxicos cuxas evidentes extremas convencionais e nomes ficticios asociados deberían abondar para non caer no erro da identificación automática con linguas reais e efectivas.

Verbo disto último, tampouco deberíamos pasar por alto que as devanditas extremas metodolóxicas, por moi obxectivos e rigorosos que fósemos na súa fixación e por moi acaídas que puidesen resultar aos nosos intereses en tanto que poderían dotar ao noso idioma cunha antiquísima tradición histórica (mesmo, milenaria)<sup>184</sup>, nunca se corresponden nun cento por cento coa realidade exacta dos feitos históricos (lingüísticos e sociais). Con certeza, se, como matizan Donald N. Tuten e Fernando Tejedo-Herrero (2011: 291), os falantes máis novos dunha comunidade lingüística concreta, xeración tras xeración, senten que falan a mesma lingua que os seus maiores, non hai dúbida de que as devanditas extremas temporais serán sempre convencións metodolóxicas e de que nunca houbo rupturas lingüísticas (por extensión, Horas Cero) no tempo.

Evidentemente, se as liñas discretas que delimitan temporalmente un *continuum lingüístico histórico* determinado (ben dentro dun mesmo idioma, ben entre idiomas) son convencións terminolóxicas que nunca se

<sup>184</sup> Precisamente, tocante á tradición histórica do español, Salvador (2007b: 25) exclama: «el español es una de las pocas que son milenarias y se han mantenido lo suficientemente estable en el tiempo tras su expansión americana: cohesión temporal, pues, amén de la espacial. Esa doble dimensión, la geográfica y la histórica, le proporcionan un volumen cultural inusitado. El español medieval ya era español, mientras que el francés y el inglés han evolucionado más y son ya lenguas muy alejadas de lo que fueron en la Edad Media; más modernas, por lo tanto, con menos dimensión histórica inteligible». Lémbrese que, con idénticos obxectivos, segundo Dow (2010: 225), os lingüistas alemáns do XIX retrotraeron as orixes da súa lingua máis alá de dous mil anos.

corresponden nun cento por cento coa realidade exacta dos feitos, correlativamente, os estados lingüísticos temporais discretos estremados por estas fronteiras serán tamén construtos teórico-metodolóxicos cuxa propia natureza teórica e metodolóxica tamén debería excluír calquera opción de equivalencia automática con linguas reais e efectivas.

Agora ben, por profundarmos nos problemas técnicos vinculados co criterio histórico-etimolóxico deberíamos comezar por lembrar que, pois, como subliñan os investigadores (Chambers 2002a: 364-370 e Milroy e Milroy 1997b: 52), no decorrer histórico dos idiomas alternan os períodos de predominio do binomio *diversidade/transformación* (isto é, de cambio lingüístico) con etapas de predominancia do par *uniformidade/estatismo* (é dicir, de estabilidade lingüística), semella comprensible que a lingüística histórico-comparativa decimonónica e os seus epígonos, en tanto que adoitaban comparar un punto temporal discreto anterior a un ciclo de intenso cambio lingüístico con outro punto temporal discreto posterior a esta mesma etapa, operasen de acordo con esta realidade obxectiva á hora de periodizar a historia das linguas. Deste xeito, os períodos con preeminencia do par *diversidade/transformación* deron en extremas metodolóxicas entre as sucesivas etapas ou fases cronolóxicas dunha lingua (por súa vez, períodos onde predomina o par *uniformidade/estatismo*).

En principio, como poñen de relevo Richard D. Janda e Brian D. Joseph (2003: 41), non habería nada que obxectar a este xeito de proceder sempre e cando tivésemos moi claro que os estados lingüísticos temporais discretos estremados por dous períodos de intenso cambio lingüístico (un anterior e outro posterior) non deixan de ser ficcións metodolóxicas que, se ben focalizan sobre o binomio *uniformidade/estatismo*, nin son compartimentos estancos, nin están exentos, por completo, do par *diversidade/transformación*.

Con certeza, o problema xorde cando a lingüística histórico-comparativa e os seus seguidores (entre eles, a EFE), por mor da súa concepción das linguas como entidades en todo idénticas aos seres vivos, reformulou algún destes límites metodolóxicos ao xeito de auténticas fronteiras lingüísticas abruptas (ao cabo, como Horas Cero) onde remataba a traxectoria vital dunha lingua anterior (p.e. o latín) e comezaba o periplo vital dunha nova lingua posterior (p.e. o español) e, de resultas, non só reforzou a histórica visión das linguas como entidades temporalmente discretas (isto é, con principio ou «nacemento» e fin ou «morte» temporalmente delimitados) senón tamén como realidades estáticas cuxa «esencia» permanecía inalterada desde o seu «nacemento» até a súa «morte»<sup>185</sup>.

<sup>185</sup> Por exemplo, en Alvar (1978a: 9) podemos ler: «Según todo esto, en el concepto de dialecto habría que distinguir dos momentos o sincronías: su nacimiento y su estado actual».

Tocante a isto último, de acordo con Roger Wright (1982-2012), é importante ter presente que o enfoque da lingüística histórico-comparativa verbo da «morte» do latín e do «nacemento» das linguas romances conseguiu reforzar aínda máis o enfoque secular das linguas como entidades temporalmente discretas.

Á marxe dos detalles, a lingüística histórica decimonónica e, por extensión, a EFE (p.e. García González 1999: 354, Salvador 1987: 85) estaban convencidas de que as linguas romances emerxeron nun contexto de diglosia no cal o latín clásico funcionaba como *Lingua Alta* (e lingua escrita) e o latín vulgar como *Lingua Baixa* (e lingua das masas analfabetas). Nesta conxuntura, tras o colapso do Imperio Romano, as diferenzas lingüísticas entre o latín clásico e o latín vulgar medraron día tras día de tal xeito que, chegado un determinado momento, as falas vernáculas xa estaban tan distantes lingüísticamente do latín clásico que deron en linguas de seu. Evidentemente, segundo este xeito de pensar, a emerxencia dunha lingua no eixe diacrónico presupuña unha elevada distancia lingüística entre o idioma lingüísticamente ascendente e o seu correspondente descendente e, a maiores, que as linguas romances son realidades máis do pasado (p.e. o castelán) que do presente (p.e. o leonés).

Precisamente, de acordo con esta visión dos feitos lingüísticos, os lingüistas deberían investigar no pasado das linguas romances na procura do momento en que se produciu a fractura lingüística entre o latín e as linguas romances, ou, dito coas súas palabras, en que ano, lustro, século, etc., «morreu» o latín e en que ano, lustro, século, etc., os romances xa estaban tan distanciados lingüísticamente do seu devanceiro lingüístico que «naceron» como linguas de seu.

De seguro, toda esa investigación presupuña que o latín e as linguas romances (ao cabo, todas as linguas) eran entidades temporalmente discretas, que entre elas houbo, nalgún momento, unha fractura lingüística ou Hora Cero, que entre elas había unha elevada distancia lingüística e que, por conseguinte, o lingüista podería datar (con máis ou menos exactitude) esa distancia lingüística e ese momento de ruptura por medio do estudo pormenorizado da documentación medieval.

Desde este punto de vista, canto maior fose a calidade e a cantidade de datos ao dispor do lingüista, tanto máis preciso podería ser o investigador á hora de fixar un límite temporal entre latín e as linguas romances e, xa que logo, tanto máis inapelable sería o seu ditame final.

Neste sentido, se ben é certo que a lingüística histórico-comparativa decimonónica e a EFE sempre recoñeceron (ás veces, explicitamente) que

as datas de emerxencia/obsolescencia dun «novo/vello» idioma eran unha «mera convención» (Salvador 1987: 18)<sup>186</sup>, tamén é innegable que, indirectamente, aquel xeito de pensar e operar colocou os lingüistas nunha posición de privilexio á hora de individualizar linguas en diacronía. De certo, se, unicamente eles posuían formación filolóxica abondo para o estudo pormenorizado dos textos medievais e se, por conseguinte, só eles podían investigar (e datar) con rigor científico a emerxencia dunha lingua, ao cabo, ninguén tan capacitado coma eles para ditaminar se unha fala concreta (p.e. o aragonés, asturiano, etc.) seguiría a ser, ou non, un dialecto histórico-xenético dunha lingua anterior<sup>187</sup>.

Xa que logo, á marxe doutras consideracións, cómpre pór de vulto que, se, de acordo con esta visión dos feitos lingüísticos, unicamente a lingüística histórica (no noso caso, os lingüistas da EFE), tras unha análise pormenorizada da documentación medieval e de costas a criterios extralingüísticos (p.e. a emerxencia dun glosónimo individualizador), contaba con información abondo e coa solvencia necesaria para determinar «obxectivamente» se un idioma estaba o suficientemente distanciada do seu «proxenitor» como para ser lingua (dito doutro xeito, para discriminar entre linguas e dialectos en diacronía)<sup>188</sup>, na práctica, a opinión dos falantes ben pouco contaba no tocante a esta cuestión.

Neste sentido, malia as declaracións formais que recoñecían a convencionalidade das datas verbo das orixes das linguas, cómpre advertir que, pois a EFE non tivo unha consciencia moi clara da natureza alegórica orixinal da metáfora organicista, cando estes investigadores mencionaban que esta ou aquela lingua «morría» (p.e. o latín) ou «nacía» (p.e. o español) nun ou noutro século (p.e. no século IX), na práctica, seguían a operar como se as

<sup>186</sup> Nunha liña semellante Marcos-Marín e Miguel (2009: 119) afirman: «Es imposible establecer en qué momento los hablantes ya no hablan latín, sino castellano (o gallego, o catalán, o francés). Por lo mismo no se puede decidir en qué momento dejan de hablar castellano y pasan a hablar español o, si se prefiere, en qué momento dejan de hablar castellano medieval y pasan a hablar castellano moderno».

<sup>187</sup> A este respecto, lemos en Mariner (1981: 340): «No es congruente ser objetivista en Lingüística y subjetivista en Sociolingüística, sobre todo en lo que concierne a conceptos tan básicamente lingüísticos como los que he venido tratando [lengua y dialecto]: no cabe dejarlos al arbitrio de los usuarios, máxime si estos no son peritos. Sería como pretender haber dejado al criterio de los beneficiarios del sol el decidir entre geocentrismo y heliocentrismo, en lugar de reservar la solución a los auténticamente entendidos, los astrónomos».

<sup>188</sup> Precisamente, en relación ás capacidades dos lingüistas, Salvador (1987: 53) escribía: «Pero sólo los lingüistas, creo, estamos en condiciones de establecer los criterios adecuados para la obtención de los datos o para la interpretación de los obtenidos». No noso parecer, estoutras palabras de Ramón de Andrés (2012: 20): «Estoy afirmando, en otras palabras, que la conciencia de los hablantes — hecho sociológico— no debería intervenir en la clasificación científica de la diversidad lingüística», tamén aluden a esa mesma visión tradicional dos feitos lingüísticos.

linguas fosen entidades temporalmente discretas cuxos límites cronolóxicos deberían ser fixados polos lingüistas con atención exclusiva a criterios lingüísticos. Por extensión, non era necesario ter en conta o momento en que a colectividade humana respectiva, por unha banda, comezaba a ser consciente das diferenzas estruturais da súa fala verbo da(s) lingua(s) antecesora(s) e veciñas, e, pola outra, singularizaba a súa fala cun glosónimo propio (Mufwene 2008: 208, Wright 2012: 560).

Así pois, desde unha perspectiva realmente obxectiva e científica da cuestión, non estamos obrigados a aceptar acriticamente o enfoque subxacente á lingüística histórico-comparativa decimonónica e á EFE das variedades lingüísticas como entidades temporalmente discretas, estáticas e estremadas entre si por fracturas lingüísticas e por unha elevada distancia lingüística en diacronía.

Tocante a este último parágrafo, a sociolingüística histórica (p.e. Tuten e Tejado-Herrero 2011, Wright 2012) ten hoxe moi claro que, pois a simple acumulación de cambios lingüísticos durante un período de tempo relativamente curto ou longo non carrega, en por si, a emerxencia/obsolescencia dun «novo/vello» idioma (isto é, unha elevada distancia lingüística en diacronía non implica, necesariamente, que esteamos ante unha nova lingua), os lingüistas non poden fixar, á marxe dos falantes e por medio da análise exclusiva da documentación medieval (por extensión, con criterios exclusivamente lingüísticos), que variedades lingüísticas continúan a ser dialectos (histórico-xenéticos, históricos, etc.) e cales, pola contra, deron en linguas.

De seguro (p.e. Wright 2012: 559), se abundase coa simple acumulación de cambios lingüísticos no eixe diacrónico para que emerxera unha «nova» lingua, non se comprendería como é posible que algunhas variedades lingüísticas, con seren tan diferentes/semellantes entre dous puntos temporais discretos convencionalmente fixados como para que puidese haber inintelixibilidade/intelixibilidade entre un e outro momento histórico (isto é, malia a elevada/escasa distancia lingüística en diacronía), pasen, na visión dos seus falantes (e lingüistas) actuais respectivos, por unha única lingua (p.e. o inglés antigo e o inglés moderno) ou por dúas linguas diferentes (p.e. o noruegués antigo e o islandés moderno).

Evidentemente, como xa mencionamos, se cada unha das xeracións de falantes que median entre un e outro punto temporal discreto, por moi afastados que puidesen estar estes dous momentos no eixo temporal (é dicir, por moi elevada/reducida que puidese ser a distancia lingüística en diacronía), pensa que está a falar o mesmo/diferente idioma que os seus devanceiros, ao final, estaremos a falar dunha única e mesma lingua con (varias) etapas no seu interior ou, pola contra, de dúas linguas diferentes.

Verbo disto último, polo de agora, debemos salientar que, en contra do que daba a entender a lingüística histórico-comparativa e a EFE<sup>189</sup>, nin a inintelixibilidade, nin unha elevada distancia lingüística entre dous puntos temporais discretos relativamente afastados no tempo, garante automaticamente que esteamos ante dúas linguas diferentes e sucesivas.

No tocante a esta última afirmación, cómpre lembrar que, pois, como advirten os investigadores (Janda e Josep. 2003: 48), o cambio lingüístico é *pancrónico*, un estado lingüístico temporal discreto delimitado polos lingüistas por un ou outro motivo (p.e. o inglés antigo, o galego antigo, etc.) é sempre, asemade, desde un punto de vista estritamente lingüístico, continuación e muda dun estado lingüístico temporal discreto inmediatamente anterior. Así, desde un punto de vista estritamente científico, entre os estados lingüísticos temporais discretos (p.e. inglés antigo e inglés medio) delimitados polos lingüistas, atopamos unicamente fronteiras temporais de carácter metodolóxico.

Agora ben, dado que as parellas uniformidade/estatismo e diversidade/transformación están presentes, en proporción variable, en calquera estado lingüístico temporal discreto delimitado metodoloxicamente polos lingüistas, non hai dúbida de que estes, segundo estivesen interesados en aparentar unha solución de continuidade ou unha ruptura entre dous puntos temporais discretos convencionalmente fixados (p.e. entre o século V d.C. e a actualidade ou entre o século IX d. C. e a actualidade), poderían focalizar nun ou noutro destes dous binomios.

Con seguridade, desde o punto de vista da SLC, se os lingüistas pretesen dar a imaxe de que dous estados lingüísticos temporais discretos sucesivos (por extensión, idiomas; p.e. latín e aragonés) están en solución de continuidade entre si, eses mesmos investigadores, ademais de focar (=iconización) sobre o binomio uniformidade/estatismo (é dicir, nos elementos lingüísticos constantes ao longo dese lapso de tempo) e de relegar a un segundo

<sup>189</sup> Precisamente, en Alvar (1986: 26), lemos: «Lógicamente, al distanciarse de los puntos de partida, la lengua que ha surgido resulta incomprensible para los hablantes de las lenguas previas y, a su vez, el hablante de la lengua mixta tampoco comprende a las primitivas». Por súa vez, Mariner (1981: 333) escribe: «por definición, cuando una lengua ha evolucionado a través de generaciones hasta convertirse en otra, los que hablaron la primera suelen llevar ya siglos fuera de combate, muertos y enterrados». Implícitamente, esta mesma idea está presente nestoutras palabras deste último lingüista (Mariner 1981: 333-334): «Desde que ya Consencio, en el siglo V d. C., señalaba como defecto de moda entre la plebe «romana» de su tiempo (y territorio) uno de los barbarismos que ejemplifica, hasta que, a comienzos del siglo IX, se halla en el Concilio de Tours el primer testimonio conservado de conciencia de una «rustica romana lingua», transcurren cerca de 400 años: unas 15 generaciones de las cuales ha creído hablar la misma lengua que hablaban sus padres, de modo que la transformación del latín en otra(s) lingua(s) no sólo se ha realizado sin el concurso de la voluntad de los hablantes, sino quizás sen que la mayoría ni tan siquiera lo advirtiese». Nótese, pois, que, segundo este lingüista, o tránsito de dialecto a lingua se produce, no fondo, á marxe da vontade dos falantes como se as linguas fosen «máquinas» que funcionan de seu.

plano (=ocultación) o par diversidade/transformación (isto é, os cambios lingüísticos), empregarían unha terminoloxía que suxerise unha continuidade lingüística (p.e. inglés antigo, inglés medio e inglés moderno; *aratín*, etc.).

Dito por outras palabras, se, pola razón que fose (metodolóxica, ideolóxica, etc.), un lingüista estivese interesado en presentar un *continuum lingüístico histórico* comprendido entre dous puntos temporais discretos convencionalmente fixados como unha mesma e única secuencia histórica, ese mesmo investigador colocaría o foco sobre o conxunto de riscos lingüísticos constantes ao longo de todo ese lapso de tempo coa intención de que, unha vez centrada a nosa atención sobre esa «esencia lingüística» (isto é, iconizados os trazos lingüísticos constantes) e ocultos os correspondentes cambios lingüísticos, désemos por certa tanto a súa hipótese de partida (isto é; hai unha lingua con varias etapas históricas) como, por conseguinte, a unidade temporal que presupón a terminoloxía empregada (isto é, a *fictio nominis*; p.e. *aratín*, dialecto arcaico, etc.).

Agora ben, nótese que, cando procedemos deste xeito, en tanto que estamos a relegar a un segundo plano (en realidade, a obviar) os cambios lingüísticos ao mesmo tempo que colocamos a lupa sobre os elementos lingüísticos constantes, estamos a crear abstraccións teóricas tanto máis irrealis (por ficticias) canto maior sexa a distancia temporal que media entre os dous puntos temporais discretos que estreman o construto teórico metodolóxico resultante e, xa que logo, que abrangue o termo correspondente (p.e. inglés, *aratín*, dialecto histórico do latín, etc.).

Daquela, no tocante ao nivel de abstracción subxacente a este tipo de construtos teórico-metodolóxicos e termos respectivos (p.e. dialecto histórico), agardamos que o seu grao de idealización medre proporcionalmente á distancia temporal que abarca cada unha desas mesmas ficcións teóricas e nominais na medida en que os lingüistas, unha vez centrados nos elementos lingüísticos constantes entre dous puntos temporais discretos convencionalmente fixados, terán que obviar tantos máis cambios lingüísticos canto maior sexa o tempo transcorrido entremedias.

No ronsel deste comentario, e por comezarmos a achegar exemplos concretos que nos axuden a comprender o conxunto dos parágrafos precedentes, semella lóxico pensar que etiquetas como galego, español, inglés, etc., no caso de que estes epígrafes fagan referencia á historia global destes idiomas desde as súas orixes convencionalmente fixadas até a actualidade, superan en grao de abstracción subxacente a termos como «galego antigo», «español medio», «inglés moderno», etc.

No parecer de Richard D. Janda e Brian D. Joseph (2003: 41), no caso de que etiquetas como «inglés» impliquen un conxunto de trazos lingüísticos

constantes entre, por exemplo, o ano 700 d. C. e a actualidade (por utilizarmos uns límites cronolóxicos convencionalmente aceptados), estamos a asumir un nivel de abstracción teórica (=idealización) comparativamente moito maior que cando utilizamos denominacións como «inglés antigo», «galego medio» e «español moderno».

Así pois, se, a partir da peaña exclusiva dunha serie de elementos lingüísticos constantes entre dous puntos temporais discretos convencionalmente fixados (p.e. entre o século IX e a actualidade), presentásemos o respectivo *continuum lingüístico histórico* como unha mesma unidade lingüística histórica e se, a maiores, como acontece nas reflexións da, por exemplo, profesora Pilar Vázquez Cuesta (1987a, 1987b) verbo do devir histórico do galego, etiquetásemos ese mesmo construto histórico-metodolóxico como un (dia) sistema lingüístico (histórico), non hai dúbida de que estaríamos a operar cun nivel de abstracción teórica tan elevado que, de identificarmos esa ficción teórica cunha lingua real e efectiva, caeríamos, cando menos, no erro de tomar por real aquilo que, en verdade, é tan só unha abstracción teórica.

Dito por outras palabras, cando empregamos etiquetas como «galego antigo» (ou «galego-portugués»), «galego medio» (ou «galego dos Séculos Escuros»), «galego moderno», «galego», etc., en referencia a determinados estados lingüísticos temporais discretos deberíamos ter moi claro que estamos a traballar con construtos teórico-metodolóxicos cuxo nivel de abstracción medra segundo a distancia temporal que abrangue o respectivo (dia) sistema lingüístico (histórico). Xa que logo, pois, indirectamente, estamos a iconizar os elementos lingüísticos constantes entre dous puntos temporais discretos convencionalmente fixados, convén lembrar que os anteditos termos dan por sentada unha unidade lingüística con independencia de que os cambios lingüísticos entremedias puidesen ser, ou non, moitos e notables. Dito doutro xeito, á marxe de que as diferenzas entre unha e outra modalidade lingüística temporal puidesen ser (p.e. entre castelán antigo e español moderno), ou non (p.e. entre islandés antigo e islandés moderno), facilmente perceptibles.

Sexa como for, no caso hipotético de que identificásemos eses estados lingüísticos temporais discretos con entidades históricas dotadas dunha existencia real e efectiva (p.e. *fratín*), bótase de ver que estaríamos a «idealizar» a realidade lingüística en tanto que estaríamos a transformar unha abstracción teórica elaborada cun propósito analítico concreto nunha lingua real e efectiva (ao cabo, nunha lingua no sentido máis habitual do termo)<sup>190</sup>.

<sup>190</sup> Así acontece, por exemplo, con moitos dos lingüistas españois (p.e. Salvador 1987: 57, López García 2009: 103) cando fan referencia á lingua galego-portuguesa ou galego-portugués ou, mesmo, ao propio español (López García 2007a: 65).



Evidentemente, con isto non estamos a afirmar que etiquetas como «galego», «galego antigo», «galego-portugués», «galego medio», etc., e, por extensión, todas as denominacións semellantes (p.e. «inglés», «inglés antigo», etc.) en referencia a períodos cronolóxicos concretos (p.e. o inglés desde o ano 700 d. C. até a actualidade), sexan epígrafes atribuíbles unicamente á imaxinación dos lingüistas e sen xustificación teórica e metodolóxica ningunha.

Máis ben desexamos pór de relevo que, desde o punto de vista da sociolingüística histórica<sup>191</sup>, algunhas destas etiquetas (p.e. inglés, español, alemán, etc.) aluden tanto a un conxunto de trazos lingüísticos constantes entre dous puntos temporais discretos (isto é, a factores lingüísticos) como á innegable realidade de que, por moito que puidesen mudar esas variedades lingüísticas concretas entre dous puntos temporais discretos convencionalmente fixados por mor da acumulación constante de pequenos cambios lingüísticos, desde a perspectiva dos falantes (Langer e Nesse 2012: 616), as modalidades lingüísticas respectivas non se fragmentaron, en sincronía, en unidades lingüísticas xeograficamente máis localizadas (p.e. español peninsular e español americano), e, en diacronía, en dúas linguas: unha anterior e outra posterior (p.e. anglosaxón e inglés).

Precisamente, os amentados sociolingüistas insisten no matiz de que, por moi acelerado que puidese ser o ritmo de cambio lingüístico entre dous puntos temporais discretos relativamente próximos dun *continuum lingüístico histórico* dado (p.e. no inglés desde o ano 1500 até 1700)<sup>192</sup> e, xa que logo, por moi marcada que fose a transformación global dunha variedade lingüística desde as súas orixes convencionalmente fixadas até o momento presente (p.e. no inglés), os factores extralingüísticos determinarán se emerxeu, ou non, un novo idioma en diacronía (Wright 2012: 566). Daquela, un idioma concreto, en contra da visión subxacente á lingüística histórico-comparativa decimonónica e á EFE, conservará (p.e. o inglés), ou non (p.e. o latín), a súa unidade lingüística orixinal ao longo das sucesivas xeracións interpostas de falantes entre o «pasado» e o «presente» en función de factores extralingüísticos.

En opinión destes e doutros investigadores (Milroy 1992: 182-185, 1993a: 221-234; Milroy e Milroy 1997a: 204), se as circunstancias políticas, económicas, culturais, etc., favorecesen a propagación das innovacións lingüísticas producidas nun falante concreto e nun momento determinado ao

<sup>191</sup> En concreto, na visión de Janda e Joseph (2003), Langer e Nesse (2012), O´Shannessy (2011) e Wright (2012).

<sup>192</sup> De feito, o amoreamento de cambios lingüísticos que se produciu en inglés durante o *Great Vowel Shift* (isto é, entre 1500 e 1700, aproximadamente) non trouxo consigo a ruptura da unidade lingüística orixinal.

resto de falantes (ao cabo, ao conxunto da súa comunidade lingüística), sería perfectamente posible que se conservase a unidade lingüística orixinal.

Conque, desde unha perspectiva sociolingüística atenta á visión das sucesivas xeracións de falantes verbo das variedades lingüísticas propias e alleas, cómpre pór a lupa sobre o feito de que, entre unha «lingua nai» e unha «lingua filla»<sup>193</sup>, ademais dun amoreamento de cambios lingüísticos nun período de tempo relativamente breve, emerxe, entre os falantes da comunidade respectiva, ao longo dun ciclo temporal máis ou menos dilatado, unha consciencia idiomática diferenciada (isto é, a percepción de que se fala un idioma propio ou, dito doutro xeito, xa non hai consciencia de que se fala «mal» unha lingua *X* anterior) e un glosónimo propio (Bagno 2011: 371-373)<sup>194</sup>.

No parecer da SLT, a emerxencia dun novo idioma (p.e. o francés) implica un longo proceso non só lingüístico ao longo do cal, na comunidade lingüística respectiva, xorde progresivamente unha consciencia de identidade nacional diferenciada en relación dialéctica bidireccional constante coa percepción de que se está a falar un idioma diferenciado (total ou parcialmente) tanto verbo do resto de idiomas da contorna como verbo do(s) seu(s) respectivo(s) ascendente(s) lingüístico(s).

Chegados a este punto da nosa argumentación, cremos que xa advertimos mellor a natureza convencional das liñas discretas trazadas sobre calquera *continuum lingüístico histórico* (mesmo entre a obsolescencia dun «vello» idioma e a emerxencia dun «novo» idioma). Ao xuízo da SLT, a emerxencia efectiva dunha nova lingua a partir do «magma» dunha realidade lingüística non discreta no plano temporal, espacial e social esixe que a comunidade lingüística implicada dea en pensar na(s) súa(s) propia(s) fala(s) como unha lingua de seu e que, por conseguinte, inicie, moi devagariño, un proceso de construción dunha variedade modelo autónoma e propia<sup>195</sup>.

<sup>193</sup> Como podemos comprobar en Salvador (1987: 74) entre os lingüistas españois non era estraño falar de «linguas nais» e «linguas fillas»: «Se piensa que en la lengua hija se va a reproducir el proceso sufrido por la lengua madre y el español, en su expansión y diversificación dialectal, se convertirá para los romanistas en vivo trasunto de lo que fue el latín vulgar rastreado por ellos en los textos».

<sup>194</sup> Sen dúbida, o acto de darlle nome a unha lingua é un feito esencial pois, como afirma Allan Bell (2014: 4): «Naming a language, then, is as very social, very political matter».

<sup>195</sup> A este respecto, López García (2000: 142-143) escribe: «se hablaba ya romance en el siglo IV, en el VI, el VIII, en el XI? Pero este planteamiento es absurdo: sin textos escritos susceptibles de determinar una conciencia idiomática, la gente del pueblo no sabe lo que habla, tan sólo que habla mal o que su lengua es vulgar. Por ejemplo, en la Baja Ribagorza occidental, territorio aragonés donde se habla una variedad fronteriza del catalán, las encuestas dialectales revelan que para la gente mayor de 45 años (esto es, para los que no fueron escolarizados en la España de las autonomías), *hablá ben* o *hablá fino* es hablar castellano y *hablá basto* o *hablá mal* es practicar su propia modalidad dialectal, sin que para ellos haya conciencia clara de que se trata de lenguas distintas. Algo parecido debió suceder sin duda en Hispania durante los siglos VIII-IX cuando el pueblo enfrentaba los textos de

Así pois, se a emerxencia dunha lingua non depende tanto de factores lingüísticos como de condicionantes extralingüísticos (sociais, políticos, económicos, culturais, relixiosos etc.) e se, á derradeira, de acordo co enfoque da sociolingüística histórica<sup>196</sup>, a saliencia dunha identidade diferenciada e dunha consciencia idiomática singular son dous procesos en relación dialéctica bidireccional constante, os lingüistas non poderían, en por si, sen ter en conta os falantes e en atención a criterios exclusivamente lingüísticos, determinar se emerxeu (p.e. o español), ou non (p.e. o asturiano), unha lingua ou, dito doutro xeito, se un idioma concreto segue a ser, ou non (p.e. o aragonés), un dialecto (histórico-xenético, arcaico, etc.) dun idioma anterior.

Neste sentido, como observa Carmel O´shannessy (2011: 94), a opinión dos falantes sobre se a súa propia variedade lingüística segue a ser, ou non, a «mesma lingua» (ou, dito doutro xeito, se aínda é un dialecto histórico-xenético dunha lingua anterior ou xa é unha lingua de seu), debería contar moito en lingüística en tanto que, de non ser así, á parte de que estaríamos a atender unicamente a unha parte da realidade lingüística (isto é, a criterios exclusivamente lingüísticos), obviaríamos fenómenos de tanto calado como a existencia, ou non, dunha consciencia idiomática, dun glosónimo propio e dun proceso incipiente de estandarización.

En reforzo deste último argumento, deberíamos lembrar que foi a propia lingüística histórico-comparativa decimonónica quen lexitimou implicitamente o criterio dos falantes no labor de individualización de linguas en diacronía. Por exemplo, con independencia de que as modalidades medieval e moderna de certos idiomas (p.e. do inglés) ou dalgún *continuum lingüístico histórico* (p.e. entre noruegués antigo e islandés moderno) puidesen estar tan distanciadas ou tan achegadas estruturalmente unha da outra como para que puidesen pasar por dúas linguas (no caso do inglés) ou por unha soa lingua (noruegués antigo e islandés moderno), a lingüística histórico-comparativa deu por sentado que estaba ante unha soa lingua (no caso do inglés) ou ante dúas linguas (no caso do noruegués antigo e islandés moderno) segundo as sucesivas xeracións de falantes interpostas entre pasado e presente ditaminaran nun ou noutro sentido<sup>197</sup>.

---

los clérigos y de los notarios a su propia variedad lingüística: aunque probablemente ya había nacido el romance como lengua distinta del latín, es dudoso que esas personas fueran conscientes de ello». Nunha liña semellante Francisco García González (1999: 354) asegura que: «Los indígenas peninsulares del primer milenio, más o menos, creían que hablaban latín. Si así lo creían así era».

<sup>196</sup> Nomeadamente, Conde Silvestre (2007: 312), Jones e Singh (2005: 74-77), Langer e Nesse (2012: 620).

<sup>197</sup> Segundo Langer e Nesse (2012: 609), se ben, desde un punto de vista estritamente lingüístico, o noruegués antigo está comparativamente moito máis cerca do islandés moderno do que está do pro-

Xa que logo, como veremos a seguir máis polo miúdo, nin unha elevada desemeallanza lingüística no eixe diacrónico (p.e. entre inglés antigo e inglés moderno) garante a xerarquía de lingua, nin unha elevada semellanza lingüística neste mesmo eixe (p.e. entre noruegués antigo e islandés moderno) nega automaticamente tal condición. Velaí, outra proba irrefutable do proceder convencional da lingüística histórico-comparativa decimonónica e da EFE dado que sempre asociaron, de modo semellante ao acontecido en sincronía, unha elevada desemeallanza lingüística en diacronía coa xerarquía de lingua e ao contrario (Finbow 2011: 95).

No caso concreto da lingua inglesa, malia que, como salienta John H. McWhorter (2003: 33-37), o nivel de distancia lingüística entre o inglés antigo e o inglés moderno sexa equiparable (ou, mesmo, superior) ao grao de desemeallanza lingüística existente entre as modernas variedades estándar do inglés e do alemán, a lingüística histórico-comparativa sempre tivo claro que o devandito *continuum lingüístico histórico* conformaba unha mesma e única unidade lingüística temporal (ao cabo, unha soa lingua)<sup>198</sup>.

Precisamente, en atención á elevada distancia lingüística e inintelixibilidade que media entre o inglés antigo e o inglés moderno, outros investigadores (Lightfoot 1999: 1-2 e Schendl 2001: 3-5) puntualizan que, desde un punto de vista estritamente lingüístico, estaría perfectamente xustificoado que segmentásemos o *continuum lingüístico histórico* deste idioma en dúas linguas consecutivas (chamadas, por exemplo, anglosaxón e inglés)<sup>199</sup>. De feito, en opinión destes mesmos especialistas, abondaría cunha comparativa superficial dun texto escrito no inglés do século IX con outro escrito en inglés moderno para confirmar a pertinencia da afirmación anterior.

Tamén, coa intención de xustificar a posibilidade dunha segmentación do *continuum lingüístico histórico* do inglés en dúas linguas diferentes e consecutivas desde un punto de vista estritamente lingüístico, os lingüistas (p.e. McWhorter 2003: 36) aluden ás dificultades dun falante de inglés moderno

---

pio noruegués moderno por mor da influencia do alemán neste último, mentres os actuais falantes do noruegués antigo en Islandia chaman ao seu idioma islandés, pola contra, os modernos usuarios do noruegués antigo en Noruega conservaron o nome orixinal.

<sup>198</sup> Verbo do español, Moreno Cabrera (2011: 195) afirma: «El castellano antiguo es muy distinto del castellano moderno, pero los cambios que han ido produciéndose a lo largo de los siglos no han sido realizados de modo consciente por los hablantes, ni han sido dirigidos por institución oficial alguna».

<sup>199</sup> Segundo O´Shannessy (2011: 94), algo moi similar aconteceu en Australia cos chamados tiwi moderno e tiwi tradicional. Malia que as notables diferenzas entre un e outro por mor da influencia do Kriol (un crioulo de Australia) e do inglés sobre o tiwi moderno xustificarian que, desde un enfoque estritamente histórico-lingüístico, falásemos de dúas linguas independentes e sucesivas, os propios falantes sempre contemplaron unha e outra fala como dúas etapas históricas sucesivas da súa lingua.

para recoñecer unha versión do *Noso Pai* no inglés do ano 1000 d. C. como un texto redactado no seu propio idioma<sup>200</sup>.

Secasí, con esta nosa argumentación, tan só pretendemos deixar constancia de que, se, por exemplo, un falante de inglés moderno decidise ler tres textos escritos, respectivamente, no inglés dos séculos XVI (p.e. un fragmento do *Soño dunha noite de verán*), XIV (p.e. unha pasaxe dos *Contos de Canterbury*) e IX<sup>201</sup>, ese mesmo lector, como salienta David Lightfoot (1992: 2), antes ou despois, non podería evitar a sensación de que xa non está a ler no seu propio idioma.

Neste sentido, bótase de ver que, cando presentamos un texto escrito no castelán antigo como unha versión inicial do español estándar moderno, alén de que estamos a obviar as moitas diferenzas lingüísticas existentes entre aquela e estoutra variedade sincrónica do español e de que estamos a focalizar, case exclusivamente, sobre os trazos lingüísticos constantes nese *continuum lingüístico histórico*, tamén estamos a ter moi en conta que as sucesivas xeracións de falantes intercaladas entre aquel pasado e este presente coincidiron na percepción de si mesmas como falantes dunha mesma lingua e como integrantes dunha mesma nación. Sen dúbida, esta sensación de vello de pertenza a unha mesma nación, como nos comentan Nils Langer e Agnete Nesse (2012: 620), explica que o discurso elitista (tamén da EFE), remonte a orixe das súas linguas respectivas máis alá (p.e. até o século IX) do que sería máis acaído deste un punto de vista estritamente lingüístico (p.e. ao século XVI).

Agora ben, se obviásemos, por completo, a percepción das xeracións de falantes entremedias de dous puntos temporais discretos convencionalmente fixados (isto é, se só tivéssemos en conta criterios lingüísticos), poderíamos

<sup>200</sup> De seguro, estas dúbidas serían moito máis intensas se lésemos en voz alta este mesmo texto. Xustamente, no tocante a esta cuestión, Schendl (2001: 4) asegura, abertamente, que un texto en inglés do século IX sería totalmente incomprendible para un lector moderno. Na mesma liña Tejada Caller (1999: 60) afirma: «No siempre es fácil saber si lo que denominamos inglés antiguo, inglés medio, inglés moderno e inglés contemporáneo constituyen efectivamente etapas sucesivas de una misma lengua o si estamos ante lenguas distintas. [...] Es decir, la continuidad de una lengua viene dada fundamentalmente por razones políticas y culturales de la comunidad a la que sirve. La historia del inglés ha querido ser, sin duda, la historia del pueblo británico. Con todo, el mantenimiento del inglés a través de diferentes períodos de tiempo no garantiza en absoluto la proximidad tipológica entre unos y otros». Por último, no roncel desta última investigadora, Moreno Cabrera (2000: 34) opina que: «Es evidente que el micénico es una lengua distinta del griego moderno, aunque, demostrablemente, ambas están estrechamente emparentadas. Que hablemos de una lengua que pasa a través de una serie de fases históricas o de diversas lenguas que se suceden en el tiempo, es una cuestión de enfoque de objeto de estudio y de consideraciones históricas, más que una propiedad intrínseca de objeto de estudio».

<sup>201</sup> Lémbrese que Lightfoot (1999: 1-2) e Schendl (2001: 3-4) levaron a efecto este «experimento».

argumentar que o castelán antigo e o español moderno (o mesmo acontecía co alemán antigo e o alemán moderno; Langer e Nesse 2012: 620) son un mesmo (dia)sistema lingüístico (histórico) ou ao contrario (é dicir, son dúas linguas independentes por mor da notable distancia interlingüística e inintelixibilidade que media entre eles). Pola mesma, poderíamos conxecturar que, por exemplo, o latín clásico e o francés/aragonés modernos son dúas etapas consecutivas dunha mesma lingua chamada *fratín/aratín* (en atención ao *continuum lingüístico histórico* que se estende entre os tres idiomas) ou ao revés (consonte a distancia lingüística en diacronía). Por último, así mesmo poderíamos defender que o noruegués antigo e o islandés moderno son, ben dúas etapas históricas dunha mesma lingua (en atención a intensa semellanza lingüística entre ambos os dous idiomas), ben dúas linguas diferentes se nos fixamos exclusivamente nos cambios lingüísticos entre unha e outra.

A maiores, se retomásemos agora o mencionado traballo de Pilar Vázquez Cuesta (1987a, 1987b), non hai dúbida de que, do mesmo xeito que, en atención aos trazos lingüísticos constantes desde os séculos VIII/IX até a actualidade, sería completamente xustificable que falásemos dun (dia)sistema lingüístico galego-portugués (se queremos, dunha lingua galego-portuguesa ou dun idioma galego-portugués), así tamén, de atendermos nomeadamente aos cambios lingüísticos, cabe conxecturar que o galego do século XII (é igual como lle chamemos: galego-portugués ou portugués) e o galego moderno son dous idiomas mutuamente independentes.

Obviamente, se, con criterios exclusivamente lingüísticos, podemos concluir que o galego medieval e o galego moderno son unha mesma lingua ou linguas diferentes e, mesmo, que o latín e o galego son unha mesma lingua (daquela, o galego, sería, no mellor dos casos, un *dialecto arcaico*) ou dúas linguas mutuamente independentes, de certo, de aplicarmos esta mesma argumentación a calquera dos restantes idiomas neolatinos modernos, sería posible conxecturar que cada un destes idiomas é un dialecto histórico-xenéutico, un dialecto arcaico, etc., do latín (interesadamente, así aconteceu tamén co aragonés, asturiano e leonés) ou, pola contra, unha lingua de seu (interesadamente, así sucedeu co español).

Agora ben, con independencia de que a lectura en voz alta dun texto escrito no galego do século XIII puidese espertar un certo pasmo entre os falantes de galego moderno e fóra de que, en estrita coherencia cos principios programáticos da propia lingüística histórico-comparativa decimonónica, de focalizarmos unicamente sobre os cambios lingüísticos, fose posible razoar que o galego medieval e o galego moderno son dúas linguas diferentes, a sociolingüística histórica, pois prima os falantes sobre os sistemas lingüísti-

cos (p.e Milroy 1992, 2012; Mufwene 2008), non insistiría tanto nos aspectos exclusivamente lingüísticos como nos factores sociais.

En concreto, a sociolingüística histórica pon a lupa sobre a realidade de que, de acordo co principio de *continuidade diverxente* ao longo do tempo (Laks 2008: 162), as circunstancias extralingüísticas (políticas, económicas, sociais, culturais, etc.) imperantes en Galicia entre a segunda metade do século XVIII e a segunda metade do século XIX foron claves para que xermolara, na comunidade lingüística galega, unha certa consciencia de posesión dunha lingua de seu e, xa que logo, un glosónimo específico. Xustamente, co ánimo de focalizar esa identidade lingüística inicialmente difusa, unha minoría cultural emprendeu un longo proceso de estandarización co obxectivo de construír unha variedade modelo quen de subordinar normativa e funcionalmente o conxunto de falas populares consideradas parte do «galego» e, xa que logo, quen de funcionar como a marca máis conspicua dunha identidade nacional e lingüística diferenciada.

Correlativamente, a sociolingüística histórica tamén destacaría a realidade de que, con anterioridade (como pouco, desde os séculos XV e XVI), en consonancia coas circunstancias políticas, económicas, sociais e culturais vixentes en Portugal desde finais da Idade Media (non antes do século XIII), unha pequena elite intelectual deste país comezou a adquirir consciencia da súa variedade lingüística como lingua de seu verbo do latín e dos idiomas da contorna e, por conseguinte, esta mesma minoría iniciou un lento camiño de construción dunha variedade de referencia propia e autónoma para a súa comunidade lingüística.

Avaliada deste xeito a emerxencia dun idioma como consecuencia dunhas circunstancias políticas, económicas, sociais, culturais, etc., exclusivas e peculiares para cada caso concreto, non hai dúbida de que, cando procuramos as orixes históricas dunha determinada variedade lingüística sobre a base de criterios exclusivamente lingüísticos, estamos a operar sempre dun xeito ben convencional e ideolóxico. Por outra banda, cómpre ter en conta que, por moita información lingüística que tivésemos sobre o devir histórico desta ou daqueloutra variedade lingüística e por moito que afinásemos na valoración dos datos lingüísticos obxectivos tirados da documentación medieval, sempre sería posible, con idénticos datos, chegar a conclusións parcialmente diverxentes ou, mesmo, abertamente contrarias.

Evidentemente, segundo este punto de vista, dado que a emerxencia dunha lingua fica inextricabilmente ligada á emersión dunha consciencia nacional diferenciada e viceversa, non é de estrañar que o discurso elitista retrotraera a suposta Hora Cero das súas respectivas linguas até o momento

en que os correspondentes historiadores situaran a orixe mítica das súas nacións (polo xeral, até o século IX ou X; Langer e Nesse 2012: 616).

Precisamente, tocante a isto último non deberíamos pasar por alto que, así como somos conscientes do nivel teórico en que nos moveríamos se afirmásemos que as parellas latín/francés, latín/español, latín/portugués, etc., son etapas consecutivas dunha mesma lingua, así tamén deberíamos ter consciencia de que, cando retrotraemos as orixes de todas as devanditas linguas románicas até o século IX, estamos a operar, outra volta, nun plano teórico e ideolóxico cuxa preocupación esencial sería dotar aos idiomas e ás nacións correspondentes dunha tradición histórica o máis antiga posible.

Certamente, malia que, desde un punto de vista exclusivamente lingüístico (McWhorter 2003: 18-36), estivese perfectamente xustificado que, co ánimo de evidenciar o parentesco xenético existente entre o latín e calquera das linguas románicas modernas peninsulares (p.e. entre o latín e asturiano-leonés-mirandés/galego/portugués, etc.), elaborásemos un construto teórico-metodolóxico *ad hoc*, os lingüistas, unha vez emprazados nese plano estritamente teórico, nunca deberían perder de vista que están a traballar cunha abstracción teórica cuxo elevado nivel de idealización non exclúe a posibilidade de que, co paso do tempo, emerxeran unha ou varias linguas reais e efectivas (no caso anterior, cando menos, asturiano, leonés, mirandés, galego e portugués).

Tocante a isto último, como subliña John H. McWhorter (2003: 18-36), debemos ter en conta que, se ben os cambios lingüísticos son pertinentes, ou non, no papel de «marcas» ou «fronteiras» entre linguas en función de factores extralingüísticos, polo xeral, a lingüística histórico-comparativa decimonónica e estruturalista obviou a natureza determinante dos factores extralingüísticos (políticos, económicos, sociais, culturais, etc.) no tocante aos procesos de obsolescencia e emerxencia das linguas.

Xustamente, en consonancia cos especialistas xa mencionados, José Joaquín Montes Giraldo (1995: 33) subliña que a lingüística histórico-comparativa non se decatou do seguinte: se os cambios lingüísticos se propagasen a toda unha comunidade lingüística a través das sucesivas xeracións de falantes ao mantérense o contacto comunicativo entre eles, por moito que esa mesma variedade lingüística cambiara entre dous puntos temporais discretos (p.e. o latín occidental entre os anos 400 d. C. e 800 d. C.; Wright 2012: 559), en sincronía, conservariamos máis ou menos intacta a unidade lingüística orixinal, e, en diacronía, non emerxería unha nova variedade lingüística a partir do «magma» dunha ou varias variedades lingüísticas precedentes.

Precisamente, se esta fose a historia do latín ate a actualidade (Wright 2012: 560), do mesmo xeito que actualmente non habería un idioma asturiano,



leonés, mirandés, aragonés, galego, etc. (seguirían a ser, como moito, variación lingüística dentro dun mesmo «latín multivariable»; Wright 2012: 562), tampouco habería unha lingua española, francesa, portuguesa, etc.

Xa que logo, como tamén nos comenta J. K. Chambers (2002a: 367-370), a simple acumulación de cambios lingüísticos (dito doutro xeito, a distancia lingüística en diacronía) entre dous puntos temporais discretos dun *continuum lingüístico histórico* dado, ao contrario do que daba a entender a lingüística histórico-comparativa decimonónica, non abonda, en por si, para que, pasado un certo tempo, emerxa un «novo» idioma<sup>202</sup>.

Desde este punto de vista, se aceptamos tanto que os cambios lingüísticos teñen unha causa social como que a propia acumulación de cambios lingüísticos nun período de tempo comparativamente breve ten que ver coa, con palabras de Salikoko S. Mufwene (2008: 11), ecoloxía sociolingüística, ten sentido que insistamos na convicción de que os lingüistas teñen que ter en conta os factores sociais (nomeadamente, a visión dos falantes sobre as súas propias falas) á hora de individualizar linguas no plano diacrónico.

Sexa como for, en contra da opinión da lingüística histórico-comparativa decimonónica e da lingüística estruturalista, bótase de ver que a percepción das sucesivas xeracións de falantes verbo das súas propias variedades lingüísticas, cando menos, debería de terse en conta á hora de ditaminar se unha variedade lingüística concreta segue a ser, ou non, dialecto (histórico-xenético) dunha lingua (ou protolingua) anterior.

Agora ben, se até agora investigamos os erros técnicos en que caeu a EFE na súa posta en efecto do criterio histórico-xenético por mor do seu excesivo apego ao pensamento lingüístico da lingüística histórico-comparativa decimonónica e, xa que logo, por cousa da súa esaxerada ancoraxe na visión das linguas como realidades estáticas, cómpre que analicemos a seguir as razóns de fondo e as consecuencias de semellante proceder pois é evidente que estes lingüistas elevaron até o paroxismo o principio de que «O que unha vez foi lingua/dialecto, sempre será lingua/dialecto» ao fosilizaren os idiomas periféricos do estado español na condición de dialectos (nominalmente, histórico-xenéticos).

Ao noso xuízo, a devandita hipérbole da visión medieval e renacentista das linguas como realidades estáticas tivo causas endóxenas e esóxenas á propia EFE. Entre as primeiras, cómpre mencionar o sempiterno conflito

<sup>202</sup> Implicitamente, Salvador (1987: 85) recoñeceu esta realidade cando afirmou: «Volviendo la mirada al pasado imaginen que el latín hubiera evolucionado sin ruptura y que hoy se hablara la misma lengua desde el Mar Negro hasta el cabo San Vicente y desde el río Grande hasta el cabo de Hornos».

entre ciencia e ideoloxía. Entre as segundas, a propia historia intelectual da lingüística histórico-comparativa decimonónica.

Tocante ás razóns internas vaia por diante que, se o criterio histórico-xenético clasificaba «tecnicamente» os máis dos idiomas periféricos do estado español como dialectos (histórico-xenéticos) e unicamente o español como lingua (histórica, natural) inequívoca, a EFE estaría particularmente interesada na esaxeración da antedita taxonomía pola vía da súa fosilización en tanto que, deste xeito, o encaixe ideal entre ciencia e ideoloxía encarnado na anterior clasificación a ollos destes lingüistas daría nunha xerarquía atemporal. Certamente, unha vez reformuladas as etiquetas de lingua e dialecto ao xeito de símbolos ben conspicuos da natureza inmutable dos seus correspondentes idiomas, uns (o español) e outros (os idiomas periféricos) ficaron inmovilizados no rol de realidades «vivas» e «pétreas», respectivamente, e, daquela, ciencia e ideoloxía coincidirían por sempre na visión de que, en sentido estrito, unicamente o español era lingua inequívoca.

Por suposto, pois, de resultas, ficaba resolto de vez o debate entre ciencia e ideoloxía no sentido de que a EFE deu a súa apriorística clasificación ideolóxica da diversidade lingüística do estado español a aparencia dunha taxonomía eterna e inmutable, calquera proposta encamiñada á posible ruptura dese ideal equilibrio (p.e. unha variedade estándar para o asturiano) desencadeou o discurso de retruque desta escola da lingüística española. Ao noso xuízo, velaí a razón última do vehemente discurso da EFE en contra da reivindicación da categoría de linguas e dunha variedade estándar para os idiomas periféricos do estado español: a defensa da condición de linguas *in spe* destas falas (p.e. do asturiano) viña crebar o perfecto encaixe entre ciencia e ideoloxía.

Por súa vez, no que toca as causas que teñen que ver coa lingüística histórico-comparativa decimonónica deberíamos intentar responder á seguinte pregunta: como foi posible que os lingüistas do XIX viñeran reforzar aínda máis a visión medieval e renacentista das linguas como realidades estáticas se, paradoxalmente, estes gramáticos centraran o seu foco de atención no cambio lingüístico? No noso parecer, a resposta debería ter en conta estas tres variables.

En primeiro lugar, convén lembrar que, en opinión de Anna Morpurgo Davies (1998: 13-15), os neogramáticos da segunda metade do século XIX non dubidaron en presentar os seus colegas da primeira metade de século como os primeiros que facían ciencia lingüística no sentido máis estrito do termo e, por conseguinte, menosprezaron a maioría do saber gramatical precedente como simple especulación filosófica. Ora ben, dado que nin uns nin outros fixeran ciencia *ex nihilo* e, xa que logo, romperan totalmente cos prexuízos

lingüísticos do pasado (p.e. co enfoque do cambio lingüístico como corrupción; Aitchison 1980)<sup>203</sup>, non poucos destes mitos lingüísticos herdados da tradición lingüística medieval e renacentista (p.e. a mesma idea das linguas como realidades estáticas) pasaron á lingüística posterior baixo a auréola de «verdades científicas incontestables».

En segundo lugar, deberíamos ter presente que, segundo unha ampla nómina de investigadores<sup>204</sup>, os lingüistas decimonónicos adoitaban estudar a progresión temporal dos idiomas por medio da contraposición de dous ou máis estados lingüísticos discretos<sup>205</sup> e, deste xeito, consciente ou inconscientemente, directa ou indirectamente, deron a entender que, no lapso de tempo intermedio, as linguas eran algo semellante a «balsas de aceite».

Por último, sería mester ter en conta que, segundo os especialistas<sup>206</sup>, a lingüística histórico-comparativa tirou os seus datos nomeadamente dos textos escritos de carácter formal anteriores ao século XIX<sup>207</sup>. Estes, ademais de que eran restos dun *corpus* textual moito máis amplo (diarios, cartas persoais, etc.) circunscritos ás prácticas lingüísticas dunha clase social moi concreta, ofrecían exclusivamente o pasado das grandes variedades estándar europeas tal e como este ficara fosilizado naquel momento. Ademais (Chambers 2002a: 356, Britain 2012: 456-459), no caso de que estes textos ofreceran a posibilidade de comparar formas gráficas diverxentes para unha mesma palabra, estes lingüistas nin sequera repararon na posibilidade de que os documentos históricos estivesen a recoller o cambio lingüístico en progreso baixo a forma de dúas variantes lingüísticas coexistentes mentres unha delas non se impuxera sobre a outra.

Ao cabo, visto que a lingüística decimonónica exploraba os estados lingüísticos sincrónicos pasados (polo xeral, iniciais) dunha determinada varie-

<sup>203</sup> Precisamente, en Salvador (2007b: 54-55) lemos: «Lamenté no haber encendido el televisor la noche antes, porque esas y otras perlas análogas no me hubieran faltado y hubiese tenido testimonio reciente e incontrovertible para explicarle al periodista entrevistador desde dónde se corrompe el idioma».

<sup>204</sup> De acordo con Chambers (1995: 185-187, 2002a: 355), Janda e Joseph (2003: 13) e Milroy (1992: 3, 45-47).

<sup>205</sup> A este respecto, Alvar (1978a: 31, 1982: 96) afirmaba que: «Ahora bien, para comprender la relación entre dos formas (hecho básico en los estudios dialectales) hay que recurrir a los conceptos saussureanos de diacronía y sincronía en los que implícitos figuran los de estado anterior (oposición de dos unidades diferenciales que se condicionan recíprocamente) y estado ulterior (cooposición de unidades nuevas que vienen a sustituir a las antiguas).

<sup>206</sup> Nomeadamente, Almeida (1999: 164), Britain (2012: 456), Chambers (2002a: 356), Farrar e Jones 2002, Lightfoot (1999: 8-9), Milroy (1992: 45, 1993b: 148) e Schendl (2001: 12-14).

<sup>207</sup> Sobre isto, Alvar (1978a: 29, 1982: 93) afirma: «Ni Grimm en la germanística, ni Díez en el romanismo, fueron otra cosa que filólogos, ya que todos sus estudios se basaron en textos literarios, con absoluto descuido de las hablas vivas».

dade lingüística moderna (en realidade, dunha das grandes variedades estándar actuais con millóns de falantes), esta corrente facía, máis que lingüística diacrónica en sentido estrito (isto é, lingüística a través do tempo), «sincronía do pasado».

En resumo, os lingüistas do XIX, malia que, en aparencia, romperan co enfoque das linguas como entidades estáticas, mantiveron, no fondo, esa secular imaxe e, por conseguinte, a idea do cambio lingüístico como un fenómeno anormal, estraño e corruptor das linguas. Xa que logo, estes lingüistas partillaron o enfoque medieval e renacentista da transformación das linguas como un fenómeno de constante corrupción desde un immaculado estado lingüístico orixinal localizado nunha mítica Idade de Ouro.

Con todo, por se puidese ficar algunha dúbida con respecto á permanencia da visión estática medieval e renacentista das linguas no pensamento da lingüística histórico-comparativa decimonónica e para termos unha idea máis aproximada da súa exacerbación pola EFE, gustaríanos, agora, cederlle a palabra a José Joaquín Montes Giraldo (1980: 240):

No parece ningún despropósito caracterizar el abusivo universalismo a que se ha hecho referencia, como una supervivencia del concepto medieval de una realidad estática, congelada, en la que no cabe la variación, o si se acepta es como aberración ou corrupción. Es, en los términos de Humboldt, el *εργον* que desplaza completamente a la *ευεργεια*.

Por todo o anterior, a SLT ten moi claro que unha cousa é clasificar unha determinada variedade lingüística como dialecto histórico-xenético (p.e. o galego, asturiano, leonés, etc.) dun idioma precedente ou como lingua (p.e. ao occitano) e outra ben diferente pensar que ese mesmo idioma, con independencia dos acontecementos sociais, políticos, económicos e culturais posteriores en que se vexa inmerso, teña que permanecer, por sempre, nesa clasificación orixinal pois é evidente que os idiomas non son realidades estáticas senón dinámicas.

Sen dúbida, de non recoñecermos a opción de que un dialecto poida devir en lingua (nunha liña ascendente) e viceversa (nunha liña descendente: de lingua a dialecto) en función das circunstancias sociopolíticas, económicas, culturais, históricas, etc., que enmarquen ese idioma ao longo da súa historia, estaremos a asumir acriticamente, en opinión da SLT, os principios de: «Once a dialect, always a dialect/Once a language, always a language» (Muljačić 1989a: 287, 1991a: 186) e, no parecer da SLC, a ideoloxía lingüística do monolingüismo subxacente ao devandito principio.

En concreto, no parecer da SLC, o criterio histórico-xenético opera ao servizo da ideoloxía do monolingüismo cando condena ás variedades lingüís-

ticas periféricas do estado español á condición perpetua de dialectos (nominalmente, histórico-xenéticos) dun idioma anterior coa coartada discursiva de que esa é a súa clasificación «técnica». No parecer da SLC, a EFE, cando argumenta deste xeito, procura a minorización das variedades lingüísticas periféricas do estado español, a glorificación do español estándar e, por extensión, tanto o control xeopolítico dos grupos humanos asociados con esas falas como a salvagarda da unidade idiomática e territorial do idioma estatal.

Evidentemente, dado que o pasado histórico dunha variedade lingüística serve para xustificar todo (e, daquela, nada; Janda e Josep. 2003: 48) e visto que todas as variedades lingüísticas (actuais e pasadas), sen excepción, poderían ser etiquetadas como dialectos (histórico-estruturais) dalgún idioma anterior nun uso estritamente científico do criterio histórico-xenético, se ao español lle recoñecemos a capacidade de devir en lingua mais non ás variedades lingüísticas periféricas do estado español, bótase de ver que este criterio opera baixo o mandato da coherencia ideolóxica e non da coherencia científica.

Paralelamente, aos ollos da SLC, dado que o desexo de elevar as variedades lingüísticas periféricas tradicionalmente etiquetadas como dialectos históricos, arcaicos, etc., á xerarquía de linguas así como de elaborar unha variedade estándar autónoma e propia para cada un destes mesmos idiomas crebaría o encaixe perfecto entre ciencia e ideoloxía de que antes falabamos, velaí por que a EFE desenvolveu todo un discurso de desprestixio contra esta dobre pretensión co propósito de restaurar aquel suposto equilibrio natural.

Por outras palabras, o sometemento do criterio histórico-xenético á ideoloxía do monolingüismo aboia, claro e explícito, na EFE<sup>208</sup> cando os seus lingüistas arremeten contra o suposto «atávico» e «irracional» impulso localista que, no seu parecer, goberna tanto o desexo de elevar as diferentes variedades lingüísticas periféricas do estado español á xerarquía de linguas como a reivindicación dunha variedade estándar autónoma e propia para cada un destes mesmos idiomas. Non en poucas ocasións, coa desculpa de que as devanditas esixencias responden a unha ideoloxía localista e irracional, algúns lingüistas e intelectuais españois (Marcos-Marín e Miguel 2009: 91) reaccionaron vehementemente contra esa reclamación.

Para estes lingüistas, tal desexo, ademais dun proxecto consciente de destrución da orde de valores fixados por tradición histórica en tanto que o

<sup>208</sup> Por exemplo, en Alvar (1979: 24; 1982: 41, 55, 1990: 15, 1996a: 15), Salvador (1986a: 29, 1986b: 36, 50, 1987: 20-31, 101-102), González Salgado (2009: 352-353), Mendivil (2003/2004: 1432, 2007: 16-19, 2008: 4-6), Menéndez (2011a, 2011b e 2011c), Neira (1982: 71, 1986: 62, 74) e Turrión (2010: 57, 67).

decorrer «natural» da historia (isto é, mentres non houbo inxerencia dos lingüistas periféricos), ben xa lles negara a estas variedades lingüísticas a xerarquía de linguas (p.e. ao galego e ao vasco)<sup>209</sup>, ben xa as relegara á condición explícita de dialectos (p.e. no caso do aragonés, asturiano e leonés), encarna un acto de deslealdade lingüística<sup>210</sup>.

De acordo coa EFE (Salvador 1987: 37-38), fronte á «deslealdade lingüística normal» (un falante dun idioma dominado asume a súa respectiva lingua dominante), os lingüistas partidarios dos idiomas periféricos defenden unha «deslealdade lingüística anormal» (por irracional, atávica e idealista): a defensa dos idiomas pequenos fronte ás grandes linguas.

Segundo estes estudosos, como queira que os falantes das devanditas variedades lingüísticas xa escolleran «libremente» a rebaixa dos seus propios idiomas á condición histórica de dialectos por razóns de utilidade<sup>211</sup>, o interese de certos «grupos muy minoritarios» (Alvar 1979: 23-24, Buesa 1980: 49) por elevaren estas falas periféricas á xerarquía de linguas, en tanto que deriva dunha «activa vocación de destrucción» (Alvar 1982: 55) de orde política (autonomista, nacionalista ou secesionista)<sup>212</sup>, implica, ademais dun acto de deslealdade lingüística, unha aposta clara pola «anarquía» e pola subversión da «orde de valores» fixada pola tradición histórica (Alvar 1982: 55).

A hipótese de traballo segundo a cal o criterio histórico-xenético foi parte activa no discurso dominante ao servizo da ideoloxía do monolingüismo aínda cobra máis forza se lembramos que a EFE, alén de recoñecer, explícita (p.e. Alvar 1982: 91) ou implicitamente (Salvador 1987: 94), que a condición histórica de dialecto non impedira a determinadas variedades lingüísticas (p.e. as

<sup>209</sup> Para Salvador (1987: 21-23, 57, 98-99), a condición «natural» do idioma galego sería a categoría de dialecto (ben do portugués, ben do español).

<sup>210</sup> Así define Salvador (1986b: 35, 1987: 138) o concepto de *deslealdade lingüística*: «El término y concepto de deslealtad lingüística quien lo ha introducido he sido yo y fue aquí, en este mismo lugar, hace cinco años, en un simposio de la Sociedad Española de Lingüística. Y no, por descontado, para la deslealtad natural, la de la opción utilitaria, que en cualquier caso supone bilingüismo, sino para un curioso tipo que empezaba a darse con profusión en España y que se sigue dando, la del castellano-hablante monolingüe, en determinadas regiones, se siente inclinado a renegar de su lengua materna, única que posee, inventándose un supuesto desarraigo de otra lengua que nunca ha poseído». Este mesmo termo (e concepto) aparece tamén en Alvar (1982: 55) e Marcos-Marín e Miguel (2009: 31).

<sup>211</sup> En concreto, Alvar (1961: 60, 1979: 10, 1982: 45, 51, 55, 65, 77, 81, 82, 1990: 17), Buesa (1980: 42) e Salvador (2007b: 22).

<sup>212</sup> Nomeadamente, Alvar (1990: 13), Buesa (1980: 49), López García (2010b: 382), Lodaes (2002: 12, 200, 2005: 39, 62, 81), Marcos-Marín e Miguel (2009: 91, 240), Martín (1994: 348, 2003: 15, 31-32), Mendivil (2003/2004: 1441-1444, 2007: 18, 2008: 5), Menéndez (2011a, 2011 b, 2011c), Neira (1982: 70, 74, 82, 83, 90, 1986: 62, 74) e Salvador (1987: 100, 2007b: 97). Por máis detalle, así fala Neira (1986: 62) verbo do asturiano: «La moda del bable está en relación con un hecho político reciente: la creación del Estado de las Autonomías».

grandes linguas romances)<sup>213</sup> ascender á xerarquía inequívoca de lingua, tacitamente, tamén asumiron que a moderna condición de dialecto (p.e. do gascón) non exclúe, de vez, a posibilidade prospectiva de que un idioma acadase a xerarquía de lingua sempre e cando as circunstancias sociolingüísticas así o permitisen (Alvar 1961: 56, 1978a: 15, 1982: 61).

Evidentemente, temerosos de que, no marco político da descentralización autonómica dos anos oitenta (Neira 1986: 62), a base territorial e idiomática do español estándar puidese minguar proporcionalmente ao número de idiomas periféricos do estado español recoñecidos como linguas, estes lingüistas, á parte de relegar todos estes idiomas á condición de dialectos (histórico-xenéticos), negaron a súa capacidade potencial de deviren en linguas co argumento de que a historia (en realidade, as pretéritas xeracións de falantes) xa os fosilizara na condición de dialectos (primeiro do latín e, a seguir do castelán estándar ou doutros idiomas; Alvar 1961: 59-60, 1982: 65).

A ciencia certa, se aceptamos que uns idiomas, malia a súa condición pasada (p.e. o español) ou presente (p.e. o gascón) de dialectos (xa que logo, histórico-xenéticos e sincrónico-estruturais), poden devir en linguas de dárense as circunstancias sociolingüísticas oportunas e se, pola contra, negamos esa mesma potencialidade ás variedades lingüísticas periféricas do estado español con esta ou aqueloutra coartada discursiva, cabe afirmar que esta argumentación, en tanto que minoriza na condición de case-linguas unicamente ás variedades lingüísticas que se ven como unha ameaza potencial para a base territorial e idiomática do español estándar, pretende, outra volta, preservar o antedito suposto equilibrio natural entre ciencia e ideoloxía.

Ora ben, desde a perspectiva da SLC, cómpre pór de manifesto que o discurso elitista anterior só é factible co auxilio do enfoque presentista (se queremos, sincrónico e ahistórico) e apolítico habitual da lingüística desde as súas primeiras orixes<sup>214</sup>.

De acordo con Stephen May (2003: 125-138), o ocultamento do contexto sociopolítico histórico que relegou ás variedades lingüísticas periféricas á condición histórica e actual de dialectos, a hixienización ou simplificación do pasado das grandes nacións-estado como se estes fosen, desde as súas orixes

<sup>213</sup> No tocante ás orixes do español, o propio Alvar (1978a: 24, 1982: 91) escribe: «fue en su origen un dialecto de gentes ariscas que estaban constreñidas en una pequeña comarca, según los archisabidos versos del Poema de Fernán González». Tamén, verbo das orixes deste idioma, Henriette Walter (1994: 193-194) opina do seguinte xeito: «hasta mediados del siglo X, el castellano solo era uno más de los oscuros dialectos hablados en el norte de la Península, en una especie de provincia fronteriza fortificada situada en la cordillera Cantábrica, al este de León. Este origen se refleja en el propio nombre de Castilla, que procede del latín CASTELLUM, «castillo».

<sup>214</sup> De feito, en 1986, José Joaquín Montes Giraldo (1986: 34) falara de enfoque acrónico da lingüística.

máis remotas, estados monolingües e a noción da irreversibilidade dos feitos lingüísticos (isto é, o principio dos «feitos lingüísticos consumados») son os tres requilorios lingüístico-discursivos relacionados co criterio histórico-xenético con que os lingüistas españois lograron situar «máis alla de cualquier cuestionamiento» (Woolard 2007: 134) como unha «ideología del anonimato que permite consolidar la hegemonía ejercida por las lenguas mayoritarias» (Woolard 2007: 133) a súa convicción previa de que, se a historia elevou as variedades lingüísticas estatais á categoría inequívoca de linguas<sup>215</sup> e relegou ás restantes variedades lingüísticas ao estatuto de *case-linguas*, non ten sentido ningún pretender mudar esas asimetrías entre as variedades lingüísticas porque, ao cabo, «O feito, feito está».

De acordo coa doutrina oculta dos «feitos lingüísticos consumados»<sup>216</sup>, Alvar (1990: 25) asegura:

[...] hoy, como hace dos mil años, como hace muchos otros miles de años, coexisten variedades limitadas de comunicación, son los dialectos. Y no son limitados porque no valgan para todo, sino porque razones extralingüísticas han hecho que su actividad esté limitada, o razones lingüísticas que se incardinan en la capacidad de sus gentes, menor que la de otras para crear literatura: los ventidós jugadores que saltan a un campo de fútbol todos —teóricamente— son capaces de jugar, y juegan, pero non todos son igualmente afortunados. Las variedades menos afortunadas son los dialectos; las más son las lenguas.

Se ben é certo que, en contadas ocasións (p.e. Alvar 1978a: 25, 1979: 18, Buesa 1980: 49, De Cos 2010: 5)<sup>217</sup>, a EFE recoñeceu que «el cuidado y la vigilancia de una nación» (Alvar 1978a: 25, 1982: 92, 1996b: 7) sobre a(s) fala(s) do poder político estatal son as responsables da elevación desa(s) mesma(s)

<sup>215</sup> Por exemplo, Alvar (1961: 52, 60, 1979: 9, 18, 1982: 50, 65, 68, 1990: 25, 1996a: 192, 1996b: 7), Gimeno (2003/2004: 1278), Marcos-Marín e Miguel (2009: 98-101), Mendivil (2003/2004: 1430, 2007: 17, 2008: 5-6), Neira (1986: 73) e Salvador (1986b: 50, 1987).

<sup>216</sup> Como aseguran Alvar (1961: 56, 1979: 9, 24; 1982: 25, 51, 55), Buesa (1980: 43-50), Mendivil (2008: 5-6), Neira (1982: 29, 64, 65, 67 e 83, 1986: 73) e Salvador Plans (2014: 133).

<sup>217</sup> En Alvar (1979: 18) podemos ler: «desde una situación de igualdad dialectal (sistemas que proceden de una lengua común), se produce la discriminación (un dialecto se impone a los demás y alcanza la dignidad de lengua). Esta discriminación ha tenido multitud de fundamentos paralingüísticos que son los que ahora me interesan. El problema tiene motivación política: razones de hegemonía hicieron que el castellano se impusiera sobre el leonés o el aragonés. [...]. Entonces resulta que el concepto de Lengua se vincula estrechamente al de Estado; [...]. De cualquier modo, prestigio. Y el prestigio de una estructura acaba empobreciendo a las otras variedades (castellano con respecto a leonés o aragonés) o haciéndolas desaparecer (castellano frente a mozárabe o riojano), con lo que la lingüística termina yendo a remolque de la política, según se comprueba tanto en lo antiguo como en lo moderno».



variedade(s) lingüística(s) á xerarquía inequívoca de lingua, polo xeral<sup>218</sup>, estes investigadores, ademais de que non actuaron en coherencia científica co recoñecemento previo do carácter social, e non lingüístico, do prestixio (Milroy 2012: 572), deron a entender que a condición final de lingua ou dialecto para un idioma concreto era froito do azar histórico. Ao cabo, os falantes, en «liberdade» e en función dos seus intereses (p.e. Buesa 1980: 42, Neira 1982: 32, Salvador 1986a: 29, 1986b: 36, 1987: 135, 139)<sup>219</sup>, escollerían unha ou outra opción para as súas propias variedades lingüísticas.

A maiores, estes mesmos lingüistas hixienizaron (se queremos, simplificaron) o pasado lingüístico das súas respectivas nacións-estado no sentido de que deron por sentado non só que os seus estados-nación sempre camiñaran, sen conflito ningún, cara ao monolingüismo na variedade estándar estatal<sup>220</sup> senón tamén que, desde as súas orixes, sempre foran estados monolingües<sup>221</sup>.

Precisamente, en opinión de Joaquín Garrido (2007: 134-135), por mor desta visión do estado español como un territorio historicamente monolingüe, algúns lingüistas españois (concretamente, Salvador e Lodaes), conven-

<sup>218</sup> Neste mesmo traballo, Alvar (1979: 10) asegura: «Cada instrumento lingüístico es lo que quieren que sea sus propios hablantes, pero esos hablantes viven en una sociedad que a su vez se incrusta en otra más amplia y en otra y en otra... ¿Poder no es también una forma de querer?». Noutro traballo lemos (Alvar 1982: 82): «los hablantes eligieron un de esos dos vehículos expresivos para transmitirse, esto es, para realizarse como hombres. Y esa prioridad unas veces fue libremente reconocida, mientras que en otras se acató por razones de importancia política, que tuvieron que ver con la idea de Estado». Por último, Alvar (1990: 24) entende que: «[...] la lengua es un dialecto + n, y n son todas esas cosas que nosotros no podemos eliminar ni por decretos ni por me-da-la-real-gana; son las preferencias de unas sociedades que nos precedieron».

<sup>219</sup> Verbo desta cuestión, aínda que sen citar explicitamente a Alvar (1979: 17), Buesa (1980: 42) escribe: «Respecto a la imposición de una lengua sobre los dialectos, unos la considerarán como exigencia de la sociedad neocapitalista; otros pensarán que, sin pretensiones opresoras, los hablantes de las lenguas regionales y dialectos los están abandonando, convencidos de las ventajas y utilidad que les proporciona la lengua oficial, como el ruso en las repúblicas de la Unión Soviética».

<sup>220</sup> En concreto, Alvar (1961: 60, 1979: 10-20, 1982: 65, 1996b: 6), Buesa (1980: 47) e Lodaes (2005: 68).

<sup>221</sup> Nomeadamente, Marcos-Marín e Miguel (2009: 53), Mendivil (2003/2004: 1440, 2007: 18, 2008: 6), Neira (1986: 63, 69) e Salvador (1986a: 24, 26, 28, 1987: 131, 133, 134). De feito, en Lodaes (2005: 68) lemos: «El español se difunde en la península non por mera presión legal —sin que se pueda decir que esta fuera nula (y, por supuesto, no lo fue)— sino, sobre todo, porque los hablantes de otras lenguas lo adoptan por necesidad, cosa comprensible si se considera que a finales del siglo XVI cuatro de cada cinco españoles se entendían en castellano». Pola súa banda, Marcos-Marín e Miguel (2009: 53) afirman que: «El edicto de Villers-Cotterêts, promulgado por Francisco I en 1539, hizo del francés la lengua oficial para los actos administrativos y judiciales. El español y el inglés estaban ya realmente establecidos en sus territorios; pero sin edictos ni decretos». Por último, anos antes, Neira (1982: 48) aseguraba que: «El castellano se convirtió de modo natural, no por imposición de nadie, en la lengua predominante, con la consiguiente penetración progresiva en las demás lenguas»; «el castellano es español. Se ha convertido por la decisión de los hablantes, no por imposición de nadie, en la única lengua que tenemos en común, para la comunicación inter-regional o internacional» (Neira 1982: 65) e «El avance del castellano aquí o en Méjico no puede de ningún modo considerarse como una colonización cultural» (Neira 1982: 76).

cidos de que a única lingua era o español e de que todos os restantes idiomas de España eran dialectos, cualificaron calquera reivindicación procedente das falas periféricas como un «cambio» innecesario e como unha agresión contra a «lingua común». De acordo co seu enfoque, se un estado-nación foi, desde as súas orixes, monolingüe ou se, cando menos, sempre camiñou espontánea e pacificamente cara ao monolingüismo, carece de todo sentido calquera pretensión moderna de plurilingüismo.

Neste sentido, a EFE<sup>222</sup> interpretou a histórica xerarquización das «linguas de España» entre linguas e dialectos como irreversible porque «O feito, feito está» ou, dito doutro xeito, porque (Alvar 1996a: 20):

ha sido la sociedad la que ha prestigiado a una modalidad sobre otras. No digamos que es bueno ni malo, simplemente es, y deshacer pretendidos entuertos del pasado desde nuestra perspectiva de hoy es tan anacrónico como remedar las armas del astillero cuando los enemigos combaten con pólvora.

No ronsel desta argumentación ideolóxica, os anteditos lingüistas<sup>223</sup> arremeteron contra o devezo dos lingüistas das variedades lingüísticas periféricas do estado español (p.e. da Universidade de Santiago de Compostela, do Consello d`a Fabla Aragonesa, da Academia de la Llingua Asturiana, etc.) de xeraren variedades estándar propias e autónomas para os seus respectivos idiomas porque, se historicamente non se construíra «espontaneamente» unha variedade estándar (por iso, ao seu entender, non son, nin linguas históricas, nin linguas naturais) para estas variedades lingüísticas e se as sociedades respectivas actuais non demandaban semellantes variedades de referencia (Martín 1994: 351, 2003: 13), ese proxecto careceu sempre da máis mínima xustificación e lexitimidade lingüística, histórica e social.

De certo, dado que a SLT (Austin e Sallabank 2011, Josep. 1987, Sallabank 2012) sempre tivo moi claro que a posesión dunha variedade modelo, con non ser un requisito *sine qua non*, é un recurso esencial á hora de obter, ante propios e estraños, o recoñecemento da categoría de lingua para un determinado idioma, a SLC enmarca este grupo de argumentacións no conxunto do discurso elitista con que se procura a minorización das variedades lingüísticas periféricas do estado español.

<sup>222</sup> Entre outros, Alvar (1979: 10, 1982: 51, 55), Buesa (1980: 47), Mendivil (2008: 6) e Neira (1982: 67, 1986: 73-74). Por súa vez, este último (Neira 1982: 67) opina: «Esta es la verdadera historia de nuestras queridas y entrañables hablas asturianas, pero también santanderinas, leonesas y extremeñas. La historia pudo ser otra, naturalmente, porque todo es posible. Pero el pasado es inmodificable. Las cosas son como son, no como quisiésemos que hubiesen sido».

<sup>223</sup> Nesta ocasión, Alvar (1979-1996c) e Salvador (1987: 19-23, 57-58, 94-99).

De acordo coa perspectiva da SLC, a negación da categoría de lingua (histórica, natural) aos idiomas periféricos do estado español (agás, talvez, ao catalán) coa coartada discursiva de que, na Idade Media, non xeraron unha variedade estándar de seu, dado que, como a seguir veremos, carece de xustificación teórica desde o punto de vista da moderna sociolingüística (outra volta, carece, pois, de coherencia científica), procura, no fondo, a minorización destes idiomas. Sen dúbida, unha vez emprazados estes idiomas na «anormalidade» dun pasado, presente e futuro sen unha variedade de referencia autónoma, sería moito máis complicado que estes idiomas fosen recoñecidos publicamente como linguas de pleno dereito.

Xustamente, fronte ás chamadas linguas naturais e históricas (ao cabo, en España, só o catalán e o español; Salvador 1987: 29), o académico Gregorio Salvador censura abertamente o proceso de elaboración dunha variedade estándar propia e autónoma para o galego (por extensión, para todo o resto de idiomas periféricos) porque esa variedade de referencia, ademais de xerar unha máis das «linguas de ficción» (Salvador 1987: 9), «linguas artificiales» (Salvador 1987: 19), «linguas imaginadas» (Salvador 1987: 100), «linguas inventadas» (Salvador 1987: 151), «linguas recreadas» (Salvador 1987: 95), transformaría este «hermoso idioma» (Salvador 1987: 23) nun «artificioso gallego de laboratorio» (Salvador 1987: 21), «esperanto gallego» (Salvador 1987: 22), nunha «fabla» (Salvador 1987: 22) e, ao cabo, nunha «descabellada jerigonza» (Salvador 1987: 23) e nun «galimatias» (Salvador 1987: 23)<sup>224</sup>.

Sen dúbida, en opinión deste lingüista (Salvador 1987: 23), «hay mucho más gallego aldeano, mucho más gallego real, en cualquier texto de Valle-Inclán escrito en castellano que en estos criptogramas galaicos que ahora se estilan» (Salvador 1987: 23).

Con independencia de que este tipo de críticas contra as variedades lingüísticas periféricas do estado español non foran «fabas contadas» nas argumentacións da EFE a partir de 1961<sup>225</sup>, chama poderosamente a atención que os argumentos de natureza histórico-xenética con que se está a pór en cuestión actualmente a pertinencia das variedades estándar do aragonés<sup>226</sup>, do

<sup>224</sup> Nunha liña simiñar, ao fío do labor de Alvar co aragonés, Salvador Plans (2014: 133) exclama: «Señala cómo proteger y estudiar las modalidades lingüísticas pirenaicas no significa inventar una jerga falsa e inútil, con el riesgo de una imposición sin sustento en la historia, ajena a la voluntad de cada uno, y además inútil».

<sup>225</sup> Por exemplo, Alvar (1990: 21), Buesa (1980: 26-50), Neira (1982: 26, 1986), Salvador (1986b: 50-51, 1987, 1992, 2007b: 55).

<sup>226</sup> En concreto, Arnal (2010a: 76-77, 2010b), Enguita (1997: 282, 294-295, 2003, 2008a: 12, 2008b: 86-87, 2008c), López García (2003: 147-150, 2010a: 381-383), Martín (1994: 348-351,

asturiano<sup>227</sup> e do leonés (Borrego 2009: 256-257 e Morala e Egido 2009: 240) coincidan, case ao detalle, con aqueles outros con que os lingüistas (p.e Salvador 1987: 20-25, 56-58, 94-102), alá polos anos oitenta e noventa do século pasado, deslexitimaron as, hoxe por hoxe, (case) consolidadas variedades estándar do vasco e do galego<sup>228</sup>.

No ronsel dos traballos de Alvar (1961-2004), Tomás Buesa Oliver (1980), Jesús Neira (1982, 1986) e Gregorio Salvador (1986-2007), a estratexia lingüístico-discursiva deseñada contra as «novas» variedades lingüísticas periféricas (re-)emerxentes (nomeadamente, contra o aragonés, asturiano e leonés) négalles a estes idiomas a categoría de linguas porque, ao longo da súa historia, non xeraron unha variedade modelo de seu e porque, en consecuencia, nunca abandonaron a súa condición orixinal de diasistemas lingüísticos históricos (e, daquela, sincrónicos).

En liñas xerais, nos anos oitenta e noventa do século pasado o mito lingüístico dos idiomas como entidades estáticas foi a ideoloxía lingüística do sentido común que sustentou o ataque contra o proceso de elaboración dunha moderna variedade estándar para o vasco (Salvador 1987: 20-21, 95-97, 151), galego (Salvador 1987: 21-23) e asturiano (Neira 1982: 89-90, 1986) coa escusa de que a ausencia histórica dunha variedade de referencia para estes idiomas e a súa condición tradicional de diasistemas lingüísticos históricos eran a evidencia palpable de que os seus falantes aceptaran «libremente» a configuración destas falas como dialectos histórico-xenéticos do español. Non por casualidade, hoxe por hoxe, algúns investigadores españois están a empregar case idénticos argumentos contra as (incipientes) variedades estándar do aragonés<sup>229</sup>, do asturiano e do leonés.

Á marxe dos detalles, desde a convicción de que os idiomas periféricos do estado español, nin son linguas «en sentido estricto» porque non xeraron

---

2003: 13, 2004: 201-202), Mendivil (2003/2004: 1432, 1439, 1442, 2007: 15, 17, 18-19, 2008: 1, 3), Monge (1989: 282) e Turrión (2010: 58).

<sup>227</sup> Nos estudos do lingüista De Andrés (1997, 2002: 120-121, 212-263, 2012) atopamos unha exposición pormenorizada dos ataques dirixidos contra o asturiano estándar.

<sup>228</sup> Dicimos, «case consolidadas», porque non faltan lingüistas que, ao abeiro do sentido popular do termo dialecto, deixan caer que esta etiqueta sería aplicable, tamén, ao galego, catalán e vasco. Por exemplo, en Marcos-Marín e Miguel (2009: 92) lemos: «el DRAE recogió la acepción popular de dialecto. Es la que asocia un lenguaje particular con un territorio y la que hace que, tanto en España como en América, los hablantes se refieran muchas veces al catalán, al gallego, al vascuence o a las lenguas indoamericanas como dialectos».

<sup>229</sup> Especialmente, Arnal (2010a: 75, 80-81, 2010b), López García (2003: 147, 2010a: 383), Martín (1994: 342, 350-351, 2003: 13, 25, 2004: 201-202), Monge (1989: 282) e Salvador (1987: 24, 100, 151). A maiores, contra o leonés, Borrego (2009), Morala e Egido (2009), Salvador (1987: 23, 150) e Salvador Plans (2014: 133).

«libremente» ao longo da historia (Mendívil 2008: 5, Arnal 2010a: 76)<sup>230</sup> un «modelo normativo de carácter supralocal» (Arnal 2010a: 80), nin son «linguas históricas» ou «linguas naturais» (Arnal 2010a: 75-76, Martín 1994: 350, Mendívil 2003/2004: 1435, 2007: 16, 2008: 3), e, desde o conxencemento de que a demanda dunha variedade estándar para cada un destes idiomas non se orixinou nas sociedades respectivas pois foi unha esixencia de carácter político (p.e. Mendívil 2008: 5) e paifoca dos lingüistas periféricos, estes investigadores censuran, unha e outra vez, a «gramática creativa» (Mendívil 2003/2004: 1435, 2007: 16) vinculada ao aragonés<sup>231</sup> e leonés (Borrego 2009, Morala e Egido 2009).

En opinión destes lingüistas (Arnal 2010a: 76, Mendívil 2003/2004: 1436, 2007: 17, 2008: 5; Monge 1989: 282), a variedade estándar que non se elaborou «espontaneamente» no seu momento (máis ou menos, na Idade Media; Neira 1982: 23, 67, 1986: 69, Mendívil 2008: 5), «se ha fabricado mezclando arbitrariamente soluciones de diversas variedades aragonesas» (Mendívil 2008: 5) para crear, xa que logo, koinés artificiais (Mendívil 2003/2004: 1442), variedades artificiosas (Arnal 2010a: 76-77, 2010b; Salvador 1987), argots (Arnal 2010a: 77, Moral e Egido 2009: 240), neolinguas ou xergas<sup>232</sup>.

Como se pode comprobar nos parágrafos precedentes, estes lingüistas españois renegan categoricamente das modernas variedades estándar dos

<sup>230</sup> Mendívil (2008: 5) escribe: «la lengua aragonesa común debería haberse formado sobre la variante más prestigiosa, extendida y culta, pero ésta, que en un tiempo existió, se extinguió hace siglos. Me refiero a la lengua aragonesa medieval usada en la cancillería real, en los documentos notariales y en ciertas obras literarias. Esa lengua se desarrolló hacia el sur tras la formación del reino de Aragón y durante la reconquista y fue lo más parecido a un aragonés común de lo que se ha tenido noticia. Esa lengua, muy diferenciada de los viejos dialectos del norte —los que aún perduran— habría sido la lengua aragonesa común de hoy si no hubiera sucumbido al castellano».

<sup>231</sup> Concretamente, Arnal (2010a, 2010b), Enguita (1997-2008c), López García (2003, 2010a), Martín (1994, 2003, 2004), Mendívil (2003/2004, 2007, 2008), Monge (1989) e Turrión (2010).

<sup>232</sup> No seu día, tocante a estas cuestións, Alarcos (1976: 9) razoaba deste xeito: «En primer término hay que salir al paso de algunas tergiversaciones que han empezado a aflorar por ahí y pretenden mostrar que tras el cultivo del bable se ocultan (como se decía hasta hace poco) oscuras maquinaciones de la masonería internacional o poco menos. Poner el bable —o los bables— por escrito no significa un gesto separatista en contra del poder central por dos razones. [...] ¿Pretende esta gramática dar normas rígidas a las que deben ajustarse cuantos quieran expresarse por escrito en bable? No lo creo. Algunos temen que con ello se conseguiría una lengua artificial. Pero artificial, elaborada (o de laboratorio), es toda lengua escrita, siempre más o menos separada de la expresión oral y espontánea. Ni el castellano de los traductores alfonsíes, corregido por el sabio Rey «por sisse» era lo que hablaban sus mugrientos súbditos o sus poderosos cortesanos, ni la rica, morosa, copiosa y trabajada prosa —a pesar de sus «tacos»— de Cela es lo que habla la gente de hoy en nuestro país». Nótese, á luz das devanditas palabras, como os propios lingüistas españois sempre tiveron constancia da «artificialidade» da súa propia variedade estándar e, por conseguinte, do agravio comparativo en que estaban a caer ao mudaren de criterios segundo o idioma.

idiomas periféricos do estado español (en concreto, do aragonés, asturiano, leonés, galego e vasco) porque, ademais de que non se elaboraron no momento apropiado (na Idade Media), non se construíron sobre a base (cando menos, preferente) dunha única variedade lingüística vernácula e, daquela, non son «naturais», «históricas» e «únicas» (Salvador 1987: 29, 99).

Ao noso xuízo, a coartada de que unha variedade estándar só ten validez científica se se forxa, máis ou menos, na Idade Media e se se constrúe, nomeadamente, sobre unha única variedade lingüística vernácula (p.e. sobre o castelán de Castela), esixe que deamos por certa a hipótese teórica tradicional do *ancestro único* (ao cabo, o mito lingüístico do proxenitor único; Milroy 2012: 571).

No noso parecer, as seguintes palabras de Gregorio Salvador (1987: 17) poderían resumir, no fundamental, a devandita hipótese teórica:

Ése es el imperio de la lengua de que habla Machado, lo verdaderamente valioso que ha hecho España en su historia, ensanchar las fronteras de esa lengua común, la lengua milenaria que nació en Castilla.

La lengua milenaria. Ustedes saben que el pasado mes de noviembre se celebraron los mil años de la lengua en San Millán de la Cogolla.

Segundo este xeito de pensar, unha variedade estándar (por extensión, unha lingua) deriva, en esencia, dunha única variedade lingüística vernácula (se queremos, dun único dialecto) cuxa especial fortuna (ou «sorte») explica o seu éxito histórico. De acordo con este punto de vista, unha única variedade lingüística vernácula (p.e. o castelán de Castela), por mor do prestixio acumulado durante anos de circunstancias sociolingüísticas moi positivas<sup>233</sup>, deveu en variedade estándar e, por extensión, en lingua.

Deste xeito, así como o castelán de Castela deu lugar á variedade estándar do español; o franciano, ao francés; o toscano, ao italiano; e, así, sucesivamente<sup>234</sup>; como afirma Carla Amorós Negro (2008: 147), unha variedade

<sup>233</sup> No parecer de Alvar (1982: 65, 91, 1990: 21, 1996a: 19, 1996b: 6), Dulanto (2007: 81, 88), López García (2007a: 65), Mendivil (2003/2004: 1437-1438, 2007: 17, 2008: 4-5) e Salvador 1987: 17, 124, 142, 149).

<sup>234</sup> En Alvar (1990: 21, 1996a: 19) podemos ler: «Tampoco desde nuestra perspectiva podemos aceptar que la lengua común sea el resultado de una intervención social para hacer lengua de una diversidad dialectal; es lo que llevó a cabo Alejandro Magno al reducir a uno los cuatro dialectos griegos, pero lo que nosotros tenemos como lengua común fue un dialecto, el castellano, que se impuso por mil azares, sociales, sí, y que todos los hablantes lo aceptaron como «la mejor de las lenguas»; así ocurrió también con el franciano y el toscano, pero entre nosotros no se produjo —como en francés— la escisión lengua frente a dialecto, sino que aquel castellano aceptado por todos por las mil conveniencias que reportaba se convirtió en español». Por súa vez, Mendivil (2008: 4) expresa o seu parecer do seguinte xeito: «En los procesos de normas cultas estándar lo más frecuente es que una de las varian-

estándar non podería ser: «un conglomerado dialectal, sino un dialecto social o geográfico, unicamente». Evidentemente, desde este punto de vista, unha variedade estándar (por extensión, unha lingua «natural», «histórica» e «única») sería algo así como a fase evolutiva final dun único dialecto.

En opinión de Richard J. Watts (2012: 586-587), a devandita visión das variedades estándar non responde tanto a unha descrición obxectiva da realidade lingüística como a un relato alegórico da mesma en tanto que se presupón que as variedades modelo (p.e. do español), se ben aínda baixo a forma inicial dunha única variedade lingüística vernácula (p.e. o castelán de Castela), xa existen, case feitas e perfectas, desde un remoto punto temporal pasado (isto é, desde unha Hora Cero)<sup>235</sup>.

Fóra dos detalles, así como un vehículo non muda as súas características iniciais por moito que permaneza oculto a un observador externo durante o seu traxecto polo interior dun túnel, así tampouco unha variedade estándar troca a súa esencia desde a súa máis remota orixe (metaforicamente, desde a súa entrada no túnel) até a actualidade (alegoricamente, até a súa saída do túnel) por máis que descoñezamos todo o período histórico intermedio (figuradamente, a viaxe polo interior do túnel). Certamente, de acordo coa antedita metáfora do túnel (Watts 2012: 585), as variedades estándar (insistimos, por extensión, as linguas), alén de que sempre preexisten ao propio proceso de estandarización, son monodialectais e derivan da progresión lineal, unidimensional e homoxeneizada desde unha única variedade lingüística vernácula inicial.

No ronsel deste pensamento, os lingüistas españois partidarios (consciente ou inconscientemente) da hipótese teórica do ancestro único, pois estaban convencidos da ilexitimidade científica de calquera variedade estándar cuxo proceso formativo implicase multidialectalismo (Watts 2012: 586), declararon ilexítimas (por «artificiais, recreadas, imaxinadas, inventadas, koinés artificiais, variedades artificiais, argots, xergas e neolinguas») todas as variedades modelo dos idiomas periféricos do estado español (agás, talvez, do catalán) porque, ao seu xuízo, eran unha «amálgama de dialectos»<sup>236</sup>.

---

tes que conforma cualquier lengua histórica se imponga sobre las demás y termine siendo lo que es objeto de codificación normativa o estandarización (llamémoslo artificialización). Así ha sucedido, con sus diferencias en cada caso, con el castellano con respecto al español, con el dialecto de Tokio con respecto al japonés, con el dialecto de la Isla de Francia con respecto al francés, con el toscano con respecto al italiano o con el catalán oriental con respecto al catalán».

<sup>235</sup> Por exemplo, Amorós (2009: 46), opina: «la visión de Hudson 1980, segun la cual antes de la lengua sólo había dialectos, es decir, variedades no estándares, no parece la más acertada».

<sup>236</sup> A este respecto Salvador (1987: 100) afirma que: «no han faltado grupos de soñadores o de osados que, potenciando diferencias dialectales o amalgamando variedades locales o resucitando antiguas».

No entanto, se, de acordo coas propostas teóricas da SLT<sup>237</sup>, fixésemos o esforzo de repensar o concepto de lingua sen o concurso dos principios programáticos da lingüística histórico-comparativa decimonónica e, por conseguinte, sen a mediación do modelo monoparental das árbores xenealóxicas (isto é, sen o mito lingüístico do proxenitor único), dado que o contacto lingüístico (entre falantes e entre variedades lingüísticas) emerxería como un elemento común ao proceso formativo de todas as variedades lingüísticas sen excepción<sup>238</sup>, do mesmo xeito que reaccionariamos criticamente contra a imaxe decimonónica dos pidgins e crioulos como unha sorte de «monstruosidades» ou «aberracións» lingüísticas<sup>239</sup> por mor da súa xénese híbrida (Mufwene 2001, 2004, 2008), así tamén poñeríamos en dúbida a reprobação dunha variedade estándar polo simple feito de que a súa xénese deixase entrever algún tipo de *mestura* (ing. *mixing*) entre variedades lingüísticas (vernáculos, ou non).

Precisamente, se nos detivésemos a facer un pouco de, con palabras de Žarko Muljačić (1999: 12), estandardoloxía, decatariámonos, axiña, de que, desde un punto de vista realmente científico (Langer e Nesse 2012: 610), pois non hai nada semellante a variedades estándar (ou linguas) «puras» en tanto que ningunha variedade modelo (ou lingua) deriva historicamente dunha única variedade lingüística vernácula, podemos albiscar nas opinións anteriores a presenza doutros dous mitos lingüísticos derivados do mito da homoxeneidade lingüística: a pureza lingüística (Langer e Nesse 2012: 610, Watts 2012: 593) e a pureza racial (Mufwene 2008: 30).

Agora ben, se isto é así, cómpre que nos preguntemos como foi posible que esta orixe multidialectal pasara tradicionalmente inadvertida para os máis dos lingüistas até hai ben pouco tempo e, feito aínda máis relevante, como é posible que o devandito enfoque das variedades estándar (por extensión, insistimos, das linguas) aínda domine, por exemplo, nos manuais destinados á formación dos futuros (socio)lingüistas (p.e. Amorós Negro 2008).

---

llas expresivas, hayan pretendido montarse artificialmente una supuesta lengua regional de la que hacer bandera».

<sup>237</sup> En especial, Jones e Singh (2005: 29), Milroy (1993b: 148-149, 2012: 571-572), Mufwene (2001, 2004: 460-462, 2008: 12-16, 30, 184-193), Watts (2012: 585-587) e Zuckermann (2011: 71).

<sup>238</sup> En opinión de Laks (2008: 166), Langer e Nesse (2012: 609), Mufwene (2001, 2004, 2008) e Russell (2013: 313-317). Segundo Thomas Ricento (2013: 527), pois todas as linguas son crioulos, a idea de contacto lingüístico debería deixar de ser un concepto marxinal para os lingüistas e mudar en elemento central das súas hipóteses teóricas.

<sup>239</sup> En alusión aos crioulos, o columnista José Antonio Pascual (Rodríguez Marcos 2004) afirma: «¿Dónde se habla un español más cuidadoso? En Perú. ¿Y un español horrible? En Perú. Porque todavía hay grupos mal hispanizados».



Á marxe do xa comentado excesivo peso do pensamento da lingüística histórico-comparativa sobre a lingüística posterior, cómpre ter presente que, se ben todas as variedades de referencia carrexan máis ou menos mestizaxe no seu interior, non hai dúbida de que este hibridismo foi comparativamente menor (e, daquela, máis complicado de percibir) no caso das variedades modelo que Björn Jernudd e Jiří Nekvapil (2012: 18) etiquetaron como premodernas.

En primeiro lugar, verbo deste primeiro grupo de variedades estándar (p.e. español, francés, inglés, etc.), debemos ter presente que, pois as falas das elites estatais encargadas do proceso de selección partían dunha posición de claro dominio sobre o resto de falas do seu respectivo estado-nación por mor do prestixio acumulado durante anos de apoio dun poderoso aparello institucional, non houbo, no sentido máis tradicional, un auténtico proceso de selección (Josep. 1987, 2004a, 2006; Rivarola 1998, Wright 2012).

En concreto, no caso dos estados-nación forxados entre os séculos XVI e XVIII (p.e. España, Francia, Inglaterra, etc.; Edwards 2012: 422-424, Josep. 2004a: 187, Wright 2000: 15-19, 2004: 33, 48-49, 2012: 65), en tanto que as elites estatais palatinas deron por sentado que as súas falas eran o «bon usage» (isto é, a «lingua correcta») e na medida en que, na práctica, a cuestión da selección xa estaba case resolta de partida, a planificación lingüística (Penny 2000: 307) non foi tanto unha cuestión de selección como de expansión (Tuten e Tejedro-Herrero 2011: 296) social e xeográfica dun *statu quo* (lingüístico).

Á marxe dos detalles (García 2012: 85), como queira que as falas das elites estatais figuraban de partida como a «lingua correcta» por causa do seu elevado prestixio (daquela, a selección xa estaba feita de inicio), esta minoría intelectual e política puido concentrar todos os seus esforzos, por unha banda, na implementación das súas falas cara todos aqueles falantes e dominios xeolingüísticos que se consideraban parte da nación (isto é, no proxecto de homoxeneización lingüística ao redor das falas da elite do centro estatal)<sup>240</sup> e, pola outra, na habilitación (=elaboración) de recursos expresivos (non só léxicos) que permitisen a adaptación do idioma a novos ámbitos comunicativos (p.e. aos usos formais).

En liñas xerais, estamos ante o modelo de estandarización que Silvia Senz, Jordi Minguell e Montserrat Alberte (2011: 447) etiquetaron como

<sup>240</sup> A este respecto, en Salvador (1987: 84), lemos: «El futuro de la lengua, el mantenimiento de la unidad lingüística pasa por medidas de gobierno, por ideas claras acerca de lo que debe ser una buena política lingüística».

modelo monocéntrico porque, ao seu entender, a variedade estándar resultante atendeu, nomeadamente, a «una sola variedad geográfica».

Con todo, cando afirmamos que, no caso dos «vellos» estados-nación europeos, non houbo, en sentido tradicional, un proceso de selección, non estamos a negar que, ocasionalmente (p.e. no século XVI, entre as *koinés* toledana e madrileña; Penny 2000: 48-49, 114-115), non se puidesen xerar controversias verbo da modalidade lingüística máis conveniente como base dunha futura variedade estándar<sup>241</sup>. Máis ben, tentamos pór de relevo que, pois, desde un principio, se daba por sentado que as falas das elites estatais eran a «lingua correcta» e, por conseguinte, como queira que as opcións reais dunha «*questione della lingua*» eran ben escasas (por non dicir, nulas; Rivarola 1996: 88), polo xeral, as polémicas foron de escasa intensidade e máis de carácter lingüístico que extralingüístico (Tuten e Tejedó-Herrero 2011: 297)<sup>242</sup>.

Como nos comenta Sue Wright (2004: 44, 2012: 61-65), a problemática real en casos como os mencionados non foi tanto escoller entre diferentes variedades lingüísticas vernáculos (nin, por suposto, entre varias linguas) como resolver as dificultades prácticas con que os lingüistas e persoas aíns (editores, escritores, etc.) se foron atopando conforme se asumían novos ámbitos comunicativos e segundo xurdían novas necesidades expresivas.

Conque, se a planificación lingüística nas máis das grandes variedades estándar do mundo se limitou, en realidade, á expansión duns usos lingüísticos relativamente focalizados no plano xeográfico, social e estilístico (nomeadamente, as falas das elites estatais dos contextos formais peneiradas polos usos literarios), isto, ao noso xuízo, explica que a mestizaxe inherente a estas variedades estándar pasara tradicionalmente desapercibida e que, por conseguinte, os investigadores chegasen a estar convencidos tanto da «pureza» destas variedades de referencia (no sentido de que se construíran sobre un único «dialecto xeográfico ou social») como da veracidade da hipótese do ancestro único.

Agora ben, por moito que estas variedades modelo pasasen por variedades lingüísticas «puras» (e, por extensión, as súas linguas correspondentes),

<sup>241</sup> Verbo disto, Salvador (1987: 79) escribe: «Eso dio lugar, pues, a dos soluciones, a dos normas en conflicto, la sevillana y la madrileña: «Sevilla frente a Madrid», según el título ya mencionado del estudio de Menéndez Pidal. En ese momento se produce el Descubrimiento y Sevilla se convierte en la puerta de América».

<sup>242</sup> A esta mesma realidade alude Montes (1980: 252) cando afirma: «¿Qué es la norma o normas prescriptivas? Evidentemente, unha manifestación del pseudouniversalismo imperialista a que se ha hecho referencia atrás, en cuanto a partir de las normas consuetudinarias de un dialecto dado en un lugar y época dados se extrae una norma que se trata de imponer a todo el complejo lingüístico como leyes válidas de la «lengua».

deberíamos comezar por advertir que a sociolingüística moderna non acepta a visión monolítica dos procesos de selección herdada da lingüística histórico-comparativa decimonónica segundo a cal as variedades estándar (por extensión, as linguas) son consecuencia da progresión lineal, unidimensional e homoxeneizada dun único devanceiro (se queremos, dialecto) lingüístico.

Hoxe en día, o proceso de selección (p.e. Penny 1991, 2000, Tuten e Tejedo-Herrero 2011) xa non se entende tanto como a promoción dunha única variedade lingüística á categoría de variedade modelo senón, máis ben, como un proceso de escolla entre trazos lingüísticos concretos pertencentes, por súa vez, a todo un conxunto de variedades lingüísticas temporal, xeográfica, social e estilisticamente non discretas.

Desde este punto de vista, se o proceso de elaboración dunha variedade modelo non é simplemente a escolla «de una de esas linguas, la que hace mil años surgió en Castilla y fue asimilando e integrando variedades hasta convertirse en un coine» (Salvador 1987: 124) en tanto que o histórico proceso formativo dunha variedade de referencia calquera implica sempre mestura entre máis ou menos variedades lingüísticas (Tuten e Tejedo-Herrero 2011: 292-295), desde un punto de vista autenticamente científico, nin ten sentido que desbotemos unha variedade de referencia (calquera que esta sexa) polo seu carácter «híbrido», nin que fagamos explícito semellante rexeitamento con exo-etiquetas *ad hoc* do tipo de «artificiais, imaxinadas, neolinguas, etc.». Á derradeira, pois todas as variedades modelo son máis ou menos «crioulas», todas elas serían susceptibles de semellante recusación con epígrafes similares (por suposto, tamén, o español)<sup>243</sup>.

A este respecto deberíamos lembrar tamén que, así como a inherente natureza híbrida das variedades estándar premodernas pasou tradicionalmente inadvertida, así tamén ese mesmo carácter mestizo pasou desapercibido no caso daquelas variedades modelo que os anteditos investigadores (Jernudd e Nekvapil 2012: 18) designaron como modernas primixenias.

No tocante a este segundo grupo de variedades modelo, debemos mencionar en primeiro lugar que, pois estamos a tratar con colectividades cuxo proceso de construción nacional non comezara antes do século XVIII, contra principios do século XIX, as falas das elites estatais respectivas

<sup>243</sup> De feito, no parecer de Penny (2000: 78-89, 295-300), a variedade estándar do español moderno derivaría, cando menos, da superposición histórica de catro *koinés*: 1<sup>a</sup>) a *koiné* de Burgos (século X), 2<sup>a</sup>) a *koiné* de Toledo (século XI), 3<sup>a</sup>) a *koiné* de Sevilla (século XIII) e 4<sup>a</sup>) a *koiné* de Madrid (século XVI). A variedade estándar do español sería, pois, consecuencia de, como pouco, catro grandes procesos de *koineización* (Penny 2000: 87). Se isto é así, no caso do español, tampouco houbo, desde un punto de vista autenticamente científico, un «único ancestro».

(Josep. 2004a: 187, Wright 2000: 15-19, 2004: 33, 48-49) aínda non acumularan poder e prestixio suficiente como para que se dese por sentado que, dado que eran a «lingua correcta», deberían ser implementadas (=impostas) a todos os cidadáns do seu respectivo estado-nación.

Así pois, dado que, na práctica, nos procesos de planificación lingüística posteriores á Revolución Francesa (p.e. no noruegués), non se partía dunha escolla previa (en concreto, das falas das elites estatais), os lingüistas e persoas aíns non tiveron outra opción que encarar o dilema da construción da futura variedade estándar do seu idioma. En esencia, os lingüistas e persoas aíns poderían escoller entre prestar atención, preferente, a unha única variedade lingüística (p.e. a fala das elites), a varias (p.e. no caso do noruegués; Bull 2011, Håkon 1997, Pedersen 2005: 193, Vikør 2000) ou á totalidade (p.e. galego, catalán, vasco, etc.) das variedades lingüísticas que se consideraban propias.

Á marxe disto último, chama a atención que, se ben a «mestizaxe» adoitou ser comparativamente máis intensa nas variedades estándar modernas primixenias do que fora nas variedades modelo premodernas e, xa que logo, se a planificación lingüística foi tamén neste caso algo máis que a simple implementación das falas dunha elite estatal previamente escolleitas como «o mellor dialecto» xunto ao, con palabras de Gregorio Salvador (1987: 84), esforzo posterior por conservar unha «unidade lingüística»<sup>244</sup>, tamén o carácter máis multidialectal deste segundo grupo de variedades de referencia seguira a pasar, polo xeral, inadvertido.

Sen dúbida, para explicarmos este novo «esquecemento», deberíamos ter en conta que, sempre e cando a elite intelectual á cabeza do proceso de selección fixase a súa ollada sobre uns usos lingüísticos relativamente focalizados no plano temporal, xeográfico, social e estilístico como base da súa futura variedade estándar, ora porque as falas escolleitas se visen como as únicas «puras» e «libres» de inxerencias alleas (p.e. no caso do *nynorsk*, as variedades lingüísticas rurais occidentais norueguesas), ora porque se considerasen o «mellor xeito de falar» (p.e. no caso do francés), ou ben por calquera outra razón, a variedade estándar resultante conservaría unha certa aparencia dun «único dialecto especialmente afortunado». Por conseguinte, dado que o «clima intelectual» operaba coa idea de que o hibridismo entre variedades lingüísticas era un fenómeno antinatural, semella comprensible que permanecese oculta esa natureza comparativamente máis multidialectal<sup>245</sup>.

<sup>244</sup> En Salvador (1987: 84) lemos: «El futuro de la lengua, el mantenimiento de la unidad lingüística pasa por medidas de gobierno, por ideas claras acerca de lo que debe ser una buena política lingüística».

<sup>245</sup> Con todo, como nos comentan Auer, Hinskens e Kerswill (2005: 11), sempre estaríamos a falar de *mestura* entre variedades lingüísticas pois, por exemplo, no caso do *nynorsk*, Ivar Aasen construíu esta variedade estándar coa achega de características lingüísticas procedentes de varias variedades lingüísticas.

Sexa como for, no noso parecer, se ben unhas e outras minorías intelectuais coincidiron no convencemento de que unhas falas eran intrinsecamente superiores a outras, con posterioridade á Revolución Francesa, semella que a devandita ideoloxía lingüística ficou un tanto temperada no sentido de que esas mesmas elites estatais, ademais dos seus propios intereses, deron en ter en conta tamén a necesidade dunha socialización efectiva da variedade estándar proposta. Deste xeito, alén das súas propias falas, así mesmo atenderon a aquelas outras variedades lingüísticas que xulgaron máis acaídas para o devandito propósito.

Así, por exemplo, as elites intelectuais vinculadas co bielorruso (Woolhiser 2005: 249), lituano (Rinholm 1990), *nynorsk* (Håkon 1997, Pederesen 2005, Røyneland 2010, Vikør 2000) e wolof (Aléong 1983, Josep. 1987) construíron as correspondentes variedades estándar co foco posto nas «falas rurais» dos seus respectivos idiomas porque, por unha banda, entenderon que esas variedades lingüísticas vernáculas eran a expresión máis fiel da auténtica identidade do país e, pola outra, consideraron que unha variedade modelo en solución de continuidade con esas falas, no contexto dunhas sociedades aínda máis «rurais» que «urbanas», sería a opción máis conveniente con vistas á rápida e efectiva socialización da variedade estándar proposta.

Porén, evidentemente, do mesmo xeito que, se así o desexasen os investigadores (pola razón que fose), sería perfectamente posible o ocultamento da natureza comparativamente máis híbrida das variedades estándar modernas primixenias<sup>246</sup>, así mesmo, se houbo algún tipo de interese no seu desprestixio (tamén, polo motivo que fose), poderíamos iconizar ese mesmo carácter multidialectal.

Ao fío desta argumentación, do mesmo xeito que nos parágrafos precedentes salientamos que o hibridismo é máis intenso nas variedades estándar modernas primixenias do que nas premodernas, agora poremos de manifesto que esa mestizaxe aínda se torna máis visible no caso das variedades de referencia etiquetadas polos consabidos investigadores (Jernudd e Nekvapil 2012: 21) como modernas en tanto que se elaboraron, conscientemente, «tomando cosas de unos y de otros» (Salvador 1987: 20).

Sen dúbida, cando as elites (estatais?) á cabeza dos procesos de selección decidiron construír variedades estándar supra-locais ou a-rexionais (p.e. o

<sup>246</sup> Por exemplo, como nos comenta Zuckermann (2011: 70-72), se ben a variedade estándar do hebreo moderno é, ben ás claras, un «mosaico semi-artificial» construído sobre un abano de falas precedentes (cando menos, hebreo clásico, yiddish, sefardí, alemán, ruso, polaco, árabe e inglés), os seus lingüistas sempre declararon que o hebreo moderno tiña un «ancestro único»: a lingua do profeta Isaías.

galés e o bretón; Ferguson 2006: 88, 106) con atención á totalidade de variedades lingüísticas (non só xeográficas) consideradas propias co obxectivo de que esa neutra localización espacial, temporal, social e estilística fose un máis dos factores coadxuvantes no proceso de implementación das variedades estándar propostas, emerxeron variedades modelo cuxo nivel de multidialectalismo superou comparativamente ao rexistrado nos dous tipos de variedades estándar xa descritos. Xa que logo, dada esa natureza comparativamente máis «híbrida» e, non poucas veces, abertamente recoñecida (p.e. no galego), non é de estrañar que os lingüistas interesados na minorización destas variedades modelo chamaran a atención sobre ese carácter «mestizo» co ánimo de xustificar denominacións (=exo-etiquetas) como «variedades artificiais», «argots», «koinés», «neolinguas», etc.

Con todo, en tanto que a natureza multidialectal destas variedades de referencia non responde a un capricho dunha minoría intelectual senón que obedece á pretensión (non poucas veces, explícita; p.e. no aragonés, asturiano, galego e vasco) de que os seus potenciais usuarios as sentisen como «de todos e, á vez, de ninguén» e de que, por conseguinte, non aparecesen «antipatías» que puidesen pexar o proceso de implementación das variedades estándar propostas, de procurarmos a coherencia científica, non se entende o ataque directo contra estas variedades de referencia coa coartada de que son variedades lingüísticas «híbridas», «mestizas», etc.

Precisamente, visto que este tipo de variedades estándar habituais a partir do século XX (Jernudd e Nekvapil 2012: 21) xorden dunha consciencia previa de comunidade lingüística e, por conseguinte, do desexo de integración de todas as falas consideradas «propias», non se xustifica o desprestixio científico das variedades estándar periféricas do estado español (p.e. do asturiano) coa desculpa da súa natureza manifestamente híbrida.

Neste sentido, con recoñecermos a pertinencia das achegas teóricas que nos falan, na liña das investigacións do profesor Gabriel Biliboni (1997), de estandarización compositiva, de modelo compositivo e de variedade estándar compositiva (p.e. Senz, Minguell e Alberte 2011, Sousa 2003) en tanto en canto poñen a lupa sobre a natureza multidialectal evidente e recoñecida dalgúñas variedades estándar (p.e. do aragonés), pensamos que cómpre insistir na idea de que ese carácter híbrido non é unha característica exclusiva de determinadas variedades modelo. De certo, todas as variedades estándar (por suposto, tamén, do español) implican un certo nivel de hibridación desde unhas orixes máis (p.e. o galego) ou menos (p.e. o francés) difusas (se queremos, desde un número maior ou menor de variedades lingüísticas vernáculos).

Así pois, insistimos, se a natureza multidialectal é consubstancial a todas as variedades estándar sen excepción, unha variedade estándar (calquera que esta sexa; p.e. do asturiano, leonés, aragonés, etc.), desde un punto de vista realmente científico, non podería ser declarada ilexítima por mor da súa, evidente (p.e. aragonés) ou oculta (p.e. español), xénese híbrida.

De feito, se aplicásemos os argumentos da EFE ao conxunto da realidade lingüística mundial, atopariámonos co paradoxo de que, por exemplo, pois, como xa vimos (Zuckermann 2011: 70-71), o hebreo moderno é unha «lingua híbrida nova» cuxa variedade estándar, ademais do hebreo bíblico e do yiddish, contou con outras múltiples achegas, cabería declarar ilexítima esta variedade estándar (por extensión, esta lingua milenaria) e, daquela, falar tamén dunha lingua «artificial», «argot», «koiné», «neolingua», etc.

En realidade, ao noso xuízo, desde un punto de vista estritamente científico, a diferenza esencial entre a variedade estándar do español e as variedades modelo dos idiomas periféricos do estado español non estaría tanto na natureza monodialectal da primeira fronte ao carácter multidialectal das segundas (todas as variedades de referencia son un «conglomerado de dialectos») como na circunstancia de que as elites dos idiomas periféricos do estado español (cando menos, do catalán, vasco, galego, aragonés e asturiano) procuraron conscientemente variedades de referencia supra-locais ou a-rexionais coa convicción de que cumpría fuxir de hiperlocalizacións xeográficas, temporais, sociais e estilísticas para lograr unha ampla adhesión social con estas variedades estándar e, deste xeito, limitar o perigo de rexeitamento<sup>247</sup>.

Xa que logo, desde o punto de vista da SLT, non ten moito sentido a crítica da EFE ás variedades estándar periféricas do estado español (en concreto, contra o aragonés, asturiano, leonés, galego e vasco) polo seu carácter multidialectal e a-rexional porque, alén de que ningunha variedade estándar deriva dun único devanceiro lingüístico, todas as variedades estándar carrexan, en maior ou menor medida mestura (no caso do español con até, cando menos, catro koinés históricas) e as variedades estándar multidialectais e a-rexionais gozan de vixencia tanto histórica como actual (p.e. o rusino, galés, bretón, retorromanche, hebreo moderno, etc.).

Dadas estas premisas, a SLC opina que a negación da categoría de lingua (agora, histórica, natural) ás variedades lingüísticas periféricas do estado

<sup>247</sup> Precisamente, de acordo co relato de Alexander (2011:12-21), o retroceso actual do africáner en Sudáfrica fronte ao inglés ten moito que ver coa excesiva «racialización» da súa variedade estándar pois, contruída esta variedade modelo, case exclusivamente, sobre as falas dos chamados bóers (isto é, da elite branca africáner), o resto da poboación do país interpretou esta variedade de referencia como a «lingua do opresor branco».

español co discurso dominante de que estas falas nunca deixaron de ser dialectos (histórico-estruturais, arcaicos, etc.), diasistemas/sistemas lingüísticos históricos e sincrónicos, etc., porque os seus falantes, na Idade Media, non xeraron unha variedade estándar propia a partir dun ancestro único, ou, dito doutro xeito, co discurso eufemístico de que a variedade estándar multidialectal e a-rexional proposta para estes idiomas non ten aval histórico e científico ningún (isto é, sería «acientífica» e «ahistórica»; Mendivil 2008: 5), persegue obxectivos políticos. No fondo, a EFE procura a minorización destes idiomas, a glorificación do español e, por conseguinte, o control xeopolítico dos grupos humanos asociados con estas falas.

En contra dos desexos ocultos da EFE, cómpre ter moi claro que, conxuntamente cos coñecementos da moderna sociolingüística, as variedades estándar dos idiomas periféricos do estado español non poden ser deslexitimadas cientificamente porque non sexan idénticas á variedade estándar do español tanto no tocante ao seu suposto período histórico de formación (época moderna contra Idade Media) como con respecto ao seu hipotético modelo construtivo (monodialectal contra multidialectal).

Ao fío dos parágrafos precedentes, cómpre lembrar tamén que, desde un punto de vista realmente científico, por moi intensa e por moi prolongada no tempo que fose a subordinación funcional e normativa dun idioma a unha lingua dominante, esta nunca ficaría definitivamente invalidada para xerar unha variedade estándar de seu e, por conseguinte, para devir en lingua nun futuro máis ou menos próximo.

En opinión de Eugenio Coseriu (1981: 5) e Žarko Muljačić (1988: 401), todo dialecto é unha lingua *in spe*, mais, pola contra, non toda lingua é un dialecto. Segundo Žarko Muljačić (1985: 51), cabe asegurar que unha variedade lingüística calquera, con independencia da súa imaxe social nun momento dado, sempre conservaría a potencialidade de desenvolver unha variedade estándar autónoma como paso previo decisivo cara á categoría de lingua plenamente recoñecida.

Hai un argumento de peso, e case me arriscaría a afirmar que definitivo, en favor de todos os razoamentos precedentes: todas as grandes variedades de cultura actuais (p.e. o castelán, o portugués, o inglés, etc.), malia a súa subordinación funcional e normativa a unha entidade idiomática superior durante un certo tempo (ás veces, durante séculos; p.e. as linguas romances) e, por conseguinte, malia a súa condición de dialectos (histórico-estruturais e sincrónico-estruturais), chegaron a ser linguas. Evidentemente, isto proba que a orixe dunha variedade lingüística, con ser relevante, non é determinante para o estatuto lingüístico final desde mesmo idioma porque, á derra-



deira, o proceso histórico experimentado por esa variedade lingüística (en realidade, polos falantes desas variedades lingüísticas) permitirá, ou non, o seu acceso á xerarquía de lingua.

Así e todo, sería conveniente achegar outro argumento en prol do conxencementamento teórico de que o estatuto lingüístico inicial (dialecto, lingua, diastema lingüístico, etc.) dunha variedade lingüística, por moita relevancia que este puidera ter, nunca será determinante na progresión posterior dun idioma dado. Como salienta José Joaquín Montes Giraldo (1995: 62), a filiación histórico-xenética orixinal dunha determinada variedade lingüística pode mudar co paso do tempo de tal xeito que un idioma pode dar en dialecto, lingua de seu ou en dialecto doutra lingua diferente.

Por exemplo, de acordo cos especialistas<sup>248</sup>, a variedade lingüística da fronteira norte entre Uruguai e Brasil (denominado comunmente fronteirizo ou portuñol), con ser, desde o enfoque do criterio histórico-xenético, dialecto do portugués porque deriva da progresión histórica das falas dos colonizadores portugueses e brasileiros asentados naquela zona desde o século XIX, hoxe por hoxe, é un dialecto funcional e normativo do español estándar. Sen dúbida, esta fala camiña, aos poucos, cara á condición de dialecto histórico-estrutural do español porque, desde a independencia de Uruguai (1828), caeu baixo o dominio político desta nación hispanófona.

Por suposto, con todo isto, non estamos a afirmar que a filiación xenético-estrutural dunha variedade lingüística concreta sexa un asunto, por completo, trivial para a ciencia lingüística e para os seus falantes.

Con seguridade, así como os lingüistas interesados en lexitimar e xustificar a autonomía lingüística actual dunha determinada variedade lingüística retrotraerán a independencia lingüística dese idioma con respecto a outras variedades lingüísticas tanto como lles fose posible (por isto, os «corsistas» e os «valencianistas» mencionan o latín como orixe do seus idiomas e non aceptan a «paternidade» do italiano e do catalán, respectivamente)<sup>249</sup>, os investigadores contrarios a esa autonomía lingüística argumentarán en sentido exactamente contrario (velaí, a razón dos argumentos dos «italianistas»). As intencións semellan claras: canto maior/menor sexa a antigüidade dun idioma no eixo diacrónico, tanto máis sinxelo/difícil será argumentar en defensa da súa autonomía lingüística no presente (Langer e Nesse 2012: 611, 617)<sup>250</sup>.

<sup>248</sup> En concreto, Montes (1995: 63), Carvalho (2004), López García (2010b: 143-144), Pountain (2014: 60) e Thun (2010: 709-710).

<sup>249</sup> Como xa vimos, isto mesmo fixeron os lingüistas alemáns do século XIX. Tamén, os lingüistas españois retrotraeron as orixes da súa lingua ás Glosas Emilianenses (p.e. Salvador 1987: 18).

<sup>250</sup> Por causa deste mesmo purismo xenético ou etimolóxico, tamén, nos lingüistas españois (p.e. López García 1995: 80, 2007a: 65) atopamos textos como este: «Y aunque las modalidades idiomáticas que se habrían podido tomar como base de dicha koiné eran muchas, se adoptó la del rincón del Alto

Desde o punto de vista da SLC, pois ningunha lingua perde a súa natureza de linguas *in spe* por causa da súa condición académica de dialecto histórico-estrutural e/ou por mor da súa transitoria dependencia normativa e funcional a unha lingua dominadora, de insistirmos na negación desta potencialidade exclusivamente aos idiomas periféricos do estado español con calquera destes dous argumentos (polo xeral, con ambos os dous), teriamos que concluír que, en puridade, se está a supeditar a coherencia científica á congruencia ideolóxica co obxectivo de salvagardar aquel orixinal e consabido equilibrio «natural» entre ciencia e ideoloxía.

A maiores, cómpre ter presente que, cando, consciente ou inconscientemente, «esquecemos» que todas as grandes variedades estándar actuais foron, no seu momento (ás veces, mesmo, durante séculos), sen excepción, variedades lingüísticas normativa e funcionalmente subordinadas a unha unidade idiomática superior (isto é, dialectos) e cando razoamos como se todas esas mesmas linguas posuíran, desde un inicio, unha variedade estándar feita e perfecta allea a calquera controversia ou debate (é dicir, linguas), estaríamos a argumentar ao ditado da xa mencionada ideoloxía da estandarización<sup>251</sup>.

En concreto, cando analizamos a traxectoria histórica das variedades estándar (xa que logo, das linguas) coa perspectiva da amentada metáfora do túnel (Watts 2012), e, xa que logo, cando imaxinamos todo ese pasado como unha réplica case mimética do seu estado actual, á parte de que estamos a hixienizar (isto é, a ocultar unha parte do seu pasado) a súa historia de subordinación funcional e normativa a outro idioma, estamos a presupoñer que as respectivas variedades de referencia preexisten ao propio inicio do proceso de contrución das propias variedades modelo.

Evidentemente, unha vez reformulada a devandita metáfora en clave literal na liña do acontecido coa alegoría decimonónica das linguas como seres vivos, entendemos que a EFE (p.e. Salvador 1987: 29) fale da súa lingua como unha «lingua natural» en tanto que se parte da convicción previa de que a súa variedade estándar (no fondo, lingua), ademais de ser unha creación «espontánea» do pobo español complementada coas achegas puntuais

---

Ebro en el que confluían tres reinos, el de Castilla, el de Navarra, y la Corona de Aragón: el primer documento peninsular en romance escrito en dicha modalidad lingüística y procede de dicha zona, se trata de las Glosas Emilianenses, una suerte de paráfrasis escritas al margen del texto litúrgico latino por algún monje en el monasterio de San Millán de la Cogolla entre finais del siglo X y mediados del XI. ¿Es castellano?, ¿es navarro?, ¿es aragonés?: es todo esto y nada de ello, es simplemente español» ou estoutro: «Porque el castellano en el siglo XIII se convirtió en una lengua de cultura. Muchos fueron los factores que en ello actuaron: Castilla era ya una gran nación» (Cano Aguilar 1995: 29).

<sup>251</sup> Así opina Cano (1995: 29-30) sobre o español do século XIII: «El castellano queda así, a finales del s. XIII, como una lengua perfectamente apta para cualquier tipo de función: puede decirse que es una lengua «adulta».

dunha elite intelectual (por isto, non é unha «lingua artificial, recreada, imaxinada, etc.»), fóra dos detalles, xa estaba (case) completamente feita desde a Idade Media (p.e. Salvador 1987: 18).

Precisamente, a metáfora do túnel tivo moito que dicir na argumentación discriminatória en que caeu, ben a miúdo, a lingüística decimonónica e estruturalista (por extensión, a EFE). Polo xeral, mentres as grandes linguas de cultura (p.e. o español, francés, etc.) se caracterizaron como linguas «naturais, históricas e únicas» co razoamento de que as súas variedades estándar foran creacións «espontáneas» do pobo á marxe de elites intelectuais, os idiomas periféricos (p.e. o aragonés, galego, vasco, etc.) recibiron a etiqueta de «artificiais, recreadas, inventadas, etc.» co razoamento de que as súas variedades estándar non foron creacións «naturais» dun pobo senón obra dunhas minorías intelectuais ben politizadas (p.e. Salvador 1987, 1992).

En definitiva, desde a perspectiva da SLT (Muljačić 1990b: 338), o criterio histórico-xenético non deixa de ser, tamén, un argumento convencional, relativo e de escasa utilidade práctica porque, ao final, a filiación histórico-xenética orixinal dunha determinada variedade lingüística non é determinante para o estatuto sincrónico dese mesmo idioma. Alén disto, como nos lembra Renate Bartsch (1987: 234), o momento histórico até o cal se pode retrotraer un lingüista na procura dun ascendente lingüístico histórico para a súa propia variedade lingüística é unha cuestión que, á derradeira, pode decidir o propio investigador en función dos seus intereses ideolóxicos concretos.

Pola súa banda, a SLC, destacaría que, pois o criterio histórico-xenético outorgou a xerarquía inequívoca de lingua exclusivamente ao español e, á vez, denigrou todas as restantes variedades lingüísticas periféricas do estado español (agás, talvez, ao catalán) á condición de case-linguas (ás veces, de xeito explícito, de dialectos), non hai dúbida de que este criterio glorificou a variedade estándar do español e, á vez, minorizou os idiomas periféricos do estado español.

En síntese, a argumentación da lingüística española tocante ao criterio histórico-xenético foi, máis ou menos, a seguinte: os idiomas periféricos de estado español son, na actualidade, dialectos (nominalmente, histórico-estruturais) porque así o ditaminou a ciencia e porque, no seu momento (entre a Idade Media e a actualidade), así o determinaron tamén os seus falantes ao non desenvolveren de seu (é dicir, «naturalmente», «espontaneamente», etc.) unha variedade estándar autónoma e propia desde un ancestro único ou, dito por outras palabras, desde unha única variedade lingüística vernácula sintópica e sinestrática. Por conseguinte, estes mesmos idiomas non se distanciaron abondo (nin en diacronía, nin en sincronía) dos seus respectivos devanceiros lingüísticos.

Precisamente, por mor da carencia histórica dunha variedade estándar, con independencia de que os idiomas periféricos fosen, ou non (o vasco), dialectos (histórico-xenéticos) do latín, todos eles, explícita (aragonés, asturiano e leonés) ou implicitamente (aranés, galego, valenciano e vasco), son, actualmente, dialectos (histórico-xenéticos e sincrónico-estruturais), ben do español estándar (aragonés, asturiano e leonés), ben dun idioma medieval (o galego do galego-portugués) ou moderno (galego do portugués, o aranés do gascón e o valenciano do catalán).

Palmariamente, desde o punto de vista da SLT, o razoamento precedente carece de validez científica pois, dado que todos os idiomas son entidades dinámicas, por moi longo que fose o período de subordinación funcional e normativa dun idioma dado a unha lingua dominante (p.e. do leonés ao castelán estándar) e por moi desprestixiado que estivese unha variedade lingüística nun momento dado (p.e. o galego decimonónico), eses mesmos idiomas sempre conservarían a súa natureza de lingua *in spe* e, xa que logo, se se desen as circunstancias sociolingüísticas pertinentes, sempre poderían ascender á xerarquía de lingua.

Así mesmo, visto que o decorrer temporal de calquera variedade lingüística é sempre un *continuum lingüístico histórico* onde cada unha das sucesivas xeracións de falantes comprende á xeración inmediatamente anterior e posterior e dado que a lingüística española non tivo en conta criterios sociais á hora de individualizar linguas no eixe diacrónico, non hai dúbida de que o seu proceder tocante ao mencionado labor tivo moito de proceder convencional e arbitrario.

Por exemplo, do mesmo xeito que a lingüística española fosilizou o aragonés, asturiano e leonés na condición de dialectos (histórico-xenéticos) do latín co argumento explícito de que esa é a súa condición técnica e coa escusa implícita da súa carencia de autonomía estrutural abondo verbo de seu ascendente lingüístico, igualmente, de colocarmos o foco nos elementos lingüísticos constantes no *continuum lingüístico histórico* que media entre latín e español, poderíamos razoar exactamente na mesma liña verbo deste segundo idioma. Correlativamente, de fixarmos a nosa ollada nos cambios lingüísticos do *continuum lingüístico histórico* entre, por unha banda, latín, e, pola outra, aragonés, asturiano e leonés, poderíamos argumentar no sentido de que estes tres últimos idiomas son linguas de seu en tanto que aparenta medrar a súa autonomía lingüística en diacronía.

Desde a perspectiva da SLC, bótase de ver que os lingüistas españois *iconizaron* ou ocultaron a distancia lingüística (isto é, os cambios lingüísticos) ou a esencia lingüística (é dicir, os elementos lingüísticos constantes) no eixe

diacrónico en función dos seus intereses ideolóxicos. Por exemplo, mentres no caso do *continuum lingüístico histórico* que media entre latín e asturiano iconizaron os elementos lingüísticos constantes e ocultaron os cambios lingüísticos (por iso falan de dialectos históricos, arcaicos, etc.), por súa vez, no *continuum lingüístico histórico* entremedias do latín e español, até, aproximadamente, o século IX, iconizaron os cambios lingüísticos e ocultaron os elementos lingüísticos constantes (por iso falan de dúas linguas diferentes), e, desde ese punto temporal discreto convencionalmente fixado en diante, actuaron exactamente á inversa (por iso falan dunha soa lingua).

Sen dúbida, grazas a esta hábil combinación da iconización e ocultamento, os lingüistas españois lograron dar a impresión de que o criterio histórico-xenético confirmaba a condición de lingua do español e, á vez, sancionaba a denigración de todos os restantes idiomas periféricos á condición de dialectos (histórico-xenéticos) dun ou doutro devanceiro lingüístico.

Evidentemente, este discurso elitista ocultou non só que os grandes idiomas de cultura (inglés, alemán, español, etc.) deron en linguas de seu no momento en que xurdiu entre os seus falantes unha consciencia idiomática autónoma senón tamén que estas mesmas falas, malia os profundos e innumerables cambios experimentados desde os seus textos máis antigos até a actualidade, permaneceron como unha soa lingua (divididas en sucesivas etapas) porque así o decidiron as sucesivas xeracións de falantes interpostas entre o pasado e o presente. Conque, en opinión da SLT, cómpre ter en conta criterios extra-lingüísticos (nomeadamente, a presenza/ausencia de consciencia idiomática autónoma, dun proceso de estandarización e dun glosónimo propio) á hora de determinar se os idiomas periféricos do estado español seguen a ser, ou non, dialectos (nominalmente, histórico-xenéticos) dun idioma anterior.

Por suposto, no parecer da SLC, a desatención aos criterios extralingüísticos na individualización de linguas en diacronía facilitou que a EFE petrificara tanto a lingua propia como os idiomas periféricos do estado español nos seus respectivos estatutos lingüísticos históricos (lingua contra dialectos). Certamente, se a presenza/ausencia dunha consciencia idiomática autónoma, dun proceso de estandarización e dun glosónimo propio tampouco eran criterios pertinentes en diacronía, poucos outros argumentos poderían contrarrestar a tradicional clasificación das falas periféricas do estado español como dialectos históricos, arcaicos, etc.

Ao noso xuízo, así como a fosilización do español e dos seus correspondentes idiomas estatais periféricos nos seus estatutos lingüísticos históricos respectivos implicou unha exacerbación até o paroxismo da visión medieval,

renacentista, decimonónica e estruturalista das linguas como entidades estáticas, así tamén unha e outra acción, pois recolleron difusamente o desexo de correspondencia un-a-un entre as variables lingua, nación e estado así como o degoro de conversión do devandito modélico encaixe entre ciencia e ideoloxía a ollos da EFE nunha xerarquía permanente, orixinaron graves contradicións internas no que toca ao discurso desta escola verbo do criterio histórico-xenético. En substancia, pois a EFE concordaba coa clasificación executada polo criterio histórico-xenético sobre a diversidade lingüística do estado español (unha lingua e moitos dialectos) en tanto que coincidía case nun cento por cento coa súa apriorística taxonomía ideolóxica (unha lingua sobre moitos dialectos) desta mesma realidade, os seus investigadores petrificaron o seu idioma e os idiomas periféricos do seu estado nos seus respectivos estatutos lingüísticos históricos coa intención de que, deste xeito, aquel ideal encaixe entre ciencia e ideoloxía mudara nunha xerarquía eterna e inmutable. Agora ben, froito da conversión dunha taxonomía científica onde todos os idiomas eran potencialmente linguas nunha categoría ideolóxica na cal só o español conservaba tal capacidade, o discurso da EFE caeu en contradicións internas tan graves como a restrición da condición de lingua *in spe* exclusivamente ao seu propio idioma. Correlativamente, noutra desas incoherencias internas tan habituais no seu discurso académico, a EFE arremeteu vehementemente contra a pretensión de elevar os idiomas periféricos do estado español á xerarquía de idiomas por medio da elaboración doutras tantas variedades estándar autónomas e propias na medida en que semellante opción, por máis que o seu propio idioma xa transitara semellante camiño, viña crebar o suposto modélico equilibrio entre ciencia e ideoloxía de que antes falabamos.

En definitiva, en opinión da SLC, a minorización (por fosilización) dos idiomas periféricos do estado español na condición de dialectos (histórico-xenéticos; aragonés, asturiano, leonés), dialectos arcaicos (galego), diasistemas lingüísticos (diacrónicos e sincrónicos; asturiano, aragonés e leonés), linguas cómplex (vasco), etc., coa escusa do criterio histórico-xenético pretendía o control xeopolítico dos grupos humanos asociados con estas variedades lingüísticas. Con seguridade, estes idiomas, de non seren «linguas en sentido estrito» (velaí, a razón de todas as exo-etiquetas anteriores), terían moito máis complicado o seu acceso aos chamados usos formais e polo tanto o seu rol como marcas ben conspicuas dunha comunidade diferenciada desde un punto de vista lingüístico e identitario.

## 4. OS CRITERIOS SECUNDARIOS

### 4.1 O criterio da escritura

Segundo a formulación tradicional deste principio, a presenza/ausencia de *escritura* (isto é, dun sistema gráfico para a transcrición da propia lingua; Coulmas 2003: 1, Rogers 2005: 299) marcaría a fronteira entre lingua e dialecto<sup>252</sup>. Por súa vez, como informa Renate Bartsch (1987: 234), unha versión máis «moderna» deste criterio entende que un idioma sería lingua se posuise unha única forma de escritura (isto é, un único sistema gráfico con nulas ou mínimas variacións internas; Coulmas 2003: 35) e, de non ser así, sería dialecto.

En liñas xerais, os máis dos lingüistas actuais (cando menos, os sociolingüistas) negan categoricamente a validez científica deste criterio porque, entre outras razóns, se for así, automaticamente, todos os idiomas actualmente ágrafos (se callar, máis da metade dos idiomas do mundo; Grenoble 2013: 800) e todos os idiomas que están a construír un sistema gráfico autónomo, propio e focalizado (isto é, sen diverxencias internas) ficarían fóra da condición incontestable de lingua.

De feito, de levarmos a versión «moderna» do criterio da escritura até as súas últimas consecuencias, poderíamos caer no absurdo de dudar da condición de lingua de non poucas das grandes linguas actuais (p.e. do inglés e do chinés). Sen dúbida, pois os especialistas falan de *dialectos ortográficos* (p.e. inglés británico contra inglés americano; Rogers 2005: 192) ou *diortografías* (Coulmas 2003: 233), de *digrafías* (Cheung 1992: 214, Coulmas 2003: 231-233) ou *bigrafías/multigrafías* (p.e. grafemas tradicionais chineses contra *hanyu pinyin*; Lüpke 2011: 316), etc., ao describiren as prácticas gráficas relativamente diverxentes e difusas destes e doutros moitos idiomas (p.e. do español), en estrita coherencia coa devandita versión do criterio da escritura, non sería imposible pór en cuestión a categoría de lingua de (case) todas estas linguas.

Precisamente, conscientes dos excesos teóricos inherentes ao criterio da escritura, se ben, hoxe en día, como nos comenta M<sup>a</sup> Antonia Martín Zorraquino (2003: 22-23), ningún lingüista serio afirmaría explicitamente que un idioma é dialecto pola ausencia de escritura ou dunhas prácticas gráficas

<sup>252</sup> Por exemplo, Onieva (1986: 60), afirma que: «A diferencia de la lengua, los dialectos no cuentan con escritura y tradición literaria, ni presentan caracteres unitarios para sus hablantes».

relativamente focalizadas e converxentes, así e todo, no contexto das estratexias lingüístico-discursivas que poñen en dúbida a xerarquía de lingua das variedades lingüísticas periféricas do estado español (p.e. do leonés; Morala e Egido 2009), non faltan referencias, máis ou menos veladas, ben á ausencia, nestes idiomas, duns usos gráficos homologables aos das grandes linguas europeas (isto é, menos difusas e diverxentes)<sup>253</sup>, ben en contra da individualización gráfica destas falas<sup>254</sup>.

Sen dúbida, dado que o argumento de que os idiomas periféricos do estado español non son linguas porque carecen de escritura ou dun sistema gráfico focalizado sería difícil de manter na actualidade polo seu rancio e exacerbado etnocentrismo, eurocentrismo e grafocentrismo de fondo (Coulmas e Guerini 2012: 435), polo xeral, a EFE deu a entender que, en comparación coa unificada, racional, simple e coherente ortografía do español (Salvador 2007a: 62, 2007b: 17, 26, 29, 67), os idiomas periféricos (p.e. o asturiano), porque «Cada cual hablaba y escribía como quería y podía» (Neira 1982: 79)<sup>255</sup> ou porque, simplemente, carecían de escritura (Marcos-Marín e Miguel 2009: 27), ora non eran «linguas en sentido estrito», ora eran «idiomas débiles» (Marcos-Marín e Miguel 2009: 27).

De acordo con esta liña de argumentación, non é estraño que a EFE, tras afirmar, explicitamente, que a ortografía do español é a máis racional, simple e coherente do mundo (Salvador 2007b: 17)<sup>256</sup>, aludan ás prácticas gráficas difusas e diverxentes dos idiomas periféricos do estado español (p.e. do leonés; Salvador 1987: 57, 98, Morala e Egido 2009: 11-13).

A intención semella clara: se o español posúe o sistema gráfico máis coherente, simple e focalizado do mundo e, pola contra, os idiomas periféricos

<sup>253</sup> Por exemplo, en Salvador (1987: 101) lemos: «Empezaré por mi región andaluza. No han faltado intentos de poner en circulación, si otra cosa no, un embrollo ortográfico que imitara la evolucionada y diversificada pronunciación meridional y un empeño en potenciar ésta, exagerando y acumulando los rasgos de unas y otras zonas y consagrando el vulgarismo como norma».

<sup>254</sup> Tamén en Salvador (1987: 23) podemos ler: «Y entonces hay regiones donde a falta de una lengua vernácula distinta, o de sus restos, sobre los que arbitrar otro esperanto de esos que digo, deciden exagerar los rasgos dialectales, solicitar plaza ortográfica para sus peculiaridades fonéticas y alumbrar un nuevo sayagués».

<sup>255</sup> Na liña de Neira, Lodares (2000: 20) afirma sobre o aragonés: «Había quien iba más lejos en sus enmiendas. Los socialistas aragoneses pedían el reconocimiento oficial de las variedades lingüísticas locales, habladas en su absoluta pureza por algunos ancianos de la tribu, gente venerable, sin duda alguna, tal vez con más de cien primaveras a sus espaldas vividas todas ellas en sus comarcas pirenaicas. Se trataba de hablas dialectales sin ortografía común, sin gramática, sin vocabulario culto, sin literatura digna de tal nombre pero que, para los socialistas de entonces, podían y debían ser lenguas de gobierno. Ignoro qué ni a quiénes iban a gobernar con ellas. Tal vez eso era lo de menos».

<sup>256</sup> Sobre a ortografía do español, Salvador (2007b: 17) escribe: «De hecho, es reconocida como la segunda lengua de relación en el mundo, después del inglés. Escrita con alfabeto latino, como esta, el único sistema de escritura realmente universalizado, la supera en su racionalidad ortográfica».



unhas prácticas gráficas diverxentes e difusas (p.e. o galego; Freire 2009), entón, os idiomas periféricos do estado español, no tocante ao criterio da escritura, dadas as súas supostas diverxencias ou carencias internas, tampouco serían «linguas en sentido estrito».

Agora ben, desde o punto de vista da SLT (p.e. Coulmas e Guerini 2012: 437, Rutkowska e Rössler 2012: 217), cando razoamos deste xeito, isto é, cando supeditamos a categoría de lingua á presenza de escritura ou dunhas prácticas gráficas comparativamente focalizadas (semellantes, por exemplo, ás do finés), cómpre deixar claro que estamos a caer no etnocentrismo máis esaxerado. De operarmos deste xeito, á parte de que estaríamos a obviar todas as manifestacións culturais de transmisión oral (contos, lendas, etc.), así mesmo menosprezaríamos todas aquelas culturas que, por mor da súa secular actividade á marxe da cultura grecolatina ou doutras culturas milenarias (nomeadamente, China e Xapón), sobreviviron sen escritura.

Certamente, para sermos conscientes do etnocentrismo, eurocentrismo e grafocentrismo inherente ao uso tradicional do criterio da presenza/ausencia da escritura abondaría con lembrar que, pois en África, no día de hoxe, ao redor do 90 % dos idiomas son ágrafos (Unseth 2011, Wolff 2000: 336), de aplicarmos estrictamente este criterio, habería que concluír que os máis dos idiomas africanos son dialectos.

Por outra banda, aínda no suposto de que, hoxe por hoxe, todos os idiomas tivesen escritura, de aplicarmos con rigorosidade extrema este criterio, atopariámonos co paradoxo de que unha mesma variedade lingüística (p.e. o español), antes dos seus primeiros testemuños gráficos, sería un dialecto, e, despois, unha lingua.

Pola mesma, se un idioma non fose lingua mentres fose unha variedade lingüística ágrafa, no contexto das linguas africanas, o herero (lingua falada en Namibia), o duala (lingua da familia bantú falada en Camerún) e o chichewa ou chewa (lingua oficial da familia bantú falada en Malawi) serían dialectos até 1857, 1862 e 1880, respectivamente, e, despois destas datas, linguas.

A maiores, fóra do contexto africano, atopamos outros moitos exemplos de idiomas cunha tradición gráfica tardía en comparación coas grandes linguas europeas. Por exemplo, en Oceanía, pois as primeiras palabras escritas en maorí datan de 1769 e en hawaiano de 1778, respectivamente, estes dous idiomas non serían linguas antes desas dúas datas. Pola mesma, en Asia, visto que as primeiras palabras escritas en monchak (lingua de Mongolia Occidental) datan do ano 2002 (Harrison 2007: 95), este idioma non sería lingua antes desa data.

Mais, quizabes, as linguas australianas exemplificarían mellor que ningunha outra a natureza arbitraria deste criterio pois estes idiomas (entre 250 e 600 con anterioridade ao inicio da colonización europea), se ben aparecen na maioría das enciclopedias, dicionarios, monografías, etc., entre as linguas máis antigas do mundo, houbo quen as considerou dialectos por cousa da súa historia ágrafa até a chegada á illa dos colonizadores británicos en 1788 (Baldauf e Eggington 1989: 14).

Creemos que estes poucos exemplos localizados en datas moi concretas e en diferentes lugares do mundo (sería posible presentar moitos máis) dan conta tanto do carácter arbitrario deste criterio como da súa natureza etnocéntrica, eurocéntrica e grafocéntrica (Moreno 2005: 31-35). Con independencia de que a súa operatividade práctica fóra do contexto cultural europeo sexa moi escasa, bótase de ver que favorece a minorización (por exotificación) de todas as variedades lingüísticas arredadas, xeográfica ou lingüísticamente, do canon das grandes variedades estándar europeas.

Agora ben, en contra da impresión que se podería tirar da lectura dos parágrafos precedentes, cómpre lembrar que o criterio da presenza/ausencia de escritura é problemático, tanto con linguas, para nós, «exóticas», como no propio ámbito da chamada cultura occidental.

En síntese, na liña do acontecido co resto de argumentos tradicionalmente empregados na individualización de linguas, dado que este criterio semella tirado da observación directa das características que confirman a condición inequívoca de lingua das grandes variedades estándar europeas (isto é, da análise dos prototipos de linguas), fóra destes casos, amosa unha moi escasa operatividade práctica.

En primeiro lugar, en Europa, atopámonos con variedades lingüísticas que, con seren variedades lingüísticas escritas desde hai centos de anos, historicamente, nin gozaron da condición incontestable de lingua, nin tampouco teñen garantido esa xerarquía cara ao futuro.

Se abeiramos, polo de agora, o caso do occitano (acudiremos, máis tarde, á historia deste idioma como paradigma da arbitrariedade do criterio da tradición literaria), no marco das linguas europeas occidentais, non temos excesivos problemas para atoparmos exemplos de variedades lingüísticas cuxa antiquísima, consolidada e respectada tradición gráfica non foi quen de garantir, nin no pasado, nin no presente, a xerarquía de lingua destes idiomas.

En concreto, no que toca ao estado español, abondaría con lembrar que a lingua galega, a pesar de posuír unha antiquísima tradición gráfica cuxos primeiros testemuños se remontan ao século XII d. C., historicamente, abalou entre a condición de lingua e dialecto por mor da súa secular subordinación

funcional e normativa ao español estándar e por causa da perda progresiva de falantes desde, como pouco, o século XVI.

Xa que logo, desde o punto de vista da SLT, bótase de ver que, nun momento dado, nin unha dilatada tradición gráfica (por moi antiga que esta sexa), garante o estatuto inequívoco de lingua, nin a ausencia de escritura relega, automaticamente, a unha variedade lingüística concreta á condición de dialecto. De feito, así como sabemos de idiomas actualmente ágrafos aos cales resultaría moi complicado negarlles a categoría de lingua (p.e unha ampla nómina de idiomas africanos), tamén temos coñecemento de idiomas do estado español cuxa antiquísima tradición gráfica desde, cando menos, o século XIII d. C. non lles asegurou a xerarquía actual de lingua (p.e. ao aragonés e ao asturiano).

A maiores, a SLT tamén ten moi claro que a ausencia dun sistema gráfico relativamente focalizado e converxente (isto é, pouco variable e moi previsible) non é argumento abondo para negarlle a categoría de lingua a unha determinada variedade lingüística (p.e. ao aragonés) porque, se iso fose así, en tanto que todas as grandes variedades estándar actuais (p.e. inglés, francés, español, etc.) coñeceron ao longo da súa historia períodos de variabilidade gráfica máis ou menos intensa, todos eles serían susceptibles de ser rebaixados á condición de dialectos.

Certamente, no parecer da SLT, unha conxuntura de, con palabras de Friederike Lüpke (2011: 316), bigrafía ou multigrafía (isto é, dous ou máis escrituras, sistemas gráficos ou ortografías), non pode denigrar, automaticamente, un determinado idioma á condición de, por non utilizarmos o termo de dialecto, «case-lingua». De feito, se así for, no contexto actual do estado español, poucos idiomas (se callar, ningún) permanecerían na categoría inequívoca de linguas.

En primeiro lugar, verbo disto último, cómpre lembrar que podemos enfocar a historia da escritura das grandes linguas europeas actuais (p.e. do inglés; Marshall 2011, Rutkowska e Rössler 2012: 217, 222-228) como unha deriva desde unha actividade gráfica variable e escasamente previsible (p.e. o español do século XIII)<sup>257</sup> cara a uns usos gráficos cada vez máis conver-

<sup>257</sup> Tocante á ortografía do español medieval, Penny (2000: 308) escribe: «La emergencia, en las primeras décadas del siglo XIII, de un corpus no desdeñable de literatura escrita, en el recién elaborado sistema ortográfico romance, revela una variación muy considerable, tanto entre un texto y otro, como dentro dun texto dado». Segundo este mesmo sociolingüista (Penny 2000: 308-320), esta deriva «tenteante» da ortografía española manteríase, cando menos, até o século XVIII de tal xeito que a Real Academia Española, desde a súa creación, procurará limitar a variabilidade da lingua escrita. No propio Alvar (1982: 54) podemos ler verbo da ortografía do español: «Si hojeamos los Orígenes del español veremos cómo aquel complejo sistema de grafía quiso reflejar un modo de pronuncia-

xentes e focalizados (isto é, menos variables e máis previsibles; p.e. o español moderno).

Precisamente, para explicar adecuadamente este proceso histórico deberíamos comezar por recordar que, de acordo con R. B. Le Page e André Tabouret-Keller (1985), así como podemos caracterizar o comportamento lingüístico dun individuo ou dunha comunidade como relativamente focalizado ou converxente se as súas condutas lingüísticas son previsibles en termos de variables sociais, psicolóxicas e lingüísticas (isto é, se amosan un elevado grao de cohesión lingüística no tocante ao seu comportamento social e lingüístico), correlativamente, as comunidades definibles como relativamente difusas ou diverxentes presentan un nivel de cohesión lingüística e social entre os seus individuos comparativamente inferior (é dicir, se o grao de variación é relativamente elevado).

No ronsel deste primeiro traballo, o propio R. B. Le Page (1992), algúns anos despois, falou de comunidades cunha actividade gráfica focalizada/converxente ou difusa/diverxente segundo houbera, ou non, unhas prácticas gráficas relativamente previsibles (isto é, segundo atopásemos uns usos gráficos pouco ou moi variables).

Segundo este mesmo sociolingüista (Le Page 1992: 122), China e algúns territorios pos-coloniais (p.e. Illas Mauricio e Vanuatu) poderían pasar, respectivamente, por paradigmas dunhas prácticas gráficas focalizadas e diverxentes.

En liñas xerais, así como as prácticas gráficas chinesas (cando menos, até principios do século XIX) amosaron un notable nivel de codificación e un mínimo grao de variabilidade interna por mor do labor milenario dos funcionarios-gramáticos mandaríns (Le Page 1992: 122-123), no entanto, a actividade gráfica nos territorios de Illas Mauricio e Vanuatu (tamén, en amplas zonas do continente africano; p.e. en Tanzania co suahili ou en Lesoto co sotho) estivo ben lonxe da imaxe idílica dunha lingua cun único sistema gráfico e con escasa variabilidade interna.

No parecer de R. B. Le Page (1992: 132), as dúas devanditas conxunturas gráficas (isto é, difusividade e focalización máximas) poderían verse como etapas posibles (se queremos, principio e fin, respectivamente) no proceso de conformación progresiva e gradual de calquera sistema gráfico.

Segundo este enfoque, cando unha determinada comunidade lingüística troca a *exografía* (é dicir, a escritura exclusivamente noutra lingua;

---

ción: hubo tanteos, siglos de tanteos, vacilaciones, luchas y, al fin, la lengua se despojó de todo lo que no convino y dio paso al español áureo. Los mil testimonios de polimorfismo, y los infinitos que no accedieron a la escritura».

Lüpke 2011: 318) pola *endografía* (isto é, pola escritura na lingua propia; Lüpke 2011: 319), permanece, durante un período de tempo variable (Lüpke 2011: 315-318, 322, 330; Rutkowska e Rössler 2012: 228), nunha conxuntura de difusividade gráfica máis ou menos intensa. Posteriormente, conforme pasan os anos, esas difusas prácticas gráficas iniciais poden camiñar, engordar, se se dan as circunstancias adecuadas, cara unha actividade gráfica cada vez máis converxente e focalizada (Lüpke 2011).

Xa que logo, de acordo coa hipótese de traballo de R. B. Le Page (1992: 131), a situación actual de relativa difusividade gráfica en que aínda se debaten non poucas ortografías modernas (p.e. a ortografía do aragonés; López Susín 2013: 168, Marco 2012: 31-44, Mott 2010: 78, Segura 2010b: II-III) sería perfectamente comparable con aquela outra conxuntura en que estiveron emprazadas as grandes linguas europeas nas etapas iniciais do seu periplo gráfico histórico (p.e. a ortografía do inglés no século XIV; Marshall 2011, Rutkowska e Rössler 2012: 222).

Segundo este enfoque sociolingüístico, calquera sistema gráfico desde unha conxuntura inicial de relativa difusividade gráfica (p.e. o aragonés), na liña do acontecido no pasado coas grandes linguas europeas (Le Page 1992: 131), podería camiñar, paseniño, de dárense as circunstancias sociais, políticas, culturais e económicas pertinentes, cara a unha actividade gráfica cada vez máis focalizada, menos tolerante coa variabilidade gráfica interna e, por último, máis individualizada verbo do seu respectivo *continuum gráfico* (é dicir, dos seus sistemas gráficos afíns).

Correlativamente, en opinión de R. B. Le Page (1992: 130), así como desde unha actividade gráfica relativamente difusa poderíamos camiñar cara a uns usos gráficos máis e máis focalizados (p.e. na ortografía do galego; Sánchez 2004-2010), do mesmo xeito, desde unhas prácticas gráficas iniciais ben focalizadas (p.e. no chinés), sería posible, de mudaren as circunstancias socioeconómicas, políticas, culturais, etc., orixinais, unha deriva posterior de difusividade gráfica. Vistas así as cousas, bótase de ver que, desde un estado de focalización gráfica comparativamente elevado, cabería a opción de que se abrixa un novo período de difusividade gráfica transitoria (p.e. no chinés actual).

Precisamente, de centrármonos no contexto dos idiomas periféricos do estado español, non sería moi complicado atopar casos concretos destas diferentes posibilidades históricas. Por exemplo, do mesmo xeito que a lingua galega (Sánchez 2004-2010) transitou ao longo da década dos anos noventa do século anterior e nos anos posteriores cara a unhas prácticas gráficas máis e máis focalizadas desde unha actividade gráfica comparativamente moito máis difusa nas dúas décadas inmediatamente precedentes, pola contra, a

escritura do chamado eonaviego, galego oriental, galego de Asturias, etc., (Sánchez 2009: 317-318) permanece, polo de agora, nunha fase de actividade gráfica ben difusa por mor da complementariedade actual entre, cando menos, tres propostas gráficas: o uso da ortografía do galego oficial (o denominado *achegamento máximo*), o emprego desta mesma ortografía con certas matizacións (o chamado *achegamento mínimo*) e o emprego da ortografía do asturiano. Igualmente, segundo os especialistas<sup>258</sup>, o aragonés abala, cando menos, na actualidade, entre as seguintes propostas gráficas: algúns escritores locais utilizan a ortografía do castelán, as *Normas gráficas de l'aragonés* (1987) inspiradas naquelas que o Consello d'a Fabla Aragonesa empregara desde 1974, a *Grafía de Lingua Aragonensi* (2004) da Societat de Lingüística Aragonesa (2004), a *Propuesta ortográfica de l'Academia de l'Aragonés* (2010) da Academia de l'Aragonés e, por último, unha *Grafía Aragonesa de Compromís* (2016) redactada e asinada unicamente por uns poucos particulares.

Evidentemente, de acordo coas opinións da SLT (p.e. Le Page 1992: 134-135, Rutkowska e Rössler 2012: 213 e Zhao e Baldauf 2011: 177), con independencia de que partísemos dun estado inicial de relativa difusividade (p.e. o eonaviego e o aragonés) ou focalización (p.e. o español) gráfica, eses dous estados de partida poderían mudar e, por suposto, calquera cambio tería lugar en consonancia cos cambios producidos no comportamento lingüístico oral e social da comunidade lingüística respectiva.

Certamente, cómpre ter moi presente que, así como as grandes linguas de cultura poderían, de variaren as circunstancias sociolingüísticas iniciais, entrar nunha deriva de máis e máis difusividade gráfica, correlativamente, as linguas «pequenas», se as circunstancias lles fosen favorables, poderían camiñar pola senda da progresiva focalización gráfica. Como xa adiantamos, unha e outra posibilidade, dentro e fóra do estado español, sempre veñen da man dunha muda no comportamento lingüístico oral e social na comunidade respectiva.

Por exemplo, en opinión dos sociolingüistas (Le Page 1992, Rogers 2005 e Sun 2006), a deriva actual de China cara a unha actividade gráfica máis difusa tivo que ver, por unha banda, coa apertura das sociedade chinesa á cultura occidental e á economía de mercado e, pola outra, co espallamento do chinés estándar moderno polo país. En esencia, a complementariedade actual (Cheung 1992: 214, Mair 1996: 204-205, Zhang 2013: 564-570) entre grafemas tradicionais, grafemas simplificados e *hanyu pinyin* (o sistema grá-

<sup>258</sup> En concreto, Eito e Marcuello (2013/2014: 146), López Susín (2013: 168), Marco (2010: 31-44) e Segura (2010b: II-III).

fico alfabético de base latina), coincidiu, no rexistro oral, co espallamento do chinés estándar moderno ou *pǔtonghuà* (é dicir, da chamada «lingua común») e, no plano social, coa apertura da sociedade tradicional chinesa á influencia de Pequín.

A maiores, segundo o devandito sociolingüista (Le Page 1992: 129-131), do mesmo xeito que as focalizadas prácticas gráficas tradicionais chinesas están a escorar cara a unha actividade gráfica comparativamente máis difusa e diverxente por mor da muda das circunstancias sociais en que se orixinara aquela conxuntura de partida, así tamén, os usos gráficos reais dalgúns territorios pos-coloniais (p.e. Illas Mauricio, bislama en Vanuatu, suahili en Tanzania e sotho en Lesoto) están a converxer nunhas prácticas gráficas relativamente máis focalizadas por mor das necesidades de comunicación supralocal derivadas dun incipiente proceso de construción nacional.

En síntese (Le Page 1992: 131), a emerxencia dun proceso de construción nacional e a conseguinte conversión das capitais dos antigos territorios coloniais nos auténticos centros económicos, políticos, culturais e administrativos do país explica a deriva histórica deses territorios cara a uns usos gráficos cada vez máis focalizados e converxentes.

Sen dúbida, con todos estes exemplos tan afastados xeográfica e culturalmente entre si, pretendemos deixar constancia de que, en contra da impresión que tiramos da lectura dos traballos de non poucos lingüistas españois<sup>259</sup> verbo desta cuestión, unha conxuntura de difusividade gráfica, con independencia da súa intensidade e duración, non se debería enfocar como unha situación anómala, atípica e sen parangón posible na historia da escritura.

Segundo a posición que aquí estamos a defender, a historia de difusividade gráfica dos idiomas periféricos do estado español (p.e. do galego, aragonés, etc.) non tería moito de singular se tivésemos presente que os sistemas gráficos das grandes linguas europeas actuais (p.e. do inglés; Marshall 2011, Rutkowska e Rössler 2012: 223) pasaron tamén por períodos históricos de variabilidade gráfica cuxa intensidade devalou progresivamente conforme avanzaban os respectivos procesos de construción nacional<sup>260</sup>.

<sup>259</sup> Concretamente, Arnal (2010a: 73), Freire (2009: 6), Martín (2004: 201), Morala e Egido (2009: 209-210, 216-217, 219-220, 237), Salvador (1987: 23, 57, 98).

<sup>260</sup> Neste sentido, Spolsky (2004: 31-32) pon de relevo que, na época da chegada da imprenta a Inglaterra convivían neste país, como pouco, dúas ortografías: 1ª) unha ortografía nacional orixinada e empregada na chancelaría real e 2ª) unha ortografía de uso local e rexional. Anos máis tarde, segundo Cooper (1997: 175-176), contra finais do século XVII, por cousa do labor de fixación ortográfico executado desde as diferentes imprentas do país, o inglés xa converxera nun único sistema gráfico. Xa que logo, o dicionario de Samuel Johnson (publicado en 1755) combinou criterios persoais co conxunto de convencións ortográficas consolidadas desde o século precedente.

Con todo, á hora de contextualizarmos adecuadamente o histórico (no galego, vasco e catalán) e actual (no aragonés, asturiano, eonaviego, leonés, etc.) polimorfismo gráfico nos idiomas periféricos do estado español, cómpre ter moi presente que, nin sequera as grandes linguas actuais, con seren as súas prácticas gráficas actuais resultado dun labor centenario (p.e. Tuten e Tejedero-Herrero 2011: 297; se cadra, milenario) de intensa codificación ortográfica, están libres, por completo, dun certo grao de variabilidade gráfica. Ao cabo, é innegable que, por mor da multiplicidade de factores políticos, económicos, sociais, culturais, relixiosos, etc., que se entrelazan cos sistemas gráficos das grandes linguas do mundo, a actividade gráfica nestas grandes linguas amosa, cando menos, un certo nivel de variabilidade interna.

Ao pé dos exemplos xa mencionados, o inglés sería un dos casos ben evidentes de difusividade gráfica nunha das grandes linguas modernas. Consonte con Henry Rogers (2005: 192-193), no interior deste idioma, podemos discriminar, cando menos, un dialecto gráfico americano e un dialecto gráfico inglés. A maiores, de termos presentes as palabras de R. B. Le Page (1992: 113), se transcendésemos o ámbito dos usos gráficos institucionais e se descendésemos ao nivel das prácticas gráficas da «xente da rúa», cabe asegurar que o grao de difusividade gráfica neste idioma sería, comparativamente, moito máis acentuado.

Sexa como for, así como as grandes linguas europeas camiñaron pase-niño desde un marcado polimorfismo gráfico cara a unhas prácticas gráficas comparativamente moito máis focalizadas, non hai dubida de que outro tanto aconteceu con algúns dos idiomas periféricos do estado español no pasado (p.e. co catalán e galego) e de que algo ben similar podería suceder cara ao futuro cos restantes idiomas deste mesmo estado se lles désemos tempo abondo (p.e. co aragonés). Por máis detalle, ao igual que o catalán camiñou devagariño cara a unhas prácticas gráficas máis e máis focalizadas desde a segunda metade do século XIX até a segunda década do século seguinte conforme eses usos gráficos difusos se tornaron máis e máis incómodos no marco dunha demanda crecente de efectividade na comunicación supralocal, en atención ás palabras do actual Director Xeral de Política Lingüística do Goberno de Aragón (don Jose Ignacio López Susín) recollidas na prensa diaria, semella que algo ben similar estaría a acontecer actualmente no aragonés (Batalla 2016, Chic 2016, Tricas 2016). Segundo nos comentan estes tres xornalistas, cada día está máis cerca unha «grafía común para la lengua aragonesa» porque cada día son máis evidentes as dificultades que «tiene el departamento para usar el idioma en cartelería, rótulos, avisos o folletos».

Mais, antes de explorarmos como interpreta a SLC a ocultación da difusividade gráfica no pasado e no presente das grandes variedades estándar así



como os procesos de progresiva focalización gráfica no pasado e presente dos «pequenos» idiomas periféricos, cómpre que retomemos ese «lugar común» da sociolingüística que insiste nos vínculos entre *grafización* (isto é, o desenvolvemento dunha ortografía; por extensión, *estandarización*) e os procesos de construción nacional<sup>261</sup>.

No parecer da SLT<sup>262</sup>, os procesos de grafización emerxen inextricablemente ligados a factores extralingüísticos. En síntese (p.e. Barbour 2000c: 13, Coulmas e Guerini 2012: 447), a moderna sociolingüística entende que, pois a emerxencia dunha nova ortografía e dunha nova identidade nacional son dúas realidades tan intimamente relacionadas entre si que unha e outra xorden nunha dialéctica de relación bidireccional constante, ortografía e identidade nacional son algo semellante ás «dúas caras dunha mesma moeda». Xa que logo, desde este punto de vista, as novas identidades nacionais non preceden ás novas ortografías (nin ao revés) pois unhas e outras se articulan asemade a través dun longo, dilatado e ininterrompido proceso de relación bidireccional constante (p.e. no aragonés; Marco 2012: 31-34).

Na práctica, isto significa que a visión da propia identidade nacional repercutirá tanto no proceso de conformación dunha nova ortografía como na súa configuración final e que, á vez, cada nova ortografía (p.e. do aragonés; Segura 2010a: 14) terá un papel relevante na conformación dunha nova identidade nacional en tanto que actúa, cando menos nun nivel simbólico, como o símbolo máis conspicuo da posesión dunha lingua propia e, por extensión, dunha identidade nacional diferenciada.

Precisamente, pois a un nivel práctico e simbólico unha nova ortografía adoita funcionar como a «bandeira» máis visible dunha nova lingua e dunha nova identidade nacional, isto explica tanto a relevancia que os lingüistas periféricos (p.e. Segura 2005, 2010a, 2010b) do estado español outorgaron á individualización gráfica dos seus respectivos idiomas como o virulento ataque dos lingüistas españois contra todos estes proxectos de individualización gráfica (p.e. Salvador 1987: 23).

Xa que logo, por moito que a EFE declarase ilexítimos os proxectos de individualización gráfica dos idiomas periféricos do estado español porque os consideraba viciados por espurias intencións políticas (nacionalistas, secesionistas e autonomistas), cómpre ter moi presente que, no parecer da SLT (p.e. Coulmas e Guerini 2012: 451), a ideoloxía do nacionalismo (ao cabo, a

<sup>261</sup> Nomeadamente, Coulmas e Guerini (2012), Fishman (1973: 68-69), Hernández-Campoy (2011: 704), Le Page (1992), Rutkowska e Rössler (2012: 229), Sjöberg (1966: 267) e Spolsky (2004: 32-33).

<sup>262</sup> Agora, Barbour (2000a, 2000b, 2000c), Ferguson (2006), Joseph (1987, 2004a, 2006) e Wright (2000, 2004).

ideoloxía lingüística do monolingüismo) impregna, con máis ou menos intensidade, todos os procesos de grafización.

Precisamente, porque as ortografías non xorden á marxe dos procesos de conformación de novas identidades nacionais e viceversa (p.e. no aragonés; Marco 2012: 39, Segura 2005, 2010a, 2010b), así como os nacionalismos procuran a segregación externa fronte a outras identidades nacionais e, asemade, a integración interna dos grupos parcialmente diverxentes, cada ortografía emerxente (p.e. do aragonés; 2010a: 17-25) deberá conxugar adecuadamente a aspiración de individualización gráfica das súas propias falas fronte a variedades lingüísticas xeográfica e lingüisticamente afíns (daquela, verbo das ortografías do seu mesmo *continuum* lingüístico) coa integración gráfica das propias variedades lingüísticas (isto é, coa necesidade de «unir» todas as falas que se ven como parte dunha mesma lingua baixo unha mesma ortografía).

Na práctica, isto, implica, por unha banda, unha certa dose de individualización gráfica fronte ás ortografías próximas (p.e. no galego fronte ás ortografías do castelán e do portugués; Sánchez 2004-2010), e, pola outra, a aspiración de unidade, baixo un mesmo sistema gráfico, de todas as falas que se ven como parte da mesma lingua (p.e. no aragonés, do benasqués; Marco 2012: 37, Segura 2010b: III).

Xa que logo, desde un punto de vista autenticamente científico, dado que todos os idiomas procuran un certo nivel de individualización gráfica fronte ao resto de idiomas xeográfica e lingüisticamente afíns (p.e. o castelán fronte ao portugués e viceversa; o galego fronte ao portugués e español, o asturiano fronte ao galego e español, etc.) e, asemade, a integración gráfica de todas as súas falas baixo unha mesma e única ortografía (no caso galego, das falas con e sen seseo), non ten sentido ningún o feroz ataque da EFE contra a proxecto de individualización e unidade gráfica dos idiomas periféricos do estado español dado que este obxectivo, malia o seu ocultamento pola EFE, tamén gobernou a progresión histórica do sistema gráfico do español.

Con estes antecedentes, desde o punto de vista da SLC, non hai dúbida de que a manipulación do criterio da presenza/ausencia de escritura volveu utilizar, ao igual que acontecera co criterio da distancia, a dobre estratexia lingüístico-discursiva da iconización e do ocultamento.

En concreto, a EFE iconizou, tanto a suposta superioridade mundial da ortografía do español (p.e. Salvador 2007a, 2007b), como a transitoria difusividade gráfica (p.e. Arnal 2010a: 81, Freire 2009: 4, 6-7, Morala e Egido 2009, Salvador 1987: 57, 98) dos idiomas periféricos do estado español (antes, do galego, vasco e catalán; agora, do aragonés, asturiano e leonés).

Por suposto, a EFE deu a entender que, en atención ao criterio da escritura, mentres o español era indubidablemente unha lingua porque contaba

co «mellor» sistema gráfico do mundo (isto é, o máis racional, sinxelo e versátil), pola contra, os restantes idiomas periféricos do estado español non eran «linguas en sentido estrito» por mor das súas prácticas gráficas diverxentes e difusas (ao cabo, inferiores).

Precisamente, ao fío deste argumento, algúns lingüistas españois, implícita (p.e. Salvador 1987: 99) ou explicitamente (p.e. Freire 2009, Mendivil 2008), propuxeron substituír os idiomas periféricos do estado español (p.e. o galego; Freire 2009) por unha das grandes variedades estándar do mundo (no caso anterior, ben polo portugués, ben polo castelán) coa escusa de que estes últimos ofertaban sistemas gráficos máis coherentes, uniformes e, ademais, supranacionais (ao cabo, «superiores» desde un punto de vista estritamente técnico, neutral, obxectivo e lingüístico).

Asemade, como xa mencionamos con anterioridade, a SLC tamén pon o acento sobre a estratexia lingüístico-discursiva do ocultamento da realidade innegable de que, por unha banda, todos os idiomas modernos iniciaron o seu camiño cara a unhas prácticas gráficas máis focalizadas desde unha conxuntura inicial dunha marcada difusividade gráfica e de que, por outra banda, aínda hoxe, non poucas das grandes (p.e. as reformas ortográficas no español, alemán, etc.) e «pequenas» (p.e. o serbio, bosnio, croata e montenegrino, Greenberg 2001, 2004; bretón; Hornsby e Nolan 2011: 315) linguas do mundo están a traballar na focalización das súas ortografías.

Sen dúbida, por unha banda, o ocultamento da difusividade gráfica na historia das «pequenas» (p.e. no serbio) e grandes (p.e. no inglés) linguas do mundo así como dos procesos de focalización gráfica no pasado (p.e. no galego) e presente (p.e. no aragonés) dos «pequenos» idiomas periféricos do estado español, e, pola outra, a iconización tanto da suposta superioridade lingüística do sistema gráfico do español como da transitoria difusividade gráfica dos idiomas periféricos do estado español pretenden colocar estas falas periféricas nun estatuto de «excepcionalidade» entre os sistemas gráficos do mundo e, por conseguinte, redundar no prexuízo de que estes idiomas, desde o criterio da escritura (é dicir, desde un punto de vista estritamente lingüístico), tampouco son «linguas en sentido estrito».

Desde o punto de vista da SLT, pois todos os idiomas camiñaron historicamente cara á integración gráfica de todas as súas falas locais baixo unha mesma e única ortografía e dado que ningún dos idiomas modernos renuncia a ese ideal futuro por moi diversificadas que puidesen ser as súas prácticas gráficas actuais (p.e. no rusino; Sánchez 2009: 328-329)<sup>263</sup>, sorprende que

<sup>263</sup> No caso deste idioma, con até cinco ortografías diferentes. En esencia, unha ortografía común, en alfabeto latino, e catro ortografías locais máis: unha para a rexión polaca de Lemko ou Beskid Niski, outra para a rexión eslovaca de Prešov (estas dúas primeiras con alfabeto latino), outra para a zona

a EFE avogue pola fosilización do proceso de grafización na súa fase inicial de intensa difusividade gráfica no caso de que algún dos idiomas periféricos do seu estado (p.e. o aragonés) aínda se atopase en semellante situación. Ao cabo, a EFE propugna que estes idiomas fiquen petrificados na estraña conxuntura de «tantas ortografías como falas locais» (Arnal 2010a: 81, Mendívil 2008: 6-7).

Con certeza, dado que a EFE rexeitaría categoricamente unha proposta semellante para o seu idioma porque, entre outras razóns, colocaría o seu idioma nun estatuto de excepcionalidade entre todas as ortografías do mundo (=exotificación), outra volta cabe enmarcar a suxestión anterior no conxunto do discurso dominante con que se procurou a minorización dos idiomas periféricos do estado español e a glorificación da variedade estándar estatal<sup>264</sup>.

Agora ben, co ánimo de ocultar esa vontade de exotificación, a EFE envolveu esta discriminatoria proposta nun discurso eufemístico que lexitimaba e xustificaba as inusitadas hiperlocalizadas ortografías resultantes co argumento de que un sistema gráfico con «tantas ortografías como falas locais» favorecería a identificación dos falantes coa súa correspondente fala local e, de resultas, permitiría a supervivencia de todas esas variedades lingüísticas locais (por extensión, desa lingua e da diversidade lingüística mundial).

De seguro, desde o punto de vista da SLT, chama a atención que se defenda para os idiomas periféricos do estado español un horizonte de permanente e excepcional difusividade gráfica (á derradeira, «tantas ortografías como falas locais») a pesar de que semellante opción redundaría, inequivocamente, no prexuízo de que, tampouco desde o punto de vista do criterio da escritura, estamos ante «linguas en sentido estrito».

Pola súa banda, desde a perspectiva da SLC, cómpre advertir que a opción de «unha ortografía por fala local» condenaría a estes idiomas a un uso restrinxido como idiomas gráficos locais (Mendívil 2008: 6-7) e, xa que logo, en tanto que se dificultaría a consolidación dun sentimento de unidade lingüística entre todas esas variedades lingüísticas locais (dito doutro xeito, a idea de que estas falas locais son partes dunha mesma lingua; Segura 2010a: 14-25, 2010b: X-XVI) e o seu acceso aos seus usos formais (Segura

---

subcarpatiana de Ucraína e, por último, outra para as rexións serbia de Vojvodina e croata de Srem (estas dúas últimas con alfabeto cirílico).

<sup>264</sup> Verbo destas propostas, Aliaga (2013), profesor del Departamento de Lingüística Xeral e Hispánica da Universidade de Zaragoza, escribe: «[...] tantos estándares como variedades locales identificables, no cuenta con ningún precedente exitoso. En esas condiciones, la lengua de referencia seguirá siendo el castellano culto que, en definitiva, es lo que se persigue. [...] En el caso del aragonés, no ha cuajado un estándar moderno porque, entre otras cosas, requeriría un apoyo institucional del que nunca ha disfrutado».

2010a: 14, 2010b: XVI), esta proposta axudaría ao control xeopolítico dos grupos humanos asociados con todas estas variedades lingüísticas locais dentro das fronteiras do estado español.

A maiores, mesmo se abeirásemos o ton de libelo que impregna algún dos traballos da EFE tocante á ortografía dos idiomas periféricos (p.e. Freire 2009), tamén chama a atención a vehemencia con que os seus lingüistas (p.e. Arnal 2010a, Lodares 2000, 2002, 2005, Morala e Egidio 2009: 27) denunciaron un suposto afán arredista da ortografía destes idiomas verbo do sistema gráfico do castelán.

En realidade, se temos presente que, polo xeral, as ortografías dos idiomas periféricos partiron da tradición gráfica do español (p.e. a ortografía do galego; Sánchez 2004-2010), non se arredaron dese sistema gráfico moito máis alá do esixido pola necesidade de adaptación ás especificidades fonolóxicas do idioma periférico respectivo (p.e. no aragonés; Segura 2010b: II-III) e que toda ortografía necesita, por mínimo que este sexa (p.e. o eonaviego fronte ao galego e asturiano, aragonés fronte á castelán, etc.), dun certo grao de individualización gráfica verbo das ortografías do seu respectivo *continuum* gráfico, cabe afirmar que esta crítica non ten xustificación científica ningunha.

Paradoxalmente, así como se fai crítica dos lingüistas periféricos polo seu «inxustificado» afán arredista da ortografía do español, á vez, os lingüistas españois propoñen, por exemplo, a confluencia gráfica plena do galego co sistema gráfico do portugués estándar (Alvar 1991: 193, Lodares 2000: 199-200) a pesar de que, evidentemente, esta segunda opción carrexaría un distanciamento gráfico do galego con respecto á ortografía do castelán comparativamente moito máis acusado.

Con seguridade, unha vez máis, a defensa ideolóxica da unidade idiomática (neste caso, pola vía da reivindicación da unidade gráfica plena coa lusofonía) e territorial dunha das grandes linguas do mundo fronte ás pequenas variedades lingüísticas vernáculos (á derradeira, a ideoloxía lingüística do monolingüismo) xunto co proxecto ideolóxico de minorización dos idiomas periféricos do estado español, priman sobre calquera outra consideración.

En resumo, desde o punto de vista da SLC, as estratexias lingüístico-discursivas da iconización e do ocultamento aplicadas ao criterio da escritura pretenden, outra volta, a glorificación do castelán e a minorización dos idiomas periféricos do estado español.

A ciencia certa, se, por unha banda, iconizamos a transitoria difusividade gráfica dos idiomas periféricos do estado español (antes, do galego, catalán e vasco; agora, do aragonés, asturiano, eonaviego, leonés, etc.) ao mesmo tempo que insistimos na suposta éxida da ortografía do español entre todos

os sistemas gráficos mundiais por mor da súa suposta inigualable sinxeleza, coherencia e racionalidade, e se, pola outra, ocultamos a histórica (maior) e actual (menor) documentada difusividade gráfica nos sistemas gráficos das grandes linguas do mundo (por suposto, tamén, no español), estaremos a lexitimar cientificamente o prexuízo ideolóxico de que os idiomas periféricos do estado español, no tocante ao criterio da escritura, tampouco son «linguas en sentido estrito» ou, no mellor dos casos, son, simplemente, case-linguas ou idiomas parciais.

## 4.2 O criterio normativo

### 4.2.1 Os problemas das linguas grandes

No tocante a este criterio, vaia por diante que estamos plenamente convencidos de que a posesión ou carencia dunha variedade estándar, ou, con palabras de Alvar (1961: 56, 1978a: 15, 1982: 61, 1996b: 12, 2004: 28), dun «alto grado de nivelación», non pode ser, desde ningún punto de vista, un criterio determinante á hora de discriminar entre linguas e dialectos.

Fóra dos detalles, segundo Alvar, un idioma (p.e. o andaluz) será lingua se conta cun «alto grado de nivelación» (isto é, un grao elevado de uniformidade lingüística interna) e, de non ser así (é dicir, de estar dialectalmente fragmentado), será dialecto. Por suposto, dado que un idioma só gozará dun «elevado grado de nivelación» se posúe unha variedade estándar (unha «lengua literaria», un «lenguaje común» na súa terminoloxía; Alvar 1990: 21, 2000: 27), á derradeira, un idioma será, ou non, lingua segundo posúa, ou non, unha variedade estándar.

De acordo con este criterio, visto que algunhas variedades lingüísticas periféricas do estado español (cando menos, andaluz, aragonés, e leonés; Alvar 2004: 35, Lázaro 1972: 11) carecen dunha variedade estándar consolidada e, xa que logo, «por completo de cierta uniformidad o nivelación lingüística» (Alvar 2004: 28), estes idiomas son, desde un punto de vista «científico», «obxectivo», «neutral» e «lingüístico», dialectos.

No ronsel de Manuel Alvar argumentan, entre outros, lingüistas como Antonio Quilis, César Hernández e Víctor G. de la Concha (1971: 184), María Luisa Arnal Purroy (2010a: 80), José Jesús de Bustos Tovar (2013: 25), María Antonia Martín Zorraquino (2003: 25, 2004: 200-201), José Luis Mendivil Giró (2003/2004: 1438, 2007: 17, 2008: 5) e Juan Luis Onieva Morales (1986: 60).

Mais, antes de entrarmos na debulla pormenorizada do devandito criterio, cómpre advertir que, se ben a literalidade dos textos de Alvar citados con anterioridade, non exclúe outras posibles interpretacións do termo *nivela-*

ción, agás nos detalles, semella que o devandito epígrafe equivale á etiqueta máis común de estandarización. Xa que logo, en liñas xerais, o termo nivelación refire ao proceso de construción dunha variedade estándar<sup>265</sup>.

Ao noso xuízo, a axenda de desenmascaramento da ideoloxía lingüística do monolingüismo oculta baixo este criterio, debería comezar por advertir que, con ser verdade que as variedades lingüísticas vernáculas son relativamente heteroxéneas, multidimensionais e dinámicas, así e todo, non é certo que as variedades lingüísticas non-estándar ou vernáculas, como se sobreentende da lectura dos textos dalgúns lingüistas españois<sup>266</sup>, sexan unha sorte de «caos lingüístico» carentes, por completo, de cohesión e uniformidade interna.

Correlativamente, malia que nas variedades estándar, pois responden o obxectivo consciente de permitiren a comunicación supralocal e, xa que logo, de procuraren a máxima eficiencia funcional coa mínima variación formal (p.e. Pedersen 2005: 175, Milroy 2012: 576), prime o binomio uniformidade/estatismo sobre o par diversidade/transformación, isto tampouco nos debería levar á conclusión errada de que as grandes linguas do mundo están, por completo, libres de heteroxeneidade e de diversidade lingüística.

De primeiras, con ser certo que as variedades lingüísticas estándar conforman, en certo sentido, unha excepción no panorama xeral das variedades lingüísticas vernáculas no sentido de que procuran, conscientemente, o máximo nivel de eficiencia comunicativa coa mínima variación formal, non deberíamos esquecer que todas as variedades lingüísticas combinan, en proporcións variables, uniformidade/estatismo con diversidade/transformación. De certo, desde un punto de vista realmente científico, obxectivo e neutral, cabe asegurar que, nin as falas vernáculas son un «caos lingüístico» sen coherencia e uniformidade interna ningunha, nin as variedades estándar son as entidades lingüísticas perfectamente homoxéneas que presupoñen os máis dos lingüistas da EFE.

Por outra banda, ademais de insistir na realidade de que en toda variedade lingüística (estándar e non-estándar) conviven heteroxeneidade e uniformidade lingüística en proporcións variables, tampouco deberíamos pasar por alto

<sup>265</sup> Para aceptar a identificación que aquí estamos a defender entre os termos de nivelación, por unha banda, e, pola outra, estandarización e variedade estándar temos que ter moi presente que os propios textos de Alvar conectan estes dous epígrafes a través de termos intermedios como: 1º) «uniformidad» e «cohesión» (Alvar 1961: 56) e 2º) «igualación» e «uniformación» (Alvar 1982: 64). Ademais, deberíamos ter en conta que Alvar (2000: 27) define nivelación do seguinte xeito: «es el proceso «directo y deliberado de la sociedad para llegar a un lenguaje común por encima de lo que es la fragmentación dialectal». Por último, cómpre pór de relevo que, para Montes (1980: 239), o termo de Alvar, nivelación, equivale ao epígrafe máis común de normativización.

<sup>266</sup> Por exemplo, Alvar (1961: 59, 2004: 28), Salvador (1987: 25), Neira (1982: 26-27, 43, 47, 67, 82).

que o grao de cohesión interna dunha variedade estándar (p.e. da variedade estándar do francés), á marxe de que este sexa máis ou menos elevado, en contra das afirmacións de lingüistas como Alvar (1961: 55, 1982: 64, 1996b: 12), non se pode estender, automaticamente, á totalidade de usos lingüísticos normativa e funcionalmente subordinados a esa mesma variedade estándar.

O lingüista español Manuel Alvar (1978a: 18, 1982: 64) afirmaba:

El andaluz [...]. ¿Es, pues, una lengua? La respuesta sería rotunda: No. Porque le falta el grado más leve de igualación, uniformación o nivelación. Es un caos de efervescencia, que no ha logrado establecer la reordenación del sistema roto.

Por súa vez, con respecto ao retorrománico e romanés, este mesmo lingüista aseguraba: «El hecho de que las hablas réticas o el rumano non tengan la cohesión del francés o del español, no puede servir de argumento» (Alvar 1961: 56, 1978a: 15, 1996b: 12).

Ao noso xuízo, estes dous textos deixan entrever que a EFE, ademais de concibir as variedades lingüísticas vernáculos como unha sorte de «caos lingüístico» sen cohesión interna ningunha, polo xeral, reflexiona sobre as grandes linguas de cultura como se unha parte dos seus usos lingüísticos (en concreto, as súas variedades estándar; ás veces, só o seu sistema) fose equivalente ao todo correspondente (isto é, á totalidade de prácticas lingüísticas reais que conforman unha lingua).

Con certeza, pois algúns lingüistas (non só da EFE) teñen tan interiorizada a idea de que cada variedade estándar (isto é, unha parte) equivale á totalidade da lingua respectiva (isto é, o fenómeno de *sinécdoque*; Josep. 1982: 489)<sup>267</sup>, estes investigadores mesmo chegan a pasar por alto que, cando comparan unha variedade lingüística vernácula (p.e. o andaluz) coa súa variedade estándar correspondente (p.e. co español estándar), implicitamente, están a recoñecer posibles asimetrías no grao de cohesión interna entre unha variedade estándar e o total da lingua respectiva.

En primeiro lugar, con independencia de que o español supere, ou non, en homoxeneidade interna, a outros idiomas europeos (p.e. ao romanés) e á marxe de que a lingua española puidese estar, ou non, máis diversificada internamente do que deixa entrever a súa variedade estándar, desde o punto de vista da SLC, cómpre colocar o foco sobre a visión interesada da lingüística

<sup>267</sup> Con palabras de Montes (1980: 239) falaríamos de ideoloxía do universalismo *lingüístico*. Segundo este mesmo dialectólogo (Montes 1980: 240), esta ideoloxía lingüística, cuxa presenza en lingüistas españois como Alvar é innegable (Montes 1980: 239), podería definirse do seguinte xeito: «[...] la ficción de que la descripción de una parte de un sistema lingüístico, así sea una parte muy importante, es una descripción válida del conjunto total».



española da súa propia lingua como o idioma (desde a Idade Media) internamente máis homoxéneo do mundo ou, dito doutro xeito, internamente menos diversificado do mundo (nomeadamente, fronte aos seus «rivals» europeos máis directos)<sup>268</sup>.

En opinión dalgúns investigadores (Hamel 2006: 47 e Senz, Minguell e Alberte 2011: 473-475), a imaxe da lingua española como o idioma máis homoxeneizado e uniforme do mundo (no tempo, no espazo e na sociedade) non responde a unha análise obxectiva, científica e neutral da realidade lingüística senón a un enfoque ideolóxico desa mesma realidade coa finalidade última de colocar o español nunha posición de privilexio con respecto aos seus potenciais competidores domésticos (isto é, fronte aos seus respectivos idiomas periféricos) e externos (é dicir, fronte aos seus posibles rivais internacionais; nomeadamente, ante o inglés).

Fóra do caso específico da lingua española, no parecer da SLC, o construto ideolóxico que dá por sentada a cohesión interna das grandes linguas do mundo desexa xustificar e lexitimar cientificamente o prexuízo de que é lexítimo, e, ademais, conveniente, a substitución das «pequenas» variedades lingüísticas vernáculas pola correspondente gran lingua dominante.

Á marxe dos detalles, algúns lingüistas xustifican a expansión territorial e demográfica das grandes linguas do mundo (p.e. do inglés) co seguinte discurso dominante: mentres as «pequenas» variedades lingüísticas vernáculas non son «útiles» para a comunicación supralocal porque son un «caos lingüístico» interno (p.e. o asturiano, galego, aragonés, etc.), as grandes variedades estándar (p.e. o español), por mor da súa elevada cohesión e uniformidade interna, son as «canles de comunicación» ideais nun mundo (se queremos, nun mercado) cada día máis e máis globalizado.

En concreto, a EFE deixou caer que, pois a súa inigualable cohesión e uniformidade interna coloca ao español nunha posición insuperable para a comunicación supranacional<sup>269</sup>, ningunha outra das grandes linguas do

<sup>268</sup> Por exemplo, Marcos Marín (2001: 73), Marcos-Marín e Miguel (2009: 49, 92, 98) e Salvador (2007a: 61-62, 2007b: 17, 32, 34, 162).

<sup>269</sup> A este respecto, Salvador (2007b: 32) escribe: «El español es una lengua muy cohesionada, la más unitaria de todas las lenguas del mundo. Sus diferencias dialectales son mínimas en comparación con las que suelen ofrecer otros dominios lingüísticos y no impiden nunca —ni siquiera dificultan— la intercomprensión entre sus hablantes». Con anterioridade, este mesmo lingüista (Salvador 2007b: 29), afirmara sobre o español que: «Posee todo lo necesario para ocupar en ella un lugar destacado: amplia base demográfica en crecimiento, notable extensión geográfica, adecuación entre lengua hablada y lengua escrita, nitidez fónica, simplicidad ortográfica y cohesión idiomática. No se le puede pedir más». A maiores, este mesmo lingüista (Salvador 2007b: 162) lamenta que: «Porque lo verdaderamente grave en una lengua de la extensión de la española es que se produzcan variaciones o cambios parciales, que afecten exclusivamente a una parte determinada del territorio: cual-

mundo desempeñaría tan ben o rol de «lingua universal» como o español (xa que logo, ningún outro idioma estaría tan lexitimado para a fagocitación dos «pequenos» idiomas vernáculos)<sup>270</sup>.

No tocante ás reflexións que seguen, en tanto que algúns lingüistas españois<sup>271</sup> asumen esta máxima de Alvar (1961: 54, 1978a: 10, 1982: 59, 1996b: 10, 2000: 21, 29): «El castellano, es cierto, no se ha segmentado», para visualizarmos a ideoloxía lingüística subxacente a esta afirmación, en primeiro lugar, teremos que demostrar que as grandes linguas europeas, tanto no ámbito das súas variedades estándar como no conxunto dos seus usos lingüísticos, non posúen un nivel de homoxeneidade interna tan elevado como se lles adoita atribuír.

Como asegura, tallantemente, Georges Lüdi (1992: 152-154), a imaxe das grandes linguas europeas como idiomas posuidores dunha inigualable uniformidade e homoxeneidade interna non sería posible se os seus lingüistas non operasen coa tradicional imaxe do presente destas linguas como unha sorte de modalidade corrupta dunha immaculada versión orixinal situada nunha

---

quier tendencia evolutiva aislada, localizada en un territorio, puede representar, a la larga, sumada a otras, una amenaza para la unidad y es, por lo tanto, un negro augurio de fragmentación». Por súa vez, Lodaes (2005: 89) opina que: «Frente a la inevitable variedad del léxico y de la pronunciación está lo fijo de la gramática, que es esencialmente la misma para todo el dominio hispanohablante; y sus variaciones apenas disenan. Todo ello hace suponer que la unidad fundamental está garantizada por mucho tiempo; y más si se considera que, al contrario de lo que sucede en otras lenguas, el español cuenta con una autoridad lingüística reconocida: las academias, con la española como decana, pero repartidas en veintidós países». Nunha liña ben semellante, Marcos-Marín e Miguel (2009: 49), primeiro, exclaman: «[...] el español tenga hoy unha coherencia interna verdaderamente superior a la de otras lenguas de difusión internacional (árabe, chino, ruso, portugués). No se trata de algo casual, sino del resultado de una voluntad de unidad lingüística, que los medios actuales deben reforzar»; e, a seguir: «La observación desapasionada nos dice que las variaciones territoriales del español son mínimas si las comparamos, por ejemplo, con las que se refieren a otras grandes lenguas como el inglés o árabe. Incluso dentro del círculo más amplio de los hablantes de español en el mundo entero, las variaciones siguen siendo escasas y referidas a aspectos subalternos de la vida» (Marcos-Marín e Miguel 2009: 92). Por último, así como Caffarel, en 2008 (Levinsky 2008), aseguraba que: «Por estudios que hemos hecho, hemos notado que el español tiene un noventa y cinco por ciento de comunicabilidad entre hispanoparlantes, y apenas el cinco por ciento restante pertenece a giros idiomáticos», e, en 2012 (Redacción de Trébol 2012: 37), que: «hay que destacar el reconocimiento de la comunicabilidad del español, que es del 95%», tamén Marín (2001: 73) entende que: «Un factor que ha aportado un enorme peso a la expansión del español en el mundo y a la adquisición de su condición de lingua internacional ha sido su homogeneidad. El español es el idioma más homogéneo: sus variantes en la fonética, en la gramática, en el léxico, son muy pequeñas y, en muchísimas ocasiones, meramente anecdóticas». En resumo, segundo o escritor Sergio Ramírez (2014): «¿Cuántas lenguas hablamos, cuántas lenguas tenemos? Una sola y diversa, y abundante».

<sup>270</sup> Concretamente, Lodaes (2002: 31-32, 127, 199, 2005: 59, 121-127), Marcos-Marín e Miguel (2009: 92-98) e Maldonado de Guevara (1995: 87).

<sup>271</sup> Por exemplo, Lodaes (2005: 88-93), López García (2007a: 61), Marcos-Marín e Miguel (2009: 49, 67, 92-98, 104) e Salvador (2007b: 17, 21, 22, 23, 29, 32, 34, 88, 162).

mítica e lendaria Idade de Ouro<sup>272</sup> (outra volta, o mito da pureza lingüística) e se estes lingüistas non participasen, tamén, da tendencia á manipulación ideolóxica da realidade lingüística en favor dos seus propios intereses e idiomas.

Sen dúbida, o mito lingüístico de que houbo un tempo (unha Idade de Ouro) en que as grandes linguas europeas actuais (antes as linguas clásicas) estaban totalmente libres de corrupción (isto é, eran Linguas de Ouro) permitiu que a lingüística tradicional (non só española) presentara toda a moderna variabilidade lingüística (nomeadamente, diatópica) de todas esas linguas como un monte de «erros», «corrupcións», etc., orixinadas co paso do tempo por mor da «ignorancia» das sucesivas xeracións de falantes interpostas entre aquel «pasado» e este «presente». Indubidablemente, grazas a este enfoque, os lingüistas tiveron as «mans libres» para etiquetar como uso «corrupto» ou «desviado» toda canta forma lingüística entendesen que non formaba parte da esencia pura da lingua tal e como esta fora codificada, primeiro, naquela mítica Lingua de Ouro e, logo, no estándar monocéntrico metropolitano (Lara 2011: 339).

Con seguridade, ao xuízo da SLC, a devandita argumentación foi parte dese discurso elitista con que algúns lingüistas tradicionais lograron facer pasar por verdade científica incontestable a afirmación de que, en esencia e malia as aparencias, todos os falantes das grandes linguas (p.e. do español) partillaban unha mesma lingua<sup>273</sup> e, por conseguinte, unha mesma nación (cultural) subxacente<sup>274</sup>.

<sup>272</sup> En opinión de Alvar, esa prístina lingua «pura» sería o «buen gusto» (Alvar 1982: 47-48; o *bon usage* dos gramáticos franceses como Claude Favre de Vaugelas) dos literatos do Século de Ouro español (Alvar 1982: 54, 1990: 23) cuxo modelo se estaría a corromper co ataque consciente das contra-elites ou proto-elites que el designa como «aristocracia negativa» (Alvar 1982: 41) e co uso descoitado dos falantes (Alvar 1990: 15). Pola súa banda, así resume Rabanales (1995: 261) os criterios de corrección idiomática da Real Academia Española: «1) el uso idiomático culto de la clase social dominante, 2) la lengua literaria culta, 3) el uso general moderno, 4) la tradición, 5) la frecuencia, 6) la casticidad, 7) lo estético y lo estilístico y 10) el sentimiento lingüístico». Por último, lembremos que, en opinión de Alvar (1982: 51-55), a corrupción lingüística conduciría, inexorablemente, á anarquía e á degradación moral.

<sup>273</sup> Por exemplo, en Gregorio Salvador (2007b: 45) lemos: «En cualquier caso, son dignos de alabanza todos los que, a un lado u otro lado del Atlántico, ponen su pluma y su saber al servicio de la lengua que nos une, de su integridad y de su unidad. Todos los puristas, inclusive los puntilleros o los afectados, merecen respeto». Por súa vez, Francisco Marcos-Marín e Amando de Miguel (2009: 65), verbo do labor da Real Academia Española, escriben: «Más que de acertar o tener éxito, se trata de continuar el trabajo y hacer lo posible por garantizar la unidad de la lengua española en el mundo».

<sup>274</sup> Tocante a esta cuestión, sería interesante citar estas palabras do académico Gregorio Salvador (2007b: 28): «La magnitud de España, o la de cualquiera de esos otros países que comparten nuestro idioma, no concluye en sus fronteras nacionales, porque la lengua nos libra de sentimientos empequeñecedores. No nos identifica y nos constriñe; antes bien, nos comunica y nos libera. Nos hace espiritualmente compatriotas de gentes muy diversas y alejadas».

De acordo co dito até o momento, bótase de ver que a visualización da ideoloxía lingüística oculta na máxima «El castellano non se ha segmentado» (ou afirmacións semellantes) esixe, en primeiro lugar, demostrar que, nin as variedades lingüísticas vernáculos carecen, por completo, de uniformidade interna, nin as variedades estándar son completamente homoxéneas e uniformes.

Verbo disto, deberíamos comezar por mencionar que a bibliografía especializada na análise da variedades estándar das linguas europeas (p.e. do inglés, español, portugués, etc.) reitera unha e outra vez que todas estas variedades de referencia, tanto no pasado<sup>275</sup>, como no presente (p.e. Josep. 2004a: 132-161, Wright 2012: 561-564), sempre presentaron un certo nivel de diversidade interna.

Precisamente, a pouco que se consulte o conxunto de traballos contidos no seminal volume de Michael Clyne (1992) sobre as grandes variedades estándar europeas, advertimos que todos os estudos alí reunidos coinciden na caracterización dos devanditos idiomas como linguas policéntricas ou pluricéntricas (ingl. *polycentric languages* e *pluricentric languages*) porque, como así mesmo pon de relevo Peter Trudgill (2003: 105), todos eles contan con máis dun centro endonormativo e, xa que logo, con dúas ou máis variedades estándar parcialmente diversificadas.

De feito, de lermos con máis vagar no conxunto dos traballos editados ou redactados por Michael Clyne (1992, 1992a, 1992b), advertimos que as variedades estándar de difusión mundial (nomeadamente, o español, francés, inglés e portugués), con seren consecuencia dun intenso proceso histórico de estandarización executado desde a metrópole desde finais da Idade Media até a actualidade (p.e. García 2011: 669-673), non só permitirían falar de linguas policéntricas ou pluricéntricas senón, mesmo, de unidades lingüísticas territorialmente segmentadas (é dicir, de linguas fragmentadas en varios idiomas mutuamente independentes).

Se callar, en opinión dos sociolingüistas (Ferguson 2006: 163-171, Moreno Cabrera 2000: 63-66 e Wright 2012: 564-565), o caso do inglés constitúe un dos exemplos que mellor ilustra como os lingüistas tradicionais ocultaron a intensa e marcada diversidade lingüística interna (non só no eixe espacial) das grandes linguas baixo o mito de que todos os seus falantes, de peneirarmos todos os seus usos lingüísticos «corruptos» e «desviados», partillaban unha mesma esencia lingüística (ao cabo; unha mesma lingua).

<sup>275</sup> En concreto, Dalby (2002: 38-81), Joseph (2004a: 98-109), Watts (2012: 593) e Wright (2012: 552-560).

Sen dúbida, así como o gradiente que poderíamos construír cos termos consagrados á caracterización da diversidade interna na lingua inglesa (lingua policéntrica ou pluricéntrica, inglés, variedades lingüísticas embrionarias e linguas incipientes) deixa entrever que os investigadores non se poñen totalmente de acordo verbo do grao de diversificación interna real desta lingua, así tamén esta mesma escala visualiza que os sociolingüistas (p.e. Wright 2012: 564) non teñen dúbidas de que, cando presentamos o inglés (ou calquera das outras grandes linguas; p.e. o español) como, con palabras de John Earl Joseph (1987: 170), unha lingua estándar monocéntrica, estamos a incrementar ideoloxicamente o seu nivel de cohesión interna.

De feito, ao noso xuízo, o enfoque do inglés (por extensión, das restantes grandes linguas) como unha lingua estándar monocéntrica, ademais de que desvirtúa a realidade lingüística, forma parte dese discurso elitista consagrado á defensa da unidade idiomática e territorial desta lingua no mundo baixo a coartada discursiva da salvagarda da súa pureza lingüística<sup>276</sup>.

Na liña do acontecido co inglés, malia que o francés pase por ser unha das linguas máis homoxéneas e máis uniformes do mundo por causa de que, entre os lingüistas, callou a idea de que en todas as escolas de todos os países francófonos se emprega, ensina e aprende un mesmo e único francés estándar (Guisan 2011: 144, Muljačić 1983b: 71, Price 1976: 10)<sup>277</sup>, de acordo co parecer de Georges Lüdi (1992: 149), estamos, outra volta, ante unha imaxe idílica e interesada do idioma francés.

Certamente, no tocante a esta última cuestión, cada vez máis sociolingüistas coinciden no «lugar común» de que, tanto nos territorios ultramarinos (Valdman 1983, Dugas 1983, Josep. 1987: 171, 2004a: 149; Wright 2012: 564) como na propia Francia (Guisan 2011: 145-149, Lüdi 1992: 158-159), o idioma francés amosa un grao de heteroxeneidade tan acusado con respecto ao chamado *bon usage* que, mesmo nunha posición ben moderada, poderíamos falar dun francés de Quebec, de Luisiana, de Bélxica, de Suíza e de África<sup>278</sup>.

<sup>276</sup> Por poñermos outro exemplo concreto máis desta asociación entre lingua española e nación cultural, Alzugaray (2004: 170) afirma: «El español es el tejido que ha unido nuestra nación en el terreno de la cultura, de la administración, de la economía. Nuestros escritores en español proceden de todos los rincones de España y América».

<sup>277</sup> Como exemplo desta visión tradicional verbo do francés, poderíamos citar estas palabras de Alvar (1982: 52): «Lógicamente, ni esto, ni lo que he dicho antes, pretenden la uniformización: el respeto no es imposición y el bien de todos será tanto más propio cuanto más compartido. Pensemos en lenguas tan uniformadas como el francés y, sin embargo, muy ricas en variedades regionales [...]». Nunha liña ben semellante, Salvador (1987: 23) escribe: «Asombrosa variedad del español, constantemente dialectal sin dejar de ser literario. No todas las lenguas son así, como es bien sabido. Pensemos en el francés sin ir más lejos, con su rígida e insalvable barrera entre la variedad regional y lengua literaria».

<sup>278</sup> Desde unha postura menos moderada, sería factible, segundo Georges Lüdi (1999: 158), falar dunha, no caso de Quebec, lingua quebequesa ou, mesmo, dun quebequés como lingua de seu.

De feito, en opinión de Roger Wright (2012: 563), visto que o francés escrito e o francés falado están actualmente tan lonxe un do outro como estiveron o latín e o francés antigo no seu momento, se o francés moderno se segue a considerar unha lingua única é porque os seus falantes así o ven (por iso falan de francofonía) e porque o seu sistema morfolóxico (na práctica, ben semellante ao do chinés actual e ao do latín no século IX) permite superar a notable variabilidade nos usos orais.

Daquela, bótase de ver que, ao igual que acontecía coa lingua inglesa, cando os lingüistas falan de cohesión e uniformización lingüística no interior do francés, en realidade, están a pensar, exclusivamente, na cohesión e na uniformidade no interior do estándar monocéntrico metropolitano e, xa que logo, non están a analizar a realidade lingüística global dese idioma senón, exclusivamente, as falas das elites estatais da metrópole.

Para rematarmos con esta breve exposición verbo do alcance da heteroxeneidade e da variabilidade nas grandes linguas europeas, cómpre lembrar que os sociolingüistas<sup>279</sup>, tamén adoitan coincidir na visión do español e do portugués como dúas linguas internamente moi diversificadas.

Polo xeral, a sociolingüística (p.e. Clements 2014, Lipski 2014: 1-2) esgrime o nivel de distanciamento lingüístico das falas ultramarinas do portugués e do español verbo das súas respectivas variedades lingüísticas metropolitanas como probas evidentes da diversidade interna dos devanditos idiomas. Indirectamente, a vehemente defensa da lingüística española (p.e. Salvador 1987) tocante á unidade idiomática entre o español continental e ultramarino deixa constancia de que o distanciamento lingüístico entre unhas e outras falas acada tal nivel que, mesmo, é perceptible entre a «xente do común».

Polo xeral, malia a insistencia dalgúns lingüistas españois na afirmación de que o español non se segmentou e de que este idioma supera a todos os restantes en homoxeneidade e uniformidade interna, a moderna sociolingüística constata a diversidade do español dentro e fóra de España<sup>280</sup>, o seu carácter de lingua policéntrica ou pluricéntrica (Alba 2001, Josep. 1987, López Serena 2011: 60, Sedano 2001, Thompson 1992) e, por último, a existencia de máis dun centro endonormativo con cadansúa variedade estándar parcialmente diversificada (cando menos, un español de América e un español europeo).

<sup>279</sup> Por exemplo, Thompson (1992), Baxter (1992), Godenzzi e Sichra (2015), Lipski (2014), Pountain (2014) e Wright (2012).

<sup>280</sup> En concreto, Blas (2011), Clements, Amaral e Luís (2011), Escobar (2011, 2014), Gynan (2011), Lipski (2014), Ortiz (2011), Sayahi (2011), Schwegler (2011), Senz, Minguell e Alberte (2011) e Wright (2012).

Neste sentido, os (socio)lingüistas teñen cada vez máis claro que a «visión idealizada y encorsetada de una única norma panhispánica idéntica para todos los hispanohablantes» (López Serena 2011: 65) non describe axeitadamente a realidade lingüística actual do español<sup>281</sup>. Entre outras razóns, os países sudamericanos (e as súas variedades lingüísticas; Spolsky 2011b: 144) presentan uns usos lingüísticos (nomeadamente, orais) cada día máis e máis endonormativos (ou, dito doutro xeito, menos exonormativos e menos atentos ás prácticas lingüísticas da metrópole)<sup>282</sup>.

Con respecto á lingua portuguesa, a moderna sociolingüística<sup>283</sup> coincide no enfoque do portugués como unha lingua policéntrica ou pluricéntrica con, cando menos, dous grandes centros endonormativos e, xa que logo, con dúas variedades estándar parcialmente diversificadas: a variedade estándar brasileira e a variedade estándar continental europea.

De acordo con Alan N. Baxter (1992), cómpre ter presente que, ao pé destas dúas grandes variedades de referencia, detectamos unha deriva (moito máis acusada no Brasil) de distanciamento progresivo das variedades lingüísticas vernáculos continentais e ultramarinas verbo das súas respectivas variedades modelo. Con seguridade, segundo este (Baxter 1992: 23-35) e outros investigadores (p.e. Bagno 2011: 383, Faraco 2002, Pountain 2014: 53, Rodrigues 2002: 16), de continuar esta tendencia, é lóxico supoñer que, por mor da inclinación dos lingüistas brasileiros a ter cada vez máis en conta as prácticas lingüísticas reais dos seus concidadáns á hora de elaborar a súa propia variedade modelo, a variedade estándar do Brasil debería acrecentar o seu nivel actual de distanciamento verbo do estándar portugués europeo.

<sup>281</sup> Por suposto, malia que o nivel de intelixibilidade lingüística entre unha variedade lingüística vernácula determinada e a súa correspondente variedade modelo do seu mesmo territorio puidese ser relativamente elevado (p.e. entre un campesiño de Bolivia e a variedade estándar do español de Bolivia), cómpre ter presente que os falantes desa mesma variedade lingüística popular poderían ter moitos máis problemas de intelixibilidade se trabasen contacto directo con usuarios doutras variedades lingüísticas vernáculos xeograficamente ben afastadas das súas (p.e. un campesiño boliviano cun campesiño español). De feito tacitamente, o propio Alvar (2000: 22) reconece esta realidade cando afirma: «No hay un español de esta banda del mar y otro de la enfrentada, sino muchos españoles. ¿El burgalés habla como el gaditano? ¿Y el yucateco como el rioplatense? Pero ese hecho geográfico tan fácilmente comprensible non está solo, porque el hombre culto de Bogotá se parecerá en su lengua más al hablante culto de Madrid que al analfabeto de Pipa». Sen dúbida, de atendernos ás palabras de Maclagan (2005: 18), algo moi similar podería acontecer entre os falantes de zonas rurais de Inglaterra e dos Estados Unidos no caso de que se chegase a producir algún contacto persoal entre eles.

<sup>282</sup> De todos os xeitos, en opinión de Godenzzi e Sichra (2015: 615-616), este recoñecemento da natureza policéntrica do español sería máis de carácter retórico que real en tanto que, por exemplo, no ensino do español como segunda lingua, seguiría a primar unha «aggressive policy of territorial conquest, particularly through Instituto Cervantes».

<sup>283</sup> Especialmente, Bagno (2011: 383), Baxter (1992), Joseph (1987: 170), Pountain (2014), Trudgill (2003: 105) e Wright (2012: 562-563).

En resumo, fronte á imaxe interesada e ideolóxica das grandes variedades estándar escritas europeas (nomeadamente, do español) como linguas estándar monocéntricas perfectamente cohesionadas e uniformizadas no seu interior e fronte á ocultación interesada da diversidade e heteroxeneidade lingüística real subxacente ao estándar monocéntrico metropolitano en cuestión, cómpre recoñecer que estamos, cando menos, ante linguas policéntricas ou pluricéntricas cuxo grao de heteroxeneidade e variabilidade lingüística interna adoita medrar conforme descendemos na pirámide social (isto é, segundo nos achegamos ao «home da rúa»).

Se isto non fose así, isto é, se non houbese variabilidade lingüística entre o conxunto de variedades lingüísticas subordinadas funcional e normativamente ás variedades de referencia de cada unha destas grandes linguas, habería que concluír que as referencias de sociolingüistas como Suzanne Romaine (1994: 32) a posibles casos de inintelixibilidade mutua entre falantes de español de áreas xeográficas tan distantes entre si como Huelva e Bos Aires son impresións persoais (máis ben, esaxeracións) ou casos puntuais dos cales, por mor da súa propia natureza subxectiva e persoal, non poderíamos, nin deberíamos, tirar conclusión científica ningunha.

Agora ben, ao noso xuízo, quen argumentase dese xeito, debería ter presente que xa a propia tradición lingüística anterior á sociolingüística recoñeceu, tacitamente, o elevado nivel de heteroxeneidade e diversificación lingüística oculto baixo o estándar monocéntrico metropolitano dalgún dos grandes idiomas europeos cando, por mor do notable grao de autonomía lingüística dalgunhas variedades lingüísticas vernáculas verbo da súa respectiva variedade de referencia, tivo que xustificar a condición de dialecto desas falas (p.e. do andaluz) sobre criterios extralingüísticos (p.e. pola carencia dunha variedade estándar).

Con todo, así como estamos seguros de que o nivel de diversificación interna das grandes linguas excede os límites habitualmente recoñecidos, tamén somos conscientes de que isto non significa que estas linguas, nun futuro máis ou menos próximo, vaian «romper», necesariamente, nunha serie de «idiomas locais». De certo, hoxe en día, como matizan os sociolingüistas (Ferguson 2007: 163, Senz, Minguell e Alberte 2011: 459-463 e Wright 2012: 361), poderosas forzas centrípetas intra-lingüísticas (p.e. a koineización) e extra-lingüísticas (p.e. medios de comunicación de masas), de intensidade, cando menos, equiparable ás forzas centrífugas tradicionalmente contrarias á unidade lingüística, traballan en contra da fragmentación lingüística.

Así pois, se o español, desde un punto de vista realmente obxectivo, non corre risco real de fragmentación lingüística (p.e. Lipsky 2014: 1-2), se «No



hay lingüista con un mínimo de solvencia que no lo repita hasta el agotamiento: no hay más que un español» (Alvar 2000: 21), se non existe perigo ningún de que «la unidad se resquebraje» (Alvar 2000: 22) e se, por último, non hai razóns para preocuparse polo futuro do español xa que «la unidad fundamental está garantizada por mucho tiempo» (Lodares 2005: 89), tras pormenorizar as diferenzas entre o español moderno e o latín tardío verbo dunha posible segmentación territorial futura (Moreno de Alba 1995: 99, Salvador 1987: 74) e tras apelar reiteradamente á defensa da unidade idiomática do español (Alvar 2000: 29), chama moito a atención que a EFE afirme: «Hay algo que también juega a favor del español: la unidad lingüística es muchas veces una idea más que una realidad, puede decirse que quien cree que está unido, o considera que es beneficioso estarlo, allana el camino de la unidad real» (Lodares 2005: 89).

Creemos que non deturpamos o texto orixinal de Juan Ramón Lodares (2005: 89) se albiscamos baixo as súas palabras un recoñecemento implícito de que, tamén no tocante ao español, «la unidad lingüística es muchas veces una idea, o un ideal, antes que una realidad» (Lodares 2005: 90).

Xa que logo, por moi elevado que fose o grao de uniformidade e homoxeneidade interna tradicionalmente recoñecido á variedade estándar dun idioma dado (p.e. na variedade estándar do francés), ese nivel de cohesión interna, en contra das afirmacións da EFE, non se pode estender, de xeito automático, á totalidade de usos lingüísticos que se ven como parte dese mesmo idioma.

En realidade, como pretendemos demostrar nos parágrafos que seguen, o elevado grao de diversificación interna que presentan as grandes linguas de cultura na actualidade non deixa de ser unha consecuencia lóxica da súa enorme expansión territorial como linguas coloniais<sup>284</sup>.

Neste sentido, pois é esperable que, como lle sucedeu ao latín (Mufwene 2008: 31), a diversificación interna dun idioma (p.e. o inglés) garde relación coa súa extensión territorial, non é de estrañar que a diversidade interna das grandes linguas sexa directamente proporcional ao grandor da súa expansión xeográfica.

Verbo da transformación histórica do latín, pensamos que os máis dos sociolingüistas actuais<sup>285</sup> estaría de acordo coa nosa afirmación de que, durante centos de anos tras o colapso do Imperio Romano, a realidade lingüística subxacente ao uniforme latín clásico dos usos formais (escritos e

<sup>284</sup> Como opinan, entre outros, Escobar (2014: 65-66), Ferguson (2006: 162), Senz, Minguell e Alberte (2011: 464-472) e Wright (2012: 552).

<sup>285</sup> Por exemplo, Dalby (2002: 38-81), Joseph (2004a: 99, 132-161, 186-187), Tuten e Tejero-Herrero (2011: 290-292) e Wright (2004: 21).

orais) conformaba un continuo lingüístico románico cuxas características internas serían moi semellantes ás dos modernos continua xeolectais.

Evidentemente, a segmentación interna deste continuo lingüístico románico en diferentes variedades lingüísticas vernáculos tras a caída do Imperio Romano non se produciu ao chou senón en correlación coas variedades lingüísticas vernáculos faladas con anterioridade á imposición do latín como lingua colonial<sup>286</sup>, en consonancia coas fronteiras xeográficas naturais (Wright 2004: 21) e, nomeadamente, en relación coas circunstancias socioculturais (Wright 2012: 558).

Así pois, tal e como afirman os investigadores (Medina, Valle e Monteagudo 2013: 24 e Wright 1982, 1994: 160-161, 2000: 10, 2002: 157), cómpre deixar ben claro que, durante centos de anos tras o colapso do Imperio Romano, o nivel de autonomía lingüística entre variedades lingüísticas vernáculos adxacentes, aínda que houbera entre elas fronteiras xeográficas ben marcadas (p.e. os Pireneos), nunca foi equiparable ao grao de distanciamento lingüístico que detectamos hoxe en día entre, por exemplo, as variedades estándar do español e do francés. Como xa mencionamos, de acordo con Roger Wright (1994: 160, 2012: 560), ao longo de toda esta etapa histórica, non houbo nada semellante a variedades lingüísticas locais discretas (p.e. galego-portugués, castelán, francés, etc.) con límites xeográficos perfectamente delimitados senón unha variación xeográfica gradual dentro dun continuo, aínda, monolingüe.

A maiores, consonte co parecer da moderna sociolingüística histórica (Wright 1994: 160, 2013: 33)<sup>287</sup>, cabe pensar que este *continuum lingüístico* temporal e espacial tivo continuidade no plano social no sentido de que, en contra da visión tradicional deste período como unha conxuntura de diglosia ou bilingüismo social, non houbo unha elite de falantes de latín clásico e unha masa de usuarios de variedades lingüísticas vernáculos romances senón, en realidade, un monolingüismo complexo (en termos máis comúns, unha soa lingua) cuxas variedades lingüísticas formantes se estenderían entre os extremos dos usos informais e formais.

Daquela, no tocante ao eixe social, temos que ter claro que os falantes non se verían a si mesmos como falantes, ben de latín, ben dunha ou doutra lingua romance, senón, en realidade, como usuarios, con máis ou menos corrección, dunha mesma lingua multivariable<sup>288</sup>.

<sup>286</sup> Segundo opinan, Joseph (2004a: 186-187) e Mufwene (2001: 139-141, 163-166, 2002: 164, 176, 180-182, 2008: 31).

<sup>287</sup> É da mesma opinión, Javier Elvira (2006: 43-44).

<sup>288</sup> Segundo a descrición de Arnal (1994: 303-304) e López Susín (2013: 172), o aragonés moderno estaría nunha situación moi similar á descrita en tanto que, pois os seus usuarios de máis idade están convencidos de que non falan aragonés senón un «castellano mal hablado o deformado» e de que

A grandes trazos, entre os séculos V d. C. e finais do XII, non houbo nada semellante a unha «lingua castelá», «lingua francesa», «lingua portuguesa», etc. (Wright 2012: 560, 2013: 40), xa que, tras o colapso político do Imperio Romano, a posterior fragmentación do latín clásico deu lugar, primeiro (Joseph 2004a: 186), con máis claridade a partir do século VIII (Wright 2012: 559-560), a unha multiplicidade de variedades lingüísticas vernáculas cuxa afinidade estrutural e intelixibilidade era directamente proporcional á veciñanza xeográfica, e, a seguir, paseniño, do século XII en diante, ás «grandes» e «pequenas» linguas romances europeas (Josep. 2004a: 187).

Con seguridade, os cambios sociopolíticos, económicos e culturais operados en Europa a partir do Renacemento (p.e. Alinei 1981, Josep. 1987, 2004a: 187, Wright 2004: 26-32) foron claves na aparición dun sentimento (proto-)nacionalista e, por conseguinte, foron decisivos para que os falantes comezaran a percibir as súas «peculiaridades dialectais» como «diferenzas» entre linguas por mor do seu desexo crecente de auto-identificación como pobos de seu.

Agora ben, non deixa de ser un feito paradoxal que, así como os lingüistas adoitan admitir, de xeito máis ou menos explícito, a relevancia da heteroxeñidade e da variabilidade lingüística no período inmediatamente anterior e posterior á consolidación do poder imperial romano, estes mesmos investigadores adoitan dar a sensación de que o lapso de tempo comprendido entre estes dous devanditos acontecementos históricos foi unha sorte de «balsa de aceite» onde case non houbo diversidade/transformación.

Precisamente, no tocante ao período comprendido entre o inicio e final do poder imperial de Roma, algúns lingüistas (p.e. Dalby 2002, Josep. 2004a, Mufwene 2001, 2002) opinan que a pegada das chamadas, tradicionalmente, linguas de substrato (en realidade, dos contactos lingüísticos entre falantes)<sup>289</sup> nas variedades lingüísticas vernáculas latinas foi tan intensa que, a resultas do influxo desas variedades lingüísticas pre-coloniais, emerxeu unha diversificación lingüística territorial da lingua latina que mesmo tivo o seu reflexo no latín escrito.

Agora ben, como acontece no inglés, portugués, francés e español actual, durante o período en que se mantivo activo o poder de Roma (Wright

---

falar castelán non é falar outro idioma senón, simplemente, «falar ben», este idioma, na práctica, funciona como unha «variedade social» da lingua castelá. Xa que logo, o 6 por cento (López Susín 2013: 172) dos falantes de aragonés non teñen consciencia de que en Aragón se usen dúas linguas (o aragonés e o castelán) senón unha soa lingua (o castelán) con máis ou menos corrección.

<sup>289</sup> En concreto, Jones e Singh (2005: 65), Mufwene (2001: 19-20, 109-115, 127-130; 2002: 164-165, 2008: 11-49), Schneider (2002: 69-70) e Wright (2012: 556-557).

2012: 556), poderosas forzas centrípetas intra-lingüísticas (nomeadamente, o latín escrito) e extra-lingüísticas (o exército romano e os desprazamentos de poboación) lograron contrarrestar as forzas centrífugas e frearon a deriva desde a diverxencia até a fragmentación.

En consecuencia, de acordo coas achegas teóricas da moderna sociolingüística, a homoxeneización e a diversificación lingüística non son dous fenómenos antitéticos e irreconciliables entre si senón, en realidade, dúas realidades complementarias.

Sen dúbida, tanto no pasado (p.e. no latín) como no presente (p.e. no español moderno), conforme un idioma colonial se estende no eixe espacial grazas á absorción (se callar, sería mellor dicir, á fagocitación) de falantes doutras variedades lingüísticas (=homoxeneización), asemade, froito da interacción constante coas peculiaridades e cos hábitos lingüísticos deses novos falantes, ese mesmo idioma entra nunha dinámica de diversificación interna (Mufwene 2008: 40). Desde esta situación inicial (Wright 2012: 566), mentres as forzas centrípetas lograsen contrarrestar as forzas centrífugas, un idioma non pasaría da diverxencia (que é inevitable) á fragmentación (que non o é).

Desde esta premisa teórica, John Earl Joseph (2004a: 132-161) e Salikoko S. Mufwene (2008: 31) non dubidan en comparar a conxuntura sociolingüística actual das grandes variedades estándar europeas a nivel mundial coa transformación progresiva que, no seu día, experimentou a lingua latina tras o colapso do Imperio Romano.

Precisamente, con respecto ás grandes linguas, o latinista Xesús Ferro Ruibal (1984: 251) escribía:

Non todo é maravilloso nas linguas cenmillionarias. O xigantismo tamén é un perigo. Cando unha lingua sae para fóra dos seus lindes naturais, mistúrase inevitablemente co substrato lingüístico que atopa no lugar a onde chega. E, como vaia a moitos lugares distintos, mistúrase con moitos substratos distintos. E, así, iníciase un novo proceso de fragmentación lingüístico que só precisa tempo e un corte de comunicación. Os esforzos que haberá que facer para manter a cohesión idiomática de tantos millóns de falantes son xigantescos. E o éxito non está asegurado. Porque o particularismo é unha constante humana.

En resumo, vimos de ver que «un alto grado de nivelación» (isto é, un índice elevado de uniformidade, homoxeneidade e cohesión lingüística nunha variedade estándar) non é un trazo suficiente para asignar un determinado idioma á categoría de lingua dado que, ao cabo, esta característica, en por si, unicamente permitiría situar unha variedade estándar nun punto concreto dun continuo que se estendería entre a nula e (case) total estandarización.

Alén disto, por moi elevado que fose o nivel de estandarización dunha determinada variedade modelo (p.e. da variedade estándar do francés), isto non implicaría, necesariamente, nin que esteamos ante unha lingua estándar monocéntrica, nin que a totalidade de usos lingüísticos conformado por unha variedade estándar e as súas variedades lingüísticas vernáculos subordinadas (isto é, por unha lingua) comparta idéntico grao de homoxeneidade e uniformización interna.

En definitiva, pois a SLT asegura que as grandes linguas europeas, tanto no pasado (p.e. o latín) como no presente (p.e. o inglés), por mor da súa natureza de linguas hipercentrais ou supercentrais, están moito máis diversificadas internamente do que están os seus respectivos estándares monocéntricos metropolitanos e que o español, cando menos, iguala en diversidade lingüística interna ás restantes grandes linguas (p.e. ao inglés), a SLC chama a atención sobre o feito de que a EFE insista constantemente na inigualable cohesión interna do español fronte aos seus competidores españois e foráneos.

Ao xuízo da SLC, a devandita manipulación da realidade lingüística do español é posible grazas ás estratexias lingüístico-discursivas do ocultamento e da iconización. En concreto, nesta ocasión, a EFE operou do seguinte xeito: ocultou a diversificación interna do español e iconizou a homoxeneidade interna do seu estándar monocéntrico metropolitano.

De resultas, pois a categoría de lingua esixía un «alto grado de nivelación», visto que ningún dos idiomas do mundo igualaba en homoxeneidade interna ao español, o criterio normativo confirmaría inequivocamente tanto a condición de lingua do español como a súa posición dominante entre todas as linguas do mundo (p.e. Marcos Marín 2001).

Evidentemente, a ideoloxía lingüística do monolingüismo goberna o criterio normativo en tanto que o español fica por riba de todos os idiomas periféricos de España por mor do seu «alto grado de nivelación». Velaí, outro criterio que lexítima o rol de «lingua común» do español dentro e fóra de España.

#### ***4.2.2 A cohesión e uniformidade lingüística nas variedades lingüísticas vernáculos***

Se na sección anterior vimos que as grandes variedades estándar con decenas ou centos de millóns de falantes non están internamente tan cohesionadas como se afirmaba ou se daba a entender, neste novo apartado intentaremos demostrar que as variedades lingüísticas vernáculos (locais ou non) tampouco son, por definición, o «caos lingüístico» que adoita presupoñer a EFE.

En esencia, se no apartado anterior desvendabamos a ideoloxía lingüística do monolingüismo encovada baixo a presentación do español como unha lingua estándar monocéntrica cuxo inigualable nivel de homoxeneidade interna confirma a súa xerarquía incontestable de lingua e a súa posición dominante entre todos os idiomas do mundo, agora, tentaremos demostrar que esa mesma ideoloxía lingüística e a consecuente manipulación da realidade lingüística tamén se oculta baixo a degradación das variedades lingüísticas periféricas do estado español á condición de dialectos coa coartada discursiva de que estes idiomas (por extensión, todas as variedades lingüísticas non-estándar), pois non posúen un «alto grado de nivelación», non son (nin poderán ser) «linguas en sentido estrito».

A este respecto, debemos comezar por lembrar que, consonte co pensamento canónico da EFE (Alvar 1961, 1982, 1996b), visto que unha variedade lingüística necesita dun elevado grao de «nivelación» para ser lingua e dado que as variedades lingüísticas vernáculos carecen dese grao de «nivelación», ningunha variedade lingüística vernáculo ou non-estándar podería ser lingua.

Evidentemente, se loqrásemos demostrar que as variedades lingüísticas vernáculos poden contar con niveis de homoxeneidade lingüística interna equiparables ao das variedades estándar con decenas ou centos de millóns de falantes, ademais de que o devandito razoamento ficaría totalmente invalidado, quedaría ao descuberto o seu propósito de glorificación das variedades estándar estatais e de minorización das variedades lingüísticas periféricas.

Precisamente, co obxectivo de demostrar que a cohesión e uniformidade lingüística non son atributos exclusivos das variedades estándar, traeremos a colación todo ese conxunto de investigacións sociolingüísticas tradicionalmente agrupadas baixo a etiqueta de *modelo de rede social* (ing. *social network model*) e/ou *teoría das redes sociais* (ing. *social network theory*)<sup>290</sup>.

De acordo con Peter Auer, Frans Hinskens e Paul Kerswill (2005: 37), podemos discriminar tres niveis dentro do *modelo de rede social*: 1º) micro-lingüístico (=individual), 2º) mesolingüístico (=comunidades locais) e 3º) macrolingüístico (=comunidades supralocais).

<sup>290</sup> A primeira etiqueta aparece en James Milroy (1992: 207); a segunda en James Milroy e Lesley Milroy (1985: 57). Pola súa banda, R. B. Le Page (1997: 26) fala de concepto de rede social (ing. *concept of social network*). Segundo J. K. Chambers (1995: 69), o modelo de rede social xorde en 1978 nos estudos de James Milroy e Lesley Milroy sobre a fala dos barrios obreiros de Belfast.

No nivel microlingüístico ou tamén chamado ego-céntrico (Conde Silvestre 2012: 335), o modelo de rede social (Milroy 2002: 50)<sup>291</sup> analiza a rede social persoal de relacións interpersoais con que cada individuo intenta solucionar e afrontar os problemas da vida cotiá.

Como advirte Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 306), visto que cada individuo constitúe o centro<sup>292</sup> dun conxunto limitado de vínculos directos e indirectos que se estende, en forma de retícula, a través do espazo xeográfico e social e dado que as redes sociais persoais actúan como un estrato intermedio entre o individuo e as estruturas macrosociais e institucionais, os sociolingüistas, por motivos prácticos, acostuman pór a lupa sobre a zona de primeira orde de cada rede social persoal (isto é, sobre as relacións interpersoais de cada *ego* cos seus familiares directos e cos seus amigos íntimos).

Agora ben, alén da devandita zona de primeira orde, a sociolingüística tamén ten presente as zonas de segunda orde, terceira orde, etc., (isto é, as zonas de orde-*n*) e mesmo as áreas máis periféricas de cada rede social persoal. Precisamente, na chamada zona remota (ing. *extended zone*) atopamos os individuos sen contacto directo co *ego* (p.e. amigos de amigos, amigos de familiares, etc.) a través dos cales se poñen en relación individuo e sociedade e, xa que logo, por medio dos cales a sociedade inflúe no comportamento lingüístico estritamente individual e viceversa.

O modelo de rede social (Villena Ponsoda 2013: 179) cuantifica o grao de integración (ou, de illamento) de cada individuo na súa respectiva rede social persoal co obxectivo de anticipar o nivel de compromiso persoal cos valores e normas (tamén lingüísticas) da súa rede social persoal e da súa comunidade (lingüística e social). De primeiras, o modelo de rede social prognostica que, canto máis integrado estea un individuo na súa respectiva rede social persoal, tanto máis comprometido estará este mesmo individuo coas normas e valores da súa rede social persoal e da súa comunidade.

<sup>291</sup> O modelo de rede social aparece, segundo James Milroy (1992: 84-85), con vocación de validez universal en tanto que, pois todos os falantes, en todo momento, manteñen algún tipo de contacto social con outros individuos, este modelo sería aplicable, de primeiras, en calquera tipo de contexto social por moi específicas e singulares que fosen as súas características. Precisamente, por esta vocación de validez universal que permite investigar mesmo sociedades cunha mínima estratificación social; este paradigma teórico é de grande utilidade para nós na medida en que nos permitiría analizar a relación entre lingua e sociedade no contexto de comunidades escasamente xerarquizadas como aquelas que, até hai ben pouco tempo, eran claramente predominantes na inmensa maioría das vilas e aldeas galegas.

<sup>292</sup> No modelo de rede social, a persoa emprazada no centro da súa respectiva rede social persoal recibe a denominación de *ego* (Milroy 2002: 550).

Segundo J. K. Chambers (1995: 71), o nivel de compromiso dun individuo co seu grupo de iguais e coas normas e valores (insistimos, non só lingüísticas) da comunidade dependerá da estrutura da súa rede social persoal.

En opinión de James Milroy e Lesley Milroy (1997b: 60), a estrutura dunha rede social persoal varía en función destes dous parámetros obxectivos: a *densidade* (ing. *density*) e a *multiplicidade* (ing. *multiplexity*). Dito doutro xeito, o grao de compromiso dun individuo co comportamento social e lingüístico do seu grupo de iguais flutúa en función da densidade e multiplicidade (isto é, da estrutura) da súa rede social persoal.

En concreto, o criterio da densidade (Chambers 1995: 71-72) atende tanto o número de individuos que integran unha determinada rede social persoal como o total de vínculos interpersoais realmente existentes entre todos aqueles teoricamente posibles (isto é, á conectividade). Por súa vez, o criterio da multiplicidade (Chambers 1995: 71-72) ten en conta, nomeadamente, o tipo de relación ou vínculo (p.e. familia, amizade, traballo, etc.) existente entre os individuos dunha rede social persoal.

De acordo con estes dous criterios, segundo James Milroy e Lesley Milroy (1997b: 60), unha rede social persoal «ideal» integrada por un *ego* e cinco persoas máis acadaría os seus niveis máximos de densidade e multiplicidade se todas esas persoas, ademais de coñecérense entre si, estivesen relacionados uns cos outros por medio de lazos múltiples (isto é, por máis dun tipo de relación: familia, amizade, traballo, ocio, traballo, etc.). Nese caso, falaríamos dunha *rede social persoal de estrutura reticular múltiple e de densidade elevada* (Milroy 2002: 550).

Segundo J. K. Chambers (1995: 72-73), aínda que nunha oficina de barrio dunha pequena comunidade urbana poderíamos atopar algo moi semellante á devandita estrutura (ing. *high density, multiplex personal network structure*), nunca deberíamos esquecer que estamos a falar dunha configuración «ideal». Xa que logo, as chamadas *redes sociais fortes, densas ou compactas* (ing. *close-knit networks*), con seren posibles, serían, en realidade, un dos cabos dun continuo que estremaría todo un abano de redes sociais persoais interpostas<sup>293</sup>.

Correlativamente, segundo J. K. Chambers (1995: 72), a devandita rede social persoal «ideal» acadaría o seu grao mínimo de densidade e multiplicidade se cada un dos integrantes desa rede (tamén o *ego*) contactase cos demais membros nunha soa actividade (p.e. na súa vida laboral). Esta segunda posi-

<sup>293</sup> Como hipótese, cabe formular a posibilidade de que as *redes sociais persoais* dun amplo sector da poboación galega (nomeadamente, dos campesiños), até hai ben pouco tempo, encaixasen nesta primeira configuración «ideal» chamada *redes sociais densas ou compactas* (ing. *close-knit networks*).



bilidade (caracterizada por unha densidade e unha multiplicidade mínimas), podería darse (Chambers 1995: 72) no caso de que, por exemplo, un mozo só tivese contacto cos seus compañeiros e co seu profesor durante unhas pasantías. Velái, o cabo contrario das redes sociais fortes.

Na práctica, de estarmos ante unha *rede social persoal de estrutura reticular de densidade baixa* e de *multiplicidade baixa* ou única (Milroy 2002: 551; ing. *low density, uniplex personal network structure*), as persoas integradas neste tipo de redes comunmente chamadas *redes sociais febles ou difusas* (ing. *loose-knit networks*) contactan moi ocasionalmente uns cos outros por causas moi concretas (p.e. para mellorar a súa formación académica).

Como matizan Betsy Evans (2004: 154) e Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 311), as redes sociais persoais da inmensa maioría da poboación fican emprazadas nalgún punto intermedio entre os devanditos polos extremos de tal xeito que, en función do caso concreto a analizar, cada rede social persoal debería definirse sempre, en termos relativos, como máis ou menos densa e como máis ou menos múltiple.

A maiores, cómpre ter presente que no modelo de rede social o grupo de individuos relacionado directamente co *ego* por medio dunha estrutura reticular múltiple e de densidade elevada adoita denominarse *agrupamento* ou *apiñamento* (ing. *clusters*)<sup>294</sup>. Na práctica, os seus integrantes acostuman ser grupos de familiares directos ou de amigos íntimos relacionados por medio de lazos interpersoais fortes (isto é, densos e múltiples) pois conviven habitualmente en múltiples actividades (traballo, «misa», ocio, etc.).

Aínda que nos mantivésemos no estrito plano microlingüístico, visto que unha rede social persoal carrega sempre unha ligazón entre o nivel estritamente individual e as estruturas macrosociais e institucionais, cabe afirmar que, como confirman unha ampla nómina de estudos sociolingüísticos<sup>295</sup>, canto máis próxima estea unha rede social persoal ao nivel máximo («ideal») de multiplicidade e densidade tanto maior será o nivel de cohesión (social e lingüístico) de cada individuo co seu grupo de iguais.

No caso dunha rede social persoal (relativamente) densa e múltiple, visto que o *ego* «vive», «traballa», «reza» e «brinca» case sempre coas mesmas persoas, o centro dificilmente pode abstraerse á heterovixilancia dos seus veci-

<sup>294</sup> O termo aparece, entre outros, en William Downes (1984: 118), Lesley Milroy (2002: 552) e Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 309).

<sup>295</sup> Entre eles, J. K. Chambers (1995: 67), William Downes (1984: 119), James Milroy (1992: 213), Lesley Milroy (1982: 143, 2002: 553), Lesley Milroy e Matthew Gordon (2003: 121), Suzanne Romaine (1994: 105) e Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 310).

ños. Xa que logo (Conde Silvestre 2012: 333, Villena Ponsoda 2013: 178-179), por causa dese intenso e continuo control do grupo de iguais, o *ego* acomoda a súa conduta (=converxencia interna ou pasiva; Villena Ponsoda 2005: 331) ás normas de comportamento (lingüístico e social) intragrupoais ou endóxenas (é dicir, que emanan e rexen dentro do grupo).

Dito por outras palabras, o modelo de rede social conxectura que, canto máis integrado estea un falante concreto na súa respectiva rede social persoal (isto é, canto máis elevada sexa a densidade e a multiplicidade) e canto máis fortes sexan os lazos ou vínculos (fortaleza de rede) co resto de individuos da súa rede social persoal, tanto máis elevado será o compromiso coas normas intragrupoais (non só lingüísticas; p.e. Bergs 2012: 94).

No plano lingüístico, no caso dunha rede social persoal densa e múltiple, en tanto que o individuo case non terá contactos fóra do seu grupo de iguais e, por conseguinte, case non haberá exposición ás presións externas, agardamos, por unha banda, un nivel elevado de adecuación ás normas lingüísticas intragrupoais ou endóxenas como marca de solidariedade e compromiso co seu respectivo agrupamento ou apiñamento, e, pola outra, unha relativa resistencia ás normas lingüísticas esóxenas (isto é, ás innovacións). Dito con palabras máis directas, os individuos relacionados entre si por medio de redes sociais fortes, densas ou compactas adoitan cumprir coas normas intragrupoais (lingüísticas) e acostuman ser pouco permeables ás innovacións externas (mesmo aos usos lexitimados socialmente das variedades estándar; Villena Ponsoda 2013: 179).

Pola contra, canto máis próxima estea unha rede social persoal ao nivel mínimo («ideal») de densidade e multiplicidade tanto menor será o nivel de cohesión do *ego* co resto de individuos que integran a súa rede social persoal e, xa que logo, tanto menos exposto estará ese individuo á heterovixilancia e sanción social dos seus veciños.

Isto, no plano lingüístico, implicaría, por unha banda, unha menor exposición e adecuación ás normas lingüísticas da súa propia rede social persoal e, pola outra, unha maior vulnerabilidade e menor resistencia ás normas lingüísticas externas e menos localizadas (isto é, ás innovacións). Dito doutro xeito, poderíamos asegurar que os individuos ligados entre si por medio de redes sociais febles ou difusas non adoitan estar tan atentos ás normas lingüísticas intragrupoais ou endóxenas como ás esóxenas (entre estas, aos usos socialmente lexitimados das variedades estándar; Conde Silvestre 2012: 334, Villena Ponsoda 2013: 176).

A xeito de resumo do dito até o momento no tocante ao nivel microlingüístico ou ego-céntrico, temos que lembrar que o modelo de rede social tra-

balla coa hipótese de que o tipo de estrutura reticular do individuo repercute notablemente no seu comportamento social e lingüístico.

De primeiras<sup>296</sup>, se un individuo fica ligado a outros por medio de redes sociais fortes, densas ou compactas, agardamos adecuación ás normas intragrúps e unha certa resistencia ás normas esóxenas. Pola contra, se un individuo se relaciona con outros por medio de redes sociais febles ou difusas (é dicir, se contacta con outros individuos ocasionalmente e por unha única actividade), esperamos menor sensibilidade ás normas intragrúps que ás normas lingüísticas non localizadas territorialmente (isto é, supralocais; Britain 2010b: 197) e aos usos socialmente lexitimados das variedades estándar.

Bótase de ver que, se canto máis integrado está un individuo no seu pequeno grupo de iguais (parentes, amigos, compañeiros de traballo, etc.), tanto máis se adecúa este ás normas lingüísticas intragrúps ou endóxenas e, xa que logo, tanto máis focalizado (isto é, menos diverxente é; Villena Ponsoda 2013: 176-177) é o seu comportamento lingüístico, cabe a opción de que (e velaquí outro dos erros da EFE) unha persoa, sen coñecer, nin falar, unha variedade estándar, presente uns usos lingüísticos reais tan uniformes e tan cohesionados co seu agrupamento respectivo como para que o seu idiolecto, desde un punto de vista estrutural, sexa case idéntico ao dos seus veciños<sup>297</sup>.

En definitiva, desde o punto de vista do modelo de rede social (xa que logo, da SLT), no plano estritamente individual, microlingüístico ou ego-céntrico, sen coñecer variedade estándar ningunha, é perfectamente factible que un individuo amose un comportamento lingüístico cun «alto grado de nivelación» ou, dito doutro xeito, cun elevado nivel de cohesión e uniformidade interna verbo do seu respectivo grupo de iguais<sup>298</sup>.

Evidentemente, desde a óptica da SLC, cabe afirmar que o ocultamento da posibilidade de comportamentos lingüísticos individuais focalizados verbo do grupo de iguais á marxe das variedades estándar forma parte tamén dese discurso elitista con que se procura a minorización das variedades lingüísticas vernáculos e, á vez, a glorificación das grandes variedades estándar con millóns de falantes.

<sup>296</sup> En opinión de Mesthrie (2012: 358), Roberge (2012: 380) e Villena Ponsoda (2010: 625, 2013: 178-179).

<sup>297</sup> Por exemplo, se a miña memoria non me traizoa, o comportamento lingüístico do meu avó (O señor Fidel), galegófono monolingüe da aldea de Gontán (parroquia de Salamonde, concello de San Amaro, provincia de Ourense), coincidía, case nun cento por cento, cos idiolectos dos seus veciños: O Pepe da Nela, O señor Manuel, O Pepe Calazas, etc.

<sup>298</sup> De feito, en Villena Ponsoda (2013: 177), podemos ler: «Las comunidades suelen disponerse, así pues, en la forma de un continuo de variación que se extiende entre dos polos concentrados: el de prestigio patente (estándar) y el de prestigio latente (vernacular). La forma particular depende de las condiciones históricas de cada comunidad».

Evidentemente, se non admitimos a posibilidade dun comportamento lingüístico cohesionado e uniformizado a nivel individual á marxe das variedades estándar (isto é, sen coñecer ou sen empregar unha variedade modelo) e se a xerarquía de lingua esixe un elevado grao de uniformidade e cohesión interna, automaticamente, todas as variedades lingüísticas vernáculas ficarían fóra da categoría de linguas.

Agora ben, de limitar a nosa reflexión ao nivel microlingüístico (isto é, ao ámbito exclusivamente individual), bótase de ver que, por moi precisos que puidésemos ser na análise dos comportamentos lingüísticos estritamente individuais<sup>299</sup>, as conclusións teóricas a tirar desta argumentación non serían, para nós, de moita relevancia na medida en que non nos permitirían demostrar que tamén nas comunidades a pequena escala (p.e. grupos étnicos, comunidades de inmigrantes, pequenas comunidades rurais, etc.) podemos atopar niveis de cohesión e uniformidade interna parellos ao das grandes variedades estándar con decenas ou centos de millóns de falantes.

Precisamente, co propósito de ampliar o alcance explicativo deste modelo analítico, James Milroy (1992: 162-222) introduciu unha serie de melloras teóricas que integraron a análise microlingüística (isto é, das redes sociais persoais), mesolingüística (isto é, das pequenas comunidades locais) e macrolingüística (isto é, das comunidades supralocais: comarcas, rexións, etc.) ou que, dito doutro xeito, permitiron explorar a interrelación entre redes sociais persoais ou ego-céntricas e redes socio-céntricas (á derradeira, entre individuos e clases sociais; Conde Silvestre 2012: 335, Villena Ponsoda 2013: 193).

De acordo con James Milroy (1992: 9-18), os modos de agrupamento das redes sociais persoais non son alleos á organización xeral da sociedade no sentido de que os modos de vida (ao cabo, a existencia, ou non, de clases sociais) condicionan notablemente o xeito de asociación entre as redes sociais persoais.

No tocante ao nivel mesolingüístico, coa intención de explorar os modos de agrupamento das redes sociais persoais nas comunidades a pequena escala (p.e. nos grupos étnicos, comunidades de inmigrantes, pequenas poboacións rurais, etc.), ao longo da década de 1990<sup>300</sup>, un grupo de sociolingüistas desenvolveu o concepto de fortaleza de rede.

<sup>299</sup> Como comprobamos en Romaine (1994: 104), o modelo de rede social aplicado a comportamentos lingüísticos estritamente individuais ten a vantaxe de que, mesmo, permite explicar as peculiaridades lingüísticas dun individuo dentro do seu grupo de iguais. Por exemplo, este modelo teórico pode explicar como o comportamento lingüístico dun individuo, con habitar o mesmo tipo de vivenda que os seus veciños de barrio e con ter unha formación académica moi similar, por mor de que non ten parentes na contorna e pasa moito tempo ante o televisor, fica máis acaroado á variedade estándar do que están os usos lingüísticos dos seus veciños. Outros casos semellantes aparecen recollidos en Villena Ponsoda (2013: 198-203).

<sup>300</sup> Por exemplo, Milroy (1992: 175-195), Milroy (2002: 550) e, finalmente, Milroy e Wei (1995: 138) son esenciais para este labor.

De acordo co concepto de fortaleza de rede, unha rede social sería relativamente forte, densa ou compacta se posuise unha densidade elevada, fose múltiple e estivese constituída por lazos interpersoais fortes (isto é, se estivesemos a falar de contactos continuos entre familiares e amigos íntimos) e, pola contra, unha rede social sería relativamente feble ou laxa se fose de densidade baixa ou única e se estivese conformada, esencialmente, por lazos interpersoais febles (isto é, se se tratase de contactos ocasionais entre persoas todas descoñecidas entre si).

Segundo William Downes (1984: 119, 202, 255), nas redes sociais densas, fortes ou compactas, case sempre se relacionan os mesmos individuos entre si en múltiples actividades (p.e. traballo, veciñanza, ocio, relixión, etc.) de tal xeito que, polo xeral, como puntualizan Lesley Milroy (2002: 562) e Lesley Milroy e Matthew Gordon (2003: 128), estamos ante persoas moi semellantes unhas das outras (p.e. no comportamento social) e con contados trazos exclusivos. No ámbito local, segundo Xu Daming, Wang Xiaomei e Li Wei (2008: 264) e Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 320, 330, 2013: 177), dado que estes individuos acostuman empregar as formas lingüísticas habituais da súa comunidade porque as ven como propias, atopamos un comportamento lingüístico moi previsible (é dicir, converxente e focalizado).

No parecer de Lesley Milroy e Matthew Gordon (2003: 128), os individuos ligados entre si por redes sociais fortes, densas ou compactas poden adquirir a aparencia de grupos compactos autocontidos (*close-knit group*)<sup>301</sup> en tanto que os seus integrantes se unen por vínculos fortes e permanecen relativamente illados das influencias externas (Milroy 1992: 197). Na práctica, atopamos grupos sociais cuxos membros, por unha banda, manteñen unha relación social, cultural e lingüística ben estreita, e, pola outra banda, son moi pouco permeables ás influencias externas (Milroy 1992: 143).

Desde esta perspectiva, nos grupos compactos, visto que cada individuo pasa moito tempo co seu grupo de iguais e moi pouco con outras persoas (Cameron 1990: 61) e dado que se producen (Downes 1984: 255) intensos, frecuentes e variados contactos «cara a cara», cada individuo terá moitas oportunidades para actuar como, con palabras de J. K. Chambers (1995: 68), «policía» do comportamento social, cultural e lingüístico dos seus «iguais» (aínda que só en casos extremos de «desvío» aparecerían xuízos de desaprobación «en voz alta»).

Con todo, visto que estes aspectos xa foron parcialmente tratados cando reflexionabamos sobre os diferentes tipos de estrutura das redes sociais per-

<sup>301</sup> O termo aparece en Milroy (1992: 178), Milroy (2002: 558) e, por último, Milroy e Gordon (2003: 128).

soais así como verbo da súa incidencia no comportamento lingüístico individual, cómpre, agora, pór de relevo que, en opinión dunha ampla nómina de sociolingüistas<sup>302</sup>, unha organización social reticular<sup>303</sup> baseada na superposición de redes sociais fortes, ademais de favorecer a fidelidade dos falantes ás normas lingüísticas locais (isto é, ás normas lingüísticas da variedade lingüística vernácula local) e de estimular a cohesión e uniformidade lingüística intragrupal, adoita carrexar unha maior resistencia ás normas lingüísticas alleas a esa organización reticular (mesmo, ante as normas lingüísticas lexitimadas socialmente; isto é, ás normas dunha variedade estándar).

A maiores, se, de acordo con Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 311-312, 2013: 179), cruzásemos os parámetros de fortaleza de rede e do grao de contacto externo da comunidade de tal xeito que, con palabras deste mesmo sociolingüista (Villena Ponsoda 2005: 312), désemos cunha *comunidad compacta illada* (isto é, unha comunidade cunha estrutura reticular con superposición de redes sociais fortes e cun grao baixo de contacto externo; ing. *isolated close-knit communities*), na práctica, estaríamos ante un grupo humano (p.e. unha comunidade rural) no cal as normas lingüísticas interiorizadas por cada individuo desde a infancia por medio da interacción diaria co grupo de iguais en actividades tan esenciais como a produción de alimentos, ritos relixiosos, etc., coincidirían a grandes trazos coas normas lingüísticas dos restantes individuos desa mesma comunidade.

Desde este punto de vista (Auer e Hinskens 2005: 351, Milroy e Milroy 1995: 56-109, Milroy 1992: 82, Villena Ponsoda 2005: 331, 2013: 179), neste tipo de frecuentes comunidades (Villena Ponsoda 2005: 312, 2013: 179), en tanto que os falantes semella que non teñen outra opción que converxer coas normas intragrupais (isto é, a converxencia interna ou pasiva), cabe falar dunha *norma comunitaria* (ing. *community norm*).

Os usuarios dunha norma comunitaria (ás veces, tamén chamada vernácula, local ou non-estándar)<sup>304</sup> conservarán e empregarán as variantes lingüísticas intragrupais (nomeadamente, aquelas máis conspicuas na marca de solidariedade coa súa comunidade) mentres, e sempre e cando, consciente ou inconscientemente, agarden algún tipo de apoio ou beneficio (non só económico) en troques da súa lealdade á comunidade.

Xa que logo, neste tipo de comunidades, achamos un comportamento lingüístico que, con palabras de R. B. Le Page (1997: 27), definiríamos como

<sup>302</sup> Así opinan, entre outros Bright (1997: 91), Le Page (1997: 27), Janda e Joseph (2003: 63), Milroy (1992: 177), Milroy (2002: 563) e Milroy e Gordon (2003: 129-130).

<sup>303</sup> Lembremos que, en opinión de Chambers (1995: 68): «The class structure of a town, city or a nation is a confederation of an unbounded number of networks».

<sup>304</sup> En concreto, Downes (1984: 119) falaba de *norma non-estándar*.

focalizado no sentido de que, por unha banda, os falantes converxen ao redor dunhas mesmas normas lingüísticas, e, pola outra, esas mesmas comunidades adoitan ser recoñecidas (polos falantes propios e alleos) como entidades lingüísticas relativamente discretas (p.e. o inglés de Birmingham, o inglés de Glasgow, etc.)<sup>305</sup>.

En opinión de James Milroy (1992: 196-199, 1993a: 228), as comunidades compactas illadas son conservadoras e endocéntricas xa que, polo xeral, por mor das redes sociais fortes que intensifican a súa cohesión interna (no plano lingüístico e social) e limitan os contactos externos, preservan a súa norma comunitaria, son pouco receptivas ás influencias externas (isto é, ao cambio lingüístico «desde arriba» e ás variedades estándar), presentan un ritmo de cambio lingüístico lento e, por último, conservan a súa identidade lingüística e cultural.

Como vimos de ver (Milroy 1992: 196-200, 1993a: 227), tamén fóra do nivel estritamente mesolingüístico (isto é, das comunidades locais), o cruzamento entre os dous devanditos parámetros (fortaleza de rede e grao de contacto externo) permite explorar a relación entre o tipo de comunidades e o ritmo do cambio lingüístico na historia deses mesmos colectivos. Polo xeral, mentres as pequenas comunidades compactas illadas con escasos contactos externos con outros grupos humanos presentan un ritmo de cambio lingüístico comparativamente lento, pola contra, as comunidades cunha estrutura reticular de redes sociais febles e cun grao alto de contacto externo orixinada por mor de procesos sociais como industrialización, migracións, colonizacións, etc., amosan un ritmo de cambio lingüístico comparativamente máis acelerado e, ademais, unha diversificación lingüística interna moito máis acusada no plano xeográfico e social.

Á marxe dos detalles, a combinación de ambos os dous conceptos ofrece unha explicación plausible á realidade de que, así como uns idiomas (p.e. o islandés, galego?, etc.) non cambiaron moito ao longo do tempo e son comparativamente máis homoxéneos, outros (p.e. o inglés e español; Conde Silvestre 2012: 336-337), pola contra, alén de que experimentaron moitos máis cambios lingüísticos en diacronía, presentan unha diversidade interna moito máis acusada no eixe social e xeográfico.

<sup>305</sup> Implícitamente, Salvador (1987: 146) recoñecía isto cando afirmaba: «solo encontramos normas locales y las normas locales sólo pueden conducir a la atomización. La regla ha sido siempre la del habla culta urbana, pero aun así encontramos tantas normas como ciudades y no son pocas las ciudades andaluzas. Entre el habla culta sevillana, por ejemplo, de donde han partido estos intentos normalizadores, seseante y con propensión a restituir las eses finales cuando le son necesarias, y la granadina, con tendencia a la distinción y bastándose morfológicamente con sus vocales proyectadas, hay todo un abismo dialectal».

De analizarmos os exemplos mencionados, de acordo coa SLT (p.e. Milroy 1992, Conde Silvestre 2012: 336-337, Penny 2000: 33, 63-67), cabe afirmar que o contraste entre a natureza conservadora e uniforme do islandés fronte ao carácter diversificado e innovador do inglés e español obedece á histórica conservación das redes sociais fortes no singular contexto da sociedade islandesa.

Desde a Idade Media e ao longo de moitas xeracións, a sociedade islandesa careceu dun poder central dominante e de diferenzas significativas de clase social. Por isto e pola dispersión da poboación en pequenos núcleos familiares (de, aproximadamente, dez habitantes; Auer, Hinskens e Kerswill 2005: 32), os islandeses conservaron e fortaleceron as tradicionais institucións comunitarias co obxectivo de que as fortes relacións de amizade e parentesco consubstanciais ás asembleas comunitarias, clans, sagas, etc., compensaran a ausencia dos mecanismos de cooperación institucional e estatal. Bótase de ver que, por mor destes fortes e históricos vínculos sociais, os islandeses superaron o posible illamento xeográfico interno, mantiveron a cohesión lingüística da illa e amosaron un ritmo do cambio lingüístico lento.

Daquela, con palabras de Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 312), poderíamos asegurar que, no caso «peculiar» de Islandia, non houbo, realmente, pequenas comunidades compactas illadas semellantes ás de, por exemplo, Illas Faeroer (Auer, Hinskens e Kerswill 2005: 32) senón, máis ben, comunidades compactas cun alto contacto externo. Xa que logo, por mor desta forte cohesión (social e lingüística) entre individuos (dentro das familias) e entre familias (dentro das asembleas, clans, etc.) co obxectivo de resolver problemas da vida cotiá, en Islandia, non se deu unha *diverxencia dialectal* (ing. *dialect divergence*) ou, se queremos, unha diversificación lingüística entre falas locais<sup>306</sup>. Velaquí, outra proba evidente de que é posible a cohesión lingüística á marxe das variedades estándar.

Pola contra, así como en Inglaterra, a presenza de etnias foráneas desde ben cedo (p.e. os colonizadores dinamarqueses entre os séculos VIII e X e as invasións normandas entre os séculos XI e XIII) xerou un proceso de esmorecemento das históricas redes sociais fortes e, xa que logo, unha deriva de diversificación lingüística interna (= *diverxencia dialectal*) e de aceleración

<sup>306</sup> Pola contra, nas Illas Faeroer (Auer, Hinskens e Kerswill 2005: 32) o maior tamaño medio dos núcleos de poboación (aproximadamente, 150 habitantes) restou importancia á necesidade de colaboración entre vilas e, xa que logo, houbo unha maior fragmentación lingüística interna (= *diverxencia dialectal*). Se cadra, en Galicia, historicamente, aconteceu algo similar a Islandia e, velaí, unha das razóns posibles da elevada cohesión interna da lingua galega malia a histórica interferencia do español.



do cambio lingüístico, así tamén a repoboación dos territorios reconquistados no centro e sur da Península Ibérica con xentes de moi diversa procedencia (xeográfica, social, etc.) orixinou o enfraquecemento das redes sociais fortes predominantes no norte e, por conseguinte, unha maior diversificación lingüística interna e un aceleramento do cambio lingüístico no español entre os séculos XIII e XVI.

En definitiva, segundo Lesley Milroy e Matthew Gordon (2003: 118), unha estrutura reticular social baseada na concatenación de redes sociais fortes como aquela que nos podemos atopar nalgunhas pequenas comunidades urbanas (p.e. en barrios obreiros), rurais (p.e. unha aldea galega), étnicas (p.e. inmigrantes), etc., explica que este tipo de comunidades compactas (illadas ou non; p.e. campesiños fronte a falantes urbanos de clase alta) poidan presentar un elevado nivel de cohesión e uniformización lingüística entres as prácticas lingüísticas de todos os seus integrantes.

En liñas xerais, este tipo de comunidades partillan unha mesma norma comunitaria e, por mor da súa natureza endocéntrica e conservadora, por unha banda, no nivel mesolingüístico, son moi pouco permeables ás innovacións externas (isto é, ao cambio lingüístico cara a unha norma supralocal ou cara a variedade estándar) e adoitan manter as normas intragrupais mesmo ante os usos lexitimados socialmente (isto é, ante unha norma supralocal ou ante a variedade estándar; Auer e Hinskens 2005: 351), e, pola outra, no nivel microlingüístico, contan con falantes con idiolectos estruturalmente moi semellantes entre si.

Así pois, bótase de ver que a cohesión e uniformidade lingüística non son características exclusivas das variedades estándar dado que as falas dalgunhas pequenas comunidades compactas (insistimos, non sempre illadas) poden presentar niveis de homoxeneidade e uniformidade interna, cando menos, parellos ao das variedades estándar con decenas ou centos de millóns de falantes.

Neste sentido, malia que as falas das pequenas comunidades rurais pasaran tradicionalmente por dialectos por mor da súa suposta carencia de cohesión interna, sen dúbida, desde o punto de vista do modelo de rede social, poderían ser perfectamente merecentes da etiqueta de lingua en tanto que, con termos de Alvar, non sería un despropósito a afirmación de que presentan un elevado grao de nivelación.

Con todo, como adiantabamos nos parágrafos precedentes ao mencionarmos o caso islandés (mellor sería dicir, das Illas Faeroer) e como matiza Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 316, 2013), o modelo de rede social insiste no detalle de que, así como as redes sociais fortes xeran cohesión interna no inte-

rior das pequenas comunidades locais, tamén, producen fragmentación lingüística no nivel supralocal (isto é, diverxencia dialectal). De certo, pois cada unha das pequenas comunidades compactas illadas (p.e. nas Illas Faeroer) posúe cadansúa norma comunitaria pouco permeable ás innovacións esóxenas (lexitimadas, ou non, socialmente), no ámbito macrolingüístico (p.e. nunha rexión), podemos atopar un «mosaico» de normas locais parcialmente diverxentes entre si.

Certamente, froito deste curioso paradoxo (*integración interna* contra *illamento externo*; Villena Ponsoda 2005: 316), os agrupamentos de pequenas comunidades compactas illadas con cadansúa norma comunitaria (p.e. no andaluz: sevillana, cordobesa, almeriense, granadina, malagueña, etc.; Alvar 1975: 97, 1978d: 34, 2004: 38), vistos en conxunto (Montes 1995: 45) e de non existir unha norma supralocal (p.e. rexional) por riba da fragmentación dialectal local (Alvar 2000: 27), poderían adquirir a aparencia dun «caos en efervescencia» (Alvar 1961: 59) carente «por completo de certa uniformidade o «nivelación» lingüística» (Alvar 2004: 28).

Evidentemente, malia as aparencias, desde o punto de vista do modelo de rede social (isto é, desde a perspectiva da SLT), a inexistencia dunha norma supralocal (p.e. rexional) non implica, necesariamente, que non poida existir cohesión e uniformidade lingüística no interior de cada unha das diversas falas locais.

Dada esta realidade, cando os lingüistas españois insisten, por unha banda, nas supostas carencias de cohesión interna das variedades lingüísticas periféricas do estado español (p.e. Salvador 1987: 146), e, pola outra, no «caos lingüístico» que atopamos no interior dalgúns destes idiomas periféricos (p.e. no andaluz, p.e. De Bustos 2013: 20, 25, 37; Salvador 1987: 145-149) por mor da súa intensa diverxencia dialectal, desde o punto de vista da SLC, non hai dúbida de que se está a operar, outra volta, coas estratexias lingüístico-discursivas do ocultamento e da iconización.

O ocultamento (p.e. Alvar 1961: 59, 1975: 97) aparece cando, por unha banda, se agocha a realidade de que as falas dalgunhas comunidades locais poden posuír unha norma comunitaria e, daquela, poden contar con niveis de cohesión e uniformidade interna perfectamente equiparables ao das grandes variedades estándar, e, pola outra, cando tamén se acocha a posibilidade de que determinadas comunidades supralocais (p.e. Islandia, interior de Galicia?, etc.), malia a ausencia histórica dunha variedade estándar, non se corresponden, en puridade, co «caos lingüístico» que se lles presupón.

Por súa vez, a iconización xorde cando os lingüistas españois focalizan sobre a diverxencia dialectal entre as diferentes falas locais dos idiomas peri-

féricos do estado español (p.e. dentro do andaluz, asturiano, aragonés, etc.) co obxectivo de lexitimar «cientificamente» o argumento apriorístico de que estas variedades lingüísticas «carecen por completo de certa uniformidad o nivelación lingüística» (Alvar 1961: 58).

Con seguridade, unha e outra estratexia lingüístico-discursiva responden ao propósito oculto de minorizar as variedades lingüísticas periféricas do estado español (por extensión, todas as variedades lingüísticas vernáculos) e de glorificar o español visto que, ao tempo que se degrada o primeiro grupo de idiomas á condición (ás veces, explícita) de dialectos coa coartada de que carecen dunha variedade lingüística (supralocal) uniformizadora (p.e. Alvar 2000: 27, Salvador 1987: 145-149), se certifica a categoría inequívoca de lingua da fala estatal co argumento de que posúe unha variedade estándar (isto é, unha variedade lingüística supralocal).

Agora ben, chegados a este punto, dado que xa demos un primeiro paso desde a análise microlingüística (isto é, estritamente individual) cara a un estudo macrolingüístico co estudo das redes sociais fortes nas comunidades compactas illadas, pensamos que, para fecharmos o círculo analítico, cómpre superar o nivel mesolingüístico (p.e. barrios obreiros, aldeas, colectivos de inmigrantes, etc.) para explorarmos o ámbito das comunidades a grande escala (é dicir, supralocais). Así pois, entraremos, a seguir, na análise dos vínculos entre redes sociais persoais (ou ego-céntricas) e redes sociais socio-céntricas (isto é, cos modos de vida ou clases sociais).

Ao noso xuízo, a reflexión que iniciamos agora introduce a realidade de que nas comunidades a gran escala (isto é, supralocais: conurbacións, rexións, países, etc.) conviven, asemade, diversidade e homoxeneidade lingüística como se fosen as «dúas caras dunha mesma moeda».

A este respecto, en primeiro lugar, debemos ter moi presente<sup>307</sup> que os modos de agrupamento das redes sociais persoais non son alleos á configuración interna das sociedades no seu conxunto na medida en que, como tentaremos demostrar a seguir, as redes sociais persoais interactúan coa totalidade de factores políticos, económicos, culturais e sociais que gobernan unha determinada colectividade<sup>308</sup>.

En síntese, de acordo cos sociolingüistas<sup>309</sup>, a aparición das diferenzas de clase social nunha determinada comunidade desencadea un proceso de esmorecemento xeneralizado das redes sociais persoais fortes, densas ou compactas.

<sup>307</sup> Segundo, entre outros, Auer e Hinskens (2005: 351-355), Conde Silvestre (2012: 334), Milroy (1992: 208) e Villena Ponsoda (2005: 311, 316, 2013: 193).

<sup>308</sup> Son da mesma opinión, entre outros, Chambers (1995: 67-68), Downes (1984: 229-232), Milroy (2002: 565-567) e Milroy e Gordon (2003: 116-135).

<sup>309</sup> En concreto, Milroy (1992: 177-181, 1993a: 234), Milroy e Milroy (1997a: 200, 1997b), Romaine (1994: 105-106) e Villena Ponsoda (2005: 311, 316, 2013: 176).

En liñas xerais, desde o momento en que xorden as diferenzas de clase social (é dicir, cando a poboación se subdivide en grupos en función dos seus *modos de vida*), os individuos que debeñen en xeográfica e socialmente móbiles (isto é, aqueles que ascenden da clase baixa á clase medio-baixa ou media) dan en relacionarse por medio de redes sociais persoais de densidade e multiplicidade baixa. Xa que logo, na práctica, estas persoas, á parte de que xa non están relacionados entre si por vínculos fortes de parentesco, amizade e veciñanza, dan en relacionarse con moitas máis persoas (por súa vez, adoito descoñecidas entre si) nunha única actividade (p.e. na súa actividade profesional, formación académica, etc.).

De acordo con James Milroy (1992: 9-18), desde o momento en que nunha determinada colectividade aparecen as diferenzas de clase social, así como as redes sociais persoais fortes, densas ou compactas e os grupos compactos dominarán nos estratos socioeconómicos baixo e alto<sup>310</sup>, as redes sociais persoais febles predominarán nos falantes a medio camiño entre eses dous ámbitos socioeconómicos (se queremos, na clase social media).

Segundo James Milroy (1992: 175-212), o agrupamento das redes sociais fortes nos estratos socioeconómicos alto e baixo sería consecuencia, por unha banda, do desexo de manter os privilexios de clase, e, pola outra, da necesidade de apoio mutuo entrementes non se teña acceso a outros medios de cooperación (non só institucionais).

Deste xeito, no parecer deste mesmo investigador (Milroy 1992: 180), nunha representación «ideal» dunha pequena comunidade urbana (p.e. unha cidade galega), visto que os grupos compactos xerados pola ligazón de individuos por medio de redes sociais fortes adoitan concentrarse na clase baixa e alta (no caso de que houbese algo semellante a clubs de golf, de tenis, aeroclubs, etc.) e dado que os grupos difusos xurdidos da interconexión de individuos por medio de redes sociais febles predominarían na clase media, agardamos entre os primeiros un comportamento lingüístico (cando menos, oral) relativamente converxente e, con palabras de R. B. Le Page (1997: 27), focalizado.

Desde este punto de vista, consonte co modelo de rede social, o comportamento lingüístico dos individuos emprazados, respectivamente, na base e na cúspide da pirámide social non se diferenciaría tanto polo seu grao de cohesión interna (en ambos os dous casos podería ser moi elevado) como

<sup>310</sup> En realidade, como xa adiantabamos, de acordo con Juan Andrés Villena Ponsoda (2005: 311, 2013: 179), dado que os falantes de clase social alta combinan as redes sociais fortes con un alto grao de contacto externo por medio de redes sociais febles que lles permiten contactar con múltiples individuos para satisfacer os seus intereses, estaríamos ante *comunidades compactas con alto contacto externo*.

polo menor e maior prestixio que, respectivamente, se lles atribúen a unhas e outras falas (Villena Ponsoda 2005: 313-314).

Pola contra, en tanto que na clase media predominarían os individuos xeográfica e socialmente móbiles que contactan (por causas moi diversas: traballo, formación, ocio, etc.) cunha multiplicidade de individuos (por súa vez, descoñecidos entre si), prognosticamos que, no ámbito lingüístico, atoparemos falantes cuxo comportamento lingüístico é definible como, con palabras de R. B. Le Page (1997: 27), relativamente difuso. Dito doutro xeito, estaríamos ante individuos cuxa relación por medio de redes sociais relativamente febles desemboca nuns usos lingüísticos difusos (isto é, irregulares e variables; Villena Ponsoda 2005: 311).

Así, a un nivel estritamente microlingüístico (isto é, individual), visto que un mesmo falante podería ficar ligado a través de redes sociais persoais febles con máis dunha variedade lingüística vernácula, non sería imposible que, como observan Lesley Milroy e Matthew Gordon (2003: 126), algúns destes falantes mesmo combinasen idiomas, variedades e rexistros diferentes. Certamente, nótese que, se, interesadamente, iconizásemos o comportamento lingüístico difuso destes individuos, poderíamos argumentar no sentido de que as súas falas respectivas non son linguas porque carecen de homoxeneidade interna.

Agora ben, contrariamente ao tradicional enfoque sociolingüístico dos falantes de clase media como individuos «alienados» por mor da súa inclinación ao arredamento das normas intragrupoais (ou, dito doutro xeito, por causa do seu achegamento ás variedades lingüísticas doutros), no modelo de rede social, os falantes relacionados entre si por medio de redes sociais relativamente febles, por seren elementos periféricos aos seus respectivos grupos compactos, son pezas claves para comprendermos o fenómeno de converxencia/diverxencia entre variedades lingüísticas (locais), entre variedades lingüísticas locais e normas supralocais e, por último, entre variedades lingüísticas vernáculas e variedades estándar (Villena Ponsoda 2005: 317).

Para explicar a converxencia entre variedades lingüísticas nas súas diferentes modalidades, o modelo de rede social (p.e. Auer e Hinskens 2005: 351, Bergs 2012: 94) coloca o seu foco sobre os lazos febles en tanto que estes actúan como pontes (ing. *bridges*) ou «canles de transmisión» das innovacións lingüísticas entre agrupamentos (isto é, nun primeiro momento, espallan heteroxeneidade e diversidade lingüística entre os falantes).

Precisamente, no tocante ao espallamento da diversidade lingüística entre os falantes<sup>311</sup>, cómpre discriminar, primeiro, entre un *falante innovador* (ing. *speaker innovator*) e un *primeiro adoptante* (ing. *early adopter*).

<sup>311</sup> No parecer de Milroy (1992: 182-185), Auer e Hinskens (2005: 351-354), Conde Silvestre (2012: 334) e Stuart-Smith e Timmins (2010: 42-48).

Con independencia de que un e outro sexan realmente falantes idealizados e teóricos (isto é, perfís) que se materializan como grupos de falantes, no caso do falante innovador, teriamos que pensar nun falante emprazado na periferia de dous ou máis apiñamentos e coa capacidade de pór en contacto eses mencionados agrupamentos por medio de lazos febles (p.e. por lecer).

Precisamente, ese emprazamento periférico a varios grupos compactos no contexto dunha sociedade dinámica con predominio das redes sociais febles, explica que os falantes innovadores (ben por contactos persoais, ben a través dos medios de comunicación; Stuart-Smith e Timmins 2010: 51) contan con máis opcións de contactar coas innovacións lingüísticas producidas nun momento dado e nun acto lingüístico concreto (ben por erro, ben por uso defectuoso). A seguir, «transportarían» esas innovacións até os diferentes grupos compactos (p.e. aldeas) con que, por unha ou outra razón (ocio, traballo, etc.), trabasen relación.

Con posterioridade, como nos detallan Jane Stuart-Smith e Claire Timmins (2010: 43-44), estas innovacións chegarán até os membros emprazados na área central do seu respectivo grupo compacto (isto é, até aqueles individuos relacionados entre si, case exclusivamente, por lazos fortes) a través dun primeiro adoptante. Fóra dos detalles, os primeiros adoptantes serán, a un tempo, centrais e periféricos ao seu respectivo grupo compacto en tanto que, por unha banda, se relacionan cos restantes membros do seu grupo de iguais por medio de lazos fortes (é dicir, en múltiples actividades por varias razóns) e, pola outra, establecen frecuentes contactos co exterior a través de lazos febles (nomeadamente, por razóns de traballo).

No modelo de redes sociais, os primeiros adoptantes son vitais para a difusión das innovacións porque, así como a súa natureza parcialmente periférica os sitúa nunha posición privilexiada para contactar coas innovacións que «viaxan» cos falantes innovadores<sup>312</sup>, á vez, gozan de prestixio abondo dentro do seu respectivo grupo compacto como para minimizar o risco de que o grupo de iguais perciba esas innovacións como «desvíos».

En opinión de James Milroy (1992: 182), este primeiro adoptante acollería, ou non, unha (ou varias) das múltiples innovacións con que entra en contacto (agora, estaríamos a falar de converxencia activa e de variación lingüística individual; Villena Ponsoda 2005: 331) segundo a valoración persoal que faga desa

<sup>312</sup> De acordo con Milroy (1992: 187-188), as mulleres novas que todos os días abandonan os seus barrios para traballar nos centros comerciais das medianas e grandes cidades poderían comportarse como primeiros adoptantes en tanto que, no seu lugar de traballo, interactúan de xeito cotiá ou casual, con múltiples modos de vida (p.e. con operarias de limpeza que, por súa vez, poderían actuar como *falantes innovadores*).

mesma innovación en interacción co contexto. En liñas xerais, un falante aceptará unha innovación no seu comportamento lingüístico no caso de que interprete que esa adopción facilitará a súa identificación coa comunidade doadora e que obterá algún beneficio que compense o esforzo de adopción<sup>313</sup>.

Por último, segundo os especialistas<sup>314</sup>, unha vez que unha innovación devén en cambio lingüístico ao ser asumida polos primeiros adoptantes como marca dalgún tipo de valor social (p.e. pertenza a un grupo concreto) e, por conseguinte, cando unha innovación aparece nunha estrutura de heteroxeñidade sistematizada, ese «selo» de aprobación permite que as innovacións se estendan, aos poucos, desde estes falantes até os individuos centrais da comunidade (é dicir, con escasos contactos externos). Sen dúbida, estes últimos, adoptarán estas innovacións porque, ao viren dunha parte respectada do seu grupo de iguais, nin as ven xa como un «desvío», nin perciben xa «riscos» ou «complicacións» na súa adopción.

Precisamente, desde o momento en que unha innovación é asumida polos primeiros adoptantes (Milroy 1992: 182-185, Stuart-Smith e Timmins 2010: 43-45), a sociolingüística variacionista percibe cambio lingüístico en progreso (Milroy 1993a: 224) no sentido de que a variante lingüística innovadora incrementa o seu uso conforme descende a idade (isto é, a súa frecuencia de uso é maior nos mozos, media nos adultos e menor nos maiores).

No tocante ao ritmo de expansión dunha innovación (Stuart-Smith e Timmins 2010: 43-44), se ben esta se estende, inicialmente, engorde entre os primeiros adoptantes e logo acelera considerablemente o seu ritmo de expansión até completar, máis ou menos, a metade do total de integrantes do grupo compacto, finalmente, volve frear a cadencia de espallamento entrementes se propaga pola metade restante do seu agrupamento. Sexa como for, como observan James Milroy e Lesley Milroy (1997a: 204), o paso do tempo é esencial para que unha innovación se espalle por completo polo interior dunha pequena comunidade local.

Neste sentido, como nos advirten Peter Auer e Frans Hinskens (2005: 351-352), David Britain (2010b: 197-202) e Juan Andrés Villena Pon-

<sup>313</sup> Auer e Hinskens (2005: 351-356), Milroy (1992: 182), Milroy e Milroy (1997a: 204) e Villena Ponsoda (2005: 315) entenden que, para que teña lugar o cambio lingüístico, non abonda con que se debiliten as redes sociais persoais pois cómpre, a maiores, algún tipo de motivación psico-social pola banda dos falantes para acomodarse ás variedades lingüísticas doutros individuos. Na terminoloxía de Le Page e Tabouret-Keller (1985), ese impulso de índole psico-social podería definirse como un *acto de identidade* en tanto que existe un desexo de ser identificado como membro dunha determinada colectividade.

<sup>314</sup> Por exemplo, Auer e Hinskens (2005: 352), Milroy (1993a: 221-234), Stuart-Smith e Timmins (2010: 43-44) e Villena Ponsoda (2005: 324).

soda (2005: 324), debemos pór de relevo que, así como unha estrutura reticular de redes sociais densas, fortes e compactas mantén as innovacións fóra das pequenas comunidades locais (e, por conseguinte, evita o cambio lingüístico), así tamén esa mesma estrutura estenderá rapidamente o cambio lingüístico a partir do momento en que este sexa admitido na correspondente comunidade local. En esencia, como puntualizan Peter Auer e Frans Hinskens (2005: 351), se ben é certo que as redes sociais fortes evitan o cambio lingüístico, estas mesmas redes sociais favorecen a súa irradiación desde o centro cara ás marxes dos grupos compactos ou das pequenas comunidades unha vez que este xa foi aceptado (Conde Silvestre 2012: 334).

Neste sentido, no plano da estrita variación lingüística individual (é dicir, microlingüístico), estaríamos a falar de converxencia activa no sentido de que o falante, ademais do arredamento da fala dos seus iguais, converxe coas variedades lingüísticas doutros falantes (Villena Ponsoda 2005: 331) de tal xeito que, se a variante lingüística innovadora escolleita pertencese a unha norma supralocal ou a unha variedade estándar, constataríamos un proceso de converxencia asimétrica (Villena Ponsoda 2005: 317).

A maiores, de focalizarmos no nivel mesolingüístico (isto é, nas comunidades locais), atoparíamos un fenómeno de converxencia dialectal (ing. *dialect convergence*), ben cara a unha norma supralocal (p.e. rexional), ben cara a unha variedade estándar, e, igualmente, de explorarmos o ámbito supralocal (insistimos, non só rexional: comarcas, conurbacións, etc.), notaríamos unha uniformidade e homoxeneidade lingüística crecente ao redor, ben dunha norma supralocal, ben dunha variedade estándar.

Á marxe dos detalles, de acordo con David Britain (2010a: 80, 2010b: 194), Peter Auer, Frans Hinskens e Paul Kerswill (2005: 12) e Paul Kerswill e Peter Trudgill (2005: 201-202), en casos como os descritos, cabería falar de *supralocalización*.

Segundo os devanditos sociolingüistas, a supralocalización explora a posibilidade de que, nun espazo xeográfico compartido por variedades lingüísticas mutuamente intelixibles (Kerswill e Trudgill 2005: 202), emerxa algo semellante a un rexiolecto, unha variedade lingüística rexional ou unha variedade lingüística supralocalizada (p.e. o inglés de Londres entre os séculos XV e XVII; Conde Silvestre 2012: 338) a medio camiño entre as respectivas falas locais e, de existir, unha variedade estándar estatal (Auer, Hinskens e Kerswill 2005: 11, Hernández-Campoy e Villena Ponsoda 2009).

De acordo con estes mesmos sociolingüistas (Britain 2010a: 79, 2010b: 197, Kerswill e Trudgill 2005: 202), os devanditos procesos de supralocalización lingüística foron máis habituais desde a II Guerra Mundial por



mor da crecente mobilidade social (inter-local) xerada tras ese acontecemento histórico.

No parecer destes investigadores, os procesos de emigración e inmigración, as melloras nos medios de comunicación, a concentración da poboación laboral no sector terciario, o incremento dos niveis de educación, a maior flexibilidade do mercado laboral, etc., incidiron notablemente sobre o conxunto das variedades lingüísticas vernáculas. Precisamente, entre as consecuencias máis destacadas desta mobilidade social xeneralizada, cómpre citar a emerxencia de variedades lingüísticas de carácter supralocal (p.e. en Andalucía; Hernández-Campoy e Villena Ponsoda 2009, Villena Ponsoda 2013: 180-181) na medida en que estas ilustran a posibilidade real de que haxa converxencia dialectal (ao cabo, certa uniformidade e homoxeneidade entre falas locais) á marxe dos procesos de estandarización (e, por extensión, das variedades estándar).

En opinión de David Britain (2010b: 202) e Brit Mæhlum (2010: 28), os falantes converxen ao redor destes rexiolectos porque, por unha banda, non desexan «soar» excesivamente locais, e, pola outra, pretenden amosar unha certa solidariedade coa súa localidade (dito doutro xeito, non queren «romper» totalmente cos seus iguais).

Sexa como for, desde o punto de vista do modelo de rede social, debería ficar ben claro que as variedades lingüísticas vernáculas (locais, ou non) non son, por definición, un «caos lingüístico» porque, como xa vimos en reiteradas ocasións, algunhas falas locais (mesmo, supralocais) poden acadar tal grao de cohesión interna que, mesmo a nivel popular, poden ser percibidas como entidades lingüísticas relativamente discretas (p.e. o andaluz occidental).

Ao xuízo da SLC, a visión de Alvar e Salvador (por extensión, da EFE) das variedades lingüísticas vernáculas como entidades, por definición, difusas (mellor sería dicir, caóticas) responde, outra volta, no fondo, á ideoloxía lingüística do monolingüismo.

Con seguridade, no parecer da SLC, a presentación das variedades lingüísticas periféricas do estado español como entidades naturalmente «caóticas» e incapaces de xerar unha norma «supralocal» de seu pretende a minorización destas variedades lingüísticas periféricas na condición de dialectos co discurso dominante de que carecen do nivel mínimo de homoxeneidade e uniformidade interna esixido á xerarquía de lingua.

Á vista de todo o dito até o momento, se desexásemos fechar o círculo analítico centrado no desenmascaramento da ideoloxía lingüística oculta baixo o concepto de «nivelación» da lingüística española (p.e. Alvar 1961: 56, 1975: 97, 1979: 25, 1982: 61-64, 1996b: 12, 2000: 27, 2004: 28), cremos que, a seguir, sería conveniente que explorásemos as consecuencias teóricas das

ecuacións entre, por unha banda, nivelación e estandarización, e, pola outra, entre lingua e variedade estándar única.

No que toca ao primeiro punto, temos que partir do premisa teórica de que a sociolingüística actual<sup>315</sup> entende a *nivelación* (ing. *levelling*) como un intrincado e complexo proceso lingüístico cuxo resultado final sería a eliminación das variantes lingüísticas xeográfica e socialmente marcadas dentro dun conxunto de variedades lingüísticas estruturalmente aíns. Sen dúbida, todos eses intrincados e complexos procesos sociolingüísticos, só de xeito moi tanxencial, aparecen recollidos na formulación do concepto de nivelación de Alvar.

En primeiro lugar, segundo se recolle nos devanditos estudos, temos que ter claro que os procesos de nivelación lingüística se enmarcan no fenómeno xenérico de enfraquecemento actual das chamadas redes sociais fortes.

Malia que o decaemento (case universal) na fortaleza das redes sociais comezara, no parecer de J. K. Chambers (1995: 58-66) e de Lesley Milroy e Matthew Gordon (2003: 130), cando menos, nos séculos XVI e XVII, este secular proceso aviveceu a partir de 1950 (Britain 2010a: 79, 2010b: 197, Mæhlum 2010: 28) por mor da, xa mencionada, intensificación dos procesos de migración (internos e externos), industrialización e urbanización.

Entre as características que distancian o proceso de nivelación lingüística verbo doutros fenómenos que implican algún tipo de marxinación de variantes lingüísticas xeográfica e socialmente marcadas (en concreto, fronte á estandarización) temos que salientar, ademais da case nula participación institucional relativamente consciente (escola, academias, editores, etc.), a ausencia de xerarquización entre as variedades lingüísticas vernáculas. Así pois, o proceso de converxencia dialectal non carrega unha restrición na capacidade de desenvolvemento funcional de ningunha das variedades lingüísticas implicadas ou, dito doutro xeito, non implica a superposición dunha variedade lingüística concreta sobre as restantes variedades lingüísticas coexistentes (Auer, Hinskens e Kerswill 2005: 24).

Xa que logo, pois a nivelación pode avanzar á marxe da intervención institucional e dado que non leva asociada necesariamente un proceso de superposición funcional e normativa dunha variedade modelo, cómpre lembrar que as variedades lingüísticas de compromiso (p.e. o galego de Santiago de Compostela?) xeradas por estes procesos son diferentes ás variedades estándar no sentido de que os seus falantes, alén de prescindir das formas lingüísticas xeográfica e socialmente marcadas das súas respectivas falas vernáculas,

<sup>315</sup> Así opinan, entre outros, Britain (2010a, 2010b: 194-197), Auer, Hinskens e Kerswill (2005: 11-13), Kerswill (2002), Kerswill e Trudgill (2005: 197-202), Mæhlum (2010: 27-28), Milroy (1992: 211-222), Milroy (2002: 565-567), Milroy e Gordon (2003: 130-133) e, por último, Trudgill (1986: 83-110).

converxen ao redor dunha serie de variantes lingüísticas supralocais e «neutras» (Mæhlum 2010: 27).

Con seguridade, por mor da capacidade de unificación local e de discriminación supralocal (isto é, de supralocalización) deste tipo de variedades lingüísticas de compromiso, algúns sociolingüistas, como vimos de mencionar, etiquetaron estas falas como rexiolectos, estándares/koinés rexionais, variedades lingüísticas rexionais, variedades lingüísticas supralocais en tanto que se derivan de procesos de nivelación dialectal rexional ou supralocalización dialectal (Auer, Hinskens e Kerswill 2005: 12).

De certo, desde o punto de vista da moderna sociolingüística (p.e. Britain 2010a, 2010b), a nivelación sería un proceso parcialmente diferente á estandarización no sentido de que, se ben ambos os dous procesos carrexan converxencia dialectal entre dúas, ou máis, variedades lingüísticas (ben variedades lingüísticas vernáculos, no caso da nivelación, ben variedades lingüísticas vernáculos e unha variedade estándar, no caso da estandarización) pois se produce un aconchego estrutural entre as falas implicadas, a nivelación sería unha estratexia de achegamento lingüístico «natural» en tanto que os falantes deciden «acurrallar» (se queremos, deciden «marxinar» do uso habitual) as variantes lingüísticas máis complexas e máis marcadas das distintas variedades lingüísticas en contacto.

Desde o punto de vista da sociolingüística, a nivelación é consecuencia dos profundos cambios socioeconómicos, políticos e demográficos operados na sociedade actual. Con seguridade, froito de todas esas mudanzas, no nivel microlingüístico, ademais de que os nenos xa non pasan tempo abondo cos seus «maiores» como para interiorizar as estruturas máis complexas das súas propias variedades lingüísticas, xorde unha interacción lingüística moito máis intensa con falantes doutras variedades lingüísticas estruturalmente afíns.

Así pois, debido ao esvaecemento dos requisitos sociais e cognitivos previos (isto é, das redes sociais fortes) que fan do grupo de iguais unha sorte de «escola» onde os familiares directos (avós, pais, irmáns maiores, tíos, etc.), amigos e veciños «aprenden» as estruturas lingüísticas máis complexas das variedades lingüísticas propias e por causa dun escenario de contacto intenso entre variedades lingüísticas estruturalmente afíns, emerxe a nivelación como un mecanismo «natural» de adaptación ante este novo contexto sociolingüístico. Xa que logo, á derradeira, a marxinação das variantes lingüísticas xeográfica e socialmente marcadas (isto é, a *homoxeneización lingüística*; Mæhlum 2010: 27) obedece á realidade de que xa non é tan indispensable a solidariedade entre iguais.

En definitiva, se, desde un enfoque microlingüístico, a nivelación podería entenderse como unha ferramenta de adaptación dos propios falantes fronte aos cambios no contexto social (ante unha maior mobilidade social e xeográfica e ante situacións de intenso contacto lingüístico entre variedades lingüísticas estruturalmente moi afíns), desde o punto de vista da SLT as variedades lingüísticas vernáculos, en tanto que a uniformización e a homoxeneidade interna poden aparecer á marxe das variedades estándar, non estarían automaticamente incapacitadas para devir en linguas dado que, entre outra razóns, poden adquirir unha dimensión supralocal e unha certa homoxeneidade interna (Mæhlum 2010: 28).

Por outra banda, de acordo coa perspectiva da SLC, cabe asegurar que a EFE, de novo co obxectivo oculto de emprazar as variedades lingüísticas periféricas do estado español na condición (ás veces, explícita) de dialectos, volveu manipular a realidade lingüística coas estratexias lingüístico-discursivas da iconización e do ocultamento.

En liñas xerais, a EFE, por unha banda, iconizou a diverxencia dialectal entre variedades lingüísticas locais (p.e. no asturiano) coa finalidade de lexitimar cientificamente o prexuízo de que as variedades lingüísticas periféricas (nomeadamente, galego, aragonés, asturiano e vasco), pois carecían dun «alto grado de nivelación», eran dialectos. Pola outra, ademais de ocultar a posible homoxeneidade interna das falas locais (p.e. no galego), acochou tamén a posibilidade de converxencia dialectal entre falas locais (p.e. no galego) á marxe dunha variedade estándar, ben por causa da ausencia histórica de diverxencia dialectal interna (ao xeito do acontecido, por exemplo, no islandés), ben por cousa da moderna emerxencia dun rexiolecto de dimensión supralocal (na liña do acontecido, por exemplo, no andaluz).

#### ***4.2.3 A ecuación «unha lingua, unha variedade estándar» como un enfoque ideolóxico dirixido***

Como se apuntaba en apartados anteriores, a lingüística española (p.e. Alvar 1961, 2004; Marcos-Marín e Miguel 2009 e Salvador 2007a, 2007b) semella que deu por sentada a necesidade de correspondencia «un-a-un» entre lingua e variedade estándar de tal xeito que, na práctica, os lingüistas españois operaron coa convicción de que as «linguas en sentido estrito» unicamente posuían unha, e só unha, variedade estándar.

Precisamente, desde esta certeza, como se testemuña en non poucos investigadores (p.e. Arnal 2010a: 76, 82, 2010b; Freire 2009: 6, Morala e Egidio 2009: 2, Salvador 1987: 57, Turrión 2010: 57), a lingüística española

iconizou as desavinzas no interior dalgunha das variedades estándar dos idiomas periféricos do estado español (como pouco, no aragonés, leonés e galego) co obxectivo oculto de que o lector tirase a conclusión de que estas falas, dado que non posuían unha (única) variedade modelo homologable coa variedade estándar do español, non eran «linguas en sentido estrito» (como moito, eran, por exemplo, «neolinguas»; Freire 2009: 6).

Por continuarmos a liña expositiva deste traballo, así como, previamente, demostrabamos que a visión do español (por extensión, das grandes variedades estándar) como unha lingua estándar monocéntrica e das variedades lingüísticas vernáculas como un «caos lingüístico» eran, en realidade, dous construtos ideolóxicos que desexaban situar ao español nunha posición de privilexio fronte aos seus competidores internos e externos, desta volta, coa finalidade de destapar a ideoloxía lingüística oculta baixo a ecuación «unha lingua, unha variedade estándar», presentaremos casos concretos de idiomas cuxa xerarquía de lingua é incontestable a pesar de contar con máis dunha variedade de referencia.

Evidentemente, cos exemplos que presentamos a seguir, tentamos deixar claro que, así como, desde o punto de vista da SLT, unha variedade lingüística non pode ser excluída automaticamente da xerarquía de lingua porque non cumpra nun cento por cento co ideal de «unha lingua, unha variedade estándar», así tamén, desde a óptica da SLC, semellante ecuación e toda a argumentación ao seu redor, responde, outra volta, ao propósito oculto da minorización dos idiomas periféricos.

Con certeza, desde o seminal traballo do sociolingüista Einar Haugen (1968), poucos idiomas poderían ilustrar tan acertadamente a posibilidade de ser lingua con máis dunha variedade estándar como o noruegués.

Segundo o aludido (Haugen 1968: 675, 683) e outros moitos especialistas<sup>316</sup>, dado que os séculos de subordinación política á coroa dinamarquesa (en concreto, entre 1380 e 1814) impediran a emerxencia «natural» dunha variedade estándar autónoma e propia quen de subordinar o continuo de variedades lingüísticas vernáculas interpostas entre as falas rurais norueguesas tradicionais e o dinamarqués estándar<sup>317</sup>, cando Noruega conseguiu a súa independencia política, esta nova nación tivo que afrontar o perentorio e inescusable reto da elaboración dunha variedade estándar para o seu propio idioma.

Sen dúbida, desde os primeiros anos de independencia política (Håkon 1997: 216-217, Pedersen 2005: 193-195), o proceso de elaboración dunha

<sup>316</sup> Por exemplo, Bull (2011: 432-433), Lundeby (2005: 1984-1985) e Røyneland (2010: 264).

<sup>317</sup> En opinión de Elia (1987: 132, 153), Pedersen (2005: 175-176, 194-195), Trudgill (1974: 138-139) e Vikør (2000: 111-115).

variedade estándar para o noruegués estivo condicionado por un debate ideolóxico de fondo entre dous xeitos ben diferentes de entender a identidade nacional, cultural e lingüística norueguesa (dito doutro xeito, entre dúas ideoloxías lingüísticas; Mæhlum 2005: 1917-1918).

A grandes trazos, segundo os amentados especialistas, as dúas ideoloxías lingüísticas ocultas baixo o debate normativo da lingua norueguesa diverxían entre si no tocante á cuestión de se era lícito, ou non, aceptar a histórica interpolación da cultura e da lingua dinamarquesa na rexeneración da auténtica identidade, cultura e lingua norueguesa. Á marxe dos detalles, mentres os partidarios da primeira destas dúas ideoloxías lingüísticas entenderon que a rexeneración da identidade, cultura e lingua norueguesa esixía a purificación plena desa secular intromisión, os defensores da segunda foron moito máis tolerantes con esa histórica herdanza cultural e lingüística.

No plano estritamente lingüístico, os partidarios da primeira ideoloxía lingüística, debido ao seu fondo ideolóxico intensamente nacionalista (Lundeby 2005: 1984-1993, Ole 2005: 1584-1585, 1600), elaboraron unha variedade estándar sobre a peaña, case exclusiva, das falas rurais da parte occidental do país e dos vales de montaña do sur (Bartsch 1987: 252-253, Auer, Hinskens e Kerswill 2005: 11, Langer e Nesse 2012: 618) porque estaban convencidos de que esas variedades lingüísticas, por descenderen directamente do noruegués medieval ou noruegués antigo, estaban moito menos «contaminadas» polo dinamarqués do que estaban as falas dos núcleos urbanos e da parte oriental do país.

En opinión dos sociolingüistas, a figura clave desta ideoloxía lingüística foi un dialectólogo autodidacta de orixe rural chamado Ivar Aasen (1813-1896). Segundo os especialistas mencionados (p.e. Walton 1998: 415), este mestre de escola, «desde cero» e tras un rigoroso traballo de campo de catro anos (1842-1846) sobre as variedades lingüísticas vernáculos occidentais do país, sentou as bases da variedade modelo que el mesmo denominou *landsmål* (isto é, *lingua nacional*; coñecido desde 1929 como *nynorsk* ou *novo noruegués*).

Por súa vez, segundo, entre moitos outros, Lars Vikør (2000: 113), a ideoloxía lingüística contraria ao *nynorsk* opinaba que Noruega, se aspiraba á categoría de moderna nación europea, debía construír a súa futura identidade nacional, cultural e lingüística sobre as falas e modos de vida da clase media-alta urbana norueguesa (nomeadamente, dos funcionarios de Oslo) e non sobre o pasado (cultural e lingüístico) dun reino medieval feudal. Consonante a este enfoque nacionalista máis moderado, se ben cumpría ter en conta a cultura e as falas populares rurais, estas, así e todo, non podían ser o referente esencial da vindeira identidade cultural e lingüística norueguesa.

No plano estritamente lingüístico, estoutra ideoloxía lingüística consideraba que a variedade estándar do noruegués debía atender, nomeadamente, ás falas da clase media-alta urbana do sureste do país (nomeadamente, de Oslo).

Por centrármonos nas coincidencias co *nynorsk*, esta segunda variedade estándar, alén de que tamén trocou o seu nome orixinal en 1929 (de *riksmål*, literalmente, *lingua do estado*, a *bokmål*, literalmente, *lingua dos libros* ou *lingua literaria*; Trudgill 1974: 139) e de que así mesmo é oficial desde 1885, ao longo das súas sucesivas reformas ortográficas (outra volta, tamén léxicas, sintácticas e estilísticas; Bull 2011: 434) acolleu máis e máis variantes lingüísticas orixinarias das falas populares e, por conseguinte, experimentou un certo achegamento á orientación antagonista.

Xa que logo, analizada a progresión das variedades estándar do noruegués en conxunto, se ben é innegable que este idioma foi, desde 1885, unha lingua con dúas variedades estándar oficiais, igualmente é indubidable que os noruegueses, pois percibiron, desde moi cedo (aproximadamente, desde 1880; Håkon 1997: 221-222, 2005: 1635), que esta disensión interna (dúas variedades estándar para unha nación) xogaba en contra da consolidación dun sentimento nacional, formulaba múltiples e serios problemas de orde práctica (no ensino, administración, etc.) e proxectaba, cara ao exterior, unha imaxe de anómala división interna, sempre cobizaron algún tipo de «concordia» que dera cabo desta desavinza.

Con seguridade, esta perenne vontade tácita de acordo explica que as sucesivas reformas do *nynorsk* e do *bokmål* incluían un abano de formas duplas de tal xeito que sempre foi posible confluír, en maior ou menor grao, cos usuarios da variedade estándar antagonista (Lundeby 2005: 1988). Paralelamente, e guiadas por un idéntico espírito de concordia, xurdiron iniciativas en prol da confluencia destas dúas variedades estándar (*nynorsk* e *bokmål*) nunha nova variedade estándar de «compromiso» cuxa denominación foi, de acordo coa etiqueta popularizada en 1909 polo gramático Moltke Moe (Haugen 1968: 679), *samnorsk* (literalmente, *noruegués común* ou *noruegués unificado*; Bull 2011: 432).

Sexa como for, con independencia de que poidamos describir o noruegués como unha lingua con dúas variedades estándar (*nynorsk* e *bokmål*), unha lingua con tres variedades estándar (*nynorsk*, *samnorsk* e *bokmål*) ou unha lingua con catro sub-estándar (*nynorsk* «conservador», *nynorsk* «radical», *bokmål* «radical» e *bokmål* «conservador») e unha variedade estándar (*samnorsk*), en opinión dos especialistas (Håkon 1997: 238-241, Røyneland 2010: 264 e Vikør 2000: 115-116), por unha banda, o proxecto de resolución do conflito normativo por medio dunha variedade modelo de concordia (o

*samnorsk*) fracasou, e, pola outra, o *bokmål* («radical») semella que se está a impor paseniño como variedade estándar dominante.

En definitiva, se ben o *nynorsk* e o *bokmål* están hoxe, desde un punto de vista estritamente lingüístico, moito máis próximos entre si do que estiveron no pasado e se ben as dúas variedades modelo gozan de recoñecemento oficial, bótase de ver que, desde un punto de vista sociolingüístico, ambas as dúas seguen a funcionar como «símbolos» ou «bandeiras» de dúas ideoloxías lingüísticas ben distantes (Håkon 2005: 1646). Sen dúbida, no parecer de Ernst Håkon Jahr (1997: 229-230, 2005: 1635), os valores simbólicos asociados a unha e outra variedade estándar explican tanto o enquistamento temporal do debate normativo noruegués como o fracaso do *samnorsk* como posible «variedade de concordia». De certo, o emprazamento desta última variedade de compromiso nunha sorte de «terra de ninguén» xunto á hostilidade dos partidarios do *bokmål* (en realidade, da súa vertente «conservadora ou tradicional») contra esta última variedade modelo explican que esta variedade estándar perdera forza tras o chamado *período samnorsk* (Håkon 1997: 224, 2005: 1635).

En liñas xerais, a historia do noruegués apréndenos que, así como o proceso de elaboración dunha variedade estándar (neste caso, do *nynorsk*, *bokmål* e *samnorsk*) non é alleo ás circunstancias políticas en que este se desenvolve<sup>318</sup>, igualmente o éxito ou fracaso na implementación desa mesma variedade estándar, en contra da opinión xeneralizada dos lingüistas españois, terá moito máis que ver cos seus condicionantes extralingüísticos que coas súas características exclusivamente lingüísticas. Dito doutro xeito, por moi descamiñada ou acertada que nos puidese parecer unha variedade modelo desde un punto de vista estritamente técnico, convén ter moi presente que o éxito ou o fracaso de calquera variedade estándar dependerá, ao cabo, das circunstancias extralingüísticas que a circunden.

Así pois, o noruegués demostra ben ás claras que un idioma pode ser lingua con máis dunha variedade estándar porque, entre outras razóns, de existir unha consciencia previa de unidade lingüística e política, non é estraño

<sup>318</sup> En apoio desta afirmación cómpre lembrar que a etapa de máxima expansión do *nynorsk* coincidiu co período histórico de batalla política pola independencia de Noruega porque, evidentemente, esta variedade estándar, por mor do seu arredamento lingüístico do dinamarqués, casaba moi ben co proxecto político nacionalista de secesión da coroa sueca (Håkon 1997: 219, 2005: 1646). Por súa vez, como xa anticipabamos, o *samnorsk* viviu o seu momento de esplendor durante a etapa de goberno do Partido Laborista (aproximadamente, entre 1920 e 1960) porque, construído sobre as falas dos campesiños e obreiros e, por conseguinte, emprazado a medio camiño entre o «elitista» *bokmål* e o «arcaico» *nynorsk*, encaixaba perfectamente co desexo do Partido Laborista de que as clases populares ocupasen o centro da vida cultural e política norueguesa (Håkon 1997: 226-230).



que a colectividade correspondente camiñe engordado cara ao horizonte dunha única variedade estándar pola vía do consentimento social tácito ao redor da variedade modelo que progresivamente se revele como máis adecuada para as necesidades desa consciencia nacional aínda en construción.

Evidentemente, se a focalización dun idioma cara a unha única variedade estándar (p.e. no caso galego; Sánchez 2004-2010) adoita ser, no fondo, unha «cuestión de tempo», ningunha variedade lingüística debería ser excluída da xerarquía de lingua porque, ao longo do seu proceso de estandarización, presentase máis dunha variedade estándar. De non aceptarmos isto último, dado que, por exemplo, o córnico tivo até catro variedades estándar diferentes, houbo un desacordo ortográfico até o ano 2005 (Williams 2010: 250) e conta cun número «escaso» de falantes, en estrita congruencia cos principios programáticos da EFE, teríamos que concluír que este idioma tampouco sería unha «lingua en sentido estrito».

No entanto, cómpre recoñecer que, así como unha consciencia previa de unidade lingüística e política foi determinante na deriva de converxencia progresiva entre as variedades estándar parcialmente diverxentes do noruegués, igualmente, a ausencia desa mesma consciencia foi decisiva na histórica orientación diverxente seguida polas variedades estándar do hindi e do urdu. Como nos comenta Hans R. Dua (1992: 390), se ben, desde un punto de vista estritamente lingüístico, ambos os dous idiomas poderían pasar por unha mesma lingua internamente diversificada en dúas variedades estándar<sup>319</sup>, por mor da crecente desunión política e relixiosa entre indios e paquistanís, cada día é máis improbable a confluencia de ambos os dous idiomas baixo o «paraguas protector» dunha mesma e única variedade modelo.

Historicamente, de acordo con este (Dua 1992: 383-386, 1995: 184-194) e outros sociolingüistas (Rahman 2011: 99), a semellanza estrutural entre estes dous idiomas minguou progresivamente desde o século XVII (moito máis desde 1947) conforme medraba o arredamento político, social, cultural e relixioso entre as elites hindús e musulmás. Con certeza, a deriva histórica de afastamento progresivo entre estas dúas variedades lingüísticas<sup>320</sup> tivo moito que ver coa conversión do hindi e do urdu en «símbolos lingüísti-

<sup>319</sup> Segundo Rahman (2011: 4, 99, 389-399), dado que, en realidade, estamos ante un continuo de actos comunicativos intercalados entre dous extremos opostos: o hindi estándar e o urdu estándar, segundo centrásemos a nosa atención nun destes dous polos ou nalgún dos actos lingüísticos máis ou menos achegados a un ou outro cabo en función do falante, tema e contexto en cuestión, cabería falar de dúas linguas de seu ou dunha mesma e única lingua. De feito, en opinión de Marcos Bagno (2011: 384), estamos ante unha mesma lingua con dous glosónimos diferentes: hindi e urdu.

<sup>320</sup> De acordo con Bagno (2011: 384), Cheung (1992: 209), Dua (1992: 385, 1995: 185-186) e Rahman (2011: 99, 390-395).

cos» de dúas comunidades nacionais, históricas, políticas, culturais e relixiosas mutuamente diferenciadas de tal xeito que, ao cabo, estes dous idiomas deron en «bandeiras» de dúas nacións independentes: India e Paquistán.

Daquela, malia que, desde un punto de vista estritamente lingüístico, o hindi e o urdu puidesen ser unha mesma lingua porque partillan (Dua 1992: 390-393, Rahman 2011: 4, 99, 398-399, Vaid 1995: 301) unha mesma base dialectal, case unha mesma gramática e unha porción tan ampla do seu léxico que é posible a intelixibilidade mutua entre os seus falantes, ambas as dúas variedades lingüísticas son, hoxe por hoxe, como pouco, unha lingua policéntrica ou pluricéntrica internamente diversificada en dúas variedades estándar<sup>321</sup>.

Para decatármonos da relevancia dos fenómenos políticos, sociais, culturais e relixiosos no distanciamento histórico entre as variedades estándar do hindi e urdu, cómpre lembrar que, como nos comenta Andrew Dalby (2002: 188-189), se India e Paquistán non fosen dúas nacións soberanas desde 1947 e se, por conseguinte, indios e paquistaníes conviviran baixo unha mesma bandeira desde aquela data conforme ao desexo de Mahatma Gandhi e doutros líderes políticos, moi probablemente, ambos os dous idiomas serían unha mesma lingua baixo o «paraugas protector» dunha mesma variedade estándar (chamada, por exemplo, por utilizarmos as palabras do amentado líder, indostano ou hindustano).

Ao certo, unha mesma variedade estándar podería recubrir estes dous idiomas porque, como observa Jyotsna Vaid (1995: 301), fóra das diferenzas no sistema gráfico (devanagari no hindi, alfabeto árabe-persa no urdu), na dirección da escritura (de esquerda a dereita no hindi, de dereita a esquerda no urdu) e na distinta procedencia dos préstamos léxicos (sánscrito para o hindi e árabe-persa para o urdu), non son moitas máis as diferenzas entre hindi e urdu.

En resumo, se ben o hindi e urdu poderían pasar, desde un punto de vista estritamente técnico e lingüístico, na opinión dos máis dos lingüistas, por unha única lingua internamente diversificada en dúas variedades estándar, a crecente desunión política e relixiosa entre indios e paquistaníes está a incrementar progresivamente a distancia entre as correspondentes variedades de referencia e, por conseguinte, entre un e outro idioma. Velaquí, un exemplo ben ilustrativo de como os factores políticos poden marcar unha liña de

<sup>321</sup> Con todo, como xa vimos, Salvador (1987: 50), co ánimo de situar ao español nunha posición de privilexio fronte os seus posibles competidores internacionais, sempre fala destes dous idiomas como dúas linguas mutuamente independentes.

converxencia (p.e. no noruegués) ou de diverxencia (p.e. entre hindi e urdu) entre variedades estándar (ao cabo, entre idiomas).

Outros casos recollidos en manuais que poderían romper coa tradicional ecuación «unha lingua, unha variedade estándar» (xunto aos exemplos xa tratados do francés, inglés, español e portugués) poderían ser: 1<sup>o</sup>) o neerlandés (Deprez 1997, Geerts 1992) con, historicamente, unha variedade estándar holandesa e unha variedade estándar belga (tradicionalmente, chamada flamengo), 2<sup>o</sup>) o armenio moderno (Cowe 1992) cunha variedade estándar oriental (de uso preferente na República de Armenia e, ocasionalmente, na República de Xeorxia e outros lugares da ex-Unión Soviética) e unha variedade estándar occidental (empregada fóra da República de Armenia en países como Turquía, Líbano e emigrantes armenios espaxados polo mundo), 3<sup>o</sup>) o sami (antes lapón) con, segundo Lars S. Vikør (2000: 122), cinco variedades estándar diferenciadas, 4<sup>o</sup>) o retorrománico suízo con, segundo Stephen Barbour (2000b: 154) e Antonio Vañó Cerda (1999: 353-360), como pouco, seis variedades estándar parcialmente diversificadas entre si.

En definitiva, así como, desde o punto de vista da SLT, non hai dúbida de que un idioma pode ser lingua malia que non respecte a correspondencia un-a-un entre lingua e variedade estándar, pola súa banda, desde o enfoque da SLC, bótase de ver que a EFE manipulou ideoloxicamente este principio co ánimo de minorizar os idiomas periféricos do estado español (p.e. o galego) e, á vez, de glorificar o seu propio idioma.

### 4.3 O criterio da tradición literaria

Explícita<sup>322</sup> ou implícitamente<sup>323</sup>, a EFE asume o principio de que un idioma é lingua se posúe «una importante tradición literaria» (Alvar 1961: 56, 1982: 60-61, 1990: 25, 1996b: 12).

Ao pé desta versión «forte» do criterio da tradición literaria, a versión «feble» deste mesmo principio (p.e. Neira 1982: 27, Onieva 1986: 60), sostén que un idioma sería lingua se, simplemente, posúe literatura escrita (por «escasa» e «pobre» que esta fose).

Falamos de versión «forte» e «feble» deste principio porque, evidentemente, a inclusión do adxectivo «importante» no criterio da tradición literaria non é unha cuestión irrelevante.

<sup>322</sup> Por exemplo, Alvar (1961: 56, 1978a: 9, 15-16, 1978b: 41, 1982: 60-61, 1996b: 12, 2004: 28), Arnal (1994: 305-306), Bosque, Martínez, Muñoz, Rodríguez, Sarrión e Ynduráin (2004: 194), De Cos (2010: 3) e Neira (1982: 43, 50, 51; 1986).

<sup>323</sup> Concretamente, Arnal (2010a, 2010b), Martín (2003, 2004), Marcos-Marín e Miguel (2009: 27, 62) e Mendivil (2003/2004, 2007, 2008).

Así, por exemplo, no contexto do estado español, se a simple posesión de literatura (escrita) non fose abondo para acadar a categoría de lingua, á derradeira, calquera dos idiomas periféricos do estado español (por suposto, non só o aragonés, asturiano e leonés) podería ser rebaixado á condición de dialecto sempre e cando, na liña de Francisco Marcos-Marín e Amando de Miguel (2009: 27, 62), argumentásemos no sentido de que as tradicións literarias de todos eses idiomas son «escasas», «pobres», etc., (ou, se queremos, non son «importantes», «relevantes», «non están consolidadas», etc.).

Por sermos máis concretos, mentres a versión «feble» deste principio permitiría afirmar que, por exemplo, o aragonés, asturiano, eonaviego, leonés e valego (é dicir, a variedade lingüística falada no val do río Ellas na provincia de Cáceres) son linguas de seu porque teñen literatura escrita (máis ou menos «potente», máis ou menos «valiosa», etc.)<sup>324</sup>, pola contra, a versión «forte» deste mesmo principio non desbota a opción de rebaixarmos todos estes idiomas á condición de dialectos se, en comparación coa tradición literaria do español (p.e. Alvar 1961: 56, 1978a: 9, 1978b: 41, 1982: 54, Marcos-Marín e Miguel 2009: 27, 62)<sup>325</sup>, afirmásemos que as súas literaturas escritas son «pobres», «escasas», están «pouco consolidadas», etc.

En realidade, na práctica, mentres a versión «feble» deste criterio «unicamente» excluíría da condición de lingua (se queremos, condenaría á condición de dialectos) a aqueles idiomas historicamente ágrafos (p.e. moitas das linguas africanas), a versión «forte» deste mesmo criterio permitiría a opción interesada de que (case) todas as modernas variedades lingüísticas periféricas aos grandes centros de poder político estatal fosen denigradas á condición de dialectos sempre e cando argumentásemos que a tradición literaria de todos estes idiomas non está á altura da gloriosa literatura dalgunha das grandes linguas do mundo (p.e. do español).

Evidentemente, se así o desexásemos, de tomarmos como referente comparativo (implícito ou explícito) a literatura do español (p.e. Alvar 1961: 56, 1982: 54, Marcos-Marín e Miguel 2009: 27, 62), sempre poderíamos defender que este ou aqueloutro idioma periférico do estado español (p.e. o galego), dado que non posúe unha tradición literaria homologable á do español, non é unha «lingua en sentido estrito».

Por exemplo, en Francisco Marcos-Marín e Amando de Miguel (2009: 62) lemos:

<sup>324</sup> Así argumenta, por exemplo, en defensa do asturiano, Rodríguez Cueto (1994: 18).

<sup>325</sup> Sobre a literatura en asturiano, Alvar (1978b: 41) escribe: «En dialecto asturiano florece una literatura de cierto interés; pero la poesía de los bablistas, lejos de resultar popular, es culta y hasta pedantesca».

Por certo, un factor que condiciona el rasgo de «fuertes» a ciertas lenguas es que hayan sabido crear una literatura con arquetipos de validez universal o por lo menos intemporal. Seguramente el castellano o español es la única lengua de España que ha sabido llegar a ese nivel de creación.

Agora ben, con independencia de que tomemos en consideración, ou non, o adxectivo «importante», vaia por diante que, tanto a versión «forte» como «feble» deste criterio, son, ambas as dúas, sumamente problemáticas pois, ao final, todos os idiomas sen literatura escrita (isto é, ágrafos), por moita e ben valiosa que fose a súa literatura oral (contos, lendas, cantigas, etc.), ficarían fóra da xerarquía de lingua.

Verbo deste criterio, deberíamos comezar por lembrar que, desde a perspectiva da SLT, a ausencia de literatura escrita non é un criterio operativo á hora de discriminar entre linguas e dialectos pois é evidente que unha determinada variedade lingüística, con carecer de literatura escrita, pode contar cunha tradición literaria oral (lendas, contos, cantigas, etc.) ben vizosa e antiga.

Por outra banda, mesmo aínda que pasásemos por alto que un idioma pode ter literatura (oral) sen escritura e literatura (oral) antes de iniciar a súa actividade gráfica, o problema esencial deste criterio volve ser, outra volta, a súa natureza relativa en tanto que non é posible fixar un límite obxectivo, científico e neutral de cultivo literario a partir do cal un idioma sexa lingua<sup>326</sup>.

Por outra banda, e velaí outro aspecto ben problemático deste criterio, cómpre ter presente que, como nos demostran o latín clásico e o occitano, unha respectada tradición literaria escrita non garante, en por si, nin no presente, nin cara ao futuro, a xerarquía de lingua.

Como todos sabemos, por moito que o occitano posúa unha ininterrompida tradición literaria que abrangue desde o século XI até a actualidade, unha Idade de Ouro (entre os séculos XII e XVI) con presenza en todas as esferas do saber humano (matemáticas, medicina, historia, lingüística, relixión, etc.) e escritores de sona mundial (p.e. os premios nobel Frédéric Mistral e Robert Lafont), este riquísimo e excelso acervo literario de, aproximadamente, mil anos non foi quen de, en contra das afirmacións de Manuel Alvar (1961: 56), deter o imparabile proceso de fagocitación deste idioma polo francés pois,

<sup>326</sup> De acordo con Neira (1982: 43), o límite entre dialecto e lingua podería estar no tránsito da poesía ao ensaio científico pois: «La literatura en bable es, casi exclusivamente, verso, y verso festivo». Agora ben, en atención a estas palabras de Salvador (1987: 96): «Pero me gustaría recordar al respecto la contestación de Ben Gurión a un líder nacionalista irlandés que le preguntó por las razones del éxito, para aplicar métodos idénticos en Irlanda: «Es que nuestra tradición literaria es la Biblia, mientras que la de ustedes está constituida por Yeats, Bernard Shaw y James Joyce.» Háganse las traslaciones correspondientes», ou ás palabras citadas de Marcos-Marín e Miguel (2009: 62) nesta mesma páxina, poderíamos situar a estrema entre lingua e dialecto nun nivel moito máis elevado.

como lamenta Jacme Taupiac (1999: 285), o occitano está, actualmente, entre «a vida e a morte».

Pola mesma, e en consonancia con todas as nosas afirmacións precedentes, convén que non esquezamos que, do mesmo xeito que unha longa tradición literaria non garante, en por si e para sempre, o estatuto de lingua para un idioma concreto (pensemos no caso evidente do latín), tampouco a ausencia, nin de literatura escrita, nin dun glorioso pasado literario, pode sentenciar, de vez, a unha variedade lingüística á condición de dialecto.

Certamente, se a ausencia dunha gloriosa tradición literaria incapacitase a un idioma (p.e. o asturiano) para ascender, nun futuro máis ou menos próximo, á xerarquía de lingua, en estrita coherencia con este razoamento, teríamos que concluír non só que todos os idiomas actualmente ágrafos serán, por sempre, dialectos<sup>327</sup> senón tamén que, pois todas as grandes linguas de cultura actuais careceron, no seu día, dunha literatura admirada e respectada, tampouco estas serían «linguas en sentido estrito»<sup>328</sup>.

No que toca a esta última reflexión, lembremos que, se ben o latín (como aconteceu, no seu momento, coas linguas romances), contra o século III a. C., carecía da ilustre, notable e prestixiosa tradición literaria do seu período áureo (Josep. 1987: 91), nin a inexistencia dunha «literatura clásica», nin a súa subordinación orixinal ao grego clásico (Josep. 1987: 91), impediron que este idioma ascendese á categoría de lingua e que, mesmo, a partir do Renacemento, dese no modelo a seguir para a estandarización de todas as linguas romances (ao cabo, de todas as linguas do mundo; Josep. 1987).

A maiores, como todos sabemos, así como o inmenso prestixio da lingua e literatura latina nos mil anos posteriores á caída do Imperio Romano explican que a ciencia continuase a empregar este idioma até ben entrado o século XVIII, con todo, este renome literario non puido evitar a deriva de restrición funcional deste idioma «cara arriba» de tal xeito que, na práctica, este idioma deveu nunha auténtica «lingua morta».

Como xa mencionamos (p.e. Wolfram 2002: 7666), dado que a obsolescencia ou emerxencia dun idioma depende, á derradeira, de múltiples factores extralingüísticos (culturais, económicos, políticos, ideolóxicos, demográficos, etc.), se ben a gloriosa tradición literaria dun idioma (p.e. do latín) pode influír no sentido de que o devalo social dese idioma non sexa tanto un «decaemento cara abaixo» (isto é, unha restrición gradual de ámbi-

<sup>327</sup> Así, por exemplo, dado que, como xa sabemos, case o 90 % dos idiomas africanos carecen de tradición gráfica, de operarmos deste xeito, todas esas variedades lingüística ficarían fóra, definitivamente, da categoría lingua.

<sup>328</sup> Por suposto, á luz das informacións do propio Alvar (1982: 91-92), tamén o español.

tos de uso cara á contextos cada vez menos formais) como un «debilitamento cara arriba» (é dicir, un repregue, paulatino e gradual cara á espazos funcionais máis e máis formais), con todo, unha ilustre literatura non será quen de impedir a «morte» dunha lingua.

En definitiva, desde o punto de vista da SLC, non hai dúbida de que o criterio da tradición literaria operou, outra volta, ao servizo da ideoloxía lingüística do monolingüismo dado que, tras emprazar subrepticamente o límite entre lingua e dialecto na gloriosa tradición literaria do español, explícita ou implicitamente, calquera dos idiomas periféricos do estado español podería ficar fóra da categoría inequívoca de lingua se iconizásemos a súa suposta pobre literatura.

## 5. OS CRITERIOS OCASIONAIS

### 5.1 O criterio político

Para continuarmos co espazo dedicado á análise dos trazos considerados por Alvar na súa definición de lingua, centrarémonos a partir de agora na análise da súa afirmación: «por haberse impuesto a sistemas lingüísticos de su mismo origen»<sup>329</sup>.

Como veremos a seguir, cando Alvar (1961-2004) desenvolve este argumento ao longo de toda unha serie de traballos que abranguen, aproximadamente, corenta anos, na práctica, ao noso xuízo, cae, outra volta, no primeiro e dominante mito da homoxeneidade lingüística. Ao cabo, na promoción das grandes variedades estándar e do monolingüismo na variedade estándar estatal fronte ás variedades lingüísticas vernáculas.

De primeiras, se recoñecemos tacitamente (p.e. Alvar 1961: 52, 1978a: 8, 1982: 30, 68, 91, 92; Neira 1982: 32-33) que o proceso de expansión e recesión demolingüístico e territorial dunha variedade lingüística concreta depende, no fondo, de fenómenos de orde extralingüística (á derradeira, do seu prestixio), chama poderosamente a atención que, a seguir, presentemos ese alongamento das grandes variedades estándar non como resultado da acción oculta de poderosas forzas socioeconómicas e políticas senón como unha sorte de dereito natural historicamente adquirido por mor dunha suposta superioridade lingüística e, xa que logo, por causa dunhas hipotéticas vantaxes evolutivas.

De acordo con este xeito de razoar (p.e. Lodaes 2005: 58, Marcos-Marín e Miguel 2009: 84, 101), así como as especies animais máis evolucionadas e mellor adaptadas ao seu hábitat se impoñen sobre as especies menos evolucionadas e peor adaptadas ao seu nicho ecolóxico porque, nun mundo con recursos limitados, as primeiras compiten mellor polo alimento e, por conseguinte, teñen máis opcións de supervivencia, así tamén as grandes variedades estándar con centos de millóns de falantes fagocitan «naturalmente» ás «pequenas» variedades lingüísticas vernáculas por cousa da súa supremacía evolutiva (ao cabo, por seren idiomas *non plus ultra*)<sup>330</sup>.

<sup>329</sup> Polo xeral, até onde nós sabemos, fóra de casos excepcionais (p.e. De Cos 2010: 5), este criterio non tivo excesivo seguimento entre os lingüistas españois.

<sup>330</sup> Tras a pregunta da xornalista Maribel Marín (2015): «¿Qué se pierde cuando desaparece un idioma?»; a lingüista Juana Muñoz Licerias responde: «A lo mejor es una manera cínica de verlo, pero si te lo planteas como ley natural, como selección natural, no se pierde tanto, se pierde esa len-



No parecer dos defensores da versión forte/tradicional da ecoloxía lingüística ou do darwinismo lingüístico, a substitución das variedades lingüísticas vernáculas por unha das grandes linguas do mundo sería un proceso «natural» e «imparable» en tanto que estas grandes variedades estándar (p.e. a variedade modelo do español), por teren «capacidade expresiva plena», por seren máis «precisas», «flexibles», «lógicas», «de maior percorrido social e xeográfico», etc., ao cabo, por causa da súa superioridade lingüística, superan en capacidade de adaptación aos idiomas vernáculos e, por conseguinte, ocupan «naturalmente» o espazo (demográfico e xeográfico) en disputa.

De acordo con esta ideoloxía lingüística, pois os atributos estruturais e extralingüísticos das grandes linguas permiten que estes idiomas respondan mellor e máis rápido ás novas esixencias comunicativas xeradas por unha sociedade cada día máis globalizada e, aparentemente (Blommaert 2010: 32-37), con menos fronteiras físicas e comunicativas, e, por conseguinte, dado que estas grandes linguas posúen un maior valor comunicativo e económico, as pequenas variedades lingüísticas vernáculas retroceden naturalmente ante unha ou outra das grandes linguas (p.e. ante o español) até a súa obsolescencia.

Evidentemente, segundo este parecer, dadas as evidentes vantaxes das grandes linguas fronte aos pequenos idiomas vernáculos, de manifestármolos en contra da expansión destes idiomas polo mundo, caeríamos nunha posición tan inxenua como se nos pronunciásemos en contra da ancestral lei evolutiva que impón o triunfo do «máis forte» sobre o «máis débil».

Bótase de ver que, como matizan Jonathan David Bobaljik e Rob Pensalfini (1996: 12), no fondo, os lingüistas que así argumentan (en concreto, os partidarios do darwinismo lingüístico), simplificaron toda a teoría do evolucionismo decimonónico no lema da «supervivencia do máis forte» (ou, se cadra, na máxima: «canto máis grande, mellor»).

A este respecto, vaia por diante que, como nos comenta Ángel López García (2003: 140):

[...] tal variedad lingüística es pobre, non es una lengua, es un dialecto, y consiguientemente las posibilidades de desarrollo intelectual del pueblo que la habla son mucho más reducidas que las de los pueblos que hablan «lenguas mejores». No hay que decir que este tipo de argumentos es actualmente rechazado por los lingüistas. Creemos que todas las lenguas tienen las mismas

---

gua pero están surgiendo variedades que también lo son. A veces sí, a veces hay detrás un patrimonio cultural importante, toda una literatura, una manera de ver la historia, pero si está recogida en otras lenguas solo se pierde la manera en que se manifiesta».

capacidades potenciales y que el hecho de que algunas de ellas haya pasado en medio siglo de ser poco más que una lengua medieval a servir de soporte a complicados procesos tecnológicos, según ha sucedido en japonés, demuestra lo infundado de tal pretensión.

Neste sentido, os lingüistas máis sobranceiros da EFE, se ben, en tanto que se auto-proclamaron sociolingüistas (p.e. Alvar 1975: 93, 1982: 68, 1990: 14, Salvador 1987: 40, 59), deberían militar na defensa das «pequeñas» variedades lingüísticas vernáculas (ao cabo, da diversidade lingüística mundial), desde o preciso instante en que xustificaron a expansión das grandes variedades estándar co discurso de que se trataba dun proceso evolutivo natural (ao final, o «triunfo do máis forte») garante do progreso económico, da mobilidade xeográfica «cara arriba» e da supresión das fronteiras comunicativas, automaticamente ficaron emprazados nos antípodas de todos esoutros sociolingüistas (p.e. Moreno Cabrera 2000: 227-232, Taupiac 1999: 285, Romaine 2008: 10 e Trudgill 2002: 137-143) preocupados polo desenmascaramento da ideoloxía lingüística do monolingüismo.

Con termos de Alastair Pennycook (2001: 54), mentres os partidarios da sociolingüística estruturalista liberal asumen que «No son iguales todas las lenguas, ni muchísimo menos. La lengua insisto, es ante todo y sobre todo un instrumento de comunicación y su índice demolingüístico junto con su área de expansión establecen ya un criterio de mayor o menor utilidad» (Salvador 1987: 135), pola contra, o resto de sociolingüistas entenden que ningún criterio lingüístico ou extralingüístico certifica a inferioridade/superioridade dunha variedade lingüística verbo doutra e, por conseguinte, ningunha fala ten como destino natural a súa obsolescencia. Así como o propio Alvar (1961-2004) recoñece que todo depende do prestixio dos idiomas, Anni Sairio e Minna Palander-Collin (2012: 626) afirman que: «The prestige of a language or a variety is closely connected to the prestige of its speakers, so a variety gains prestige if its speakers have prestige, while the variety of low-prestige people has low prestige».

De primeiras, á marxe de que sexa innegable que o prestixio das variedades lingüísticas depende do poder (político, económico e educativo) dos seus falantes (p.e. Sairio e Palander-Collin 2012: 628), no tocante especificamente ás xerarquías sociolingüísticas creadas entre variedades lingüísticas, convén deixar claro que, de acordo con Žarko Muljačić (1984: 83) e Stephen May (2012: 133), a posible natureza fagocitante ou dominante das variedades lingüísticas non é un criterio útil á hora de discriminar obxectivamente entre linguas e dialectos pois é evidente que calquera variedade lingüística (tanto en diacronía como en sincronía) pode adquirir, ou non, prestixio e, daquela, comportarse como idioma dominador ou dominado.

Desde un punto de vista estritamente lingüístico, como nos lembran os investigadores (p.e. Trudgill 2002: 140-141 e Muljačić 2004), calquera idioma, se se vise inmerso nun proceso de estandarización, daría, en certo sentido, nunha variedade lingüística dominante dado que, antes ou despois e dun ou doutro xeito, gozaría da capacidade de subordinar normativa e funcionalmente ao conxunto de variedades lingüísticas integradas na súa «constelación lingüística» e, por conseguinte (p. e. Montes 1986: 32), exercería unha certa atracción estrutural sobre as correspondentes variedades lingüísticas subordinadas.

Certamente, desde unha perspectiva normateórica (Ammon 1987, Bartsch 1987), non hai dúbida de que os idiomas periféricos do estado español (p.e. o aragonés, leonés, asturiano, eonaviego, valego, etc.) non poderían ser degradados á condición de dialectos co argumento de que non se impuxeron a outros idiomas da súa mesma orixe pois, desde o momento en que iniciasen un proceso de estandarización, todas estas falas adquirirían unha faceta relativamente fagocitante en tanto que cada variedade estándar atraería estruturalmente os vernáculos da súa correspondente «galaxia lingüística».

Correlativamente, cómpre ter moi en conta que, en sincronía, un mesmo idioma, mesmo linguas con decenas de millóns de falantes (p.e. o español e o francés)<sup>331</sup>, segundo o contexto sociolingüístico en que opere, podería comportarse como dominante ou dominado ou, dito con palabras de Žarko Muljačić (1984: 83), podería dar en idioma fagocitante ou fagocitado.

De feito, na bibliografía sociolingüística atopamos casos de contextos sociolingüísticos onde linguas con decenas ou centos de millóns de falantes (en concreto, o español, francés, portugués e, mesmo, inglés) deixan de ser idiomas dominantes e pasan a ser idiomas dominados por mor do decaemento do seu prestixio.

Por exemplo, malia que non haxa dúbida de que o francés é lingua dominante en Francia, no entanto, fóra deste país, alí onde carece do apoio dun aparello institucional e estatal e sobrevive como idioma dunha minoría rodeado por unha poderosa comunidade anglófona, subsiste como idioma ameazado e en constante retroceso ante o avance imparable do inglés estándar. Así sucede coas falas dos descendentes de colonos franceses nos estados canadenses de Ontario e de New Brunswick (coñecidos estes últimos, polo xeral, como acadianos ou *cajuns*)<sup>332</sup> así como no estado norteamericano de Luisiana<sup>333</sup>.

<sup>331</sup> Segundo Trudgill (2002: 152-154) e Long (2007), mesmo o inglés americano, nas Illas Bonin (un arquipélago de orixe volcánica pertencente, actualmente, ao Xapón), por mor do illamento xeográfico dos seus falantes entre unha maioría de fala nipona, podería ser unha «lingua en perigo».

<sup>332</sup> Para unha análise polo miúdo da situación sociolingüística actual destas dúas minorías lingüísticas pódese consultar Bourhis e Marshall (1999: 251-255).

<sup>333</sup> Segundo Trudgill (2003: 19-20), a antiga colonia francesa de Acadia comprendía os actuais estados canadenses de Nova Escocia, New Brunswick e Illa do Príncipe Edward. Cando, ao redor de 1750, esta

Pola mesma, malia que o español é idioma claramente dominante en España, porén, nos Estados Unidos (en concreto, nos estados de Novo México, Texas, Arizona, Colorado e California), adquire, segundo Stephen May (2001: 208, 2012: 133) e Jorge Porcel (2011: 623), a condición de idioma subordinado ao inglés.

Bótase de ver que o feito de que unha variedade lingüística se impuxera, ou non, a outras variedades lingüísticas non se pode entender como un trazo pertinente no labor de individualización de linguas. Por unha banda, mesmo unha variedade lingüística cun prestixio moi limitado nun momento dado (p.e. o leonés actualmente), de iniciar un proceso de estandarización, adquiriría unha certa natureza dominante e fagocitante por mor de que a incipiente variedade modelo subordinaría normativa e funcionalmente a un número indeterminado de variedades lingüísticas vernáculas. Pola outra banda, incluso idiomas coa xerarquía inequívoca de linguas e con decenas de millóns de falantes poderían entrar, naqueles contextos sociolingüísticos onde ficasen relegados á condición de idiomas dominados e de menor prestixio, nunha deriva de fagocitación no sentido dunha converxencia estrutural coa respectiva lingua dominante (p.e. o mencionado isleño).

En realidade, malia que analizásemos este risco en termos absolutos, isto é, á marxe do diferente comportamento dunha mesma variedade lingüística en diferentes contextos sociolingüísticos ou nun enfoque prospectivo, este trazo, tal e como se presenta na EFE (p.e. en Alvar), presenta múltiples «puntos escuros».

En liñas xerais, dado que este criterio serve para lexitimar tanto a condición dialectal do andaluz, leonés, aragonés, etc., fronte o español estándar (p.e. Alvar 1978a: 16) como das linguas indíxenas americanas verbo deste mesmo idioma (p.e. Alvar 1990: 25), non hai dúbida de que este principio, así formulado, unicamente lexitimaría na categoría inequívoca de lingua aos grandes idiomas europeos ou, por outras palabras, ás linguas que, con terminoloxía de Peter Trudgill (2002: 140), cabería etiquetar como «linguas asasinadas» (ing. *Killer languages*) porque: «el dialectólogo sabe que una cosa es el estudio

---

colonia francesa pasou a mans dos ingleses, os colonizadores franceses que non xuraron lealdade á coroa inglesa foron expulsados de Canadá e emigraron ao estado de Luisiana (hoxe, nos Estados Unidos). Precisamente, estes descendentes dos colonizadores franceses son coñecidos, actualmente, como acadianos ou *cajuns* (tamén é habitual utilizar a expresión francés *cajun* para facer referencia ás falas destes descendentes de colonizadores franceses). Curiosamente, neste mesmo estado norteamericano de Luisiana, atopamos outra minoría lingüística de, aproximadamente, 1000 falantes que fala o chamado *isleño*. Segundo Coles (1999: 5-6), esta fala derivada do español, chegada a Luisiana no século XVIII da man dos colonizadores canarios asentados nas proximidades de New Orleans, perde falantes fronte ao inglés por mor de que, mentres o inglés é a lingua do ascenso social, do progreso económico e das autoridades, o isleño é tan só un idioma marcador de identidade de grupo.

encariñado de las variedades terruñeras y otra la comunicación que permite una de esas pocas lenguas que se ha hecho universal» (Alvar 1990: 25).

Evidentemente, pois era moi complicado que pasara inadvertida a ideoloxía lingüística do monolingüismo subxacente a un principio que lexitimaba a redución da diversidade lingüística mundial á proporción de non moito máis de doce linguas (en concreto, o español e outras once linguas máis; Salvador 1987: 19), os lingüistas españois insistiron na edulcoración (lémbrese o darwinismo lingüístico e a metáfora do coitelo) do seu discurso co argumento eufemístico de que o triunfo das grandes linguas de cultura (p.e. o español) obedece ao «certero instinto lingüístico» (Salvador 1987: 135) con que os falantes detectan e escollen as linguas que, por razóns estruturais ou lingüísticas, son superiores ao resto e, xa que logo, idóneas para a comunicación supranacional.

No tocante a esta última cuestión, cómpre lembrar que, hoxe por hoxe, en sociolingüística, é xa un truísmo asegurar que, como, paradoxalmente, xa recoñeceron Alvar (1979: 7, 1982: 24-25, 30, 68, 92, 1990: 17) e Jesús Neira (1982: 32, 1986: 73), desde un punto de vista autenticamente obxectivo e científico<sup>334</sup>, pois non hai idioma que, pola súa estrutura interna ou por calquera outra razón de natureza extralingüística (p.e. maior número de falantes, maior extensión xeográfica, etc.), sexa «superior» ás restantes variedades lingüísticas, ningún idioma estaría lexitimado «cientificamente» no rol de «lingua universal» e, por extensión, ningún argumento científico xustificaría a alarmante redución da diversidade lingüística mundial á nómina dunhas poucas linguas (talvez, dez ou doce linguas).

De primeiras, no ronsel das opinións de John Earl Joseph (1987: 88) e Juan Carlos Moreno Cabrera (2000: 195-196), cómpre que clarifiquemos que o dito no parágrafo anterior non implica que caiamos na actitude inxenua de pensar que todas as variedades lingüísticas son, nun momento dado e desde calquera punto de vista, exactamente iguais entre si<sup>335</sup>.

<sup>334</sup> Precisamente, en Neira (1982: 32) podemos ler: «Desde un punto de vista estrictamente lingüístico todas las variedades de lengua están al mismo nivel. No caben calificativos comparativos como «mejor» ou «peor». [...] Una lengua puede poseer literatura o no tenerla, presentarse relativamente uniforme o estar muy fragmentada, ser lengua oficial o no serlo. Pero todo esto es externo, circunstancial. Si las circunstancias cambian, el dialecto de una comarca puede extenderse a otras, tener cultivo literario, ser lengua oficial». Catro anos máis tarde, este mesmo lingüista (Neira 1986: 73) escribe: «Intrínsecamente ninguna lengua es superior a otra. Todas, con independencia de su extensión o de su tradición literaria, poseen la dignidad propia de todo lenguaje humano. En toda lengua que de verdad se habla es posible decir todo lo que se piensa o siente, lo mismo oralmente que por escrito». Pola súa banda, Alvar (1982: 24) afirmaba: «Decir que una lengua es más o menos lógica que otra, más o menos geométrica, más o menos abstracta, non es sino practicar subjetivismos que poco tienen de rigurosos y que, además, pueden hacernos quedar muy pronto en desairadas posturas».

<sup>335</sup> Mais, evidentemente, tamén é inxenuo crer que, como opina Alvar (1982a: 76, 1996a: 15), os sociolingüistas preocupados polas variedades lingüísticas vernáculas son tan idealistas ou están tan ofus-

A este respecto, abundaría con mencionar que, para caermos nesa actitude ben inxenua e cabezán, entre outras cousas, teriamos que pasar por alto que, como salientan Dennis R. Preston (2002: 51, 2010: 184) e Tove Bull (2011: 443), os falantes perciben o prestixio atribuído a unhas ou outras variedades lingüísticas e, por conseguinte, pois adoitan ter unha imaxe prefigurada das variedades lingüísticas, cómpre ter presente eses mapas dialectais mentais (cos seus dialectos e linguas) no momento de pór en acción calquera proxecto de planificación lingüística.

Agora ben, de acordo coa doutrina do *relativismo lingüístico* (ing. *linguistic relativism*; Josep. 1987: 88), tamén deberiamos lembrar que, se ben, en sincronía, non todos os idiomas teñen idéntica capacidade expresiva e funcional, por elevado que fose o atraso funcional e expresivo dunha determinada variedade lingüística nun momento dado (p.e. do leonés) con respecto aos restantes idiomas (p.e. verbo do español), esa mesma variedade lingüística sempre conservaría intacta a súa natureza de lingua *in spe*. Sen dúbida, calquera idioma, se se desen as circunstancias sociolingüísticas adecuadas, por medio dunha adecuada política de planificación lingüística, podería devir en lingua omnifuncional con plena capacidade expresiva.

Dito por outras palabras, unha variedade lingüística, con independencia da súa imaxe social e dos seus desequilibrios sociolingüísticos en sincronía (p.e. notables «lagoas» expresivas), posúe sempre abondo flexibilidade estrutural como para ser quen de asumir calquera esixencia cultural. Tocante a isto, a sociolingüística pon de relevo que, por moi simple que fose un idioma nunha área estrutural concreta (calquera que sexa a súa localización ou condición), esa sinxeleza sempre podería ser compensada cos recursos lingüístico-sistémicos doutras áreas da mesma lingua<sup>336</sup>.

Desde este punto de vista, se todas as variedades lingüísticas posúen idéntico potencial estrutural (Fodor 1984: 442, Harlow 1998: 13) para chegar a ser linguas omnifuncionais con plena capacidade expresiva porque as súas carencias puntuais nun dominio estrutural concreto (p.e. no seu acervo léxico) poden ser compensadas cos recursos lingüísticos doutras áreas lingüístico-sistémicas (p.e. mediante derivación e composición), non hai dúbida de que a presenza/ausencia de capacidade expresiva plena non pode ser un

---

cados pola defensa das «linguas pequenas» que isto lles impide decatarse das diferentes funcionais reais existentes (isto é, sociolingüísticas) entre idiomas.

<sup>336</sup> Precisamente, non tocante ao galego, Monteagudo e Fernández (1982) aseguraban que: «O galego ten plena potencialidade pra se desenvolver en tódolos eidos de vida social e cultural, e as súas eivas non se deben a súa corrupción interna, senón ás trabas que lle impón o castelán, é decir, non son eivas intrínsecas, senón barreiras situacionais».

argumento xustificativo da superioridade/inferioridade de ningunha variedade lingüística e, por conseguinte, da natureza dominante ou dominada desa mesma fala. Como estamos a ver, se non houberse capacidade expresiva plena (isto é, se houberse «lagoas léxicas») nun momento dado, con tempo e con vontade, este problema sería perfectamente solucionable.

Con certeza, a negación da condición de lingua *in spe* a determinadas variedades lingüísticas (p.e. ao leonés), entronca, ao noso xuízo, co mito lingüístico da lingua perfecta (Watts 2012: 597) e, xa que logo, cos mitos da superioridade das grandes linguas (p.e. do inglés; Watts 2012: 598) e da inferioridade dos idiomas pequenos.

Para contextualizar adecuadamente os últimos mitos lingüísticos mencionados, segundo a opinión de John Earl Joseph (1987), deberíamos ter presente que o discurso apoloxético das virtudes e excelencias (non só lingüísticas) do idioma propio emerxe, case sempre, no marco dunha estratexia ideolóxica cuxo propósito último sería a glorificación do idioma autóctono como paso previo á reivindicación da xerarquía de lingua e, xa que logo, á superación definitiva dun estado transitorio de subordinación funcional e normativa a outro idioma temporalmente (ás veces, durante séculos) dominante.

Sen dúbida, así como os lingüistas do pasado (p.e. Antonio de Nebrija) e do presente (p.e. Francho Nagore Laín) coinciden no panexírico das excelencias lingüísticas e extralingüísticas da lingua propia fronte á lingua dominante co ánimo de elevar a súa fala á xerarquía de lingua, así tamén todas esas gabanzas vinculadas a unha ideoloxía lingüística (proto-)nacionalista poden flutuar en función das preferencias persoais, formación cultural, ideolóxica e lingüística, época, etc. Neste sentido, mentres os lingüistas do pasado adoitaron argumentar na liña de que os seus idiomas eran os máis «lóricos», «precisos», «antigos», «doces», «musicais», etc., os lingüistas modernos acostuman insistir no valor cultural, identitario, económico, etc., dos seus respectivos idiomas.

Con todo, malia que pór o foco sobre as virtudes do idioma propio é perfectamente lícito e comprensible cando tratamos de dignificar, prestixiar e defender a nosa fala fronte a unha lingua dominante (como así aconteceu co español no seu día fronte ao latín clásico), non hai dúbida de que este tipo de discurso se canga de matices espurios cando procura a denigración doutras variedades lingüísticas vernáculos (veciñas, ou non; Kamwangamalu 2013: 550-559).

Como matiza David Crystal (1987: 6-7), cando argumentamos que esta ou esoutra variedade lingüística é máis «lórica», «precisa», «expresiva», «coherente», «antiga», «doce», «musical», «poética», etc., que aquela outra

ou cando, nunha versión máis moderna deste discurso apoloxético, aseguramos que esta fala é máis «moderna», «útil» e con máis «valor» que aquela outra, que, por súa vez, etiquetamos como «primitiva», «ineficaz» e sen «valor», non hai dúbida de que estamos a cargar as nosas palabras de prexuízos ideolóxicos.

Certamente, este tipo de razoamentos deixan entrever o seu fondo ideolóxico cando, no marco dunha argumentación que incide nas supostas «lagoas léxicas» (isto é, presentan un léxico moi limitado; p.e. Neira 1982: 40, 44, 48, 50)<sup>337</sup> e «gramaticais» (é dicir, unha gramática moi simple)<sup>338</sup> dos idiomas periféricos fronte á capacidade expresiva plena do español (isto é, un léxico e unha gramática plenamente desenvolvidos)<sup>339</sup>, se propón a troca de todas estas falas periféricas polo estándar español coa escusa de que este último idioma é máis «útil» e «funcional».

De abeirarmos a evidencia incontestable de que ningunha variedade lingüística está intrinsecamente incapacitada para devir en lingua (isto é, para superar calquera «eiva» léxica ou gramatical de partida), se temos presente que as anteriores argumentacións pretenden pasar por «verdades científicas incontestables» (p.e. Alvar 1982: 30, 1990: 13, Marcos-Marín e Miguel 2009: 27), cómpre volver lembrar que, por moi limitada que fose a capacidade expresiva dun idioma concreto nun momento dado porque, historicamente, fora unha fala máis «arcaica que moderna», «rural que urbana», «coloquial que culta», «crioula que pura», «colonizada que descolonizada», «local que supralocal», etc., a variedade lingüística en cuestión sempre conservaría a potencialidade da capacidade expresiva plena<sup>340</sup>.

En consonancia co parágrafo precedente, cremos que non faltariamos á verdade se afirmásemos que os lingüistas<sup>341</sup> cuxa argumentación defende

<sup>337</sup> Segundo Neira (1982: 44): «el léxico bable es pobre, no existen en él palabras para expresarse debidamente en una prosa literaria o científica».

<sup>338</sup> En opinión de Neira (1982: 50): «Pero el bable, ante el castellano, es evidentemente una lengua inferior, no apta para todos los menesteres. Es válida, como matiz, para el coloquio familiar, o relativamente rica para la expresión del mundo rural. Mas no tiene práctica alguna para el pensamiento profundo, para el sentimiento delicado».

<sup>339</sup> Unha panorámica xeral dos mitos lingüísticos habitualmente empregados en lingüística para leximitar a superioridade lingüística das variedades estándar estatais pódese consultar en Bauer e Trudgill (1998). Por exemplo, Alvar (1982: 30), se ben admite inicialmente que non temos «lenguas lógicas ou ilógicas, exactas ou inexactas, libres o serviles; cuando más, hay hablantes con algunas desas cualidades», unhas cantas páxinas máis adiante dese mesmo traballo (Alvar 1982: 51, 70-71), volve argumentar en contra da xerarquía de lingua do leonés e aragonés polo seu carácter «dialectal de tipo arcaizante» e, xa que logo, polo seu «escasísimo poder comunicativo».

<sup>340</sup> Noutra máis desas contradicións tan habituais entre os lingüistas españois, Neira (1982: 41) recoñece que: «En toda lengua se puede decir todo, si todo fue pensado. Las palabras, si no existen, se inventan con los recursos que suministra la propia lengua o tomándolas de la traducida».

<sup>341</sup> Por exemplo, Neira (1982: 49, 50, 1986: 67), Alvar (1975: 99, 1979: 9, 1982: 51, 65, 83, 1996b: 9, 2004: 28), Lodaes (2002: 198, 2005: 93) e, Salvador (2007b: 182).



que as «lagoas léxicas» (dito doutro xeito, o seu «primitivismo», «imperfeción», «localismo», etc.) das falas periféricas rabena calquera opción futura de desenvolvemento dunha variedade estándar de seu (e, xa que logo, calquera posibilidade real de chegaren á xerarquía de linguas), caen nun erro teórico de vulto: razoan sobre o global de cada un destes idiomas desde a base dun material empírico que unicamente atende a unha parcela moi concreta da súa estrutura interna.

Evidentemente, as devanditas reflexións, en tanto que ditaminan sobre a totalidade dunha determinada variedade lingüística, deberían utilizar un caudal de datos relativo á totalidade de ámbitos constitutivos desa mesma variedade lingüística e non, como adoita acontecer, a unha parcela moi concreta da súa estrutura interna (polo xeral, como estamos a ver, ao seu léxico).

Semella case de sentido común pensar que, se manexamos exclusivamente datos relativos a un ámbito concreto da estrutura dunha variedade lingüística concreta (polo xeral, ao léxico), as nosas conclusións teóricas finais deberían facer referencia, unicamente, a ese aspecto da súa estrutura. Xa que logo, de extrapolarmos as conclusións teóricas obtidas a partir da análise dunha parcela concreta dunha variedade lingüística determinada á totalidade desa mesma variedade lingüística ou, mesmo, a un conxunto de variedades lingüísticas estruturalmente afíns, evidentemente, estaríamos a ofrecer unha visión deturpada, por parcial, tanto dese mesmo idioma como do conxunto de idiomas lingüísticamente similares.

Así, por exemplo, se argumentásemos que unha determinada variedade lingüística (p.e. o aragonés; Lodares 2000: 20), por carecer, nun momento dado, dos termos científicos e técnicos presentes na súa correspondente lingua dominante (no caso anterior, no español), é un idioma «simple», «primitivo» e pouco «útil», estaríamos a presupor que todos os restantes dominios estruturais son tan «simples» como esa parcela específica da súa estrutura interna.

No entanto, como clarifica David Crystal (1987: 6), o feito de que un idioma, en sincronía e verbo doutras variedades lingüísticas, sexa comparativamente máis «sinxelo» ou máis «complicado» nun punto concreto da súa estrutura non implica, necesariamente, que sexa exactamente así en todos os restantes ámbitos estruturais. Sen dúbida, dado que os idiomas non son «simples» ou «complexos» uniformemente, adoita suceder que a simplicidade dunha determinada área acostuma ser compensada coa complexidade doutra parcela estrutural e viceversa.

Pola mesma, se concordamos en que a análise dunha parcela concreta da estrutura interna dun idioma non nos permite tirar conclusións verbo da totalidade do idioma respectivo, bótase de ver que con ese mesmo procede-

mento tampouco poderíamos opinar sobre o grupo de variedades lingüísticas estruturalmente afíns ao devandito idioma.

Por outra banda, ao noso xuízo, non hai dúbida de que cando se caracterizan determinados idiomas como «primitivos», «locais», «ineficaces», etc., alén de que se está a tirar conclusións xenéricas a partir dun conxunto de datos empíricos relativamente escaso, á vez, se está a operar sempre, consciente ou inconscientemente, por comparación co modelo das grandes variedades estándar europeas (nomeadamente, co inglés, español, portugués e francés).

Neste sentido, do mesmo xeito que os lingüistas medievais e renacentistas falaban de linguas «superiores» e «inferiores» segundo o idioma en cuestión estivese máis ou menos acaroadado ao molde lingüístico das chamadas linguas clásicas (nomeadamente, do latín; Josep. 1987), así tamén, hoxe en día, non faltan lingüistas cuxa caracterización en negativo dalgún dos idiomas periféricos do estado español (en concreto, do vasco: lingua «endemoniada», «enrevesada» e «extraña»; Salvador 1987: 62, 96, 97) deixa entrever unha comparación implícita co canon ortográfico, morfolóxico, sintáctico e léxico do español estándar (por extensión, das grandes linguas europeas) e, por conseguinte, o reflexo na súa obra da percepción popular deses idiomas como falas exóticas (=exotificación).

No entanto, tocante aos parágrafos precedentes, convén que teñamos moi presente que, así como unha comparativa superficial entre o léxico científico do castelán e do aragonés non desbotaría a conclusión interesada de que o aragonés é un idioma «primitivo», «atrasado» e «local», así tampouco sería imposible un ditame similar tocante ao, por exemplo, turco, portugués e húngaro se, en comparación co inglés (anteriormente, tamén, en cotexo co ruso), puxeramos o foco nas históricas «lagoas léxicas» en áreas tan concretas do seu acervo léxico como a temática da navegación espacial.

Agora ben, pois é evidente que os modernos falantes de portugués, húngaro e turco non aceptarían de bo grao a afirmación de que os seus idiomas son linguas «atrasadas», «primitivas» e «locais» (ao cabo, dialectos) porque, nun tempo, careceron de termos precisos para tratar coa temática da navegación espacial (p.e. *spútnik*), se cadra, habería que concluír que, con palabras de Jacme Taupiac (1999: 286), este tipo de opinións non son máis que, simplemente, «enormes parvadas».

Alén da plena capacidade expresiva que se lles atribúe ás grandes linguas fronte aos «pequenos» idiomas vernáculos, outro dos argumentos lingüísticos con que se adoita xustificar a superioridade lingüística destes idiomas e, por conseguinte, o seu lexítimo rol de «linguas universais» sería a súa suposta inigualable capacidade de brevidade e concisión e, xa que logo, a súa superior

funcionalidade en tanto que permiten «facer máis con menos» (isto é, responden mellor á esixencia de economía de medios das sociedades modernas).

Evidentemente, se a capacidade de brevidade e concisión fose argumento xustificativo abondo para a preponderancia universal dos devanditos idiomas, cabería que reclamásemos o rol de «lingua universal» para, por exemplo, o chinés. De primeiras, un texto redactado neste idioma, dada a súa natural inclinación (aínda maior no vietnamita) á supresión de sufixos flexivos e derivativos, sería comparativamente máis breve que o seu homólogo escrito en, por exemplo, inglés (Andersson 1998: 54).

Igualmente, así como poderíamos argumentar que o inglés estándar é máis funcional que as linguas autóctonas australianas e que o maorí porque estas últimas linguas careceron, respectivamente, de numerais cardinais máis alá de cinco (Fodor 1984: 443) e dos termos técnicos do inglés (Harlow 1998: 11), así tamén cabería asegurar que o alemán supera en funcionalidade e concisión ao retorrománico suízo porque esta última lingua non conta coas palabras compostas do alemán.

Con todo, visto que, como asegura explicitamente Ray Harlow (1998), o maorí e o retorrománico non andan moi lonxe daqueloutra conxuntura sociolingüística en que se atopaba o latín cando entrou en contacto co grego clásico<sup>342</sup> ou, incluso, non moi afastados daquela difícil situación en que se atoparía o inglés antigo se tivese que tratar co mundo da informática moderna, non hai dúbida de que todas as grandes linguas (tamén o latín), no seu día, foron menos funcionais e eficientes do que son na actualidade (ou, dito doutro xeito, durante un tempo tamén foron linguas «primitivas», «atrasadas» e «locais»). De feito, se peneirásemos o inglés, francés, portugués e español modernos de todos os préstamos léxicos incorporados por estes idiomas desde a Idade Media até a actualidade, outro tanto cabería afirmar de todos eles.

En verdade, como apuntan os sociolingüistas (p.e. Milroy e Milroy 1985: 15 e Trudgill 1974: 7-9), en calquera discurso que aluda ao carácter «primitivo», «inferior», «local», «rural» e «heteroxéneo» das variedades lingüísticas periféricas fronte á natureza «moderna», «superior», «internacional», «urbana» e «uniforme» das falas estatais, cabe enxergar, de acordo co punto de vista da SLC, a ideoloxía lingüística do monolingüismo por moito que esta se oculte baixo a pátina dunha argumentación exclusivamente científica<sup>343</sup>.

<sup>342</sup> En opinión de Harlow (1998: 14), cando, ao redor do século I a. C., os escritores latinos comezaron a tratar co mundo conceptual da filosofía grega atoparon na súa lingua unha serie de «lagoas léxicas» que houbo que «encher» con, entre outras estratexias, neoloxismos. Así, por exemplo, o escritor latino Cicerón cuñou a palabra *qualitas*.

<sup>343</sup> Neste sentido, Alvar (1990: 25) escribe: «Con esto respondemos a lo que es nuestro quehacer: hoy, como hace dos mil años, como hace otros muchos miles de años, coexisten variedades limitadas de comunicación, son los dialectos. Y non son limitados porque no valgan para todo, sino porque razo-

Difícilmente, agás por coherencia ideolóxica, poderíamos explicar que, unha e outra vez, non poucos dos máis sobranceiros e informados lingüistas da EFE esquezan que, con palabras de Peter Trudgill (1974: 8):

The scientific study of language has convinced scholars that all languages, and correspondingly all dialects, are equally «good» as linguistic systems. All varieties of a language are structured, complex, rule-governed systems which are wholly adequate for the needs of their speakers.

A este respecto, desde o enfoque da SLC, cómpre insistir en que, na procura desa mesma coherencia ideolóxica, así como os máis dos lingüistas tradicionais iconizaron os «puntos febles» das variedades lingüísticas vernáculas, así mesmo estes mesmos investigadores ocultaron sistematicamente as características estruturais que dan conta da complexidade interna destes mesmos idiomas.

Por exemplo, como destacan James Milroy e Lesley Milroy (1985: 14-15), mentres os lingüistas ingleses defenden que a variedade estándar do seu idioma é máis eficiente e funcional que os vernáculos desta mesma fala porque, sen ir máis lonxe, a oposición entre *shall* e *will* permite unha maior precisión comunicativa, estes mesmos lingüistas «esquecen» a oposición existente nalgũa destas mesmas variedades lingüísticas non-estándar entre *you* e *yous*. Obviamente, en atención a ese punto concreto da súa estrutura, sería posible asegurar que esas falas son lingüisticamente «superiores».

Pola mesma, con seguridade, a pouco que nos acheguemos cun mínimo de espírito crítico ás tradicionais comparativas entre idiomas, chama a atención que (Milroy e Milroy 1985: 46-47), unha e outra vez, se obvien aqueles trazos lingüístico-sistémicos (p.e. o infinitivo persoal no galego) que visualizan, dun modo obxectivo, científico, técnico e neutral, a complexidade estrutural das supostas variedades lingüísticas «inferiores».

Precisamente, se argumentásemos ao xeito dos lingüistas da EFE (isto é, se dictaminásemos sobre o total dun idioma a partir dun reducido grupo de datos referidos, case exclusivamente, a un ámbito concreto da súa estrutura interna) poderíamos chegar a conclusións, cando menos, paradoxais.

Así, por exemplo, dado que a lingua hopi posúe un sistema verbal que opera coas categorías de tempo, aspecto (como as grandes linguas europeas)

---

nes extralingüísticas han hecho que su actividad esté limitada, o razones lingüísticas que se incardinan en la capacidad de sus gentes, menor que la de otras para crear literatura: de los veinte jugadores que saltan a un campo de fútbol todos —teóricamente— son capaces de jugar, y juegan, pero no todos son igualmente afortunados. Las variedades menos afortunadas son los dialectos; las más, son las lenguas».

e espazo, poderíamos esixir que esta fose a lingua de todas as ciencias experimentais (nomeadamente, da física) en tanto que ese sistema verbal posibilitaría unha maior precisión terminolóxica e expresiva nestas esenciais disciplinas académicas.

De feito, se, nunha versión aínda máis naif da liña de argumentación ensaiada coas grandes linguas (no fondo, tomar unha parte polo todo), dése-mos por sentado que un idioma goza de tanta máis lexitimidade para a súa expansión demográfica e xeográfica canto máis arriba se situase ese mesmo idioma nunha hipotética táboa clasificatoria das linguas do mundo en función da súa maior/menor complexidade nun ámbito estrutural concreto (p.e. no seu sistema fonolóxico), cabería reclamar para o !xóõ (tamén chamado !kung e !xu) e o hawaiano o estatuto de «linguas universais» xa que estes dous idiomas posúen, respectivamente, os sistemas fonolóxicos máis e menos complexos do mundo<sup>344</sup>.

Porén, é evidente que todos os lingüistas que lexitiman a expansión territorial e demográfica das grandes linguas co argumento de que estes idiomas son lingüísticamente superiores (pola razón que sexa), non dubidarían en caracterizar as devanditas suxestións como outra «aroutada sen xeito ningún» por moi acaída que esta puidese resultar desde un punto de vista exclusivamente lingüístico.

Unha vez demostrado, con exemplos e datos, que, desde un punto de vista estritamente<sup>345</sup> obxectivo, científico e neutral, non hai variedades lingüísticas superiores e inferiores e que, por conseguinte, ningunha razón de orde lin-

<sup>344</sup> Segundo Andersson (1998: 53), o !xóõ ten 156 fonemas (78 clicks, 50 consoantes e 28 vogais) e o hawaiano só trece fonemas (cinco vogais e oito consoantes). Igualmente, pois o chinés e o vietnamita son linguas marcadamente analíticas (isto é, linguas carentes, case por completo, de sufixos derivativos e flexivos) e dado que se considera que estas son linguas de sinxela aprendizaxe, podería haber quen reclamase que estes dous idiomas fosen «linguas universais». Así tamén, como nos comenta Moreno Cabrera (2000: 120-121), dado que o grego posúe un sistema fonolóxico ben sinxelo (ten o mesmo número de fonemas que o castelán), unha antiqüísima tradición literaria e un elevadísimo prestixio por mor da súa presenza na terminoloxía científica de todas as linguas do mundo, tamén poderíamos solicitar que esta fose a «lingua universal».

<sup>345</sup> Como vimos, os lingüistas xustificaron a expansión das grandes linguas europeas (nomeadamente, do inglés) co argumento de que a súa «flexibilidade interna» lles permitía adaptarse, mellor e máis rápido, ás novas necesidades comunicativas dun mundo en constante cambio. Verbo desta cuestión, McWhorter (2003: 100) afirma, categoricamente, que ningunha variedade lingüística é máis/menos «flexible» que ningunha outra pois todas teñen exactamente a mesma capacidade potencial de incorporar préstamos doutros idiomas e de cuñar novas palabras para acomodarse á realidade social cambiante. Verbo disto, nótese que, do mesmo xeito que o latín, no seu momento, incorporou moitos préstamos procedentes das áreas xeográficas onde se impuxo como lingua imperial; así tamén, o inglés, francés, español, portugués, etc., durante o seu período de expansión colonial, integraron moitos préstamos dos idiomas con que entraron en contacto. Xa que logo, a «flexibilidade» das grandes linguas europeas sería consecuencia da súa condición histórica de linguas imperiais e non dunha suposta capacidade «natural» de adaptación ás circunstancias cambiantes.

güística ou extralingüística xustifica a fagocitación dun idioma «pequeno» por un idioma «grande», a seguir, cómpre investigar cales foron as razóns reais que estimularon a expansión demográfica e xeográfica das grandes linguas europeas e, xa que logo, o devalo diversidade lingüística a nivel mundial (nomeadamente, en favor do inglés e do español).

Malia que sexa verdade que sempre «morreron» e «naceron» idiomas (p.e. o latín e as linguas romances), a moderna sociolingüística, como xa vimos, pon o acento na realidade de que, nin nunca tantas linguas desapareceron, nin nunca a un ritmo tan acelerado.

Talvez, o caso das linguas australianas sexa un dos exemplos que mellor ilustra como, a partir do século XIX, as linguas «morreron» moito máis rápido e en moita maior cantidade do acontecido con anterioridade (Romaine 2013: 778) . De acordo co relato dos especialistas (p.e. Baldauf e Egginton 1989: 17), das, aproximadamente, duascenas linguas que había en Australia ao redor de 1770, contra 1980, unicamente, subsistían pouco máis de cincuenta<sup>346</sup>.

No tocante ao actual proceso de homoxeneización lingüística, os sociolingüistas (p.e. Milroy e Milroy 1985: 16, May 2001: 134, 254, Siqueira 2011: 336) non teñen dúbidas de que a expansión demográfica e xeográfica das grandes linguas (p.e. do inglés, español, francés, etc.) non responde a unha suposta superioridade lingüística destes idiomas senón, en realidade, ao éxito e poder económico, político, histórico e social dos seus falantes (Siqueira 2011: 336).

Así e todo, para sermos conscientes realmente da relevancia dos factores económicos, políticos e sociais nos procesos de expansión e/ou restrición de uso das diferentes variedades lingüísticas, pensamos que sería moi conveniente recuperar, agora, o modelo das redes sociais.

Até agora, vimos que os individuos insertos nunha organización social baseada nunha conxuntura de superposición de redes sociais fortes ou compactas tenden, en comunidades monolingües, cara á conservación da variedade lingüística vernácula e cara á cohesión e homoxeneidade lingüística entre eles. Por súa vez, en comunidades multilingües ou en situacións de contacto lingüístico, as redes sociais fortes ou compactas protexen as variedades lingüísticas dos grupos humanos de clase social baixa (isto é, dos pobres). Por último, mencionamos tamén que, se ben, nas chamadas sociedades pre-industrializadas (Milroy e Gordon 2003: 120), predominaron as estruturas sociais con superposición de redes sociais fortes ou compactas, na sociedade

<sup>346</sup> De acordo con Escobar (2014: 67), outro tanto poderíamos afirmar verbo da expansión demográfica do español pois, se en 1492 había ao redor de 2000 linguas en América, hoxe só sobreviven entre 500 e 700 desas linguas.

actual, este modelo organizativo está a experimentar un proceso gradual de crise xeneralizada por mor dos profundos cambios socioeconómicos que se están a producir a nivel mundial.

En opinión de Lesley Milroy (2002: 558-565) e Lesley Milroy e Matthew Gordon (2003: 124-133), a muda do modelo organizativo tradicional xorde como consecuencia do tránsito dunha economía tradicional de base agraria a unha economía de mercado nucleada arredor do sector servizos. Precisamente, froito do incremento da mobilidade xeográfica e social que trouxo consigo este profundo cambio socioeconómico, tanto os desprazamentos de individuos (tanto no plano social como xeográfico) como os contactos entre comunidades diferenciadas deixaron de ser excepción e mudaron en habituais<sup>347</sup>.

Como consecuencia destas transformacións sociais a nivel mundial, tanto no plano das redes sociais persoais (isto é, micro ou ego-céntrico), como no ámbito das comunidades a media e gran escala (é dicir, meso e macro ou socio-céntrico), estase a producir un esmorecemento xeneralizado das redes sociais persoais fortes ou compactas.

En esencia, por motivos concretos de natureza económica (p.e. troca na actividade laboral), os falantes tradicionalmente insertos en redes sociais fortes ou compactas, de resultas dos cambios económicos derivados da muda da tradicional estrutura organizativa social, incrementaron os contactos (non só lingüísticos) con individuos alleos ao seu agrupamento ou apiñamento.

Desde o punto de vista do modelo de redes sociais, o devandito cambio socioeconómico característico das sociedades modernas (non só occidentais) explica o proceso de expansión ou restrición das variedades lingüísticas no plano xeográfico e demográfico.

Como nos comentan os sociolingüistas (Conde Silvestre 2012: 336, Bergs 2012: 95, Milroy 1992: 196-197, Milroy 2002: 563 e Milroy e Gordon 2003: 129), mentres unha comunidade presente unha organización social reticular marcada pola superposición de redes sociais persoais fortes, esa mesma comunidade acostuma permanecer fechada ás influencias externas. Agora ben, cando, pola razón concreta que sexa (p.e. migracións), as redes sociais fortes características das sociedades pre-industriais enfraquecen e, por conseguinte, medra o número de individuos social (p.e. individuos que

<sup>347</sup> Como xa avanzamos, e tal e como observan Milroy (1992: 212-213) e Miro y Gordon (2003: 124), isto non implica que as pequenas comunidades compactas illadas do exterior sexan un fenómeno marxinal ou atípico na sociedade moderna. En realidade, este tipo de estruturas sociais son, hoxe por hoxe, unha sorte de «estado organizativo transitorio» que cobran forza cando, como acontece, por exemplo, coas comunidades inmigrantes nas grandes cidades, os individuos necesitan dunha rede de solidariedade que lles facilite a integración na sociedade global. Velaí, unha das posibles razóns da conservación transitoria destas falas no contexto das grandes urbes.

umentan os seus ingresos) e xeograficamente móbiles (p.e. traballadores que migran), esa mesma comunidade abre ás influencias externas.

En termos lingüísticos, esa apertura social e económica ao exterior carrega unha abertura, por unha banda, no caso de comunidades monolingües, ás formas lingüísticas procedentes da variedade estándar correspondente (Milroy 1992: 213, Romaine 1994: 105) ou, como xa vimos, ás variantes lingüísticas preponderantes nos centros urbanos e, pola outra, no contexto de comunidades multilingües ou de simple contacto lingüístico (Milroy 2002: 558-567 e Milroy e Gordon 2003: 124-133), ás formas lingüísticas procedentes de calquera das variedades lingüísticas asociadas cos grupos humanos socialmente dominantes.

En definitiva, canto máis se debilitan as redes sociais fortes que protexen as variedades lingüísticas asociadas cos grupos humanos máis desfavorecidos, tanto máis recúan esas mesmas falas de tal xeito que se estende, en comunidades monolingües, o uso da variedade estándar e, en comunidades multilingües, aqueles idiomas que gozan do apoio dos grupos humanos social e economicamente dominantes.

Precisamente, a SLT ilustrou esta relación entre apertura ao exterior das pequenas comunidades rurais e restrición de uso das variedades lingüísticas vernáculos (isto é, vinculadas con grupos humanos economicamente máis desfavorecidos) cos cambios acaecidos nas localidades de Oberwart e East Sutherland<sup>348</sup>

Oberwart (en húngaro, Felsőőr), unha localidade austríaca raiana con Hungría, era, orixinariamente, unha comunidade monolingüe en húngaro cuxos habitantes vivían, nomeadamente, da agricultura e de traballos ocasionais para a pequena burguesía (comerciantes e artesáns) xermanófono asentada no territorio desde comezos do século XIX.

Con ser certo que Oberwart era unha comunidade bilingüe húngaro-alemán desde antes do século XIX e con nacionalidade austríaca desde 1919, é mester lembrar que, rematada a Segunda Guerra Mundial, os profundos cambios socioeconómicos sobrevidos desde esta data aceleraron notablemente o ritmo de expansión do alemán estándar en detrimento do húngaro até o extremo de que, hoxe por hoxe, poucos son os habitantes de fala maxiar.

Analizado este proceso desde o punto de vista do modelo de redes sociais por Lesley Milroy (2002: 560) e Lesley Milroy e Matthew Gordon (2003: 125), estes dous lingüistas coinciden na seguinte hipótese: debido ao

<sup>348</sup> Unha visión, en detalle, do acontecido nestas dúas localidades pode consultarse, entre outros, en Fasold (1984: 329-342), McColl Millar (2012: 51-54), Romaine (1994: 70-74) e Moreno Fernández (1998: 246).



tránsito dunha agricultura de subsistencia a unha economía de mercado e, xa que logo, froito do incremento de contactos entre campesiños e forasteiros tras a apertura de pequenas fábricas, melloras na rede local de estradas, construción de pequenos hoteis para o turismo, etc., houbo un enfraquecemento das redes sociais fortes e, xa que logo, no ámbito lingüístico, unha ruptura do tradicional equilibrio húngaro/alemán en favor deste último.

De xeito ben semellante, o gaélico escocés sobreviviu en East Sutherland mentres a economía de subsistencia local baseada na actividade pesqueira artesanal permitiu que esta localidade permanecese relativamente illada do exterior. En esencia, o gaélico escocés resistiu o embate do inglés estándar en tanto que os veciños das «cidades de pescadores» viviron, casaron e traballaron entre eles e mentres non houbo moita necesidade de «saír ao exterior».

Agora ben, despois da Primeira Guerra Mundial, cando, por mor da crise na industria pesqueira artesanal local, houbo que procurar traballo fóra das «cidades de pescadores» (isto é, cando crebou o tradicional modo de vida) e, por conseguinte, desde o momento en que houbo unha maior relación coas comunidades anglófonas con máis e máis vodas e traballos fóra das fechadas comunidades locais, o uso do gaélico escocés recuou tan rapidamente que, na década de 1970, xa poucos eran os falantes monolingües en gaélico escocés<sup>349</sup>.

No entanto, para non caer na percepción equivocada de que o enfraquecemento das redes sociais fortes é «auga pasada», cómpre que mencionemos os cambios acaecidos na colonia chinesa de Newcastle (Milroy e Wei 1995) e na comunidade portorriqueña de Nova York (Zentella 1997).

En ambos os dous casos, houbo un transvasamento xeneralizado de falantes desde a fala autóctona (chinés e español, respectivamente) cara á variedade lingüística lexitimada socialmente (en ambos os dous casos, o inglés) por mor da presión exercida pola estrutura política, económica e social dominante sobre os falantes dos idiomas estigmatizados.

En concreto, Lesley Milroy e Li Wei (1995) demostraron que, na colonia chinesa de Newcastle, o inglés estándar substituíu ao chinés en pouco máis de tres xeracións porque, así como o chinés dominaba entre os avós e convivía en paridade co inglés estándar na xeración dos pais, entre os netos, xa predominaba claramente o inglés (mesmo, para falaren cos seus avós).

<sup>349</sup> En opinión de Milroy (2002: 560) e de Milroy e Gordon (2003: 125), a acelerada substitución do gaélico irlandés polo inglés estándar nos *Gaeltacht* de Irlanda entre 1970 e 1990 obedece ao triunfo da economía de mercado. Sen dúbida, este novo modelo económico, cada vez menos interesado na agricultura como fonte de riqueza e cada vez máis escorado ao sector servizos, esixiu dos falantes de irlandés das pequenas comunidades periféricas locais máis e máis contactos con falantes monolingües de inglés.

En opinión de Lesley Milroy e Li Wei (1995: 141-153), o triunfo do inglés estándar no tempo de tres xeracións tivo moito que ver coa profunda transformación estrutural experimentada polas familias chinesas en contacto coa dominante sociedade anglófona. Á marxe dos detalles, mentres a xeración dos avós case non tiña contactos fóra do círculo familiar, pola contra, as xeracións posteriores (fillos e netos), froito do seu desexo de promoción social, aumentaron, notablemente, o trato con chineses non-familiares e con británicos<sup>350</sup>.

En resumo, os exemplos de Oberwart (Austria), East Sutherland (Escocia), os *Gaeltacht* (Irlanda) e a deriva anglófona dos portorriqueños de Nova York e dos chineses en Newcastle (neste último caso, no breve lapso de tempo de tres xeracións) amosan, ben ás claras, que a decantación dos falantes cara ás variedades lingüísticas asociadas cos grupos humanos económica e socialmente poderosos non é, insistimos, en contra da opinión de lingüistas como Manuel Alvar (p.e. 1982: 82) e Gregorio Salvador (p.e. 1987: 135), unha «escolla libre» ao xeito de «estratexia liberadora» do atraso cultural e económico senón, en verdade, unha imposición ligada á, con palabras de Salikoko S. Mufwene (2008: 11), ecoloxía sociolingüística.

Así, coa creba dos modos de vida tradicionais e, por conseguinte, coa debilitación das redes sociais fortes, do mesmo xeito que nas comunidades monolingües houbo un desprazamento xeneralizado e progresivo desde o estigmatizado «dialecto local» cara á variedade estándar vinculada cos grupos humanos privilexiados<sup>351</sup>, así tamén, en comunidades bilingües, atopamos un transvasamento constante de falantes desde a estigmatizada variedade lingüística vernácula cara á dominante variedade estándar foránea<sup>352</sup>.

Verbo das nosas afirmacións precedentes, sería interesante que lembrásemos que, en opinión de Walt Wolfram (2002: 767-782), entre a multipli-

<sup>350</sup> Así explica Salvador (1987: 135) estes cambios: «es porque los antepasados y progenitores de esa parte da la población adoptaron libremente la lengua que creyeron de mayor utilidad. Que es lo que históricamente suele ocurrir: las gentes poseen un certero instinto lingüístico y saben optar por la lengua que les va a servir de modo más amplo y eficaz. Las lenguas son instrumentos de comunicación y como tales instrumentos de comunicación hay que valorarlas. La lengua es lanza, no bandera. Si se inventaron las banderas —asta y retales— fue porque el hierro de la lanza non se podía convertir en símbolo, sino que había que mantenerlo hiriente y afilado o cambiarlo cuando fuera menester».

<sup>351</sup> De acordo con Bortoni-Ricardo (1985), poderíamos citar a inclinación dos falantes do estigmatizado dialecto caipira nas cidades satélite de Brasilia cara á variedade estándar portuguesa como un exemplo claro desta tendencia.

<sup>352</sup> Segundo Jones e Singh (2005: 97-99), o chamado alemán de Pensilvania (isto é, as falas levadas aos estados de Pensilvania, Ohio, Indiana e Illinois polos inmigrantes de ascendencia alemá a partir de 1863) tamén respondería a estas mesmas pautas de comportamento. Actualmente, mentres os granxeiros pertencentes ás comunidades amish e menonita conservan o alemán na súa vida cotiá por causa do seu illamento social, cultural e económico, no resto das comunidades granxeiras orixinalmente de fala alemá, por estaren comparativamente moito máis integradas na sociedade americana, só os máis vellos conservan o alemán.

cidade de factores (económicos, políticos, sociais e demográficos, etc.) que inciden sobre a expansión/restrición demográfica e xeográfica dunha variedade lingüística concreta, de certo, os factores económicos priman sobre todos os restantes. Por outras palabras, segundo os sociolingüistas (Downes 1984: 27-28, Romaine 1994: 72-74, 2002: 206-207 e Mufwene 2002: 164, 175, 2008: 11-49), en situacións de contacto entre variedades lingüísticas, a variedade lingüística asociada cos grupos humanos económica e socialmente máis poderosos adoita impoñerse ás restantes falas ao longo dun período de tempo que, non en poucas ocasións, rolda as tres xeracións de falantes.

Así pois, se, como vimos de ver, non hai ningunha razón estritamente lingüística que xustifique a subordinación e a posterior obsolescencia dunha variedade lingüística concreta nunha conxuntura de contacto lingüístico e se os factores extralingüísticos (nomeadamente, político-económicos) gobernan este proceso, ten sentido que, en consonancia co pensamento de Pierre Bourdieu (1982: 26-31) e da SLC, vexamos toda a argumentación hipoteticamente obxectiva, científica, técnica e neutral da EFE relativa a esta cuestión como un discurso eufemístico cuxo propósito real sería, ao cabo, enmascarar a imposición das grandes linguas baixo a aparencia dunha «escolla libre e persoal» da «mellor» lingua.

Evidentemente, de acordo co pensamento da SLC (p.e. Wright 2004: 169-172), todos aqueles lingüistas defensores (explícita ou implicitamente, consciente ou inconscientemente) do prexuízo de que, pola razón que fose, hai variedades lingüísticas «superiores» e «inferiores», ao noso xuízo, ficarían fóra dunha posición autenticamente científica, aséptica, neutral e obxectiva e, no fondo, dentro dun enfoque claramente subxectivo e ideolóxico.

Agora ben, conscientes de que os termos de imperialismo lingüístico e de lingüística colonial, aínda que así os defina explicitamente a SLC (p.e. Kroskity 2004: 499), aplicados á obra de lingüistas do calado de Ferdinand de Saussure ou Noam Chomsky (por suposto, tamén aos grandes próceres da EFE; p.e. Alvar) poderían soar desproporcionados ou esaxerados, quizabes, sería mester que nos detivésemos un pouco máis nos detalles desta posición.

En primeiro lugar, no tocante a esta última cuestión, cómpre recordar que, consonte co parecer da SLC (p.e. Kroskity 2004: 499, Spolsky 2004: 7-11), o feito de que unha ideoloxía lingüística non se faga explícita, nin en ningún documento escrito formal dunha autoridade académica, nin na obra de ningún lingüista concreto, non significa que ese conxunto de crenzas ou hipóteses sobre os feitos lingüísticos non exista realmente. Sen dúbida, de acordo coa SLC, a ausencia dunha ideoloxía lingüística explícita non quere dicir que non haxa unha ideoloxía lingüística oculta.

Para demostrarmos isto último, abondaría con lembrar que, con ser innegable que, como evidencian as investigacións sobre comunidades bilingües (Appel e Muysken 1987, Hamers e Blanc 1989, Romaine 1989, Wei 2000 e Zentella 1997), «os de abaixo» adoitan facer súa a variedade estándar dos seus respectivos grupos socioeconomicamente dominantes e, malia que, como demostran os estudos dos sociolingüistas<sup>353</sup>, a difusión das grandes linguas europeas (en concreto, o inglés, francés, portugués e español) nos territorios ultramarinos actuou como unha das pancas máis activas na estratexia imperialista de asimilación dos territorios colonizados, algúns lingüistas obviaron estas dúas realidades.

Así pois, á hora de explorarmos as ideoloxías lingüísticas latentes baixo o discurso elitista, debemos ter moi presente que, como advirte Bernard Spolsky (2004: 7), en poucas ocasións atoparemos afirmacións explícitas contra as variedades lingüísticas periféricas e que, polo xeral, deberemos traballar con indicios que, entremetidos nos textos académicos «obxectivos», permitan enxergar a intención de minorización das pequenas falas vernáculas e de glorificación dos grandes idiomas estatais.

Aínda que este desexo de denigración das variedades lingüísticas periféricas aos grandes centros de control político permaneza máis ou menos oculto, cremos que non errariamos se, ademais de na maioría dos textos xa citados, nestas palabras de Alvar (1982: 70), albiscásemos a ideoloxía lingüística do monolingüismo:

Se dice que la lengua es una imposición (totalitaria, feudal, opresiva, etc.), pero contra ella se intenta erigir otro bloque unitario: el dialecto. Pero ¿qué es el dialecto? Al hablante de Castropol, ¿qué bable se le va a imponer? ¿Y al de Rivadesella? ¿Qué variedad pirenaica será la fabla aragonesa? ¿El ansotano, el chistavín, el belsetá? Pero y las gentes que desde el siglo XV no han hablado sino castellano, ¿tendrán que ir a una escuela de cheso? ¿Por qué no al revés? O la muchachita aragonesa que vive en Barcelona y escribe con desconuelo su vergüenza: nunca ha sabido aragonés, ¿dónde puede aprender a hablarlo? Viendo todos estos casos, uno piensa sobrecogido en la afirmación rotunda de Albert Camus: «Mi patria es la lengua francesa».

Se lésemos con atención este último texto e se partimos do principio de que non hai razóns estritamente lingüísticas que xustifiquen a superioridade lingüística dunha fala sobre outra, veriámonos na obriga de admitir que, se lle negásemos, de xeito categórico, a unha determinada variedade lingüís-

<sup>353</sup> Nomeadamente, Joseph (2004a: 102-103), Errington (2008), García e Otheguy (2015: 641), Godenzzi e Sichra (2015: 607), Spolsky (2004: 71-72), Villa e Valle (2015: 571) e Wright (2004: 118-178).

tica a capacidade potencial de ser o vehículo de expresión de determinados contidos (p.e. da física nuclear) porque, no seu momento, froito da histórica subordinación funcional e normativa a outro idioma, non contaba cos recursos expresivos adecuados, non estaríamos a operar cunha visión obxectiva e neutral dos feitos lingüísticos senón cun enfoque subxectivo e ideolóxico.

Xa que logo, se, á derradeira, a superposición dunhas variedades lingüísticas sobre outras depende da interacción dun complexo conxunto de factores extralingüísticos (nomeadamente, políticos e económicos), temos que analizar por que a lingüística tradicional e a SLT agocharon, en beneficio das elites estatais, as relacións de poder que deron lugar á expansión territorial e demográfica das grandes variedades estándar do mundo.

Sen dúbida, aínda que a EFE (p.e. Alvar 1961: 52, 1982: 78, 91, 1990: 25) recoñeceu abertamente que a xerarquización das variedades lingüísticas en linguas e dialectos non respondía tanto a criterios de índole lingüística como ao superior prestixio das primeiras fronte ás segundas, así e todo, ese exercicio de coherencia científica sempre ficou oculto baixo a procura da congruencia ideolóxica (García e Otheguy 2015: 639, Villa e Del Valle 2015: 572).

Abonda con reflexionar un instante para decatarse de que, se recoñecemos que as variedades estándar estatais (p.e. o español), tras liberarse da subordinación funcional e normativa a outro idioma (no caso anterior, ao latín), deron en imponse a outras variedades lingüísticas do seu respectivo estado-nación por razóns de natureza política e económica (Alvar 1979), en coherencia científica con ese argumento, tamén deberíamos admitir que as grandes variedades estándar con centos de millóns de falantes se estenden demográfica e no espazo por causas de orde económica, política, social e histórica. Deste xeito, por moi deostada, vituperada ou menosprezada que estivese unha variedade lingüística nun determinado momento, este idioma nunca perdería a súa capacidade potencial de devir en lingua.

Porén, en contra da argumentación esperable se se actuase cun mínimo de coherencia científica, nunha curiosa reviravolta discursiva, os lingüistas debedores do mito da homoxeneidade lingüística ocultaron as relacións asimétricas de poder que favorecen a expansión das grandes variedades estándar co argumento eufemístico da «escolla libre» das falas estatais como panca de ascenso social, económico e cultural para os falantes dos idiomas periféricos (p.e. Alvar 1982: 39, 41, 65, 77, 79, 81, 82; Salvador 1987: 135).

A maiores, noutra «volta de rosca» da anterior argumentación, os lingüistas españois aseguran que, pois as máis das comunidades lingüísticas periféricas do estado español xa se decantaron «libremente» no pasado polo español estándar, non ten sentido ningún que eses mesmos colectivos reto-

men as súas variedades lingüísticas autóctonas en tanto que, no parecer de Alvar (1975: 95, 1982: 45, 51, 54-55), a expansión do español responde ao:

[...] proceder de toda clase de gentes (cultas e ignorantes), de todas las geografías (Castilla, Aragón, León), de todos los niveles sociales (nobles y plebeyos). No hubo ni imposición, ni capricho; fue la tenaz voluntad de todos. Pero si la norma general se ha constituido con esa admirable vocación, lo que es correcto en su origen no tuvo que ver con ningunha aristocracia, a no ser con la del espíritu, de la que hablaron los escritores del siglo XVI.

Certamente, dado que a subordinación funcional e normativa das variedades lingüísticas periféricas (p.e. do asturiano) a unha determinada variedade estándar estatal (p.e. ao español) se presenta como un feito xa «aceptado» polos propios falantes desas mesmas variedades lingüísticas desde un pasado máis ou menos remoto, en opinión destes lingüistas, a ciencia lingüística debería asumir, sen máis, ese *statu quo*.

Deste xeito, de acordo coa posición teórica da SLC, podemos afirmar que o conxunto de argumentacións da lingüística española sobre a cuestión lingua-dialecto habería que encadralas dentro desa ideoloxía lingüística que Anne Judge (2000) sintetiza co lema: «unha lingua, unha nación, un estado».

Precisamente, desde este principio ideolóxico secularmente presente na política expansionista de países como Francia, Portugal, Italia e España (Judge 2000, Safran 2010: 55, Spolsky 2004: 63, 71, 133), malia que se recoñeza a categoría de lingua de variedades lingüísticas periféricas como o galego, vasco e catalán (Alvar 1982: 67) e a pesar de que se transixa co uso no ámbito oral das variedades lingüísticas etiquetadas como «terruñeras» (Alvar 1982: 70, 1990: 25), aparece, por unha banda, un ataque explícito á pretensión de idiomas como o asturiano, aragonés e leonés de seren linguas, e, pola outra (Alvar 1982, Salvador 1987), unha crítica descarnada contra a suposta deslealdade lingüística de quen defende os idiomas periféricos en contra da unidade idiomática e territorial do español estándar.

Así pois, se, con terminoloxía de Alvar (1982: 55), na liña dos partidarios destas «normas particulares», lles recoñecésemos a categoría de linguas a este conxunto de idiomas (en concreto, ao asturiano, leonés e aragonés), estaríamos a faltar, segundo este mesmo lingüista (Alvar 1982: 51), «a la historia y a la verdad; jamás ha tenido tal valor y carece de sentido pretender una imposición, si es que cuenta con partidarios de ella» e, por conseguinte, pois estaríamos (Alvar 1982: 55) a «destruir un orden de valores: se niega el prestigio (del orden que sea), se niega la autoridad del saber, se niega la conveniencia, se niega la utilidad. Y, a cambio, se ofrece el gueto, la marginación

y la incomunicación». Por último, dado que estaríamos a atacar «lo que la mayoría practica» (Alvar 1982: 51), non habería lexitimidade moral (Alvar 1982: 51), traballariamos pola «anarquía» (Alvar 1982: 55) e romperíamos a unidade nacional (Alvar 1982: 80).

Ao noso xuízo, de non aceptarmos a hipótese de que a ideoloxía lingüística do monolingüismo goberna as argumentacións da EFE, non se entende por que, se estes lingüistas asumen que «un lento proceso extralingüístico ha convertido en un criterio de inferioridad lo que empezó siendo una situación parigual» (Alvar 1990: 17), ao tempo negan que o aragonés, asturiano e leonés sexan linguas *in spe*.

Noutras palabras, se, recoñecemos que «el castellano —con respecto al latín— es tan dialecto como el leonés o el aragonés» (Alvar 1987: 57) e se admitimos que, por razóns de «historia política» (Alvar 1961: 52), o castelán acadou o estatuto de lingua mentres que o asturiano, leonés e aragonés ficaron relegados á condición de dialectos do castelán estándar pola ausencia dun cultivo literario autónomo, en congruencia científica con estes mesmos principios teóricos, deberíamos asumir tamén que, por cuestións de «historia política», en contra do parecer de Alvar (1961: 54, 1982: 59, 1996b: 10), o castelán podería actuar, en contextos de marxinação política, cultural, económica, etc. (p.e. o isleño) como un idioma parcial. Igualmente, o aragonés, asturiano e leonés, ao contrario das afirmacións de Alvar (1996a: 15, 20-21), de dárense as circunstancias sociolingüísticas idóneas, poderían devir en linguas con plena capacidade expresiva.

Alvar, malia que semella ser consciente da relevancia dos factores sociais, económicos e políticos no tocante ao estatuto lingüístico de cada variedade lingüística, pois afronta a análise dos feitos lingüísticos interferido pola ideoloxía lingüística do monolingüismo, argumenta sempre (p.e. Alvar 1982: 71-80, 1990: 25, 1996a: 20-21) no sentido de que o dominio das grandes variedades estándar escritas europeas (en concreto, do castelán) é unha sorte de inalienable dereito «natural» que se deriva tanto da súa superioridade lingüística como do decorrer «natural» dos feitos históricos.

No tocante a esta última cuestión, dado que o transvasamento xeneralizado de falantes cara ás variedades lingüísticas dos colectivos humanos social, política e economicamente máis poderosos, en opinión de Alvar (1982, 1996a) e Gregorio Salvador (1987), goza do consentimento secular dos falantes das variedades lingüísticas subordinadas e, ademais, da «lexitimidade» moral de ser un «acto democrático» (isto é, froito de miles de decisións individuais en «liberdade»), de non queremos ir en contra da historia (ao cabo, do «sentido común») e de desexarmos un sistema lingüístico que

garanta ás «gentes humildísimas» (Alvar 1996a: 20) a «igualdade de oportunidades» (Alvar 1982: 42) para fuxir do «gueto» ou da «caverna» (Alvar 1996a: 20-21), debería ser asumido por todos os lingüistas sen máis requilorios (Alvar 1996a: 20).

Alvar<sup>354</sup> e Gregorio Salvador (1987) únense, deste xeito, ao nutrido grupo de lingüistas<sup>355</sup> e falantes que, consonte co mito lingüístico da normalización lingüística liberal e da sociolingüística estruturalista liberal, opinan que non é de «sentido común» (Ricento 2013: 538) procurar a modernidade, o progreso económico e a mobilidade social ascendente sen unha «lingua común» (no seu caso, sen o español estándar) e que, por conseguinte, teiman na crítica feroz contra as variedades lingüísticas dos grupos humanos alleos aos centros de poder político, económico, cultural e social.

De acordo con este punto de vista (p.e. Alvar 1996a: 15), a promoción das variedades lingüísticas secularmente marxizadas, pois sería irracional e contrario ao «sentido común», acabaría por frear tanto a mobilidade social dos individuos «cara arriba» como o progreso económico dos grupos humanos social e economicamente subdesenvolvidos.

Xa que logo, desde a devandita perspectiva, os apoloxistas dos idiomas periféricos estatais (p.e. do asturiano, aragonés, vasco, galego, leonés e valenciano) serían, fóra de «eufemismos» terminolóxicos, en realidade, unha «aristocracia negativa» (Alvar 1982: 41) obediente ao «infecto espírito de campanario» (Salvador 1987: 26). Así mesmo, en opinión dos lingüistas españois, esta contra-elite cultural, movida por «motivos sentimentales, (llamémolos nacionalistas o pueblerinos), intereses personales (los de ciertas minorías aprovechadas), oportunismo político que usa de estos para alcanzar aquellos» (Alvar 1990: 13), en verdade, nunca traballaría en prol da promoción social dos grupos humanos que afirma defender.

Evidentemente, baixo toda esta argumentación aparentemente en favor da igualdade de oportunidades así como embaixo do seu ton paternalista (p.e. Alvar 1982: 42), os lingüistas partidarios da expansión das grandes variedades estándar ocultan a ideoloxía lingüística do monolingüismo.

<sup>354</sup> Precisamente, en Alvar (1996a: 19-20) podemos ler: «Hoy es lo mismo: el indio del Amazonas necesita del español para su mercadeo, o el hispano-hablante de Nuevo Méjico o de Tejas precisa del inglés para incorporarse a una sociedad en la que está inserto y que cada día presiona más con sus exigencias económicas. [...]; son las preferencias de unas sociedades que nos precedieron, la literatura que ennobleció los usos, la necesidad de gentes humildísimas que necesitaron —y necesitan— poder subsistir, el ideal de perfección que se encuentra en el espíritu limpio del hombre».

<sup>355</sup> A esta idea non son inmunes nin sequera sociolingüistas da talla de John Edwards (1985: 95-97) ou de William Safran (1999: 84).



A grandes trazos, ao igual que os intelectuais renacentistas pasaron á historia como «guerreiros» contra o escurantismo medieval, os lingüistas españois pretenderon pasar á posteridade como defensores da razón, da ciencia, da modernidade e do progreso material e cultural.

A maiores, estes lingüistas, ávidos de que os seus razoamentos pasasen por «libres» e «limpos» de prexuízos ideolóxicos (Alvar 1990: 13, Salvador 1987: 91, 109), insistiron en que calquera ataque ás grandes linguas, como queira que implica unha oposición irracional contra a vontade libre dos falantes, contra as recomendacións obxectivas da ciencia lingüística e contra o inexorable proceso de modernización que carrexan estes idiomas, desemboca en, con palabras de Alvar (1996a: 20), «posturas reaccionarias y oscurantistas».

Evidentemente, con esta actitude paternalista e benevolente cara ás variedades lingüísticas periféricas, con esa apelación constante á ciencia lingüística e coa ocultación sistemática das poderosas forzas económicas e políticas que apoian a expansión das grandes linguas, os lingüistas (españois) pretenderon crear a ilusión de que as grandes variedades estándar eran linguas «neutras» cuxa escolla garantía e permitía a promoción social do individuo e o progreso económico dos pobos<sup>356</sup>.

Certamente, se o propio falante, en exercicio da súa liberdade persoal, seleccionaba unha ou outra fala e, xa que logo, determinaba a condición de lingua (p.e. do español) ou dialecto (p.e. do aragonés, aranés, asturiano, leonés, galego, vasco, valenciano e, mesmo, catalán) dunha variedade lingüística concreta, de novo, as estratexias lingüístico-discursivas do ocultamento (dos condicionamentos socioeconómicos) e da iconización (do plano microlingüístico en sincronía) lograron enmascarar a ideoloxía lingüística do monolingüismo baixo a «codia» dun discurso comprometido co progreso, coa democracia e cos dereitos individuais.

Con seguridade, a ficción de que os falantes alleos ás elites estatais elixen «libremente» (mesmo, con agrado) o estatuto de dialecto para as súas propias variedades lingüísticas vernáculos porque o seu «certero instinto lingüístico»

<sup>356</sup> Como observa Sue Wright (2004: 73), nin sequera nos estados multilingües poscoloniais de África, Asia e outros continentes, a escolla do inglés, francés, español, etc., como lingua oficial pode verse como unha «elección libre» senón, como moito, como a escolla «menos mala» entre todas as posibles. Como queira que, en moitos destes casos, a selección dunha ou doutra lingua autóctona como lingua oficial do estado podería ser fonte de conflitos (mesmo, violentos) no caso de que a selección final se interpretase como un intento de dominio dun grupo humano sobre todos os restantes, é comprensible que se optase polo idioma, de primeiras, menos «malo» (isto é, pola lingua colonial). Así e todo, e velaí unha proba irrefutable de que as linguas coloniais non son linguas auténticamente «neutras», alí onde houbo unha lingua de certo prestixio anterior ao poder colonial, non foi estraño que se seleccionara esoutro idioma (p.e. en Tanzania, o suahili; en Indonesia, o malaio).

(Salvador 1987: 135) lles permite aventar que a troca da súa propia fala por unha variedade estándar (se queremos, por unha «lingua común») garantirá o seu progreso social e económico non sería factible sen o auxilio teórico do estruturalismo e da lingüística histórico-comparativa decimonónica.

Verbo disto, a todo o que xa comentamos tocante a estes dous paradigmas teóricos, poderíamos engadir agora que a visión histórico-comparativa decimonónica das linguas como organismos idénticos aos seres vivos favoreceu notablemente o asentamento do *darwinismo lingüístico*.

Desde este enfoque dos feitos lingüísticos, a imposición das grandes variedades estándar a nivel mundial (p.e. do español) sería algo así como a etapa final dun ciclo evolutivo natural no sentido de que, ao igual que no mundo animal e vexetal unicamente sobreviven as especies máis «fortes», así tamén as grandes linguas, por seren entidades lingüísticas *non plus ultra*, se imponen sobre as «pequenas» variedades lingüísticas por causa da súa inigualable capacidade de adaptación ás esixencias da sociedade moderna.

Por outra banda, o concepto de lingua do estruturalismo ao xeito de obxecto autónomo, homoxéneo e alleo, por completo, á sociedade en que esta se usa (p.e. Alvar 1996a: 17, 19) permitía que os lingüistas analizasen as linguas á marxe das forzas políticas, económicas e ideolóxicas que determinaban a súa expansión ou recesión.

Precisamente, con respecto á lingüística estruturalista, Pierre Bourdieu afirmaba (1985: 19):

Hablar de la lengua, sin ninguna otra precisión, como hacen los lingüistas, es aceptar tacitamente la definición oficial de la lengua oficial de una unidad política: la lengua que, en los límites territoriales de esa unidad se impone a todos los súbditos como la única lengua legítima, tanto más imperativamente cuanto más oficial es la circunstancia [...]. La lengua oficial se ha constituido vinculada al Estado. Y eso tanto en su génesis como en sus usos oficiales.

Desde este punto de vista, a lingüística histórico-comparativa e estruturalista, por moi abstractas e especulativas que pretendesen ser, non foron dous modelos teóricos completamente neutrais e asépticos porque, aínda que negásemos ou agochásemos, consciente ou inconscientemente, os factores extralingüísticos que apoian ou dificultan a expansión dunha determinada variedade lingüística, estes seguirían a ser reais.

En consecuencia, con palabras de Pierre Bourdieu (1985: 26), podemos asegurar que a lingüística estruturalista e decimonónica participaron desa «violencia invisible e de baixa intensidade» con que as elites socioeconómicas impuxeron sobre os demais os seus puntos de vista, os seus principios e

os seus valores culturais sen necesidade de facer explícitos, nin estes valores, nin o seu modelo social xerárquico.

Esta violencia implícita (se callar, por encuberta, constante e polo innecesario da súa concreción aínda máis intensa que a propia violencia explícita) ou dominación simbólica (Bourdieu 1985: 25) conseguiu revestir as relacións xerárquicas de poder da aparencia de relacións naturais e inherentes ao ser humano de tal xeito que, unha vez perdida a consciencia do seu carácter arbitrario (isto é, histórica e socialmente construído), ficaron lexitimadas por causa da súa aceptación tácita.

Precisamente, no ronsel de Bourdieu, Dominique Ryon (2005: 58-68) comenta que os traballos lingüísticos defensores tanto da idea de que as minorías resolverían todos os seus problemas (non só lingüísticos) se asumisen a súa respectiva lingua dominante como do argumento de que os sociolingüistas deberían aceptar a obsolescencia dos idiomas dominados (p.e. do *cajun* ou isleño) caen en dous graves erros de partida: conciben as linguas como entidades abstractas e mentais alleas aos falantes e esquecen que as relacións sociais marcadas polas desigualdade son intrinsecamente violentas e, daquela, nunca derivadas dunha «coexistencia pacífica».

En opinión deste mesmo investigador (Ryon 2005: 68), se ben semella que a escolla dunha lingua dominante é garantía de mobilidade social (ascendente), en verdade, pois esta selección deriva da dominación simbólica duns grupos humanos sobre outros, como nos advirte a sociolingüística crítica da globalización (Blommaert 2010), non se garante a mobilidade social vertical ascendente (como moito, xeográfica ou espacial; p.e. de Galicia a América). Á derradeira, os grupos humanos desfavorecidos, malia asumir a lingua dominante, adoitan permanecer nas capas máis baixas da sociedade-obxectivo.

En resumo, a frase «por haberse impuesto a sistemas lingüísticos de su mismo origen» (Alvar 1961, 1982, 1996b) así como toda a argumentación teórica que sustenta este principio, ao noso xuízo, responde, á derradeira, á ideoloxía lingüística do monolingüismo pois, por unha banda, protexe e lexitima os usos lingüísticos asociados cos grupos humanos dominantes e, pola outra, minoriza sistematicamente as variedades lingüísticas vernáculas<sup>357</sup>.

<sup>357</sup> Tocante a esta cuestión, o lingüista Louis Jean Calvet, nunha entrevista de Ramón Chao (1977: 17), declaraba: «A lingüística creou tres conceptos, o de lingua, o de dialecto e «patois». Eso xa é un problema, pois non sei moi ben o que quere dicir esto de «patois»; é unha discriminación máis. Mais se nos limitamos ós conceptos de lingua e dialecto, se ollamos en dous, sete ou vinte libros lingüísticos, non atopámo-la mesma definición. De feito hai dúas direccións. Unha dirección histórica: pódese dicir que o francés, o provenzal, o galego, o castelán, o catalán, etc., son dialectos do latín, pois cando unha lingua se diversifica, se dialectaliza. E hoxe vemos que son «linguas» as dos dominantes, e «dialectos» as dos dominados. Así pois, unha lingua é un dialecto que triunfa politicamente; e o revés, un dialecto é unha lingua que non ten poder. A lingüística consagróu esto. Non quero dicir que

A maiores, na defensa, consciente ou tácita, das grandes variedades estándar do mundo, fóra dos puntos controvertidos xa analizados, atopamos outros varios aspectos susceptibles dun comentario crítico.

En primeiro lugar, cómpre evidenciar que, en opinión da SLC<sup>358</sup>, unha defensa das variedades lingüísticas vernáculos (e, por suposto, contraria á *minorización* destas falas) non presupón unha ideoloxía reaccionaria e conservadora senón esa ideoloxía igualitarista que, desde 1970, por mor do seu interese polo pluralismo ideolóxico (Muljačić 1999: 15), recolle todos os avances teóricos (non só da sociolingüística) preocupados pola denuncia de calquera vestixio de «racismo lingüístico»<sup>359</sup>.

En segundo lugar (May 2001: 208, Wiley 2010: 302), a defensa das grandes linguas europeas «esquece» a diversidade lingüística orixinal dos territorios que pretende monopolizar e colonizar. Así ocorre, de xeito claro, co movemento que, coa denominación de *English Only* (May 2001, 2012), procura o monolingüismo en inglés dos Estados Unidos co discurso eufemístico de que unicamente este idioma garante a mobilidade social vertical.

En terceiro lugar (May 2001: 161-235, 2013: 540), bótase de ver que os mesmos principios que glorifican as grandes variedades estándar do mundo e, asemade, denigran as variedades lingüísticas vernáculos, antes ou despois, poderían volverse en contra de calquera idioma (tamén, do español e inglés) porque, como xa vimos, en función do contexto sociolingüístico concreto de que esteamos a falar, calquera idioma pode dar en dominante ou dominado.

Precisamente, no tocante a esta última cuestión, cómpre lembrar que, cando os «partisanos» das linguas supercentrais (p.e. do español, francés, portugués, etc.) senten que a «pureza» e a propia existencia dos seus idiomas perigan ante o avance da única lingua hipercentral (isto é, ante o inglés), estes investigadores non dubidan en manifestarse abertamente en contra dos «híbridos lingüísticos» que xorden da mestura (ao cabo, fagocitación) daqueles idiomas co inglés (p.e. en contra do «denglish», «spanglish», «franglais»)<sup>360</sup>.

---

a lingüística inventou a colonización, pró é certo que hai unha relación estreita ó nivel de produción ideolóxica entre fenómenos económicos, políticos, sociais, e as ciencias que os acompañan».

<sup>358</sup> Concretamente, Charity (2013: 827-828), May (2001: 148), Romaine (2008: 19), Trudgill (2002: 137-144) e Wright (2004: 97-98).

<sup>359</sup> A este respecto, nótese que, como salienta Trudgill (2002: 31-32), aínda que saibamos de negros que fixeron canto estivo nas súas mans por asemellárense aos brancos e de mulleres que se vestiron de homes para que as «tomaran en serio», así e todo, non sabemos de ninguén que afirmase que a dicriminación racial, sexual ou relixiosa remata coa troca de raza, sexo ou relixión do individuo.

<sup>360</sup> Por exemplo, en Marcos-Marín e Miguel (2009: 76) lemos: «La nueva situación es muy confusa, por no decir babélica. Por un lado está el hecho reconocido del español como segunda lengua en los Estados Unidos. Por otro tenemos la situación de muchos hispanos que se defienden malamente en

## 5.2 O criterio demolingüístico

De primeiras, o *criterio demolingüístico* discrimina entre linguas e dialectos en función do número de falantes. Na súa versión máis tradicional, este criterio afirma que un idioma é lingua se posúe unha grande cantidade de falantes e dialecto se ten poucos falantes.

Agora ben, visto que, de atoparmos así formulado este principio, non sería moi complicado pór o foco sobre as súas incongruencias con preguntas do tipo: a partir de que número de falantes un idioma chega a ser lingua e deixa de ser dialecto?, a EFE (p.e. Alvar 1982: 80, 1990: 22-23, Salvador 1987: 16, 28-29, 65, 84, 135), até onde nós sabemos, sempre razouou a este respecto dun xeito máis arteiro e sibilino.

Polo xeral (lembramos a metáfora do coitelo), os lingüistas españois (p.e. Salvador 1987: 48-65) deron a entender que a utilidade e forza dun idioma dependería do seu número de falantes de tal xeito que canto maior fose o seu total de usuarios tanto máis incuestionable sería a súa xerarquía de lingua e ao revés.

Por este camiño, no caso concreto do estado español (Salvador 1987: 45-68, Marcos-Marín e Miguel 2009: 98), mentres os máis de 400 millóns de falantes emprazan incuestionablemente ao español na xerarquía de lingua, no entanto, todas as restantes variedades lingüísticas periféricas (mesmo, o catalán) ficarían fóra desa condición por causa do seu, en comparación co español, «reducido» número de falantes.

Precisamente, en opinión de Gregorio Salvador (1987: 29), a principal «eiva» que se lle podería apoñer ao catalán sería: «que es una lengua minoritaria, que sólo la hablan, incluidos claro está sus dialectos meridionales e insulares, unos cinco o seis millones de personas que, en su mayoría, son bilingües y hablan también español». De feito, en opinión de Gregorio Salvador (1987: 25), un idioma con, aproximadamente, sete millóns de falantes non pasaría de «idioma vecinal».

Sen dúbida, se até este momento insistimos arreo no fondo ideolóxico oculto baixo os criterios tradicionalmente empregados na discriminación entre linguas e dialectos, os parágrafos precedentes desexan demostrar que o criterio demolingüístico é un dos principios máis interferidos pola ideoloxía lingüística do monolingüismo. Ao cabo, a EFE, tras colocar, outra volta subrepticamente (= *ocultación*), o límite discreto entre dialecto e lingua

---

un inglés hablado y un spanglish de andar por casa. Lo malo es que el ambiente propicio al multiculturalismo lleva a la creencia de que el spanglish es un idioma, cuando no pasa de ser lo que se llama un criollismo, una jerga de frontera».

nos centos de millóns de falantes do español (p.e. Marcos-Marín e Miguel 2009: 98), implicitamente, deu a entender que todos os idiomas periféricos do estado español ficarían fóra da xerarquía de «linguas en sentido estrito» (eufemisticamente, na condición de «linguas minoritarias», «idiomas veciñais», «linguas rexionais», «linguas febles», etc.).

Con todo, se ben o emprazamento da estrema entre lingua e dialecto nos centos de millóns de falantes das grandes linguas europeas (neste caso, do español) denota unha militancia decidida na ideoloxía do monolingüismo, non hai dúbida de que, como nos advirten os sociolingüistas (Dalby 2002: 30, Irvine e Gal 2000: 53 e Romaine 1994: 57-58), aínda cabería a opción dunha posición máis extrema: os lingüistas e os censos lingüísticos ignoran, por completo, os falantes dun idioma periférico (p.e. do occitano) co obxectivo implícito de transformar un estado-nación realmente plurilingüe (p.e. Francia) nun territorio ideoloxicamente monolingüe.

Ás claras, a ocultación de todos os falantes dunha lingua coexistente cunha variedade estándar estatal determinada e, xa que logo, a conversión artificial dun determinado estado-nación nun territorio monolingüe (p.e. Francia) coloca as elites estatais respectivas nunha posición privilexio pois, froito deste radical acto de planificación lingüística, esas mesmas minorías pasarían a habitar nun territorio inequivocamente monolingüe e, daquela, exento de potenciais conflitos lingüísticos.

De certo, consonte co relato dos investigadores (p.e. Judge 2000: 46, Romaine 1994: 58, Spolsky 2004: 68, 76 e Williams 2010: 237, 2012), ningún outro estado europeo manipulou con tanta intensidade os seus datos demolingüísticos como Francia<sup>361</sup>.

Segundo os devanditos investigadores, os lingüistas e autoridades políticas francesas «esqueceron» contabilizar os falantes das chamadas «linguas rexionais» e/ou «patois» (isto é, ignoraron a realidade plurilingüe do seu país) porque, deste xeito, ficaría fóra de toda dúbida que os franceses, por estaren todos eles unidos polo «cemento» da lingua gala, forman unha única e mesma nación (Judge 2000: 45-46). Evidentemente, a negación radical da realidade plurilingüe dun estado-nación é unha máis das estratexias vinculadas coa ideoloxía lingüística do monolingüismo porque, segundo Anne Judge (2000: 46): «Such an attitude also implies that there are no linguistic problems in France».

<sup>361</sup> Nótese que os lingüistas españois (p.e. Salvador 1986, 1987, 1992) citan moi habitualmente a planificación lingüística desenvolvida neste país desde a Revolución Francesa como o modelo a seguir.

Con certeza, así como a radicalización da ideoloxía lingüística do monolingüismo explica a ocultación do total de falantes dos idiomas periféricos de Francia (p.e. do occitano; Moure 2001: 65), esta mesma ideoloxía latexa baixo o discurso eufemístico que insiste no argumento de que o número real de usuarios dos idiomas periféricos do estado español sería sensiblemente inferior de non mediar a contabilidade interesada dos seus defensores.

Con todo, antes de entrarmos na análise desta cuestión, non estaría de máis lembrar que, de acordo coa SLT, aínda no suposto de que se puidese fixar, con total exactitude, o total de falantes dunha variedade lingüística concreta (p.e. do catalán), dado que todos os idiomas do mundo se sitúan nalgún punto intermedio dun continuo demolingüístico que abrangue desde linguas cun único falante (p.e. o klamath) até linguas con máis de mil millóns de falantes (p.e. o chinés), calquera límite discreto que fixásemos neste gradiente sería, outra volta, unha estrema convencional e arbitraria.

Neste sentido, como observa Lenore A. Grenoble (2013: 797), se ben interesa coñecer o número aproximado de falantes dun determinado idioma porque este dato é relevante á hora de deseñar estratexias para a defensa dunha «lingua en perigo», para a ensinanza dunha «segunda lingua», etc., con todo, nunca podemos esquecer que os límites discretos (por moi precisos que fosen) nunca permitirán discriminar, dun xeito inequívoco e definitivo, entre linguas e dialectos<sup>362</sup>.

Mais, para decatármonos do elevado grao de arbitrariedade e convencionalidade que a SLT lle apón ao criterio demolingüístico, convén que lembremos, por unha banda, a amplísima gama de opcións intermedias que collen entre os dous polos extremos mencionados e, pola outra, o baile de cifras habitual nos máis dos censos demolingüísticos.

No tocante á segunda cuestión, así como os 800 millóns de falantes do chinés (Dalby 2002: 31) poderían dar en máis de mil millóns (1300 millóns; Zhang 2013: 564) se incluísemos os usuarios das variedades dialectais chinesas distintas do mandarín, tamén o número de falantes do inglés, con figurar este idioma en case todas as táboas clasificatorias como a segunda lingua do mundo, oscila entre os 300 millóns de persoas e case dous terzos da poboación mundial. Por exemplo, mentres M. Paul Lewis (2009) e Suzanne Romaine (2013: 776) cuantifican o total de anglófonos en 328 millóns e Teresa Moure

<sup>362</sup> Como afirma García González (1999: 355): «Hay idiomas de orígenes muy antiguos y otros de aparición reciente. Algunos sirven para muchos millones de hablantes y otros, por el contrario, se encuentran reducidos al uso de una comunidad mínima. Además el tamaño puede ser cambiante. No es rasgo esencial».

(2001: 63) en 350 millóns, Stephen May (2001: 198) eleva esa cifra até 700 millóns e Andrew Dalby (2002: 31) alén dos 1800 millóns de persoas<sup>363</sup>.

Por baixo do inglés, segundo Andrew Dalby (2002: 31), en orde descendente, entre as grandes linguas, atoparíamos o hindi e o urdu con, aproximadamente, 550 millóns de falantes, o español con 450 millóns, o ruso con 290 millóns, o árabe e o portugués con 180 millóns, respectivamente, e, por último, o francés con 130 millóns<sup>364</sup>.

Á marxe de que, como vimos de ver e como recoñece o propio Andrew Dalby (2002: 31), o número de falantes das grandes linguas poida flutuar en decenas ou centos de millóns de persoas, cómpre non perder de vista que, segundo este mesmo lingüista (Dalby 2002: 31) e Bernard Spolsky (2004: 29), por unha banda, o inglés é, na actualidade, a lingua internacional por excelencia e que, pola outra, unicamente doce linguas superan os cen millóns de falantes<sup>365</sup>.

No polo oposto ás grandes linguas do mundo, atoparíamos as variedades lingüísticas que, con menos de cento cincuenta falantes, segundo Bernard Spolsky (2004: 209), lindarían coa obsolescencia debido ao seu escaso número de usuarios. Entres elas, fóra de Europa, atopamos: 1º) o klamath (Oregón, USA), cun falante en 1998 (Harrison 2007: 78), 2º) o musqueam (Columbia Británica, Canadá), cun falante no 2002 (Harrison 2007: 43), 3º) o lardil (norte de Australia), con dous falantes no 2000 (Harrison 2007: 39), 4º) o ös (Siberia Central), con 30 falantes no 2007 (Harrison 2007: 5), 5º) o yukghir (Siberia Oriental), con 30 falantes no 2007 (Harrison 2007: 81) e 6º) o monchak (Mongolia Occidental), con 150 falantes no 2007 (Harrison 2007: 95)<sup>366</sup>. Por súa vez, en Europa, entre os idiomas con menos falantes, poderíamos mencionar o córnico (entre cincuenta e trescentos falantes;

<sup>363</sup> De acordo con May (2001: 198-199), do total de falantes de inglés, 300 millóns utilizarían este idioma como primeira lingua, 300 como segunda lingua e 100 millóns como idioma estranxeiro. Por súa vez, Dalby inclúe entre os anglófonos a todas as persoas con contactos ocasionais con esta lingua (pola razón que sexa: negocios, ciencia, cultura, etc.).

<sup>364</sup> As cifras en Lewis (2009) e Romaine (2013: 776) son: 1º) hindi, 182 millóns; 2º) urdu, 181 millóns; 3º) español, 329 millóns; 4º) ruso, 144 millóns, 5º) árabe, 221 millóns; 6º) portugués, 178 millóns e 7º) francés, 67 millóns. Por súa vez, Moure (2001: 63) ordena as linguas do mundo do seguinte xeito: 1º) chinés (1000 millóns), 2º) inglés (350 millóns), 3º) español (250 millóns), 4º) hindi (200 millóns), 5º) árabe (150 millóns), 6º) bengalí (150 millóns), 7º) ruso (150 millóns), 8º) portugués (135 millóns), 9º) xaponés (120 millóns), 10º) alemán (100 millóns) e 11º) francés (70 millóns). Bótase de ver que, de compararmos os falantes recoñecidos ao español nun e noutro estudo, constatamos variacións de máis de cen millóns de falantes.

<sup>365</sup> Segundo Romaine (2013: 776), unicamente nove linguas pasarían de cen millóns de falantes.

<sup>366</sup> Brenzinger (1997: 275) considera que unha lingua non podería sobrevivir con menos de 250 falantes. En opinión de Romaine (2013: 779), se o número mínimo de falantes para a supervivencia dunha lingua fose 100000 falantes, case o 90 por cento das linguas do mundo estaría en perigo e, se fose 10000, case o cincuenta por cento das linguas do mundo podería desaparecer.



Payton 1998: 145, Williams 2010: 250) e o manx (entre 650 e 1700 falantes; Thompson 1998: 396, Williams 2010: 246)<sup>367</sup>.

A maiores, entre as grandes linguas (con até máis de mil millóns de falantes; p.e. o inglés e o chinés) e as microlinguas (ás veces, cun só falante; p.e. o klamath), aparecen linguas con miles (p.e. o navaxo), millóns (p.e. o wolof) e decenas de millóns de falantes (p.e. o vietnamita). Por suposto, en Europa, tamén atopamos linguas con miles (p.e. aranés, mirandés, caxubio, islandés, etc.), millóns (p.e. letón, sardo, lituano, etc.) e decenas de millóns de falantes (p.e. grego, neerlandés, polaco, etc.)<sup>368</sup>.

Con seguridade, como nos lembra K. David Harrison (2007: 4), nin un número reducidísimo de falantes (p.e. un) imposibilitaría que un idioma gozase da xerarquía de lingua, nin un número elevado de falantes (p.e. vinte millóns), garantiría, automaticamente, esa mesma condición. Neste sentido, lembremos que, se ben os lingüistas non dubidan da condición de lingua dos idiomas australianos a pesar de que non poucos deles non chegan aos cen falantes, pola contra, o spanglish, malia contar con millóns de falantes, no mellor dos casos (McWhorter 2003: 119), pasa por un dialecto ou xerga do español estándar.

Á luz destas reflexións, dado que un lingüista podería escoller un número concreto calquera de falantes (entre un e mil trescentos millóns) como límite discreto entre lingua e dialecto, desde o punto de vista da SLC, ten sentido pensar que o peso da ideoloxía lingüística do monolingüismo sobre o criterio demolingüístico será tanto máis intensa cantos máis falantes se lle esixa a un idioma para ser inequivocamente unha lingua.

Así, como queira que, se fixásemos a estrema entre lingua e dialecto en cento cincuenta falantes, non menos de 600 idiomas serían dialectos, en dez mil falantes, até o 60 % dos idiomas do mundo darían en dialectos, nun millón de falantes, menos do 5 % dos idiomas seguirían a ser linguas e en 200 millóns, unicamente catro idiomas (chinés, indi-hurdu, inglés e español) acadarían a xerarquía de linguas<sup>369</sup>, semella obvio que, cantos máis falantes

<sup>367</sup> De todos os xeitos, como matiza Barbour (2000a: 22-23), o manx, ao igual que o córnico, serían, en realidade, «linguas mortas» cuxa revernacularización na segunda metade do século XIX obedeceu ao propósito de «resurrección» das identidades nacionais manxés e córnica.

<sup>368</sup> Verbo das últimas linguas mencionadas, Xosé Enrique Costas (2002) ofrece as seguintes cifras: 1º) córnico, 250 falantes, 2º) manx (1000 falantes) 3º) caxubio, entre 25.000 e 100.000 falantes, 4º) sardo, 1 millón de falantes, 5º) letón, 1.300.000 falantes, 6º) lituano, 3 millóns de falantes, 7º) polaco, 38 millóns de falantes e 8º) alemán, 88.800.000 falantes. Por súa vez, as cifras de Ángela Cotano (2000) non coinciden coas anteriores no caso do córnico (150 falantes), manx (643 falantes), caxubio (100.000 falantes) e sardo (1.200.000 falantes).

<sup>369</sup> Nótese que os tres primeiros límites numéricos non se escolleron ao chou pois, como menciona Bernard Spolsky (2004: 209), son as cantidades mínimas que os lingüistas consideraron indispensa-

lle esixamos a un idioma para ser lingua, tanto máis intensa será a ideoloxía lingüística do monolingüismo.

Por exemplo, se operásemos cos criterios demolingüísticos que manexan tacitamente os lingüistas españois, atopariámonos co paradoxo de que os idiomas con menos dun millón de falantes (en España; p.e. o aranés), entre esa cifra e vinte e cinco millóns (en España; galego, valenciano e catalán) e, mesmo, non poucos daqueles por riba desta última cantidade ficarían fóra da xerarquía incontestable de linguas. De feito, de combinarmos os anteditos criterios demolingüísticos coa clasificación universal das linguas elaborada por Xavier Vila e Vanessa Bretxa (2013: 4-7) en atención ao seu número de falantes, constataríamos que non serían «linguas en sentido estrito», nin as linguas pequenas (p.e. o aranés), nin as linguas de tamaño medio (ing. *medium-size languages*; p.e. o catalán), nin, incluso, moitas das linguas grandes (é dicir, con máis de vinte e cinco millóns de falantes; p.e. o polaco).

Evidentemente, se a media de falantes por lingua a nivel mundial é un millón e se, no estado español, cando menos, catalán, valenciano e galego sobordan con moito ese límite por seren, de acordo cos criterios demolingüísticos dos devanditos sociolingüistas (Vila e Bretxa 2013) e de Suzanne Romaine (2013: 779), linguas de tamaño medio, unicamente a oculta comparación co número de falantes do español explica que se etiqueten os devanditos idiomas como «linguas minoritarias», «idiomas veciñais», etc., así como o conxunto de eivas que se lles apoñen a estas falas polo seu suposto «escaso» número de falantes.

Alén disto, así como, desde o punto de vista da SLC, salta á vista que o emprazamento implícito da estrema entre dialecto e lingua nos centos de millóns de falantes do español procuraba a minorización de todos os idiomas periféricos do estado español na condición de case-linguas (e velaí, a intensidade da ideoloxía lingüística do monolingüismo), bótase de ver que a EFE procurou subrepticamente idéntico obxectivo cando, sistematicamente, puxo en dúbida o total de falantes tradicionalmente recoñecido a cada un destes mesmos idiomas.

Polo xeral, tras admitir explicitamente que todos os censos lingüísticos son obxecto dunha certa manipulación política (Salvador 1987: 48-60), a EFE, de acordo coa tradición dos intelectuais dos estados-nación xa consolidados de asignar condutas irracionais exclusivamente aos «outros nacionalismos» (isto é, aos das nacións-estado por consolidar), afeoulles aos defensores

---

bles para garantir a supervivencia dun idioma. No tocante á última cifra, malia que puidese semellar esaxerada, cómpre lembrar que Gregorio Salvador (1987: 54, 1992: 36) etiquetou os idiomas con idéntico número de falantes como *linguas non plus ultra*.

dos idiomas periféricos que «se hace política» (Salvador 1987: 52) co número de falantes das «linguas minoritarias» e «no tanto con los de las grandes» (Salvador 1987: 52)<sup>370</sup> porque «es grave añadir o restar decenas de millones, sin demasiado fundamento, a las grandes lenguas, pero es más grave abultar cuantitativamente las pequeñas, fingirles unha implantación que no tienen» (Salvador 1987: 65).

Evidentemente, das palabras anteriores, como lectores, deberíamos tirar a conclusión de que, de facermos un cómputo obxectivo do número de falantes de todos estes idiomas periféricos, habería que recontar «á baixa» o total dos seus usuarios.

Porén, como tentaremos demostrar a seguir, os «ideólogos das linguas grandes non operaron libres desa «consciente e intencionada falsificación» (Salvador 1987: 52) dos datos demolingüísticos que eles atribuíran, exclusivamente, aos apoloxistas dos idiomas periféricos.

En liñas xerais, no que toca ao criterio demolingüístico, os textos da EFE deron a entender, de xeito máis ou menos implícito, que o número de falantes atribuído historicamente a cada un dos idiomas periféricos do estado español non era real (p.e. Mendívil 2003/2004: 1434-1435, 2007: 15-16, Salvador 1987: 59-63). Co obxectivo de que o lector tirase a conclusión de que o cómputo verdadeiro de usuarios destes idiomas era moito menor do que tradicionalmente os seus defensores lles asignaran, estes lingüistas afirmaron que houbo con eles unha contabilidade creativa (Mendívil 2003/2004: 1433, 2007: 16) que avultou «alegremente» (Salvador 1987: 59) o seu total de falantes de tal xeito que se ofreceron datos «faltos de todo rigor científico» (Mendívil 2003/2004: 1434, 2007: 16).

Verbo disto último, na liña de Gregorio Salvador (1987: 64), debemos comezar por admitir que, con ser certo que os datos demolingüísticos referidos a unha ou outra variedade lingüística poden fluctuar, en maior ou menor medida, por mor de factores de natureza obxectiva (parámetros considerados, tipo de preguntas dos censos, número de variedades lingüísticas en contacto, a interpretación dada polos informantes ás preguntas dos censos, etc.), sen dúbida, as maiores oscilacións numéricas no cómputo de falantes verbo dun idioma dado adoitan aparecer en contextos de conflito lingüístico.

Por exemplo, á marxe de que o total de falantes atribuído ao aragonés (29.477) diminuiría en algo máis dun 50% de excluírmos os falantes pasivos

<sup>370</sup> A este respecto, Mendívil (2003/2004: 1433, 2007: 15) escribe: «No es de extrañar entonces que los recuentos de hablantes de aragonés que proporcionan algunas fuentes (que deberían referirse únicamente a los que hablan las variedades vivas y las tienen como lengua maioritaria) sean claramente exagerados, cuando no simplemente falsos».

(17.653) e de contarmos só os falantes activos (11.824), non hai dúbida de que as oscilacións numéricas máis extremas (no caso anterior, poderían ir de cero a máis de trinta mil falantes) teñen que ver co contexto de conflito lingüístico en que está inserto este idioma.

A grandes trazos, así como os lingüistas da EFE, por unha banda, deron por bos os «números redondos» que equiparaban os cidadáns do estado español con falantes de español e, pola outra, puxeron en dúbida os «números redondos o redondeados o supuestos» (Salvador 1987:61) resultantes da aplicación desa mesma ecuación a algún dos idiomas periféricos (p.e. entre falantes de galego e habitantes de Galicia; Salvador 1987: 59), tamén os investigadores partidarios das «outras linguas de España» cuestionaron, dun ou doutro xeito, os «números redondos» que equiparaban cidadáns do estado español con falantes de español.

Á marxe dos detalles, mentres a EFE foi moi crítica cos recontos de falantes dos idiomas periféricos (Mendivil 2003/2004: 1433-1435, 2007: 15-16, Salvador 1987: 59-63), estes mesmos investigadores non foron tan puntillosos coa suposta equivalencia entre falantes de español e cidadáns do estado español (p.e. Marcos-Marín e Miguel 2009: 98) ou con lendas do tipo de: «El español supera ampliamente los 400 millones de hablantes como primera lengua» (Marcos-Marín e Miguel 2009: 98).

Por exemplo, mentres Xosé Henrique Costas (2002: 83) cifrou o número de falantes de castelán en España en trinta e dous millóns e Ralph Penny (1998: 193) en case oito millóns de persoas máis, Francisco Marcos-Marín e Amando de Miguel (2009: 98) elevaron ese total até «no menos de cincuenta millones».

En xeral, como reconece o propio Xosé Henrique Costas (2002: 83), os datos demolingüísticos adoitan dar pistas verbo da ideoloxía lingüística do investigador en tanto que se entrevén diferenzas no xeito de pensar entre aqueles que contabilizan os galegófonos, vascófonos, etc., como falantes de español e aqueloutros que non.

En definitiva, ademais de que teñamos que admitir que, como aseguraba o filólogo galego Xesús Ferro Ruibal (1984: 252), as cifras de falantes son sempre «armas políticas» e que os datos demolingüísticos nunca están completamente «limpos» dunha ou doutra ideoloxía lingüística porque «As estadísticas lingüísticas son todas (ou case todas) inventadas» (Ferro 1984: 252), debería ficar moi claro que, aínda no suposto de que isto nunca fose así, o número de falantes dunha lingua non pode discriminar, obxectiva e cientificamente, entre dialecto e lingua.

Neste sentido, con ser innegable que unha variedade lingüística cun só falante pode ser lingua e outra con millóns de falantes pode ser conside-

rada dialecto (p.e. o spanglish), tampouco hai dúbida de que, como poñen de relevo Lenore A. Grenoble (2013: 797) e Stephen May (2001: 146), non podemos obviar os datos demolingüísticos. De primeiras, pois agardamos tantas máis dificultades no proceso de planificación do status dun idioma canto menor sexa o seu número de falantes e ao contrario, cómpre tanto un reconto honesto do total de usuarios dos idiomas vernáculos como unha diagnose acertada dos seus ámbitos de uso como paso previo ao deseño dunha adecuada estratexia de planificación do status.

Precisamente, na liña de darmos o seu auténtico valor o número de falantes dunha lingua deberíamos ter moi presente que, no parecer da SLT e en contra da opinión da EFE<sup>371</sup>, un idioma, aínda que «carezca de hablantes nativos» (Mendívil 2003/2004: 1431, 2007: 15, 2008: 2) nun momento dado, nunca tería vedado de vez o camiño cara ao estatuto de lingua oral cotiá.

Evidentemente, así como algunhas variedades lingüísticas non teñen garantido, nin hoxe, nin cara ao futuro, o seu estatuto de lingua a pesar do seu elevado número de falantes<sup>372</sup>, outros moitos idiomas, malia o seu reducidísimo número de falantes (podemos falar de microlinguas), están a gañar aos poucos o seu recoñecemento público como linguas de pleno dereito grazas a un adecuado e intenso esforzo de planificación lingüística<sup>373</sup>.

De feito, a SLT (Bartsch 1987: 246-247, Cooper 1997: 20-23, Kaplan e Baldauf 1997: 63) insiste en que unha variedade lingüística, aínda no caso límite de que carecese por completo de falantes nun momento dado (isto é, con ser unha «lingua morta» en termos tradicionais) podería perfectamente recuperar a súa condición de, con palabras dalgúns lingüistas españois (p.e. Mendívil 2003/2004, 2007, 2008), «lingua natural» (é dicir, de lingua oral cotiá).

De seguro, a extraordinaria revernacularización do hebreo moderno ou israelí podería ilustrar, ben ás claras, que é posible «resucitar» unha «lingua morta» (isto é, con cero falantes) sempre e cando unha decidida vontade política e colectiva apoiase semellante propósito (Grenoble 2013: 806-807).

<sup>371</sup> En Mendívil (2008: 2) lemos: «Y esto nos permite una primera conclusión relevante: para que algo se pueda considerar una lengua debe tener hablantes nativos. Por tanto, algo que carezca de hablantes nativos simplemente no es lengua, sino otra cosa que, a veces, por comodidad, llamamos lengua».

<sup>372</sup> Así, por exemplo, o curdo, con case trinta e cinco millóns de falantes espaxados por Turquía, Irán, Iraq e Siria, carece, aínda hoxe, do recoñecemento pleno de lingua.

<sup>373</sup> En Suíza, os falantes de retorrománico do cantón dos Grisons, a pesar de representar só o 6 % do total da poboación deste país (ao redor de 25000 persoas) e malia a fragmentación do seu idioma en cinco «dialectos» ou, se queremos, «linguas naturais» (sursilvano, sutsilvano, surmirano, alto engadino e baixo engadino) con cadansúa tradición literaria parcialmente diverxente, sempre pensaron en si mesmos como falantes dunha única lingua de seu. Precisamente, por causa desta consciencia idiomática unitaria e autónoma, os usuarios deste idioma desenvolveron unha nova variedade estándar unitaria (o *rumantsch grischum*) co obxectivo de conseguir o recoñecemento de lingua para o seu idioma.

Visto en conxunto o proceso de revernacularización do hebreo, non hai dúbida de que estamos a falar dun excepcional episodio de revitalización en tanto que, se ben actualmente o hebreo moderno é a primeira lingua de comunicación entre os cidadáns do moderno estado de Israel (Taupiac 1999: 290, Grenoble 2013, Zuckermann 2011), o chamado hebreo clásico perdera a súa condición de lingua oral cotiá contra o século II a. C. De feito, sobrevivira, case exclusivamente (Bartsch 1987: 246, Grenoble 2013: 806, Zuckermann 2011: 69)<sup>374</sup>, até finais do século XIX<sup>375</sup>, como idioma litúrxico e literario das pregarias relixiosas, dos textos sagrados e dalgúns textos xurídicos, científicos e filosóficos (ás veces, tamén tivo un uso ocasional como lingua franca; p.e. nos mercados).

Verbo das razóns que explican esta afortunada «resurrección» iniciada en Palestina e Europa Oriental contra 1880, os sociolingüistas (p.e. Cooper 1997: 21, Grenoble 2013: 806-807 e Zuckermann 2011: 73) adoitan colocar o acento no proxecto político de creación do moderno estado de Israel ou, dito doutro xeito, acostuman pór o foco no intenso compromiso político e colectivo subxacente á política de planificación lingüística que fixo do hebreo clásico unha moderna lingua secular.

En opinión da SLT, así como os nacionalismos europeos decimonónicos ambicionaban a racionalización lingüística (isto é, un estado monolingüe) como paso previo indispensable á construción dun estado moderno e eficaz (isto é, á racionalización estatal), así tamén o proxecto político do sionismo asumía que o moderno estado de Israel non sería posible se a diversidade lingüística orixinal deste novo estado permanecese eternamente.

Con este obxectivo en mente, se ben a natureza minoritaria do hebreo clásico como lingua oral cotiá fronte aos maioritarios ruso e alemán e as evidentes e notables «lagoas léxicas» dese idioma bíblico nun amplo abano de dominios funcionais (p.e. no ámbito xurídico) eran serios obstáculos para a implementación da mencionada fala, os israelís, grazas a unha moi acertada planificación lingüística, lograron que aquel idioma sagrado mudara na lingua primeira dos actos comunicativos cotiás de Israel.

Con máis detalle, á marxe do xa mencionado compromiso político explícito dos israelís coa «resurrección» do seu idioma, os sociolingüistas acostuman salientar, entre o conxunto peculiar e único de circunstancias que

<sup>374</sup> De acordo con Ammon (1989: 102), Cooper (1997: 21) e Kaplan e Baldauf (1997: 63), a situación do hebreo a comezos do século XIX era, na práctica, perfectamente equiparable coa do latín na actualidade (isto é, era unha lingua «morta»).

<sup>375</sup> Lembremos que, cando o mozo Eliezer Ben Yehuda chegou a Palestina en 1881, case ninguén fóra da súa familia empregaba este idioma como lingua oral habitual.

explican esa revitalización, primeiro, a atinada inmersión lingüística desenvolvida cos nenos nas escolas primarias e secundarias e, segundo, a milenaria transmisión deste idioma de pais a fillos durante os oficios da relixión xudía.

Con certeza, pois o uso do hebreo como lingua dos ritos da relixión xudaica desde tempos do profeta Isaias proporcionara un coñecemento pasivo deste idioma a todos os futuros habitantes de Israel con independencia de cal fora a súa lingua oral cotiá (ruso, alemán, yiddish, árabe, sefardí, polaco, inglés, etc.), no contexto dun país marcadamente plurilingüe por mor da chegada masiva de inmigrantes de moi diferentes nacionalidades, ningún outro idioma podería representar tan ben a historia do pobo xudeu como o hebreo e ningún outro idioma podería ser tan útil no papel de lingua franca como o hebreo. Xa que logo, o contexto peculiar do futuro estado de Israel potenciou os roles históricos do hebreo como lingua identitaria e como lingua franca ocasional (p.e. nos mercados).

Sexa como for, en contra das opinións dos lingüistas españois (p.e. Mendivil 2003/2004, 2007, 2008), a excepcional revernacularización do hebreo como lingua de Israel demostra que, mesmo unha lingua sen falantes «nativos», pode, se houberse unha decidida vontade política e colectiva de que así ocorrese, recuperar a súa condición de «lingua natural» (isto é, de lingua oral habitual).

Neste sentido, o *criterio da vitalidade* (unha das versións posibles do criterio demolingüístico) tampouco é determinante á hora de discriminar entre linguas e dialectos pois é evidente que un idioma «vivo» nun momento dado (isto é, con máis ou menos falantes «espontáneos») pode perder eses usuarios co paso do tempo (p.e. o latín) e ao revés (isto é, un idioma pode pasar de «morto» ou «durminte» a «vivo»; p.e. o sánscrito).

En definitiva, se unha variedade lingüística cun só falante (p.e. o klamath), e mesmo sen falantes (p.e. o hebreo), pode ser ou devir en lingua e, pola contra, se outro idioma con millóns de falantes pode ser considerado un dialecto (p.e. o curdo), na liña de Stephen May (2001: 146), semella lóxico concluír que o número de falantes non é tan relevante como o tipo de usuarios, as razóns do seu uso e a presenza ou ausencia dunha vontade política de apoio.

Por último, desde o enfoque da SLC, cómpre mencionar que, sen dúbida, o criterio demolingüístico serviu, outra volta, para a glorificación do español como único idioma digno da categoría de «lingua en sentido estricto» e, asemade, para a denigración das restantes variedades lingüísticas periféricas do estado español á condición de «linguas minoritarias» (implicitamente, de dialectos).

Neste caso, a iconización do «escaso» número de falantes dos idiomas periféricos do estado español en oculta comparación coa extrema discreta dos

centos de millóns de usuarios de español no mundo foi o hábil argumento con que os lingüistas españois lograron revestir o criterio demolingüístico dunha aparencia de principio obxectivo, científico, aséptico e neutral.

Sen dúbida, así como esta argucia discursiva permitiu minorizar ás linguas de tamaño medio do estado español (catalán, galego, valenciano e vasco) no rol de «linguas débiles, veciñais, minoritarias, etc.», así tamén os lingüistas españois manipularon o criterio da vitalidade co obxectivo de presentar ao resto de idiomas periféricos (nomeadamente, o aragonés) como idiomas sen falantes «naturais» (isto é, sen usuarios espontáneos) e, por conseguinte, fóra da xerarquía inequívoca de linguas (como moito, serían unha sorte de «linguas mortas»).



## 6. CONCLUSIÓNS

Como vimos ao longo deste traballo, tres foron os criterios habitualmente empregados pola lingüística tradicional no labor de individualización de linguas: 1º) o criterio lingüístico-estrutural, 2º) o criterio da intelixibilidade/inintelixibilidade mutua e 3º) o criterio histórico-xenético.

En esencia, segundo o criterio lingüístico-estrutural, un idioma (p.e. o español) sería lingua se, en sincronía, posúise unha elevada autonomía lingüística, e, de non ser así (p.e. o murciano), sería un dialecto (sincrónico-estrutural).

En segundo lugar, segundo o criterio da intelixibilidade mutua, un idioma (p.e. o vasco) sería lingua se, sen aprendizaxe previa, fose inintelixible con outras variedades lingüísticas, e, de non ser así (p.e. o murciano), sería un dialecto.

En terceiro lugar, de acordo co criterio histórico-xenético, un idioma sería dialecto daqueloutra variedade lingüística da cal podemos demostrar que deriva xenética e historicamente. Así, por exemplo, pois o aragonés descende xenética e historicamente do latín, este idioma sería un dialecto (histórico-xenético) do latín.

Agrupados, ou non, baixo o epígrafe de criterio da distancia (lingüística, da intelixibilidade mutua e xenética), alén destes tres criterios primarios, a lingüística tradicional empregou a maiores estoutros tres criterios secundarios na individualización de linguas: 1º) o criterio da escritura, 2º) o criterio normativo e 3º) criterio da tradición literaria.

Segundo o primeiro destes tres criterios secundarios, un idioma sería lingua se posúise escritura (p.e. o español) e, de non ser así (p.e. o monchak), sería un dialecto. Alén disto, de acordo coa «versión forte» deste mesmo criterio, un idioma (p.e. o leonés) sería dialecto se carecese dunha tradición gráfica consolidada e/ou se presentase unhas prácticas gráficas relativamente difusas (isto é, con evidentes diverxencias internas). Correlativamente, un idioma sería lingua se contase cunha tradición gráfica consolidada e se posúise un sistema gráfico focalizado (é dicir, con contadas ou nulas diverxencias internas).

En atención ao segundo destes criterios secundarios, un idioma sería lingua se tivese unha variedade estándar propia (p.e. o español) e, se non fose deste xeito (p.e. o murciano), sería un dialecto. Igualmente, segundo a versión «forte» deste mesmo criterio, un idioma (p.e. o aragonés) sería dialecto se a súa variedade modelo carecese de plena cohesión interna.

Por último, segundo o terceiro destes tres criterios secundarios, un idioma sería lingua se tivese literatura (p.e. o español) e, no caso contrario, sería un dialecto (p.e. o murciano). No ronsel do acontecido cos anteriores criterios secundarios, a versión «forte» deste criterio unicamente outorgaría a xerarquía de lingua a un idioma se este posuise unha gloriosa e consolidada tradición literaria (na práctica, homologable a unha das grandes linguas; p.e. ao español).

Á parte dos criterios primarios e secundarios, entre os varios criterios ocasionais que empregou a lingüística tradicional, neste traballo dedicamos especial atención á análise do criterio demolingüístico e do criterio político.

De acordo co primeiro principio, un idioma sería lingua se contase con moitos falantes (p.e. o español) e, pola contra, se tivese un número reducido de usuarios, sería un dialecto (p.e. o leonés). Por súa vez, segundo o criterio político, un idioma (p.e. o español) sería lingua no caso de que ao longo do seu periplo vital sometera a outras variedades lingüísticas.

En resumo, de acordo coa lingüística tradicional, un idioma (p.e. o español) sería «lingua en sentido estrito» (ao cabo, un prototipo de lingua) se posuise unha elevada autonomía lingüística, o recoñecemento histórico de lingua, escritura, unha variedade estándar (sen diverxencias internas), tradición literaria, moitos falantes, unha tradición histórica dominante e, por último, fose inintelixible con outras variedades lingüísticas. Pola contra, un idioma (p.e. o leonés) non sería «lingua en sentido estrito» (dá igual, como lle chamásemos: dialecto, argot, xerga, idioma, etc.) se non cumprise con todas, con algunhas ou cunha soa das devanditas esixencias.

Resumido até agora o enfoque tradicional da dicotomía lingua-dialecto, cómpre lembrar agora as aporías detectadas pola SLT nos devanditos principios.

Vaia por diante que, se todos os idiomas do estado español, agás o castelán estándar, ora pola totalidade dos criterios mencionados (p.e. o leonés), ora por varios daqueles principios (p.e. o galego e vasco), ou ben en atención a un único criterio (p.e. o catalán), poderían ser excluídos da xerarquía inequívoca de lingua (insistimos, dá igual a exo-etiqueta que empreguemos: dialecto, xerga, patois, neo-lengua, lingua artificial, etc.), bótase de ver que estamos ante unha clasificación taxonómica das variedades lingüísticas do estado español, cando menos, problemática no sentido de que, ao cabo, reduciríamos a diversidade lingüística do estado español á proporción dunha única lingua (o español estándar) acompañada por moitos dialectos (aragonés, asturiano, leonés, galego, etc.).

Polo xeral, no que toca ao criterio da distancia (lingüística, xenética e da intelixibilidade), a SLT coloca o foco no carácter convencional e relativo deste principio cando explora toda a problemática derivada deste criterio.

Concretamente, no tocante ao criterio lingüístico-estrutural, a SLT insiste unha e outra vez nos problemas teóricos e prácticos derivados da natureza convencional e relativa deste principio en tanto que, pois non podemos fixar un grao mínimo/máximo de autonomía lingüística que delimite dun xeito obxectivo, neutral e universal a estrema entre lingua e dialecto, ao cabo, sería sempre o lingüista quen, segundo o seu arbitrio, ben individualmente, ben colectivamente, ditaminaría se un idioma concreto sería lingua ou dialecto.

Por exemplo, así como o asturiano daría inequivocamente en lingua se os lingüistas fixaran convencionalmente o límite entre dialecto e lingua no escaso grao de autonomía lingüística que singulariza o montenegrino fronte ao serbio e do mesmo xeito que o español sería un dialecto se os investigadores elevasen esa mesma estrema até o elevado nivel de distancia estrutural que individualiza cada unha das chamadas variedades dialectais chinesas verbo dos seus idiomas «irmáns», así tamén, o asturiano e o español mudarían o devandito estatuto lingüístico inicial (de lingua a dialecto e viceversa) se o elevado grao de autonomía lingüística esixido previamente ao español e o reducido nivel de autonomía lingüística demandado ao asturiano para seren un e outro linguas, marcasen agora, respectivamente, o linde convencional entre lingua e dialecto.

A maiores, con independencia do punto concreto do continuo entre a semellanza e a desemeallanza lingüística absolutas onde colocásemos arbitrariamente a estrema entre lingua e dialecto (p.e. nun 25 % de autonomía lingüística), deberíamos ter presente que, pois a autonomía lingüística non é unha relación transitiva (pode ser escasa/elevada entre *a* e *b* e entre *b* e *c* mais non tan escasa/elevada entre *a* e *c*), a adscrición dun idioma dado a un dos dous termos da taxonomía lingua-dialecto en función do devandito límite discreto, podería mudar se trocásemos o referente comparativo na medida en que, evidentemente, podería flutuar o nivel de distancia estrutural rexistrado entre idiomas.

Precisamente, ao fío destas e doutras matizacións, a SLT insiste en que, se un idioma pode ser lingua malia a súa «escasísima» autonomía lingüística (p.e. o monegasco, o montenegrino, etc.) e ao revés (p.e. as variedades dialectais chinesas, os dialectos italianos, etc.), o grao de autonomía lingüística dun idioma (sexa este maior ou menor) non importa tanto en por si como en función da visión que del teñan os falantes propios e alleos.

Á marxe dos casos concretos, a SLT recalca que, se os falantes dun idioma concreto (p.e. do montenegrino) contemplan os trazos lingüísticos específicos da súa propia fala (por poucos que estes sexan) como «marcas» dunha lingua de seu e non como simples «erros» ou «desvíos» verbo doutra norma

modélica superior (no caso mencionado, do estándar serbio), dificilmente, eses mesmos falantes aceptarían de bo grao unha exo-etiqueta como dialecto (ou calquera outra etiqueta equivalente: argot, xerga, patois, idioma veciñal, etc.) en tanto que o devandito epígrafe atendería exclusivamente ao punto de vista do grupo social e lingüístico dominante. Igualmente, se os falantes dun idioma dado estivesen convencidos de que os trazos específicos da súa fala son «erros» ou «desvíos» dunha norma modélica superior (p.e. os falantes máis anciáns do aragonés), raramente, reivindicarían o estatuto de lingua para a súa propia variedade lingüística.

Xa que logo, desde o punto de vista da SLT, pois o grao de autonomía lingüística dun idioma adquire saliencia (p.e. no monegasco), ou non (p.e. nos «dialectos» italianos), entre os falantes do idioma correspondente en función das circunstancias extralingüísticas (políticas, sociais, económicas, culturais, etc.) que enmarcan a fala en cuestión, será mester ter en conta a visión dos falantes á hora de individualizarmos linguas.

Igualmente, verbo do criterio da intelixibilidade/inintelixibilidade, a SLT destaca o carácter gradual deste principio como causa esencial das súas dificultades teóricas e prácticas en tanto que, pois tampouco podemos fixar un nivel mínimo e universal de intelixibilidade/inintelixibilidade mutua que estreme científica e obxectivamente o límite entre lingua e dialecto, ao cabo, sería, outra volta, o lingüista quen determinaría se un idioma concreto sería lingua ou dialecto. Sen dúbida, en tanto que a comprensión entre falantes sempre se sitúa nalgún punto intermedio entre a intelixibilidade e inintelixibilidade absolutas, segundo puxeramos o acento na intelixibilidade ou inintelixibilidade parcial entre dúas variedades lingüísticas (p.e. entre aragonés e castelán estándar), sempre poderíamos argumentar en favor, ou en contra, da condición de lingua de calquera fala (p.e. do aragonés).

Por suposto, alén de que o grao de intelixibilidade/inintelixibilidade pode flutuar en función das variedades lingüísticas que comparemos entre si (p.e. non será igual entre galego e portugués que entre galego e inglés) e de que, desta volta a diferenza do acontecido co criterio da distancia lingüística, pode aumentar nunha dirección do acto comunicativo e diminuír na contraria (p.e. pode ser maior de *a* para *b* do que ao contrario), tamén sucede que o nivel de intelixibilidade/inintelixibilidade entre variedades lingüísticas non é completamente alleo ás circunstancias extralingüísticas en que operan esas mesmas falas.

Así, por exemplo, do mesmo xeito que as circunstancias sociolingüísticas que rodean o noruegués, sueco e dinamarqués determinaron que os seus falantes respectivos colocaran nun segundo plano a intelixibilidade mutua

entre estes tres idiomas e, por conseguinte, pensaran nas súas falas respectivas como linguas de seu, así tamén, os condicionantes políticos, económicos, sociais, etc., que circundan aos chamados dialectos de Italia provocaron que os seus falantes pasaran por alto a inintelixibilidade destas variedades lingüísticas co italiano estándar e que, deste xeito, aceptaran o histórico enfoque destas falas como dialectos do italiano estándar.

De novo, a SLT coloca o foco sobre as circunstancias extralingüísticas (políticas, económicas, históricas, sociais, etc.) que condicionan a visión dos falantes sobre a intelixibilidade/inintelixibilidade das súas falas con respecto a outras variedades lingüísticas.

Por súa vez, con respecto ao criterio histórico-xenético, de acordo co enfoque da SLT, podemos afirmar que os lingüistas españois lograron fosilizar os idiomas periféricos do estado español na condición de dialectos sincrónico-estruturais dos seus respectivos devanceiros lingüísticos (isto é, no estatuto de dialectos no sentido máis tradicional do termo) grazas á habil estratexia lingüístico-discursiva de validar en sincronía o uso técnico do termo dialecto nun sentido histórico-estrutural.

Evidentemente, mercé a esta hábil operación, unha vez que os idiomas periféricos pasaron de dialectos nun sentido histórico-estrutural a dialectos en sincronía, estas mesmas variedades lingüísticas puideron ser reformulados como partes (é dicir, como idiomas parciais), ora daquel idioma estruturalmente máis próximo en sincronía (p.e. o galego do portugués), ora daquel idioma do cal dependesen normativa e funcionalmente (p.e. o galego do español), ou ben por ambas as dúas cousas á vez (p.e. o asturiano do español).

No tocante ao criterio da escritura, a SLT declara que tampouco a presenza/ausencia de escritura é un criterio válido á hora de discriminar entre linguas e dialectos porque, entre outras razóns, se lle negamos a condición de lingua a un idioma por carecer de escritura ou dun sistema gráfico focalizado, estaríamos a caer no absurdo de pór en dúbida a xerarquía de lingua de moitos dos idiomas actuais (se cadra, do 75 %) e, mesmo, das grandes linguas de cultura modernas en tanto en que houbo un tempo en que todos estes idiomas eran ágrafos (non poucos, até o século XIII) ou carentes dun sistema gráfico focalizado (moitos deles, até o século XVIII).

Verbo do criterio normativo, a SLT opina que a presenza/ausencia dunha variedade estándar tampouco discrimina con obxectividade entre linguas e dialectos porque, alén de que pode haber linguas sen unha gramática, un dicionario e un prontuario ortográfico (ao cabo, sen variedades estándar; p.e. as linguas ágrafas actuais) e linguas con máis dunha variedade estándar (p.e. o noruegués), todas as linguas de cultura actuais careceron, durante un

tempo, dunha variedade estándar (como pouco, até o século XII) e, durante aínda máis séculos, dunha variedade modelo focalizada (é dicir, con contadas diverxencias internas).

Na mesma liña, con respecto ao criterio literario, a SLT considera que a presenza/ausencia de literatura tampouco é un principio definitivo na individualización de linguas porque, ao fío do acontecido co criterio da escritura e co criterio normativo, alén de que sabemos de linguas sen unha gloriosa tradición literaria escrita (p.e. o asturiano), e, mesmo, sen literatura escrita (p.e. os idiomas ágrafos), nunha lectura ao pé da letra deste criterio, cabería a opción de etiquetar como dialectos todas as grandes linguas de cultura actuais (p.e. ao español estándar) porque, alén de que houbo un tempo en que carecían de literatura escrita, os seus respectivos períodos áureos aínda se demoraron uns cantos séculos máis.

A maiores, no tocante ao criterio demolingüístico, a SLT tamén nega categoricamente a validez deste principio porque, á parte de que hai linguas sen falantes «naturais» (p.e. o latín), cun único falante (p.e. o Klamath), con dous falantes (p.e. o lardil), con millóns de falantes (p.e. o galego), e así, sucesivamente, até máis de mil millóns de falantes (p.e. o chinés), así mesmo, por unha banda, podemos «resucitar» unha lingua sen falantes «naturais» (p.e. o hebreo), e, pola outra, un número ben elevado de falantes (ás veces, millóns; p.e. o spanglish) tampouco garante a xerarquía de lingua.

Por finalizar, con respecto ao criterio político, a SLT asegura rotundamente que este criterio tampouco permite discriminar obxectivamente entre linguas e dialectos porque, así como todos os idiomas adquiren unha dimensión dominante cando se desenvolve no seu interior unha variedade modelo, ao cabo, a natureza dominante ou dominada dun idioma dentro e fóra dun estado-nación concreto (p.e. o español) depende de factores políticos (isto é, do apoio, ou non, dun centro político estatal).

Agora ben, con non seren poucas as obxeccións que a SLT lle apuxo á concepción tradicional da dicotomía lingua-dialecto, bótase de ver que os (socio)lingüistas tradicionais sempre operaron coa convicción de que esta taxonomía era esencialmente válida e operativa sempre e cando se incorporasen criterios extralingüísticos e sempre e cando estes últimos (p.e. a consciencia idiomática autónoma) primasen sobre os criterios exclusivamente lingüísticos (p.e. unha elevada autonomía lingüística).

Con todo, se ben os máis dos (socio)lingüistas tradicionais coincidiron na percepción da necesidade dunha sorte de «posta ao día» da taxonomía lingua-dialecto pola vía da incorporación de criterios extralingüísticos e da promoción destes últimos sobre os principios estritamente lingüísticos, men-

tres uns investigadores (polo xeral, aqueles máis comprometidos coa defensa da xerarquía de lingua dos seus propios idiomas) primaron o criterio da presenza/ausencia dunha consciencia idiomática autónoma sobre todos os restantes principios, outros sociolingüistas (polo xeral, aqueles máis preocupados pola elaboración de taxonomías obxectivas e universais) fixeron da presenza/ausencia de subordinación funcional e normativa o criterio decisivo.

Sexa como for, dado que a SLT sempre operou guiada polo propósito de transformar a tradicional dicotomía lingua-dialecto nunha taxonomía universal quen de discriminar obxectivamente entre linguas e dialectos, cómpre recoñecer que os artifices do chamado modelo relativístico (nomeadamente, Josep. 1982-2006, Montes 1980-1996 e Muljačić 1990-2004) deron un «paso de xigante» nesa dirección cando definiron as linguas como idiomas pleni-funcionais (isto é, aptos para todas as funcións comunicativas), autonormativos (é dicir, que se ditan a si mesmos as normas de corrección lingüística) e polisistemáticos (isto é, sistemas de sistemas encabezados por unha variedade modelo) e, correlativamente, caracterizaron un dialecto como un idioma carente dalgún ou da totalidade deses trazos (ao cabo, sen plena autonomía funcional e normativa).

Fronte ao enfoque tradicional da dicotomía lingua-dialecto, o modelo relativístico posúe a indiscutible vantaxe de que coloca o foco sobre a dimensión relativa e dinámica das variedades lingüísticas. En esencia, ao igual que se recoñece que unha variedade lingüística será dialecto (con independencia do termo que ullicemos: diasistema lingüístico, modalidade lingüística, etc.) entrementes permaneza subordinada normativa e funcionalmente a unha lingua dominante (é dicir, mentres sexa un idioma parcial) e dará en lingua desde o momento en que adquira plena autonomía normativa e funcional (isto é, cando sexa un idioma pleno), igualmente, os investigadores admiten a opción do camiño contrario (isto é, de lingua a dialecto).

Segundo este punto de vista, calquera idioma, co paso do tempo e en función das positivas ou negativas circunstancias políticas, económicas, sociais e culturais circundantes, podería mudar o seu estatuto lingüístico inicial, ben *in melius* (isto é, cara á xerarquía de lingua), ben *in peius* (é dicir, cara á condición de dialecto), a través dunha etapa intermedia de semi-independencia funcional e normativa durante a cal sería, á vez, lingua, en tanto que posuiría unha variedade estándar propia quen de subordinar a un conxunto de variedades lingüísticas vernáculos (isto é, sería polisistemática), e dialecto na medida en que aínda non posuiría plena autonomía normativa e funcional.

Con todo, se ben este «novo» enfoque sociolingüístico acerta cando coloca o foco sobre a realidade indiscutible de que todas as variedades lin-

güísticas son entidades dinámicas que poden ascender de dialectos a linguas e viceversa a través dunha etapa intermedia de semi-independencia funcional e normativa durante a cal se comportan, asemade, como linguas e dialectos, en opinión da SLC, o modelo relativístico (p.e. Muljačić 1990-2004), como queira que, polo xeral (agás, talvez, Montes 1980-1996), non prestou a debida atención ao contexto sociopolítico en que se xeraron as asimetrías sociolingüísticas entre idiomas dominantes e idiomas dominados e moito menos ás estratexias lingüístico-discursivas con que a lingüística tradicional lexitimou e naturalizou esas mesmas disimetrías como taxonomías exclusivamente lingüísticas (p.e. lingua contra dialecto, lingua contra patois, etc.), ofreceu unha imaxe ben inxenua da relación entre lingua e desigualdades sociais (ao cabo, entre lingua e poder) e, polo tanto, caeu no grave erro do quietismo político (é dicir, na pasividade ante as desigualdades sociais e lingüísticas).

Como xa vimos, a SLC retrata alegoricamente a actividade discursiva da lingüística actual como unha confrontación dialéctica e ideolóxica entre un centro e unha periferia no sentido de que, así como os lingüistas ligados ás elites posuidoras do poder político, económico e social dentro de cada estado-nación xeran un discurso elitista cuxa ideoloxía oculta desexa a naturalización e a lexitimación das súas falas na xerarquía inequívoca de lingua e dos idiomas periféricos na condición de dialectos, en paralelo, os lingüistas das respectivas periferias producen un discurso igualitarista cuxa ideoloxía subxacente desexa contrarrestar o anterior discurso coa sanción científica na condición de linguas dos seus respectivos idiomas periféricos.

Neste sentido, en tanto que a SLC aspira a unha ciencia lingüística que non perpetúe as desigualdades (sociais e lingüísticas) e que, por conseguinte, colabore activamente na construción dunha sociedade máis xusta e democrática, os sociolingüistas críticos puxeron o foco sobre as ideoloxías lingüísticas, mitos lingüísticos e estratexias lingüístico-discursivas con que as elites políticas estatais lograron perpetuar o dominio social e lingüístico de cada centro sobre a súa respectiva periferia (dito doutro xeito, o *statu quo* social e lingüístico).

Sen dúbida, pois a perpetuación da hexemonía das elites políticas estatais necesitaba da troca da coerción polo consentimento (isto é, esixía o troco da imposición pola forza pola aceptación tácita do dominio e poder deselecta minoría) e, daquela, precisaba da transformación da súa interesada e partidaria cosmovisión da realidade lingüística e social nunha descrición neutra e obxectiva, esta selecta minoría política xerou un discurso público (por suposto, non só lingüístico; tamén, legal, político, económico, etc.) consagrado á presentación do mencionado dominio sociolingüístico como unha



hexemonía exclusivamente derivada da dinámica espontánea dos feitos sociais (daquela, natural e irreversible). Con todo, en realidade, a amentada hexemonía sociolingüística era consecuencia da dinámica política de centralización-periferalización xerada durante os procesos de construción dos modernos estados-nación (xa que logo, era artificial, histórica e reversible).

No tocante ao plano estritamente lingüístico, os lingüistas e colectivos aíns (profesores, editores, escritores, etc.), en tanto que parte desa selecta minoría política, produciron un discurso dominante encamiñado á naturalización e lexitimación do dominio sociolingüístico das falas das elites estatais sobre todas as restantes variedades lingüísticas periféricas dos seus respectivos estados-nación. Á marxe dos detalles, con este obxectivo, alén de ocultar os procesos de centralización-periferalización responsables tanto da elevación das falas das elites estatais á xerarquía inequívoca de lingua como da exclusión de tal condición de todas as súas correspondentes variedades lingüísticas periféricas, insistiron unha e outra vez no argumento de que as variedades lingüísticas estatais e periféricas eran, respectivamente, desde un punto de vista lingüístico ou extralingüístico (isto é; científico), superiores e inferiores por mor da dinámica espontánea dos feitos lingüísticos acaecidos xeración tras xeración de falantes.

A seguir, unha vez glorificadas as variedades lingüísticas estatais (isto é, politicamente dominantes) na xerarquía inequívoca de lingua e unha vez minorizadas as variedades lingüísticas periféricas (é dicir, politicamente dominadas) na condición de dialectos (dá igual como lles chamemos: dialecto, xerga, argot, etc.) co razoamento eufemístico de que así o ditaminara a dinámica espontánea dos feitos lingüísticos xeración tras xeración de falantes (=naturalización), unicamente as primeiras variedades lingüísticas ficaron validadas (=lexitimación) para a súa implementación (se queremos, imposición) á totalidade de cidadáns dos seus correspondentes estados-nación.

En termos de planificación lingüística, pois esta actividade discursiva desexaba a racionalización lingüística (isto é, a consecución dunha estrutura social monolingüe na variedade estándar estatal) como paso previo indispensable á racionalización estatal (é dicir, á construción dun estado moderno e eficiente), cabe afirmar que todo o discurso dominante dos ideólogos lingüísticos da lingüística e sociolingüística tradicionais traballou ao servizo da ideoloxía lingüística estándar ou do monolingüismo (ao cabo, no marco do proxecto ideolóxico encamiñado á construción dun estado-nación monolingüe na variedade estándar estatal).

Agora ben, pois é de esperar que canto máis convencidos estivesen os grupos politicamente dominados da inferioridade lingüística das súas falas

e da superioridade, tamén lingüística, das variedades lingüísticas estatais respectivas tanto máis contribuirían (por acción ou omisión) estes mesmos individuos no proceso de substitución das súas propias falas polas variedades lingüísticas dominantes, visto que se procuraba a redución da diversidade lingüística orixinal dos distintos estados-nación á proporción dunha lingua por estado segundo ditaminaba a planificación lingüística clásica ou tradicional, cumpría activar ao máximo o consentimento dos dominados para restrinxir ao mínimo a necesidade de coerción (é dicir, de imposición pola forza), ou, dito doutro xeito, era preciso avivar, tanto como fose posible, o desexo de «falar ben».

Tocante a este último parágrafo, a SLC entende que o enfoque tradicional da dicotomía lingua-dialecto foi esencial na procura do consentimento da periferia de cada estado-nación (se queremos, dos dominados) en tanto que, unha vez convencidos os grupos humanos periféricos da inferioridade estritamente lingüística das súas falas por mor da súa exclusión sistemática da xerarquía de lingua co argumento de que un, varios ou a totalidade de criterios «científicos» clasificaban inequivocamente eses idiomas como dialectos (isto é, como idiomas parciais), cada unha destas periferias ficarían moito máis predispostas para a implementación da variedade estándar estatal (agora, «lingua», «lingua común», «lingua maioritaria», etc.) por mor da súa condición incontestable de «lingua plena».

En concreto, no contexto da EFE, dado que unicamente se lle recoñeceu a categoría inequívoca de lingua ao español estándar ao tempo que se excluiron todas as restantes variedades lingüísticas periféricas do estado español desa mesma condición co discurso elitista de que así o determinaban os criterios «científicos», a SLC asegura que os textos deste grupo de lingüistas verbo das outras «linguas de España» (por extensión, sobre a dicotomía lingua-dialecto) sempre operaron ao servizo da seguinte axenda política oculta: a preservación da unidade lingüística do español estándar e, por extensión, da unidade territorial do estado español.

Certamente, os lingüistas da EFE, ávidos de presentaren o seu estado-nación como unha estrutura social monolingüe e monocultural cuxo nivel de diversidade lingüística real, malia as aparencias, encaixaba na proporción ideal deseñada polos nacionalismos decimonónicos para un estado moderno e eficiente: «unha lingua por estado», puxeron en dúbida a xerarquía de lingua de todos os idiomas periféricos do estado español co discurso eufemístico de que a ciencia lingüística e os seus criterios científicos confirmaban a exclusión de todos estes idiomas da condición de «lingua en sentido estrito».

Con palabras ben directas, desde o punto de vista da SLC, podemos afirmar que o discurso dominante da EFE, por medio da combinación das, entre outras, estratexias lingüístico-discursivas da metáfora, iconización e ocultamento, procurou sempre tanto a exclusión (=alterización) dos idiomas periféricos do estado español da xerarquía inequívoca de linguas como o estrañamento (=exotificación) destes idiomas do canon das linguas da súa contorna cultural (isto é, da cultura occidental).

En liñas xerais, estes investigadores lexitimaron e naturalizaron a alterización e exotificación dos idiomas periféricos do estado español por medio dun conxunto de textos cuxas estratexias lingüístico-discursivas enmascaraban a súa fidelidade constante á ideoloxía lingüística do monolingüismo (isto é, ocultaban a súa coherencia ideolóxica) baixo a aparencia de submisión permanente aos principios da ciencia lingüística (é dicir, de coherencia científica). Certamente, pois estes lingüistas procuraban subrepticamente a confirmación da imaxe ideolóxica do estado español como un territorio inequivocamente monolingüe cuxa única lingua, o español, dominaba sobre un grupo de dialectos (ao cabo, todos os restantes idiomas), o seu discurso elitista insistiu unha e outra vez no argumento de que, desde un punto de vista estritamente científico, técnico, neutral e lingüístico, agás o castelán, todos os idiomas ficaban fóra (=alterización) da xerarquía inequívoca de lingua e, ademais, todos eles, en maior (p.e. o vasco) ou menor (p.e. o catalán) medida, estaban lonxe (=exotificación) do canon das grandes linguas europeas

En concreto, no tocante ao criterio lingüístico-estrutural, grazas á estratexia lingüístico-discursiva da iconización da similitude estrutural (ou, se queremos, por medio do *ocultamento* da súa autonomía lingüística) dos idiomas periféricos do estado español, ben co propio español estándar (no caso do asturiano, leonés e aragonés), ben con algún outro idioma (nos casos do aranés, galego e valenciano co gascón, portugués e catalán, respectivamente), os lingüistas españois lograron aparentar que, desde un punto de vista estritamente científico, todas estas variedades lingüísticas non eran «linguas en sentido estrito» por mor da súa escasa autonomía lingüística. Pola mesma, no tocante ao español, ante a evidente similitude estrutural deste idioma co portugués padrón, actuaron do xeito exactamente contrario: iconizaron a autonomía estrutural do español e ocultaron a semellanza lingüística coa lingua lusa.

Agora ben, así como no caso do aragonés, asturiano e leonés os lingüistas españois afirmaron abertamente que estes tres idiomas eran dialectos (sincrónico-estruturais) do español estándar por mor da súa suposta reducida autonomía lingüística verbo desta última lingua, polo xeral, estes mesmos investigadores non foron tan explícitos na minorización do aranés, galego e

valenciano na condición de dialectos (sincrónico-estruturais) do, respectivamente, gascón, portugués e catalán.

Polo común, moi probablemente porque o aranés, o galego e o valenciano non figuraban nos mapas dialectais mentais e na ideoloxía do sentido común dos potenciais lectores dos textos da EFE entre os dialectos inequívocos do español estándar, estes lingüistas iconizaron a semellanza estrutural destes idiomas co, respectivamente, gascón, portugués e catalán coa pretensión de que se dese por certo o seguinte ditame implícito e preestablecido: desde un punto de vista estritamente científico e á marxe de manipulacións ideolóxicas, aranés, galego e valenciano son dialectos (sincrónico-estruturais) dos idiomas enriba mencionados.

Verbo do criterio da intelixibilidade mutua, por medio da iconización da suposta intelixibilidade mutua absoluta entre os idiomas periféricos do estado español e o español estándar (no caso do asturiano, aragonés e leonés) ou con algún outro idioma (no caso do aranés, galego e valenciano, co gascón portugués e catalán, respectivamente), os lingüistas españois lograron aparentar que este criterio tamén certificaba a exclusión de todos os idiomas mencionados da condición de «linguas en sentido estrito» visto que todos eles eran intelixibles con algún outro idioma (á derradeira, co español, portugués ou catalán).

Agora ben, así como a manipulación ideolóxica dos criterios da distancia lingüística e da intelixibilidade mutua seguiu, en liñas xerais, idéntico patrón cos idiomas do estado español pertencentes ao continua xeolectal románico (en esencia, co aragonés, aranés, asturiano, leonés, galego, valenciano e catalán), dada a incontestable autonomía lingüística e inintelixibilidade do vasco con calquera outro idioma, os lingüistas españois non tiveron outra opción que reforzar as anteriores estratexias lingüístico-discursivas co obxectivo de que a «ciencia» viñese confirmar, tamén, a exclusión deste idioma da condición incontestable de lingua.

Esquemáticamente, o discurso eufemístico ensaiado con este idioma podería presentarse máis ou menos así: os lingüistas españois iconizaron a suposta elevada autonomía lingüística e inintelixibilidade mutua entre as «múltiples» falas locais vascas coa finalidade de que os potenciais lectores dos seus textos concluísen que, pois había inintelixibilidade e unha excesiva distancia lingüística entre todas as variedades lingüísticas deste idioma (máis de oito!), desde o punto de vista dos criterios da distancia e da inintelixibilidade lingüística, o vasco tampouco era unha «lingua en sentido estrito».

Agora ben, dado que, outra volta, a ideoloxía do sentido común (dito doutro xeito, a percepción popular sobre as variedades lingüísticas do estado

español), os mapas dialectais mentais e a propia tradición da filoloxía xogaban en contra da alterización do vasco, os lingüistas españois reforzaron a devandita exclusión do grupo de «linguas en sentido estrito» coa denominación (=exo-etiqueta) de «lingua cómplex» coa evidente intención de colocar o vasco dentro dese grupo de idiomas que, para un europeo, son tan «exóticos e extravagantes» (=exotificación) como o chinés, o hindi-urdu e o árabe.

No tocante ao criterio histórico-xenético, os lingüistas españois, así como nunca puxeron en dúbida a xerarquía de lingua do español moderno por mor da súa condición técnica de dialecto (histórico-estrutural) do latín e por causa da súa histórica subordinación funcional e normativa a ese mesmo idioma, pola contra, fosilizaron os idiomas periféricos do estado español na condición de dialectos (histórico-estruturais) do latín ou dalgún outro idioma coa escusa discursiva de que, pois os seus respectivos falantes, xa na Idade Media, aceptaran «libremente» a súa subordinación normativa e funcional a unha lingua dominante (primeiro, ao latín, e, logo, a seguir, polo xeral, ao español estándar) e, por conseguinte, non xeraran «espontaneamente» unha variedade modelo de seu, estes idiomas nunca deron en linguas naturais ou linguas históricas (é dicir, en «linguas en sentido estrito»). Xa que logo, na actualidade, estes idiomas deberían ser clasificados, no mellor dos casos, como dialectos históricos, dialectos arcaicos, etc., ou con calquera destoutras denominacións ou exo-etiquetas: linguas artificiais, linguas inventadas, linguas recreadas, linguas imaxinadas, diasistemas lingüísticos históricos, koinés artificiais, variedades artificiais, argots ou neolinguas.

